



ESTUDIOS MIGRATORIOS

Nº. 11-12 [xuño-decembro]
2001

ISSN 1136-0291



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

ESTUDIOS MIGRATORIOS

Nº. 11-12
[xuño-decembro] 2001



© Consello da Cultura Galega
Arquivo da Emigración Galega

Pazo de Raxoi, 2ª planta
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202
Fax: 981 957 205
Enderezo electrónico:
aemigracion@consellodacultura.org
Web: <http://www.consellodacultura.org>

Proxecto Gráfico:
Manuel Janeiro

Traducción:
Carla Fernández-Refoxo

Realización:
Lúdica 7

ISSN: 1136-0291
D.L.: C-2246-2003

EDITORES

Xosé Ramón Barreiro Fernández
Pilar Cagiao Vila
Xosé Manoel Núñez Seixas
Alexandre Vázquez González

SECRETARIO EDITORIAL

Marcelino Fernández Santiago

CONSELLO CIENTÍFICO

Luis Alonso. *Universidade da Coruña*
Rafael Anes. *Universidad de Oviedo*
Joaquín Arango. *Universidad Complutense de Madrid*
María I. Baganha. *Universidade de Coimbra*
Samuel L. Baily. *University of Rutgers*

Anna Cabré. *Universitat Autònoma de Barcelona*
Fernando Devoto. *CEMLA, Buenos Aires*
Antonio Eiras Roel. *Universidade de Santiago de Compostela*
Antonio Macías. *Universidad de La Laguna*
Jordi Maluquer de Motes. *Universitat Autònoma de Barcelona*
José C. Moya. *University of California, Los Angeles*
Jordi Nadal. *Universitat de Barcelona*
Vicente Peña Saavedra. *Universidade de Santiago de Compostela*

Vicente Pérez Moreda. *Universidad Complutense de Madrid*
David S. Reher. *Universidad Complutense de Madrid*
Nicolás Sánchez-Albornoz. *New York University*
Blanca Sánchez Alonso. *Universidad San Pablo-CEU*
Ercole Sori. *Università di Ancona*
Pilar de Torres. *Universidade de Santiago de Compostela*
Ramón Villares Paz. *Universidade de Santiago de Compostela*
Carlos Zubillaga. *Universidad de la República, Montevideo*

ESTUDIOS MIGRATORIOS

9-10 A XEITO DE INTRODUCCIÓN

ESTUDIOS

- 13-52 XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS
Emigración transoceánica de retorno e cambio social na Península Ibérica: algunhas observacións teóricas en perspectiva comparada
- 53-74 CARINA FRID
Mobilidade transatlántica e circuitos migratorios: perspectivas analíticas e problemas metodolóxicos das migracións de retorno dos españois dende Arxentina (1880-1930)
- 75-93 ELDA GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Desanda-lo andado: problemas que formula o estudio do retorno dos emigrantes españois ó Brasil
- 95-121 FRANCISCO ERICE SEBARES
Retorno e retornados da emigración asturiana a América: mitos, estereotipos e realidades
- 123-140 FERNANDO CARNERO LORENZO
Capital indiano e crecemento económico en Canarias, 1850-1936. Unha primeira aproximación
- 141-168 ÀNGELS SOLÀ PARERA
Os “americanos” cataláns e o seu impacto económico en Cataluña ó longo do século XIX

- 169-192 MIGUEL CABO VILLAVERDE
Os "americanos" e o movemento agrarista (1900-1936)
- 193-232 RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ
Retornados e cambio social no noroeste ourensán
- 233-254 BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ
Os "retornados de acción" en Ferrolterra (1904-1936)
- 255-278 ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
Os investimentos do retorno como factor de dinamización socioeconómica na Galicia dos últimos anos
- 279-302 ÓSCAR ÁLVAREZ GILA
Emigrantes e americanos na literatura popular en lingua vasca
- 303-317 DOLORES VILAVEDRA
A emigración galega a Arxentina na narrativa galega
- 319-335 ANTONIO GARRIDO MORENO
A imaxe arquitectónica dos indianos galegos
- 337-346 MANUEL GONZÁLEZ
Aproximación ás imaxes do indiano no cinema español
- 347-361 BEATRIZ RUIZ
Relatos de retorno: imaxes dun calidoscopio

INTRODUCCIÓN

A XEITO DE INTRODUCCIÓN

O conxunto de estudos que o lector pode atopar a seguir recollen os relatorios presentados no congreso *Perspectivas sobre a emigración de retorno en Galicia e España*, celebrado baixo os auspicios do Arquivo da Emigración Galega na sede compostelá do Consello da Cultura Galega os días 29 e 30 de xuño e 1 de xullo de 2000. Tratouse do primeiro coloquio que, no ámbito ibérico, tentou contrastar teorías e experiencias empíricas sobre a emigración de retorno con aplicación preferentemente historiográfica, pero sen descoida-la análise dos fenómenos actuais. Con todo, aspectos importantes coma o actual retorno continuado de emigrantes galegos asentados na Arxentina e Uruguai a Galicia, ou dos seus fillos e netos, ficaron sen tratar nestas xornadas.

As diferentes perspectivas de análise que aquí se achegan tentan así mesmo reflecti-lo estado actual dos estudos sobre o retorno nos diversos territorios do Estado español, para o que nós mesmos tentamos establecer unha serie de consideracións xerais. Combínanse así as perspectivas locais e rexionais dos casos asturiano, canario e catalán, como mostran os relatorios de Francisco Erice (Universidad de Oviedo), Fernando Carnero (Universidad de La Laguna) e Àngels Solà (Universitat de Barcelona), coas máis globais propias da visión dos países de acollida, como ben amosan neste último caso as contribucións de Carina Frid (CEHIPE, Rosario) e de Elda González (CSIC, Madrid). Se no primeiro artigo a atención se centra de xeito preferente no impacto dos retornados no eido económico e social, ben a través das súas remesas ou ben a través da súa axencia individual como actores económicos, no segundo téntanse abrir vieiros para analiza-la lóxica microsocial e microeconómica dos retornos, en relación con factores como a emigración estacional, as dinámicas da mobilidade social dos emigrantes nos puntos de destino ou a información de que se dispón á hora de estrutura-las estratexias migratorias individuais e familiares.

Un segundo bloque de relatorios céntrase especificamente no caso galego, abranguendo estudos microhistóricos sobre a axencia individual e colectiva dos retornados en zonas periurbanas como Ferrolterra (Bernardo Máiz) ou o noroeste ourensán (Raúl Soutelo), ou ben a súa incidencia sobre o movemento social sobranceiro da Galicia de anteguerra, como foi o agrarismo (Miguel Cabo, USC). Pola súa parte, Román Rodríguez (USC) achégase ó impacto dos inmigrantes galegos retornados dende a década de 1970. As dinámicas xerais debulladas no primeiro bloque de artigos vense

aquí matizadas e complementadas pola riqueza prosopográfica e hermenéutica que permite a redución da escala. E, igualmente, arrequecen notablemente o xa coñecido sobre o impacto xeral da emigración de retorno no noso país.

Un terceiro bloque, consonte a opinión cada vez máis estendida de que o estudio das migracións non se detén nas análises demográficas ou económicas, vén dedicado ó impacto simbólico da emigración de retorno, nun terreiro tan vizoso e tan influente na conformación das actitudes individuais e colectivas como é o das imaxes e estereotipos. Así o mostra Óscar Álvarez Gila (Euskal Herriko Unibertsitatea) amosando a pegada da emigración na literatura popular en éuscaro, un corpus tan rico como adoito desatendido pola historiografía. E amósano igualmente os diversos estudos dedicados ó impacto da inmigración en Galicia: na literatura, neste caso sobre todo a alta literatura (Dolores Vilavedra, USC); nas construcións arquitectónicas, as famosas *casas de indianos* (Antonio Garrido, USC); no cinema e no audiovisual en xeral, como mostra Manuel González; ou, finalmente, axexando nos imaxinarios sociais mediante a esculca de fontes orais e testemuños (Beatriz Ruiz, UNED).

En definitiva, agardamos con este número duplo monográfico de *Estudios Migratorios* contribuírmos, sequera un chisco, a profundar e avanzar nas análises feitas ata o de agora sobre a emigración de retorno en Galicia e España, alén de visións tópicas recorrentemente repetidas. Agora é a vez do lector.

Xosé M. Núñez Seixas

ESTUDIOS

EMIGRACIÓN TRANSOCEÁNICA DE RETORNO E CAMBIO SOCIAL NA PENÍNSULA IBÉRICA: ALGUNHAS OBSERVACIÓNS TEÓRICAS EN PERSPECTIVA COMPARADA

Xosé M. Núñez Seixas

MARCOS E MODELOS TEÓRICOS PARA O ESTUDIO DA EMIGRACIÓN DE RETORNO

A emigración de retorno constitúe un dos aspectos menos pescudados dentro do multidimensional fenómeno migratorio, tanto dende a historia como dende outras ciencias sociais. Con todo, o panorama existente, aínda que non moi abondoso, permite trazar unha serie de liñas interpretativas e de constantes metodolóxicas.

A pescuda dende as ciencias sociais concentrouse preferentemente, dende os anos 60, no eido da socioloxía, analizando mediante enquisas, entrevistas orais e análises cuantitativas os comportamentos dos emigrantes retornados tanto de América como da Europa central e nórdica. Pero tamén se produciron importantes contribucións historiográficas, malia que a súa entidade dentro do total dos estudos dedicados á emigración de retorno en conxunto continúa a ser relativamente reducida. En xeral, en tódolos estudos sobre emigración de retorno preténdese responder a unha cuestión básica: ¿foron os retornados un factor de innovación e modernización ou, pola contra, de reacción e estancamento para os seus países de orixe? Iso levou sobre todo a formular tres problemáticas interrelacionadas:

a) Cal foi a suma total ou chegada, a distribución sectorial e mailo influ-xo na estrutura económica do país de orixe dos recursos económicos adquiridos polos emigrantes en América (a cuestión adoito denominada das *remesas*);

b) A medida en que a experiencia migratoria contribuíu a accelera-los procesos de mobilidade social dos retornados e polo tanto da sociedade en que se reintegraron;

c) Se os retornados se constituíron en axentes de renovación política, cultural e social, e moi especialmente cal foi a relación entre participación político-social e mobilización social no país de orixe e experiencia emigrato-

ria, así como a introducción de novos hábitos sociais no eido das mentalidades colectivas e vida cotiá. Ámbitos de atención preferente destes estudos foron en xeral as áreas rurais.

Nos tres aspectos, as investigacións existentes dende os primeiros traballos aparecidos nas décadas de 1950 e 60 amosan un panorama de gran variedade por países e sociedades de destino, e, polo tanto, por rexións e áreas concretas dentro dos diferentes estados¹.

A cuestión das remesas foi obxecto de ampla atención tanto na historiografía italiana como na anglosaxona e na centroeuropea. Dado que se trata dun aspecto estatisticamente medible ou, cando menos, estimable directamente, sobre todo naqueles países (Italia ou Portugal) onde existiron instancias financeiras centralizadas que canalizaron e artellaron os fluxos monetarios dende os países de orixe cara á sociedade de destino. Do seu exame comparado pódense obter polo menos as tres conclusións seguintes:

a) Os fluxos de remesas constituíron unha inxección de liquidez monetaria e de recursos adicionais que nutriron fundamentalmente a grupos domésticos familiares de rexións campesiñas de pequena propiedade e campesiñado parceiro. Polo tanto, a distribución interna desas remesas repartiuse por norma xeral en pequenas cantidades, enviadas en varias ocasións ó longo dun ciclo vital. Neste senso, dende Polonia ata Eslovaquia e o sur de Italia, os ingresos adicionais achegados polos parentes emigrados, ou mesmo polo cabeza de familia, contribuíron a consolidar historicamente réximes de pequena propiedade, a monetiza-la economía campesiña e a evita-la proletarización total do campesiñado. Como fonte de ingresos complementarios, as remesas americanas diminuíron o papel de usureiros e prestamistas e permitíronlles unha meirande capacidade de aforro e, eventualmente, de consumo

1. Uns primeiros tentos de avaliación da literatura existente sobre a cuestión, aínda que xa un pouco superados, en BOVENKERK, F. (1974): *The Sociology of Return Migration: A Bibliographic Essay*, A Haia, Mouton; ROSOLI, G. F. (1977): "L'emigrazione di ritorno: alla ricerca di una impostazione", *Studi Emigrazione/Études Migrations*, 47, 235-46; e HOERDER, D. (1982): "Immigration and the Working Class: The Remigration Factor", *International Labor and Working Class History*, 21, 28-41. Unha perspectiva xeral sobre o retorno dos emigrantes centroeuropeos, poloneses e nórdicos ós EE.UU. en WYMAN, M. (1993): *Round-trip to America. The Immigrants Return to Europe, 1880-1930*, Ithaca/Londres, Cornell UP. Deixamos fóra de consideración os numerosos estudos sociolóxicos realizados sobre os emigrantes turcos, gregos ou italianos retornados da Europa Central nos anos 70 e 80: un achegamento en KING, R. (ed.) (1986): *Return Migration and Regional Economic Problems*, Londres/Sydney/Dover, Croom Helm, ou en CAZORLA PÉREZ, J. (ed.) (1981): *Emigración y retorno. Una perspectiva europea*, Madrid, CIS.

ás familias campesiñas; e, paradoxalmente, posibilitaron a permanencia no campo destas últimas a longo prazo².

b) Do mesmo xeito, as remesas contribuíron a diversificar en termos relativos as actividades económicas, posibilitando investimentos de emigrantes e/ou de familias de emigrantes no sector terciario, sobre todo. O investimento de retornados de América, incluíndo grandes riquezas, en sectores económicos de vangarda ou de gran risco non foi o xeral, malia que se rexistraron exemplos excepcionais, catalogables de *retornado emprendedor*, en varios países. As remesas, pola contra, dedicábanse a investimentos considerados *seguros* e de baixo risco, moitas veces considerados *patolóxicos* pola ciencia económica, e ben acordes cos principios de economía moral campesiña cos que os retornados seguirían a amosarse fieis, como se ten argumentado para o caso italiano³. Isto, con todo, non empeía que o destino deses aforros americanos fose grandemente dependente das condicións económicas globais imperantes no lugar de orixe dos emigrantes e, así mesmo, das posibilidades de transmisión da información verbo de onde investir. Por norma xeral, se no país de orixe existían condicións axeitadas para o investimento en sectores industriais innovadores, ou ben no sector servicios, os capitais “americanos” seguían sen máis o camiño dos capitais europeos. Se os fluxos de remesas se dirixían fundamentalmente, como adoitaba se-lo caso, cara ás rexións de orixe dos emigrantes, zonas de economía predominantemente agraria, o destino das remesas adoitaba bambear entre tres posibilidades: a capitalización e innovación campesiña, o empréstito usurario e mailo sector servicios urbano e semiurbano. Con todo, tamén houbo intres excepcionais xeradores de ilusión colectiva –por exemplo, os fluxos de investimentos procedentes dos EE.UU. cara ós novos estados independentes de Polonia, Checoslovaquia ou cara a Lituania logo de 1918– que tamén nos advirten contra das distorsións que pode producir unha consideración meramente economicista da lóxica investidora dos actores (neste caso, dos emigrantes)⁴.

2. Para unha perspectiva integrada, vid. WYMAN, *Round-trip to Europe*, 22-45. Igualmente, CARMAGNANI, M. (1994): *Emigración mediterránea y América. Formas y transformaciones, 1860-1930*, Colombes, Archivo de Indianos, 167-81; SÁNCHEZ ALONSO, B. (1995): *Las causas de la emigración española 1880-1930*, Madrid, Alianza Ed., 57-60. Para o caso italiano, vid. o clásico VÖCHTING, F. (1951): *Die italienische Südfrage*, Berlin, Heymanns, así como SORI, E. (1980): *L'emigrazione italiana dall'Unità alla Seconda Guerra Mondiale*, Bologna, Il Mulino.

3. MASSULLO, G. (2001): “Economia delle rimesse”, en BEVILACQUA, P., DE CLEMENTI, A. e FRANZINA, E. (eds.), *Storia dell'emigrazione italiana. Partenze*, Roma, Donzelli, 161-83.

4. Vid., por exemplo, WALASZEK, A. (1998): “Polish Immigrants in the USA and their Homeland 1914-1923”, *Drus Istraz*, Zagreb, 7, 89-108.

c) Os efectos negativos das remesas podían traducirse en tensións inflacionistas, na alza do prezo da terra –por mor da maior monetización e da meirande demanda de terras– e mesmo no aumento dos prezos de produtos de primeira necesidade, pois, ó non teren que detraer tanto excedente cara ó mercado para obter ingresos monetarios, as familias campesiñas podían potencia-lo autoconsumo. Nembargantes, isto non ocorreu así en tódolos lugares. Para a área nórdica, tense sinalado por exemplo a configuración dun perfil de pequeno e mediano propietario agrario *innovador* do que a orixe estaría, precisamente, no retorno dos emigrantes americanos. Estes, reestablecidos como labregos, orientaban a súa produción cara ó mercado con novas técnicas e mellor escolma de produtos; sen que iso significase que os retornados fosen o sobranceiro axente impulsor da innovación tecnolóxica no campo⁵.

En canto ós dous últimos aspectos, isto é, mobilidade social e influencia sociopolítica, cómpre partirmos de entrada da constatación de que neste eido existe unha relativa abundancia de tipoloxías e modelos, normalmente procedentes da socioloxía e que responden ó paradigma da comprensión weberiana –é dicir, tipos ideais estáticos, sen dimensión evolutiva–. De aí que non sempre a súa aplicación retrospectiva sexa satisfactoria para o historiador. Pasemos a examinalos, de tódolos xeitos.

O sociólogo italiano Francesco Cerase, un dos primeiros analistas en aborda-lo estudio empírico da emigración de retorno dende os Estados Unidos á Italia meridional, sobre a ampla base que lle fornecía un corpus empírico de 243 entrevistas con retornados, argumentaba nas súas conclusións que a migración de retorno contribuía basicamente na conservación das estruturas sociais e de propiedade nas zonas rurais do *Mezzogiorno*. Os emigrantes só se preocupaban, durante a súa estadía nos EE.UU., de gañar abondo para poder retornar ás súas aldeas, retomar e mellora-las súas explotacións rurais, as súas casas e a posición económica das súas familias. Nembargantes, o colectivo de emigrantes retornados non era uniforme, senón que os diversos tipos de retornados gardaban unha relación directa co seu proceso de integración laboral e social na sociedade industrial e urbana á que emigraran anteriormente, co período de tempo pasado alén mar e co seu maior ou menor éxito profesional e o grao de mobilidade social acadados durante esa fase vital. Isto, pola súa vez, condicionaba a relación dos retornados fronte ó

5. Por exemplo, VIRTANEN, K. (1979): *Settlement or Return: Finnish emigrants (1860-1930) in the international overseas return migration movement*, Helsinki, Societas Scientiarum Fennica; WYMAN, *Round-trip to America*, 140-44.

ámbito de referencia social de orixe⁶. Cerase distinguía así catro tipos: 1) O retornado *fracasado*, que non puido supera-lo primeiro choque cultural e laboral nos EE.UU. e que despois dun ou dous anos volve á súa aldea de orixe, sen ter aprendido ou asimilado a penas ren da súa experiencia migratoria –da que só gardaba lembranzas visuais de grandes “marabillas” ou de grandes sufrimentos psíquicos ou físicos– e que en xeral non era identificado polos seus veciños como “americano”. 2) O emigrante do tipo *conservador*, que permaneceu uns anos na América –repartidos nunha ou varias estadías–, superou o primeiro choque laboral e cultural na sociedade de destino, atopou un traballo mellor e adquiriu unha cualificación adicional, pero que preferiu aforrar e valora-lo seu éxito social cos parámetros da sociedade de orixe no canto de optar polo consumismo e os parámetros de éxito da sociedade de acollida –camiño que leva á asimilación– e que, despois duns anos, retornou á súa aldea para establecerse definitivamente e investiu os seus aforros na adquisición ou ampliación de explotacións agrícolas, casas, algún negocio, etc. Malia algúns cambios de costumes e mentalidade, aspecto externo e hixiene corporal, e ser crítico en varios aspectos coa sociedade de orixe, convertíase nun defensor dos valores tradicionais e da *estabilidade*, e apoia sen problemas as elites rurais xa que, ante todo, estaría interesado en mante-lo seu novo status. 3) O retornado *xubilado*, que volvía á seu aldea para pasa-los últimos anos da súa vida, con toda a cantidade de experiencias e coñecementos acumulados na súa estadía americana, mais sen elos familiares nos EE.UU. Por iso, optaba por retornar, mercar unha casa cos seus aforros e vivir de rendas, sendo o seu comportamento político e social tendencialmente conservador. 4) Un último tipo é o do retornado *innovador*, quen, malia supera-lo primeiro choque cultural e laboral nos EE.UU., fixou as súas aspiracións vitais en volver ó seu lugar natal e continuar nel a súa actividade social e económica, aproveitando e aplicando os coñecementos, técnicas e experiencias adquiridas en América. Ora ben, malia as súas boas intencións e a súa vontade de cambio, estes retornados non sempre podían realizar un labor realmente dinamizador debido á oposición e ó monopolio do poder das elites rurais tradicionais. Por iso, víanse adoito obrigados a pactar cos *padroni*. Só no caso de atoparen condicións axeitadas, unha estrutura de oportunidade

6. Sobre a teoría dos “ámbitos de referencia” sociais de orixe como patróns de comportamento simbólico e de comparanza dos individuos sometidos a procesos de mobilidade social ou de contacto intercultural, vid. as clásicas elaboracións de F. BARTH: *Models of Social Organisation* (Londres, 1966) e R. K. MERTON: *Teoría y estructura sociales* (México, FCE, 1970 [1949]; 228-386).

política e social que dese alento e organización colectiva ás súas angueiras, o labor destes retornados devíña realmente transformador⁷.

En calquera caso, o mesmo Cerase sinalaría, nun estudio posterior, que o impacto económico da emigración de retorno no sur de Italia sería moi limitado en función desa ausencia dunha axeitada estrutura de oportunidades, do predominio do clientelismo político no rural e da relación de dependencia económica do sur respecto do norte industrial. Deste xeito, os aforros dos emigrantes, segundo Cerase, foron drenados sistematicamente cara ás rexións industriais setentrionais de Italia polo sistema bancario⁸.

Non faltaron autores, coma Richmond ou Gmelch, que disentiron desta tipoloxía, afirmando que só retornaron aqueles que non experimentaron unha mobilidade social moi alta ou moi baixa: nin os realmente ricos, por terlle dado prioridade á procura de integración na elite social do país receptor, nin os realmente fracasados, por temor a enfrontárense co seu ámbito social de partida ou a sufriren o rexeitamento dos seus familiares –tema en que insistirá unha boa parte das imaxes literarias sobre a emigración–, volverían ó seu país de orixe⁹. A captar sobre todo o primeiro tipo de posibles retornados, é dicir, os de éxito, se dirixiron os esforzos dos tratadistas italianos de comezos do século XX, que vían na emigración de retorno a grande esperanza para a transformación social evolutiva –non revolucionaria– da Italia meridional e insistían na necesidade de que o Estado crease institucións para canaliza-las enerxías dos emigrantes retornados, sobre todo caixas de aforro e bancos de crédito¹⁰.

Igualmente, a visión tendencialmente pesimista do papel transformador da emigración de retorno defendida por Cerase non foi compartida, na súa totalidade, por estudos posteriores. Estes colocaron a énfase precisamente no papel innovador na adopción de novos métodos de cultivo e técnicas agríco-

7. CERASE, F. (1967): “A Study of Italian Migrants Returning from the USA”, *International Migration Review*; 1, 67-74; íd., *L' emigrazione di ritorno: innovazione o reazione?*, Roma, Università di Roma “La Sapienza”, 1971; e íd., “Expectations and Reality: A Case Study of Return Migration from the United States to Southern Italy”, *International Migration Review*, 8 (1974), 245-62.

8. CERASE, F. (1975): *Sotto il dominio dei borghesi. Sottosviluppo ed emigrazione nell'Italia meridionale, 1860-1910*, Roma, IRE; íd., “L' onda di ritorno: I rimpatri”, en BEVILACQUA, DE CLEMENTI e FRANZINA (eds.), *Storia*, 113-25.

9. RICHMOND, A. H. (1984): “Explaining Return Migration”, en KUBAT, D. (ed.), *The Politics of Return. International Return Migration in Europe*, Roma/Nova York, CSER/CSM, 269-75, así como GMELCH, C. (1980): “Return Migration”, *Annual Review of Anthropology*; 9, 135-59.

10 Vid. por exemplo BONSIGNORI, G. (1898): *L' America in Italia. Ossia la Resurrezione delle Terre e dei Villaggi*, Brescia; VILLARI, L. (1912): *Gli Stati Uniti d'America e l'emigrazione italiana*, Milán; COLETTI, F. (1912): *Dell'emigrazione italiana. Cinquanta anni di storia italiana (1860-1910)*, Milán.

las, na modernización e *urbanización* de costumes e na mobilización sociopolítica introducidas polos emigrantes retornados nas rexións italianas de altas taxas de emigración, como puideron ser Calabria, Sicilia ou Liguria. Este fenómeno xa era subliñado por Gilkey e por Lopreato no 1967. Ámbolos dous autores viñan a concluír que os retornados diferían certamente en canto a comportamentos socioeconómicos. Nembargantes, unha especie de mínimo común denominador a tódolos *americani* era que levaban de volta con eles a falla de respecto polas rixidas xerarquías sociais, así como unha vontade de desafío ás elites políticas tradicionais no rural italiano, dende os *padroni* ata os curas párrocos da Igrexa católica. Ademais diso, estes e outros autores salientaban o notable papel dos retornados na modernización das técnicas de cultivo e na potenciación do asociacionismo e mais do cooperativismo rural, xa que os ex-emigrantes contribuíron á consolidación dun tipo de mediana propiedade rural moi favorable ó cambio técnico¹¹.

No que atinxe á relación entre comportamentos militantes no eido sociopolítico e emigración de retorno, ou ben á reemigración temporal de actores políticos e sindicais que actuaron en “dous mundos”, coma os líderes obreiros sicilianos analizados por Cartosio¹², autores coma Donna Gabaccia e Dino Cinel inseriron abondosos matices, continuando na liña trazada inicialmente por Cerase. Os retornados eran, en boa medida, “homes novos” que adquiriran os valores dunha sociedade individualista e competitiva como a norteamericana e que, malia estaren interesados en primeiro lugar no seu propio benestar e no das súas familias, inserían nas súas zonas de orixe o culto ás virtudes da colaboración e da asociación. Os emigrantes italianos ían ós EE.UU., Arxentina e Brasil, sobre todo ó comezo, para obteren recursos monetarios cos que mercar terras que había en grande abundancia en Cosenza, Palermo ou Liguria; e moitas veces, se ó volveren non conseguían mercar terra, volvían emigrar. Para este autor, nas rexións onde imperaba a pequena e mediana propiedade, ou ben os sistemas de arrendamento, os labregos competían para adquirir terras, e precisaban para iso conseguir liquidez monetaria inmediata –razón pola que emigraban–. Pola contra, nas rexións onde sobranceaba a gran propiedade, ou non había terra en venda gracias á eficacia do sistema de

11. GILKEY, G. (1967): “The United States and Italy: Migration and Repatriation”, *Journal of Developing Areas*; 2, 23-36; LOPREATO, F. (1967): *Peasants en el More: Social Class and Social Change in an Undeveloped Society*, San Francisco, Brown. Para máis exemplos, localizados sobre todo no Terceiro Mundo e correspondentes a épocas actuais, vid. KING, R.: “Return Migration and Regional Economic Development: An Overview”, en íd. (ed.), *Return Migration*, 1-37.

12. CARTOSIO, B. (1992): “Sicilian Radicals in Two Worlds”, en DEBOUZY, M. (ed.), *In the Shadow of the Statue of Liberty. Immigrants, Workers and Citizens in the American Republic, 1880-1920*, Urbana/Chicago, University of Illinois Press; 117-28.

mezzadria e do *colonnato* para fixa-lo campesiñado parcelario no campo –Emilia Romagna, por exemplo–, ós labregos só lles ficaría a saída da mobilización política de cariz revolucionario en organizacións sindicais anarquistas ou socialistas. É máis, dende finais do século XIX, sinala Cinel –baseándose en boa medida en observadores contemporáneos–, nas zonas onde o sindicalismo agrario era forte e organizado (Apulia, Emilia-Romagna) os labregos non sentían a necesidade de emigrar en altas proporcións, pois a opción da emigración definitiva, que só arredor dun 25% dos emigrantes italianos escolliá á hora de partir, era pouco atractiva e a opción de mercar terras en América non engadaba os italianos –que, igual que os galegos ou asturianos, preferían empregarse nas zonas urbanas¹³–.

Cinel insiste nos efectos económicos da emigración, que levaba ó incremento da pequena e mediana propiedade campesiña, sobre todo no sur de Italia. Mais este autor salienta igualmente os efectos sociopolíticos de caste cualitativa. De xeito xeral, calibra estes últimos en tres aspectos. En primeiro lugar, os retornados amosaron, cando menos, unha menor deferencia cara ós patróns rurais. En segundo lugar, promoveron a educación, a alfabetización e maila participación política en democracia nas súas zonas de orixe, sobre todo na Italia meridional –onde a finais do século XIX as taxas de analfabetismo eran superiores ó 70%–, xa que os emigrantes, coñecedores do valor da instrución, preocupáronse por envia-los seus fillos ás escolas estatais. En terceiro lugar, fomentaron o asociacionismo rural, contribuíndo sobre todo á fundación de sociedades agrícolas de socorros mutuos. Emporiso, o impacto real dos retornados nas estruturas de poder local no sur de Italia foi moi limitado ata a I Guerra Mundial. En parte, isto ocorría porque os *americani* eran “postos a raia” polos patróns rurais. Pero tamén porque os retornados, na súa maioría, eran individuos mentalmente *disociados*, que se debatían decote entre dous mundos ou ámbitos de referencia, entre Italia e América, sen poderen escoller nunca definitivamente entre eles¹⁴. O cultivo de “identi-

13. CINEL, D. (1984): “Land Tenure Systems, Return Migration and Militancy in Italy”, *Journal of Ethnic Studies*; 12, 55-76. SÁNCHEZ ALONSO (*Las causas*, 56-57) considera este patrón explicativo aplicable, con matices, ó caso español: galegos, asturianos ou vascos emigran moito máis que andaluces ou extremeños, en boa parte por disporen tamén de recursos para merca-la pasaxe.

14. CINEL, D. (1982): *From Italy to San Francisco. The Immigrant Experience*, Stanford, Stanford UP; 71-100. Menos innovador, malia centrarse especificamente no retorno, é, do mesmo autor, *The National Integration of Italian Return Migration, 1870-1929* (Cambridge, Cambridge UP, 1991). Vid. tamén, aínda que se centra sobre todo en aspectos cuantitativos, CAROLI, B. B. (1973): *Italian Repatriation from the United States, 1900-1914*, Nova York, Garland, e o pioneiro estudio de MACDONALD, J. S. (1963): “Agricultural Organization, Migration and Labour Militancy in Rural Italy”, *Economic History Review*; XVI:1, 61-76.

dades complementarias” nos países de destino, como se ten sinalado para o caso dos EE.UU., por parte dos líderes étnicos creaba tamén, paradoxalmente, retornados dos que a *italianidade* de orixe era posta en discusión por parte do seu ámbito social de procedencia¹⁵.

Ora ben, nos seus estudos sobre Sicilia occidental, a historiadora norteamericana Donna Gabaccia afirma que os retornados podían converterse en promotores de organizacións políticas radicais, anticaciquís, etcétera, dependendo ante todo das circunstancias previas imperantes na súa zona de orixe –presencia de movementos organizados de oposición ós *padroni* ou de tradicións asociativas de defensa de intereses dos artesáns das pequenas cidades e vilas, por exemplo–. Igualmente, Gabaccia cuestiona a relación determinante entre sistemas de propiedade da terra e emigración de retorno que no seu día establecera MacDonald. Para esta autora, os retornados distaban de constituír, por si mesmos, un axente de cambio social único e autosuficiente; pero, en combinación con outros, a súa influencia e presenza convertíase en multiplicadora, aínda que non necesariamente nunha dirección “revolucionaria” sen máis, senón preferentemente seguindo unha orientación que, de forma global, sería cualificable de *reformista*¹⁶.

Os resultados das pescudas sobre emigración de retorno noutros países mostran tamén esa constante ambivalencia, con matices diversos. Para o caso dos territorios poloneses no primeiro tercio deste século, Adam Walaszek non só ten demostrado as altas taxas de retorno dos emigrantes polacos ós EE.UU. e Canadá –malia seren inferiores ás italianas ou españolas: un 30%, incrementándose logo da independencia de Polonia en 1918, cando o autor identifica unha maior proporción de retornos do tipo *innovador*. Este autor tamén subliñou o activo papel das remesas de diñeiro de América nas estratexias de supervivencia e aforro das familias campesiñas, a merca de terras e maila posta en práctica de métodos de cultivo modernos por parte dos retornados, así como a introducción de novos hábitos e costumes sociais en zonas rurais militantemente católicas. Nembargantes, a forza tradicional da Igrexa católica e o conservadorismo das elites rurais impúñanlles un rixido marco ás posibilidades dos “americanos” poloneses de lideraren ou promoveren novas formas de acción colectiva, máxime en contextos legais pouco favorables –ausencia de sufraxio universal nos territorios situados baixo xurisdicción

15. Para o concepto de “identidades complementarias”, vid. GJERDE, J. (1999): “Identidades múltiples y complementarias: inmigrantes, líderes étnicos y el Estado en los Estados Unidos”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*; 42, 3-22.

16. GABACCIA, D. (1988): *Militants and Migrants: Rural Sicilians Become American Workers*, New Brunswick, Rutgers UP; 155-63 e ss.; vid. tamén id. (1984): “Migration and Peasant Militance: Western Sicily 1880-1910”, *Social Science History*; 8, 67-80.

austrohúngara e rusa, por exemplo¹⁷-. Nos países nórdicos, as pescudas históricas existentes tamén tenden a salienta-lo papel innovador dos emigrantes retornados, malia que estes se asentaban preferentemente nas áreas rurais. Para o caso de Finlandia, Virtanen ten mostrado que, a pesar do seu reducido número –uns 75.000 retornados denantes de 1930–, os emigrantes finlandeses retornados dos EE.UU. desempeñaron un destacado papel como introductores de novas técnicas agrícolas. Igualmente, este autor subliñou a presenza de líderes locais de movementos sociais e políticos de carimbo esquerdista e reformista, dos que a escola formativa fora fundamentalmente o movemento obreiro norteamericano¹⁸. Un papel semellante atribuíuselles ós gregos retornados de América durante o primeiro tercio do século XX no estudio pioneiro de Saloutos¹⁹.

Non obstante, igual que no caso xa visto de Italia, e como tamén amosa, por citar outro exemplo, o estudio de Kortum sobre o arquipélago frisón setentrional en Alemaña, a capacidade de actuación “transformadora” dos retornados dependía moito do que ocorrese nos seus lugares de orixe, xa denantes de partir ou na súa ausencia. No caso frisón, a ausencia case absoluta de mobilización política e social contestataria con anterioridade a 1914 reduciu o impacto dos retornados dos EE.UU., malia a súa contía numérica ser importante, case a anécdota. Algo moi semellante pódese constatar en Croacia ata a 1ª Guerra Mundial. A saída máis usual para os retornados da emigración era buscar unha opción acomodaticia, integrándose nas elites sociopolíticas dominantes a nivel local, ou ben o inconformismo grandilocuente, mais sen efecto de arrastre social²⁰.

17. Vid. WALASZEK, A.: “Return Migration from the USA to Poland”, en KUBAT (ed.), *The Politics of Return*, 213-19; e íd. (1995): “Preserving or Transforming Role? Migrants and Polish Territories in the Era of Mass Migrations”, en HOERDER, D. e NAGLER, J. (eds.), *People in Transit: German Migrations in Comparative Perspective, 1829-1930*, Cambridge (Ma), Harvard UP/German Historical Institute; 101-24.

18. VIRTANEN, K.: “Return Migration of the Finns from Overseas Countries”, en KUBAT, *The Politics of Return*, 221-28; TEDEBRAND, L. G. (1985): “Remigration from America to Sweden”, en HOERDER, D. (ed.), *Labor Migration in the Atlantic Economies: The European and North American Working Classes during the Period of Industrialization*, Westport (Conn.), Greenwood, 357-80; SEMMINGSEN, I. (1950): *Veien mot West: Utvandringen fra Norge til Amerika, 1865-1915*, Oslo, s. ed.

19. SALOUTOS, T. (1956): *They Remember America: The Story of the Repatriated Greek-Americans*, Berkeley/Los Ángeles, Univ. of California Press. A representatividade deste estudio, con todo, está lonxe de ser satisfactoria, por basearse en entrevistas a retornados asentados case exclusivamente en zonas urbanas.

20. KORTUM, G. (1981): “Migrationstheoretische und bevölkerungsgeographische Probleme bei der nordfriesischen Amerikarückwanderung”, en SIEVERS, K. D. (ed.), *Die deutsche und skandinavische Amerikaauswanderung im 19. und 20. Jahrhundert*, Neumünster, Athäneum; 43-61; KRALJIC, F. (1978): *Croatian Migration to and from the United States, 1900-1914*, Stanford,

Moito máis escasas son as contribucións dedicadas a medir empiricamente o impacto da emigración de retorno no grao de mobilidade social das sociedades de orixe. Unha razón obvia para iso é, en parte, que a análise desta variable presupón contarmos con fontes abondo completas como para permitir un tratamento prosopográfico e estatístico asemade, que permita supera-las dúbidas de representatividade das fontes cualitativas. As contribucións máis notables, e case únicas ata o de agora, son, dunha banda, a de Karen Schniedewind sobre os emigrantes alemáns retornados dos EE.UU. a Bremen entre 1850 e 1914, gracias ó uso como fonte dos expedientes de solicitude de cidadanía presentados por emigrantes retornados –Bremen, como cidade hanseática, gozaba dun status especial dentro do Imperio guillermino. Estudando as carreiras de 459 retornados, esta autora conclúe que o grao efectivo de mobilidade social inducido pola experiencia migratoria é elevado entre os comerciantes, axudantes de comercio e artesáns cualificados, pero máis baixa nos empregos non cualificados. O tipo de “carreira” máis usual era, con todo, a do dependente de comercio que despois duns anos conseguía establecerse pola súa conta e, despois de aforrar un capital, volvía a Bremen e abría alí outro comercio. Emporiso, as dimensións referentes ó comportamento político e social dos retornados están ausentes deste meritorio traballo²¹. Doutra banda, o breve pero exemplar traballo de R. Kero, baseado nunha rexión rural de Finlandia, partía dunhas fontes que lle permitían identifica-los emigrantes, determina-lo seu grupo social campesiño de orixe e segui-lo seu percorrido ata o seu retorno, podendo comprobar cales eran as actividades ás que se dedicaron, na súa comunidade de orixe, quince ou vinte anos despois. Os datos fornecidos por Kero eran terminantes. Dunha banda, emigraban en maior proporción non os máis pobres, para quen o financiamento da pasaxe era un atranco maior, senón os varóns novos de familias máis o menos acomodadas, propietarias medias. Doutra banda, retornaba en maior proporción o que máis razóns tiña para iso, é dicir, os fillos de familias campesiñas propietarias medias e acomodadas para os que, logo dun período de proletarización ou socialización urbana en Norteamérica, existía unha perspectiva de acceso e consolidación dunha propiedade rural, vía herdanza ou mediante a ampliación da que xa posuían dentro do grupo doméstico. Neste último grupo son poucos os casos de gran riqueza acugulada nos anos de emigración, pero si son abondosos os casos de acumulación media que permitía subir un ou dous

Stanford UP. Coma no caso galego ou italiano, os croatas que emigraban tamén procedían das rexións máis pobres, pero con capacidade de aforro para paga-la pasaxe.

21. SCHNIEDEWIND, K. (1994): *Begrenzter Aufenthalt im Land der unbegrenzten Möglichkeiten. Bremer Rückwanderer aus Amerika 1950-1914*, Stuttgart, Franz Steiner.

chanzas nas categorías tributarias²². Naturalmente, unha variable adicional que complicaría esta constatación é, como suxeriu Moya para o caso dos galegos en Bos Aires a finais do século XIX, que obviamente os emigrantes con maior alfabetización, algúns recursos e, presumiblemente, con meirande información tiñan xa de seu mellores probabilidades de ascenso social en América²³. Resultados disímiles, con todo, ofrece o microestudio da pequena cidade de Sambuca (Sicilia) a comezos do século XX, realizado por Donna Gabaccia, que ofrece o interese de poder comparar en que medida progresaron ou fracasaron en América emigrantes procedentes de ámbitos artesanais e campesiños: as taxas de retorno eran máis ben baixas e, entre os retornados, sobranceaban máis os fracasos entre campesiños medios, funcionarios e artesáns, mentres os retornados que procedían de familias xornaleiras ou de pastores experimentaban un maior éxito relativo. Emporiso, a socialización de campesiños e artesáns en América, nun medio urbano, contribuía, paradoxalmente, a crear uns elos sociais e familiares entre eles que despois se transplantaban á cidade de orixe a través da migración de retorno, o que contribuía indirecta, pero eficazmente, á dinámica de mobilidade social²⁴.

ALGUNHAS REFLEXIÓNS XERAIS E PARTICULARES

Entre as conclusións que poderíamos obter deste breve percorrido pola literatura histórica –e sociolóxica– existente sobre a emigración transoceánica de retorno nos países europeos salientaremos dúas, no que se refire ó impacto da emigración de retorno sobre a sociedade de orixe.

En primeiro lugar, e malia resultar un tanto obvio afirmalo, o papel *transformador* ou *conservador* dos emigrantes é, en si mesmo, unha cuestión relativa e en absoluto predeterminada; ante todo, porque conceptos como *innovación* ou *transformación* son relativos en si mesmos: todo depende do patrón

22. KERO, R. (1972): “The Return of Emigrants from America to Finland”, en NITEMAA, V. (ed.), *Publications of the Institute of General History. University of Turku*, 4, 9-29. Do mesmo xeito, no seu estudio sobre a vila de Fafe, Monteiro chega a concluír –pero sen base estatística– que “O retorno constituía, assim, um processo de reafirmação de um estatuto social e familiar anterior e a reprodução do mesmo assumindo, contudo, novas imagens simbólicas” [MONTEIRO, M. (2000): *Migrantes, Emigrantes e “Brasileiros” de Fafe (1834-1926). Territórios, Itinerários e trajetórias*, Fafe, Câmara Municipal, p. 318].

23. MOYA, J. C. (1998): *Cousins and Strangers. Spanish Immigrants in Buenos Aires, 1850-1930*, Berkeley/Los Angeles/Londres, Univ. of California Press; 244-46 e ss.; id. (2001): “Los gallegos en Buenos Aires durante el siglo XIX: inmigración, adaptación ocupacional e imaginario sexual”, en NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (ed.), *La Galicia austral. La inmigración gallega en la Argentina*, Bos Aires, Biblos; 69-85.

24. GABACCIA: *Militants*, 158-60.

de comparanza escollido así como da propia percepción –subxectiva– dos contemporáneos, á que se lle une a, en ocasións, non menos subxectiva do pescudador. Pero en absoluto se trata dunha dimensión desprezable, ante todo porque as dinámicas de cambio, que son aquelas que por riba de todo lle interesan ó historiador, seguen a estar presentes, sendo preciso inquirir polo miúdo cáles son os factores condicionantes da actuación dos emigrados sobre o seu país de orixe. Esa mudanza non é, nembargantes, nin unidireccional nin continua e pode presentar altibaixos.

En segundo lugar, resulta erróneo, na nosa opinión, atribuírle á emigración de retorno, de xeito monocausal, toda a paternidade dos cambios rexistrados na esfera social, económica e política nas áreas estudadas durante o primeiro tercio do século XX. E isto tanto en zonas maioritariamente rurais e de pequena propiedade como, con moito máis fundamento, en zonas urbanas. Os emigrantes retornados non exercen un influxo sociopolítico anovador por si mesmos e en ausencia doutros axentes e factores transformadores; máis ben interactúan con estes, trátase ben de dinámicas de cambio social no país de orixe ou ben do xurdimento e actuación de novos movementos sociais e políticos que cuestionan as relacións de poder dominantes –dende o movemento operario ata diversas formas de sindicalismo e asociacionismo agrario, pasando por organizacións republicanas, reformistas, etc.–, conxunturas de transformación económica proclives ó investimento ou á inxección de novos capitais e enerxías, o xurdimento de novos actores sociais –unha clase media e profesional suburbana, funcionariado estatal– e un longo etcétera que tamén existe unha correlación de circunstancias favorables desde o punto de vista macropolítico. Por poñer un exemplo, a existencia do sufraxio universal masculino dende 1890 e mais dunha Lei de asociacións xenerosa, á que se lle sumou posteriormente a Lei de Sindicatos Agrícolas, creaba en España un marco de oportunidades, unha estrutura de oportunidade política –por utiliza-la xerga sociolóxica– máis favorable que na Italia ou no Portugal do mesmo período –onde, por exemplo, non estaba en vigor o sufraxio universal masculino. Neste sentido, e como xa no seu día advertiu Chepulis, cómpre termos en conta que nos achamos perante unha interacción de dúas realidades cambiantes de forma paralela, aínda que non ó mesmo ritmo: a sociedade de partida e a sociedade de destino²⁵. En ausencia dos emigrantes, o país de orixe tamén podía experimentar mudanzas significativas, en parte inducidas polo propio proceso emigratorio, e que despois eran aceleradas polo retorno dos que partiran.

25. CHEPULIS, R. L: “Return Migration: An Analytical Framework”, en KUBAT (ed.), *The Politics of Return*, 239-45.

Doutra banda, a maioría dos estudos considerados non enxergaron de xeito satisfactorio dous factores que, como temos sinalado á luz do caso galaico, posúen grande importancia, na nosa opinión, para a análise do influxo sociopolítico dos retornados sobre a sociedade de orixe, e, moi en particular, para entendérmo-las características e modalidades da súa intervención activa e organizada nas formas de acción colectiva rexistradas na sociedade de partida:

a) O grao de organización, conscienciación e mobilización política que ten lugar nas sociedades de acollida, en particular dentro das mesmas colectividades de emigrantes a diversos niveis territoriais en relación co país de orixe, tanto no nivel local como nacional (estatal), pasando polo rexional ou comarcal. As solidariedades étnicas que dan lugar a formas de asociación e ó artellamento de comunidades de emigrantes en América crearon espacios propios dentro das sociedades de destino, onde a vida do emigrante recibiu tamén estímulos e influxos específicos, ó mesmo tempo que recibía influencias a través da súa inserción laboral na sociedade do país de acollida. Deste xeito, as colectividades emigradas constituíanse en moitos casos en ámbitos de sociabilidade e relación nos que o emigrante moldeaba a súa imaxe do mundo e das relacións sociais e, nomeadamente, do seu país de orixe. Contribuíu a iso a súa participación nun tecido de asociacións, periódicos, clubs e, máis dunha vez, unha relación de proximidade espacial no mesmo barrio ou localidade. Todo iso axudaba a recrear, mais ó mesmo tempo a transformar, o seu marco de interacción social en relación coa sociedade de orixe, convertendo os emigrantes nos auténticos “aldeáns urbanos” dos que falaba Gans²⁶, mais tamén indo máis alá. Naturalmente, haberá que disterar en cada caso cal é a representatividade real das colectividades dentro do conxunto dos emigrantes que, segundo as diversas estimacións, oscilaba entre un tercio e un cuarto dos varóns. Pero adoito, coma no caso do movemento obreiro, é a fracción organizada dun colectivo social a que escribe boa parte da súa historia.

As comunidades organizadas de emigrantes desempeñaron así mesmo un activo papel político e social sobre o país de orixe como colectivos, institucións ou asociacións, e polo tanto artellaron un marco para a organización e canalización maximizable das enerxías dos retornados, na dirección apuntada por Cinel ou Gabaccia. Mais tamén prestaron o seu apoio a proxectos políticos, sociais ou económicos globais dirixidos cara ó país de orixe, que

26. GANS, H. (1962): *Urban Villagers: Group and Class in the Life of Italian Americans*, Nova York, Free Press.

deviña en suxeito pasivo dese proxecto político. Móstrano así os exemplos dos emigrantes irlandeses, lituanos, eslovacos e poloneses nos EE.UU. e no Canadá²⁷. E así, en proporción máis modesta pero xenericamente semellante, mostrárono tamén os casos galego, vasco ou asturiano.

A perspectiva sinalada lévanos igualmente a considera-lo *espacio de interacción*, no sentido apuntado no seu día por Morel e máis tarde por Pierre Bourdieu²⁸, no que se move a axencia social do emigrante como un eido onde tamén actúan diferentes elites emigradas, exiliados, proxectos e correntes políticas, imaxinarios e grupos sociais diversos, adoito con intereses opostos. E, así mesmo, obriga a considerármola acción dos retornados non como unha suma ou acumulación de esforzos individuais. En moitos casos, tratábase igualmente dun proxecto máis ou menos coordinado e potenciado por colectivos tanto dende América como dende a sociedade de orixe. É dicir, un produto da acción colectiva.

b) En segundo lugar, un aspecto a penas considerado na pescuda histórica, ata o de agora, no relativo á influencia da emigración de retorno é o feito de que a relación entre o país de orixe e o país de destino non é sempre *unidireccional*. É dicir, non sempre consiste nun transvasamento continuo de ideas, diñeiros e proxectos dende América a diversos lugares de Europa, senón que se trata dunha *interacción en ámbolos dous sentidos*. Na dinámica asociativa dos emigrantes, no seu artellamento político e na súa transformación en “homes novos” alén mar, operan tamén os estímulo, influxos e ideas recibidos no Vello Mundo, de onde máis dunha vez veremos que xorden os chamamentos, as iniciativas e os programas para a organización comunitaria e institucional, e en xeral para a acción colectiva dos emigrados. Como ben sinala Higham para o caso dos EE.UU., das grandes vagas de mobilización que atinxiron ós diversos grupos étnicos inmigrantes naquel país dende mediados do século XIX, as dúas últimas (socialista e nacionalista, entre 1880 e 1920) foron en gran parte inducidas pola chegada de activistas e exiliados de Europa e mailo influxo social directo dos novos inmigrantes, que arribaban a Nova York ou Chicago inzados das ideas dominantes no ámbito de orixe ou ben das novas ideas que nesta banda do océano tomaban forza —e que achaban un apoio particular nos segmentos sociais novos e con certa cualificación, preci-

27. Vid., sen sermos exhaustivos, WALSH, R. (1985): “Irish Nationalism and Land Reform: the Role of the Irish in America”, en DRUDY, P. J. (ed.), *The Irish in America. Migration, Assimilation and Impact*, Cambridge, Cambridge UP, 121-48; MILLER, K. A. (1985): *Emigrants and Exiles. Ireland and the Irish Exodus to North America*, Oxford, Oxford UP; KANTOWICZ, E. R. (1975): *Polish American Politics in Chicago, 1888-1940*, Chicago, Chicago UP; STOLARIK, M. M. (1989): *Immigration and Urbanization: The Slovak Experience, 1870-1918*, New York, AMS Press.

28. Vid. MOREL, A. (1972): “L’espace social d’un village picard”, *Études Rurales*; 45, 62-80.

samente os que emigraban—. En certo xeito, un tipo de exilio ou expatriación de elites máis ou menos relativas entraba tamén aquí en xogo²⁹. Os retornados de América tamén volvían cambiados polo contacto cos seus compatriotas emigrados, non só gracias á súa integración nas sociedades receptoras.

Pola súa vez, as colectividades de emigrados adquiren un grao de autonomía de actuación, evolución e desenvolvemento con ritmos diversos dos da metrópole, xa que eses estímulos e ideas están sometidos a condicionantes externos e operan en medios sociais diferentes ós do país emisor, polo que, no medio prazo, o que ten lugar é máis ben unha retroalimentación constante e, se se quere, *simbiótica* entre as sociedades de orixe e as colectividades emigradas a través do Océano. Un proceso que segue dúas direccións, aínda que non con idéntica intensidade en cada un dos sentidos, e que por iso temos definido nalgunha ocasión de *interacción osmótica*³⁰.

En definitiva, con iso queremos tamén sinalar que non só é preciso considera-lo influxo dos retornados ou *indianos* de xeito individualizado, como unha suma de epopeas ou percorridos vitais particulares que tiñan como protagonistas a “homes novos” forxados no traballo nas Américas (ou, máis tarde, en Europa). Ese influxo tamén foi un produto da acción colectiva, da organización e da mobilización consciente alén mar, que contribuíu en boa medida a forxa-la nova identidade dos emigrantes e que posibilitou a concreción da influencia dos retornados e das comunidades de emigrantes nas súas zonas de orixe. Iso obriga así mesmo a considerar cales son os límites desa mobilización, o seu grao de impregnación no conxunto dos emigrantes e mailas dinámicas de comportamento colectivo na sociedade de orixe e na sociedade de destino asemade.

Ora ben, neste aspecto cómpre considerarmos un factor que nos afastará de visións demasiado esquemáticas. Os retornados adoitaban ser persoas que vivían dacabalo de dous mundos. Por esa razón, caracterizáronse con frecuencia polo seu sincretismo nas crenzas, nos comportamentos sociais e nas ideas políticas, o que máis dunha vez desorienta o pescudador. Non sempre debemos esixir-lles ós actores sociais concretos unha absoluta *coherencia* de comportamentos –polo menos, xulgada de xeito implicitamente normativo dende o noso punto de vista actual– nin lles debemos requiri-lo suxeitárense a unha estricta lóxica propia do *homo economicus*. Debemos, pola contra,

29. HIGHAM, J. (1986): “La movilización de los inmigrantes”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*; 4, 461-73; igualmente, vid. varios dos artigos contidos en GLICK-SCHILLER, N., BASCH, L. e BLANCSZANTON, C. (eds.) (1992): *Towards a Transnational Perspective on Migration: Race, Class, Ethnicity, and Nationalism Reconsidered*, Nova York, Columbia UP.

30. Para unha aplicación práctica, vid. NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia, 1900-1930*, Vigo, Eds. Xerais.

achegarnos ó seu xeito de mira-lo mundo, tentando percibi-los moldes culturais a través dos que perciben a realidade que os arrodea, o seu *habitus*, mestura de experiencia consciente e reacción inconsciente, por utiliza-la terminoloxía clásica de Bourdieu.

Probablemente aí radica un desafío non menor ó estudiármolos “americanos” ou “indianos”: o desafío de explicar de xeito coherente esa constante ambivalencia e ata duplicidade de comportamentos e intereses alén e aquén mar, o que converte o seu estudio nunha especie de exercicio de historia transcultural. Iso relaciónase pola súa vez cun debate presente, e aínda non esgotado, nas ciencias sociais: o valor que os individuos outorgan a determinados valores e prácticas simbólicas en diferentes contextos cando experimentan unha dinámica –aínda que sexa limitada– de mobilidade social e ocupacional, en combinación cun proceso de contacto con outra cultura. E, xa que logo, a *racionalidade* que pode guía-la elección de comportamentos e actitudes en cada un deses contextos, así como as disfuncións ás que dá lugar a interpretación de prácticas culturais e condutas individuais en contextos sociais diferentes³¹.

ALGÚNS PROBLEMAS HISTORIOGRÁFICOS E TEÓRICOS SOBRE A EMIGRACIÓN DE RETORNO NO ÁMBITO HISPANO-PORTUGUÉS

Obviamente, poderíamos considera-la pescuda histórica, e no marco xeral das ciencias sociais, como unha sorte de grande mosaico temático no que é preferible operar por acumulación de coñecemento de estudos de caso xeográficos, moda típica na historiografía e noutras ciencias sociais ibéricas. Iso, nembargantes, non solucionaría o problema básico que no fondo segue a afectar a boa parte da produción historiográfica española (e da portuguesa): un atroz *ensimesmamento* camuflado de positivismo local e a súa falla de integración de perspectivas comparativas, dando lugar a unha multiplicación de monografías rexionais ou locais que a penas suscitan *problemas*. Pero, iso si, moitas delas refúxianse na estatística como valor *per se*³².

31. Para unha reflexión sobre estas cuestións, vencelladas á dialéctica entre estruturalismo e individualismo na análise sociolóxica, vid. GRIBAUDI, M. (1992): “La metáfora della rete. Individuo e contesto sociale”, *Meridiana*; 15, 91-108.

32. Vid. os diagnósticos de DEVOTO, F. (1993): “En torno a la historiografía reciente sobre las emigraciones española e italiana a Latinoamérica”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*; 25, 441-60, ou TABANERA GARCÍA, N. (1998): “Conmemoración e historiografía: Los estudios sobre emigración española a América Latina en el Quinto Centenario”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*; 38, 3-15.

Neste breve percorrido centrarémonos nalgúns eixes temáticos e nun problema metodolóxico que, sen pretender esgota-lo elenco posible de temas, si tenta contribuír a alumear unha especie de “axenda de pescuda” para as investigacións futuras. Para iso, ademais de nalgunha das propostas formuladas por E. Morawska hai algúns anos³³ baseámonos na nosa propia experiencia investigadora e no exame da pescuda dispoñible ata o día de hoxe sobre emigración de retorno no ámbito ibérico.

Problemas temáticos

a) O primeiro problema segue a se-lo da *cuantificación precisa dos retornos en relación co número total de emigrantes*. Problema practicamente insoluble para a época preestatística, aínda que non faltan algúns achegamentos máis ou menos laterais que amosan, curiosamente, como o dilema verbo do carácter innovador ou conservador do retornado, do seu éxito ou do seu fracaso, manifestábase xa entre os que volvían da carreira de Indias á Estremadura do século XVI³⁴.

É certo que o estudio da emigración hispánica e portuguesa alén mar suscita numerosos problemas no relativo á súa cuantificación precisa, pois pasaxeiro non é igual a migrante e a emigración clandestina é invisible ás fontes oficiais. Ademais, existe unha porcentaxe de emigración legalmente encuberta (emigrantes que burlan as normas oficiais, por exemplo) pero non clandestina. A maiores, as estatísticas españolas de emigración por mar, como é sabido, non son homoxéneas para tódolos períodos nin sempre permiten a desagregación dos datos por provincias. Mais, se polo menos nestes casos se poden establecer series aproximativas, comparar listas de saídas con estatísticas de desembarcos de países de acollida, etc., a cuantificación dos retornos revélase especialmente problemática. Como é ben coñecido, as estatísticas de saída e entrada de pasaxeiros por mar non permiten discerni-los retornos temporais dos definitivos, nin tampouco distinguir entre unha ou máis saídas dun mesmo emigrante. Como moito, pódense aplicar mecanismos correctores ou considerar que varias saídas dun mesmo emigrante se poden compensar con varias entradas doutros emigrantes. Existen, nembargantes, cál-

33. MORAWSKA, E. (1991): “Return Migrations: Theoretical and Research Agenda”, en VECOLI, R. J. e SINKE, S. M. (eds.), *A Century of European Migrations, 1830-1930*, Urbana, Ill., Univ. of Illinois Press, 277-87.

34. ALTMAN, I. (1989): *Extremadura and America in the Sixteenth Century*, Berkeley/Los Angeles/Londres, Univ. of California Press; 247-74; tamén, FAIR, Th. (1972): “The Indiano during the Spanish Golden Age from 1550-1650”, Tese de doutoramento, Temple University.

culos ponderados máis ou menos fiables, tanto para o conxunto de España, a cargo de Blanca Sánchez-Alonso ou de César Yáñez, como a escalas rexionais, por parte doutros autores (por exemplo, de Antonio Eiras Roel ou de Alejandro Vázquez para o caso galaico, en diferentes épocas)³⁵. Tampouco sabémo-la porcentaxe de emigrantes que consideraban a súa emigración como temporal dende o primeiro intre, pois, a diferenza de Italia –onde si existía este requisito á hora de solicita-lo pasaporte–, os emigrantes non estaban obrigados a facer constar se a súa vontade de emigración era temporal ou definitiva, algo que polo menos fornece unha estimación de cal era o seu propósito inicial. De aí que tamén sexa problemático responder a unha cuestión clave que tamén se liga á cuantificación: ¿ata que punto os inmigrantes que planeaban volver a casa eran diferentes no seu perfil socioprofesional, de idade, nivel de alfabetización ou modalidades de inserción socioprofesional, daqueles que non tiñan previsto retornar?³⁶

Fóra de afirmacións tan curiosas como carentes de base empírica real³⁷, a tendencia xeral é subliña-la existencia de altas taxas de retorno para os emigrantes hispánicos con anterioridade a 1930, taxas que de xeito máis ou menos achegado se sitúan arredor dun 50%. É, ademais, un problema que non desaparece ó reducírmo-la escala do obxecto de estudio. Nin os padróns de poboación municipais son sempre fiables en canto á súa indicación de residentes ausentes –había ausentes que non figuraban como tales–, nin existen sempre listas de ausentes (no caso galego, polo menos, isto é sumamente variable e irregular de concello a concello e mesmo de lustro a lustro), nin, aínda dispoñendo deles, podemos sempre identificar a *tódolos* retornados, pois

35. Vid. VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (2000): “La emigración gallega a América, 1830-1930”, tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela; vol. I, 350-54; EIRAS ROEL, A. (1992): “La emigración gallega a las Américas en los siglos XIX y XX. Nueva panorámica revisitada”, en *íd.* (ed.), *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 185-215 (vid. cadro da p. 210-11); YÁÑEZ GALLARDO, C. (1994): *La emigración española a América (siglos XIX y XX)*, Colombres, Archivo de Indianos; 220-25. Para unha perspectiva integrada dos problemas estatísticos para calcula-la emigración de retorno dende os EE.UU. a varios países de Europa central e meridional, WYMAN: *Round-trip to Europe*, 9-11.

36. Cuestión básica que formula WYMAN: *Round-trip to Europe*, 12-14. Para o caso hispánico, vid. a achega de Carina Frid neste volume.

37. Como a do xeógrafo J. R. Bertrand, quen, mostrando un descoñecemento tan absoluto como arrogante da historia da emigración transoceánica (galaica, neste caso), afirma displicente sen dar datos que o apoién que *tódolos* historiadores sobrevaloran as taxas de retorno anteriores a 1930, vid. BERTRAND, J. R. (1999): “La emigración gallega, ¿sistema original?”, *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*; 11, 439-55.

sempre se nos escapará aquela porcentaxe de retornados que se establece na vila ou na cidade próxima, na capital provincial ou na capital do Estado³⁸.

Outra cuestión é, nembargantes, a de establecer posibles periodizacións do retorno en función de variables macroeconómicas. ¿Son unha resposta a oscilacións dos mercados de traballo, tanto da sociedade de acollida como da sociedade de partida –o que convertería, pola súa vez, en cíclicos os movementos de retorno segundo diferentes segmentos do continxente emigratorio (xornaleiros agrícolas vs. empregados do sector servicios, por exemplo)? ¿Son, igual que as remesas, respostas ós ciclos e conxunturas dos tipos de cambio? ¿Priman as estratexias e dinámicas microsociais sobre as macrosociais? Neste aspecto, sobre o que ben incide neste volume Carina Frid, resta moito por facer. Mais podemos formular de entrada unha certa prevención cara ás explicacións meramente cuantitativistas e/ou macroestructurais –sen pretendemos caer nunha, aínda que non caíamos nunha especie de *miseria da cuantificación*, nin moito menos nunha *miseria da teoría*. Como nos teñen lembrado Baily ou Moya, a emigración é un fenómeno no cal a lóxica borrosa, o entrecruzamento disperso e adoito azaroso de numerosas traxectorias persoais e familiares, decorre *grosso modo* entre unhas canles marcadas polas grandes tendencias e os grandes modelos *push-pull*. A cuestión é se iso nos ha levar a idolatra-lo extremo oposto, é dicir, á adoración da continxencia histórica e da acumulación de historias individuais sen ningunha vontade de xeneralización, o que se converte nun risco non menor á hora de analizarmos prosopografías. De feito, cando se puido dispor dun elenco considerable de información prosopográfica homoxénea, susceptible de comparanza e xeneralización, os resultados foron ben satisfactorios –ei-lo caso do meritorio estudio de Karen Schniedewind, xa citado, sobre os retornados a Bremen, ou dalgúns exemplos italianos–.

b) Incidencia económica da emigración de retorno. Aquí os avances son bastante maiores e as interrogantes xerais menores, aínda que si remanecen dúbidas sobre aspectos específicos. Podemos dividilas en dous apartados:

b.1. A cuestión das remesas. Carnero Lorenzo, Macías, García López, Alejandro Vázquez, Maluquer, Bahamonde e Cayuela, entre outros, puxeron de manifesto tanto a importancia deses fluxos globais de remesas como a súa periodización, e de xeito máis ou menos achega-

38. Por exemplo, a tese de doutoramento de X. M. Villa sobre os emigrantes galegos en Porto Rico atopa altas porcentaxes de retornados de máis ou menos éxito do concello da Guarda que, no canto de volver a esa vila, se estableceron en Madrid. Cf. X. M. VILLA ÁLVAREZ: “Los gallegos de Puerto Rico, 1821-1963: Un proceso de formación de burguesía a ambos lados del Atlántico”, tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, 2001, 2 vols.

do estimouse o seu importe³⁹. Da énfase inicial na importancia que revestiría a inxección de capitais reinvestidos despois de 1898 en España, reavivando as actividades crediticias e industriais, pasouse a unha meirande relativización e ponderación do impacto desas remesas, valorando non tanto a súa importancia puntual en 1899-1902 como a súa distribución ó longo dun amplo período que chegaría ata 1930. Sobre todo no caso dos historiadores canarios, gracias ó uso imaxinativo de fontes seriais (libros de impostos de transmisión de bens e dereitos reais) púidose determinar de xeito bastante fiable e achegado cá é a evolución por períodos das remesas e, sobre todo, a súa distribución sectorial. A imaxe xeral non mudou moito, polo de agora: destinos preferentemente agropecuarios, con algunha participación na merca de bens inmobles rústicos e, andando o tempo, urbanos, en crédito, pero tamén en empresas e actividades económicas consideradas seguras, seguindo os ritmos das fluctuacións económicas conxunturais da economía do arquipélago. En Galicia ou Asturias, a tónica parece ser semellante: procura de valores e sectores seguros. E o mesmo parece poder afirmarse doutras zonas peninsulares de meirande dinamismo económico e industrial, coma Cataluña. Neste senso, como ben sinalou no seu día Erice, a conducta económica dos indianos de éxito non difería grande cousa, en canto á estrutura e destino dos seus investimentos, dos burgueses asturianos contemporáneos, aínda que quizabes aqueles que se enriqueceran no comercio colonial e portuario introduciron hábitos máis competitivos. E en Galicia pódese sinalar algo semellante⁴⁰.

39. Vid. BAHAMONDE, A. e CAYUELA, J. (1992): *Hacer las Américas. Las élites coloniales españolas en el siglo XIX*, Madrid, Alianza Ed.; VÁZQUEZ GONZÁLEZ: "La emigración gallega a América"; vol. 2, 887-931; CARNERO LORENZO, F. (1999): "Las remesas de los emigrantes canarios en Cuba, 1886-1914", *Historia Contemporánea*, 19, 275-85; MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M. et al. (1999): "Las relaciones económicas canario-cubanas antes y después del 98", *Estudios Canarios. Anuario del Instituto de Estudios Canarios*; XLIII, 169-201; GARCÍA LÓPEZ, J. R. (1992): *Las remesas de los emigrantes españoles a América (siglos XIX y XX)*, Colombes, Archivo de Indianos; MALUQUER DE MOTES, J. (1998): "As remesas dos emigrantes na modernización da economía española trala crise colonial (1898-1913)", *Estudios Migratorios*, 6, 43-56. Para o caso portugués, FERNANDES ALVES, F. (1994): *Os Brasileiros. Emigração e retorno no Porto oitocentista*, Porto, s. ed., 274-97.

40. Sobre Cataluña, vid. algúns exemplos en SONESSON, B. (1995): *Catalanes en las Antillas. Estudio de casos*, Colombes, Archivo de Indianos; 165-94, ou DOMÉNECH, J. (1993): "Els indians de Lloret de Mar", *L'Avenç*; 169, 26-29. Sobre Asturias, vid. OJEDA, G. e SAN MIGUEL, J. L. (1985): *Campesinos, emigrantes, indianos. Emigración y economía en Asturias, 1830-1930*, Salinas, 77-90; ANES ÁLVAREZ, R. (1993): *La emigración de asturianos a América*, Colombes, Archivo de Indianos, 94-97; ERICE, F. (1995): *Propietarios, comerciantes e industriales. Burguesía y desarrollo capitalista en la Asturias del siglo XIX, 1830-1885*, Oviedo, Univ. de Oviedo; vol. I,

Outra cousa é que coñezamos con precisión o total e a distribución das remesas a niveis e escalas máis reducidas, a circulación deses capitais a través de redes bancarias locais e en forma de xiros de importe escaso repartidos ó longo do tempo. Para iso, seguimos aínda a explota-la achega que no seu día realizou Ramón Villares sobre a Banca Soto de Chantada, única casa de banca da que os descendentes se amosaron xenerosos cos historiadores⁴¹. O acceso a epistolarios e fontes persoais quizabes nos permita coñecer en breve cál foi a importancia desas remesas nas estratexias económicas dos grupos domésticos familiares. Pero, en todo caso, a impresión xeral segue a estar vixente: as remesas de América contribúen a consolida-la pequena propiedade campesiña, tanto en Galicia como en Canarias e Asturias.

Diferente é o xuízo que, sobre todo segundo os coetáneos, mereceu a conducta económica dos retornados. Aqueles foron vítimas do típico efecto de *décalage* entre expectativas e realidades. En Galicia e Asturias, polo menos, a imaxe en parte idealizada que se construíra do emigrante como posible rexenerador de España, reavivador da economía rexional/local e impulsor da iniciativa individual e do progreso científico-técnico en clave positivista, contribuíu despois a sataniza-los retornados. A constatación de que a súa conducta económica se movía por pautas de estricta racionalidade en función da información da que dispuñan, e polo tanto investían en sectores productivos seguros, foi causa de fonda desilusión entre numerosos tratadistas peninsulares do primeiro tercio deste século. Nembargantes, os retornados *emprendedores* tampouco estaban ausentes en empresas innovadoras ou en novas tecnoloxías: capitais indianos hai nas novas industrias eléctricas rurais de Galicia na década de 1920, como na industria conserveira ou no financiamento de liñas de autocar⁴². Mais o *martilleo* nas cidades, a compra-venda de inmobles e terreos urbanos e rústicos, o empréstito a usura non fallaron, se ese era o destino máis seguro para os capitais indianos.

c) *A incidencia social da emigración de retorno*. Aquí comezan a aparece-los problemas, pois a gran maioría dos estudos baséanse en xeneralizacións e

115-29; os artigos de A. Solá Parera e F. Carnero Lorenzo neste volume. Sobre o País Vasco, vid. algúns apuntamentos en SIEGRIST DE GENTILE, N. L. e ÁLVAREZ GILA, O. (1998): *De la Ría del Nervión al Río de la Plata. Estudio histórico de un proceso migratorio 1750-1850*, Portugalete, Concello de Portugalete, 161-94.

41. VILLARES, R. (1997): "As remesas de diñeiro dos emigrantes" [1982], en *íd.*, *Figuras da nación*, Vigo, Eds. Xerais, 249-54.

42. CARMONA, X. (1982): "Los indianos y la cuestión industrial en la Galicia del siglo XIX", en *Indianos. Monografías de los Cuadernos del Norte*; 2, 45-49; NÚÑEZ SEIXAS: *Emigrantes*, 57-59; CABANA IGLESIA, A. (2001): *Pedro Murias, tabaqueiro na Habana, indiano na Devesa*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

induccións a partir de exemplos coñecidos, algúns percorridos prosopográficos e/ou imaxes literarias, testemuños coetáneos ós feitos e outras evidencias indirectas. Deste xeito, no referente á mobilidade social, contamos aínda con evidencias empíricas directas demasiado escasas que nos permitan ir alén dunha afirmación hipotética. A emigración favoreceu, en termos xerais, a mobilidade social ascendente. Mais os casos de arriquecemento ou de ascensión social espectacular son, malia a súa visibilidade, escasos dentro do conxunto de retornados e emigrantes, aínda que poidan ter constituído un importante colectivo dentro das elites sociais da rexión de orixe⁴³.

Máis ben cabe falar, polo menos entre o colectivo de retornados, dunha variedade de *éxitos relativos*; é dicir, dunha acumulación abonda de aforro para modernizar e consolida-la explotación campesiña familiar, converterse en mediano propietario máis ou menos emprendedor, deixar de mans o traballo e poder contratar xornaleiros, instalar unha tenda ou un pequeno comercio, etc.⁴⁴ Patrón non demasiado diferente do que logo imperaría na emigración a Europa.

Igualmente, quedáanos aínda por coñecer polo miúdo cal foi o papel social e maila efectividade real do capital simbólico e das súas manifestacións externas na consolidación do ascenso social, relativo ou absoluto. ¿Cales foron as estratexias de ascenso e cooptación cara ás elites locais e/ou rexionais? ¿Cal o potencial innovador que nesa renovación de elites (total ou parcial) estaba implícito –era realmente *sangue novo*, por parafrasear a Frederic Rahola, e polo tanto intrinsecamente anovador? ¿Cal foi o grao en que esas estratexias conformaban uns trazos distintivos? Ó cabo, ¿acaso non representan os retornados de América un caso máis de ascenso social á burguesía, ou ó que se deu en chamar pequena burguesía, e polo tanto non serían os seus parámetros comparables ós usados para estudar aquela, incluso no seu proceso de “burguesización” segundo os moldes definidos no seu día por Jürgen Kocka?⁴⁵ Quizabes deberíamos constata-lo paradoxo de que os retornados (*americanos, indianos, habaneiros, brasileiros*, etc.) non existen tanto como grupo social cons-

43. Teno amosado así ERICE, E: “Retorno y retornados de la emigración a América: el caso de Asturias”, en CUESTA BUSTILLO, J. (coord.) (1999): *Retornos (De exilios y migraciones)*, Madrid, Fundación Largo Caballero, 39-73.

44. Algo que, por outra parte, non difire excesivamente do coñecido para outros países europeos. Vid. por exemplo as observacións verbo do éxito ou fracaso dos retornados de VÖCHTING: *Italienische Südfrage*, 32-35, ou de CINEL: *The National Integration*.

45. Para una recapitulación, vid. CROSSICK, G. e HAUPT, H. G. (1995): *The petite bourgeoisie in Europe, 1780-1914*, Londres/Nova York, Routledge, ou KOCKA, J. (ed.) (1995): *Bürgertum im 19. Jahrhundert. Band III: Verbürgerlicherung, Recht und Politik*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht.

ciente, senón como realidade *construída* dende fóra, pois o desexo deses retornados era integrarse en grupos sociais preexistentes ou en formación⁴⁶. Isto vencellarase coa súa axencia sociopolítica, como veremos a seguir.

Sabemos algo máis verbo do que foron as influencias do retorno da emigración na vida cotiá. Dunha banda está o impacto urbanístico dos retornados: a renovación de construcións e casas, a proliferación de *quintas de indios* e de edificios modernistas nalgúns cidades, a expresión máis visible do capital simbólico co que querían exterioriza-lo seu ascenso social os emigrantes enriquecidos. Pero tamén hai que tomar en consideración os retornados menos enriquecidos que si puideron ampliar e mellora-la casa familiar gracias ós diñeiros gañados alén mar (ou, nunha época máis recente, en Centroeuropa). Estes aspectos están, sobre todo en Asturias, pescudados exhaustivamente, máis dende un punto de vista artístico-arquitectónico e descritivo que dende a perspectiva da historia social⁴⁷. Máis alá da descrición pseudocostumista das formas de vestir, as vestimentas máis ou menos pintorescas dos indios –dende o chapeu *jipijapa* ata os grandes mostachos e a leontina de ouro–, a súa linguaxe pintoresca con mestura de modismos latinoamericanos e idiomas/dialectos locais das súas zonas de orixe, a introducción de receitas culinarias transplantadas doutras latitudes, e un longo etcétera, facetas sobre as que xa existen interesantes descrições⁴⁸, faltan aínda por calibrar axeitadamente dous aspectos que, na nosa opinión, resultan cruciais.

En primeiro lugar, cabe preguntarse cál é a base de veracidade real, ou polo menos de verosimilitude socialmente operativa, deses arquetipos icónicos recorrentes do *retornado* ou do *indiano*: ¿Ata que punto non existen imaxes preconcebidas que datan xa da comedia clásica do Século de Ouro –o indiano, símbolo da decadencia de España, ataviado con exóticos atributos, entre os que xa aparece o papagaio? Iso levaranos ó punto dos imaxinarios, que tratamos máis abaixo.

46. Como se constata para o caso de Portugaleta: vid. SIEGRIST DE GENTILE e ÁLVAREZ GILA: *De la Ría del Nervión*, 188-90.

47. Vid. exhaustivamente ÁLVAREZ QUINTANA, C. (1991): *Indios y arquitectura en Asturias (1870-1930)*, Oviedo, Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos de Asturias, 2 vols.; FRANCO TABOADA, A. (1989): “Urbanismo indiano en Galicia”, *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*; 1, 103-14; VV. AA. (1990): “Americanos” “Indios”. *Arquitectura i urbanisme al Garraf, Penedès i Tarragonès (Baix Gaià)*. Segles XVIII-XX, Vilanova i La Geltrú, Biblioteca-Museu Balaguer; VV. AA. (2000): *Casas de indios*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Sobre o impacto nas construcións máis modestas e as queixas dos contemporáneos, vid. algúns aspectos para Galicia en NÚÑEZ SEIXAS: *Emigrantes*, 374-75.

48. Por exemplo, CASTRO, X.: “Influencias americanas en Galicia”, en IRIMIA VÁZQUEZ, R. e FROJÁN FONTÁN, J. F. (coord.) (1992), *I Encontros Galicia-América*, Santiago de Compostela, Tórculo, 45-52.

En segundo lugar, cabe pescudar, máis que o exotismo en si dos retornados, o impacto que os seus novos hábitos de consumo, visiblemente adquiridos en ámbitos urbanos latinoamericanos, exercía sobre a dispoñibilidade para a emigración dos que ficaran na aldea ou nas zonas de orixe en xeral, aspecto en que inciden algúns estudos italianos⁴⁹ e que tamén suxiren varios testemuños autobiográficos de emigrantes⁵⁰. É dicir, o impacto deses novos costumes débese medir máis ben pola reacción que causaron nos que ficaron, pois fixeron máis visible o ascenso social e provocaron un contraste que actuou, pola súa vez, como poderoso factor de pulo para retroalimentar a corrente emigratoria, non só en sectores sociais subalternos (imitación dos novos ricos), senón incluso en sectores sociais ata entón acomodados dentro da comunidade (ameaza de nivelación). Neste senso, a emigración de retorno *sobredimensionaba* o espacio local, inseríndoo plenamente nunha rede de contactos e referencias máis amplas –globalizadas, diríamos hoxe–. Ademais diso, en varios casos –como temos amosado para algúns exemplos locais– os retornados non só introduciron costumes exóticos, adoito deturpados e caricaturizados polos contemporáneos que se opuñan a eles –sobre todo, polos testemuños dos eclesiásticos⁵¹–; tamén inseriron en ámbitos rurais e semiurbanos unha meirande preocupación polo civismo, pola erradicación de costumes rurais considerados –nunha concepción teleolóxica e urbana do progreso– *antimodernos*, e contribuíron, máis alá da súa aliñación política concreta e das mudanzas e fluctuacións desta última, ó maior artellamento da sociedade civil. Así, polo menos, se pode apreciar en Galicia⁵².

d) *Incidencia sociopolítica da emigración de retorno*, en particular a súa chegada ás formas de mobilización sociopolítica. Aquí, malia a existencia dalgunhas pinceladas de calidade nos estudos sobre o caso asturiano, é sen dúbida o caso galego o máis estudiado. E o protagonismo correspóndelles neste caso máis ós “americanos” que ós clásicos “indianos” de leontina de ouro.

49. Para os exemplos italianos, vid. FRANZINA, E. (1996): *Dall'Arcadia in America. Attività letteraria ed emigrazione transoceanica in Italia (1850-1940)*, Turin, Fondazione Giovanni Agnelli, 187-209.

50. Por exemplo, o galego FERNÁNDEZ SAAVEDRA, A. (1986): *Antología de un hombre que perdió su futuro*, Sada-A Coruña, Eds. do Castro, 18-19, ou o cántabro VEJO VELARDE, E. (1976): *Memorias de un emigrante*, Santander, s. ed., 45-48.

51. Un clarísimo exemplo é CASTRO LÓPEZ, R. (1923): *La emigración en Galicia*, A Coruña, Tipografía de El Noroeste.

52. Vid. DOMÍNGUEZ ALMANSA, A. (1997): *A formación da sociedade civil na Galicia rural. Asociacionismo agrario e poder local en Teo (1890-1940)*, s. I. [Teo], Concello de Teo; NÚÑEZ SEIXAS: *Emigrantes*, 369-72.

Como xa sinalamos noutro lugar⁵³, a presunción de que a emigración inhibe a protesta e actúa como válvula de escape das tensións sociais, actuando de durmideira da mobilización social, parte dunha ecuación en exceso simplista: a maior pobreza, a meirande presión demográfica sobre os recursos, maiores posibilidades de artellamento da protesta. Como a propia pescada histórica sobre os movementos sociais “tradicionalis” puxo de manifesto –comezando polo movemento obreiro e, en menor medida, como tamén puñan de manifesto algúns estudos sobre emigración escandinava⁵⁴–, e como tamén puxo de relevo (con outra xerga científica) a teoría dos movementos sociais, para que se produza unha mobilización dun colectivo non abonda con que ese grupo de persoas comparta a percepción de sufrir unha situación de agravio ou inxustiza común. Son necesarios tamén recursos para a acción (materiais e inmateriais), é precisa unha axeitada estrutura de oportunidades e requírese, así mesmo, tanto un programa político-ideolóxico operativo como unha situación de certa debilidade das elites dominantes que abra fendas polas que presiona-lo poder instituído.

Neste senso, a importante axencia social dos emigrantes retornados de América en Galicia nas zonas rurais e semiurbanas do seu país de orixe, ben sexa como produto da acción colectiva dos emigrantes organizados ou como froito das achegas dispersas pero constantes, ó longo do territorio galego, de decenas de retornados anónimos, lévanos a corroborar-las hipóteses apuntadas. Para que se produza un impacto sociopolítico notable dos emigrantes retornados tamén é preciso que existan compañeiros de viaxe, certa mobilización na sociedade de orixe. Os galegos, neste aspecto, son máis activos porque os labregos galegos tamén son máis activos na loita antiforal e anticaciquil que os campesiños asturianos, canarios ou cántabros; porque posúen un movemento agrarista (na xestación inicial do cal a penas participan os emigrantes) moito máis potente e libre en maior medida de tutelas confesionais que os labregos doutras rexións; e porque, en ausencia de núcleos urbanos cunha influencia que superase o seu *hinterland* máis inmediato, o protagonismo dos emigrantes a América incrementábase. Iso non era necesariamente así en zonas onde existían outros sectores sociais que actuaban de vectores principais da mobilización social –os mineiros e obreiros fabrís na Asturias central, poñamos por caso–.

53. NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1999): “Révolutionnaires ou conformistes? L'influence socio-politique de l'émigration américaine de retour en Galice, 1900-1936”, *Studi Emigrazione/Migration Studies*, XXXVI: 134, 283-308.

54. Vid. HOVDE, B. J. (1934): “Notes on the Effects of Emigration upon Scandinavia”, *The Journal of Modern History*, VI:3, 253-79, e SCOTT, F. D. (1946): “American Influences in Norway and Sweden”, *The Journal of Modern History*, XVIII:1, 37-47.

Doutra banda, a existencia dun marco de oportunidades favorable nesta banda do mar tamén provoca a retroalimentación constante. Como xa temos amosado, a existencia de obxectivos viables e concretos nas zonas de orixe, así como o xurdimento de elites políticas locais anticaciquís, aliados políticos e sectores sociais, ofrecíalle unhas canles á mobilización dos emigrantes galegos ou polo menos a aquela parte dos emigrantes que se comprometía colectivamente. Incluso dentro, por exemplo, da mesma Galicia podemos disterar entre a Galicia meridional –emigrantes máis ben “arxentinos” ou “brasileiros” que cubanos, movemento campesiño máis radicalizado por mor da virulencia do conflito antiforal– e a Galicia cantábrica da Mariña luguesa e Ferrolterra, onde o patrón de actuación e interacción –meirande presenza do cooperativismo agrario de influxo católico e productivista, pouca importancia do problema foral, emigración predominantemente a Cuba– parece presentar máis semellanzas xenéricas co modelo asturiano. De feito a mobilización sociopolítica dos emigrantes galaicos en Cuba tamén era máis *moderada* e menos ricaz en matices (e, sobre todo, en interaccións coas correntes obreiristas do país de acollida) que no caso dos seus compatriotas da Arxentina⁵⁵.

Mais, do mesmo xeito, a relativamente aberta estrutura de oportunidades que ofrecía a España da Restauración (sufraxio universal, Lei de asociacións, Lei de sindicatos agrícolas, divisións entre os partidos da quenda dinástica despois de 1898) permitía que, a diferenza do Portugal ou da Italia da época, a actividade transformadora no plano sociopolítico dos emigrantes de retorno, e particularmente das Sociedades de Instrucción e das colectividade organizadas de emigrantes galegos en xeral, fose moito máis acusada. Igual que para os artesáns “radicais” organizados de Sambuca (Sicilia) a comezos do século XX, para os que a achega dos retornados que se proletarizaran en Brooklyn ou Tampa, como ben sinalou Gabaccia, supuxo un elemento máis que se sumou a unha acumulación de forzas e de recursos que os converteu nunha forza local poderosa⁵⁶.

De tódolos xeitos, unha constatación continúa a ser inalterable. A grande variedade e o heteroxéneo do colectivo de retornados non circunscribe o seu influxo a un único movemento social, eido político ou corrente ideolóxica⁵⁷.

55. Vid. NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1998): “Les paroisses d’outre-mer: Politique, leadership et associationisme régional galicien à Buenos-Aires et à La Havane (1890-1930)”, *Exils et Migrations Ibériques au XXe siècle*, 5, 131-77.

56. GABACCIA: *Militants*, 161-63.

57. Como mostra, por exemplo, a variedade do colectivo de retornados galegos de Porto Rico que participaron na política local dos seus concellos de orixe ata a década de 1960: vid. VILLA ÁLVAREZ, X. M. (1998): “‘Puertorriqueños’ en las alcaldías de Galicia: El caso de A Guarda, 1869-1962”, *Boletín de la Academia Puertorriqueña de la Historia*, XIX:56, 185-218.

Tampouco é doado establecer unha ecuación simplista entre maior ou menor éxito económico e posicionamento político-ideolóxico ó volver á súa comunidade de orixe; como tamén é difícil establecela entre posicións políticas, poñamos por caso, de varios notables galegos ou vascos en política interior arxentina da primeira metade de século e a súa proxección política cara á sociedade de orixe, nin sequera no ámbito da esquerda obreira. O ámbito de referencia e mailo de pertenza non sempre coinciden, e os individuos poden desenvolver lealdades políticas diferentes segundo os ámbitos xeográficos. Así, tamén houbo indianos e *americanos* menos podentes que negociaron como auténticos *emprendedores políticos* cos movementos sociais que podían liderar ou utilizar na súa busca de ascensión ou recoñecemento social e político-institucional –hai varios casos en Galicia e Asturias de retornados que comezaron como axitadores anticaciquís e remataron, previa captación para a elite municipal polo Estatuto Municipal da Dictadura de Primo de Rivera e logo do paso pola Unión Patriótica, apoiando máis ou menos entusiastamente o réxime franquista. E, malia o anticlericalismo que se lles presupuña, o conxunto dos seus valores sociais adoitaba estar impregnado de meritocracia e respecto pola propiedade. De aí o estereotipo negativo que sobre o retornado de América circulaba, por exemplo, entre a esquerda obreira galega dos anos trinta. Materia debatible son as motivacións dos actores á hora de embarcarse na política, e os retornados non foron unha excepción. Podemos sinalar para o caso galaico, pero tal vez tamén para outros exemplos peninsulares, que o liderado de sociedades agrarias, bandos anticaciquís, sindicatos ou periódicos *anti-establishment* constituíu igualmente un xeito de facerlle corresponder ó ascenso social un lugar baixo o sol do poder político.

Con todo, malia estas e outras ambigüidades no seu comportamento, estes retornados tamén contribuíron a xerar unha vizosa dinámica de artellamento da sociedade civil. Nembargantes, pouco sabemos verbo da axencia sociopolítica dos retornados en Asturias –aínda que xa Oliveros apuntaba que boa parte dos indianos apoiaran tanto o Partido Reformista de Melquiades Álvarez como a dictadura de Primo de Rivera, e sinaláronse para algúns concellos orientais e occidentais dinámicas de actuación política dos retornados relativamente semellantes ás rexistradas en Galicia⁵⁸; e practicamente ren

58. A. L. OLIVEROS ([1935] 1982): *Asturias en el resurgimiento español (Apuntes históricos y biográficos)*, Gijón, Silverio Cañada.; H. DE GOEJE: “El cacique como *political middleman*: El poder local en el concejo de Ponga (Asturias) 1900-1923”, en L. FERNÁNDEZ PRIETO et al. (eds.), *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, USC/Parlamento de Galicia, 1997, 393-413; ERICE: “Retorno y retornados”; J. J. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (2000): *La cultura sindical en Asturias, 1875-1917*, Oviedo, Real Instituto de Estudios Asturianos, 149-50; íd., *Asturias y América*, Madrid, Mapfre, 1992, 285-98.

verbo desta cuestión no País Vasco –fóra das denuncias de Lhande sobre o anticlericalismo dos retornados e de referencias puntuais noutros estudos⁵⁹– ou Cantabria –alén das prosopografías de notables de Pereda da Reguera e do primeiro achegamento feito no seu día por Consuelo Soldevilla⁶⁰–. Unha análise comparativa máis ampla permitiría comprobar se o *modelo* galego se pode aplicar a outras latitudes.

Doutra banda, descoidamos un tanto un aspecto non menos relevante. As modalidades de intervención sociopolítica dos emigrantes e retornados nas sociedades de partida non soamente se han medir en función da maior ou menor existencia dunha estrutura de oportunidades favorable, da presenza de aliados potenciais ou da maior ou menor división das elites dominantes locais. Os países de destino e as modalidades de participación na vida sociopolítica das sociedades de acollida operaron tamén unha influencia diferencial nas camadas de emigrantes, o que se relacionaba tamén de modo directo cos xeitos de inserción social de cada colectivo rexional en cada ámbito de recepción. Mais niso tamén tiña influencia outra variable: o grao de mobilización e politización que presentasen as colectividades organizadas de emigrantes nos diferentes países. Algo claro nos galegos, pois as sociedades de emigrantes de Bos Aires presentaban un cariz político moi diferente do das asociacións correspondentes existentes en Cuba, non tanto por causas estruturais (composición sociolóxica do colectivo inmigrante) como meramente continxentes e de estratexia política de grupos concretos dentro das elites inmigrantes. É dicir, estratexias diferenciais de liderado étnico⁶¹.

Mesmo no caso dos galegos, dos que os patróns de inserción sociolaboral son moi semellantes ó longo de todo o continente americano, con non demasiadas excepcións –sector servicios urbanos, comercio polo miúdo–, pódese apreciar unha diferenza á hora de esculcar nas modalidades de incidencia dos retornados de diferentes países en ámbitos locais onde coexisten *cubanos* e *arxentinos* (por exemplo, o concello pontevedrés da Estrada). Diferencia que tamén cría ver, por exemplo, o escritor vasco-arxentino Francisco Grandmontagne cando observaba o desembarco de emigrantes no

59. P. LHANDE (1971): *La emigración vasca* [1910], San Sebastián, Auñamendi, vol. II, 138-39; SIEGRIST DE GENTILE e ÁLVAREZ GILA: *De la Ría del Nervión*, 169-70 e 190.

60. PEREDA DE LA REGUERA, M. (1968): *Indianos de Cantabria*, Santander, Institución Cultural de Cantabria; SOLDEVILLA ORIA, C. (1992): *Cantabria y América*, Madrid, Mapfre, 291-314.

61. Temos desenvolvido esta comparanza en “Modelos de liderazgo en comunidades emigradas: Reflexiones y problemas a partir de los españoles en América (1870-1940)”, relatorio ó coloquio *De Europa a las Américas: Elites dirigentes y liderazgos*, Rosario, CEMLA-Centro Cultural Parque de España, setembro 1999 (no prelo).

porto da Coruña a comezos da década de 1920⁶². Sobre esta cuestión, sen dúbida, fáltanos aínda moito por afondar, sobre todo naqueles ámbitos (como poden ser varios concellos galegos e asturianos, pero quizabes tamén canarios) onde coexisten camadas de retornados de diferentes procedencias, xa que, poñamos por caso, o patrón de actuación dos *cubanos* en Ferrolterra non parece diferir moito do característico dos *arxentinos* no Baixo Miño⁶³. As diferencias xenéricas quizabes radican máis no tipo de mobilización *endóxena* do lugar ou bisbarra ó que os retornados se suman á súa volta.

e) *O imaxinario de e sobre os emigrantes retornados*. Encontrámonos aquí cun fascinante problema de historia sociocultural. Cuestión que acostuma a ser despachada con catro citas de autores literarios de grande éxito, sen reparalo máis mínimo na súa verosimilitude e na súa difusión social real. E aínda, en ocasións, cítanse sen maior reflexión pasaxes de obras literarias moi posteriores á época que se quere retratar. Iso pode levar a auténticos anacronismos: ¿por que supor que un escritor se informa mellor, aínda que mesmo viva no ambiente migratorio, que un historiador? Doutra banda, como ben sinala Monteiro, cómpre non esquecer que sobre o retorno foi construído un discurso mítico por parte dos diversos actores involucrados, de xeito directo ou indirecto, no fenómeno migratorio, dende o Estado ata os propios emigrantes que elaboran unha imaxe de retorno ideal segundo o resultado da súa experiencia migratoria⁶⁴. Ó noso xuízo, tratar do imaxinario social dos retornados presenta catro tipos de problemáticas interrelacionadas.

Primeira, que constitúe unha cuestión básica da recente historia sociocultural: a difusión social dos diferentes xéneros literarios, a súa capacidade de recepción e, xa que logo, a súa maior ou menor capacidade de verosimilitude, de reflexo real de situacións sociais. Canto maior é a vontade de estilo dun xénero literario, máis se pode afirmar por norma xeral que a importancia que reviste a verosimilitude das situacións é menos determinante para garanti-la súa recepción. Neste aspecto, centrámonos demasiado nas imaxes que sobre os indianos transmitiron xéneros literarios de escasa difusión popular, como podía se-la novela realista de finais do XIX, pódenos levar a

62. Sobre as diferencias entre “cubanos” e “arxentinos” dentro dun mesmo ámbito local, vid. algunhas referencias (aínda que caóticas) en X. C. GARRIDO COUCEIRO, *Manuel García Barros. Loitando sempre*, Lugo, Eds. Fouce, 1995, para A Estrada ou as constatacións de A. DOMÍNGUEZ ALMANSA (*Asociacionismo agrario*) para o concello de Teo, distinguindo entre diferentes *camadas* ou xeracións de retornados, unha máis conservadora que chegaría logo do Desastre procedente de Cuba e outra de máis radicais “porteños” que arribarían contra os anos da I Guerra Mundial. Sobre as diferencias á hora de desembarcar, vid. F. GRANDMONTAGNE (1944), *Los inmigrantes prósperos* [1933], Madrid, Aguilar, 319-22.

63. Segundo amosa no seu relatorio neste volume B. MÁIZ.

64. Vid MONTEIRO, P. F. (1994): *Emigração. O eterno mito do retorno*, Oeiras, Celta Editora.

conclusións un tanto enganosas. Pola contra, cremos que se ha avanzar máis na liña do estudio das imaxes do indiano no xénero teatral –o arquetipo do indiano é difundido realmente polo teatro menor nos séculos XVII e XVIII, a partir de caracterizacións creadas pola comedia do século XVI, e así se transmiten ó teatro popular costumista do século XIX e comezos do XX–, nos cancioneiros e na publicidade, así como na prensa local e popular e, entrado o século XX, na imaxe visual transmitida polo cinema⁶⁵.

Segunda, que na evolución das imaxes, e dos arquetipos literarios, ten lugar unha constante dialéctica entre imaxe herdada e necesidade de verosimilitude para que a imaxe/estereotipo sexa *eficaz* socialmente. Esculcar que é imaxe herdada e que é innovación producta da interacción coa realidade social cambiante é o reto que nos toca ós historiadores. No caso do imaxinario sobre os indios ibéricos, podemos sinalar como hipótese que data do século XVI, cando se establecen os seus trazos tipolóxicos básicos, esténdese nos dous séculos seguintes, mantense no XIX, diversifícase, na nosa opinión, durante o primeiro tercio do século XX, e arrequécese con novos subtipos que corresponden á interacción das imaxes herdadas coas novas realidades sociais creadas pola extensión social masiva da emigración e do retorno a máis amplos sectores de poboación. Incorpóranse así novos elementos discursivos e anovados arquetipos, nomeadamente o retornado revolucionario e anticlerical, que se suma ó anterior novo rico fachendoso; e a imaxe do *bo indiano*, propagada tanto polos propagandistas das bondades da emigración como polas elites intelectuais das colectividade emigrantes, influídas en boa medida pola revalorización que o rexeneracionismo levou a cabo da figura do emigrante⁶⁶.

65. Bo exemplo diso son ERICE, “Retorno y retornados”, e mailo relatorio de O. ÁLVAREZ GILA neste número. Sobre o indiano no teatro menor dos séculos XVII e XVIII, vid. os traballos de D. RÍPODAS ARDANAZ (ed.), *Lo indiano en el teatro menor español de los siglos XVI y XVII*, Madrid, Eds. Atlas, 1991, e máis id., *El indiano en el teatro menor español del setecientos*, Madrid, Eds. Atlas, 1986. Para o caso galego e maila imaxe do retornado de América na publicidade anterior á Guerra Civil, vid. NÚÑEZ SEIXAS: *Emigrantes*, 313-39 e 352-69. Sobre o retornado de América no cinema español, vid. E. LARRAZ, “El retorno de los emigrados en el cine español (1948-1989)”, en CUESTA BUSTILLO (coord.), *Retornos*, 371-84, e mailo relatorio neste volume de M. GONZÁLEZ.

66. Témonos achegado a esta cuestión en “Una aproximación a la imagen social del emigrante retornado de América en la Península Ibérica (siglos XVI-XX)”, en CUESTA BUSTILLO (coord.), *Retornos*, 3-38. Sobre a conformación da imaxe literaria e publicística dos “brasileiros” en Portugal, vid. o excelente estudio de F. SILVA-BRUMMEL, “E todos, todos se vão”. *Emigration und Emigranten in der portugiesischen Literatur*, Frankfurt a. M., Haag & Herchen, 1987, sobre todo 47-64 e 108-41. Aspectos concretos, por exemplo na obra literaria de escritores oitocentistas coma Júlio Dinis ou Camilo Castelo Branco, en N. VALÉRIO, “A imagem do “brasileiro” na obra literária de Júlio Dinis”, *Ler História*, 39 (2000), 141-52.

En terceiro lugar, un elemento no que cabe afondar é na auténtica influencia que eses imaxinarios sobre o retornado tiveron nos seus ámbitos sociais de orixe e, sobre todo, en que medida se difundiu a través dese imaxinario a “febre da emigración” –por utilizármola expresión de Moya–, e se moldearon os marcos de intelección dos individuos. Se, como sinalamos, a lembranza dos indianos arrequecidos parece xurdir nas memorias dos emigrantes como un determinante da súa vontade de emigrar, tamén cabe preguntarse por qué a imaxe dos fracasados, que era igualmente difundida e coñecida, non lles atinxía tanto. E tamén cabe preguntarse, por suposto, se as descrições que os indianos fan moitas veces de relatos autobiográficos e testemuños orais de emigrantes se corresponden realmente coa realidade percibida no seu intre ou consisten maiormente nunha reelaboración posterior e retrospectiva, alimentada por modelos iconográficos e literarios coñecidos e estendidos na esfera pública.

En cuarto lugar, unha cuestión abordada máis dende a historia da literatura e dende a socioloxía é a construción social da identidade do retornado por el mesmo, como individuo e como grupo. Trátase dunha imaxe calidoscópica, borrosa e con múltiples facetas, construída nunha permanente tensión entre a súa identidade de emigrante/exiliado e a súa vontade de reintegración social no seu ámbito orixinario, no que todo mudou (ou, cando menos, percíbese que así foi). De aí que non falte quen, en afervorado éxtase postmoderno, propoña incorpora-la psicanálise ó estudio do retorno como fenómeno social e histórico. A metodoloxía da historia oral, e as historias de vida, permítennos descubrir múltiples aspectos que se complementan co aspecto máis tratado –o da experiencia literaria do retorno por parte de escritores exiliados ou emigrados⁶⁷–. Igualmente, posibilitánnos profundar nun aspecto só tratado de xeito lateral na maioría dos estudos históricos ou sociolóxicos: a vivencia e experiencia da emigración de retorno por parte dos seus propios protagonistas. A través diso, obterémo-lo elemento que nos falta (a reacción do retornado ante o mundo que atopa) para comprende-lo xogo de espellos que é o fenómeno social do retorno. E, igualmente, quizabes poidamos achegarnos á cuestión da *identidade colectiva* dos “americanos”: ¿ata que punto actuaron nas súas sociedades ou ámbitos sociais de orixe como *americanos conscientes*, con identidade de grupo? Nalgúns casos galaicos, por exemplo, rexistrámo-la existencia a nivel local, denantes de 1936, de centros *habaneiros* ou de *Centros de emigrados* e, a través de festas e celebracións, mantíñase viva, de certo xeito, a identidade de grupo. Dende a década de 1960

67. Vid. varias das contribucións recollidas en R. DUROUX e A. MONTANDON (eds.), *L'émigration: le retour*, Clermont-Ferrand, Université Blaise Pascal, 1999, centradas na *experiencia literaria do retorno*, aínda que na súa maioría se refiren a exiliados e non a emigrantes en sentido estricto.

existen algunhas asociacións de emigrantes retornados en diversos puntos da xeografía ibérica. Emporiso, a representatividade que destas últimas se pode derivar respecto do conxunto dos retornados adoita ser discutible, aínda que constitúan a expresión máis *visible* dese colectivo.

Dunha banda, o problema metodolóxico reside unha vez máis en como evita-lo impresionismo descritivo; e, doutra banda, en como medi-lo carácter representativo das mostras orais ou das historias de vida respecto do conxunto dos retornados e emigrados. Iso non só é unha dimensión cuantitativa, senón que tamén atinxe á transcendencia que se pretenda conferir ás conclusións cualitativas do estudo. Na nosa opinión, trátase dun enfoque complementario, pero non autosuficiente⁶⁸.

Problemas metodolóxicos

Na nosa opinión, e como xa expuxemos, o problema básico co que se enfronta a investigación sobre a influencia da emigración de retorno, non xa no caso ibérico, senón tamén no da maioría dos países europeos, é o de determina-la auténtica *representatividade* das mostras empíricas, do elenco de exemplos de emigrantes retornados estudados.

Prácticamente a totalidade dos modelos existentes baséase no uso e, ás veces, no abuso da inferencia inductiva. En primeiro lugar, no contraste de entrevistas orais –das que a aplicación para épocas anteriores sempre suscita problemas metodolóxicos delicados e pode dar lugar a disfuncións e anacronismos interpretativos. Como é sabido pola experiencia da historia oral, o que os individuos lembran non é a realidade, senón sinxelamente unha lembranza elaborada e máis ou menos idealizada da súa vida, a representatividade da cal cómpre establecer (tanto respecto do total de emigrantes como respecto do total de retornados). Doutra banda, impera o recurso á acumulación, contraste e análises de referencias e testemuños coetáneos en fontes hemerográficas, literarias, publicísticas, libros de viaxes, etcétera. Pero iso suscita problemas de caste semellante. Sobre todo, entre os escritores de certa entidade (lémbrese a visión deturpada e caricaturesca da emigración que dan Palacio Valdés, Emilia Pardo Bazán ou Camilo Castelo Branco, cadaquén cos seus motivos persoais, amais de resoaren neles as imaxes circulantes no seu contorno). Neste senso, entendemos que –sen ser ningunha panacea– fornece un mellor achegamento ós imaxinarios sociais acudir á literatura de masas, a publicidade, as obras de teatro popular, etcétera; é dicir, a aqueles xéneros

68. Veláí unha das críticas máis frecuentes que se formularon a algúns dos traballos clásicos sobre emigración de retorno que fixeron uso extenso desta metodoloxía, coma o de SALOUTOS, *They remember America*.

que, malia non estaren libres en absoluto da reprodución mimética de arquetipos, buscasen ante todo recrearse na verosimilitude de situacións cotiás, coas que o público se puidese identificar de contado. É certo que, á hora de esculcar e sopesar, o noso instinto de historiadores nos leva a procurar un axeitado equilibrio interpretativo; pero tamén o é que, adoito, as xeneralizacións a partir de exemplos illados levan á proliferación de tópicos baseados na lectura de dúas ou tres novelas e un par de libros de viaxes, outorgándolle un peso desmesurado á opinión de intelectuais ou escritores illados.

Mesmo cando se dispón de fontes máis ou menos cuantitativas que recompilan datos prosopográficos de *indianos*, xeralmente de éxito económico, non desaparecen os problemas –por exemplo–, o *inquérito parlamentar* sobre a emigración portuguesa, que inclúe un apartado sobre retornados, encargado pola Cámara dos Deputados lusa en 1873, utilizado por Fernandes Alves; ou o censo de 1.043 indianos asturianos elaborado por Ignacio Herrero de Collantes en 1913⁶⁹. Neste caso, malia dispormos dunha fonte *homoxénea* que permite un tratamento estatístico e cualitativo combinado –sabemos que son tódolos que están–, non nos soluciona o determinar qué porcentaxe representan eses *indianos* respecto do total dos que emigraron en diversas épocas; e nin sequera sabemos se están tódolos que son. Naturalmente, identificarmos unha serie de *indianos* permítenos, polo menos, coñecer unha serie de características internas dese colectivo. Dispoñer desas fontes permítenos establecer pautas tipolóxicas de comportamento do grupo en relación consigo mesmo, o que xa é abondo.

Nembargantes, permanece como unha materia pendente coñecer, ó mesmo tempo, a porcentaxe de retornos, os éxitos e os fracasos en relación ó continxente que emigra, a correlación entre comportamento económico, social, cultural e político asemade. En definitiva, a busca da veracidade das imaxes que nos transmitiron os contemporáneos e os propios indianos. ¿Cal pode se-la solución?

Un posible veyro de exploración pode consistir en reduci-la escala territorial de análise para responder a máis preguntas e poder interrelacionar un número maior de variables, como ben suxeriu Fernando Devoto⁷⁰. Trataríase de aplica-la sa receita da microhistoria italiana: *guardare piccolo, ma non cercare il piccolo*. É dicir, ollar miúdo, pero non por iso busca-los detalles miú-

69. O *inquérito parlamentar* de 1873 é analizado en FERNANDES ALVES, *Os brasileiros*, 258-74; o censo de indianos asturianos de 1913 está recollido en R. ANES ÁLVAREZ e A. de OTAZU y LLANA (1987): *El Banco Herrero. 75 años de Historia, 1912-1987*, Oviedo, Banco Herrero,.

70. DEVOTO, F (1997): “As migracións internacionais e a cuestión da escala”, *Estudios Migratorios*, 3, 9-34.

dos ou insignificantes, senón tentar responder a preguntas máis amplas dende o ámbito local. É o que, de xeito exemplar e practicamente único, fixo no seu momento Kero para o caso de Finlandia⁷¹, mais que para o caso ibérico segue a ser aínda unha materia un tanto pendente, en parte polos problemas prácticos que esa opción implica. É preciso escolmar un ámbito operativo (un concello ou un grupo de concellos) e cruza-los datos obtidos de fontes seriais, demográficas ou fiscais con outras de natureza cualitativa (prensa local, eventualmente fonte oral, etc.) que nos permitan responde-las interrogantes básicas. É dicir: cantos se foron, quen eran e a que grupos sociais pertencían, onde foron e por que, que fixeron en América (se é posible), cantos volveron e cando o fixeron, que mobilidade social experimentaron, a que se dedicaron como retornados e que actuación pública tiveron, de a teren. A partir de aí, apliquémoslles ós resultados os modelos coñecidos e vexamos se aqueles son operativos ou non; e contrastemos igualmente a realidade social taxonomizada con fino bisturí coas imaxes imperantes desa realidade social na esfera pública da época. Quizabes teremos que concluír que Palacio Valdés e Pérez Galdós, moitos autores de topografías médicas e libros de viaxes, os observadores eclesiásticos ou don Vicente Risco confundiron moi ben á posteridade e só nos transmitiron en boa parte unhas observacións peneiradas polos seus propios prexuízos.

Como xa temos sinalado, optar polo ámbito local e a análise microhistórica non é ningunha receita máxica. As fontes fiscais adoitan infravaloral a realidade, os padróns e as listas de ausentes non sempre conteñen as mesmas variables e datos, os retornados que non volven ó concello de orixe figuran como non retornados ou, aínda que moren na vila ou na aldea da que partiron, quizabes investiron os seus haberes noutro lugar (que pode se-la merca de terras no municipio ou na bisbarra do lado). É máis, mesmo nas fontes cualitativas aparecerá máis retratado o retornado que volveu ó seu ámbito social de referencia e orixe, onde salienta e chama a atención, que aquel que se estableceu na cidade, onde a súa pegada, aínda que presente, é menos *visible*. Obviamente, para o período de posguerra e para os retornados da emigración europea, o seguimento dos seus investimentos e actividades complícase aínda máis, aínda que un método alternativo usado profusamente foron as entrevistas múltiples en diferentes puntos xeográficos, combinadas co acceso máis ou menos puntual a estatísticas oficiais e, nalgunhas ocasións, a outro tipo de fontes fiscais ou administrativas. Malia iso non elimina-los problemas de representatividade das mostras, cando menos permite un achega-

71. KERO, "The Return of Emigration".

mento e un ensaio de tipoloxización. Sobre todo, cando se opera en ámbitos espaciais concretos⁷².

Con todo, e coas debidas cautelas, reducir a escala de análise ofrece, polo menos para a época das migracións ultramarinas de carácter masivo, a mellor alternativa á reiteración de confirmacións do que xa sabemos con poucas novidades, polo menos para levar a cabo estudos que permitan interrelacionar os aspectos económico, social e político. O vieiro do *guardare piccolo* comeza a ser transitado en Galicia por algúns autores (Raúl Soutelo, limiar da súa eviterna tese de doutoramento, para o caso do noroeste da provincia de Ourense, ou Julio R. Pereira para o caso dos concellos pontevedreses de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño)⁷³. E, igualmente, foi o vieiro escollido por un estudio notable en varios aspectos: o de Yanes Mesa sobre o concello de Güímar (Gran Canaria) no período 1917-34⁷⁴. Este autor identifica 778 partidas, que corresponden a 731 emigrantes reais, calcula a porcentaxe dos que emigran por barrios e descobre o destino de 528 emigrantes (67,8%

72. Un bo exemplo, aínda que breve, témolo na análise do comportamento innovador dos emigrantes galegos retornados de Europa Central (Alemaña, Suíza) nas décadas de 1970 e 1980 mediante cuestionarios e entrevistas individuais que ofrecen A. PRECEDO LEDO e A. DOVAL ADÁN, "El retorno de los emigrantes. Las iniciativas locales y la innovación rural en Galicia", en VV. AA., *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía y Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Angel Rodríguez González*, Santiago de Compostela, USC, 1987, vol. II, 535-43. Igualmente, R. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (1998): "A emigración de retorno nas pequenas cidades galegas", *Estudios Migratorios*, 5, 29-52, quen utiliza como fonte as demandas de licencias de obra dun concello. Máis exemplos de método de traballo con enquisas, combinándoas cos datos estatísticos do INE, en J. DE JUANA LÓPEZ (dir.), *La emigración en la provincia de Orense. El retorno y sus perspectivas*, Ourense, Caixa Ourense, 1984, ou I. DE LA CAMPA (coord.), *Informe sobre el retorno en los municipios de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996. Unha recapitulación descritiva sobre estes e outros traballos en G. ÁLVAREZ-SILVAR e A. IZQUIERDO, "Estado actual de la investigación sobre el retorno", en id. (eds.), *Políticas de retorno de emigrantes*, A Coruña, Universidade da Coruña, 1997, 45-74.

73. Un avance dalgunha destas pescudas en curso en R. SOUTELO VÁZQUEZ, "Los aspectos microsociales de la emigración gallega a Cuba: Aproximación a sus consecuencias familiares y sociales en la periferia rural de Ourense (1890-1960) a través de los documentos personales", *Historia Contemporánea*, 19 (1999), 287-317, e id., "La actuación sociopolítica de los retornados en la Galicia rural: el Ribeiro y el Noroeste ourensanos, 1890-1936", en CUESTA BUSTILLO (coord.), *Retornos*, 75-114. Igualmente J. R. PEREIRA, "La emigración de Salceda de Caselas", traballo inédito, USC, 2001.

74. YANES MESA, J. A. (1993): *La emigración del municipio canario de Güímar, 1917-1934*, La Laguna, Centro de la Cultura Popular Canaria. Aínda que o estudio de Miguel Monteiro sobre Fafe (*Migrantes*, 249-318) inclúe algunhas traxectorias prosopográficas de "brasileiros" de grande plasticidade, non chega a elaborar unha cuantificación dos retornos. Vid. tamén as referencias ós indianos de Portugalete en SIEGRIST DE GENTILE e ÁLVAREZ GILA, *De la Ría del Nervión*, 161-66 e ss.

do total), sendo Cuba o destino preferente (92,6%), seguida a distancia de Venezuela (3,03%). Só repetiu viaxe o 6,48% dos emigrantes, o que desmente a importancia da emigración andoriña. Pois ben, deles retornou definitivamente ó concello nada menos que o 70,45% dos emigrantes, sendo os regresos masculinos máis numerosos cós femininos. Polo menos o 42,26% dos prófugos entre 1920 e 1927 emigrou legalmente nos anos previos á súa chamada a filas. De feito, o autor considera que a emigración clandestina non foi superior a un 20% da legal. ¿Quen emigraba? Nin os moi ricos nin os máis pobres –como se ten comprobado para outros lugares, coma Portugaleta ou Salceda de Caselas–, pois o prezo do billete era un atranco. Nembargantes, os retornados non experimentaron gran mobilidade social, segundo revela a análise da situación daqueles dentro das diversas relacións contributivas conservadas no arquivo municipal, ou nos libros de catastro de rústica e pecuaria: decorridos vinte anos, “el éxodo no había catapultado a ninguno de nuestros emigrantes hacia la cúpula social del municipio”. Ademais, a penas figuran retornados nos gobernos municipais. Co Directorio militar, só acceden tres retornados ó goberno municipal. Durante a República, son novamente tres os retornados que acceden ó consistorio. Tampouco a economía local acusou significativamente o impacto do fluxo monetario provocado pola emigración. Analizando os datos dos contribuíntes rústicos e pecuarios, o autor observa que, entre os pequenos propietarios agrarios, os que emigraron e regresaron posuían, globalmente, un patrimonio rústico máis consolidado. Con todo, só os máis afortunados construíron unha vivenda para abrir un negocio de venda de aceite. Estas humildes melloras si foron facilitadas polo diñeiro de Cuba. Mais este non chegou en grandes cantidades, senón repartido en pequenas sumas por cada retornado, sen construcións fastosas. Como moito, algún dente de ouro e un reloxo ou un sotaque cubano na fala eran os sinais distintivos dos *cubanos*.

Sen dúbida, Güímar non é necesariamente o conxunto das Canarias. Nin tampouco as súas conclusións son extrapolables, sen máis reflexión nin pescuda complementaria, a outras zonas da mesma illa de Tenerife, outras illas canarias, outros casos hispánicos ou da Europa meridional. Quizabes as dinámicas serían diferentes se houbera emigrantes a Arxentina ou Brasil, poñamos por caso. E o feito de que Güímar se atope nunha zona agrícola pouco vizosa pode ter contribuído a que os retornados investisen os seus aforros noutras zonas. Con todo, afirmando con esa base empírica as cousas, podemos avanzar máis nos nosos coñecementos e así supera-las visións impresionistas das que, ata o de agora, continuamos a ser prisioneiros na meirande parte da historiografía europea (e norteamericana) sobre a emigración de retorno.

Con todo, estudos locais coma os expostos, e os que veñan a seguir, terán que inserirse nun marco de discusión extracanario, extragalago ou

extraibérico, e contrasta-los seus resultados con tipoloxías, modelos e experiencias doutras latitudes. Pois un problema metodolóxico igualmente grave na maioría dos casos é a premente falla de perspectivas comparativas cos modelos existentes, cando non a falla de ousadía para tentar propor novos modelos ou tipoloxías, aínda que sexa de xeito tentativo. A ausencia de contraste con estes modelos réstalles interese ás conclusións dalgunhas monografías dedicadas ó fenómeno da migración de retorno⁷⁵, que indefectiblemente seguen a soar a tópicos xa reproducidos no seu día polos observadores clásicos da emigración. Mais, a fin de contas, e mentres non se demostre o contrario, para qué esforzarse: sempre atoparemos quen nos publique calquera cousa que escribamos. E que inventen eles, que diría Unamuno.

75. Por exemplo, ÁLVAREZ SILVAR, G. (1997): *La migración de retorno en Galicia (1970-1997)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, ou id. (2001): *De volta ao lar*, Sada, Edicións do Castro.

Resumo

**EMIGRACIÓN TRANSOCEÁNICA DE RETORNO E CAMBIO SOCIAL
NA PENÍNSULA IBÉRICA: ALGUNHAS OBSERVACIÓNS TEÓRICAS
EN PERSPECTIVA COMPARADA**

Xosé M. Núñez Seixas

O artigo pretende avaliar o estado da cuestión do estudo da emigración de retorno na historiografía ibérica, formulando unha perspectiva comparativa coa correspondente situación das investigacións no contexto europeo, nomeadamente nas historiografías norteamericana, italiana e alemana. A seguir, abórdase unha perspectiva das cuestións metodolóxicas e teóricas máis importantes que faltarían por analizar, e suxírense tamén algúns vieiros de posible avance.

Palabras clave:

Emigración de retorno, historia comparada, Península Ibérica.

Resumen

**EMIGRACIÓN TRANSOCEÁNICA DE RETORNO Y CAMBIO SOCIAL
EN LA PENÍNSULA IBÉRICA: ALGUNAS OBSERVACIONES TEÓRICAS
EN PERSPECTIVA COMPARADA**

Xosé M. Núñez Seixas

El artículo pretende evaluar el estado de la cuestión do estudio de la emigración de retorno en la historiografía ibérica, planteando una perspectiva comparativa con la correspondiente situación de las investigaciones en el contexto europeo, sobre todo en las historiografías norteamericana, italiana y alemana. Se aborda una perspectiva de las cuestiones metodológicas y teóricas más importantes que quedarían por analizar, así como también se sugieren algunos caminos de posible avance.

Palabras clave:

Emigración de retorno, historia comparada, Península Ibérica.

Résumé

**ÉMIGRATION TRANSOCÉNANIQUE DE RETOUR ET CHANGEMENT SOCIAL
DANS LA PÉNINSULE IBÉRIQUE. QUELQUES OBSERVATIONS THÉORIQUES
EN PERSPECTIVE COMPARÉE**

Xosé M. Núñez Seixas

L'article veut faire le point sur l'état de la question de l'étude de l'émigration de retour dans l'historiographie ibérique, dans une perspective de comparaison avec la situation correspondante des recherches dans le contexte européen, surtout dans les historiographies des États-Unis, d'Italie et d'Allemagne. Il aborde la prospective des problèmes méthodologiques et théoriques les plus importants qui resteraient à analyser et suggère aussi quelques voies vers une éventuelle avancée.

Mots clé:

Émigration de retour, histoire comparée, Péninsule Ibérique.

Summary

TRANSOCEANIC RETURN MIGRATION AND SOCIAL CHANGE
ON THE IBERIAN PENINSULA: SOME THEORETICAL OBSERVATIONS
IN A COMPARATIVE PERSPECTIVE

Xosé M. Núñez Seixas

The article attempts to evaluate the state of the art of the study of return migration in Iberian historiography, proposing a perspective based on comparison with the corresponding situation of research into the subject in the European context, particularly in North American, Italian and German historiography. It deals with an overview of the most important methodological and theoretical questions still to be analysed, as well as suggesting certain directions for possible advancement.

Keywords:

Return migration, comparative history, Iberian Peninsula.

Currículo

XOSÉ MANOEL NÚÑEZ SEIXAS (Ourense, 1966) é doutor en Historia Contemporánea polo Instituto Universitario Europeo de Florencia e na actualidade profesor titular de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. Tense especializado no estudio comparado da cuestión nacional e na análise das dinámicas sociopolíticas da emigración transoceánica en Galicia. Sobre este tema publicou ultimamente os libros *Emigrantes, caciques e indianos* (Vigo, Xerais, 1998) e *O inmigrante imaxinario* (Compostela, USC, 2002), ademais de ter editado o volume colectivo *La Galicia Austral: La inmigración gallega en la Argentina* (Bos Aires, Biblos, 2001). É membro do Arquivo da Emigración e integrante do consello de redacción das revistas *Estudios Migratorios* e *Estudios Migratorios Latinoamericanos*.

MOBILIDADE TRANSATLÁNTICA E CIRCUÍTOS MIGRATORIOS: PERSPECTIVAS ANALÍTICAS E PROBLEMAS METODOLÓXICOS DAS MIGRACIÓNS DE RETORNO DOS ESPAÑOIS DENDE ARXENTINA (1880-1930)

Carina Frid

A popular noción de que toda migración é, polo menos nunha formulación inicial, un fenómeno de alcance temporal forma parte das imaxes máis difundidas. En realidade, os emigrantes temporais inspíranse en figuras bastante recoñecidas nos espazos de orixe: dende os *hirondelles* norteitalianos que emigraban dende fins do XVIII periodicamente ós centros urbanos do sur de Francia (Ramella, 1991) ata a tamén tradicional emigración de galegos á agricultura castelá (Eiras Roel, 1988) e, máis avanzada a segunda metade do oitocentos, á *zafra* cubana (Losada Álvarez, 1995).

A intensificación da mobilidade de retorno ó longo da primeira década do novecentos renovou as antigas e tradicionais prácticas baixo novos auspicios, fundamentalmente a partir da redución do ciclo de expatriación e a baixa especialización laboral dos seus protagonistas.

As migracións de retorno configuran de tódolos xeitos unha das cuestións menos estudias pola literatura das migracións internacionais. Malia o peso que estas alcanzaron dentro do saldo total da mobilidade transatlántica entre 1860 e 1930 (os seus valores chegan a proporcións próximas ó 40% do conxunto segundo os países de destino e os períodos tratados), o problema da emigración de retorno ocupa aínda hoxe un mínimo espazo dentro da axenda de investigación do fenómeno migratorio transcontinental¹. Niso pesaron as tradicións intelectuais e os marcos conceptuais dende os cales se mirou, ata etapas recentes, o fenómeno das migracións internacionais, tanto

1. A lista de estudos xerais e especializados no tema é singularmente reducida. As liñas de análise iniciadas a fins da década de 1970 (Gould, 1979), as cales traballaron a cuestión da construción dos mercados de traballo internacionais do XIX e comezos do XX en clave interpretativa de procesos macro-económicos a escala mundial, recibiron renovados impulsos unha década máis tarde (Baines, 1991; Taylor, 1994). Dende o campo específico dos estudos migratorios que abordaron en xeral a problemática dende escalas analíticas menores, os saldos resultan igualmente escasos, a pesar do crecente interese despertado recentemente polo problema da emigración de retorno (Kero, 1972; Cinel, 1991; Núñez Seixas, 1999).

dende a óptica do campo xeral dos estudos migratorios coma dende a perspectiva que ten como punto de partida a sociedade de orixe ou ben a de destino. As ambigüidades conceptuais que rodean o termo influíron negativamente na construción de modelos e na análise tipolóxica do problema, persistindo en cambio unha asociación case mecánica entre o concepto xeral de migracións temporais, mobilidade de ciclo curto e estacional, e migracións de retorno, en tódolos casos conceptos que denotan fenómenos diferenciados. Só a xeito de sistematización provisional antes que exhaustiva, comprendemos, dentro das migracións temporais, os proxectos de traslado transoceánico de carácter transitorio, xa fosen estes de ciclo curto (superior á unidade e menor ó lustro), longo (8 a 10 anos de expatriación) ou ben estacional (menor ó ano). Xunto a eles, pero nunha escala significativamente menor en canto ás súas dimensións, poderíamos agrega-los movementos curtos de retorno ós espazos de orixe que forman parte en realidade de programas de traslado permanente (venda definitiva de bens) ou ben que se axustan a eventos do ciclo familiar (morte dos proxenitores e distribución de herdanza, matrimonio). Por último, está o retorno permanente ou definitivo ós espazos de partida, unha modalidade que ten un impacto nos escenarios de orixe tanto no marco económico (investimentos, fluxos monetarios e financeiros) (Cinel, 1982) como no sociopolítico (como factor potenciador da modernización cultural e política de espazos aínda articulados arredor dunha *orde conservadora*) está sendo revalorizado recentemente como dimensión estratéxica do proceso migratorio (Núñez Seixas, 1999).

A imaxe máis difundida da mobilidade de retorno no campo da historiografía non tomou como punto de partida, polo menos ata etapas relativamente recentes, a multiplicidade de modelos que coexisten dentro do marco xenérico da chamada mobilidade temporal. Pola contra, unha das tradicións intelectuais que perduran con maior forza ó redor desta ten como base o difundido estereotipo dos *andoriñas* (a versión estadounidense destes resúmena os coñecidos *birds of passage* de Bailey [1912]) divulgado polos contemporáneos (Alsina, 1898; Bailey, 1912). Dentro desta vertente, as migracións de retorno foron asociadas tanto cos aspectos tipolóxicos do fenómeno (modelos de emigración cíclica de renovación anual ou ben de estadias de curto prazo propios das economías exportadoras dos mercados atlánticos) coma tamén coas orixes xeográficas dos protagonistas deste tipo de mobilidade: o aparente dominio de compoñentes procedentes do sur de Europa contribuíu a consolidar aquela tradicional imaxe que asociaba a *new migration* coas migracións temporais, o mercado de traballo americano e a crecente entrada de man de obra non cualificada de orixe inmigrante dentro dun amplo sector da economía estadounidense a partir das últimas décadas do século XIX.

Esta perdurable e consolidada versión foi cuestionada primeiro por Gould (1979) e máis recentemente en traballos como o de Baines (1991). A proposta analítica desenvolvida polo temperán estudio de Gould subliñaba precisamente o forte grao de articulación que formulaba a mobilidade de retorno co proceso de construción dos mercados de traballo atlánticos, a relación xeralmente positiva establecida entre niveis de emprego nos espazos de orixe e de destino (sumándolle-la devandita variable a outras claves explicativas, tales como o diferencial de salarios), a incidencia dos custos decrecentes das travesías (vía redución de custos de oportunidade) na consolidación e crecemento do fenómeno da emigración de retorno. Baines, pola súa banda, cuestionou as limitacións dos modelos conceptuais centrados na contraposición *old/new migration*. Sen deixar de recoñecer-lo diferencial de taxas de retorno observables para os europeos do norte (20% para o caso escandinavo) en relación ó modelo meridional (con niveis que superan o 40% no caso italiano), Baines puxo énfase no crecemento da escala de retornos na primeira década do novecentos experimentada polos emigrantes británicos (41% do total das entradas), distanciándose deste modo dos argumentos que limitaban a mobilidade de retorno á inmigración sudeuropea, basicamente personificada polos *unskilled*. Unha terceira e recente achega á análise máis xeral do problema da mobilidade migratoria subliñou o grao de articulación que observa o movemento de estadías transitorias coa formulación de estratexias familiares, ciclo de vida e ciclo migratorio (Ramella, 1991). As condicións ofrecidas polos mercados de traballo nos países de destino conxugaríanse así con expatriacións de curto e de mediano prazo, a partir das cales se facilitaba a implementación de estratexias que tendían a xerar aforro ou a eludilos períodos de desemprego que afectaban diferencialmente ós ámbitos locais de partida. Seguindo esta perspectiva conceptual, estudos pioneiros como o de A. de Clementi (1999) para o caso da emigración calabresa abriaron novas propostas de traballo centradas na análise da relación existente entre emigración, *lyfe-cycle* e estrutura familiar. As idades modais dos emigrantes, comprendidas entre os quince e os corenta anos, incluía tanto solteiros como casados. Os primeiros eran mobilizados polas decisións tomadas dentro dos núcleos domésticos máis anciáns e a súa partida marcaba o inicio dun itinerario no cal o retorno era parte integral do devandito programa. A partida do cónxuxe masculino respondía xeralmente ós matrimonios recentemente constituídos ou ben con fillos en idade infantil (De Clementi, 1991) e incluía tamén un modelo emigratorio en etapas: emigración anticipada do xefe de familia (acompañado de parentes, fillos ou sobriños adolescentes, afillados), conxerencia posterior do resto do grupo familiar ou ben retorno. Os cambios operados tanto na oferta coma na demanda dos mercados de traballo locais definiron, en boa medida, os perfís profesionais dos que participa-

ban da mobilidade pendular, fenómeno que adquiriu, na primeira década do novecentos, unha dinámica ata o momento descoñecida nas expatriacións transoceánicas no caso suditaliano, ó nutri-las súas filas con pequenos propietarios, agricultores e xornaleiros.

A caída do traballo asalariado (fenómeno común vinculado á crise experimentada pola pequena propiedade dos espazos sudeuropeos) non só lles afectou ós obreiros agrícolas non propietarios. Perdeuse tamén unha fracción importante da entrada anual das familias campesiñas, caendo, ó mesmo tempo, a demanda do traballo eventual para a colleita e con ela o emprego estacional (da metade de xuño á metade de xullo), este último considerado un promotor de mobilidade rural tradicional. Sobre os alcances e a dinámica existente entre o funcionamento dos mercados de traballo locais e as expatriacións ultramarinas temporais, os estudos arredor da mobilidade migratoria mostraron escasos signos de avance. Iso limita a nosa actual capacidade explicativa tanto do diferencial de intensidade das taxas de retorno coma das tipoloxías construídas a partir do calendario dos éxodos (duración, frecuencia) nunha rexión ou área dada sen coñece-las características do mercado de traballo de orixe (niveis de emprego rural, número de días traballados, salarios), sendo esta complexa complementariedade un dos interrogantes aínda pendentes de análise nos estudos sobre mobilidade migratoria.

AGRICULTURA, MERCADOS DE TRABAJO E MOBILIDADE DE RETORNO EN ARXENTINA

A historiografía das migracións de retorno mostra unha sensible asimetría, se temos en conta o peso da literatura dedicada ó tema que toma como punto de partida as economías e os mercados de traballo dos espazos de destino. Construción de infraestrutura e crecemento da demanda de man de obra industrial non cualificada en América do Norte e agriculturas de exportación nos casos latinoamericanos (Cuba, Brasil, Arxentina) resumen os contextos que xustifican a presenza de traballadores ultramarinos temporais. No caso da Arxentina, a agricultura e o desenvolvemento do sector externo da súa economía durante os anos da inmigración masiva son as dúas claves explicativas centrais do comportamento xeral do mercado de traballo e da entrada de man de obra transoceánica. A entrada de traballadores estacionais constituíu, dentro desta versión, un factor compensador (axustando custos e salarios) da economía agroexportadora riopratense (Taylor, 1994). A expansión da produción agraria pampeira xerou un forte incremento da demanda de obra eventual e situou a oferta estacional de brazos no centro da escena da economía arxentina de fin de século e primeira década e media do novecentos. Este efecto regulador sobre os salarios percibidos (mesmo se estes resul-

taban máis elevados que os demandados pola poboación nativa) tería orixe, pola súa vez, nunha elevada elasticidade da oferta de man de obra eventual ultramarina (Cortés Conde, 1979; Díaz Alejandro, 1983).

Aínda que as precedentes argumentacións suxiren, para o caso arxentino, a existencia de correlacións entre o funcionamento do mercado de traballo agrícola eventual e as estadias de prazo estacional (con entradas no último trimestre e saídas no primeiro seguinte), estas non se sustentan en verificacións empíricas que medisen cuantitativamente as dimensións do fenómeno, rexistrasen os caracteres estruturais da corrente migratoria dirixida ós espazos agrícolas pratenses ou ben acreditasen nominativamente a existencia de movementos curtos de renovación estacional. Máis ben mostran a perdurabilidade dos modelos herdados da tradición administrativa arxentina vinculada ó control do tráfico migratorio (como fora o caso de Juan Alsina á fronte do Departamento Nacional de Migracións, 1891-1911), a cal, xa dende fins do século XIX, identificaba a migración *andoriña* coa demanda derivada do ciclo agrario. Proxectada ós modelos explicativos do funcionamento do sector externo da economía arxentina, esta orde de correlacións supón a distribución de información perfecta (emprego, salarios, transporte) entre todos aqueles que participaban deste tipo de modalidade migratoria.

Estudios recentes, algúns deles focalizados no rexistro de movementos de saída e retorno a escala aldeá-rexional, como é o caso da emigración italiana dende a área de Bari a fins do século XIX (Moreno e Cacopardo, 1994), axustaron (polo menos para os espazos meridionais itálicos) a amplitude das expatriacións temporais á Arxentina dentro dun rango temporal que oscilaba entre os 3 e os 4 anos de duración, lapso similar ó experimentado polos *andoriñas* italianos que se dirixiron ó mercado estadounidense (Baines, 1991). Por outro lado, tamén algunhas voces contemporáneas ó fenómeno manifestaron as súas disensións arredor da existencia de *andoriñas*. Unha delas foi a de Luis Moltedo, presidente da sucursal arxentina dunha das principais liñas de navegación italianas (Lloyd Sabauda-Argentino). Moltedo sostivo que a arribada dos chamados *residentes antigos* (declaración que realizaban os emigrantes ultramarinos que voltaban ante as autoridades de inmigración arxentinas) non se correspondía coa figura dos *andoriñas*. Infería, nese sentido, que, a pesar da oferta periódica que realizaban as empresas navais de pasaxes de ida e regreso, a resposta era en cambio practicamente nula, mentres que a demanda de billetes de retorno se concentraba nos meses de tarifas máis elevadas. O mencionado comentario pon en evidencia, deste modo, as limitacións explicativas derivadas da perspectiva centrada uncausalmente no mercado de traballo agrario. O cadro da economía arxentina das últimas décadas do oitocentos e comezos do século XX ofrecía unha lista máis complexa de sectores, a expansión destes sostívose tamén nunha oferta elástica de man de obra e no crece-

mento da demanda local. O incremento do volume de traballo en actividades vinculadas á construción de obras públicas (dentro das cales a infraestrutura urbana lideraba a lista), ó tendido de liñas férreas e á construción privada urbana convocaba a unha consistente corrente de sectores de baixa especialización, proceso este que tivo que axustarse ó ciclo de investimento aberto dende o último cuarto do século XIX (Cortés Conde, 1979).

A entrada de poboación ultramarina inscribíase deste modo dentro da diversificada arquitectura deseñada polos tres mercados de traballo existentes entón na Arxentina: o mercado de traballo rural, asociado á demanda estacional de traballo eventual; o urbano, dentro do cal tiñan cabida o sector industrial e artesanal, a industria urbanística (pública e privada) e a construción de infraestrutura de servizos urbanos (auga corrente, iluminación, comunicacións, electricidade); e, finalmente, aquel vinculado á construción de infraestrutura en comunicacións a escala nacional (portos, vías férreas). Sobre os modos en que se articulou a demanda de brazos nos tres mercados de traballo e sobre as estratexias que implementaron os sectores extrarrurais fronte á competencia establecida polos salarios da agricultura cerealeira en época de colleita, as precisións son aínda escasas. As observacións dos contemporáneos (Bunge, 1917) subliñaron a existencia dunha intensa mobilidade xeográfica e interprofesional², verificada na circulación da man de obra de orixe inmigrante no interior dos mercados de traballo urbano e rural (Pianetto, 1983). A estrutura da nacente industria urbana riopratense (têxtils, frigoríficos, vestimenta e confección) sostívose en patróns de investimento de baixa intensidade de capital. O fenómeno tivo o seu peso á hora de definir estratexias e calendarios (compensatorios ou ben competitivos) en relación á demanda laboral agraria: o peche de portas durante os meses estivais parece difundirse sobre todo nas industrias de menos capital intensivo (têxtils) e de alta rotación (frigoríficos), na medida en que os seus *inputs* resultaban menos custosos de axustar que naquelas que contaban con elevados niveis de investimento (Magnac e Postel Vinay, 1997³). En canto ó sector vinculado á construción de infraes-

2. Enquisas realizadas na primeira década do novecientos ofrecen abundantes testemuños sobre os alcances do fenómeno. Oficina Nacional del Trabajo: *Boletín de la Oficina Nacional del Trabajo*, Bos Aires, ano III, 1911.

3. Un estudio realizado por Magnac e Postel-Vinay arredor da competencia do sector industrial e o rural en Francia durante a segunda metade do século XIX postula a existencia de patróns diferenciais entre a mobilidade estacional de man de obra pertencente a industrias capital-intensivas (metalurxia, minería) e aquelas que observaban baixos niveis de investimento (têxtils). Para as primeiras, o mantemento dos niveis de produción ó longo de todo o ano compensaba a retención da súa man de obra vía salarios máis altos. Magnac, T. e Postel-Vinay, G.: "Wage competition between Agriculture and Industry in Mid-Nineteenth Century France", *Explorations in Economic History*, n.º 34, 1997, 1-26.

estructura (vías férreas, portos), o seu menor grao de competitividade a nivel de salarios derivou nunha dinámica marcada polos ritmos da demanda estacional rural, apoiada en xeral na absorción da man de obra menos cualificada no *hinterland* agrario circundante ó tendido de liñas férreas.

Tanto a duración das estadias de ciclo curto como a decisión do retorno articuláronse, deste modo, nun modelo dinámico de circulación dentro dos diferentes mercados de traballo, circulación que se sostivo na maximización do nivel do emprego (aínda baixo réximes salariais heteroxéneos) e do conseguinte nivel de aforro. A alternativa de maximiza-las oportunidades dos mercados de traballo riopratenses ó longo de estadias maiores que as comprendidas dentro do ciclo estacional anual resultou, deste modo, máis utilizada que a alternativa do regreso a partir da redución dos custos e duración da travesía oceánica.

O ESTUDIO DAS MIGRACIÓNS DE RETORNO DENDE A ARXENTINA E O PROBLEMA DAS FONTES

Se o historiador é prisioneiro das fontes, para aborda-las características do fluxo migratorio de retorno dende a Arxentina tal comentario é case unha profecía autocumprida. En primeiro lugar, porque o tipo de fontes dispoñibles no espazo de partida condiciona, neste caso severamente, as posibilidades de realizar unha tarefa de reconstrucción analítica sustentada no uso de escalas non só de base rexional e micro-rexional do fluxo, senón tamén de enfoques cualitativos e relacionais comparables ós que a historiografía especializada vén explotando con fontes como os Partes Consulares e, en menor medida, as Listas de Desembarco. O primeiro dos casos permite dispoñer de información desagregada sobre a orixe municipal e rexional, e do concello e provincia do último domicilio, ademais dos datos de filiación, sexo, profesión e idade dos embarcados cara á Arxentina.

Os fondos documentais equivalentes ás devanditas fontes –as listas de embarque que rexistran a saída de inmigrantes dende o porto de Bos Aires cara ós destinos transoceánicos– configuran, pola contra, un corpus documental cunha calidade informativa sensiblemente menor á provista polos rexistros de entrada⁴. En primeiro lugar, os datos consignan a idade, a nacionalidade, o porto de destino dos emigrantes e, ocasionalmente, o estado civil. A fonte resulta ademais heteroxénea en canto á forma de recompilación da información, xa que as listas eran confeccionadas con moi diferentes

4. O material documental atópase depositado na sede da Dirección Nacional de Migraciones. Non existe nin catalogación nin rexistro sistemático deste. A documentación atópase dispersa dentro do depósito que a aloxa.

criterios polos distintos responsables das naves. Por outro lado, ó uso frecuente de comiñas e ó descoido para consigna-lo dato profesional (debilitando deste modo a calidade da información subministrada), súmaselle-la perda dunha proporción importante do material: polo de pronto, non se resgardou ningún dos libros correspondentes á década de 1880, só se conserva unha mínima proporción do material. Os fondos remanentes cobren de forma desequilibrada a información do período. Así, mentres que foi posible localizar case na súa totalidade os fondos correspondentes ós anos de 1890 a 1892, só se conta co primeiro semestre de 1895 e o período maio-décembro de 1896. As lagoas informativas esténdense practicamente dende esa data ata o ano 1907, momento a partir do cal non existe de ningún ano a información completa ata o bienio 1919-1920. Dadas as mencionadas restriccións, procedeuse a traballar con dúas series correspondentes á década de 1890 (xaneiro-xuño de 1895 e maio-décembro de 1896), unha serie correspondente ó ano de 1907 (abril-décembro do mesmo ano) e, por fin, os meses de xaneiro e xuño de 1910, de maio-xuño de 1912 e xuño-xullo de 1913⁵.

Ante as dificultades mencionadas, considerouse a alternativa de utilizar información indirecta recollida de mostras seleccionadas de Listas de Embarque correspondentes ós anos de 1923 e de 1924. Tales fondos documentais teñen como base as declaracións solicitadas ós inmigrantes que cumprían coa condición de residentes antigos. Aínda que a práctica de interrogalos que chegaban sobre anteriores estadías no país era corrente, fenómeno que era consignado xeralmente coas siglas RA (residente antigo) na marxe correspondente á fila do enquisado, a partir de setembro de 1923 vén sendo rexistrado de forma sistemática. A grilla incluíu a partir de entón unha pregunta sobre estadías previas e lugar onde transcorreran estas, sumada ó dato sobre nacionalidade, provincia de orixe, porto de embarque, profesión, sexo, idade, estado civil, relixión, idioma e alfabetización, así como tamén sobre a opción de aloxamento no Hotel de Inmigrantes. A maior riqueza informativa destes documentos sostense tamén no coidado do detalle das profesións, así como tamén no detalle do dato sobre referentes locais (parentes, amigos) que interveñen na súa entrada na Arxentina, información esta que xeralmente era consignada na columna correspondente á demanda de aloxamento no Hotel de Inmigrantes. Co fin de construír unha serie homoxénea, rexistráronse os

5. Co obxectivo de compara-los datos de partida cos de entrada, cruzouse a información dunha mostra construída con mil emigrantes de orixe española correspondentes ós anos de 1895, 1896 e 1907 obtida das mencionadas listas, coa doutros mil inmigrantes españois rexistrados na Base de Datos que conteñen as Listas de Desembarco do CEMLA (Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos, Bos Aires). A tarefa non forneceu resultados satisfactorios, razón pola cal se optou por traballar con información alternativa.

datos correspondentes á duración das estadias, idade das persoas que reentran, profesión e provincia de orixe correspondentes ás listas dos meses de outubro e de maio de 1923 e de 1924 e obtívose unha mostra de 25 vapores dun total de 189 arribados nos devanditos meses e anos. A selección dos casos tivo en conta a calidade da lista correspondente (evitáronse as listas que presentasen unha ou máis columnas incompletas) e que contase con pasaxeiros de nacionalidade española. A elección dos meses en cuestión (maio/outubro) susténtase na detección de diferenciais segundo a estacionalidade das chegadas, no caso de que esta convocase figuras profesionais de distinta orixe. En canto ós portos de embarque, tívose en conta manter unha relación 1/1 entre os procedentes da fronte atlántico-cántabra (Vilagarcía, Vigo, A Coruña, Bilbo) e os que partiron das costas meridionais e mediterráneo-orientais (Barcelona, Cádiz, Málaga, Valencia).

DA ARXENTINA A ESPAÑA: CICLOS, PROTAGONISTAS, TIPOLOXÍAS

As migracións de retorno ocuparon unha considerable proporción do fluxo migratorio transcontinental que se dirixiu á Arxentina (1880-1930). Aínda que como espazo de recepción consistiu na xeración de proxectos de instalación permanente –primeiro mediante a oferta de terras e máis tarde coa expansión das actividades secundarias nadas á beira do modelo agro-exportador–, a Arxentina compartiu, xunto con outros destinos atlánticos (Estados Unidos, Brasil), a presenza de correntes migratorias de carácter temporal. O comportamento do exemplo arxentino, con taxas que teñen valores que se aproximan ó 46% para o total do período 1880-1914, é comparable coas taxas internacionais xerais xeradas polo mesmo fenómeno durante o devandito lapso de tempo: así, mentres que para os Estados Unidos se achegan ó 50% na primeira década e media do novecientos, resultou menor que o alcanzado por Brasil entre 1907 e 1914 (67% de retornos sobre o total de entradas) (Gould, 1979).

Arxentina liderou, xunto a Cuba e Brasil, a lista dos mercados de traballo a onde se dirixía a corrente migratoria española durante os anos da inmigración masiva. As conexións entre o fluxo peninsular e o espazo riopratense intensificáronse ó longo do último tercio do século XIX e sobre todo na primeira década do novecientos, momento en que se verifica o arrinque do amplo desenvolvemento da inmigración española á Arxentina. Daquela, o incremento do volume e frecuencia do transporte marítimo reorganizado ó redor dun conxunto de portos que concentraban a maioría das saídas e as entradas cara ós destinos sudatlánticos (Vigo, A Coruña, Vilagarcía, Bilbo, Barcelona, Cádiz), a redución das tarifas de transporte e a dispoñibilidade de


mecanismos de acceso á información configuraron as bases do contacto entre o mercado de traballo arxentino e a emigración española. A consolidación da corrente española produciuse como parte dun proceso gradual de intercambio entre os protagonistas e as oportunidades abertas pola economía arxentina. Estas diferían sensiblemente doutras ofertas como a cubana, tan tradicional e funcional ás estadias de curta duración estimuladas polos ciclos de auge azucreiro previos á secesión política cubana. Alentada pola redución dos custos de comunicación e a duración das travesías entre a fronte atlántico-cantábrica e as augas caribeñas, a especialización da corrente española (na práctica, maioritariamente articulada arredor do compoñente astur-galego) en Cuba tiña na Arxentina, polo menos ata fins da última década do XIX, un competidor de peso crecente respecto da calidade da súa oferta (particularmente vantaxosa en canto ó nivel de salarios, á diversificación dos seus mercados de traballo e á oferta de terras abertas nos bordos da fronteira agrícola en expansión). Como contrapartida, o mercado riopratense presentábase menos accesible en termos de custos directos (pasaxes, custos de instalación) e indirectos (número de días non traballados, busca de emprego, inserción en sector ou actividade económica). A consolidación do arrinque definitivo e posterior articulación da corrente ibérica dentro do mercado de traballo riopratense situou a Arxentina no centro do éxodo masivo español de comezos do novecentos. Entón tamén a opción riopratense viuse favorecida pola revalorización do aforro ante a conxuntura favorable da paridade peseta/peso inaugurada coa reforma monetaria arxentina de 1899 e a posterior política financeira implantada por España centrada na revalorización da peseta.

A lectura global da curva descrita polo *trend* español de retorno dende a Arxentina confirma a especificidade da corrente española en relación a outras como o caso da italiana. Tal como se observa no cadro 1, os anos oitenta resultan os de máis baixas taxas xerais de reemigración do período que estamos analizando. As devanditas cifras reflicten a elevada correlatividade existente entre os retornos e o nivel de retención exercido pola economía arxentina de entón, expresada nos elevados índices de crecemento do seu PBI, o fortalecemento do sector externo da economía, o crédito externo, os investimentos en infraestrutura e o nivel de importacións (Cortés Conde, 1994). Desagregadas de acordo coa nacionalidade, as taxas de retorno identifican os comportamentos seguidos por italianos e españois. Os italianos rexistran, para os anos oitenta, os niveis máis baixos de retorno de todo o período (16.5), coincidindo co temperán arrinque da corrente masiva itálica ás costas riopratenses en resposta á oferta de terras e ó incremento da demanda de man de obra aberta polo ciclo de investimento e a expansión das actividades autónomas nos espazos urbanos (Devoto, 1990). No caso dos españois, as taxas de retorno resultan relativamente máis elevadas (21.25) que as

registradas polos italianos, aínda que igualmente constitúen as máis baixas de todo o período considerado (1882-1913) e son significativamente menores ás que rexistrou o fluxo ibérico durante os anos da década de 1890. O colapso financeiro do Estado arxentino de comezos dos noventa marcou duramente a marcha xeral da economía riopratense do primeiro lustro da década de 1890, modificando abertamente as regras do escenario local. A crise, aínda que precipitada a mediados de 1890, anunciábase xa dende o segundo semestre do 89 (Ford, 1975), expresada na caída da demanda de man de obra xerada polo crecente número de quebras que afectaron ó sector máis novel do empresariado local. A sucesiva desaceleración do ritmo da economía fíxose finalmente en xuño do noventa (Ford, 1975), cando a quebra do Estado arxentino se mostrou irrefreable a partir do cesamento de pagamentos ós acredores locais e estranxeiros. A quebra bolsista fíxose sentir axiña en todo o conxunto da economía, caendo drasticamente as actividades vinculadas non só ás obras públicas senón tamén a aqueles sectores da economía urbana potenciadores da actividade económica xeral e do nivel de emprego, como foi o caso da industria da construción privada.


O crecemento das taxas españolas de retornos, iniciado coa quebra de 1890, mantívose en niveis elevados máis alá do segundo lustro da devandita década, aínda que a economía arxentina xa confirmara síntomas de recuperación, alcanzando os picos máximos de todo o ciclo 1882-1914 (a excepción do bienio 1897-1898). Antes que un cambio na composición dos modelos de emigración de retorno pola vía da entrada de estadías de maior duración (a maior caída das tarifas navieiras concrétese na primeira década do novecientos), a competencia do Brasil parece contribuír a manter elevadas as taxas de retorno (57.2 nos anos comprendidos entre 1892 e 1897) (gráficos 1 e 2). A redución dos custos de transporte e da duración das travesías tampouco resolven o comportamento da corrente española de retorno da primeira década do novecientos, período este que foi considerado como o de maior dinámica da mobilidade de curta duración nas economías atlánticas. No caso arxentino, e en claro contraste coa resposta dos italianos, os españois seguen un modelo contracíclico (redución das taxas de retorno con crecemento dos niveis de entradas), alcanzando as súas taxas, de media, uns niveis próximos ó 32% durante o período 1900-1913. Daquela, o masivo arrinque da inmigración española (e dentro desta, do compoñente galego) conéctase, dentro do mercado de traballo local, coa expansión do sector terciario urbano, especialmente na área de servizos (dependentes de comercio, pequenos comerciantes, choferes, “mucamos”). A estabilidade relativa das crises rexionais de orixe e a mellora conxuntural na relación peso/peseta (favorable a esta última) contribuíron a dilatalas estadías, o tempo de duración do ciclo de xeración de aforro e o período de transferencias deste ós espazos de partida, mesmo se o compoñente ibérico participara

Gráfico 1
Taxas anuais de retorno italianos, espanhóis e totais Argentina (1882-1913)



Fonte: Dirección Nacional de Migraciones. Registro Estadístico, 1883-1925.


Gráfico 2
Entradas e saídas corrente española (1885-1925)



tamén da oferta de salarios elevados durante os meses de colleita. Nese sentido, as fórmulas do ciclo andoriña víronse atenuadas, no exemplo español da Arxentina. Verbo disto, verificámo-las observacións realizadas por Yáñez Gallardo (1999) sobre o comportamento dos peninsulares no mercado de traballo riopratense tomando como indicador o rexistro estacional da mobilidade de retorno. Mentres que o citado autor, tomando como base os datos das entradas de españois do Río da Prata publicados polo Boletín do Instituto Geográfico y Estadístico, subliña a presenza dun patrón de retorno de ciclos inversos ós da emigración pero de baixa intensidade e unha distribución maior das saídas ó longo do ano que a rexistrada polos italianos (concentradas no trimestre marzo-xuño), as nosas propias medicións confirman un comportamento semellante para os anos de 1896 e de 1907⁶ (ver gráfico 3). A diferenza do caso italiano, que rexistra unha caída sensible das saídas durante a segunda metade do ano, os españois conservaron unha maior estabilidade no ritmo das saídas, especialmente no crucial cuarto trimestre.

6. Os anos foron seleccionados tendo en conta dúas medicións (1896 e 1907), correspondentes no primeiro caso a un rexistro previo á consolidación da demanda de man de obra eventual rural en Arxentina, mentres que o segundo coincide temporalmente cos valores máximos da demanda da devandita man de obra.

Gráfico 3
Estacionalidade da corrente española de retorno-Anos 1896 e 1907



Na busca de características demográficas básicas que contribuísen a reconstruír un cadro dos mecanismos migratorios e dos grupos e sectores involucrados no tipo de mobilidade de retorno, intentamos reconstruí-los índices de masculinidade comparando os observados para as entradas (baseándose nos rexistros mensuais da corrente española durante os primeiros anos do século XX) (cadro 2) e para as saídas (cadro 3). Tal como xa foi observado noutros lugares (Cagiao Vila, 1992), a presenza de mulleres na corrente española que se dirixira ás costas prateses configura unha das características diferenciadoras por excelencia do fluxo ibérico: esta acentuada mobilidade e, ó mesmo tempo, preferencia pola Arxentina do compoñente feminino español foi asociada por un lado a unha máis elevada taxa de emigración de grupos familiares (e, por conseguinte, a unha proposta de estadias tendencialmente de longo tempo) e á maior resposta das mulleres españolas en idades activas a participar do mercado de traballo sudatlántico. Estas características non parecen estar ausentes da corrente inversa, na que se destaca a participación das mulleres (presentes en mobilidade de saída e retorno), así como tamén a extensión ós grupos familiares (e non tan só de figuras masculinas adultas) de prácticas migratorias temporais. Certamente, o limitado número de mostras coas que traballamos fai necesario extrema-la cautela das conclusións obtidas preliminarmente; de tódolos xeitos, a observación do

comportamento da corrente española suxire unha arquitectura da mobilidade bastante máis complexa que a recoñecida ata o momento, aínda a nivel dunha escala tan agregada como é a nacional. Nese sentido, é desexable que os estudos sobre a mobilidade de retorno que poidan traballar con dimensións micro-rexionais axusten de xeito máis preciso o rol das mulleres no ciclo migratorio a escala aldeá-municipal, especialmente no caso da corrente setentrional (fronte ó caso andaluz).

A idade no retorno representa un segundo indicador demográfico de interese para ensaiar algún tipo de modelización do movemento de retorno da corrente española. Así, se nos atopamos con idades de retorno relativamente baixas (menores ós 30 anos), podería suxerirse que estamos en presenza de modelos de mobilidade espacial concentrados nas idades máis novas e, polo tanto, limitados a etapas temperás do *life-cycle* que deixarían de lado aquelas figuras comprometidas en estratexias compensatorias das crises cíclicas de emprego nos ámbitos rurais de partida. A reconstrucción de itinerarios migratorios ó longo do ciclo de vida fixo posible observa-las idades de retorno pero tamén á primeira e segunda emigración, desagregadas por rexión e por profesións declaradas dentro do grupo profesional máis numeroso das expatriacións, como era o de xornaleiros, labradores e de peóns agricultores (estes últimos representativos das figuras dos *andoriñas*). A lectura do cadro 4 propón, para as provincias setentrionais, idades bastante homoxéneas no momento do retorno (suxerindo certa estabilidade en canto á duración das estadías) e para todo o conxunto en xeral, valores semellantes ó momento da segunda emigración (31-43 anos). A duración das estadías configura, finalmente, unha terceira vía de análise de interese para estudar, neste caso a partir do comportamento de diferentes sectores profesionais (manuais, xornaleiros e, entre os non manuais, empregados de comercio), unha modelización provisoria do comportamento seguido pola corrente peninsular de retorno.

Aínda que en novas exploracións se debería intentar corrixir algún tipo de distorsión ocasionada polo tipo de datos utilizados (neste caso obtidos dun rexistro no cal pesa a interrupción dos movementos por mor da Primeira Guerra Mundial), os resultados observables reafirmarían a consistencia dun modelo de migración temporal sostido en expatriacións maiores á década, seguidas de estadías menores no caso dos xornaleiros.

Esta preliminar revisión ós indicadores demográficos presentes na corrente de retorno española de fins do oitocentos e comezos do novecentos amosa un nivel de correspondencia acentuado entre as correntes de entrada e de saída: os indicadores demográficos comentados (idade, razón de masculinidade, profesións) resumen as correspondencias que presentan á cara e cruz da mobilidade migratoria dos españois.

BIBLIOGRAFÍA

- ADELMAN, J. (1994): "Frontier Development: Land, Labour and Capital on the Wheatlands of Argentina and Canada", Oxford.
- ALSINA, J. (1899): *Memoria de la Dirección General de Inmigración*, Ministerio de Agricultura de la Nación, 1898, Bos Aires.
- ALSINA, J. (1910): *La inmigración en el primer siglo de la independencia*, Bos Aires.
- BAILEY, W.B. (1912): "The Bird of Passage", *The American Journal of Sociology*, v. 18, n.º. 3.
- BAINES, D. (1991): *Emigration in a Mature Economy*, London.
- BUNGE, A. (1920): *Los problemas económicos del presente*, Bos Aires.
- CACOPARDO, C. e MORENO, J. L. (1994): *La familia italiana en la Argentina*, Nápoles.
- CAGIAO VILA, P. (1992): "Cinco siglos de emigración gallega a América", en *Historia general de la emigración española a Iberoamérica*, Madrid.
- CINEL, D. (1982): *From Italy to San Francisco*, Stanford.
- CLEMENTI, A. DE (1999): *Al di qua e al di là del'Oceano*, Roma.
- CORTÉS CONDE, R. (1979): *El Progreso Argentino*, Bos Aires.
- DEVOTO, F. (1996): "Las migraciones españolas a la Argentina desde la perspectiva de los Partes Consulares (1910). Un ejercicio de tipología regional", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n.º. 34.
- DÍAZ ALEJANDRO, C. (1983): *Ensayos sobre la historia económica argentina*, Bos Aires.
- EIRAS ROEL, A. (1992): "La emigración gallega a las Américas en los siglos XIX y XX. Nueva panorámica visitada", en EIRAS ROEL, A. (ed.): *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Santiago de Compostela.
- FORD, A. (1957): "Argentina and the Baring Crisis of 1890", *Oxford Economic Papers*, 8, 2.
- GOULD, D. J. (1979): "Intercontinental Migration: Patterns and Causes", *Journal of European Economic History*, 2.
- MOYA, J. (1998): *Cousins and Strangers. Spanish Immigrants in Buenos Aires, 1850-1930*, Berkeley.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia, 1900-1930*, Vigo.

- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1999): "Révolutionnaires ou conformistes? L'influence socio-politique de l'émigration américaine de retour en Galice, 1900-1936", *Studi Emigrazione*, XXXVI, n°. 134.
- RAMELLA, F. (1991): "Movilidad geográfica y movilidad social. Notas sobre la emigración rural de la Italia del Noroeste (1880-1914)", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n°. 17.
- SÁNCHEZ ALONSO, B. (1994): *Las causas de la emigración española*, Madrid.
- SCOBIE, J. (1968): *Revolución en las Pampas*, Bos Aires.
- SOLBERG, C. (1987): *The Pariries and the Pampas: agricultural policy and agrarian development, 1880-1930*, Stanford.
- SOUZA-MARTINS, José de (1988): "La inmigración española al Brasil", en SÁNCHEZ ALBORNOZ, N. (comp.), *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Madrid.
- TAYLOR, A. (1994): "Mass Migration to distant shores: Argentina and Australia, 1870-1939", en HATTON, T. e WILLIAMSON, J., *Migration and the International Labor Market*.
- YÁÑEZ GALLARDO, C. (1999): "Los mercados de trabajo americanos para la emigración española ultramarina (siglos XIX y XX)", en MOYA, J. e FERNÁNDEZ, A., *La inmigración española en la Argentina*, Bos Aires.

Cadro I
Arxentina. Taxas anuais de retornos. Españois e italianos (1882-1913)

	TOTAL ARXENTINA	TOTAL ESPAÑOIS	TOTAL ITALIANOS
1882	21.0	31.5	9.0
1883	18.0	35.0	12.5
1884	29.0	22.0	4.1
1885	18.0	22.0	24.4
1886	21.0	20.0	30.6
1887	14.5	13.0	26.0
1888	19.5	19.5	11.5
1889	6.0	7.0	14.5
1890	62.5	62.5	120.0
1891	256.0	236	373.5
1892	64.5	52.0	52.5
1893	58.0	58.0	34.0
1894	38.0	63.0	52.0
1895	30.0	59.5	27.5
1896	20.0	53.5	19.5
1897	43.0	7.0	52.5
1898	45.5	8.0	52.5
1899	45.5	36.0	48.0
1900	45.0	38.5	44.5
1901	54.0	31.0	37.5
1902	76.0	31.0	38.0
1903	54.0	50.5	38.5
1904	31.0	47.5	35.5
1905	24.0	37.0	29.5
1906	24.0	15.5	29.5
1907	43.5	22.0	64.0
1908	33.5	19.0	51.5
1909	40.0	31.5	55.0
1910	34.0	18.0	47.5
1911	54.0	33.5	104.0
1912	37.0	25.0	60.0
1913	52.0	48.5	52.5

Fontes: Arxentina: Dirección General de Inmigración. Resumen Estadístico (1857-1925); España: Instituto Geográfico y Estadístico (1882-1913); Italia: Commissariato Generale dell'Emigrazione (1905-1913).

Cadro 2
Índices de masculinidade da inmigración española a Arxentina (1913).
Rexistro mensual

	1913
Xaneiro	96.3
Febreiro	S/d
Marzo	S/d
Abril	75.3
Maio	68.6
Xuño	85
Xullo	S/d
Agosto	89.3
Setembro	117
Outubro	134
Novembro	110
Decembro	112

Fonte: Dirección General de Migraciones. Pasaxeiros chegados ó porto de Bos Aires (1913). Base de Datos Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos (CEMLA).

Cadro 3
Índices de masculinidade do movemento de retorno por porto de destino
(1907-1913)

	VIGO	CÁDIZ
1907	232	395
1912	500	221
1913	342	230

Fontes: Dirección General de Migraciones. Libros de Salida. Elaboración propia baseándose en mostrás seleccionadas. Vapores: Aragón (6-9-1907), Satrústegui (14-4-1907), Argentino (22-10-1907), Danube (3-5-1912), Eugenia (31-5-1912), Araguaya (20-6-1913), Barcelona (25-6-1913).

Cadro 4
Idades de retorno e da primeira e segunda emigración
segundo rexión de orixe e profesións (1890-1924)

	PEÓNS AGRICULTORES			XORNALEIROS			LABRADORES		
	1ª Em.	Retor.	2ª Em.	1ª Em.	Retor.	2ª Em.	1ª Em.	Retor.	2ª Em.
A Coruña	23.8	36.4	40.2	18.8	30.2	38	32	38	42
Pontevedra	26.8	35.4	38.9	22.2	35.1	35.3	20.5	29	31
Lugo				26.3	36	40.6	20	24	36
Baleares							25.8	34.5	42.1
Navarra							28.3	39.3	43.8
Lleida							24	33.4	37.6
Valencia							24.4	38.6	41.4
Alacante							24.4	32.3	38

Fonte: Arquivo Dirección Nacional de Migraciones. Listas de Embarque Ano 1924.
 Reconstrucción propia. Vapores: Infanta Isabel (22-10-1923), Catalina (6-5-1924), Vigo (5-5-1924), Cap Polonio (15-5-1924), Plata (11-5-1924), Plata (13-10-1924), Oriana (4-5-1924), Darro (16-5-1924).

Resumo

MOBILIDADE TRANSATLÁNTICA E CIRCUÍTO MIGRATORIOS: PERSPECTIVAS ANALÍTICAS E PROBLEMAS METODOLÓXICOS DAS MIGRACIÓNS DE RETORNO DOS ESPAÑOIS DENDE ARXENTINA (1880-1930)

Carina Frid

O artigo ofrece unha panorámica xeral da situación actual da investigación dos movementos migratorios de retorno, abordando de maneira concreta a mobilidade transatlántica de españois dende Arxentina no período que vai dende 1880 ata 1930. Realízanse unha serie de aclaracións a nivel conceptual das diferentes modalidades da migración de retorno, tomando o factor tempo como variable principal na análise deste fenómeno. Deste modo chégase a un mellor coñecemento dos proxectos de traslado transoceánico de carácter transitorio.

Palabras clave:

Emigración española, Arxentina, mobilidade de retorno, fontes documentais.

Resumen

MOVILIDAD TRANSATLÁNTICA Y CIRCUÍTO MIGRATORIOS: PERSPECTIVAS ANALÍTICAS Y PROBLEMAS METODOLÓXICOS DE LAS MIGRACIONES DE RETORNO DE LOS ESPAÑOLES DESDE ARGENTINA (1880-1930)

Carina Frid

En este artículo se ofrece una panorámica general de la situación actual de la investigación de los movimientos migratorios de retorno, abordando de manera concreta la movilidad transatlántica de españoles desde Argentina en el periodo que va desde 1880 hasta 1930. Se lleva a cabo una serie de aclaraciones a nivel conceptual de las diferentes modalidades de migración de retorno, tomando el factor tiempo como variable principal en el análisis de este fenómeno. De este modo, podemos conseguir un mejor conocimiento de los proyectos de traslado transoceánico de carácter transitorio.

Palabras clave:

Emigración española, Argentina, movilidad de retorno, fuentes documentales.

Résumé

MOBILITÉ TRANSATLANTIQUE ET CIRCUITS MIGRATOIRES: PERSPECTIVES ANALYTIQUES ET PROBLÈMES MÉTHODOLOGIQUES DES MIGRATIONS DE RETOUR DES ESPAGNOLS D'ARGENTINE (1880-1930)

Carina Frid

Cet article offre un panorama général de la situation actuelle de la recherche concernant les mouvements migratoires de retour, en abordant concrètement la mobilité transatlantique des Espagnols d'Argentine entre les années qui s'étendent de 1880 à 1930. Il offre une série d'éclaircis-

Mobilidade transatlántica...

sements au niveau conceptuel sur les différentes modalités de l'émigration de retour, en prenant le facteur temps pour variable principale de l'analyse de ce phénomène. Nous obtenons ainsi une meilleure connaissance des projets de transfert transocéanique à caractère transitoire.

Mots clé:

Émigration espagnole, Argentine, mobilité de retour, sources documentaires.

Summary

TRANSATLANTIC MOBILITY AND MIGRATION CIRCUITS: ANALYTIC PERSPECTIVES AND METHODOLOGICAL PROBLEMS OF RETURN MIGRATIONS OF SPANIARDS FROM ARGENTINA (1880-1930)

Carina Frid

This article offers a general panoramic view of the current situation of research on migratory movements of return, dealing specifically with transatlantic mobility of Spaniards from Argentina in the period between 1880 and 1930. A series of clarifications are made on a conceptual level of the different forms of return migration, taking the time element as the principal variable in the analysis of this phenomenon. In this way we can arrive at a better knowledge of the projects of transoceanic movement of a transitory nature.

Keywords:

Spanish emigration, Argentina, return mobility, documentary sources.

Currículo

CARINA FRID. Profesora titular de Historia do Pensamento Económico na Facultade de Ciencias Económicas e Estatística (Universidade Nacional de Rosario) e investigadora adxunta do Consello de Investigacións Científicas e Técnicas (CONICET). Coordinadora da Área de Investigación e Documentación Histórica Parque de España, dependente da Fundación Complejo Cultural Parque de España (Rosario, Arxentina). O seu principal campo de especialización é a Historia das Migracións Internacionais e entre as súas publicacións máis recentes atopamos: "Parientes, negociantes y líderes: la primera dirigencia italiana en Rosario, 1860-1890", en Rosoli, G., *Identità degli Italiani nella Argentina*, Roma, 1993; *Colonos europeos en la costa del río Uruguay*, Bos Aires, 1999; "A Imigração Espanhola en Argentina, 1880-1930", en Fausto, B. (comp.), *Fazer a América*, São Paulo, 1999.

DESANDA-LO ANDADO: PROBLEMAS QUE FORMULA O ESTUDIO DO RETORNO DOS EMIGRANTES ESPAÑOIS Ó BRASIL¹

Elda González Martínez

Vinimos de Santos en ómnibus, en el Expreso Brasileiro que costó 15 cruzeiros, a la Avenida de Nazareth. Entramos en São Paulo queriendo dejar piedrecitas para el camino de vuelta. Porque yo decía, mañana me voy. De eso hace... cincuenta años y todavía estoy acá².

As investigacións centradas na migración a América foron numerosas en España na última década; sobre todo as que analizan as posibilidades de incorporación laboral, a asimilación e integración social e as discusións arredor do posible éxito ou fracaso da experiencia individual, entre outras. Mentres, o tema do retorno, dado o aparente escaso interese que motiva, ocupa un lugar moi á marxe. As dificultades metodolóxicas que formula a súa aproximación, se se quere transcende-los ámbitos da estatística, é unha das causas. Outra tería máis que ver coas visións optimistas do fenómeno, onde non terían cabida este tipo de realidades³.

Sen embargo, moi poucos son os emigrantes que non pensan, proxectan ou imaxinan a súa volta á terra de orixe. Este desanda-lo andado está presente na vida cotiá das persoas. Como nos dixo un informante: “Na emigração a pessoa sempre tem um dia um pensamento de voltar”⁴. Bastantes conségueno. Na etapa da migración masiva case a metade dos europeos que chegaron a América retornaron ós seus países nativos, e así o fixeron inclusive os xudeus e outras minorías que foran discriminadas en Europa⁵.

1. Este artigo realizouse no marco do proxecto de investigación PB96-0869, financiado por DGES.

2. Testemuño dun dos trinta inmigrantes que foron entrevistados como informantes. Ademais, realizáronse outras trinta a familiares ou amigos.

3. Vid. Armus, Diego: “Notas sobre el impacto inmigratorio ultramarino a la Argentina y la visión de los protagonistas”, *Revista de Indias*, XLIV (174), xullo-dicembro 1984, pp. 491-496.

4. González Martínez, Elda: “Los inmigrantes invisibles: condiciones de vida e identidad de los españoles en São Paulo en la segunda mitad del siglo XX”, *Revista de Estudios Latinoamericanos, EIAL*, Tel Aviv (en prensa).

5. Klein, Herbert S. (1999): “Migração Internacional na História das Américas”, en Fausto, Boris (organizador), *Fazer a América. A Imigração em Massa para América Latina*, São Paulo, Editora Universidade de São Paulo/Memorial Funang.

Desanda-lo andado:...

No caso concreto que tratamos non existe ningún traballo previo sobre o tema, e iso a pesar de que o fenómeno non é novo –nas primeiras décadas do século XX (1908-1927, os anos máis intensos da migración a Brasil) os índices de retorno acadaban o 44,5%⁶–. Entendemos que a resposta á ausencia de investigacións haina que buscar, no que respecta a ese país, nas dificultades metodolóxicas e teóricas coas que se enfronta quen estudia ese acontecemento.

Se se quere aborda-lo tema desde os fondos estatísticos, o primeiro problema que atopamos é a pouca fiabilidade das fontes españolas, sobre todo na primeira etapa migratoria. Nesta, a abundancia de testemuños parece confirmar que non poucas persoas saían desde portos estranxeiros, ben porque xeograficamente fose máis accesible chegar a eles que a un español (esta podería ser unha das causas que se poden esgrimir no que respecta ós galegos das zonas máis próximas a Portugal, que escollían Leixões, ou os da zona de influencia de Xibraltar, que embarcaban polo seu porto), ben porque era unha forma de eludi-la prohibición de facelo por estaren en idade militar, ou simplemente porque os recrutadores escollían algún destes portos para a saída porque as axencias para as que traballaban tiñan as sedes alí. Fose cal fose o motivo, o certo é que esas persoas non quedaban rexistradas en España. Por iso, cando rexistrámo-las estatísticas brasileiras, vemos que as diferencias son notables⁷.

Por outra banda, tamén habería que agregar que existe unha “debilidade” nas fontes españolas non só pola caracterización dos retornados –tramo de idade, lugar de nacemento, profesión e, sobre todo, a súa distribución espacial–, senón porque non se diferencian os que son inmigrantes dos seus descendentes.

A posibilidade de estudar estatísticas brasileiras tampouco é válida no que se refire ós retornos, porque as saídas de Brasil non implican o regreso a España. En 1909, por exemplo, embarcaron no porto de Santos 6.014 españois, dos que 2.113 tiveron como destino Europa (e aínda que as fontes non

6. Estes datos foron extraídos do *Relatório de 1927*, Secretaria dos Negócios da Agricultura, Indústria e Comércio do Estado de São Paulo. São Paulo, 1928, p. 177. Sen embargo, en Brasil, coma noutras repúblicas americanas, os rexistros de saída non son fiables. Por exemplo, G. Mortara fixo unha estimación de arredor do 28% para o período 1880-1924. Mortara, Giorgio (1947): “Pesquisas sobre populações americanas”, *Estudos Brasileiros de Demografia*, vol. 1, São Paulo.

7. É certo que as fontes brasileiras inclúen os españois que proveñen de portos non españois e cómpre ter en conta que isto implica a individuos que chegaban doutros lugares de América, sobre todo de Arxentina. González Martínez, Elda (1990): *Café e inmigración: los españoles en São Paulo, 1880-1930*, Madrid, Cedel, pp. 165-168.

especifican o lugar, podemos pensar que era España); 39, África; 5, América do Norte; 3.538, América do Sur e 319, portos brasileiros. Dos que marcharon ó sur do continente americano está comprobado que o fixeron ó Río da Prata. Inclusive, segundo algúns autores, distribuíanse o 80% a Bos Aires e o 20% a Montevideo⁸. É dicir, case o 60% reemigrou a estas últimas cidades mentres que a España o fixo un 35%⁹.

No que respecta ás consecuencias do retorno a España, non temos indicadores que nos permitan focaliza-la incorporación laboral dos retornados –desde o punto de vista do emigrante e do que proporciona o emprego–. Outro aspecto do que se fixeron moitas referencias, o das remesas económicas, tampouco resulta alcanzable neste caso para que o investigador as analice por mor da non existencia de fontes o suficientemente fiables.

Os estudos cuantitativos, en que se bota man do discurso dos propios emigrantes, dos seus testemuños de historia de vida, remítennos non poucas veces ás persoas máis anciás do colectivo, porque se supón que a súa experiencia biográfica é máis “rica” en contidos ou porque simplemente dispoñen de tempo libre para compoñe-lo seu relato. Con isto córrese o risco de que a información estea embebida dun forte contido sentimental. É por isto que entendemos que, xunto coa obtención de testemuños orais, débese facer un traballo exhaustivo, con observación e participación e relevando a cultura material que rodea a vida cotiá, recollendo toda a documentación que poida axudar na análise, cartas, fotografías e memorias, entre outras cousas.

ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS SOBRE AS ETAPAS DA EMIGRACIÓN ESPAÑOLA A SÃO PAULO

Tendo en conta esta problemática, tentaremos facer unha análise que nos permita avanzar un pouco no tema.

Escollémo-lo estado de São Paulo porque, ó longo dos anos en que transcorre a migración ó Brasil, é o que concentra máis do 70% dos inmigrantes españois¹⁰. Agora ben, antes de abordalo cremos necesario caracterizar en

8. Sobre a mobilidade espacial vid. González Martínez, Elda. *Íbidem*. As porcentaxes sobre a reemigración a Arxentina e Uruguai foron obtidas dos cálculos realizados por Yáñez Gallardo, César (1994): *La emigración española a América (siglos XIX y XX). Dimensión y características cuantitativas*, Colombres, Archivo de Indianos, pp. 83-84.

9. *Relatorio. Ano 1909*. Secretaria dos Negocios da Agricultura, Comercio e Obras Públicas do Estado de São Paulo. São Paulo, 1910.

10. Na década cuantitativamente máis importante (1900-1910), aproximadamente o 70% dos españois dirixiuse a São Paulo. González Martínez, Elda: *op. cit.*, p. 82. Cincuenta anos despois, en 1950, acadaban o 78%. Archivo del Ministerio de Asuntos Exteriores, en diante A.M.A.E. Atado R 5693, expediente 1. 1956.

Desanda-lo andado:...

termos xerais a migración a este país, xa que nos permitirá visualiza-las correlacións sociais, económicas e culturais do transvasamento.

A primeira etapa de migración de españois a São Paulo¹¹ comeza aproximadamente en 1884 e remata na década dos trinta do século XX. A súa orixe e o seu desenvolvemento están estreitamente vinculados coa posta en marcha por parte das autoridades pauleiras dunha política de inmigración que lles permitise atraer individuos, que polo xeral naquela época se dirixían cara á Arxentina. Para isto estableceron un sistema de subvención do custo da viaxe desde Europa ó lugar de traballo, as *fazendas* de café do interior pauleiro, a grupos familiares. O cultivo deste produto vai mobilizar millóns de europeos; 13.000 persoas na década de 1870, 184.000 na seguinte e 609.000 na última do século XIX. Xunto con italianos e portugueses participaron os españois; aínda que foron recrutados por toda a península, esa práctica tivo unha especial transcendencia –polo volume de xente que envolveu– na zona de Andalucía oriental, que ata entón carecía dunha tradición migratoria con América. A posibilidade de o faceren de forma gratuíta e a proximidade dun dos portos de embarque, Xibraltar, facilitaron esa saída.

Neses anos trasladáronse:

Inmigrantes españois chegados a Santos

ANOS	PERSOAS
1890-1899	86.994
1900-1909	88.524
1910-1919	135.326
1920-1929	63.814
TOTAL	374.658 ¹²

A recesión económica da década dos trinta, a suspensión do programa que pagaba as pasaxes en Brasil, a Guerra Civil española e a posguerra foron os factores que incidiron na neutralización das saídas; sen embargo, tras unha

11. Antes houbera algúns antecedentes de españois que se dirixían sobre todo ó norte e nordeste do país. Xa en 1852 se denunciaba a saída polo norte de Portugal de 700 persoas. Vid. González Martínez, Elda (1999): “Los que emigran son los hombres: perfil socioeconómico de la inmigración gallega en Brasil”, *Anuario de Estudios Gallegos*, Universidad de la República. Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación, pp. 227-228.

12. Inmigrantes estranxeiros entrados no estado de São Paulo. Periodo: 1885-1961. *Discriminação das principais nacionalidades entradas no estado, em três quartos de século de existência da Hospedaria “Visconde de Parnaíba”*. S.d.

pausa de vinte anos reiniciouse o movemento migratorio, aínda que nesta etapa as características dos seus compoñentes pouco terán que ver cos da anterior, sobre todo porque nos enfrontamos no país receptor con cambios moi substanciais na súa economía.

A crise de 1929 mostrara as consecuencias negativas dun sistema baseado só na exportación de café, polo que se comezaron a diversificar os investimentos e a desviar o capital (orixinado nese cultivo tropical) á industria. Cara a 1956, durante a presidencia de Kubitschek, desenvolveuse unha política económica centrada na substitución de importacións que consolidou a industrialización. O estado investiu naquelas áreas que non conseguían atraer o sector privado e apoiou a contribución de capitais estranxeiros co obxectivo de expandir a industria base, sobre todo a automotriz e a pesada. São Paulo, para eses anos, converteuse no meirande parque industrial de América Latina e tamén no maior demandante de man de obra cualificada¹³. Unha das fontes de subministración foi España.

Homes novos, con capacitación laboral, oriúndos de toda a península (e a maior parte das veces con algún tipo de contrato ou de promesa de traballo) marcharon a São Paulo. Non poucos emigraron utilizando a xestión do CIME¹⁴ (Comité Intergubernamental para as Migracións Europeas), ben como man de obra profesional que arribaba con contrato de traballo –MOPC– ben como man de obra sen colocación –MOP2–, ós que se lles pagaban tódolos gastos de manutención ata a obtención do primeiro emprego¹⁵.

Nesta última etapa emigraron a São Paulo:

ANOS	INMIGRANTES
1930-1939	6.584
1940-1949	1.317
1950-1959	62.296
1960-1969	13.080
TOTAL	83.277 ¹⁶

13. Benevides, María V. (1976): *O Governo Kubitschek. Desenvolvimento económico e estabilidade política*, Río de Xaneiro, Paz e Terra, p. 204.

14. Fundado en Xenebra en 1951, España tamén ingresou neste organismo en maio de 1956; en xuño do mesmo ano creouse o Instituto Español de Emigración.

15. No Archivo de Agregaduría Laboral de São Paulo –Convenio CIME– atópanse as fichas coa historia laboral dos inmigrantes nese período.

16. Ferreira Levy, María Stella (1974): “O papel da migração internacional na evolución da população brasileira (1872-1971)”, *Revista de Saúde Pública*, 8, São Paulo, p. 83.

Desanda-lo andado:...

A partir deses anos practicamente se pecha o ciclo migratorio non só con Brasil, senón con América en xeral; aínda que debemos sinalar que na actualidade se pode detecta-la chegada dun novo continxente, nesta ocasión son executivos das numerosas empresas españolas que se foron instalando en cidades como São Paulo e Río de Xaneiro.

1880-1930: O RETORNO COMO INDICADOR DE FRACASO

No caso brasileiro, o fluxo de retorno foi constante desde o comezo da migración. Nos anos máis intensos da corrente migratoria entre España e ese país, só a metade dos españois que desembarcaron no porto de Santos –vía de entrada para todos aqueles que se dirixiron ó estado de São Paulo– quedaron¹⁷. Debido ó alto nivel de mobilidade que caracterizou este colectivo, algúns buscaron fortuna noutro país –preponderadamente, como xa sinalamos, Arxentina–, mentres que os restantes regresaron. Sobre a corrente demográfica que se estableceu cos países do cono sur habería que aclarar que, desde épocas temperás, as autoridades encargadas do tema migratorio en Brasil denunciaban que sobre todo os españois utilizaban as vantaxes dunha pasaxe gratuíta a São Paulo, para despois dun tempo dirixirse a Bos Aires. Deste xeito a viaxe resultaba máis económica e terminaban por se estableceren nun país cunha forte tradición migratoria con España e que, antes de partir da súa terra de orixe, escolleran como destino.

Agora ben: no que respecta ó retorno, as causas que o fomentaron son múltiples. Sobre todo cómpre destacar que a volta á terra non necesariamente implica –como veremos máis adiante– que fracasasen, aínda que hai un certo colectivo que claramente retorna sen ningunha fortuna. Ímonos deter na análise destes últimos, mais antes debemos defini-lo perfil do grupo.

Na primeira etapa migratoria cómpre sinala-lo forte compoñente familiar dos que migran. Este feito vén determinado pola política inmigratoria implementada polo estado de São Paulo, “Fornecer brazos para a lavoura”. Debemos lembrar que, pasada a época pioneira nos cultivos do café arredor de mediados do século XIX (cando as terras destinadas a este produto se situaban no val do río Paranaíba, zona limítrofe entre os estados de São Paulo e Río de Xaneiro e posteriormente no municipio de Campinas), os inmigrantes avanzaron e conquistaron terras virxes cara ó que se denominou *oeste paulista*. Área inhóspita, despoboada, á que chegaba o ferrocarril xuntamente cos

17. Entre 1908 e 1939 chegaron 209.736 e saíron 102.931 persoas. *Boletim do Serviço de imigração e colonização*, São Paulo, Secretaria da Agricultura, Indústria e Comércio, marzo de 1941, p. 47.

cultivos, dise que nela só os españois podían “soportar” os primeiros anos¹⁸. A eses colonos había que mantelos ligados ó traballo e á terra, e unha maneira era que fosen unha unidade familiar. Non só iso: os *fazendeiros* consideraban económicos ós traballadores contratados en familia e, máis aínda, preferían grupos numerosos porque deles esperaban que traballasen tódolos membros. Outra das razóns ten máis que ver co control social que exercían: considerábase que os traballadores individuais eran “perigosos” xa que entre eles, con certa frecuencia, tiñan lugar folgas¹⁹.

Os individuos só se requirían para algunhas tarefas puntuais como a colleita, por exemplo. Como colono nunca se empregaba un home só; a única maneira de seren admitidos era cando formaban parte dun grupo familiar, xa que tódolos seus integrantes serían responsables do cumprimento do contrato. Durante os primeiros anos en que se experimenta con man de obra europea, inclusive no caso de que o cabeza de familia morrese, a súa viúva e fillos debían continua-lo traballo ata finalizalo²⁰. Cos anos, esta regra contractual modificouse mais a idea de empregar familias difundíuse e mantívose, porque o estado baseaba o desenvolvemento e a difusión da súa política inmigratoria no feito de que permitía ó emigrante non ter que aboa-la pasaxe e trasladar toda a súa familia a un sitio definitivo de traballo.

Así, entre 1908 e 1936 desembarcaron no Porto de Santos 209.282 españois, dos que unicamente o 18% eran individuos que viaxaban sós²¹, polo que (debido á inexistencia de tradición migratoria con este país, as diferencias culturais, etc.) supoñemos que a maioría das familias foron recrutadas en España e chegaban con pasaxe subsidiada. Os restantes colectivos inmigrantes, salvo os xaponeses, tiñan unha composición diametralmente oposta. O cadro que transcribimos a continuación infórmanos sobre as principais nacionalidades:

18. Existen diverxencias sobre cal é o colectivo que acompañou e mellor se adaptou ós avances na fronteira do café. Chiara Evangelista reitera, ó longo do seu estudio sobre man de obra para os cafeais, que foron os italianos. Mais diversos informes, así como noticias xornalísticas, manifestan que os italianos se establecían na plantación unha vez que esta estaba consolidada. Nos primeiros anos, cando se debía limpa-lo terreo, planta-lo café e coidalo para que efectivamente medrase, os traballadores eran españois ou nativos. Vid. González Martínez, Elda: *op. cit.* e Vangelista, Chiara (1991): *Os braços da lavoura. Inmigrantes e “capiras” na formação do mercado de trabalho paulista (1850-1930)*, São Paulo, Editora Hucitec/Instituto Italiano di Cultura/Instituto Cultural Italo-Brasileiro.

19. Denis, Pierre (1905): *Brazil*, Londres, p. 205, citado por Stolcke, Verena (1986): *Cafecultura. Homens, mulheres e capital (1850-1980)*, São Paulo, Editora Brasiliense.

20. Vid. Dean, Warren (1977): *Rio Claro. Um sistema Brasileiro de Grande Lavoura, 1820-1920*, Rio de Janeiro, Paz e Terra, p. 97.

21. *Boletim I (1)*, Secretaria de Agricultura, Indústria e Comércio. Directoria de Terras, Colonização e Inmigração, Outubro de 1937, sen número de páxina.

Desanda-lo andado:...

Movemento inmigratorio polo porto de Santos: 1908-1936

	PORTUGUESES	ESPAÑOIS	ITALIANOS	XAPONESSES	TOTAL
Total de poboación	275.257	209.282	202.749	176.175	222.282
Número de familias	35.044	33.955	28.374	31.412	174.928
% de individuos sós	53	18	42	5	37 ²²

Algúns autores manifestaron que, entre os inmigrantes europeos, os españois eran os que tiñan as familias máis numerosas²³ e nese aspecto o seu comportamento é semellante ó dos xaponeses²⁴.

Estes grupos familiares que se trasladaban baixo o financiamento do estado de São Paulo podían ser repatriados se o cabeza de familia morría ou quedaba incapacitado para traballar antes de que transcorresen dous anos da súa chegada²⁵. Este “retorno” tamén estaba subvencionado polo goberno de Brasil, aínda que a instancia do cónsul español. Non existe ningún tipo de estatística²⁶ que nos permita visualiza-lo volume destes retornados, pero ó longo dos anos foron reiteradas as solicitudes de repatriación²⁷. Este camiño

22. Íbidem.

23. As unidades familiares estaban coidadosamente definidas. Debían ser matrimonios menores de corenta e cinco anos sen fillos, ou matrimonios con fillos que tivesen polo menos un home en idade activa por familia; ou viúvos e viúvas con fillos con alomenos un home en idade activa. Membros considerados dependentes eran avós, irmáns solteiros, cuñados e sobriños do xefe de familia e orfos. Holloway, Tomas (1984): *Inmigrantes para o café. Café e sociedade em São Paulo, 1886- 1934*, Río de Xaneiro, Paz e Terra, p. 79.

24. Vid. Klein, Herbert (1994): *A imigração espanhola no Brasil*, São Paulo, Fapesp/Idesp/editora Sumaré, p. 51.

25. Esta lexislación sufriu algunhas modificacións ó longo dos anos, aínda que hai que salientar que desde épocas temperás se contemplou este tipo de auxilio (Lei n.º 494, do 30 de abril de 1987, e, posteriormente, Decreto n.º 1458, do 10 de abril de 1987).

26. Os informes anuais que editaba a Secretaria de Agricultura, Comércio e Obras Públicas do Estado de São Paulo mencionan o número de repatriados, aínda que só nalgúns casos discriminan a nacionalidade. Noutros indícase a porcentaxe de repatriacións sobre o número de inmigrantes. Vid. *Relatorio de 1902, Relatorio de 1903 e Relatorio de 1909*, São Paulo, Secretaria de Agricultura, Comercio e Obras Públicas (1903, 1904 e 1910 respectivamente).

27. Para se acolleren á repatriación debían presenta-lo certificado da Hospedaria de Imigração coa data de ingreso nela, o *fazendeiro* co que o colono traballou, certificado de defunción ou incapacidade total para o traballo outorgado por un médico e o viceconsulado. Arquivo Estadual de São Paulo. Requirimentos diversos. Secretaria de Agricultura. Caixa: 7219.

tamén o percorren outras persoas que superaban os dous anos de estadía ou se atopaban na máis absoluta indixencia (aínda que neste caso se requiría a intervención do goberno español para custear-la viaxe).

Esta é unha situación que se repite ó longo do tempo, e sobre todo ten relevancia naqueles anos en que se produce unha crise económica. Así, por exemplo, como consecuencia da que se desencadeou en 1929 foron innumerables os pedimentos de repatriación (só no 1930 o Consulado Xeral de São Paulo repatriou 800 españois²⁸). É máis: os centros rexionais actuaron de intermediarios na xestión que permitía obter tanto o auxilio de media pasaxe como unha enteira para poderen regresar.

En xeral, entre 1890 e 1932 o inventario dos intereses demográficos dese consulado estimou que se repatriaron uns 38.000 inmigrantes, é dicir, aproximadamente un 10% dos que entraron no Estado neses anos²⁹.

No tocante á segunda etapa migratoria, parecería que o número de repatriacións tivo que ser menor, principalmente porque tanto as condicións de traballo ás que se enfrontaron os emigrantes deste período como a súa propia capacitación laboral eran diferentes, co que tamén o sería o seu réxime de vida. En xeral, os informes mencionan que estes españois, que eran técnicos ou especialistas, vivían con folgura³⁰; con todo, sospéitase que non todos gozarían de tal situación, e que o descoñecemento do idioma portugués veta-ba emprego en oficinas e despachos ó público (e os que carecían dalgunha especialización debían atopar traballos con salarios menores).

Cara a finais da década de 1950 desde a embaixada recomendábase que os emigrantes recibisen información sobre o país ó que se dirixían, e sobre todo que utilizasen as canles do CIME e de organismos coma o Instituto Nacional de Inmigración e Colonización. Isto evitaría os fracasos, pois segundo a mesma fonte “El porcentaje relativamente bajo de repatriaciones se debe al enorme estoicismo y amor propio de nuestros compatriotas, que antes de regresar fracasados, soportan las pruebas más duras y las circunstancias más desfavorables. Aún así, una gran mayoría confiesa que si hubieran podido regresar dignamente en los primeros seis meses de penosa adaptación, lo habrían hecho sin vacilar”³¹.

28. AMAE, Brasil, atado R. 721, expediente 49, 1932.

29. *Íbidem*.

30. No informe trimestral sobre inmigración, elaborado polo Primeiro Secretario de Embaixada en 1959, menciónanse as boas oportunidades que teñen os obreiros especializados, o nivel razoable dos salarios e o estado xeral dos inmigrantes españois. AMAE, Brasil, atado R. 5.693, expediente 1, 1959.

31. *Íbidem*.

Desanda-lo andado:...

1950-1970: O RETORNO DOS EMIGRANTES “TARDÍOS” A SÃO PAULO

Os índices de retornados a España, segundo fontes estatísticas deste país, difiren notablemente das brasileiras; estas últimas, para o período 1908-1927, indicannos que os españois tiñan un saldo de permanencia no país dun 55,5%. Ou o que é o mesmo, que o 44,5% non continuaba³². Mentres tanto, vemos que a media das primeiras (para os mesmos anos) practicamente o duplica.

Esta diferenca aumenta se pensamos que esas porcentaxes de emigrantes que partían do Porto de Santos involucraban os que se dirixían ó Río da Prata. Se do total de españois que embarcaron nese período extraemos aqueles con destino a Europa, teremos uns índices aproximados do 41%.

Índices de retorno dos inmigrantes españois

ANOS	BRASIL
1900-1909	38,5
1910-1919	84,8
1920-1929	81,9
1930-1939	133,3
1940-1949	32,0
1950-1959	18,4 ³³

No referente ó aumento das porcentaxes de persoas que regresaban na década dos trinta, este débese ás consecuencias da depresión económica daqueles anos (que elevou o número dos que regresaban) e a que as entradas en Brasil se paralizaron tanto pola propia situación que vivía España como pola do país receptor.

A partir de 1950, que é cando podemos considerar que se iniciou a última corrente con ese país, os índices de retorno (tal como nos indica o cadro anterior) foron discretos. Tratábase sobre todo de individuos que viaxaran sós, porque deixaban a súa familia en España ou porque eran solteiros. Para

32. Salvo no caso dos xaponeses, cun saldo migratorio moi elevado porque practicamente a totalidade dos que chegan a São Paulo quedan no país (90,5%), o resto das nacionalidades que participan desta corrente demográfica teñen índices moi baixos de permanencia. Por exemplo, durante o mesmo período que mencionamos, marchaban o 84,4% dos italianos, o 53,9% dos portugueses, o 70,9% dos alemáns e o 43,3% dos polacos. *Relatorio de 1927*. Secretaria dos Negocios da Agricultura, Indústria e Comércio do Estado de São Paulo. São Paulo, 1928, p. 173.

33. Yáñez Gallardo, César: *op. cit.*, p. 137.

uns e outros, os primeiros meses foron decisivos; os que os lo graban superar permanecían en Brasil, e o resto volvía a España xa que nesa época non se deu a mobilidade espacial que existira na precedente. Un entrevistado dicía “Eu vin só porque non sabía o que ía atopar. A nena tiña dous meses e o neno dous anos, e foi un gran sacrificio ter que salir de alí”.

A documentación do arquivo da Agregaduría Laboral de España en São Paulo permite reconstruí-la vida laboral destes individuos. Os exemplos repítense: un home, solteiro, delineante proxectista chegado a São Paulo en 1971 por mediación do CIME, comezou a traballar no proxecto da Mina Sauru en Belo Horizonte. O 14 de abril de 1972 trasladouse a São Paulo e foi empregado pola Paramount; o 21 de novembro dese ano decidiu retornar a España. Ou o seguinte, un home de 24 anos, solteiro, oriúndo de Xaén, chegado o 22 de xuño de 1969 polo plan CIME-MOP, *matricero*. Fixo probas na empresa Arno S.A., na que foi admitido o 23 de xullo de 1969. Pidiu a dimisión por non querer permanecer en Brasil e regresou a España o 13 de maio de 1970. E o último que citaremos, natural de La Laguna, Tenerife, de 33 anos, casado, enxeñeiro técnico electricista, que arribou a São Paulo o 29 de xullo de 1977. Despois de traballar nun par de industrias retornou a Canarias o 31 de maio de 1978. En tódolos casos a permanencia en Brasil foi aproximadamente dun ano³⁴, o que parecería marcar tanto as dificultades de adaptación en solitario como a rapidez coa que se toma a decisión de emprende-la viaxe de regreso. Sobre todo, os emigrantes botan en falta o modo en que vivían –aínda que fose “peor” era o seu–, temen os cambios no modo de vida, as novas condicións e, sobre todo, aféctalles carecer dunha rede de relacións.

Sen embargo, tamén están os que retornan con todo o grupo familiar. En xeral, trátase de unidades en que os fillos aínda non se independizaron e que obtiveron un certo progreso económico e que os avós, irmáns e primos permanecían en España. Aínda neste caso, que envolve as familias nucleares, son moitos os factores que se teñen en conta, co que as discusións arredor do regreso se prolongan no tempo.

Un dos nosos entrevistados, emigrante dunha vila da Rioxa, informábanos de que decidiu volver cando os seus fillos aínda estaban na escola primaria. A súa dona, que coma el era rioxana (aínda que se coñeceran e casaran en Brasil), aceptaba o novo éxodo. Fixeron os seus cálculos, analizaron moito en que podían investi-los seus aforros e, a pesar de que tiveron momentos de indecisión, optaron por retornar, esta vez a Logroño:

34. Arquivo da Agregaduría Laboral de España en São Paulo. Convenio CIME.

Desanda-lo andado:...

Lo pensamos mucho, estuvimos un año diciendo volvemos o nos quedamos. Pero era el momento. Entonces dijimos es ahora o nunca más. Y allá estaban mis hermanos, mi madre...

Ou o que logrou xuntar uns aforros e regresou á súa aldea, en Asturias, onde quedarán os seus avós:

Volví con mis padres. Mis hermanos y yo éramos todavía unos chavales... Nosotros no pensábamos nada, mis padres decidían... y compraron unos prados y una casa nueva... y los abuelos vinieron a vivir con nosotros. Y así empezamos, pero no nos fue bien.

Tamén están os que realizaron algún investimento no seu lugar de orixe sen se desfaceren do que tiñan en São Paulo. Neste caso parecería que dividen os seus aforros porque non se atrevían a deixar definitivamente o “outro” país.

En la rua Barata Ribeiro tengo una lanchonete, con un hermano mío y aquí nos vinimos con la mujer y pusimos un bar. Nos conocen por los brasileños.

Agora ben, en non poucas ocasións estes “novos” brasileiros ou ben non logran conseguilo que aspiraban ou ben a España que atopan non é a que imaxinaban e volven emprende-lo camiño da migración.

Estuvimos dos años, no conseguimos quedarnos. Los hijos no querían estar y los negocios no nos fueron como esperábamos, así que... de vuelta a Brasil.

Yo tenía una imagen de mi tierra que no era... que no era aquello. Y, sabe, me pareció triste. Allí en Burgos no había nadie por las calles, y aquí ese monte...

Por último, están todos aqueles que día a día viven e reviven a súa relación con España e que sempre pensaron que volverían, pero que nunca o fixeron:

La gente pensaba que podíamos juntar un dinerito y volver. Todos pensábamos igual, todos...

Testemuños coma o citado no parágrafo anterior repítense unha e outra vez. Sen embargo, vemos que cando iso ocorre (cando xa prosperaron) non regresan.

Por unha banda atopamos aqueles en que os factores económicos atrasan ou impiden a volta á migración. Por exemplo, están os que argumentan que a súa vida laboral se desenvolveu en Brasil, que os negocios que emprenderon e que lles dan lucros non se poden malvender; ou que coa súa profesión acadaron un determinado nivel e que non o queren perder. Que inclusive o tipo de cualificación laboral que teñen en Brasil é difícil de transferir a España, onde en xeral o tipo de vida que levan non o poderán manter. Para todos eles a volta a España implicaría un risco moi grande e non todos estaban dispostos a asumilo.

Mira, a mi mujer y a mí nos costó mucho esfuerzo, mucho, ni te lo imaginas. Empezamos lavando en un cuartucho y allí pasábamos el día. Ahora no lo vamos a dejar...

Ou a seguinte, unha muller con tres fillos que ó enviuviar viaxou a España e pensou en quedar:

Fui sozinha pra ver se vendendo aqui a casa, as coisas, comprava um apartamento como eu queria... Tinha 3 irmãos lá e fiquei um mês... Gostei de ficar lá, mas eu pensava: A aposentadoria quando chegar será pouco; terei que trabalhar... Pra trabalhar, eu profissional de nada Não sou... Sou dona de casa, não? No Brasil, sem precisar disso dá pra eu viver, pra pagar escola, tenho meu carro...³⁵.

Tamén hai un conxunto de informantes para os que as razóns argumentadas teñen que ver co tipo de vida que foron desenvolvendo. Todos eles teñen unha opinión unánime en canto a que Brasil foi un país solidario que os acolleu a todos. Nese sentido manifestan claramente o seu grao de integración:

Yo me integré tan bien que nunca me dio ganas de regresar definitivamente...

Ou tamén:

Mira, esta es una tierra de libertad. Aquí no te sientes extranjero, nunca. Y si además te has hecho un porvenir... no que tengas dinero, mucho dinero, que tengas un buen pasar, no vuelves, no quieres, no te interesa volver.

35. Este último testemuño cítase na tese de mestría de Castanheira Gattaz, André (1995): *Braços da resistência: Antifranquistas em São Paulo. História oral da imigração espanhola*, Departamento de História. Faculdade de Filosofia, Letras e Ciências Humanas, Universidade de São Paulo (inédita).

Desanda-lo andado:...

Ou outro similar:

Brasil nos ha recibido a todos, a todos. Pudimos trabajar, tenemos hijos, una casinha... qué más... queremos a este país³⁶.

Ou o daquela señora que, ó chegar á casa do seu fillo e ver como vivía, manifestou:

Hijo, de aquí no nos vamos jamás.

Pero sobre todo, o factor decisivo é a familia.

Transcorridos os anos, aínda que no imaxinario de todos permaneza intacta a aldea, a vila de onde saíron, os lazos familiares atáronos definitivamente a Brasil. A pesar de que casasen cunha compatriota os seus fillos serán brasileiros (debemos sinalar que en xeral non existe endogamia nas súas prácticas matrimoniais, e os fillos casan con brasileiros que pola súa vez poden ser descendentes doutros grupos estranxeiros):

Minha mulher é brasileira, meus filhos são brasileiros, eu não posso levar eles para lá.

Ou o caso desta muller que afirma que o tentou unha vez, pero que o seu home non a acompañou entón:

Una vez fui y me llevé a mis tres hijos. Y allí en Barcelona ya estaba para comprar un piso pequeñito. Yo llevaba dinero para darme la entrada, el dinero de la casa de la Rúa Alba, que vendimos. Llevaba 100.000 pesetas, pero cuando estábamos en la puerta del apartamento, mi Juanito dijo así:

–Ah... mamá. Vamos a volver! No dejemos a papá!

Ou o seguinte:

Yo siempre pensé en regresar, salí de allí con 20 años, siempre tuve esa idea. Pero después me casé, tuve un hijo y ahora nosotros nunca más hemos pensado en ir.

Cando o tempo vai pasando e se vai construíndo unha familia o desexo dilúese. Poden sentir morriña, pero quedan en Brasil. Debemos ter presente

36. Estes tres últimos testemuños foron extraídos de González Martínez, Elda: *op. cit.*

que aínda a migración máis recente ten neste país unha profundidade temporal de medio século que, en xeral, se viu coroada por un certo éxito económico, e que, en maior ou menos medida, cadaquén procurou o seu lugar, ten o seu oco.

Eu pensei regresar a España, mas vou dizer una coisa. Minha esposa, meus filhos e meus netos estão aqui e não posso levar sete netos pra lá, não posso, então fiquei aqui.

Inclusive chaman o resto da súa familia:

Mi hermano me mandó una carta de llamada y yo mandé otra a mi hermano menor. Y después traje a mi madre, que estaba solita. Después vino mi hermana y el marido se fue a Caracas, y después de Caracas vino aquí.

Multiplícanse os procesos de reagrupación familiar e aínda traen os que vivían fóra de España, como queda de manifesto tanto no testemuño anterior como no que segue:

En ocho meses yo traje a mi hermano Pepe... que se colocó también. Ya reclamamos a mis padres. Vinieron mis padres, mi hermano Angel, que era menor y mi hermana que se vino de México con una tía.

O testemuño que citamos a continuación sintetiza ese estado:

Tú llegas, nacen tus hijos, van creciendo, tienes tu casa, tus hijos son mayores y cuando quieres volver, ya está, ya no puedes, tus raíces están en Brasil.

Pola contra, debemos sinalar que non renuncian á nacionalidade española e que a transmiten ós fillos, aínda que na maior parte das ocasións isto se produce máis como un recurso potencial que como unha parte de identidade mantida xeracionalmente³⁷.

Para moitos é tarde para pensar en regresar. Algúns dixéronnos:

Ahora ya no más. Qué voy a hacer allí con 70 años? Ahora sólo me resta preparar mi sepultura en el cementerio de Santo Amaro. Es lo único que me queda.

37. Sobre o tema da identidade pódese consulta-lo traballo de González Martínez, Elda: *op. cit.*

A MODO DE CONCLUSIÓN

A migración española a Brasil, e en concreto ó estado de São Paulo, pódese estruturar en dúas grandes etapas, cada unha con trazos específicos que a diferencian da outra.

Na primeira, que se estende ata 1930, participaron familias de agricultores que viaxaron cunha pasaxe gratuíta. As autoridades inmigratorias pauleiras entendían que esta prerrogativa permitía “fixar” os inmigrantes á terra xa que para estes suxeitos a posibilidade de emprende-lo regreso nunca sería unha alternativa moi accesible, polo desembolso económico que debían facer para trasladar todo o grupo familiar.

Aínda así, arredor do 40% dos que chegaron a Santos nese período regresaron. Entre eles destaca que unha porcentaxe elevada, que o consulado de São Paulo estimou no 10%, foi repatriada. Esta é unha das características que os diferencia moi claramente do grupo de inmigrantes da etapa posterior. Debido á dependencia económica do país coas exportacións do café, calquera variación do seu prezo no mercado internacional implicaba quedar sumidos na extrema pobreza. E ese foi un dos motivos polos que arredor de 30.000 persoas conseguiron regresar a España, novamente cun billete gratuíta.

Outros optaron, despois dalgún tempo en Brasil, por continua-la súa experiencia migratoria en Arxentina. Sobre este tema entendemos, tal como no seu momento o fixeron as entidades que xestionaban a entrada de inmigrantes, que en realidade os españois aproveitaron a pasaxe subsidiaria para se achegaren ó país que escolleran e ó que non puideron emigrar, por carecer de cartos para o transporte de todo o grupo familiar.

Superada a pausa na saída de emigrantes provocada pola Guerra Civil española, a posguerra e a depresión económica que sufriu Brasil na década dos trinta, o segundo momento da corrente demográfica que uniu España con ese país desenvolveuse desde mediados do século XX. Desde entón, impelidos polo desenvolvemento industrial de São Paulo, técnicos e obreiros especializados comezaron a arribar a ese estado. Aínda que nesta ocasión non poucos deles viaxaban baixo a tutela do CIME, non se atrevían a trasladarse xunto á familia. Tratábase, practicamente en tódolos casos, de individuos sós que probaban a realiza-la súa experiencia en terras brasileiras.

Eran anos onde facilmente se atopaba traballo pero a separación familiar, as novas formas de vida e a carencia dunha rede de relación provocaban que moitos deles emprendesen o regreso, despois duns meses de estancia.

Se lograban supera-la estrañeza, traían a súa muller e os seus fillos. E aínda que no feito migratorio está presente o regreso, aínda que todos pensasen nalgún momento que o emprenderían cando mellorase a súa economía, o certo é que quedaron.

Bótanse de menos a terra de orixe, a aldea, a cidade, pero moito máis os afectos. Cando se produce o reencontro familiar, ou se constitúe unha familia no país que os acolleu, a morriña vaise diluíndo e con ela as perspectivas de volver. As prácticas culturais, a gastronomía, o folclore, a música, constitúen o universo imaxinario da España que se deixou e que van recreando de cotío.

Pero sobre todo integráronse, botaron as súas raíces e teñen os seus fillos, os seus netos, en Brasil. O mito do retorno está presente, pero non se pode cumprir. O que lles ocorre é o que nos dicía un informante: “Yo no volví a España porque si yo fuera no volvía más a Brasil”.

Desanda-lo andado:...

Resumo

DESANDA-LO ANDADO: PROBLEMAS QUE PRESENTA O ESTUDIO DO RETORNO DOS EMIGRANTES ESPAÑOIS DE BRASIL, 1880-1950

Elda González Martínez

O retorno dos emigrantes españois establecidos no Brasil foi, ó longo de todo o proceso migratorio, intenso. Sen embargo, as dificultades metodolóxicas que ocasiona o seu estudio –se se quere transcende-lo ámbito estatístico– impediron que se realizasen investigacións que nos permitan comprender esta realidade. Neste traballo, no que utilizamos sobre todo testemuños orais, intentamos analizar, dentro das etapas migratorias a São Paulo, as motivacións que impulsan a algunhas persoas a retornar ós seus lugares de orixe.

Palabras clave:

Emigrantes españois, São Paulo, motivación do retorno.

Resumen

DESANDAR LO ANDADO: PROBLEMAS QUE PRESENTA EL ESTUDIO DEL RETORNO DE LOS EMIGRANTES ESPAÑOLES DE BRASIL, 1880-1950

Elda González Martínez

El retorno de los emigrantes españoles afincados en Brasil fue, a lo largo de todo el proceso migratorio, intenso. Sin embargo, las dificultades metodológicas que plantea su abordaje –si se quiere trascender el ámbito estadístico– impidieron que se llevaran a cabo investigaciones que nos permitan comprender tal realidad. En este trabajo, en el que utilizamos sobre todo testimonios orales, intentamos analizar, dentro de las etapas migratorias a São Paulo, las motivaciones que impulsan a algunas personas a retornar a sus lugares de origen.

Palabras clave:

Emigrantes españoles, São Paulo, motivación del retorno.

Résumé

REVENIR SUR SES PAS: PROBLÈMES QUE PRÉSENTE L'ÉTUDE DU RETOUR DU BRÉSIL DES ÉMIGRANTS ESPAGNOLS, 1880-1950

Elda González Martínez

Tout au long du processus migratoire, le retour des émigrants espagnols installés au Brésil fut intense. Cependant, les difficultés méthodologiques que pose leur abord –si l'on veut dépasser le domaine statistique– ont empêché de mener à bonne fin des études qui puissent nous permettre d'appréhender cette réalité. Dans ce travail, principalement basé sur des témoignages oraux, nous tentons d'analyser, dans les étapes de migration à São Paulo, les motivations qui poussèrent certains à revenir sur les lieux de leur origine.

Mots clé:

Émigrants espagnols, São Paulo, motivations de retour.

Summary

BACK TO SQUARE ONE: PROBLEMS PRESENTED BY THE STUDY OF THE RETURN OF SPANISH EMIGRANTS FROM BRAZIL, 1880-1950

Elda González Martínez

The return of Spanish emigrants residents in Brazil was intensive throughout the migration process. However, the methodological difficulties that the subject poses – if we are to go beyond the purely statistical – have impeded research being done that would permit us to understand it. In this work, in which we use mostly oral reports, we attempt to analyse, in the different phases of emigration to São Paulo, the motives that brought some people to return to their place of origin.

Keywords:

Spanish emigrants, São Paulo, motives for return.

Curriculo

ELDA GONZÁLEZ MARTÍNEZ. Doutora en Antropoloxía Cultural pola Universidade de Uppsala (Suecia) e en Historia Contemporánea pola Universidade Complutense de Madrid. Investigadora do Instituto de Historia do Consello Superior de Investigacións Científicas. Profesora invitada en varias Universidades, como a Universidade Nacional da Prata –Arxentina–, Universidade da República –Montevideo–, Universidade de Santiago de Chile, Universidade de Uppsala, Universidade de Campinas, Academia de Ciencias de Polonia, etc. As súas liñas de investigación están relacionadas co campo relixioso-popular en Brasil e coa emigración a América.

RETORNO E RETORNADOS DA EMIGRACIÓN ASTURIANA A AMÉRICA: MITOS, ESTEREOTIPOS E REALIDADES

Francisco Erice Sebares

OS RETORNADOS: DA IMAXE Á IDENTIDADE COLECTIVA

Dentro da copiosa bibliografía existente sobre os fenómenos migratorios, as circunstancias do regreso e o papel dos retornados, malia os avances máis recentes, seguen sendo temas aínda pouco explorados se se comparan co tratamento que recibiron saídas, exilios e emigracións¹. E se esta consideración pode subscribirse con carácter xeral, resulta dende logo aplicable, no particular, a Asturias, onde a penas comezou a afondarse en aspectos tales como a ideoloxía e os comportamentos políticos dos retornados ou as súas influencias na linguaxe, no folclore, nos costumes ou nas formas de vida, por poñer algúns exemplos.

Certamente, ata o de agora, o oco deixado pola falta de traballos máis serios ou rigorosos estívoese enchendo mediante o cultivo pertinaz dos estereotipos e os tópicos, nunha permanente alternancia entre os abusos da inducción (xeneralizando a partir de casos concretos sen calibra-lo seu grao de representatividade) e as inxenuas deducións que parten dunha serie de arquetipos elaborados sobre a base de textos literarios ou dos publicistas da época. Todo iso formula problemas serios de adaptación á realidade dos *modelos* e os *tipos* esbozados, interrogantes acerca do grao de refracción das imaxes transmitidas e dúbidas sobre a veracidade dos testemuños². As páxinas que seguen dedicarémolas precisamente a rastrexar, na construción dal-

1. X. M. Núñez Seixas (1999a), pp. 93 e ss.

2. Segundo X. M. Núñez Seixas, habería que outorgarlles máis fiabilidade ás visións que nos ofrece a *literatura menor* ou destinada ó público máis popular, fronte á *literatura de calidade*. Se iso se refire a unha maior adecuación cos “estereotipos circulantes en la sociedad” (X. M. Núñez Seixas, 1999b; p. 12), pouco habería que obxectar. En canto á concordancia destas figuras coa auténtica situación do retornado, non hai por que supoñer unha maior proximidade na poesía, o teatro ou a narrativa costumista (onde a *correspondencia* coa realidade externa adoita basearse nalgún aspecto superficial, en xeral moi estilizado e doadamente identificable polo público ó que se dirixe, máis que nunha visión rigorosa ou fiel) que por exemplo nas obras de *Clarín* ou Palacio Valdés.

gunhas destas imaxes, as posibles razóns dos *nesgos significativos* a que conducen e a súa eventual confrontación cos resultados de investigacións máis rigorosas³.

O primeiro problema fórmulasenos concretamente coa identificación dos retornados como grupo que se supón que ten certos trazos ou formas de comportamento colectivo, e ó que polo tanto lle cadraría a aplicación de determinados apelativos comúns. Os máis frecuentes para sinalalos son, nese sentido, os de *americanos* ou *indianos*⁴. Como variante local, relacionada co destino preferente dos emigrados, na zona de Avilés falábase, en sentido amplo, de *cubanos* e na poesía popular aparece algunha vez, con idéntico afán xeneralizador, o vocábulo *habaneros*⁵. Estes termos, en especial os primeiros, aínda que poden aplicarse á totalidade dos retornados, adoitan utilizarse ante todo para os triunfadores. Os que regresaban pobres ou fracasados estaban, dende logo, expostos a epítetos máis vexatorios e infamantes, cargados de burla ou de malicia, como os de *americanos do pote*, *da maleta á auga* ou do *filu negru*⁶.

Unido ó nome aparece indefectiblemente o arquetipo, físico ou moral, construído ó longo de decenios, coa inestimable axuda de cronistas, escrito-

3. Algúns destes problemas formuleinos recentemente noutro traballo de parecida temática. Véxase F. Erice Sebares (1999).

4. Antonio L. Oliveros (1989; p. 49), xornalista republicano e antigo emigrante a Cuba, afirma que “la Asturias emigrante produjo una clase social (*sic*) cuyos componentes el vulgo ha bautizado con el apelativo de *americanos* (con el de *indianos* son conocidos en el resto de España)”. Pero, como comprobaron, entre outros, J. L. Roca (1992; pp. 279-280) ou J. I. Gracia Noriega (1987a; p. 13), polo menos no Oriente asturiano, o vocábulo preferido (ou case exclusivo) é precisamente o de *indianos*.

5. J. C. e V. de la Madrid Álvarez (1992; p. 17). E. Martínez (*s/d*) recolle esta última denominación nalgún cantar popular como este: “Voy a marcharme a La Habana / y cuando vuelva habanero, /he de casarme contigo, / si traigo mucho dinero” (p. 68). José Benigno García (1925), poeta en bable, máis coñecido como *Marcos do Torniello* (ou *do Torniellu*), utiliza alternativamente *indianos* e *habaneros*: “...Los indianos veteranos, / que son pocos los que queden, / y los nuevos habaneros, / que a menudo van y vienen...” (p. 165); “... que si Asturias agora tien muchos fueros / ye que la analtecieron los *habaneros*” (p. 230); “Asturies sin *indianos*, la proibitina ... / lo que fos sin *indianos* non se adevina; / i con los *habaneros* ta qu’escentella, / porque non hai deyures otra como ella” (p. 231).

6. O da *maleta á auga* parece referirse á feble bagaxe material coa que regresaban os non triunfadores; na literatura costumista, o volume da equipaxe constitúe unha primeira aproximación visual ó nivel de fortuna do acabado de chegar. O do *pote* alude seguramente ó afán de ostentación (*darse pote*, fachendear). A expresión do *filu negro* úsase como equivalente da castelá *indiano del hilo negro*, aplicable ós que se caracterizaban pola súa avaricia e mesquindade, comportamento lóxico naqueles que non podían responder, aínda que o desexasen, ó prototipo do indiano rumbo e benfeitor.

res e plumíferos de todo tipo, tanto en Asturias coma nas comunidades asturianas de América. Unha imaxe que, sen ser totalmente uniforme, presenta trazos de indubidable persistencia, comezando pola vestimenta e o aspecto exterior, ós que se adoita outorga-la función esencial de marcar diferencias entre o emigrante que regresa e o ámbito propio do seu lugar de orixe⁷. A esmerada pulcritude –mesmo o atilamento–, o luxo inusual e algunhas pezas indumentarias e ornamentais (os aneis con pedras brillantes, o reloxo de peto coa cadea de ouro ou leontina, ás veces o chaleco ou o exótico sombreiro de *jipijapa*) constitúen os distintivos externos do personaxe-indiano, os que primeiro permiten identificalo⁸.

A adecuación, *grosso modo*, a esta imaxe parece formar parte da autoconstrucción da súa identidade como indiano por parte dos retornados e enlaza con outro dos trazos, neste caso psicolóxicos, do arquetipo: certo exhibicionismo ou afán de ostentación. A *literatura* costumista é pródiga en observacións a este respecto. Había quen, como aquel *americano* de Álvarez Marrón, ía malgastando propinas, ante a alarma ou a perplexidade dos seus familiares. Outros chamaban a atención de diferente xeito, como os que –descritos polo mesmo autor– chegaban a unha romaxe “jinetes en rocines de alquiler, galopando y caracoleando como poseídos del vértigo”. Algúns preferían alardear con algo máis sólido, como o flamante automóbil exhibido por Donato Morán, protagonista dunha novela breve de Andrés González Blanco, que ten un título que fai referencia precisamente ó devandito vehículo (*El americanín del automóvil*). En fin, outros arribaban con obxectos exóticos para os seus familiares que “más que regalos eran alardes, destinados a provocar el pasmo del vecindario”⁹.

A VOLTA Ó TERRUÑO: INDIANOS E AMERICANOS DO POTE

Así como no referente ás saídas dos emigrantes predominou a propensión ó recoñecemento da súa transcendencia e mesmo á hipervaloración, no

7. A xeito de exemplo do contraste entre o que regresa e os aldeáns, pode evocarse (J. Baron, 1993; pp. 107-108) o cadro do pintor José Uría *La vuelta de Pin de Rosa*, no que un grupo de campesiños contempla sorprendido a chegada en tren do indiano cun traxe branco impoluto. Balances do tratamento de indianos e retornados na literatura, en A. Ruiz de la Peña (1993), J. I. Gracia Noriega (1987b) ou J. L. Roca Martínez (1988 e 1992).

8. Exemplos, entre outros moitos, nas descrições de N. Arias Valdés (1890; p. 66), B. A. Buylla (1914; pp. 35-37), M. Álvarez Marrón (1915; p. 22), C. Ciaño (1925; p. 139) ou P. Morante (1925; pp. 111-112).

9. Exemplos citados en M. Álvarez Marrón (1910; pp. 44-49 e 1925; pp. 217-224), A. González Blanco (1922) ou José Fernández Sánchez (1999; pp. 29-32).

caso dos regresos a tendencia que prevalece é máis ben a inversa; tal vez para así mellor resalta-lo drama humano da separación e o desarraigamento ou ben co fin de reaccionar contra a abusiva identificación do emigrante co indiano rico (e polo tanto en boas condicións para o retorno). En calquera caso, a maioría dos estudosos do fenómeno migratorio no noso país coinciden en dúas apreciacións básicas acerca das cuantificacións dos regresos: a primeira, a dificultade de construír estatísticas plenamente fiables e rigorosas; a segunda, a elevada proporción dos que volven en relación co número dos que marcharon.

Pouco podemos engadir que non se dixera noutras ocasións acerca dos problemas que supoñen as estimacións estatísticas dos retornos: nas fontes, confusión de emigrantes con simples pasaxeiros; importancia da emigración clandestina ou non rexistrada; consideración indiferenciada de retornos temporais cos definitivos, etc. En Asturias, existe ademais a dificultade adicional de que as cifras de desembarcados en portos da rexión sérvennos de ben pouco. O certo é que, sobre todo dende os anos 80 do século XX, cando os veleiros son substituídos polos vapores na tarefa de transporta-los emigrantes a Ultramar, a maioría dos regresos (e das saídas) de asturianos producíase a través dos portos galegos ou do de Santander; só a habilitación do porto xixonés do Musel para o tráfico de pasaxeiros con América, na segunda década do século XX, modificou parcialmente esta situación¹⁰.

En canto ás taxas de retorno, sabemos que eran xeralmente altas, máis do que se veu supoñendo. Como dato significativo, para o conxunto dos portos españois, Blanca Sánchez Alonso cifra en 5.194.000 as saídas entre 1888 e 1930, e as entradas en 4.298.000 (ou sexa, arredor do 82% da cantidade anterior). César Yáñez calcula en máis do 50% de media os índices de retornos por décadas de 1870 a 1970, sendo notablemente maiores (arredor do 80%) os referidos á emigración a Cuba, que era, por certo, o destino preferido dos asturianos. As porcentaxes de retornados creceron especialmente nos últimos anos da guerra de Cuba (en boa medida polas tropas repatriadas, non polos emigrantes), no período da Gran Guerra e nalgúns anos da década de 1920. Trala crise do 29 e a depresión dos anos 30, as entradas superaron xa as saídas¹¹.

10. Consello Superior de Emigración (1916; pp. 252 e 258); R. Alvargonzález (1985, t. II; pp. 179-192).

11. B. Sánchez Alonso (1995; p. 129); C. Yáñez Gallardo (1993; pp. 120-121 e 137). Sobre os efectos nas repatriacións provocados pola crise que ten lugar na economía cubana nas décadas de 1920 e 1930, véxase C. Naranjo Orovio e A. Moreno Cebrián (1990).

Sabemos tamén que as taxas de retorno eran altas noutras rexións españolas con forte tradición migratoria, como é o caso de Galicia ou Canarias, e non cabe pensar que a situación de Asturias fose, en principio, moi diferente. A iso debeu contribuír, sen dúbida, a obsesión polo regreso que os testemuños do momento presentan como un trazo *case estructural* no comportamento dos emigrantes asturianos¹². De feito na nosa rexión conxugábanse algúns factores xerais (comúns a outras rexións) e outros específicos que axudaban claramente a fortalecer-la corrente de retornados. O significativo testemuño de Félix Aramburu proporciónanos, nese sentido, algunhas claves esenciais:

...la emigración [del asturiano] es individual (el hogar queda en pie, con sus padres, con sus hermanos); es *temporal* (nunca dice *adiós*, sino *hasta luego*); es *relativa* (busca el país más afín al suyo, donde por lo menos se hable su lengua). La emigración en familia, la emigración radical, la emigración indefinida - el trasplante colectivo, el destierro perpetuo, el extrañamiento propiamente dicho-, apenas se conocen aquí¹³.

Xuventude, procedencia campesiña e fortes lazos familiares da maioría dos emigrados eran factores propicios para o retorno¹⁴. Foi así mesmo, como é obvio, o progresivo abaratamento das pasaxes, polo menos dende comezos do século XX; e, con toda probabilidade, tamén o destino cubano da maior parte dos asturianos e a comparativamente alta porcentaxe dos que lograron enriquecerse, de entre os orixinarios da nosa rexión. Pero, sen dúbida, un papel fundamental desempeñárono as estreitas relacións entre Asturias e as colectividades asturianas de alenmar (a de Cuba, por certo, era poderosa e estaba moi ben organizada); relacións acrecentadas de forma continua co vaivén dos viaxeiros, pero tamén a través de cartas, informacións de prensa e

12. Como o indiano da novela *Isabelina* (C. Suárez, 1924), que «cuarenta años acariciando el ideal de retornar a su pueblo, con fortuna que le permitiera vivir espléndidamente». O coro de *La balada del emigrante* de Ángel Pola (reed. 1992; p. 48) resalta o obxectivo inevitable do retorno desta forma: «Embarcaremos mañana / en el puerto del Musel / Adios, verde Asturias mía / ¡a morir a tí vendré!».

13. F. de Aramburu y Zuloaga (1989; p. 296).

14. Segundo un recente estudio (Pedro Gómez, 2000; pp. 106 e ss.), a idade media dos 1873 varóns do concello de Llanes que solicitaron emigrar a América entre 1863 e 1909 non alcanzaba os 15 anos.

outras formas de contacto permanente e cotián¹⁵. As asociacións de asturianos en América non só contribuíron a sufragárle-la pasaxe de regreso a emigrados insolventes, senón tamén ó cultivo da nostalxia (sentimento psicolóxico medular no emigrante ou no exiliado, como é sabido) e á construción dunha imaxe idealizada e ruralizante da Asturias abandonada, de claro sentido conservador e forte capacidade emocional. Volver a esa imaxinada Asturias case idílica e patriarcal era, dende logo, a maior aspiración de todo emigrante, sobre todo se lograra acumula-los suficientes aforros como para pasar confortablemente o resto da súa vida, respectado polos seus familiares ou compatriotas¹⁶.

Hai, dende logo, unha secuencia cronolóxica dos retornos, as etapas da cal se relacionan coa intensidade do fenómeno migratorio, coas conxunturas económicas (e mesmo políticas) que atravesan os países receptores e coas oportunidades de regreso en xeral¹⁷. A figura dos *americanos* era xa familiar en moitas vilas de Asturias na segunda metade do século XIX; mesmo como colectivo con aspecto, léxico, actitudes e costumes propios, se habemos de cre-la ácida descrición que Palacio Valdés realiza deles nalgunha das súas novelas¹⁸. Entón, mesmo as visitas estivais dos emigrantes resultaban máis que habituais, segundo as crónicas e recensións da prensa¹⁹.

Aínda que a crise do 98 non provocou, como é sabido, repatriacións masivas de emigrantes, durante a guerra e despois dela as visitas periódicas comezaron a ser cada vez máis frecuentes. A imaxe do americano novo *que vén ás romaxes* cada poucos anos aparece frecuentemente glosada nas publicacións e na prensa do momento²⁰. E xunto a ela atopamos, cada vez máis definida, a do indiano ou retornado definitivo, nunha tendencia que se vai acentuando no tempo.

15. Sobre o caso de Cuba, véxase F. Erice Sebares (1994). A imaxe, máis ou menos impregnada de exotismo, da vida en Cuba ou noutros lugares de América formaba parte do cotián da maioría dos asturianos. O médico Carlos Martínez (1990; p. 10), alcalde republicano de Xixón en 1936 e logo exiliado en Cuba, recorda como a súa primeira imaxe da Illa derivaba dos batús usados polo seu pai para viaxar a ela e “los cromos de las cajas de puros, con sus cielos de azul intenso, esbeltas palmeras y cañaverales”.

16. F. Erice Sebares (1999; pp. 44-49).

17. Sobre os cambios a través do tempo e outras consideracións que faremos a continuación, referentes ós colectivos de indianos nas diversas localidades asturianas, véxase F. Erice Sebares (1999; pp. 49-57).

18. Concretamente en *El cuarto poder*, publicada en 1888, fala de máis de cincuenta na pequena localidade de Sarrió, copia literaria de Avilés. Véxase A. Palacio Valdés (1959, t. I; p. 510).

19. Véxase unha delas, por exemplo, en *El Carbayón*, Oviedo, 3 de xuño de 1887.

20. A expresión *americanos que veñen ás romaxes*, en J. de Villalaín (1913; pp. 74-75). Véxanse tamén observacións semellantes en *Asturias de ayer y hoy* (1914; p. 36).

Subliñouse, non sen razón, que o período 1880-1914 corresponde á *época dourada* dos *americanos* e á súa influencia social; a esta seguiríalle outra etapa, entre a Primeira e a Segunda Guerra Mundial, caracterizada polo incremento cuantitativo dos retornados e unha mellora significativa no seu nivel cultural e cualificación profesional, aínda que tamén cunha palpable redución numérica do escollido grupo daqueles que conseguían acumular grandes fortunas²¹.

Non cabe dúbida de que os indianos se foron incorporando á *paisaxe social* das distintas localidades de Asturias, dende as cidades maiores (Xixón ou Oviedo) ata as aldeas máis pequenas, mesmo ás veces mantendo unha dobre residencia (na súa vila de orixe e na *capital*). Pero o que destacaba por riba de todo era o indiano acomodado, coa súa vestimenta tal vez rechamantemente *luxosa*, a súa residencia máis ou menos suntuosa e o seu papel social de home de prol benfeitor; os *do pote* ou do *filu negru* rara vez acadaban protagonismo, salvo que aparezan como “reverso desventurado de los que vuelven triunfantes”²². Xeralmente levan, na súa vestimenta ou no seu aspecto, a marca indeleble do fracaso, como o retornado pobre de ficción na novela *Allorales*, de Pérez Cueto, que volvía “coa barba sen afeitar, o traxe enrugado e dunha calidade que distaba moito de ser de primeira e uns zapatos bastos e cheos de barro”; ou como o personaxe real que evoca nas súas memorias José Fernández Sánchez, que fora vaqueiro en Arxentina e regresaba “con la derrota marcada en la cara, en el traje, en la vieja maleta con la tapa hundida” e que, sentado na porta da súa casa, vía pasa-las horas e as xentes para distrae-la súa soidade²³.

As actitudes habituais ante o *americano* pobre parecen estar máis preto do desprezo que da compaixón. A súa figura adoita equipararse á de personaxes ridículos e máis cando o seu comportamento reflectía o patetismo propio do desexo de aparentar, do *querer e non poder*. Trátase de prototipos como o Pancho Porceyo da serie costumista de Álvarez Marrón, “tan sobrado de fachenda como escaso de caudal”, que se ve obrigado a revende-lo cabalo que adquirira e regresa á vila cargado coa albarda, entre a mofa dos veciños²⁴. En

21. C. Álvarez Quintana (1991, t. I; pp. 96-97). Algo disto último apuntaba J. de Villalaín (1913, p. 75).

22. F. Quirós (1993; p. 10) resalta así a cuestión: “De esa masa de emigrantes anónimos, que nunca fueron indianos, y aparte de las aproximaciones más o menos exactas, o inexactas, a su número, ¿qué sabemos? Pues, simplemente, nada”. Tamén V. Vallín Martínez e G. Fernández Moreno (1928; p. 225).

23. A. Peláez Cueto (1990; p. 14); J. Fernández Sánchez (1999; p. 31).

24. M. Álvarez Marrón (1915; pp. 133-138).

xeral, a imaxe dos que retornan pobres adoita presentarse cargada de connotacións críticas ou negativas²⁵. O seu fracaso ben pode atribuírselle á falta de amor ó traballo ou á “sobra de apego a los vicios”²⁶. Poucas son as voces comprensivas, como a de Ángel González²⁷, ou como a do poeta de Llanes Celso Amieva, que nos fala de *americanos do pote* que regresan sen riquezas, pero –como no periplo á Ítaca de Kavafis– cheos de aventuras e experiencias²⁸.

Non debe estrañar que tantos *americanos do pote* pasasen desapercibidos e mesmo que lles gustase *mimetizarse* co ambiente²⁹. Pero o que non podía ignorarse, segundo parece, era a elevada porcentaxe de retornados enfermos. A identificación do indiano coa decrepitude física é case omnipresente. De crer aquel personaxe de *Luna de miel, luna de hiel*, a novela de Pérez de Ayala, os indianos volvían todos “de color de limón podrido, por no sé qué estragos de las entrañas o el bazo”, e algúns con “enfermidades sucias”³⁰. Un mal que adoita vincularse ós retornados é a tuberculose; as referencias a *americanos* de ficción ou reais que sufrían ou transmitían esta enfermidade son constantes³¹. Que esta suposición tiña visos de realidade, ou polo menos que gozaba de ampla aceptación, demóstrano as numerosas *topografías médicas* publicadas sobre distintos concellos de Asturias nas primeiras décadas do século actual e que recollen case sempre a asociación entre esta enfermida-

25. Non parece suceder así en Galicia, segundo X. M. Núñez Seixas (1999a; p. 100).

26. R. Riera (1926; pp. 21-22).

27. “Ya entonces admiraba especialmente / a los que regresaban desprovistos / de todo resplandor: / los que traían / únicamente un resto de fatiga / entre las manos, / un equipaje sólo de nostalgia, / un patrimonio inútil de recuerdos / y el brillo del fracaso en la mirada / iluminando casi / una sonrisa apenas de tristeza”. Cit. en J. Fernández Fernández (1988; pp. 87-88).

28. Tal é o caso do personaxe Isaac Garavito, músico ambulante e indiano pobre, o cal “le importó una papa” (cit. en J. I. Gracia Noriega, 1987a; p. 22). Ou como Laudelino Toró, que se retira sen diñeiro á súa localidade de Poo (Llanes), pero coa satisfacción dunha vida axitada e rica en aventuras (C. Amieva, 1995; pp. 259-261).

29. Véxase F. García Arenal (1980; p. 124); *El perfil de Piloña* (1916; p. 225).

30. R. Pérez de Ayala (1969; p. 84). Non é estraño que a algún lle pregunten, á súa chegada, se se atopa en condicións de comer *boroña* (pan de millo), xa que moitos non poden facelo (C. Martínez Riestra, 1958; p. 151).

31. No relato “La Fontina”, de M. Álvarez Marrón (1912; pp. 167-172), a un emigrante afectado de hematémese (vómito de sangue) aconséllanlle toma-las augas e os aires da súa terra. Ó chegar á casa da súa familia, recíbeo a súa cuñada, que lle impide bica-los nenos porque “los éticos (*sic*) no debían tocar a las criaturas”. El respóndelle, sen lograr convencela, que non está tísico, senón enfermo do estómago. Outra veciña observa que, dos que regresan, “pocos vienen sanos”; A Habana –di– “vos monda los huesos”. Referencias diversas en E. Canel (1894; pp. 5-15); C. Suárez (1931; pp. 231-233); A. I. Álvarez e V. Gil Amate (1997; pp. 89-97); A. Camín (1978; pp. 31-36) e (1948; pp. 155-159).

de e os indianos³². Precisamente para recluí-los enfermos de tise pulmonar, o Centro Asturiano da Habana proxectou construír en Oviedo, nas abas do monte Naranco, un sanatorio antituberculoso, iniciado en 1914 e logo nunca concluído; as instalacións levantadas foron seria e definitivamente danadas en 1934 e 1936³³.

OS INDIANOS NA ECONOMÍA E NA SOCIEDADE ASTURIANAS. ¿CONSERVADORES OU RENOVADORES?

Os xuízos acerca da influencia económica, política e social dos retornados caracterizáronse habitualmente por claros nesgos de valoración, en sentido desfavorable ou positivo. No primeiro caso situaríase unha *lenda negra* dos indianos, que sintoniza cos prexuízos de certos sectores sociais coetáneos, como máis adiante poremos de relevo. Pero o que predomina é precisamente a visión oposta, en poetas, publicistas ou cronistas locais³⁴. Un caso paradigmático desta segunda opción é o do xornalista republicano Antonio L. Oliveros, comprensivo como poucos cos indianos xa que el mesmo era un retornado da emigración a Cuba; segundo Oliveros, os *americanos*, despois do 98, cumprían “una misión histórica de inyectadores de enerxía en el espíritu español deprimido y como postrado”, levantando do seu abatemento a economía nacional, e por conseguinte a de Asturias³⁵. Anos máis tarde, o tamén asturiano Valentín Andrés Álvarez continuaría no mesmo ton enco-

32. Así o médico José de Villalaín (1913; pp. 79-80 e 86; 1915; pp. 111-113) afirmaba que “el elevado número de tuberculosos en Asturias se debe a la abundancia de la siembra procedente de América en un terreno ya de suyo apto para padecer”; ademais, engadía outras patoloxías frecuentes ou ocasionais entre os indianos, como a sífilis, a arterioesclerose (polo tipo de vida sedentaria e as condicións de traballo desenvolvidas no comercio), a anquilostomias e enfermidades da próstata. O poeta Ángel González refírese ós indianos como “viejos joviales de adorable prótesis [dental, enténdese] y desastrosa próstata” (J. Fernández Fernández, 1988; pp. 187-188). Outras referencias de médicos, en Felipe Portolá Puyós (1915; p. 124), J. M. Jove y Canella (1927; p. 120) ou V. Fernández (1932; p. 102).

33. Sobre este sanatorio e algunhas polémicas que levantou, véxanse *El Libro del Centro Asturiano* (1928; pp. 143-144, 308, 463, 600, 604, etc.); C. Álvarez Quintana (1991, t. II; pp. 323 e 328-329); M. C. Bermejo Lorenzo (1992; pp. 253-263); J. de Villalaín (1925; p. 134), e (1932; p. 106).

34. O poeta José Benigno García (1925; p. 231), máis coñecido por *Marcos del Tornello*, aseguraba que “... si non fuesen ellos, estes montañas / taben más prohibitines que les arañas”. O concello de Piloña, segundo parece (*El perfil...*, 1916; p. 255), debíalles ós indianos “la mitad de su prosperidad”, e o de Luarca (segundo aseveraba hiperbolicamente J. de Villalaín, 1915; p. 95), “toda su riqueza”.

35. A. L. Oliveros (1989; pp. 51-52). Así mesmo claramente laudatorio é o libro de B. Castrillo Sagredo (1926) sobre o financiamento de escolas e fundacións.

miástico, afirmando que os capitais *americanos* permitiran revivir a *España sen pulso* da que falara Silvela³⁶. Dende logo o catálogo dos eloxios non queda aquí e chega ata o presente, onde a figura do *americano* aparece a miúdo como tópico prototipo dos *hombres emprendedores*, achado e filón de sabor schumpeteriano moi do gusto de neoliberais e demais economistas e políticos habituais; aínda que tampouco falta algunha lembranza de ton tradicionalista e pintoresca formulación como a de Jesús Evaristo Casariego³⁷.

¿Eran realmente os indianos conservadores ou innovadores no seu comportamento? Dende logo, no que atinxe ós seus investimentos en Asturias, parece claro que as ideas acerca do carácter *improductivo* destas e, en todo caso, do cambio cuantitativo e cualitativo arredor de 1898 deben relativizarse³⁸. Xa ó longo do século XIX, a achega en forma de remesas dos emigrantes e de investimentos polos retornados coadxuvara significativamente a dinamiza-la economía asturiana. O comercio (sobre todo en localidades como Avilés ou Xixón), a banca, os investimentos inmobiliarios nas distintas vilas e cidades e mesmo a incipiente industria foron obxecto do interese dos capitais *americanos*, o comportamento investidor dos cales non parece ser nin máis innovador nin máis conservador que o do resto de sectores da burguesía rexional. O mesmo sucedería tralo 98, cando os indianos contribúen (tamén xunto a outros sectores capitalistas rexionais ou de fóra de Asturias) ó auxe económico da fin do século³⁹.

En canto ó impacto no medio rural, as remesas dos emigrantes, como noutras rexións españolas, parecen axudar a mellora-la situación dos campesiños e ó mantemento das súas pequenas propiedades ou explotacións. Non está demostrada, por exemplo, unha tendencia especial a exercer como *pasivos* propietarios rendeiros. Cabe destacar, en cambio, polo que sabemos, certa achega á redución ou eliminación de cargas dos campesiños (como as rendas ou a *comuña* ou parcería de gando) facilitándolle-lo acceso á propiedade,

36. V. Andrés Álvarez (1956 e 1982).

37. "...Asturias siempre fue tierra de emigrantes activos y emprendedores, fuertes y honrados, que han hecho honor y dado provecho a nuestra tierra". O indiano adoitaba ser un español "racialmente puro", procedente "de las inagotables canteras del puro pueblo", así como un modelo "de patriotismo auténtico y de progreso", y "su bandera era, sencillamente, España, el 'rinconcín' donde nació". Véxase J. E. Casariego (1984).

38. Véxanse por exemplo as observacións críticas, a este respecto, de G. Ojeda e J. L. San Miguel (1985; pp. 77 e ss.). As consideracións que seguen sobre a aplicación dos capitais dos indianos aparecen expostas, de foma similar aínda que algo máis ampla, en F. Erice Sebares (1999; pp. 57 e ss.).

39. Referencias diversas en F. Erice Sebares (1995, t. I; pp. 115-129 e 177-179) e (1980; pp. 118-122); R. Anes (1993; pp. 91-110); J. R. García López (1987, 1989, 1992 e 1994).

así como á *modernización* do agro asturiano (en especial certa introducción de maquinaria, mellora de apeiros e razas gandeiras, propagación de fertilizantes químicos). Sen que o seu labor poida equipararse ó que realizaron en Galicia, é indubidable o impulso dalgúns indianos á creación, nas primeiras décadas do século XX, de sociedades ou *sindicatos* agrícolas⁴⁰.

Algunhas facetas da actividade dos indianos que foron obxecto de investigacións serias e sistemáticas son os investimentos de tipo inmobiliario (concretamente os dedicados a sufragar-las súas propias vivendas ou ben edificios e infraestructuras de uso colectivo), e os empregados en financiar a construción ou dotación de escolas e obras diversas de beneficencia. Nos dous campos, que ben poden encadrarse dentro dos procesos de *modernización* de Asturias, a achega dos indianos foi máis que notable; en ambos o papel simbólico e a *rendibilidade social* (reflexo do seu status ascendente e o seu afán de respectabilidade e recoñecemento) quedan claramente patentes⁴¹.

A diferenza da que poderíamos denominar *labor social* ou filantrópica dos indianos, a influencia dos retornados nos costumes ou as formas de vida, nos múltiples aspectos da vida cotiá dos asturianos, a penas foron obxecto de atención, máis ou menos circunstancial, na bibliografía da emigración e os seus efectos. Iso impídenos calibra-lo valor concreto da afirmación de Villalaín de que os *americanos* sempre traían consigo algo útil: “dinero, cultura, aires de fuera”⁴².

Entre as *novidades* introducidas polos retornados, algunhas afectan á propia linguaxe, sen que existan ata o momento estudos precisos acerca do alcance social destes cambios. Palacio Valdés salpica de modismos americanos a conversación dos seus indianos en *El cuarto poder*, mentres xogan ó billar (“sal de la manigüita”, dinlle á bóla) ou discuten (“no se ponga bravo” e outras expresións similares)⁴³. Décadas máis tarde, Constantino Suárez, tamén nunha das súas novelas, facía notar esta *contaminación* no léxico con termos cubanos que se empregaban, na súa vila de ficción de Tambor, “con

40. F. Portolá (1915; p. 8) aseguraba que o diñeiro dos emigrantes “igual a la gente convirtiendo en propietarios a los antiguos colonos, dando un golpe de muerte a la tiránica ley de ‘comuñas’”. J. J. Rodríguez González (1992; p. 297) menciona, entre os *sindicatos* promovidos por indianos, a Sociedade Agrícola de Piloña e a Asociación de Agricultores de Carreño; E. Mencos e A. Bojstad (1998) aluden a outro caso en Malleza (Salas). Outras referencias en J. de Villalaín (1915; p. 93) e *El Perfil...* (1916; pp. 180-182).

41. A bibliografía sobre estas cuestións é ampla. Sobre arquitectura de indianos, destaca a obra enciclopédica de C. Álvarez Quintana (1991). Sobre achegas ó ensino, pode consultarse o traballo de J. Uría (1984).

42. J. de Villalaín (1915; p. 95).

43. A. Palacio Valdés (1959, t. I; p. 150).

la mayor naturalidad, lo mismo que se aceptaban canciones, bailes, formas de condimentación, etc.”; e iso tanto por indianos ou retornados como por moitos que nin sequera emigraran⁴⁴.

A mestura de formas lingüísticas era constatada por diversos cronistas locais nas primeiras décadas do século XX. Así sucedía no concello de Piloña, onde o bable tradicional ía desaparecendo e deixaba paso “a una mezcla den-gosa de desinencias cantadas, que ha sido importada de Cuba y de la repú-blica Argentina, con apropiación de voces que, aun siendo castellanas, sólo se usan en aquellas lejanas tierras”⁴⁵.

A falta de estudos sobre o particular dificulta calquera precisión sobre a importancia que na progresiva substitución da lingua vernácula polo castelán puidera te-la influencia dos *americanos*⁴⁶. Hai testemuños de que os retorna-dos volvían ás súas vilas notablemente castelanizados, o cal chocaba coa aínda intensa presenza de falas bables nas aldeas de Asturias. Na literatura costumista, o indiano, como outros personaxes acomodados, adoita expresarse en castelán, diferenciándose do vulgo, que fala na lingua tradicional. O contraste –e o asombro dos aldeáns– apréciase en textos como a poesía “El indiano” de Carlos García Ciano, na que un *americano* aparece “falando lo mesmo que los ñativos de Cuba”, chamándolle *guagua* ó coche e *sacu* á chaqueta:

Asina todo. So madre
nun lo entiende, ta rabiando
por entendelu y non puede
la probe, porque escuchalu
y quedase como boba
ye todo unu, llamándoi
guindar a colgar, *parase*
a ponerse de pie; vamos
que y'un llenguaje distintu
al nuestro, puru aldeanu
que falen homes, muyeres,
neños y vieyos⁴⁷.

44. C. Suárez (1931; p. 59).

45. *El Perfil...* (1916; p. 232).

46. Hai, como é sabido, un efecto contrario, que é o mantemento da lingua tradicional en acti-vidades festivas das comunidades asturianas en América, dentro dun folclorismo arcaizante moi en sintonía coa imaxe da Asturias rural, patriarcal e idílica que se cultiva.

47. C. García-Ciano Canto (1996; pp. 207-210).

Xunto coa linguaxe, os retornados achegan formas de ocio aprendidas na emigración. Hai quen lles atribúe, por exemplo, a introducción das pelexas de galos⁴⁸. E, dende logo, a súa afección ó billar era moi coñecida⁴⁹. Pero o que parece prender máis nas aldeas e vilas de Asturias eran os bailes e ritmos musicais importados de Ultramar. En xeral, dende principios de século, obsérvase a progresiva substitución dos bailes tradicionais (como a “giraldirilla”) polos valeses “o por las atrevidas *danza* argentina y *rumba* cubana”. A mesma gaita chegaba a usarse para interpretar habaneras, co conseguinte escándalo dalgúns *puristas*⁵⁰. As mesturas e a hibridación, adoptando ás veces formas moi curiosas, detéctanse en distintos lugares de Asturias dende fins do século XIX. Así en Llanes, no oriente da rexión, popularizouse a *habanera de La Magdalena*, mestura deste son e da tradicional *danza prima*, posto que os seus executantes bailábana en círculo, asidos polos brazos⁵¹. Celso Amieva recolle nos seus versos a mestura en músicas e danzas a un lado e outro do Atlántico, en Cuba e na bisbarra de Llanes:

Cué no es La Habana, compañera mía,
mas La Habana está en Cué y el son bailamos.
En la Portilla, Cuba está también
y el son bailamos.
Y en el Campo del Brao, Regla está
y el son bailamos.
¡Qué extraño suena el *Sóngoro Cosongo*
al pie de los castaños!
¡Qué extraño en Cué, la medieval aljama,
el *Lamento Cubano*!
¡Extraño como el son, bajo la ceiba,
de una gaita asturiana, en el Vedado!⁵²

48. Dise que foron os *americanos* os que as implantaron en Avilés dende 1875. Véxase J. C. de la Madrid (1997; p. 174).

49. Xa citamos un texto alusivo de Palacio Valdés e poderíamos engadir outros. No libro de E. Mencos e A. Bojstad (1998; pp. 32-33) nállanse, por exemplo, anécdotas dun indiano de Boal, constructor da mansión *Villa Anita* (1926), que, tralo seu retiro de Cuba, pasaba os días de faladoiro, xogando ó billar e escoitando habaneras. Por certo o personaxe foi máis tarde alcalde do concello, durante a República.

50. *Asturias ayer y hoy...* (1914; p. 17). M. Álvarez Marrón (1910; p. 49) relata, nunha das súas narracións, a irrupción dun grupo de *americanos* nunha romaxe, levando o gaitero a un prado contiguo; alí, este “comenzó a tocar una habanera –la gaita sirve para todo–, acudieron algunas artesanas y se armó el baile *agarrao*, ceñidito, candente, en el cual los *indianos* hicieron todas las filigranas aprendidas en las ilustres academias de Pueblo Nuevo o del Manglar”.

51. Y. Cerra Bada (1991; p. 63).

52. C. Amieva (1976; p. 40).

Nos lugares máis afectados pola emigración, os cambios parecen ser máis perceptibles; así sucedía en Avilés, onde, ademais do difundido gusto polas habaneras, escoitábase “una graciosa guajira adulterada y asturianizada, que se toca con gaita”⁵³. Jove y Canella resaltaba a diferenza, nese sentido, entre o litoral, *contaminado* polas influencias externas, e o interior da provincia, onde os ritmos tradicionais conservaban maior brío:

Sin género de duda es Asturias la región de España en que más se canta, y si esto es así, en cuanto a la región nuestra se refiere, más lo es por lo que en particular concierne a esta zona central de la provincia, donde se cultiva el canto puramente regional, el típico del país, a diferencia de la porción de la marina que, influenciada por la emigración a América, por el *americanu*, canta mucho la exótica habanera, el danzón y la guajira más o menos adulterados⁵⁴.

Sen dúbida as influencias musicais, aínda pouco estudiaadas, non quedan aquí. Pensemos por exemplo na presenza do tema *americano* na canción popular de Asturias; ou na importante contribución que, ó ensino musical en Cuba, realizou o compositor asturiano Benjamín Orbón, autor ademais de pezas baseadas tanto no folclore da súa terra ou no centroeuropeo como inspiradas en ritmos cubanos⁵⁵.

Doutras repercusións na vida cotiá sabemos incluso menos. Poucas pegadas se rastrexaron na gastronomía e nos hábitos alimenticios⁵⁶. En cambio outorgóuselle maior peso á difusión de certos hábitos de limpeza nas zonas rurais, relacionándoos precisamente coa presenza dos retornados de Ultramar. Na coñecida comedia de Rusiñol *El indiano*, situada en Cataluña, un dos personaxes alude significativamente ó que considera auténtica obsesión dos *americanos* pola limpeza, “la *higiene*, como ellos dicen”. Don Medardo Tramontana, indiano de Asturias en *La pata de la raposa*, a novela de Ramón Pérez de Ayala, admira e respecta a quen puidese se-lo seu futuro xenro por ser un señorito con educación e *hixiénico*, “y para don Medardo estas palabras tenían mucha trascendencia”⁵⁷. Os cronistas locais asturianos e autores de *topografías médicas* recollen esta suposta propensión con certa frecuencia. Portolá faino para Ponga, e Villalaín engade, ademais do costume do

53. J. de Villalaín (1913; p. 54).

54. J. M. Jove y Canella (1923; p. 67).

55. J. A. Gómez Rodríguez (1998); G. Salas Villar (1998).

56. Véxanse as concisas notas de P. Cue (1984).

57. R. Pérez de Ayala (1970; pp. 94 e 95). Para el, *hixiénico* era sinónimo de aristocracia. Como non coñecía o significado exacto da palabra, quería preguntarllo a alguén douto, pero “temía que se burlasen de él” (pp. 259-260).

baño e do xabón, o de obsequiar con perfumes ás súas irmás por parte dos emigrantes; así nas romaxes “se perciben perfumes venidos de Cuba, y hay como un baño de bienestar sobre la aldea”⁵⁸.

AS DIFICULTADES DA INTEGRACIÓN

A principal aspiración do emigrante –ás veces case unha obsesión– era regresar ó seu país e alí goza-lo máis posible dunha posición folgada, resaltando os aspectos simbólicos correspondentes ó seu novo status e o conseguinte recoñecemento social deste. Deste anhelo derivábase, segundo a imaxe habitual, o interese de ser respectado polos seus veciños e, ademais, de ser recibido como un *igual* por parte da *boa sociedade* no lugar onde supostamente ía pasa-lo resto da súa vida.

Sen embargo os testemuños literarios acerca do rexeitamento contra os indianos entre a burguesía e a nobreza, e mesmo por parte doutros sectores da poboación, son tan abundantes que dificilmente poden non ser tomados en consideración. O xornalista e *americano* Oliveros lamentaba amargamente esta hostilidade, achacándollela sobre todo a curas (polas ideas innovadoras dos retornados) e *señoritos* (por despeito fronte á súa riqueza e laboriosidade)⁵⁹. Dende logo os receos e a desconfianza do clero son perceptibles tamén noutras rexións e, en todo caso, resultan bastante lóxicos pola fama de *progresistas* e anticlericais da que gozaban. En Asturias, un exemplo *literario* claro ofrécenolo o sacerdote da narración de González-Blanco *El americanín del automóvil*, deplorando que os emigrantes volvesen da Habana cargados de diñeiro e con pouco temor de Deus, ademais de chegar exhibindo artefactos como o automóbil que “son muchas veces invención del diablo para perder a las rapacinas que se pagan de vanidades”⁶⁰.

En canto ó desdén dos *señoritos*, tamén segundo os testemuños habituais, tal actitude perdurou bastante tempo. Exemplos coñecidos son o das chanzas das que é obxecto, por parte dos bromistas de *Lancia*, o indiano *Granate* da novela de Palacio Valdés *El maestrante* (1893) ou as burlas dos *señoritos de Pilares* (Oviedo) ó xa citado Medardo Tramontana de *La pata de la raposa*⁶¹. Aínda na década de 1920, Rafael Riera subliñaba este menosprezo polos *americanos* das xentes *de avoengo*, aínda que discretamente esgrimido en razón

58. F. Portolá Puyós (1915; p. 101); J. de Villalain (1913; pp. 91-92) e (1925; p. 59).

59. A. L. Oliveros (1989; pp. 49 e 55-57).

60. A. González-Blanco (1922). Outro exemplo de cura que rexeita a emigración e os seus efectos, en F. Fernández Rosete (1913).

61. A. Palacio Valdés (1959, t. II; pp. 345-466); R. Pérez de Ayala (1970; p. 94).

dos vínculos económicos mantidos con eles⁶². Como xustificación destas actitudes hostís adoita evocarse a falta de cultura e a grosería dos indianos, trazos que os facían escasamente idóneos para alternar entre a *boa sociedade*. Os mencionados personaxes de Palacio Valdés ou Pérez de Ayala ilustran moi ben unha das manifestacións desta incultura, como é o uso incorrecto da linguaxe. O *Granate* de Palacio Valdés regresa da emigración “hecho un beduíno, sin noticia alguna de lo que pasaba en el mundo, sin saber saludar, ni proferir correctamente una docena de palabras”; de aí os seus constantes barbarismos léxicos, como *ventrisca* por cifra, *lapiz* por ápice, *ipócrifa* por apócrifa ou *méndigos* en lugar de mendigos⁶³. Non menos graciosos eran a *mala prosodia* e os solecismos en que adoitaba incorrer don Medardo, trabucándose nas frases e usando *prohibido* en lugar de cohibido, *cúespiede* por cúspide ou *herpéticamente* en vez de hermeticamente, falando *en pótesis* (hipótese) ou lamentándose da maldade das *linguas vituperinas*⁶⁴. A malicia popular chegou a bautiza-los automóviles dos indianos como *haigas*, xa que estes pretendían regresar á súa terra co mellor coche *que haiga*⁶⁵.

Máis xenericamente, o rexeitamento das vilas aparece testemuñado en multitude de textos da época⁶⁶. Ós motivos xa aducidos, como a *chocante* irrelixiosidade dalgúns⁶⁷, uníanselles a envexa dos veciños e a arrogancia ou excentricidade dos propios indianos⁶⁸. Á inadaptación dos indianos ás nor-

62. R. Riera (1926; p. 50).

63. A. Palacio Valdés (1959, t. II; pp. 363-364, 389, 392 e outras). “Granate era el hombre de los disparates lingüísticos. No tenía conocimiento de la forma verdadera de una gran parte de las palabras; las modificaba de modo que resultaba muy cómico. Sin duda dependía de falta de oído, dado que hacía algunos años que había regresado de América y trataba con personas cultas. Sus bárbaros atentados contra el idioma eran proverbiales en Lancia”.

64. R. Pérez de Ayala (1970; pp. 96, 109, 232, 235, 260 e 285).

65. J. I. Gracia Noriega (1987b; p. 1003).

66. Chama a atención, en todo caso, que a literatura costumista sempre escenifica o regreso como chegada ó lugar ou á aldea de orixe. Certo que moitos así o facían, polo menos nun primeiro momento, pero outros volvían a vilas ou cidades e, sobre todo, remataban residindo nelas. Alí os problemas de integración eran, probablemente, algo distintos, ó carece-lo seu ámbito social de referentes inmediatos sobre a *condición* previa do emigrante e a súa familia.

67. M. Álvarez Marrón (1910; pp. 6-10) recomendáballes ós retornados que asistisen a misa os domingos e a oísen con “sencilla reverencia” se non querían gaña-la inimizade dos veciños e sobre todo do cura do lugar. O indiano da novela *Un hombre de nuestro tiempo* (C. Suárez, 1931) exemplifica o choque do acabado de chegar coa súa familia por motivos relixiosos, pero en ambiente urbano.

68. Un personaxe de M. Álvarez Marrón (1910; p. 49) afirma que non tódolos indianos son iguais, “pero esos que edifican palacios en los riscos, esos que se mofan de la misa, esos que de repente visten a sus padres de señores, esos que hacen brillar su centén en cafés y tabernas; esos, en fin, que se llevan al gaitero en las romerías ... francamente Manín, esos no tienen derecho a pedirnos muestras de respeto y de cariño”.

mas, costumes e valores da comunidade á que regresaban, engadíanselles con frecuencia os celos dos que os vían como *competencia desleal no mercado matrimonial* das vilas⁶⁹. Esta hostilidade, unida á nostalxia da vida en Ultramar ou as *lealdades divididas* entre o lugar de orixe e onde se desenvolvera a vida laboral do emigrante, fai que ás veces a adaptación en España resulte imposible e se produza novamente o regreso a América⁷⁰.

A imaxe negativa dos indianos, como é sabido, prolifera máis nas décadas finais do 98 que con posterioridade. É sabido que, dende comezos do século XX, esta visión vaise dulcificando e mesmo adquire tinturas máis positivas⁷¹. Parece que o *americano* máis común xa daquela non encaixaba no arquetipo de inculto pailán co que antes se asimilaba, e descrições nestes termos perderan verosimilitude. A xeración dos fillos do retornado gozaba ademais dunhas posibilidades de educación que se diferenciaban pouco das que gozaban os descendentes doutros sectores sociais do seu mesmo *nivel*, cos que ademais alternaban en ambientes tan selectos como os do xixonés Club de Regatas, tal como o describía o novelista Fernández Barcia:

Parece increíble que un Círculo cuyos miembros exceptuando media docena escasa, son hijos de campesinos asturianos enriquecidos en el comercio allende los mares, o negociando aquí en forrajes y semovientes, predomine tanto la delicadeza de modales. Asombra y enternece el ver mostrar su exquisito gusto para escoger corbatas y calcetines, al vástago de un jayán escapado del agro regional para ir a acumular una fortunita despachando tasajo o *ñame* tras un mostrador antillano. Es increíble la extraordinaria rapidez con que se aristocratizan estos hijos de tenderos, fondistas, taberneros, usureros, almacenistas de granos y piensos, y tablajeros. Todos afectan desdeñar las ocupaciones que sacaron de la pobreza a sus laboriosos progenitores⁷².

No caso dos indianos acomodados era evidente que a riqueza tendía a disolver calquera tipo de receo e a eliminar as posibles barreiras. É así que os mesmos retornados se encargaban de exhibir ostentosamente o seu novo

69. Véxase o relato “La boda del indiano”, de M. Álvarez Marrón, en J. M. Martínez Cachero (1982, t. I; pp. 133-140).

70. «Nosotros no somos de ninguna parte... Allí nos llaman peninsulares... Aquí nos dicen indianos» (E. Canel, 1894; p. 27). Por culpa do rexeitamento, o indiano de *Isabelina*, a novela de Constantino Suárez, remata suicidándose (J. L. Roca Martínez, 1988; pp. 108-109). Outros (por exemplo «La fuga del indiano», en M. Álvarez Marrón, 1910, pp. 28-33) volven a América.

71. Véxase F. Erice Sebares (1999; pp. 66-67).

72. J. Fernández Barcia (1924; pp. 237-238).

status, mediante signos externos como a vivenda ou o automóbil, e co exercicio da beneficencia e demais prácticas *everxéticas* habituais. A obtención de títulos de nobreza por parte de indianos destacados ou dos seus descendentes, e os enlaces matrimoniais con familias da burguesía e da aristocracia que proliferaron dende as décadas finais do XIX, representaban a constatación máis clara desta inserción do estrato superior dos *americanos* no bloque social dominante.

Para os indianos ricos conseguir esa integración implicaba, dende logo, compasalas súas actitudes ás –igualmente cambiantes– dos restantes sectores da burguesía rexional, incluíndo a ideoloxía política ou o marcado anticlericalismo que os caracterizaba. Álvarez Marrón preséntanos algúns destes personaxes de ficción –aínda que con intencións de descrición realista–, retornados que non só se negan a dar diñeiro para a igrexa e en cambio fano para a festa *profana* e a escola da vila, senón que mesmo prodigan arengas anticlericais entre os seus veciños e familiares⁷³.

O certo é que moitos indianos parecen regresar coa idea fixa de *rexenera-la* súa patria e sacala do atraso⁷⁴. É o que sucede co Diego Arista da obra de Federico Oliver *El pueblo dormido*, “mezcla graciosísima de asturiano y de criollo” que volve a España coa idea de *rexenerala* fundando para iso un xornal⁷⁵. Dende logo a imaxe do indiano innovador é bastante frecuente⁷⁶. Como o é, máis en concreto, a do *modernizador* incomprendido e derrotado polo ambiente envexoso e rutineiro das vilas⁷⁷. Xa tivemos ocasión de recordar, en todo caso, que máis alá dos arquetipos literarios, os *americanos* fixeron unha apreciable contribución á *modernización* do campo e á dotación de escolas e infraestructuras das vilas.

Hai, ademais, outra manifestación do *progresismo* dos indianos que o testemuño, varias veces citado, de Antonio L. Oliveros quixo remarcar: o seu apoio ó Partido Reformista de Melquiades Álvarez, o cal, evidentemente, non impediu que compaxinasen este liberalismo no político cun xenérico conser-

73. M. Álvarez Marrón (1912; pp. 29-35, 180-187 e 218).

74. Segundo X. M. Núñez Seixas (1999b; p. 11), despois do 98 empézase a valorar máis o indiano como posible *rexenerador* de España.

75. Agradézolle ó profesor Antonio Fernández Insuela que me puxese sobre a pista desta obra e ademais me permitise consulta-lo seu traballo, aínda inédito, “Un drama didáctico y polémico: *El pueblo dormido* (1917) de Federico Oliver”.

76. Véxanse observacións de X. M. Núñez Seixas (1998, pp. 25-26) sobre as imaxes do retornado *fracasado*, o *conservador*, o *xubilado* e o *innovador*.

77. Véxase un exemplo en E. González de Velasco (1880; pp. 71-123).

vadorismo social⁷⁸. Co tempo, mesmo o *progresismo* político foi dando paso a posicións máis pechadas, coincidindo, non por casualidade, coa evolución similar sufrida por outros sectores burgueses da rexión. Seguramente a adhesión de moitos deles á dictadura de Primo de Rivera ha de interpretarse máis nesa clave que na dun suposto *espírito práctico* ó que alude comprensivamente Oliveros⁷⁹. E, por suposto, a semellanza dalgúns *americanos* da obra clariniana que rematan asumindo as prácticas relixiosas como sinal de bo ton, a maioría dos indianos anticlericais deberon ir limando progresivamente sentimentos e actitudes tan pouco *respectables*⁸⁰.

É verdade que esta evolución caracteriza o sector dos indianos propiamente dito, os que regresaban con recursos económicos suficientes para levar unha vida folgada. Pero ¿que pasaba cos demais? Esta é outra historia, aínda sen escribir; probablemente porque nin sequera se pode singularizar ós *americanos do pote* como un sector específico, en razón dos seus comportamentos ou actitudes. José Fernández Sánchez evoca, no seu *Memorias*, a un destes *americanos* pobres que, ó estala-la Guerra Civil española, recibiu do consulado arxentino unha carta recomendándolle o seu regreso, pois posuía nacionalidade daquel país, ó que el respondeu que non podía abandonar os seus naquel momento. Morreu combatendo na fronte de Oviedo, en defensa da República⁸¹.

¿Cantos retornados pobres contribuíron, dunha ou doutra forma, ás loitas sociais dos traballadores e campesiños?, ¿cantos, como neste caso, se identificaron coa causa popular e non aspiraron –ou non puideron facelo– a integrarse na burguesía? É este, sen dúbida, un aspecto que, tal vez cegados polo ouropeo dos indianos ricos, non quixemos ou soubemos ver. Probablemente unha análise máis minuciosa das fontes locais, un estudio prosopográfico detallado, o uso de cartas persoais ou o recurso á historia oral nos permitan no futuro avanzar nese sentido.

78. Como sinala un dos entrevistados por E. Mencos e A. Bojstad (1998), moitos indianos eran republicanos, pero socialmente conservadores, polo moito que lles custara lograla súa fortuna.

79. A. L. Oliveros (1989; *pássim* e p. 209). J. Uría (1984; pp. 114-116).

80. Un dos indianos de M. Álvarez Marrón (1912; pp. 180-187) volve ó ambiente relixioso para casar cunha moza da vila. Outro (1912; pp. 29-35), antes de emigrar, fixera a promesa de doar un manto de seda para a imaxe da Virxe se volvía rico; en América faise anticlerical pero cando volve, tras casar e ter unha filla, opta por bautizala e logo, cando esta enferma, rézalle á Virxe, á que, trala curación da nena, lle doa o prometido manto bordado.

81. J. Fernández Sánchez (1999; pp. 31-32).

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, Alfredo I. e GIL AMATE, Virginia (1997): *Teatro de la emigración asturiana en Cuba*, Oviedo, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Oviedo.
- ÁLVAREZ MARRÓN, Manuel (1910): *Burla burlando. Colección de artículos publicados en el Diario de la Marina*, A Habana, Impr. de P. Fernández y Cía.
- ÁLVAREZ MARRÓN, Manuel (1912): *Burla burlando. Colección de artículos sobre "cosas" del "terruño" y de las "indias". Segunda serie*, Valladolid, Viuda de Montero, e A Habana, La Lira de Oro.
- ÁLVAREZ MARRÓN, Manuel (1915): *Burla burlando. Colección de artículos satíricos y de costumbres. Tercera serie*, A Habana, Avisador Comercial.
- ÁLVAREZ QUINTANA, Covadonga (1991): *Indianos y arquitectura en Asturias (1870-1930)*, Oviedo, Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos de Asturias, 2 t.
- ALVARGONZÁLEZ, Ramón (1985): *Industria y espacio portuario en Gijón*, Xixón, Junta del Puerto de Gijón, 2 t.
- AMIEVA, Celso (1976): *Más poemas de Llanes*, Llanes, El Oriente de Asturias.
- AMIEVA, Celso (1995): *Los poemas de Llanes*, Llanes, El Oriente de Asturias, 2ª ed.
- ANDRÉS ÁLVAREZ, Valentín (1956): "Con motivo de un aniversario. La obra de los americanos en Asturias (la primera 'ayuda americana' a la economía española)", *Asturamérica*, Oviedo, nº. 27.
- ANDRÉS ÁLVAREZ, Valentín (1982): *Guía espiritual de Asturias*, Oviedo, Caja de Ahorros de Asturias.
- ANES ÁLVAREZ, Rafael (1993): *La emigración de asturianos a América*, Colombres (Asturias), Archivo de Indianos / Júcar.
- ARAMBURU Y ZUOLAGA, Félix de (1989): *Monografía de Asturias*. Xixón, Silverio Cañada Ed., reed. (1ª ed. en 1899).
- ARIAS VALDÉS Y MARTÍNEZ COELLO, Nicanor (1890): *Cuadros de costumbres*, Oviedo, Impr. y Lit. de Torre y Comp.
- ASTURIAS de ayer y hoy. *Recuerdos del país* (1914), Oviedo, Impr. de Eduardo Uría.
- BARÓN, Javier (1993): "Pintura asturiana y emigración a América (1874-1931)", *Ástura*, Oviedo, nº. 9, pp. 89-113.
- BERMEJO LORENZO, María del Carmen (1992): "Concha Heres: historia de una mujer en América", en Morales Saro, M. C. e Llordén Miñambres, M. (eds.),

Arte, cultura y sociedad en la emigración española a América, Oviedo, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Oviedo; pp. 233-269.

BUYLLA, Benito A. (1914): “Los americanos”, en *Asturias de ayer y hoy. Recuerdos del país*, Oviedo, Impr. de Eduardo Uría.

CAMÍN, Alfonso (1948): *El retorno a la tierra (Nuevos poemas asturianos)*, México, Impresora Azteca.

CAMÍN, Alfonso (1978): *Entre manzanos (Niñez por duros caminos)*, Xixón, Concello de Xixón, reed. (1ª ed. en México, 1952).

CANEL, Eva (1894): *Magosto. Colección de tradiciones, novelas y conferencias asturianas originales*, A Habana, Impr. y Papelería Universal de Ruiz y Hno.

CASARIEGO, Jesús Evaristo (1984): “La gran aventura histórica de las transmigraciones asturianas”, en *Indianos*, Monografía de *Los Cuadernos del Norte*, Oviedo, Caja de Ahorros de Asturias; pp. 92-101.

CASTRILLO SAGREDO, Benito (1926): *El aporte de los “indianos” a la Instrucción Pública, a la beneficencia y al progreso en general de España y su historia hecho en la Prensa de Buenos Aires*, Oviedo.

CERRA BADA, Yolanda (1991): *Bailes y danzas tradicionales de Asturias*, Oviedo, IDEA.

CIAÑO, Carlos (1925): *Costumbres y tradiciones asturianas*, A Habana, Hermes.

CONSEJO SUPERIOR DE EMIGRACIÓN (1916): *La emigración española transoceánica 1911-1915*, Madrid, Hijos de T. Minuesa de los Ríos.

CUE, Patricio (1984): “Breves apuntes sobre la cocina indiana”, en *Indianos*, Monografías de *Cuadernos del Norte*, Oviedo, Caja de Ahorros de Asturias, nº. 2; pp. 151-152.

ERICE SEBARES, Francisco (1980): *La burguesía industrial asturiana (1885-1920). Aproximación a su estudio*, Xixón, Silverio Cañada Ed.

ERICE SEBARES, Francisco (1994): “Los asturianos en Cuba y sus vínculos con Asturias: Rasgos y desarrollo de una colectividad regional en la etapa final del colonialismo español”, en Gómez Gómez, P. (coord.), *De Asturias a América (1850-1930). La comunidad asturiana en Cuba*, Oviedo, Consejo de Cultura del Principado de Asturias; pp. 71-152.

ERICE SEBARES, Francisco (1995): *Propietarios, comerciantes e industriales. Burguesía y desarrollo capitalista en la Asturias del siglo XIX, 1830-1885*, Oviedo, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Oviedo, 2 t.

ERICE SEBARES, Francisco (1999): “Retorno y retornados de la emigración a América: el caso de Asturias”, en Cuesta Bustillo, J. (coord.), *Retornos (De exilios y migraciones)*, Madrid, Fundación Largo Caballero; pp. 39-73.

Retorno e retornados...

FERNÁNDEZ, Valentín (1932): *Topografía médica del concejo de Tapia de Casariego*, Madrid, Impr. y Encuadern. de Julio Cosano.

FERNÁNDEZ BARCIA, José (1924): *Andanzas*, Xixón.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, José (1988): “El indiano: mundo y trasmundo”, en Vázquez, A. E. e Alonso, J. I., *Asturianos fuera de Asturias (Actas de las IV Jornadas Culturales de Aller)*, Aller, I. B. Príncipe de Asturias / Consejo de Comunidades Asturianas.

FERNÁNDEZ ROSETE, Fernando (1913): *La emigración. Comedia en dos actos*, Sama e Mieres, Est. Tipogr. “La Diamante”.

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, José (1999): *Memorias de un niño en Moscú. Cuando salí de Ablaña*, Barcelona, Planeta.

GARCÍA, José Benigno (Marcos del Torniello) (1925): *Orbayos de la quintana. Poesías en dialecto asturiano*, Madrid, Impr. Helénica.

GARCÍA ARENAL, Fernando (1980): *Datos para el estudio de la cuestión social. Información hecha en el Ateneo-casino Obrero*, Gijón, Xixón, Silverio Cañada Ed., reed.

GARCÍA LÓPEZ, José Ramón (1887): *Los comerciantes banqueros en el sistema bancario español. Estudios de casas de banca asturianas en el siglo XIX*, Oviedo, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Oviedo.

GARCÍA LÓPEZ, José Ramón (1989): *El Banco de Oviedo 1864-1874. Historia económica de un Banco de Emisión*, Xixón, Mases Ed.

GARCÍA LÓPEZ, José Ramón (1992): *Las remesas de los emigrantes españoles en América. Siglos XIX y XX*, Colombres (Asturias), Archivo de Indianos / Júcar.

GARCÍA LÓPEZ, José Ramón (1994): “Las repercusiones del 98 sobre las remesas de emigrantes y las transferencias de capital”, en Uría, J. e outros, *Asturias y Cuba en torno al 98. Sociedad, economía, política y cultura en la crisis de entresiglos*, Barcelona, Labor; pp. 75-83.

GARCÍA-CIAÑO CANTO, Carlos (1996): *Antoloxía poética*, Oviedo, Academia de la Llingua. (Ed. facsímile da de 1925).

GÓMEZ, Pedro (2000): *La emigración a América y otras emigraciones (Llanes, 1830-1950)*, Llanes, El Oriente de Asturias.

GÓMEZ RODRÍGUEZ, José Antonio (1998): “Notas de música en la Asturias del 98”, en *Arte e Identidades Culturales. Actas del XII Congreso Nacional del Comité Español de Historia del Arte*, Oviedo, Universidad de Oviedo; pp. 263-279.

GONZÁLEZ BLANCO, Andrés (1922): *El americanín del automóvil*, Madrid, La Novela Corta.

- GONZÁLEZ VELASCO, Eduardo (1880): *Tipos y bocetos de la emigración asturiana tomados del natural*, Madrid, Impr. de la Revista de Legislación.
- GRACIA NORIEGA, José Ignacio (1987a): *Indianos del Oriente de Asturias*, Oviedo, Principado de Asturias.
- GRACIA NORIEGA, José Ignacio (1987b): “Los indianos en la literatura”, en *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, Oviedo, nº. 124; pp. 991-1010.
- JOVE Y CANELLA, José María (1923): *Topografía médica de San Martín del Rey Aurelio*, Madrid, Impr. de la Ciudad Lineal.
- JOVE Y CANELLA, José María (1927): *Topografía médica de Laviana*, Madrid, Cosano.
- EL LIBRO *del Centro Asturiano de La Habana (1886-1927)* (1928), A Habana, P. Fernández y Cía.
- MADRID ÁLVAREZ, Juan Carlos de la (1997): *Avilés, una historia de mil años*, Avilés, Azucel.
- MADRID ÁLVAREZ, Juan Carlos e Vidal de la (1992): *Cuando Avilés construyó un teatro*, Avilés, Casa Municipal de Cultura.
- MARTÍNEZ, Carlos (1990): *Al final del sendero*, Xixón, Silverio Cañada Ed.
- MARTÍNEZ, Elviro (s/d): *Cantares asturianos*, León, Everest.
- MARTÍNEZ CACHERO, José María (1982): *Antología de narradores asturianos*, Salinas, Ayalga, t. I.
- MARTÍNEZ RIESTRA, C. (1958): *Dos patrias y una tumba en el mar (novela de emigración)*, Oviedo.
- MENCOS, Eduardo e BOJSTAD, Anneli (1998): *La gran aventura de los indianos*, Barcelona, Fundación Hidroeléctrica del Cantábrico.
- MORANTE, Pedro (1925): *Pasión. Novela de ambiente asturiano*, Madrid, Impr. Gráfica.
- NARANJO OROVIO, Consuelo e MORENO CEBRIÁN, Alfredo (1990): “La repatriación forzosa y las crisis económicas cubanas: 1921-1933”, *Arbor*, Madrid, nº. 536-537; pp. 203-230.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1999a): “Révolutionnaires et conformistes. L'influence sociopolitique de l'émigration américaine de retour en Galice, 1900-1936”, en Duroux, Rose e Montadon, Alain (ed.), *L'émigration: le retour*, Clermont Ferrand, Université Blaise Pascal (Centre de Recherches sur les Litteratures Modernes et Contemporaines); pp. 93-114.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1999b): "Una aproximación a la imagen social del emigrante retornado de América en la Península Ibérica (siglos XV-XX)", en Cuesta Bustillo, J. (coord.), *Retornos (De exilios y emigraciones)*, Madrid, Fundación Largo Caballero; pp. 3-38.

OJEDA, Germán, e SAN MIGUEL, José Luis (1985): *Campesinos, emigrantes, indianos. Emigración y economía en Asturias 1830-1930*, Salinas (Asturias), Ayalga.

OLIVEROS, Antonio L. (1989): *Asturias en el resurgimiento español (Apuntes históricos y biográficos)*, Xixón, Silverio Cañada Ed. (reed.; 1ª en Madrid, 1935).

PALACIO VALDÉS, Armando (1959): *Obras completas*, Madrid, Aguilar, 2 t.

PELÁEZ CUETO, Andrés (1990): *Allorales o el retorno de las Indias (Novela)*, Llanes, El Oriente de Asturias.

PÉREZ DE AYALA, Ramón (1969): *Luna de miel, luna de hiel*, en *Las novelas de Urbano y Simona*, Madrid, Alianza.

PÉREZ DE AYALA, Ramón (1970): *La pata de la rapsoda*, Barcelona, Labor.

EL PERFIL de Piloña. *Figuras y cosas por Un Vecino* (1916), Madrid, Impr. Renacimiento.

POLA, Ángel (1992): *La balada del emigrante (Comedia lírico dramática)*, Llanes, El Oriente de Asturias, reed.

PORTOLÁ PUYÓS, Felipe (1915): *Topografía médica del concejo de Ponga*, Madrid, Est. Tipogr. de los Hijos de Tello.

QUIRÓS LINARES, Francisco (1993): "Cuarenta años de cartas entre Cuba y Pravia (1909-1947)", *Ástura*, Oviedo, n.º. 9; pp. 39-52.

RIERA, Rafael (1926): *Pomarada asturiana. Escenas y narraciones*, Madrid, Espasa-Calpe.

ROCA MARTÍNEZ, José Luis (1988): "Emigración y literatura", en Vázquez, A. E. e Alonso, J. I. (eds.), *Asturianos fuera de Asturias (Actas de las IV Jornadas Culturales de Aller)*, Aller, I. B. Príncipe de Asturias / Consejo de Comunidades Asturianas; pp. 101-108.

ROCA MARTÍNEZ, José Luis (1992): "El indiano en la narrativa de Constantino Suárez", en Barreiro Mallón, B. (dir.), *Avilesinos en América*, Avilés, Casa Municipal de Cultura; pp. 277-290.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Jesús Jerónimo (1992): *Asturias y América*, Madrid, Mapfre.

RUIZ DE LA PEÑA, Álvaro (1993): "El indiano en la narrativa asturiana", *Ástura*, Oviedo, n.º. 9; pp. 182-185.

SALAS VILLAR, Gemma (1998): "Benjamín Orbón, el Conservatorio Orbón o la principal Institución asturiana en Cuba", en *Scripta. Estudios de Homenaje a Éliada García García*, Oviedo, Universidad de Oviedo, t. II; pp. 903-937.

- SÁNCHEZ ALONSO, Blanca (1995): *Las causas de la emigración española (1880-1930)*, Madrid, Alianza.
- SUÁREZ, Constantino (Españolito) (1924): *Isabelina. Novela de ambiente asturiano*, Madrid.
- SUÁREZ, Constantino (Españolito) (1931): *Un hombre de nuestro tiempo. Novela*, Madrid, Impr. Sáez Hermanos.
- URÍA, Jorge (1984): “Los indianos y la instrucción pública en Asturias”, en *Indianos*, Monografía de *Los Cuadernos del Norte*, Oviedo, Caja de Ahorros de Asturias; pp. 102-119.
- VALLÍN MARTÍNEZ, Víctor e FERNÁNDEZ MORENO, Gerardo (1928): *Villaviciosa y su progreso*, Villaviciosa, Impr. La Lealtad.
- VILLALAÍN, José de (1913): *Topografía médica de Avilés*, Madrid, Est. Tip. de los Hijos de Tello.
- VILLALAÍN, José de (1915): *Topografía médica del concejo de Luarca*, Madrid, Est. Tipogr. de los Hijos de Tello.
- VILLALAÍN, José de (1925): *Topografía médica del concejo de Corvera*, Madrid, Impr. de Ciudad Lineal.
- VILLALAÍN, José de (1932): *Topografía médica del concejo de Soto del Barco*, Madrid, Impr. y Encuadern. de Julio Cosano.
- YÁÑEZ GALLARDO, César (1993): *La emigración española a América (siglos XIX y XX). Dimensiones y características cuantitativas*, Colombres (Asturias), Archivo de Indianos / Júcar.

Retorno e retornados...

Resumo

**RETORNO E RETORNADOS DA EMIGRACIÓN ASTURIANA A AMÉRICA:
MITOS, ESTEREOTIPOS E REALIDADES**

Francisco Erice Sebares

O traballo aborda os problemas que suscita a emigración de retorno desde América a través do caso de Asturias, analizando a creación de arquetipos e a percepción social da figura do retornado, e os ritmos e condicións dos regresos, así como as modalidades e dificultades da súa reinserción na sociedade rexional e a súa contribución económica, política ou cultural ó desenvolvemento desta.

Palabras clave:

Indiano, emigración asturiana, retornados.

Resumen

**RETORNO Y RETORNADOS DE LA EMIGRACIÓN ASTURIANA A AMÉRICA:
MITOS, ESTEREOTIPOS Y REALIDADES**

Francisco Erice Sebares

El trabajo aborda los problemas que plantea la emigración de retorno desde América a través del caso de Asturias, analizando la creación de arquetipos y la percepción social de la figura del retornado, y los ritmos y condiciones de los regresos, así como las modalidades y dificultades de su reinserción en la sociedad regional y su contribución económica, política o cultural al desarrollo de la misma.

Palabras clave:

Indiano, emigración asturiana, retornados.

Résumé

**RETOUR ET ÉMIGRANTS DE RETOUR DANS L'ÉMIGRATION ASTURIENNE EN
AMÉRIQUE DU SUD: MYTHES, STÉRÉOTYPES ET RÉALITÉS**

Francisco Erice Sebares

À travers le cas des Asturies, ce travail aborde les problèmes que pose l'émigration de retour d'Amérique du Sud, en analysant la création d'archétypes et la façon dont la société perçoit l'émigrant de retour, les rythmes et les conditions des retours, leurs modalités et les difficultés de réinsertion dans la société régionale ainsi que la contribution économique, politique ou culturelle de l'émigrant de retour au développement de cette même société.

Mots clé:

Indien, émigration asturienne, émigrant de retour.

Summary

RETURN AND RETURNEES FROM THE EMIGRATION FROM ASTURIAS
TO AMERICA: MYTHS, STEREOTYPES AND REALITIES

Francisco Erice Sebares

The work deals with problems that return migration raise through a look at the case of Asturias, analysing the creation of archetypes and the social perception of the figure of the returnee and the rhythms and conditions of the return as well as the forms and difficulties of reinsertion into the society of the region that they faced and their economic, political or cultural contribution to its development.

Keywords:

“Indiano”, Asturian emigration, returnees.

Curriculo

FRANCISCO ERICE. Profesor titular de Historia Contemporánea da Universidade de Oviedo. Entre os traballos que ten publicados, relacionados co tema que aquí se aborda, están o seu libro *Propietarios, comerciantes e industriales. Burguesía y desarrollo capitalista en la Asturias del siglo XIX* (Oviedo, 1995, 2 t) e, como contribucións a senllas obras colectivas, *Los asturianos en Cuba y sus vínculos con Asturias* (Oviedo, 1996) e “Retorno y retornados de la emigración a América: el caso de Asturias” (Madrid, 1999).

CAPITAL INDIANO E CRECEMENTO ECONÓMICO EN CANARIAS, 1850-1936. UNHA PRIMEIRA APROXIMACIÓN¹

Fernando Carnero Lorenzo

A abundante bibliografía sobre o movemento migratorio canario-americano no período contemporáneo revela a existencia dunha intensa corrente, dirixida a Cuba e en menor medida a Venezuela, Uruguai ou Porto Rico, polo menos ata os anos trinta do século XX (cfr. gráfico I). Os determinantes deste fenómeno atópanse na particular vía de desenvolvemento do capitalismo, baseada no librecambio e iniciada a partir da promulgación da Lei de Portos Francos de 1852. Esta estratexia provocou unha reasignación dos factores productivos e deu lugar a un descenso paulatino do policultivo de subsistencia e a un proceso de proletarización campesiña. Como consecuencia desta readaptación, unha das principais alternativas que se lles ofrecía ós activos desprazados por este proceso era a emigración, á que contribuíu o efecto de atracción exercido polas emerxentes economías latinoamericanas e as posteriores crises do novo modelo económico desta beira. Esta situación foi axiña interiorizada pola economía canaria, pois a mobilidade dos traballadores e os capitais que estes achegaban desempeñaron un papel importante, ó reduci-las tensións do mercado laboral e potencia-la reprodución do sistema económico.

Neste sentido, cómpre salientar que os traballos que examinan a influencia das transferencias dende América no crecemento económico das Illas xa alcanzaron certo grao de madureza, e a maioría deles inciden no seu signo positivo². Pola contra, a análise da figura do *indiano* e, sobre todo, da súa contribución ó desenvolvemento económico atópase nun terreo practicamente


1. Este traballo insírese no marco dunha liña de investigación aberta no Departamento de Historia e Institucións Económicas da Universidade de La Laguna para o estudio das remesas dos emigrantes no período contemporáneo.

2. MORENO BECERRA (1987); MACÍAS HERNÁNDEZ (1988), (1992) e (1995a); CARNERO LORENZO (1999) e (2001); MACÍAS HERNÁNDEZ, CARNERO LORENZO e PÉREZ HERNÁNDEZ (1999).

Capital indiano...

virxe para o período ó que se refire este artigo³. Resulta entón pertinente aborda-lo seu estudio, que realizamos aquí mediante unha fonte de información novidosa e que permite aproximarnos de xeito máis exhaustivo ó papel financeiro desempeñado polos retornados.

GRÁFICO I
Saldo migratorio de Canarias (media anual de cada período)



Fonte: Macías Hernandez (1988), pp. 174 e 187.

Trátase dos *Libros diarios de liquidación del impuesto de derechos reales y transmisión de bienes*⁴. Neles reflíctese, ademais dos datos persoais dos contribuíntes –nome, domicilio e profesión– e da propia información fiscal, o importe das adquisicións de terreos e bens mobles, dos créditos concedidos, do capital fundacional das sociedades mercantís e doutros epígrafes de menor importancia para o obxecto deste estudio.

Non obstante, esta base estatística non está exenta de limitacións de carácter xeral, motivadas, en primeiro lugar, pola infravaloración que adoita manifesta-la documentación tributaria. Por outra parte, o feito de que o

3. Existe algúns traballos sobre o século XVIII e a primeira metade do XIX –ALBELO MARTÍN (1982); SUÁREZ GRIMÓN (1985); FARIÑA GONZÁLEZ (1994)–, así como para o período posterior á Guerra Civil –COLECTIVO 78 (1981); MARGOLIES DE GASPARINI (1993); DELGADO e ASCANIO (1998).

4. Agradézolle ó profesor Luis Gabriel Cabrera Armas que me facilitase a localización da información fiscal empregada neste traballo.

comezo da serie sexa 1868, é dicir, case dúas décadas posterior ó inicio do período de estudio aquí formulado, foi ignorado mediante o recurso ás *Contadurías de hipotecas*, xa que nos cadernos de translacións de dominio e nos de hipotecas especiais, así como nos *Registros de hipotecas*, recollíase información similar á anterior a partir dos extractos dos protocolos notariais⁵. Certo é que o abano de operacións contemplado é máis reducido, pero a súa ausencia non mingua de forma significativa os resultados obtidos, como tere-mos ocasión de comprobar con posterioridade.

En terceiro lugar, as cifras dos empréstitos hipotecarios deben corri-xirse á baixa, pois incluían o principal, os réditos e as custas xudiciais⁶. Ademais, hai que ter en conta que, a partir de 1900, tanto a concesión como a cancelación destes créditos viñan agrupadas nunha soa tarifa, aínda que, para o caso de Canarias, os funcionarios distinguían, na columna de obser-vacións, o tipo de operación á que se referían. Finalmente, a desagregación das variables inmobiliarias –compras e créditos hipotecarios– en rústica e urbana, así como o detalle da composición dos valores mobiliarios desapa-receron a partir da citada data. A estas limitacións débenselles engadir outras de índole local⁷.

OS PROTAGONISTAS

Para a identificación dos *indianos* procesouse, en primeiro termo, a infor-mación relativa ós emigrantes, considerando como tales os investidores par-ticulares residentes en América. Esta asimilación non debe resultar moi pro-blemática se temos en conta as alternativas máis atractivas que se ofrecían ós

5. Nestas fontes complementarias repítense as limitacións sobre o subregistro dos valores escri-turados, así como a existencia dalgunhas lagoas na documentación.

6. A devandita rebaixa foi estimada nun 25 por cento, proporción que se obtén a partir dou-tras fontes en que se recollen os tres conceptos antes mencionados, coa suficiente desa-gregación.

7. Entre elas destacan a ausencia dos libros para dúas das sete oficinas liquidadoras de impo-stos que había no Arquipélago durante este período, a de Santa María de Guía e a de San Cristóbal de La Laguna, así como a inexistencia destes durante o intervalo temporal 1869-1885 na de Santa Cruz de Tenerife. Sen embargo, esta última carencia queda resolta en boa medida a través do emprego dos *Libros de entradas de caudales* da Delegación Provincial, que tiña a súa sede na capital tinerfeña. Por último, a información sobre a situación socioprofesio-nal dos investidores mostra unha enorme irregularidade, salvo na oficina liquidadora de impostos de Las Palmas, onde aparece de forma continuada ata o cambio de século, momen-to en que xa non se reflicte este tipo de datos. Iso obrigou a recorrer a fontes alternativas, como as *Matriculas de la contribución industrial y comercial* ou o *Anuario Bailly-Bailliere del Comercio, de la Industria, de la Magistratura y de la Administración* (a partir de 1912 denomínase *Anuario General de España*).

axentes doutras procedencias domiciliados no *Novo Mundo*. O seguinte paso consiste en determina-lo momento do regreso, é dicir, cando empezan a realiza-los seus investimentos, xa como residentes, de novo, en Canarias.

Agora ben, este proceso aparentemente sinxelo vese salpicado por algúns obstáculos. En primeiro lugar, o manexo dunha ampla base de datos como esta fai inevitable algunha omisión. En segundo lugar, a circunstancia de que algúns emigrantes aforrasen en América e efectuasen os seus investimentos unha vez reasentados nas Illas imposibilita a súa identificación previa. De xeito similar acontece cando os que realizan as operacións son os seus familiares máis próximos residentes en Canarias, normalmente o cónxuxe ou os fillos, como beneficiarios das súas remesas. E, por último, hai que ter en conta a importancia da migración andoriña⁸, pois os temporais non perdían a residencia na Illas. Os resultados deste proceso plásmanse na identificación positiva de 135 *indianos* que realizaron investimentos trala súa volta ó Arquipélago⁹. Polo tanto, o lector debe ter en conta que os argumentos formulados a partir desta mostra non se refiren a tódolos retornados, senón a aqueles que empregaron en Canarias os aforros acumulados en América ou parte deles¹⁰.

A cronoloxía dos nosos retornos é bastante acorde coa periodización e a estrutura definidas para o modelo migratorio insular (cfr. gráfico II). A súa causalidade estaría vinculada, en primeiro lugar, á conxuntura social e económica das áreas de destino¹¹, en segundo lugar á situación canaria¹² e en menor medida á evolución dos tipos de cambio¹³.

8. MACÍAS HERNÁNDEZ (1992; pp. 146-149).

9. Aínda non culminamos este proceso, malia que xa están identificados os principais *indianos* e os que quedan aínda por localizar non cremos que alteren demasiado as conclusións esbozadas no presente traballo.


10. Neste sentido hai que destaca-lo estudio realizado por NÚÑEZ SEIXAS (1998), no que establece claramente a tipoloxía dos retornados.

11. Para as economías do outro lado do Atlántico seguímo-los textos de LE RIVEREND (1975); LOMBARDI (1985); LUZÓN (1987).

12. Para a evolución contemporánea da economía canaria empregámo-los traballos de CABRERA ARMAS e DÍAZ DE LA PAZ (1991); MACÍAS HERNÁNDEZ e RODRÍGUEZ MARTÍN (1995).

13. Para a política de cambio nacional poden consultarse os estudos de GARCÍA RUIZ (1996); AIXALÁ PASTÓ (1999). O impacto desta sobre a economía canaria pode verse en CARNERO LORENZO (1997).

GRÁFICO II
Emigrantes retornados a Canarias segundo orixe
(Porcentaxe sobre total da mostra)



Fonte: *Libros diarios de liquidación del impuesto de derechos reales y transmisión de bienes, Libros de entrada de caudales, Contadurías de hipotecas e Registros de hipotecas.*

Os períodos de maior afluencia coincidían coas crises políticas e económicas de Cuba, principal destino da emigración insular durante o ámbito temporal deste traballo, que, pola súa vez, presentaban certa correlación negativa cos ciclos alcistas a este lado do Atlántico. Así, durante a primeira guerra de independencia na *Grande Antilla* (1868-1878) produciuse un dos momentos culminantes do regreso, en contraste co auxe da cochinilla en Canarias, primeiro produto de exportación do modelo económico contemporáneo, polo menos ata mediados da década de 1870. O segundo gran momento do retorno foi durante os anos vinte da seguinte centuria, por mor da depresión que sofren as exportacións cubanas de azucre e tabaco, coincidindo de novo cunha etapa de crecemento nestas Illas; crecemento motivado agora pola consolidación das alternativas arbitradas en resposta ó declive do carmín a finais do século XIX: servicios portuarios e produción de plátanos, tomates e “papas”.


Pode resultar estraño que non se poña de manifesto outro período propicio para a volta de *indianos* cara ó cambio de século, a propósito da *Guerra Pequena* (1895-1898) e da posterior ocupación norteamericana da illa caribeña, que se estendeu ata 1902. Esta situación anómala explicariase pola diminución da capacidade de aforro dos emigrantes insulares, pois este conflito foi máis devastador que o anterior, sobre todo no ámbito rural, onde se asentaban a maioría deles. De feito, a prensa canaria da época facíase eco desta circunstancia; así o diario tinerfeño *La Opinión* sinalaba en 1896:

Capital indiano...

La guerra que hoy ensangrienta los campos de Cuba ha privado a este Archipiélago de este recurso [remesas], y en lugar de venir dinero de allí, envíase más bien de aquí con destino a fletes de comprovincianos que, arruinados por la guerra, quieren salvar la vida, de continuo amenazada por hordas de asesinos, incendiarios y dinamiteros¹⁴.

Isto supón un claro contraste co acontecido noutras zonas españolas, para as que a Guerra da Independencia parece que marcou a volta de numerosos *indianos* con importantes capitais¹⁵. Quizais a explicación estivese no feito de que os emigrantes procedentes desas rexións se localizasen maioritariamente nas áreas urbanas de Cuba, máis protexidas dos avatares do conflito¹⁶, e que, polo tanto, a súa potencialidade de acumulación se vise menos afectada. No resto das etapas, a menor afluencia de retornados obedece á fase depresiva do ciclo económico canario e ó auxe do modelo agroexportador cubano.

GRÁFICO III
Evolución do tipo de cambio da peseta
(Pesetas/libra esterlina)



Fonte: MARTÍN ACEÑA (1989), pp. 390-392.


14. *La Opinión* (Santa Cruz de Tenerife), 6 de xullo de 1896.

15. GARCÍA LÓPEZ (1992); MALUQUER DE MOTES (1998).

16. MALUQUER DE MOTES (1992); MACÍAS HERNÁNDEZ (1995b) e (1999); CABRERA DENIZ (1996).

Pola súa banda, as razóns da volta dos emigrantes asentados noutros países latinoamericanos, extensible tamén a algún dos residentes en Cuba, hai que buscalas máis en relación coa conxuntura económica das Illas e cunha política de cambios favorable ó investimento exterior, polo menos ata comezos do século XX. Así, a instauración das franquías en 1852 propiciou un lucrativo contrabando de produtos estranxeiros cara ó mercado peninsular, previamente nacionalizados en Canarias¹⁷. Ó contrabando débenselle sumas boas perspectivas auspiciadas pola cochinilla ata mediados da década de 1870, así como a depreciación da peseta, que favorecía a conversión das divisas americanas para a súa colocación en España durante o último cuarto do oitocentos (cfr. gráfico III). O retroceso das chegadas nos decenios posteriores estaría vinculado coa desaparición dos elementos especulativos antes mencionados, así como co auxe das economías do outro lado, especialmente arredor da Primeira Guerra Mundial, e que se estendeu ata a crise internacional dos anos trinta.

GRÁFICO IV
Clasificación socioprofesional dos retornados
(Porcentaxe sobre o total)



Fonte: Ídem gráfico II, *Anuario Bailly-Bailliere e Matrícula de la contribución industrial y comercial*.

17. Aínda que esta posibilidade foi suprimida en 1900 trala reforma deste réxime xurídico-económico, que converteu Canarias no terceiro país dende o punto de vista comercial respecto do resto do territorio nacional. CABRERA ARMAS (1997; pp. 17-28).

En canto á distribución socioprofesional dos retornados, hai que indicar que só dispoñemos de información para algo máis da metade da mostra, polas dificultades xa mencionadas no apartado anterior. Non obstante, os datos parecen ser consistentes, no sentido de que o grupo maioritario está composto por axentes relacionados coa agricultura (cfr. gráfico IV), en evidente sintonía coa estrutura sectorial da emigración canaria e coas hipóteses esbozadas por algúns autores sobre o papel dos *indianos* e das remesas á hora de frea-lo proceso de descampesinización do agro insular¹⁸. Así, algúns dos insulares desprazados do sector agrario lograron converterse en *arrendatarios*, *colonos* ou *partidarios*, que traballaban nos campos americanos, e volveron ó Arquipélago como propietarios. Esta evidencia empírica desmitifica as argumentacións formuladas pola historiografía tradicional, no sentido de que os nosos emigrantes foron incapaces de acumular capital debido ós seus elevados niveis de analfabetismo e á presión dos terratenentes cubanos¹⁹.

O feito de que o segundo lugar o ocupen os comerciantes reforza a necesidade desta revisión teórica, xa que a gran maioría exercían esta función en América, vinculados ó intercambio entre ámbalas dúas beiras. O seu regreso está asociado, en boa medida, ademais de ás facilidades para o contrabando que outorgaba o novo marco xurídico-económico das Illas, á extraordinaria expansión dos servizos portuarios e á conseguinte xeración de efectos de arrastre sobre outras ramas do sector terciario, especialmente da actividade mercantil.

O VOLUME DOS SEUS INVESTIMENTOS

Durante os oitenta e cinco anos estudados, o total dos fondos empregados polos *indianos* ó seu regreso a Canarias roldou os 2.500 millóns de pesetas²⁰. Este capital representou o 0,07 por cento, como media, do produto interior bruto e o 1,2 en relación ó conxunto do investimento. Sen embargo, estes exiguos algarismos adquiren maior relevancia se temos en conta que a mostra aquí contemplada supoñía só o 0,04 por cento da poboación do

18. MACÍAS HERNÁNDEZ (1988; pp. 182-183).


19. O debate arredor desta cuestión queda perfectamente reflectido nos textos de MACÍAS HERNÁNDEZ (1994); MACÍAS HERNÁNDEZ, CARNERO LORENZO e PÉREZ HERNÁNDEZ (1999).

20. Tódolos valores monetarios están expresados en pesetas constantes de 1995. O deflactor utilizado foi o índice de prezos por xunto nacional de AIXALÁ PASTÓ (1999; pp. 195-197), ó carecer dun indicador alternativo propio para o Arquipélago.

Arquipélago²¹, e máis aínda se sinalamos que cinco dos retornados acaparaban algo máis da metade das operacións no período 1871-1915²².

A evolución destes investimentos responde, de xeito aproximado, á conxuntura económica das Illas²³ e pódense distinguir catro grandes etapas (cfr. gráfico V). A primeira estenderíase dende a promulgación das franquías en 1852 ata a crise do primeiro gran produto de exportación do período contemporáneo, a cochinilla. O volume do investimento, aínda que reducido debido ós riscos que entraña todo novo modelo económico, estaba en constante crecemento, estimulado polo rápido incremento das exportacións cara

GRÁFICO V
Evolución do investimento realizado polos retornados
(Millóns de pesetas de 1995)



Fonte: Ídem gráfico II.

21. Para o produto interior bruto utilizáronse os datos achegados por ALCAIDE INCHAUSTI (1995); as cifras demográficas proveñen dos Censos e Padróns de poboación e as relativas ó investimento total proceden das mesmas fontes empregadas para obte-las dos *indianos*.

22. Estes cinco retornados foron, figuran entre paréntese o momento do seu regreso, o lugar de emigración e a residencia final en Canarias: Juan Rodríguez González (1853, Porto Rico, Las Palmas), Juan Cabrera Martín (1864, Cuba, Santa Cruz de La Palma), Nemesio Rodríguez Borges (1890, Uruguai, Arrecife), Hilario Díaz García (1895, Venezuela, Santa Cruz de Tenerife) e Francisco García Estévez (1897, Cuba, Santa Cruz de Tenerife). Ademais, todos eles teñen un perfil socioprofesional común: comerciantes e propietarios.

23. Cfr. nota 12.

a Europa, polo menos ata a década de 1870, cando comezou o seu declive pola introducción dos colorantes artificiais.

Un segundo subperíodo chegaría ata case o cambio de século, pois, por mor do declive do carmín, realizáronse numerosos intentos para buscar un substituto, atopándoo, nun primeiro momento, nas exportacións de tabaco e azucre cara ó mercado peninsular, é dicir, no denominado *modelo cubano*. No seu desenvolvemento, os retornados desempeñaron, sen dúbida, un papel sobresaínte, non só pola inxección financeira senón tamén polo capital humano achegado. Ademais, asistimos ó despregamento da actividade portuaria, ó converterse o Arquipélago nun dos puntos máis importantes de aprovisionamento dos buques en ruta cara ó Atlántico Sur. De feito, foi neste momento cando os cinco principais retornados comezaron a desempeñar un papel decisivo ó acapararen un 40 por cento das operacións, tanto nas actividades relacionadas co comercio exterior, coma co mundo das finanzas. Así, Juan Rodríguez González e Juan Cabrera Martín convertéronse en importantes comerciantes-banqueiros, conectados así mesmo cos circuitos das transferencias de remesas dende o outro lado do *charco*.

A seguinte etapa iría dende o último quinquenio do oitocentos á Primeira Guerra Mundial. Nela introduciuse unha nova oferta de produtos agrícolas –tomates, “papas” e, sobre todo, plátanos–, dirixida outra vez cara ós mercados europeos, en particular ó británico, á que se lle debe uni-la imparable alza do tráfico marítimo e, xa que logo, da actividade portuaria e dos negocios vinculados a ela. Todo isto contribuíu a incrementa-las oportunidades de investimento. Verbo disto hai que destacar que nesta fase se acentou a participación do grupo de principais *indianos*, que supoñía case as tres cuartas partes do total dos investimentos dos retornados, pois, ademais da súa implicación no comercio e nas finanzas, estenderon o seu campo de actuación ás actividades marítimas²⁴.

O resto do período de estudio atópase salpicado de numerosos acontecementos que inflúen negativamente, tanto na oferta de capitais, coma na xeración de oportunidades para o seu emprego. Así, a economía canaria sufriu os efectos do bloqueo marítimo durante a *Gran Guerra*, o que a sumiu nunha profunda depresión e minorou o ritmo das colocacións de fondos. A década de 1920 iniciouse cun lixeiro repunte que facía presaxiar un importante crecemento do investimento, auspiciado pola recuperación e posterior

24. Por exemplo, Juan Rodríguez González e Juan Cabrera Martín foron consignatarios de buques; Hilario Díaz García estaba involucrado nas obras de ampliación do porto de Santa Cruz de La Palma e Nemesio Rodríguez investiu unha importante cantidade de diñeiro na compra de buques, posiblemente para dedicalos á pesca en Lanzarote.

expansión do ritmo das exportacións, así como do tránsito de buques polos portos. Sen embargo, isto non foi así, pois na segunda metade do decenio produciuse o declive das economías latinoamericanas, o que posiblemente minguou a capacidade de aforro e, polo tanto, de investimento dos emigrantes que regresaron ó Arquipélago. A iso habería que engadirlle a desaparición dos cinco grandes protagonistas deste proceso²⁵.

A TIPOLOXÍA DAS SÚAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS

En canto á distribución das actividades investidoras realizadas polos retornados, destaca a predilección polo mercado inmobiliario, pois á adquisición de bens raíces débémolle suma-la maioría dos empréstitos, que se realizaron con garantía hipotecaria (cfr. gráfico VI). Isto supón un claro contraste coa tendencia noutras zonas do territorio nacional, onde estas opcións

GRÁFICO VI
Estructura dos investimentos realizados polos indianos
(Porcentaxe sobre o total)



Fonte: Ídem gráfico II.

25. Só sabemos que os herdeiros de Juan Cabrera Martín e os de Juan Rodríguez González continuaron cos negocios dos seus antecesores e chegaron a converterse en importantes empresarios. Unha biografía máis extensa destes dous personaxes atópase en CASAS PESTANA (1916) e OJEDA QUINTANA (1979), respectivamente. Dos outros tres axentes non atopamos probas da continuidade das súas actividades por parte dos seus descendentes.

compartiron protagonismo coa participación e promoción de empresas mercantís e industriais ou coa compra de débeda pública²⁶. Verbo disto resultan esclarecedoras as manifestacións do delegado consular británico en Santa Cruz de Tenerife:

[...] la gente isleña que haya ahorrado dinero o que haya emigrado y vuelto con fortuna, no conoce otro tipo de inversiones que no sean casas y tierras ²⁷.

A única excepción atopámola no primeiro decenio do século XX, cando algúns *indianos* destinaron importantes cantidades á participación en sociedades, especialmente en comunidades de auga e empresas comerciais. Agora ben, dentro da tendencia xeral favorable ás colocacións no mercado de bens inmobles, pódese observar unha evolución dispar entre as compras e os créditos. Así, ata a década de 1890, a distribución entre ámbalas dúas opcións foi máis ou menos coincidente, o que facía supoñer unha implicación directa dos retornados no proceso productivo, ó amparo da expansión, primeiro do carmín e logo, trala crise desta, do azucre e do tabaco. Boa proba diso é que a maior parte das adquisicións foi de terreos rústicos, un 87 por cento aproximadamente.

Con posterioridade inclinárase a balanza a favor dos empréstitos, debido ó clima xeral de incerteza que dominaba a economía insular, sometida a numerosos vaivéns –fracaso do *modelo cubano*, inicios esperanzadores dunha nova oferta substitutiva (plátanos, tomates e “papas”) e colapso durante a Primeira Guerra Mundial–, o que levou ós investidores a adoptar un comportamento menos arriscado. Ademais, a finais do século XIX, produciuse un aumento das preferencias por conseguir inmobles urbanos, ó amparo do auxe portuario e das actividades conexas, xa que o tráfico marítimo presentaba unha traxectoria de crecemento máis estable, só interrompida polo conflito bélico internacional.

A chegada masiva de retornados a partir da segunda metade da década de 1920 parecía dar comezo a un cambio de tendencia, con certa recuperación nas compras de bens raíces. A expansión, tanto da triloxía exportadora, coma dos servicios vinculados á navegación, así como o menor impacto do *crack* de 1929 configuraron as bases deste proceso. Trátase, na maioría dos casos, de pequenos investidores, pois é neste momento cando se produciu o maior número de regresos e o menor volume de investimentos. Xa se sinalou no seu momento que isto se debía a que abandonaran os seus lugares de resi-

26. GARCÍA LÓPEZ (1992; pp. 23-28).

27. QUINTANA NAVARRO (1992; p. 962).

dencia en América ante o cambio de conxuntura do seu modelo agroexportador a mediados dos anos vinte, de tal maneira que a súa capacidade de aforo se reducira considerablemente.

CONCLUSIÓNS

Con este traballo intentouse analizar con maior profundidade a función económica que desempeñaron os emigrantes que volveron ó Arquipélago con algúns aforros. Certo é que só se fai referencia a unha parte destes, é dicir, ós que previamente realizaran algun investimento dende os seus lugares de destino en América. Sen embargo, iso non foi un obstáculo para corroborar a súa participación no proceso de modernización da economía canaria durante o período de referencia deste estudio.

Unha participación que se puxo de manifesto tanto nas principais liñas do modelo económico insular contemporáneo –productos de exportación e servicios portuarios–, como na oferta crediticia, vital para nutrir as súas engrenaxes. Esta implicación fíxose efectiva a través do investimento e da achega de capital humano, nun proceso de retroalimentación entre ámbalas dúas beiras do Atlántico. Así, os xornaleiros e pequenos propietarios insulares desprazados pola expansión capitalista que tiveron algún éxito en América regresaron para reincorporarse ó novo sistema económico, non sen certos aires de desquite, nunha mellor posición.

BIBLIOGRAFÍA

- AIXALÁ PASTÓ, J. (1999): *La peseta y los precios. Un análisis de largo plazo (1868-1995)*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza.
- ALBELO MARTÍN, M. C. (1982): “Canarias y los indianos repatriados durante la primera mitad del siglo XIX”, en *IV Coloquio de Historia Canario-Americana (1980)*, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria, tomo II; pp. 521-537.
- ALCAIDE INCHAUSTI, J. (1995): “Canarias: una región singular en continuo desarrollo”, *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas. Canarias*, 15; pp. 3-29.
- CABRERA ARMAS, L. G. (1997): “La reforma de Villaverde y el Régimen de Puertos Francos de Canarias”, en *Situación. Serie de estudios regionales. Canarias*, Bilbao, Banco Bilbao-Vizcaya; pp. 17-28.
- CABRERA ARMAS, L. G. e DÍAZ DE LA PAZ, A. (1991): “La economía contemporánea (I): El proceso de consolidación capitalista” e “La economía contemporánea (II): Las dificultades de la modernización económica”, en *Historia de Canarias*, Valencia, Prensa Ibérica, tomo IV; pp. 693-732.
- CABRERA DÉNIZ, G. J. (1996): *Canarios en Cuba: Un capítulo en la historia del Archipiélago (1875-1931)*, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria.
- CARNERO LORENZO, F. (1997): “Política cambiaria y economía isleña, 1919-1959. Una primera aproximación”, en *Situación. Serie de estudios regionales. Canarias*, Bilbao, Banco Bilbao-Vizcaya; pp. 29-48.
- CARNERO LORENZO, F. (1999): “Las remesas de los emigrantes canarios en Cuba, 1886-1914”, *Historia Contemporánea*, 19; pp. 275-285.
- CARNERO LORENZO, F. (2001): “Las inversiones de los emigrantes. La Palma, 1870-1936”, *Anuario de Estudios Atlánticos*, 46, en prensa.
- CASAS PESTANA, P. J. (1916): *D. Juan Cabrera Martín. Bosquejo biográfico*, Santa Cruz de La Palma, Imp. Diario de Avisos, [Madrid, RAYCAR, S.A., 1985].
- COLECTIVO 78 (1981): “Los efectos económicos de un proceso migratorio: La emigración canaria a Venezuela”, en *Canarias ante el Cambio*, Santa Cruz de Tenerife, Universidade de La Laguna e Banco de Bilbao; pp. 129-146.
- DELGADO, G. e ASCANIO, C. (1998): *Retorno reciente de emigrantes canarios*, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria.

- FARIÑA GONZÁLEZ, M. A. (1994): “El retorno de indianos en el marco de la navegación canario-americana”, en *X Coloquio de Historia Canario-Americana (1992)*, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria, tomo I; pp. 235-272.
- GARCÍA LÓPEZ, J. R. (1992): *Las remesas de los emigrantes españoles a América. (Siglos XIX y XX)*, Oviedo, Júcar.
- GARCÍA RUÍZ, J. L. (1996): “Moneda y finanzas en España, 1845-1921”, en HERNÁNDEZ ANDREU, J. (coord.), *Historia monetaria y financiera de España*, Madrid, Síntesis; pp. 123-187.
- LE RIVEREND, J. (1975): *Historia Económica de Cuba*, A Habana, Ediciones Revolucionarias.
- LOMBARDI, J. V. (1985): *Venezuela. La búsqueda del orden. El sueño del progreso*, Madrid, Crítica.
- LUZÓN, J. L. (1987): *Economía, población y territorio en Cuba (1899-1983)*, Madrid, Cultura Hispánica.
- MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M. (1988): “Un siglo de emigración canaria, 1830-1930”, en Sánchez Albornoz, N. (comp.), *Espanoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Madrid, Alianza; pp. 166-202.
- MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M. (1992): *La migración canaria, 1500-1980*, Oviedo, Júcar.
- MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M. (1994): “La emigración canaria a América. Estado de la cuestión”, en *X Coloquio de Historia Canario-Americana (1992)*, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria, tomo I; pp. 403-443.
- MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M. (1995a): “El dinero de América. Remesas indianas y economía canaria (siglos XVI-XVII y XVIII)”, en *Homenaje a Antonio de Bethencourt Massieu*, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria, tomo II; pp. 253-319.
- MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M. (1995b): “Colonos españoles en Cuba, 1830-1854: ¿Sobreexplotación allá o en este lado”, en González Portilla, M. e Zárrega Sangróniz, K. (eds.), *Los movimientos migratorios en la construcción de las sociedades modernas*, Bilbao, Universidad de País Vasco; pp. 387-430.
- MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M. (1999): “Los «indentured labor» de la emigración española. Las contrataciones de colonos de mediados del siglo XIX”, en *Doctor Jordi Nadal: La industrialización y el desarrollo económico en España*, Barcelona, Universidad de Barcelona, volume I; pp. 336-360.
- MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M.; CARNERO LORENZO, F. e PÉREZ HERNÁNDEZ, C. M. A. (1999): “Las relaciones económicas canario cubanas antes y después del 98”, *Estudios Canarios. Anuario del Instituto de Estudios Canarios*, XLIII; pp. 169-201.

Capital indiano...

MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M. e RODRÍGUEZ MARTÍN, J. A. (1995): “La economía contemporánea, 1820-1990”, en Bethencourt Massieu, A. (ed.), *Historia de Canarias*, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria.

MALUQUER DE MOTES, J. (1992): *Nación e inmigración: los españoles en Cuba* (ss. XIX y XX), Oviedo, Júcar.

MALUQUER DE MOTES, J. (1998): “As remesas dos emigrantes na modernización da economía española trala crise colonial (1898-1913)”, *Estudios Migratorios*, 6; pp. 43-56.

MARGOLIES DE GASPARINI, L. (1993): “Canarias-Venezuela-Canarias: proceso dinámico de migración y retorno en el siglo XX”, *Revista Montalbán*, 24; pp. 271-290.

MARTIN ACEÑA, P. (1989): “Sistema financiero”, en CARRERAS, A. (coord.), *Estadísticas históricas de España. Siglos XIX y XX*, Madrid, Fundación Banco Exterior de España; pp. 363-394.

MORENO BECERRA, J. L. (1987): “Una interpretación económica de la emigración canaria a Venezuela”, en *VIII Jornadas de Estudios Canarias-América. La realidad canario-venezolana*, Santa Cruz de Tenerife, Cajacanarias; pp. 169-180.

NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1998): “Retornados e inadaptados: el «americano» gallego, entre mito y realidad (1880-1930)”, *Revista de Indias*, 214; pp. 555-593.

OJEDA QUINTANA, J. J. (1979): “Burguesía comercial canaria en el siglo XIX: Fines, medios y figuras”, *Anuario del Centro Regional de la UNED de Las Palmas*, 5; pp. 65-73.

QUINTANA NAVARRO, F. (1992): *Informes consulares británicos sobre Canarias (1856-1914)*, Las Palmas de Gran Canaria, Centro de Investigación Económica y Social de la Caja de Canarias.

SUÁREZ GRIMÓN, V. (1985): “Fundaciones pías y vinculares de origen indiano en el siglo XVIII”, en *V Coloquio de Historia Canario-Americana (1982)*, Las Palmas de Gran Canaria, Cabildo Insular de Gran Canaria, tomo II; pp. 527-552.

Resumo

**CAPITAL INDIANO E CRECEMENTO ECONÓMICO EN CANARIAS, 1850-1936.
UNHA PRIMEIRA APROXIMACIÓN**

Fernando Carnero Lorenzo

Entre as consecuencias económicas máis relevantes do proceso migratorio contemporáneo destaca o capital achegado polos emigrantes ás súas rexións de orixe. Neste sentido, o traballo centra a súa atención nos investimentos realizados polos indianos retornados a Canarias, coa finalidade de medir a súa implicación na modernización do seu aparato productivo, iniciada a partir do réxime de franquías establecido en 1852. A extensión da análise ata a Guerra Civil explícase porque nese momento asistimos a un punto de inflexión, non só político senón tamén no marco económico e no modelo migratorio das illas.

Palabras clave:

Emigración, retornos, investimento, desenvolvemento económico.

Resumen

**CAPITAL INDIANO Y CRECIMIENTO ECONÓMICO EN CANARIAS, 1850-1936.
UNA PRIMERA APROXIMACIÓN**

Fernando Carnero Lorenzo

Entre las consecuencias económicas más relevantes del proceso migratorio contemporáneo destaca el capital aportado por los emigrantes a sus regiones de origen. En este sentido, el trabajo centra su atención en las inversiones realizadas por los indianos retornados a Canarias, con la finalidad de medir su implicación en la modernización de su aparato productivo, iniciada a partir del régimen de franquicias establecido en 1852. La extensión del análisis hasta la Guerra Civil se explica porque en ese momento asistimos a un punto de inflexión, no sólo político, sino también en el marco económico y en el modelo migratorio isleño.

Palabras clave:

Emigración, retornos, inversión, desarrollo económico.

Résumé

**CAPITAL "INDIANO" ET CROISSANCE ÉCONOMIQUE AUX CANARIES, 1850-1936.
UNE PREMIÈRE APPROCHE**

Fernando Carnero Lorenzo

Parmi les conséquences économiques les plus importantes du processus migratoire contemporain, il faut citer le capital apporté par les émigrants à leurs régions d'origine. En ce sens, le travail se centre sur les investissements réalisés par les *indiens* de retour aux Canaries, dans le but de mesurer leur implication dans la modernisation de l'appareil de production, une modernisation qui commence à partir du régime des franchises établi en 1852. L'extension de l'analyse jusqu'à la Guerre Civile s'explique par le fait qu'à ce moment nous assistons à un point d'inflexion qui n'est pas seulement politique, mais qui existe aussi dans le cadre économique et dans le modèle d'immigration des îliens.

Mots clé:

Émigration, retours, investissement, développement économique.

Capital indiano...

Summary

“INDIANO” CAPITAL AND ECONOMIC GROWTH IN THE CANARY ISLANDS, 1850-1936. AN INITIAL APPROACH

Fernando Carnero Lorenzo

The capital emigrants bring back to their regions of origin stands out as one of the most relevant economic consequences of the contemporary migration process. Thus this work centres its attention on the investments made by the “Indians” returning to the Canaries, with the objective of gauging their involvement and influence in the modernisation of the production apparatus, initiated starting with the franchise system established in 1852. Extension of the analysis to the Civil War is explainable because that moment represents a turning point, not only politically speaking, but also in the economic framework and migration patterns of the island.

Keywords:

Emigration, return, investment, economic development.

Curriculo

FERNANDO CARNERO LORENZO. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade da Laguna e profesor asociado no Departamento de Historia e Institucións Económicas da mesma Universidade. As súas liñas de investigación máis importantes céntranse na historia económica do sistema financeiro, da empresa e das remesas de emigrantes. É membro do equipo investigador do proxecto *Series demográficas de Canarias*, dirixido polo Dr. D. Antonio M. Macías Hernández e financiado polo Goberno de Canarias. Entre as súas publicacións sobre remesas dos emigrantes podemos citar: “*Las relaciones económicas canario-cubanas antes y después del 98*”, *Estudios Canarios. Anuario del Instituto de Estudios Canarios*, XLIII [1998], 1999 e, en colaboración con A. M. Macías Hernández e C. M. A. Pérez Hernández: “*Las remesas de los emigrantes canarios en Cuba, 1886-1914*”, *Historia Contemporánea*, 19, 1999.

OS “AMERICANOS” CATALÁNS E O SEU IMPACTO ECONÓMICO EN CATALUÑA Ó LONGO DO SÉCULO XIX

Àngels Solà Parera

Na historia económica e social do século XIX español outórgaselle á figura do *indiano* ou *americano* un papel importante, mesmo mítico. Estes termos refírense ó home, en xeral novo, que dende España se desprazou a algún punto de América, onde residiu de forma permanente durante máis ou menos anos exercendo actividades económicas, normalmente o comercio, e volveu rico á metrópole. A este perfil básico do indiano, sen embargo, hai que engadirle ás veces certos matices que dan lugar a uns prototipos máis específicos de indianos, polo menos no caso catalán; trátase, por un lado, dalgúns patróns de barcos que ás veces participaron en negocios mercantís en terras americanas e a miúdo adquiriron inmobles naquelas terras, sen residir alí, sen embargo, de forma permanente. Por outro lado, tamén hai que facer mención especial dalgúns fillos de indianos que, a pesar de nacer no continente americano, decidiron abandonar aquelas terras e pasaron a residir na orixinaria do seu proxenitor.

Aínda que a miúdo se fai referencia ós indianos, en realidade sábese pouco do que fixeron ó seu regreso –aínda que nos últimos anos se avanzou moito no coñecemento do tipo de investimento que fixeron en Cataluña– e polo tanto resulta difícil valorar cal foi o seu peso nas actividades económicas na España decimonónica. A súa importancia vai pois ligada ó que se adoita chamar “repatriación de capitais coloniais”, fenómeno de innegable incidencia no desenvolvemento económico español e catalán do século XIX. Cabe destacar que moitas das fortunas acumuladas nas colonias lles permitiron ós seus donos integrarse, ó seu regreso, na elite catalana¹.

1. Àngels Solà Parera: “Mentalitat i negocis de l’élite econòmica barcelonina de mitjan segle XIX”, en Pierre Vilar (dir.): *Història de Catalunya. Vol. VIII Antologia d’Estudis Històrics*, Edicions 62, Barcelona, 1990, pp. 233 (unha versión anterior deste traballo en *Orígens del món català contemporani*, Barcelona, 1986).

UN ESTADO DA CUESTIÓN

Hai poucos estudos sobre os indianos, sobre todo considerados como colectivo, debido seguramente a que resulta un tema difícil de tratar porque só se coñece a súa identidade como tales se tiveron un papel relevante a nivel económico, institucional ou filantrópico, ben sexa no ámbito local ou nacional. Por outro lado o seu estudio é difícil de efectuar porque, a falta de arquivos familiares, debe manexarse unha documentación moi dispersa conservada sobre todo nos arquivos notariais. Referente ó seu peso económico, empezamos por non saber que volume de retornos se produciu e ó respecto cabe sinalar que algúns autores negaron que o seu número, no caso de Cataluña, fose importante². Sen embargo non se trata só do seu número, senón do volume dos capitais americanos que os indianos transferiron ó Principado e, sobre todo, do seu peso na economía catalana. Por toda unha serie de carencias, os dous intentos que se fixeron ata o de agora de trata-la cuestión dos retornados de xeito amplo non foron moi afortunados. O primeiro en publicarse ofreceu unha visión xeral dos indianos xerundenses a partir de concisas referencias xa existentes e, sobre todo, ocupouse da actividade inmobiliaria e filantrópica que desenvolveron ó seu regreso³. O segundo, ademais de ignora-la existencia de diversos estudos, centrouse máis na fase de residentes en América dos indianos –á parte de reflexionar sobre o termo “indiano”– que na da súa presenza en Cataluña e o seu peso económico⁴.

Tamén carácter de síntese tivo un traballo de César Yáñez, onde analizaba a evolución da ligazón socioeconómica entre Cataluña e Cuba

2. Miquel Izard nunha intervención no Col·loqui d'Historiadors (Barcelona, 1974, p. 97), así o dixo. A historiadora portorriqueña Estela Cifre de Loubriel, falando do caso de Porto Rico, considerou que poucos cataláns deberon regresar a Cataluña (*La formación del pueblo puertorriqueño. La contribución de los catalanes, baleáricos y valencianos*, San Juan, 1975). En cambio Jordi Maluquer de Motes hai anos xa subliñou a importancia de Cuba na formación de capitais de cataláns (“La burguesía catalana i l'esclavitud colonial: modes de producció i pràctica política”, *Recerques*, núm. 3, 1974, p. 112) e máis recentemente afirmaron que no caso dos cataláns a porcentaxe dos retornos desde as Antillas debeu ser elevada (“L'emigració i el comerç català a les Antilles durant la primera meitat del segle XIX”, en *2nes. Jornades d'Estudis Catalano-Americanos. Maig, 1986*, Barcelona, 1987, p. 358 e 360, e “El ascenso de la burguesía industrial: el caso catalán”, en M. Ceruti e M. Vellinga (comp.): *Burguesías e industria en América Latina y Europa Meridional*, Madrid, 1989, p. 192.

3. Rosa Gil i Vila: “Els indians”. *Quaderns de la Revista de Girona*, Girona, 1989.

4. Susana Sánchez Suárez: “Els indians de Catalunya. Un balanç historiogràfic”, en *Terceres Jornades d'Estudis Catalano-Americanos* (abril 1988), Generalitat de Catalunya, Barcelona 1992, pp. 209-220.

dende mediados do século XIX ata a perda da colonia e insistía, sobre todo, nos aspectos do volume da migración, as redes migratorias e as características da mariña catalana neste período, pero no que a cuestión dos indianos era tratada moi superficialmente e sen novos puntos de vista⁵.

Só estudos biográficos de burgueses –empresarios ou rendeiros– permitirán supera-los límites destes primeiros traballos de síntese, ó poñer en evidencia, en moitos casos, estas orixes indianas, descoñecidas ata o de agora. Isto é o que fun facendo dende hai anos e permíteme afronta-la cuestión dende novas perspectivas como se verá nos seguintes apartados⁶. Cabe sinalar aquí a achega de Martín Rodrigo Alharilla, elaborada a partir de fontes dispersas e en gran parte notariais, para estudia-lo caso de Antonio López y López, marqués de Comillas, e o seu fillo Claudio, así como de distintos indianos do seu ámbito económico⁷.

Ata hai ben pouco os traballos que se referían, sempre tanxencialmente, ós indianos trataban só dúas cuestións moi específicas situadas en dous momentos históricos tamén moi concretos. A partir de 1987, gracias ós traballos de Anxo Bahamonde e de José G. Cayuela, o panorama bibliográfico sobre o tema enriqueceuse enormemente. Posteriormente, as investigacións de Birgit Sonesson, Martín Rodrigo Alharilla, César Yáñez, Gràcia Dorel-Ferré e Gabriela dalla Corte sobre comerciantes cataláns nas colonias e o seu retorno e investimentos en Cataluña permitiron afondar na relación entre os retornados e a expansión económica de Cataluña sobre todo na segunda metade do século XIX⁸.

5. Cesar Yáñez: “El perfil ultramarí de l’economía catalana”, en VV. AA: *Catalunya i Ultramar. Poder i negoci a les colònies espanyoles (1750-1914)*, Consorci de les Drassanes de Barcelona, Barcelona, 1995, pp. 53-76; sobre os indianos pp. 71-72.

6. Despois de estudia-lo grupo dos grandes contribuíntes barceloneses de mediados do século XIX comecei a estudar algúns casos de empresarios e rendeiros, entre eles algúns retornados: “Un indià del Bages: LLogari Serra i Vilarmau (1773-1846)”, *Dovella*, núm. 29 (Manresa, 1988), pp. 5-11; “A la recerca dels indians: Manuel Mier (1781-1836), d’emigrant asturià a Mèxic a terratinent tarragoní i lleidatà”, *Quaderns d’Història Contemporània*, Homenatge M. Antònia Ferrer, Tarragona, 1991, pp. 81-89; “Sobre fàbriques, fabricants i socis. Puntuatitzacions a partir del cas de la industrialització de Rubí”, *Arrahona. Revista d’Història*, Sabadell, 1991, pp. 51-65, en especial 61-62.

7. Martín Rodrigo Alharilla: *Los marqueses de Comillas, 1817-1925. Antonio y Claudio López*, LID Editorial Empresarial, Madrid, 2001.

8. Birgit Sonenson: *Catalanes en las Antillas. Un estudio de casos*, Archivo de Indianos, Colombes, 1995. Gràcia Dorel-Ferré: “Los orígenes del capital industrial catalán: el ejemplo de la familia Puig de Vilanova i La Geltrú”, *Revista de Historia Industrial*, núm. 8, Barcelona, 1995, pp. 173-192. Martín Rodrigo Alharilla desde 1995 publicou diferentes traballos sobre os marqueses de Comillas e o seu contorno de socios que culminou en *Los marqueses de*

Antes da publicación das investigacións destes autores, a historia económica española facía referencia ós indianos en canto 1) á incidencia, no inicio da industrialización téxtil catalana (a partir da década de 1830), da chegada de capitais procedentes das colonias continentais recentemente independizadas, 2) á repatriación de capitais por mor da independencia de Cuba e Porto Rico na última década do século XIX e ó seu investimento na industria vasca, asturiana e catalana, principalmente, e ó seu peso na constitución da moderna banca española.

Polo que se refire ó arranque da industrialización catalana na década de 1830, diferentes autores sustentan a idea de que os capitais procedentes das colonias emancipadas sufragaron os investimentos necesarios para o inicio da mecanización do sector. Jaume Vicens Vives, en 1958, no seu libro xa clásico sobre a Cataluña do século XIX, apuntou que na recuperación económica que se produciu de 1827 a 1834 (que foi acompañada do inicio da expansión da industria téxtil catalana –o mellor expoñente da cal é a adopción da máquina de vapor a partir de 1832–) pesou, xunto con outros factores, a chegada de capitais de América. A súa hipótese baseábase na observación de dous casos de retorno: o dos irmáns Plano y Chávarri, vascos procedentes de México que ó seu regreso se instalaron en Barcelona, e o de Juan Güell, procedente de Cuba⁹. Jordi Nadal afirmou –sen achegar ningunha proba, pero pensando seguramente na creación da primeira fábrica téxtil de Vilanova i La Geltrú movida con vapor (proxeitada xa en 1833, pero que non abriu as súas portas ata 1839)–, que “a repatriación de capitais das antigas colonias, agora independentes, conxugouse con outros elementos para da-lo impulso decisivo á mecanización da manufactura”¹⁰. Por outro lado, nas mesmas

Comillas, 1817-1925... Raimon Soler: “Comerciants i fabricants. Una reflexió sobre l’origen comercial del capital industrial: el cas de Vilanova La Geltrú”, *Recerques*, núm. 36, 1998, pp. 109-137. Cesar Yáñez: *Emigració ultramarina y familia catalana en el siglo XIX. Los Moreu Rabassa de Calella*, Caixa d’Estalvis Laietana, Mataró, 1995. Gabriela dalla Corte: *Vida i mort d’una aventura al Riu de la Plata. Jaume Alsina i Verjés, 1770-1836*, Publicacions de l’Abadia de Montserrat, Barcelona, 2000.

9. *Industrials i politics del segle XIX*, Barcelona, 1961, 2ª edición, p. 49. Sen embargo, a tese, á parte de non estar ben sustentada, tampouco parece que o autor a pensase moito, xa que noutro momento contradíse ó afirmar que non chegaron moitos capitais de América despois da independencia das colonias (*Ibidem*, p. 95).

10. A afirmación difundíuse primeiro no traballo conxunto de Jordi Nadal e Enric Ribas, “Una empresa cotonera catalana: La fábrica ‘de la Rambla’, de Vilanova, 1841-1861” (*Recerques*, III, 1974, p. 49) e despois, coas mesmas palabras en J. Nadal: *El fracaso de la revolución industrial en España*, Barcelona, 1975, p. 195. Na formulación desta afirmación poden pesa-las palabras vertidas por algúns dos coetáneos que viviron o impacto da adopción da máquina de vapor, como J. B. Aribau, e que ás veces foron un dos protagonistas do proceso, como é o caso de José

datos, Rafael Camon, a partir de observa-lo regreso á Península de comerciantes españois establecidos en América debido ó estalido dos movementos emancipadores e de apoiarse na afirmación de Jaume Vicens Vives de que no estado español en 1821 culminou un proceso de descapitalización, opinou “que a fonte máis verosímil de diñeiro para esta nova industrialización procedería das ganancias obtidas no comercio ultramarino e investidas en España polos comerciantes”...¹¹.

De entre os autores preocupados polo impacto dos capitais cubanos na economía española arredor de 1898 debemos empezar recordando que Juan Sardá, en 1948, considerou que as remesas e as repatriacións deste tipo de capitais “foi un feito de enorme volume” a finais do século XIX¹², é dicir,

Ferrer Vidal. O primeiro nun manuscrito inacabado de principios da década de 1860 deixou escrito que “los caudales [procedentes de América] de que Cataluña pudo aprovecharse [tras la independencia de las colonias continentales] se repartieron entre la propiedad y la fabricación. Este es un hecho que consta, bien conocido por todos”. (O texto foi preparado e publicado por Josep Fontana en *Aribau i la indústria cotonera a Catalunya*, Barcelona, 1963). O texto reproducido atópase na páxina 50. Por outro lado afirmou o mesmo José Ferrer Vidal, empresario téxtil e activo proteccionista, nunha conferencia en 1862. Neste caso a afirmación baseábase na súa experiencia persoal, posto que el foi o administrador da fábrica de Vilanova estudiada por Jordi Nadal e que certamente contou con esta achega de capital. Ferrer afirmou que a finais da década de 1830 a industrialización recibiu un novo impulso gracias a diversos factores: 1) en 1839 permitiuse a exportación de máquinas inglesas, 2) a paz trala guerra carlista, 3) “los capitales de América” (*Conferencias sobre el arte de hilar y tejer*, Barcelona, 1865, pp. 41-42). Se a afirmación de Ferrer se pode aceptar, aínda que falten estudos ó respecto, para a súa propia fábrica e tamén para outras da súa poboación natal, tanto as súas palabras como as de Aribau non se poden tomar sen máis como acertadas para todo o período 1830-1860 e para toda Cataluña.

11. “La emancipación y el comercio catalán con América”, *Revista de Indias*, 1975, p. 254. A idea expón tamén outros momentos; aínda que confesa que non hai documentos concluíntes ó respecto, di: “...puede presumirse que, sin duda, el paso de comerciantes y capitales de América a Cataluña constituiría una de las bases de la definitiva industrialización del Principado, junto con las reformas de López Ballesteros” (*Ibidem*, p. 243).

12. *La política monetaria y las fluctuaciones de la economía española en el siglo XIX*, Madrid, 1948, p. 220. Baseándose nos datos de Barthe, calculou que entre 1898 e 1902 viñeron a España procedentes das Antillas 1000 millóns de pesetas. En cambio no libro: *Banco Hispano Americano, El primer medio siglo de su historia* (Madrid, 1951) indícase un volume de capital repatriado de 2.000 millóns de pesetas: “Los recursos de América de aquel grupo de españoles [repatriados] entre finales del siglo XIX y principios del XX, sobrepasó la cifra de 2.000 millones de pesetas según las estimaciones más moderadas” (p. 10. Citado por Jordi Nadal, *El fracaso...*, p. 51, nota 87). V. Andrés Alvarez en *Guía espiritual de Asturias* (Oviedo, 1980, p. 49) adoptou esta cifra. Pola súa vez esta foi recollida por José Luis García Delgado (“La industrialización española en el primer tercio del siglo XX”, en José M. Jover (ed.): *Historia de España*, Madrid, 1984, p. 26, nota 3) e a partir de aí tamén foi adoptada por Jordi Maluquer (“De la crisis colonial a la guerra europea: veinte años de la economía española”, en J. Nadal, A. Carreras, C. Sudrià (comp.): *La economía española en el siglo XX. Una perspectiva histórica*, Barcelona 1987, p. 72, nota 31).

cando se produciu a perda das últimas colonias. Francesc Cabana foi o primeiro historiador en achegar, en 1966, datos concretos sobre unha fracción do capital repatriado, ó esboza-la historia do catalán Banco Hispano Colonial creado en 1876. A pesar de non ser unha actividade importante desta entidade financeira, os depósitos aumentaron de forma espectacular en 1900-1901 a causa da repatriación de capitais das colonias e pasou dos 29 millóns de 1899 ós 476 e 317 de 1900 e 1901 respectivamente, para descender ós 23 en 1902¹³. Posteriormente outros autores foron insistindo sobre o fenómeno pero sen entrar en valoracións nin detalles¹⁴.

O traballo de T. Jiménez Araya, publicado en 1974, non foi aínda superado ata a data e é punto de referencia ineludible ó tratar este tema. Sinalou como, á parte do importante efecto equilibrador que os capitais americanos exerceron sobre a balanza de pagamentos, estes tiveron “un significado moi diverso dende o punto de vista da actividade interior, segundo fose o destino final da súa colocación”¹⁵. Afirmou que os capitais coloniais repatriados, combinados cos beneficios da exportación de mineral de ferro, no norte peninsular supuxeron un incremento do investimento nos sectores mineiro-metalúrxicos, nas actividades mineiras e nos servizos financeiros, pero en cambio, segundo este autor, é dubidoso que no caso de Cataluña se dirixisen cara á industria, debido á relativa sobreproducción que este sector atravesaba naqueles anos¹⁶. Baseándose nas cifras achegadas por Cabana, pensou que, inicialmente, estes capitais en Cataluña se puideron refuxiar nos depósitos bancarios, posto que as contas correntes do Banco Hispano Colonial aumentaron moitísimo de 1899 a 1900 e 1901, para descender bruscamente ó ano seguinte, e á vez subliñou que “a posterior colocación deste capital-diñeiro resta como unha cuestión aberta”. Despois del, outros investigadores indagaron sobre o tema¹⁷ ou ben simplemente se

13. *La banca a Catalunya*, Barcelona, 1966, p. 238.

14. Santiago Roldán e José Luís García Delgado: *La formación de la sociedad capitalista en España, 1914-1920*, Madrid, 1973, I, p. 15.

15. “Formación de capital y fluctuaciones económicas. Materiales para el estudio de un indicador: creación de sociedades mercantiles en España entre 1886 y 1970”, *Hacienda Pública Española*, núm. 27, 1974, p. 174. Véxase tamén P. Tedde, “La banca privada española durante la Restauración”, en G. Tortella (dir.): *La banca española en la Restauración*, Madrid, 1974, vol. I, p. 349-350.

16. Jiménez Araya: “Formación de capital...” pp. 173 e 174. Jordi Nadal sinalou tamén como a chegada de capitais formados nas Antillas e en Filipinas supuxo una inxección de capitais na banca mixta (*El fracaso de la revolución...*, p. 51).

17. J. A. Martínez, E. Reig e V. Soler: “Fluctuaciones económicas y formación de capital: el caso del País Valenciano”, en *Investigaciones económicas*, núm. 4, 1977, pp. 165 e 166; estes autores

apoiaron nas súas afirmacións ó trata-la banca ou a siderurxia¹⁸, á vez que algúns deles mencionaron a dificultade de entrar en maiores precisións sobre o tema¹⁹.

Jordi Nadal e Carles Sudrià, tras insistir en que os capitais que desde 1898 a 1901 chegaron a Cataluña inxectaron diñeiro nas contas correntes da banca privada, engadiron que en parte os capitais se investiron na constitución de sociedades mercantís; a súa achega neste punto concluía coa observación –xa sinalada por Jiménez Araya– de que a acumulación bancaria foi sen embargo efémera, xa que dende 1902 se situou por debaixo dos niveis de 1897²⁰.

Ata hai ben pouco o tema do impacto dos capitais indianos na economía catalana e española formulouse sobre supostos excesivamente simples. Por un lado cabe sinalar que o retorno físico do emigrado á metrópole non sempre ía acompañado de transvasamentos de capital fóra das colonias. Por outro lado, paralelamente ó regreso de persoas, sempre existiu a transferencia de capitais –sós– ó exterior que, nalgúns momentos, segundo a conxuntura,

sinalan que para o caso valenciano “no hay pruebas de que el capital repatriado se canalizara hacia inversiones industriales”, senón que –apoiándose en testemuños da época– supoñen que máis ben este tipo de capitais investíronse en papel do Estado, en préstamos hipotecarios e en compras a carta de gracia. J. A. Vázquez Oviedo: “Creación de sociedades e inversión en Asturias (1886-1973). El auge de fin de siglo”, en *Investigaciones económicas*, núm. 12, 1980, pp. 179 e 181. F. Erice: *La burguesía industrial asturiana (1885-1920). Aproximación a su estudio*, Oviedo, 1980, pp. 115-125. Jordi Maluquer de Motes, “La revolución industrial en Cataluña”, en Nicolás Sánchez-Albornoz: *La modernización económica de España, 1830-1930*, Barcelona, 1985, p. 215.

18. Joseph Harrison referiuse exclusivamente ó impacto da chegada de capital colonial a Bilbao subliñando que basicamente dirixiuse á banca e ós seguros (*Historia económica de la España contemporánea*, Barcelona, 1980, p. 105 e 110, e “La industria pesada, el estado y el desarrollo económico en el País Vasco, 1876-1936”, en *Información Comercial Española*, núm. 598, 1983, p. 24, nota 15). Por outro lado, Témime, Broder e Chastagnaret sinalan como “la repatriación de capitales coloniales” xunto co capital acumulado pola burguesía bilbaína coas exportacións de mineral de ferro e co desenvolvemento da siderurxia e do sector naval “explican la constitución, a principios del siglo XX, del esqueleto del actual sistema bancario” (*Historia de la España Contemporánea. Desde 1808 hasta nuestros días*, Barcelona, 1982, p. 115).

19. Valdalisio afirma que “A pesar de las continuas referencias a la importancia del capital repatriado invertido en Vizcaya al perder España Cuba y Filipinas, no nos ha sido posible cuantificar su presencia. Tampoco conocemos apenas a los inversores que habían hecho su fortuna en las colonias, salvo los casos de E. Aresti Torre o Martínez de Pinillos. Por el momento, sólo un seguimiento personal de los inversores proporcionará algún dato al respecto”. En “Grupos empresariales e inversión de capital en Vizcaya, 1888-1913”, *Revista de Historia Económica*, ano VI, núm. 1, 1988, pp. 21-22.

20. *Historia de la Caixa de Pensiones*, Barcelona, 1982, p. 89. A constitución de sociedades mercantís alcanzou un nivel sen precedentes: 381.993.803 pesetas escrituradas en 1899-1903, contra 125.871.605 en 1894-1898.

era superior ó “normal”. Polo tanto non debe reducirse a transferencia de capitais ó regreso das persoas, máis aínda cando este non necesariamente significaba que se extraese o capital –total ou parcialmente– da colonia. Por último, hai que ter tamén en conta que a extracción de capital das colonias non quería dicir que este se dirixise sempre á metrópole. Hai bastantes exemplos –que veremos máis tarde– que mostran como parte deste capital se investiu en maior ou menor proporción en diferentes sectores económicos en París, Londres, Liverpool, Nova Orleáns ou Nova York.

A chegada de capitais americanos a España fíxose en forma de goteo ó longo do século XIX, pero cabe supoñer que en certos momentos, isto é, arredor de 1820, durante a guerra dos Dez Anos e ó redor de 1898, cando se produciron os movementos de independencia primeiro das colonias continentais e despois das illas, houbo regresos e transvasamentos de capital masivos²¹. En tan longo período de tempo como existiron as relacións coloniais indubidablemente a conxuntura foi variando e o transvasamento de capitais fóra das colonias debeu revestir características, ritmos, direccións e magnitudes diversas ó longo dos anos. Polo tanto, é obvio que un fenómeno de tan longa duración como foi a emigración e o retorno a España dos emigrantes debe atravesar por fases e ter características distintas segundo os períodos. É este un aspecto que quero subliñar. O proceso debeu ser distinto segundo a conxuntura. Non é o mesmo o retorno en 1820 por mor da independencia das colonias continentais que o dos anos 90 debido á independencia de Cuba e Porto Rico, porque a conxuntura e o grao e natureza do desenvolvemento económico foron ben distintos nun e noutro momento.

OS “RETORNADOS” E A ECONOMÍA CATALANA NOS ANOS 1820-1850

O obxectivo das páxinas seguintes é ver cal foi o comportamento dos indianos cataláns, ou que foron vivir a Cataluña, ó regresaren a España en 1820-1850, anos que enmarcan, por un lado, a independencia das colonias continentais de América, a expulsión dos españois dalgunhas das novas repúblicas e a extracción de capital delas coa conseguinte descapitalización dos novos países, e por outro o inicio da modernización das estruturas da

21. Para o período de finais de século e a perda de Cuba, Maluquer xa sinalou que o transvasamento foi só “una aparente novedad” e que a evidencia de atoparse na crise terminal do colonialismo nas Antillas desde o comezo da última década do século XIX produciu un crecente desinvestimento dos residentes peninsulares (“De la crisis colonial...”, p. 72). Sen embargo tal desinvestimento pódese afirmar que se iniciou antes, tal como demostran os datos de Bahamonde e Cayuela.

economía catalana (industrialización do sector téxtil, inicio da navegación de vapor polo Mediterráneo, creación de industrias mecánicas, de bancos...).

Para este estudio recorreuse basicamente ás fontes notariais, que permiten recoller información das actividades de diferentes empresarios e investidores indianos. A fonte peca, para estes anos, dun defecto importante: os inventarios *post mortem* catalanes non adoitan indica-lo valor en metálico dos bens, a diferenza do que acontece na documentación notarial madrileña utilizada por Bahamonde e Cayuela. Por iso non se puideron confeccionar táboas que indiquen o volume dos capitais “repatriados” nin establecer tantos por cento dos investimentos feitos nos diferentes sectores económicos. A información recollida terá pois, forzosamente, carácter descritivo e cualitativo; os datos presentaranse en forma de biografías.

O tema do peso dos capitais indianos na industrialización catalana, de feito, só se tocou de esguello, case nunca se formulou como tema fundamental dunha investigación²². Por isto, os traballos mencionados no primeiro apartado deste artigo fan afirmacións simples sen entrar en matices importantes. Aínda que non o digan explicitamente, todos se refiren exclusivamente á industria algodoeira; por outro lado, ó sustenta-la incidencia dos capitais indianos nesta industria non se entreteñen en discernir se a achega foi simplemente de capitais ou de xestión, é dicir, non entran en detalles cando, ó meu entender, teríase que preguntar se a achega de capital foi a) como simples prestamistas, b) investindo capital como socios ou ben c) como empresarios industriais. Non só hai que ver en que grao os capitais indianos pesaron na industrialización, senón que tamén hai que observar se os indianos desenvolveron ou non unha actitude empresarial no sector industrial. A única achega importante sobre o tema é o recente traballo de Raimon Soler que pon de manifesto a gran relevancia que tivo o capital comercial “americano” da xente de Vilanova i La Geltrú na industrialización desta poboación que, sen ter antecedentes, rapidamente se converteu nun dos principais núcleos da industria algodoeira catalana nos anos 1840 e 1850.

As afirmacións que enlazan unilateralmente a saída de capitais de América e o inicio da industrialización nestes anos esquecen resaltar paralelamente o papel do reinvestimento de beneficios na ampliación, modernización e mecanización das vellas manufacturas téxtiles ata convertelas en verdadeiras industrias, e ter en conta o proceso de

22. Quizais a única excepción sexa o meu traballo “La independencia mexicana y la salida de capitales de españoles residentes en México (1810-1830)”, en *Industrialización y nacionalismo. Análisis comparativos*, Servicio de Publicacións da Universidade Autónoma de Barcelona, Bellaterra, 1985, pp. 339-353.

acumulación de capital mediante o exercicio doutras actividades productivas tradicionais, mesmo agrarias. A existencia destas vías de acumulación de capital explica que na fundación de grandes fábricas téxtiles catalanas como “Bonaplata, Vilaregut, Rull y Cía” (1832), Puigmartí (1840) ou a de Jerónimo Juncadella non houbera capital indiano.

Os procesos de independencia na América continental deron lugar a unha saída de comerciantes españois que finalmente recalaron en Barcelona, a pesar de que varios deles non eran naturais de Cataluña. En dous casos particulares, este episodio provocou a chegada a esta cidade de grupos de comerciantes –certamente non moi numerosos– que ás veces chegaron a ter un papel moi destacado na vida económica catalana. Por un lado, cabe destacar a chegada de comerciantes de México e, por outro, de Chile. No caso de Venezuela, a violencia do proceso emancipador propiciou basicamente a fuxida e asentamento en Cuba dos comerciantes, aínda que Feliciano Bofill decidiu establecerse en Barcelona tras pasar por Kingston (Xamaica); dende México tamén se produciu o desprazamento de comerciantes a Cuba, aínda que parece que tivo menor importancia que o venezolano e é menos coñecido.

Nos casos que teño mellor estudados, sei que a saída do territorio americano se produciu en 1818 e 1819, de maneira que na contribución de Barcelona de 1823 aparecen rexistrados varios destes comerciantes. Así, por un lado, constan, procedentes de México, Francisco de Llano, Manuel de Mier y Escalante, Francisco Solernou y Vallés, e os irmáns Manuel e Ramón Llano y Chavarri. Máis tarde, xa en 1830, chegaría Leodegario Serra y Vilarmau ó verse afectado polo decreto de expulsión dos españois de 1827, aínda que antes de decidir establecerse en Cataluña residiu un tempo en Cuba²³. Na contribución de 1823 tamén aparecen Pedro Chopitea, Mariano Serra y Soler que, fuxidos de Chile, encabezaban un grupo de “exiliados” da mesma procedencia, como Santiago Ascacibar e Juan de la Cruz. Feliciano Bofill, procedente de Cartaxena de Indias vía Kingston, era outro dos grandes comerciantes barceloneses segundo este mesmo documento.

Agás Leodegario Serra, que chegaría máis tarde, maior, solteiro e sen fillos, Santiago Ascacibar, ministro maior de contas en Chile e cuñado de Pedro Chopitea, e Juan de la Cruz, os demais indianos que mencionei dedicáronse ó comercio cando se estableceron en Barcelona, así como Celedonio Ascacibar y de Villota, fillo de Santiago. De todos eles só os irmáns Llano investiron na industria pero fixérono na lanar e non na algodoeira.

Estes irmáns alaveses decidiron regresar de México en 1819, despois de pasaren uns 15 anos alí, e estableceron unha casa de comercio en Barcelona,

23. Àngels Solà: “La independencia mexicana...” e “Un indià del Bages...”.

situada entre as principais da cidade, que perdurou ata 1835. Antes de decidirse a regresar á Península, estiveron un tempo en Cuba, onde estreitaron as súas relacións con algúns comerciantes españois. A súa casa de comercio primeiro dedicouse ó intercambio mercantil na liña Barcelona-Cádiz-A Habana-Veracruz e regreso, pero a partir de 1822, a causa da situación política de México, tenderon a substituíla por outra que articulaba os circuítos mercantís españois e ademais intentaron comerciar con Inglaterra²⁴. Dedicáronse a facer empréstitos, investiron “parte do seu capital na adquisición de terreos” –en 1819 e 1823–, en 1829 entraron como socios dunha das primeiras sinaturas lanares catalanas que adoptou o sistema de fábrica e a modernización que iso comportaba, e en 1832 entraron nun negocio de facer augardentes achegando máis da metade do capital, establecido en 16.000 duros. Na fábrica de tecidos da “Bosch, Escuder y Cía”, a empresa Llano Chávarri e sobriños achegou 10.000 duros, o 40 por cento do capital que ascendía a 32.000 pesos fortes. A sociedade non funcionou como esperaba e, sumándose a morte do socio Martorell á situación adversa, liquidouse a sociedade. Así rematou o investimento no sector téxtil da sociedade dos irmáns Llano. No ínterim, Manuel morrera en 1829 e Ramón, pouco despois, decidiu ir vivir a Madrid, onde emprendeu negocios vinculados ás necesidades defensivas do estado²⁵.

Tamén o asturiano Manuel Mier y Escalante, nacido en 1781 no val de Peñamellera e que emigrou a México en 1802, acabou por asentarse en Cataluña²⁶. Saíu de México en data descoñecida, pero en 1818 xa estaba en Londres e en 1823 era un dos 50 principais comerciantes de Barcelona. Co seu sogro, Pedro Chávez, tamén residente en Barcelona, basicamente negociaban en trigos casteláns procedentes do porto de Santander. Tiña papel de débeda pública española e tamén francesa, e era socio da Compañía de Dilixencias. Sen embargo pronto interveu no negocio de augardentes e dedicouse a comprar bens inmobles, aproveitando en parte a oferta que presentaba a desamortización de bens eclesiásticos durante o Trienio liberal. Así Mier converteuse nun rico facendado que producía augardente no seu terreo de Reus, localidade onde residía. Ó morrer, en 1835, a parte máis importante do seu capital repartíase do seguinte modo:

24. Os datos sobre os irmáns Llano en Àngels Solà: “Sobre fábricas, fabricants i socis...”, pp. 62-65.

25. En 1840 era socio de “Llano, Ors y Cía”, radicada en Madrid, que tiña contratado co estado o servizo de gardacostas. Arquivo Histórico de Protocolos de Barcelona (AHPB). Josep Manuel Planas y Compte, 1840, folio 97.

26. Àngels Solà: “A la recerca dels indians...”.

Os “americanos” cataláns...

1	Capital na sociedade con Francisco Chávez	296.180 rs
2	Valor do terreo en Vallmanya (Lleida)	958.076 rs
3	Valor do terreo de Reus-Tarragona	905.925 rs
	Total	1.756.181 rs

José Macaya, natural de Calella e que residira en México, regresou a Europa cara a 1828, pasando por París antes de abri-la súa casa mercantil en Barcelona. En 1830 puxo 10.000 duros nunha casa de comercio e despois interveu tamén na mesma sociedade que os irmáns Llano para facer e vender augardente²⁷. Leodegario Serra y Vilarmau, que se desprazara ata Veracruz en 1814 como xerente dos negocios da importante sociedade manresana Pau Miralda y Cía, non regresou a Cataluña ata 1832, con 59 anos de idade, tras pasar 25 anos en México. Solteiro e sen responsabilidades familiares, optou por vivir de renda facendo só algúns empréstitos –sempre moi importantes– e comprando un prado de indianas preto de Barcelona, que lle alugou a un dos seus sobriños. Trala súa morte, acaecida en 1846, o seu patrimonio, valorado nunhas 110.000 libras (1.187.352 reales), consistía no prado de indianas, papel da renda anual francesa comprada en 1840, 16.000 libras catalanas repartidas entre tres créditos e entre 60 e 70.000 libras en metálico que ignoro onde estaban depositadas, aínda que se puido dispoñer delas inmediatamente para dar cumprimento ós legados²⁸.

Dos americanos procedentes de Chile destaca primeiro, polo seu peso mercantil en Barcelona, Pedro Nicolás de Chopitea, natural da vila biscaíña de Lekeitio, que emigrara a Chile en 1790. A súa posición proespañola ó estala-la guerra de emancipación chilena obrigouno a abandonar aquel país en 1819 e, aínda que é posible que na súa precipitada marcha tivese que deixar alí a maior parte do seu capital, a súa posición en Barcelona en 1823 era moi boa e contábase entre os 27 principais contribuíntes da cidade; ignoro, sen embargo, en que tipo de transaccións interveu principalmente, pero parece seguro que non investiu no sector téxtil algodoeiro nin noutra industria. Nos primeiros anos da década de 1830 decidiu regresar a Chile, onde morreu en 1833²⁹. Se Chopitea en 1823 ocupaba un lugar envexable entre os comerciantes barceloneses, a posición do seu amigo –natural de

27. AHPB. Josep Manuel Planas y Compte, 1837, I, folio 36. *Ibidem*, 1832, folio 113.

28. Àngels Solà: “Un indià del Bages...”, pp. 8-9.

29. Amadeo Burdeos: *Una dama barcelonesa...*, pp. 16, 20, 31. Arquivo Municipal de Historia de Barcelona. Fondo: Catastros y contribuciones (AMHB). “Reparto entre los vecinos y corporaciones de esta capital para cubrir la anticipación al Tesoro Público...”. Pagaba 1440 reais de contribución.

Palafrugell pero residente en Chile ata o seu retorno a Cataluña, quizais en 1820— Mariano Serra y Soler parecía ben distinta, pois pagaba unha das cotas máis baixas da mesma contribución³⁰. Iso podería deberse ó feito de que a súa chegada á cidade era moi recente ou ben a que os seus principais negocios se localizaban noutro ámbito xeográfico. Parece que inicialmente o seu interese residiu na comercialización de augardentes en terras valencianas e catalanas³¹. A relevancia de Mariano Soler non reside tanto no que el fixo, senón no que faría o seu fillo José M.^a Serra y Muñoz (Santiago de Chile 1812-Barcelona 1882) —casado dende 1832 con Dorotea Chopitea, filla de Pedro—, a quen en 1844 recoñeceu como o seu delegado para armar un barco³². No ano 1840 José M.^a Serra era un importante importador de algodón e impulsor de multitude de sociedades, como se verá máis adiante. Non era propiamente un indiano, porque el era chileno, pero por ser fillo de indiano e dadas as características dos negocios en que interveu cabe consideralo como tal. Case a mesma particularidade presenta Celedonio Ascacibar, tamén nacido en Santiago de Chile, aínda que o seu pai, Santiago, non era comerciante e tampouco, parece, español, que actuou multitude de veces en común con José M.^a Serra no mundo dos negocios.

Nas décadas de 1820 e, sobre todo, de 1830, foron chegando a Cataluña diferentes americanos procedentes de Cuba, algúns deles moi importantes polo papel económico que desempeñaron trala súa chegada. Trátase de Domingo Martorell y Guitart, os dous irmáns Isidro e Francisco Inglada y Marqués, José Xifré y Casas, e Juan Güell y Ferrer. Domingo Martorell, de Martorell Hermanos de La Habana, natural de Calella, cara a 1832 regresou a Cataluña, investindo, como xa dixen, na moderna fábrica de tecidos “Bosch,

30. Amadeo Burdeos: *Una dama barcelonesa...*, p. 21. AMHB. “Reparto entre los vecinos y corporaciones”, só pagaba 135 reais de contribución. Segundo Gabriela dalla Corte o regreso de Mariano Serra produciuse contra 1812 (*Vida i mort d'una aventura...*, pp. 244, 283, 303, 444 e 445).

31. En 1833 constituíuse unha sociedade para vender viños e augardentes con Francisco Mandri, un indiano procedente de México e do círculo dos irmáns Llano, e Pablo Sugrañés. (AHPB. Planas y Compte, 1833, folio 290); en 1844 o fillo de Serra e mais Francisco Mandri aínda subarrendaba a renda de augardentes e licores en Cataluña (*Ibidem*, 1844, folio 81). Escrituras notariais referentes a intereses de Serra en Valencia en Planas y Compte, 1834. Outro indicador de que empezara por establecerse en Valencia é o feito de que o seu fillo José María Serra y Muñoz asinaba poderes nesta cidade en 1833, onde aínda residía polo menos en 1836 (AHPB. Josep Manuel Planas y Compte, 1835, folio 36; *Ibidem* 1836, folio 125). A verdade é que a actividade de Mariano Serra na Península durante os anos 1820-1840, e antes se é que chegou xa cara a 1812, aínda se ten que estudar.

32. AHPB. Josep Manuel Planas y Compte, 1844, folio 306. Nesta escritura Mariano denominábase “propietario” e comunicaba que pola súa idade avanzada retirárase dos negocios, delegando no seu fillo José M.^a.

Escudé y Cía”, que acabou afrontando perdas. Trala súa morte, en 1833, os seus bens reducíanse á súa participación na sociedade mercantil familiar e a algúns inmobles, en parte herdados do seu pai, o tamén comerciante, Jerónimo Martorell y Moreu³³. Os bens do que fora comerciante habaneiro, e natural de Vilanova i La Geltrú, Francisco Inglada y Marqués, que morreu sen descendencia en 1843, estaban constituídos por máis de 64.000 pesos fortes depositados en efectivo en varias casas de Londres, tres casas de renda en Barcelona –dúas delas situadas nas mellores rúas da cidade– e unha na Habana. O seu irmán Isidro, ó seu regreso a Cataluña a principios dos anos 1820, comprou, entre 1821 e 1849, unha serie de excelentes terreos agrícolas e urbanos en Tarragona, Vilanova i La Geltrú, Sant Ginés d’Horta e Barcelona, e un palco no Liceo. Cando morreu sen descendencia, en 1852, mantiña intereses mercantís nalgunhas casas de comercio da Habana e 643.640 francos en débeda francesa³⁴. Non interveu en ningunha das sociedades industriais ou bancarias que se crearon a partir de mediados dos anos 1840.

José Xifré y Casas constitúe o caso máis claro de rico indiano que non investiu en ningunha sociedade fabril ou bancaria en Cataluña. Nacido o 1777 en Arenys de Mar, fillo dun piloto que se arruinou, fixo unha fortuna en Cuba co negocio dos coiros e abreu un almacén en Nova York, en 1823³⁵. En 1840 regresou definitivamente a Barcelona, mantendo negocios ó outro lado do Atlántico. O seu investimento en Barcelona concentrouno na actividade inmobiliaria, construindo o bloque de casas coñecidas como “casas de Xifré”, as obras da cal se iniciaron en 1835. O seu custo ascendeu a 201.996 duros, unha fortuna que poucas empresas podían presumir ter de capital³⁶. Ademais comprou algunhas casas ben situadas e de moderna construción, unha partida de censos enfitéuticos pola elevada cantidade de máis de 10.500 duros e unha extensa propiedade rústica en San Martí de Provençals, termo limítrofe co de Barcelona³⁷. Lamentablemente non se fixo inventario dos seus bens cando morreu en Barcelona en 1856, pero non hai dúbida de que non interveu na creación das novas sociedades, por exemplo, de crédito, ferroviarias ou de navegación.

33. AHPB. Josep Manuel Planas y Compte, 1833, folio 195.

34. AHPB. Francesc Maimó, 1843, folio 45; Constantino Gibert, 1852, folios 206 e 230.

35. Ramón de San Pedro: *Don José Xifré Casas. Industrial, navieiro, comerciante, banqueiro e benefactor. Historia de un indiano catalán (1777-1856)*, Madrid, 1956.

36. En 1840 asináronse as correspondentes cartas de pagamento a tódolos industriais que interviñeron na súa edificación. AHPB. Joan Prats, 1840, II, folios 50, 63, 77, 78, 83, 98, 143, 221, 63, 154, 168, 68, 169.

37. AHPB. Joan Prats, 1846, I, folio 81; Lluís G. Pallós, folio 210; e *Íbidem* 16-I-1853.

Juan Güell y Ferrer, regresou da Habana nunhas datas similares ás de José Xifré, pero orientou o seu futuro de modo ben distinto. Quizais a idade explique, polo menos en parte, esta diferenza (Güell nacera en 1800). En 1835 estableceu unha casa de comercio e non foi ata 1844 cando puxo en marcha unha fábrica algodoeira, na que en 1848 achegaba o 79% do capital, establecido en 281.000 duros. Nela participaba tamén, aínda que só con algo máis do 3% do capital, Celedonio Ascacibar; posteriormente tamén se integrou no conxunto de accionistas o fillo dun indiano: Francisco Solernou y Fernández, nacido en Veracruz³⁸. O indiano Güell non só se implicou profundamente no desenvolvemento industrial do país, senón que se dedicou a defender unha política proteccionista ante o goberno. Os seus investimentos alcanzaron tamén outros sectores, aínda que en menor intensidade que a industria algodoeira, e así mesmo o seu investimento inmobiliario foi importante.

Como conclusión ós casos que puiden presentar, e que na maioría das veces se refiren a indianos procedentes de México³⁹, cómpre subliña-lo feito de que, ó seu regreso a finais da década de 1820 e primeiros anos da de 1830, a situación na Península era delicada, dada a inestabilidade política e a atonía económica existentes. Por iso, en parte, os seus capitais dirixíronse a Inglaterra ou Francia mentres eles permanecían á expectativa en diversos lugares de residencia. O depósito destes capitais en Londres explícase polo feito de que, debido ás circunstancias –guerra e corsarismo–, dende mediados da década de 1810 proliferou a práctica de paga-las operacións comerciais en letras sobre Londres e de extraer capital en produtos coloniais que eran vendidos nos mercados británicos; logo, o diñeiro en metálico era conducido á Península⁴⁰. Sabemos que Manuel Mier y Escalante e os irmáns Ramón e Manuel Llano y Chavarri depositaran numerario en Francia e Inglaterra antes de instalarse en Barcelona en 1819, e que Manuel de Irigoyen, Buenaventura Mandri, José Macaya –outros indianos procedentes de México– polo menos estiveron en París⁴¹. Parece fóra de dúbida que a ruta

38. Para achegarse á súa figura o mellor é comezar coa entrada que lle dedica o *Diccionari d'Història de Catalunya*, Edicions 62, Barcelona, 1992. A renovación da sociedade en 1848. AHPB. Josep Manuel Planas y Compte, 1848, folio 164.

39. Pódese atopar unha formulación xeral sobre o tema en Àngels Solà, “La independencia mexicana y la salida de capitales ...”, pp. 339-353.

40. Véxase ó respecto M. Costeloe: “Barcelona merchants and the Latin American wars of independence”, *The Americas*, núm. 4, 1982, pp. 433-436. Josep M.^a Fradera: *Indústria i mercat. Les bases comercials de la indústria catalana moderna (1814-1845)*, Barcelona, 1987, pp. 22, 154 e 158. Rafael Camon, “La emancipación y el comercio catalán...”, p. 243.

41. En 1830, Mandri y Macaya estaban en París. AHPB. Josep Manuel Planas y Compte, 1837, folio 36.

de chegada e distribución dos capitais procedentes de México –e debe supoñerse que o mesmo acontecería nos outros casos– pasaba por París e Londres, sen excluí-la existencia doutras vías de segunda orde, entre as que destaca a cubana.

Os capitais que estes indianos trouxeron a Europa naqueles anos foron investidos de moi diversas formas⁴². Houbo quen adquiriu débeda francesa, como os irmáns Llano Chavarri, Leodegario Serra e Manuel Mier, mentres que Feliciano Bofill –procedente de Cartaxena de Indias vía Kingston– depositou unha cantidade no Banco de Londres. Por outro lado, Jacinto Batlle, socio de Batlle, Bofill y Güell, que cando morreu en 1826 residía en Panamá (mentres Bartolomé Güell estaba en San Blas, República Mexicana), en 1821 tiña 7.958 pesos en Londres en poder do señor Moravia. Naturalmente, a pesar da falta de boas expectativas, tamén foron chegando capitais á Península, como mostran as arribadas de prata a Cádiz e Barcelona que consigna, por exemplo, o *Diario de Barcelona* nos anos 1820⁴³. Gran parte das sumas que se introduciron na Península investíronse na compra de bens inmobles –irmáns Plano, Miguel Sahuc, Francisco de Plano, Domingo Martorell, José de Mancina, Francisco Solernou y Vallès, Manuel Mier–, tendencia investidora que se puxo claramente de manifesto na venda de bens urbanos e rústicos desamortizados na cidade e chaira de Barcelona durante o Trienio liberal (1820-1823)⁴⁴. En cuarto lugar houbo quen comprou Débeda Pública como fondo de renda, como foi o caso de Irigoyen, Mier e dos irmáns Plano, os últimos dos cales facían empréstitos con eles. Polo seu lado, José Macaya e a sociedade Ramón de Llano y sobrinos investiron 4.000 e 8.500 duros, respectivamente, nun negocio de augardentes. Mier arriscouse tamén ó seu xeito ó adquirir accións na Sociedade de Dilixencias de Cataluña en 1825. Parte dos capitais empregouse en empréstitos de todo tipo –irmáns Plano, Mier, Francisco de Plano, Leodegario Serra–, mesmo a fabricantes do sector téxtil. En canto ós indianos e a súa relación coa industria téxtil nos anos 30 e anteriormente, só os irmáns Plano e Domingo Martorell investiron directamente no sector. En conxunto obsérvase pois un investimento moi diversificado sen que de momento, sen embargo, poida coñecerse o volume e a distribución dos capitais investidos.

A relación dos indianos coa industria téxtil foise estreitando a medida que ía avanzando o proceso industrializador e conforme se constituían

42. Este parágrafo procede do meu traballo: “La independencia mexicana y...”, pp. 349-350. Naquel texto atopáronse as bases documentais das afirmacións que sosteño aquí.

43. Véxase Àngels Solà: “La independencia mexicana y...”, p. 348.

44. A. Solà, “La desamortización del Trienio a Barcelona i el seu pla”, *Estudios Históricos y Documentos de los Archivos de Protocolos*, vol. IV, Barcelona, 1974, p. 390.

sociedades anónimas. Nos inicios da mecanización (finais dos anos vinte e durante os trinta), acabamos de dicir que ó sector chegaron algúns pequenos empréstitos de capital indiano. A miúdo estes facíanse a familiares e a un interese máis baixo do habitual (o 3% e o 4'5% no caso de Leodegario Serra, cando o normal era o 6%). Precisamente foi unha relación deste tipo a que levou ó tándem irmáns Llano-Domingo Martorell a investir nunha fábrica de tecidos de la. Leodegario Serra tamén financiou –indirectamente– a industria ó proporcionarlles un espazo industrial (un prado de indianas) ós seus sobriños, aínda que lles cobrase un aluguer.

Sen embargo, a incursión na industria téxtil que fixeron os Plano e Domingo Martorell non debe considerarse representativa do tipo de investimentos que fixeron os indianos en 1820-1840; por outro lado debe recordarse que a experiencia rematou nun rotundo fracaso que, pola súa vez, incidiu no cambio de estratexia investidora de Ramón Llano, o único dos tres socios que sobreviviu á quebra da fábrica.

Nos anos corenta, cando se aclarou o panorama político e se foi acelerando a industrialización, houbo un maior investimento de capitais indianos na industria. Sen embargo poucos “americanos” se converteron en fabricantes de tecidos, aínda que Juan Güell e Miguel Biada fixérono (no caso de Biada tratouse dun investimento secundario; el, de feito, era comerciante e non participaba na xestión da fábrica que, en cambio, era da súa propiedade, aínda que o local era alugado). Ó lado da actividade destes dous empresarios, débese poñer-la creación de fábricas téxtiles en Vilanova i La Geltrú –unha poboación marítima catalana que tivo unha numerosa poboación de emigrantes a América e de indianos– e na que non existía ningunha tradición fabril téxtil. O caso de Vilanova sería bastante particular –igual có de Sitges, aínda que neste caso tivo unha menor dimensión– dentro da historia da industrialización catalana; a tese do historiador local José M. Freixa, que vincula –a partir da memoria colectiva– o establecemento de fábricas nesta poboación coa chegada de capitais indianos foi recentemente demostrada por Raimon Soler⁴⁵.

Cando a industria catalana estivo xa na súa primeira fase de consolidación e expansión nos anos 1850, a participación dos indianos na industria téxtil foi máis notoria, sobre todo nalgunhas sociedades anónimas, por exemplo ó constituírse a “Algodoeira” en 1852.

A intervención dos indianos no sector respondía ó carácter da estrutura económica do propio país. Inxectáronlle capitais á industria téxtil catalana

45. *Anales de Villanueva y Geltrú (1850-1880)*. Villanueva y Geltrú, 1959, p. 107. Raimon Soler: “Comerciants i fabricants...”.

pero quizais non debemos sobrevalora-lo peso que exerceron no inicio da mecanización do sector. A industria téxtil desenvolveuse sobre unhas precondicións (capital, man de obra adestrada, coñecementos técnicos e de xestión empresarial, rede mercantil...) ás que se lles sumou a irrupción dos indianos cos seus capitais e, ás veces, o seu espírito empresarial. Eles actuaron sobre unha dinámica xa en marcha; non a crearon e, de momento, non se pode dicir en que grao incidiron nela, aínda que nalgunhas localidades foi realmente importante, como mostra o caso de Vilanova i la Geltrú.

Nos anos cincuenta, o crecemento económico comportou unha diversificación das oportunidades de investimento, sobre todo ó se ir creando, como xa se dixo, sociedades anónimas nos diversos ramos. Un exemplo do que podía se-la carteira de investimentos dun indiano de fortuna medio-alta dáo Santiago Poch Daniel. Fora comerciante en Santiago de Cuba e socio da empresa “Roig y Poch”. Os seus bens ó morrer, en 1854, consistían en⁴⁶:

1. Metálico 29.660 reais
2. Bens inmobles 1.743.147 reais
3. Bens mobles:
 - 21 accións na sociedade mineira El Veterano
 - 7 accións no ferrocarril de Barcelona a Arenys de Mar
 - 70 accións no ferrocarril de Barcelona a Mataró
 - 30 accións no ferrocarril do Norte
 - 70 accións no ferrocarril do Centro
 - 50 accións na Compañía Ibérica de Seguros
 - 45 accións na Cía Catalana General de Seguros
 - 25 accións no Banco de Barcelona
 - 45 accións na fábrica “La Algodonera”
 - 75 accións na fábrica “a España Industrial”accións sen especifica-lo seu número na Sociedade de Gas

Cabe sinalar que Poch non tiña débeda pública española, ausencia que se repite no inventario de Onofre Viada (1851) e Juan Güell (1872). Terase que comprobar con máis exemplos se esta é unha situación común entre os indianos que morreron na década de 1850 e máis tarde. De confirmarse esta tendencia atoparíamos unha diferenza notable entre o cadro investidor dos indianos “madrileños” estudados por Bahamonde e Cayuela e o dos “barceloneses”, característica que se debería á distinta natureza da economía e sociedade madrileña e catalana.

46. AHPB. Ramon Miquelerena, 1854, II, folios 86 e 106 e ss.

Na resposta dos indianos ante as oportunidades de investimento e en canto á actitude empresarial ou rendeira que tiveron, hai que ter en conta factores persoais, ademais dos económicos. No comportamento rendeiro de Leodegario Serra e Francisco Solernou –aínda que só o primeiro puido despregalo tranquilamente– pódense percibir uns factores comúns que pesaron na elección que fixeron: a) os dous eran de idade avanzada, b) estiveran moitos anos fóra de Cataluña, de maneira que cando volveron a situación económica cambiara moito respecto á que coñecían, c) non ter descendencia directa que os puidese substituír (Leodegario Serra y Vilarmau) ou ben te-los fillos pequenos. Neste último punto, xunto ós dous casos mencionados, pódese ter en conta o de Mier, que acabou optando pola vida dun facendado; tamén el, ós cincuenta anos, só tiña fillos menores de idade.

Parece que os indianos que regresaron en idade madura, sobre todo se tiñan algunha fortuna, convertéronse en rendeiros. Sen embargo, como da maioría descoñecémo-la data de nacemento, non se pode converter rotundamente os casos de Leodegario Serra y Vilarmau e José Xifré en xerais. Por outro lado, cabe supoñer que os comerciantes novos, como José Macaya e Francisco Mandri, tendían a continuar dedicados á actividade mercantil.

Lamentablemente, en xeral, por problemas documentais, non se pode coñecer a canto ascendían as fortunas destes indianos, pero a relación de bens dá a entender que, a excepción dos casos de José Xifré, Juan Güell e quizais Miguel Biada, tratábase de fortunas medias, mesmo pequenas nalgúns casos. Esta seguramente é unha gran diferenza respecto ós inventarios madrileños de indianos estudados por Bahamonde e Cayuela. Sen embargo, é indubidable que en Barcelona houbo tamén ricos indianos; a cada xeración a partir de 1825 correspondeulle un súper rico con esta orixe: primeiro José Xifré, despois José M.^a Serra y Muñoz e finalmente Antonio López y López, marqués de Comillas.

O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO CATALÁN E OS CAPITAIS DOS “AMERICANOS” NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX

Non cabe a menor dúbida de que a proliferación de sociedades anónimas que tivo lugar en Cataluña de 1844 a 1860 se alimentou en boa medida –que de momento non se pode avaliar dado o descoñecemento que aínda temos da biografía da maioría dos accionistas destas empresas– de capitais indianos.

Na creación do Banco de Barcelona, normalmente adxudicada a Manuel Girona –un comerciante non americano–, indianos de diferente procedencia xeográfica desempeñaron un papel moi importante. Cabe destacar a José M.^a Serra Muñoz e ó seu pai Mariano, xunto cun grupo de

amigos como Lerena y Ascacibar (na súa maioría procedentes de Chile), que desempeñou unha función exactamente igual á de Girona en canto á achega de capital e dedicación á dirección. O terceiro director tamén foi un indiano –ou polo menos o máis parecido a un indiano: Rafael Plandolid–, que naceu en México e era fillo de José, navieiro de orixe maonesa. En 1846 o banco tiña 347 accionistas, que posuían distinto volume de capital nel⁴⁷. Entre os 20 principais accionistas atópanse 7 “americanos” (dun dos 20 –Jaime Salvat– descoñeza a biografía): Mariano Serra Soler, José M.^a Serra Muñoz, Juan Güell, Manuel de Lerena, Buenaventura Fontanals, Jaime Badia Padrines e Jerónimo Rabasa. Nun nivel inferior por volume de participación atópanse outros coñecidos “americanos”: Miguel Biada, Lorenzo Cayol, Cristóbal Ventosa, José Amell Carbonell, Esteban Gatell, José Milá de la Roca, Rafael Patxot...

Na constitución de La España Industrial, a maior fábrica algodoeira catalana que naceu por iniciativa de homes non vinculados ó mundo colonial, interviñeron xa capitais de “americanos”, achega que se multiplicou cando a empresa trasladou a Barcelona a súa sede principal ó fracasa-lo proxecto inicial. Jaime Badia, Buenaventura Fontanals, Manuel Lerena, José Martorell y Guitart, Francisco Maristany, Gaudencio Masó y Pascual, Jerónimo Rabasa, José M.^a Serra, Mariano Sirvent, Sebastián Soler, José Vilanova Masó e Celedonio Ascacibar foron accionistas dende o principio. Posteriormente algúns deles compraron máis accións e outros “americanos” sumáronse ó colectivo de accionistas, como Juan Bautista Durall, Juan Nin, Isabel Nació ou Nicolás Morera.

O moderno sector siderúrxico tamén naceu e se desenvolveu nestes anos, dando lugar á creación –tras unha fusión– dunha das empresas máis emblemáticas de Cataluña ata os nosos días: a Maquinista Terrestre e Marítima. A súa orixe, en parte, áchase na creación dun taller para facer e reparar maquinaria, establecido polo francés Perrenod en Barcelona en 1831 ou 1832. Trala súa repentina morte, a súa familia, en 1839, vendeulle o negocio a unha sociedade en que o capital “americano” era importante e que tomou o nome de Pablo Llobera –un dos socios, almacenista de ferro–. O ano seguinte converteríase na “Barcelonesa de Fundición, construción de máquinas e fabricación” e o principal accionista foi o “americano” Manuel de Lerena, seguido doutros indianos, como pode verse no cadro I.

47. Francesc Cabana: *Història del Banc de Barcelona (1844-1920)*, Edicions 62, Barcelona, 1978, pp. 247-251.

Cadro I
Fundadores da Barcelonesa de Fundición, 1840

Manuel Lerena	14.000 duros
José M. ^a Serra	12.000 duros
Juan Güell	12.000 duros
Buenaventura Fontanals	12.000 duros
Jaime Torrents Serramalera	12.000 duros
Nicolás Tous	6000 duros
Jaime Ricart	2000 duros

Fonte: AHPB. J. M. Planas Compte, 1840, folios 66 e 67.

En 1848 renovouse a sociedade e aumentou o capital de 70.000 a 338.000 pesos. Lerena, con 60 accións, continuaba sendo o principal accionista, seguido de Nicolás Tous e José M.^a Serra, con 48 e 37 accións respectivamente. O conxunto de accionistas pasou de 7 a 19, destacando a entrada de novos indianos como Esteban Gatell, Jaime Badia e Miguel Roig Rom, aínda que todos eles o fixeron por pouca contía⁴⁸. Da competencia co taller de Valentín Esparó pasouse á fusión e constituíuse, en 1855, a Maquinista Terrestre. Lerena formou tamén parte da sociedade, aínda que en 1851 vendeulle parte das súas accións en La Barcelonesa –coñecida dende 1849 como Tous, Ascacíbar y Cía– ó tamén americano José M.^a Serra Muñoz, que sería un dos principais accionistas desta importante e emblemática empresa metalúrxica catalana.

Foron moitas as sociedades anónimas que se constituíron nestes anos, algunhas de menor entidade e de historia descoñecida. Por exemplo La Industrial Quincallera, que se creou en 1853 co obxecto de fabricar artigos en que interviñesen a nácara, o marfil, o carei, madeiras finas de América, madeiras do país..., para facer abanos, paraugas, botóns, mobles, peites e moitos outros obxectos. O capital sería de 5 millóns de reais en 2.500 accións. Estas quedaron repartidas entre 43 accionistas, que posuían entre 500 e 10 accións. A participación de indianos atópase representada, por exemplo, coas 100 accións de Esteban Gatell, as 20 de Juan Nin, a mesma cantidade de José Martorell y Guitart e as 15 de José Antonio Salom⁴⁹.

No desenvolvemento do sector naval, o capital indiano interveu seguramente de forma máis decisiva ca noutros. Abonda con analiza-la composición do conxunto de accionistas dunha pequena empresa de

48. *Ídem* 1848, folio 116.

49. AHPB. Josep Manuel Planas Compte, 1853, folios 214-216.

navegación de cabotaxe, Gaspar Roig, constituída en 1858 para establecer dous vapores de ferro, para decatarse diso. O capital foi de 80 mil duros, achegados por 54 accionistas, entre os que se atopan coñecidos indianos como José M.^a Serra (2.400 duros), Esteban Gatell (1600), José Manuel Lopetegui (1600), Mariano Sirvent (800), Juan Samá Martí (800), Isidro Sicart (800), Cristobal Taltabull (800), e por navieiros que, aínda que quizais con propiedade non se poden considerar indianos, tiñan unha relación moi forte coas colonias antillanas (Plandolid irmáns, Rafael Masó Pascual, Agustín Andreu). Sen embargo, cabe destacar que na sociedade concorrián capitais doutros individuos que non tiñan vinculacións directas co mundo comercial das Antillas (Girón irmáns, José Parladé, Rafael Puget, Salvador Rusiñol...) ⁵⁰.

Non pode un esquecer nestas notas facer referencia ós nexos que existiron entre certos “americanos” e a construción da rede ferroviaria catalana. O mataronés Miguel Biada é un dos poucos burgueses decimonónicos de Cataluña coñecido por un público de cultura xeral, debido a se-lo impulsor e un dos principais accionistas do primeiro tren que houbo en España, a liña de Barcelona a Mataró inaugurada en 1848. Esta liña atopou, bastantes anos máis tarde, a súa case xemelga cando, en 1881, se inaugurou o tramo de Barcelona a Vilanova i La Geltrú, efectuado por iniciativa do “americano” vilanovés Francisco Gumá e Ferran ⁵¹. Ademais do papel de promotores ferroviarios que desempeñaron estes “americanos”, cabe recordar tamén a importante participación de capital americano na adquisición de accións nas diferentes compañías ferroviarias catalanas.

O desenvolvemento capitalista entrou nunha nova etapa nos anos do Bienio Progresista gracias á nova lexislación económica referente sobre todo ás sociedades de crédito e ás ferroviarias. Este novo marco lexislativo foi amplamente aproveitado por diferentes capitalistas, destacando entre eles o indiano montañés Antonio López y López que, casado coa filla dun indiano catalán, decidiu asentarse definitivamente en Cataluña en 1856, despois de estar dous anos a viaxar entre diferentes puntos. El foi o impulsor de tres das grandes compañías españolas de ámbito ultramarino de finais do século XIX: o Banco Hispano Colonial, a Compañía Transatlántica Española e a Compañía de Tabacos de Filipinas, que, radicadas en Barcelona, creceron baixo a tutela do estado. Antonio López y López, marqués de Comillas dende 1875, contando coa achega de capitais de indianos do seu ámbito económico e

50. AHPB. Josep Falp, 1858, II, folios 308-310.

51. Referencias xerais sobre a súa biografía en Agustí M.^a Vilà: *Pilots, carrilaires i tapers. Els Pujol de Lloret i els Gumà de Vilanova*, Centre d'Estudis Selvatencs-Institut d'Estudis Penedesencs, 1993, pp. 10-11 e 43-47.

familiar, e tamén doutros capitalistas que non procedían do ámbito americano, coñecidos entón como o grupo Comillas, formou un grupo empresarial, seguramente o máis importante de España, que foi estudiado a fondo, como xa dixen antes, por Martín Rodrigo Alharilla.

Non se pode concluír este apartado sen subliña-la incidencia dos capitais indianos na construción da moderna Barcelona. Tanto compraron terreos edificables e construíron nos novos espazos urbanos de carácter burgués que se crearon no interior das murallas –como as prazas de San Jaime, Medinaceli ou Real, ou a rúa Mendizábal a partir da década de 1850– como no Ensanche a partir da década de 1860. Como exemplo, pode citarse a actividade inmobiliaria dos irmáns Morera y Busó –ou Buxó–. Mentres Juan comprou un terreo edificable na rúa Mendizábal no que edificou unha casa⁵², o seu irmán Antonio Morera y Busó –accionista da Caixa Catalana Industrial e Mercantil, a Protectora Catalana, o Banco do Fomento Territorial, a Compañía de Construcción e Fomento, El Áncora, a Fabril Algodoeira, Bofill e Martorell, Antonio López...– comprou –ademais dun terreo no Ensanche– unha casa no paseo de Gracia que, trala súa morte, herdou a súa sobriña, filla do seu irmán José, que en 1902 iniciou a transformación da casa nun estilo modernista, que é unha das de maior nome: a casa Lleó e Morera, obra de Puig e Cadafalch. A viúva de Poncio Morera –que fora accionista da liña férrea de Barcelona a Mataró– preferiu adquiri-lo pazo da familia Gayolá nas rúas Archs-Capellán, en 1873. Outros indianos preferiron tamén comprar e residir en antigos pazos nobiliarios, como fixo Antonio López y López respecto ó pazo Moja. Tamén é coñecida a contribución doutras familias de indianos na construción da Barcelona modernista. Neste capítulo destaca a familia Güell.

OS “AMERICANOS” E A INDUSTRIA ALGODOEIRA CATALANA

A vinculación dos capitais dos americanos coa industria algodoeira catalana efectuouse de distintas maneiras. Xa mencionei a compra de accións en sociedades anónimas fabrís por parte dos indianos, así como tamén o feito de que nalgúns casos a relación foi moito máis estreita, ó converterse algún indiano en fabricante. Coñecemos xa os casos de Juan Güell e Miguel Biada, que nos anos 1840 crearon ou adquiriron unha fábrica, aínda que cunha implicación económico-profesional distinta. Se Güell era de feito un gran

52. AHPB. Francisco Just, 1863, folio 286; Miguel Martí y Sagristá 1873, II, folio 2297. *Ibidem* 1873, I, folio 839. Manuel García-Martin: *La casa Lleó Morera*, Catalana de Gas, Barcelona, 1988.

fabricante, Biada era un comerciante dono dunha fábrica de menores dimensións pero integrante tamén do grupo das 40 principais empresas fabrís de Cataluña en 1860⁵³.

Máis corrente que converterse en fabricantes, ou ser comerciante e dono dunha fábrica, foi que os indianos investisen capital en fábricas en comandita con outros socios. Nos anos de 1840 cabe mencionalo caso de Jaime Samá Martí, que en xaneiro de 1847 tomou a terceira parte de capital de “Sogas, Batllori e Cía” para fiar algodón en Barcelona. Posteriormente achegou aínda máis diñeiro, de modo que ó pouco tempo posuía a metade do capital da empresa. Ademais, máis adiante, investiu tamén na fábrica de Miguel Puig en Esparraguera, que en 1850 era a maior que había en Cataluña accionada con forza hidráulica⁵⁴. Tamén é interesante o caso de Francisco Moreu Rabassa, natural de Calella, que en 1847 tiña 5.000 libras catalanas na fábrica de fiados e tecidos de algodón “Ferran e Casas”, de Manlleu⁵⁵.

Nos anos 1850 déronse outros casos similares ós anteriores. José Antonio Salom Jacas vinculouse de forma complexa coa industria algodoeira, xa que o fixo de diversas maneiras. En primeiro lugar, como prestamista: en 1853 prestou 13.000 duros para poñer unha máquina de vapor e unha roda hidráulica nunha fábrica de Rubí⁵⁶. En segundo lugar, como socio, en 1855, da fábrica vilanovesa de Miguel Puig⁵⁷ e da de Jaumandreu e Cía en 1874. Por último, como pequeno fabricante de fiados de algodón –dende data descoñecida– nun edificio compartido con outros empresarios téxtiles, situado na poboación de Gracia, que en 1872 tiña 13 máquinas de cardar e 1.600 fusos⁵⁸. Outro caso constitúeo o rico indiano, accionista de moitas das empresas que se crean e renovan de 1845 a 1860, Mariano Sirvent Urgellés, que en 1840 se asociou cun fabricante e un propietario dunha fábrica para

53. As empresas fabrís que en 1860 tiñan un capital de máis dun millón de reais chegaban case á corentena segundo os datos publicados por Francisco Giménez Guitied: *Guía Fabril e Industrial de España*, Madrid, 1862. Estes datos foron cartografados en *Història, política, societat i cultura dels Països Catalans*. Vol. 6. *La gran transformació, 1790-1860*, *Enciclopèdia Catalana*, Barcelona, 1997, p. 162.

54. Martín Rodrigo Alharilla: “Con un pié en Catalunya y otro en Cuba: la familia Samá, de Vilanova”, *Estudis Històrics i documents dels Arxius de Protocols*, núm. XVI, Barcelona, 1998, pp. 379-383. Gràcia Dorel-Farré: “Los orígenes del capital industrial ...”, p. 179. AHPB. Pascual Sabater, 28, II, 1853; Fernando Ferran, 1859, II, folio 61.

55. César Yáñez: *Emigración ultramarina y familia catalana...*, pp. 109-110.

56. AHPB. Francesc Paludarias, 1853, folio 482.

57. Gràcia Dorel-Farré: “Los orígenes del capital industrial catalán...”, pp. 173-192.

58. Arquivo Municipal de Gracia. “Contribución de 1872-1873”. Cara a 1872 puxo unha fábrica, probablemente unha ferrería, en Sant Martí d’Armancias (Campdevanol). AHPB. Luís G. Soler Pla, 1872, I, folio 742.

facen fiados de algodón e constituíu Mariano Sirvent e Cía. Achegou 10 mil duros dos 30 mil que debía te-la empresa. En 1854, con Muntadas, impulsou a creación da Auxiliar da Industria, que fiaba e tecía algodón. En 1860 a sociedade Mariano Sirvent pasou a denominarse Juan Muntadas e Cía⁵⁹. Por outro lado pódese mencionar a Isidro Sicart, que de 1833 a 1856 parece que estivo na Habana e interveu –quizais non exclusivamente– no negocio tabaqueiro, sendo socio de Sicart, Mitjans e Cía, liquidada en 1858. Non sei cando Sicart regresou definitivamente a Cataluña, pero en 1860 aínda tiña intereses na Habana. Investiu en poucas sociedades escrituradas en notarías de Barcelona, pero unha delas foi a fábrica de indianas de Manuel Ribas en Vilanova i La Geltrú (1855). Tamén hai que referirse a Isidro Marqués Riba, fundador en 1855 de “Puig, Rafecas, Marqués e Cía”, tamén en Vilanova. Por último hai que cita-lo mataronés Jaime Fontrodona Vives, que cara a 1863 regresou de Matanzas e en data descoñecida investiu como socio maioritario na fábrica Fontrodona, de Mataró, xestionada polo seu sobriño, a cal estivo en actividade ata 1884. Da súa vinculación coa industria algodoeira hai que subliña-lo seu papel na xunta, primeiro, da sociedade patronal Fomento da Industria Nacional e, despois da escisión desta, en 1876, no Fomento da Producción Española⁶⁰. A súa biografía xunto coa de Juan Güell e Ferrer poñen en evidencia a estreita vinculación que nalgún caso se estableceu en Cataluña entre pasado americano e intereses industriais algodoeiros.

Mención á parte merece a relación entre o capital dos indianos e a industrialización da poboación costeira de Vilanova i La Geltrú, na que a emigración ás colonias era un feito profundamente enraizado no facer e pensar dos seus habitantes. Como dixo Soler, nas 7 fábricas que se edificaron –sen experiencia previa no sector fabril– entre 1839 e 1855 –con capitais iniciais que van dos 34 ós 180 mil duros– o capital indiano foi importantísimo⁶¹.

Esta implicación dalgúns americanos coa fabricación explícase en parte polo feito de que, a miúdo, eran importadores de algodón ou ben almacenistas de tecidos, o que os vinculaba directamente co sector. Para mencionar só un caso cabe dicir que José Antonio Salom Jacas era un importante almacenista de tecidos que en 1854 se converteu no principal accionista de “Santacana, Sadurní e Cía”, de Vilanova i La Geltrú, –achegou 30 mil dos 120 mil duros de capital inicial– e reservouse a comercialización

59. AHPB. Josep M.^a Odena, 1860, II, 500.

60. Rafael Soler i Fontrodona: “Jaume Fontrodona i Vila. La integració d’un americano a la vida del país”, *Fulls del Museu Arxiu de Santa Maria*, núm. 70, Mataró, 2001, pp. 12-23.

61. Raimon Soler: “Comerciants i fabricants...”.

da súa produción a través do seu negocio barcelonés⁶². Debido a esta dobre vinculación dalgúns indianos coa fabricación e venda de tecidos sería conveniente entrar a considerar outro aspecto non tido en conta ata o de agora: o papel dos indianos como prestamistas dos fabricantes.

ÚLTIMAS CONSIDERACIONES

Á parte das conclusións que poden extraerse do texto e que apuntan, na súa maior parte, á importancia que o capital “americano” tivo no desenvolvemento económico catalán, sobre todo na segunda metade do século XIX, cabe subliñar que esta afluencia de capitais se sumou a outras xeradas noutros ámbitos da economía catalana. Nas actividades económicas desenvolvidas en Cataluña, e na denominada diáspora mercantil catalana pola Península, efectuáronse tamén importantes acumulacións de capital que a miúdo acabaron confluindo cos de procedencia “americana” na fundación de novas empresas e na remodelación de antigas⁶³. Non houbo mundos económicos e sociais illados segundo a súa procedencia, senón un estreito contacto e colaboración e mesmo unha rápida fusión social a través da vía matrimonial. Valla de exemplo que o banqueiro non indiano Manuel Girona Agrafel casou, en 1844, coa “americana” Carolina Vidal Ramon e que o seu irmán Ignacio o fixo con Amelia Vilanova Nadal (filla de Juan Vilanova Artís, +1851), que tamén o era. Un último exemplo dáo o fabricante de Manresa José Torras e Corrons, fillo de José Torras e Galobardas, un dos fabricantes que introduciu as primeiras *waterframe* en Manresa para fiar algodón, que casou con Antonia Samá e Martí, irmá polo menos de cinco indianos, dos cales Salvador Sarrià y Martí alcanzou un gran poder político, económico e social en Cuba. Outro dos irmáns, Jaime, ó regresar en 1847 da Habana, tomou 1/3 do capital da fábrica téxtil Sogas, Batllori y Cia., da que o seu cuñado José Torras tamén era socio⁶⁴.

62. Raimon Soler: “Comerciants i fabricants...”, p. 118.

63. Àngels Solà: “Comerciants catalans un xic especials. Anada i retorn dels catalans a ‘les Castilles’ en el segle XIX”, en M.Teresa Pérez Picazo e outros (ed.): *Els catalans a España, 1760-1914*, Editorial Afers, Valencia, 1996, pp. 47-62.

64. Os datos sobre a familia Torras, ou Torres, de Manresa coñézoos polo traballo que estou realizando sobre os inicios da industrialización algodoeira na dita poboación. A súa vinculación con Jaime Samá véxase en Martín Rodrigo Alharilla: “Con un pié en Catalunya y otro en Cuba...”, pp. 379-380.

Resumo

**OS “AMERICANOS” CATALÁNS E O SEU IMPACTO ECONÓMICO
EN CATALUÑA Ó LONGO DO SÉCULO XIX**

Àngels Solà Parera

A pesar de que os americanos ou indianos son unha figura mítica na historia económica e social de Cataluña, en realidade constitúen un colectivo pouco coñecido. A partir das probas fidedignas de que desempeñaron un papel económico importante no desenvolvemento económico do Principado, neste traballo quíxose amosar como, ó longo do século XIX, estes individuos adoptaron estratexias investidoras distintas segundo a conxuntura económica existente e segundo a situación familiar particular. Matízanse as rotundas afirmacións que tradicionalmente se foron facendo sobre o peso dos indianos no inicio da industrialización téxtil, sobre todo algodoeira, e sublíñase o papel innegable que desenvolveron os capitais dos retornados na constitución das sociedades anónimas e comanditarias que se crearon a mediados de século nos sectores bancario, ferroviario, metalúrxico e de navegación.

Palabras clave:

Indianos, burguesía, Cataluña, século XIX.

Resumen

**LOS “AMERICANOS” CATALANES Y SU IMPACTO ECONÓMICO
EN CATALUÑA A LO LARGO DEL SIGLO XIX**

Àngels Solà Parera

A pesar de que los americanos o indianos son una figura mítica en la historia económica y social de Cataluña, en realidad constituyen un colectivo poco conocido. A partir de las pruebas fehacientes de que jugaron un papel económico importante en el desarrollo económico del Principado, en este trabajo se ha querido mostrar cómo, a lo largo del siglo XIX, estos individuos adoptaron estrategias inversionistas distintas según la coyuntura económica existente y según la situación familiar particular. Se matizan las rotundas afirmaciones que tradicionalmente se han ido haciendo sobre el peso de los indianos en el inicio de la industrialización textil, sobre todo algodонера, y se subraya el papel innegable que jugaron los capitales de los retornados en la constitución de las sociedades anónimas y comanditarias que se crearon a mediados de siglo en los sectores bancario, ferroviario, metalúrgico y de navegación.

Palabras clave:

Indianos, burguesía, Cataluña, siglo XIX.

Résumé

**LES “AMÉRICAINS” CATALANS ET LEUR IMPACT ÉCONOMIQUE SUR LA
CATALOGNE AU LONG DU XIX^e SIÈCLE**

Àngels Solà Parera

Bien que les américains ou indiens soient des personnages mythiques dans l'histoire économique et sociale de la Catalogne, ils constituent en réalité un collectif peu connu. À partir des

Os “americanos” cataláns...

preuves indiscutables de leur rôle important dans le développement économique de la Principauté, ce travail veut montrer comment, au long du XIX^e siècle, ces individus ont adopté des stratégies d'investissement distinctes suivant la conjoncture économique existante et suivant la situation de famille particulière. On nuance les affirmations catégoriques qui ont été traditionnellement faites sur le poids des indiens dans le début de l'industrialisation textile, surtout cotonnière, et on souligne le rôle indubitable que jouèrent les capitaux des émigrants de retour dans la constitution des sociétés anonymes et de commandite qui ont été créées au milieu du siècle dans les secteurs bancaire, ferroviaire, métallurgique et de navigation.

Mots clé:

Indiens, bourgeoisie, Catalogne, XIX^e siècle.

Summary

THE CATALAN “AMERICANOS” AND THEIR ECONOMIC IMPACT ON CATALONIA THROUGHOUT THE 19TH CENTURY

Àngels Solà Parera

Although the “Americanos” or “Indianos” are mythical figures in the economic and social history of Catalonia, in reality they make up a social group that is little known. Starting with the incontrovertible evidence that they played an important economic role in the development of the Principality, this work attempts to show how, in the course of the 19th century these individuals adopted different investment strategies depending on the current economic situation and particular family circumstances. The categorical assertions that have traditionally been made as to the influence of the “Indianos” in the beginnings of the textile industry, particularly cotton, are qualified, and emphasis is placed on the undeniable role played by the capital of the returnees in the establishment of the public limited companies and limited partnerships that were created in mid-century in the banking, railroad, metallurgy and navigation sectors.

Keywords:

“Indianos”, bourgeoisie, Catalonia, 19th century.

Currículo

ÀNGELS SOLÀ PARERA (Barcelona, 1948) é licenciada e doutora en historia contemporánea pola Universidade de Barcelona. Especializouse no estudio da burguesía, a industrialización e a urbanización na Cataluña decimonónica e interesouse tamén polo estudio do poder. Publicou numerosos traballos en diferentes libros e revistas españolas e estranxeiras: “Mentalitat i negocis de l'élite económica barcelonina de mitjan segle XIX”, en Vilar, Pierre (dir.): *Història de Catalunya*, Barcelona, 1990, vol. III; “L'impresoria catalana: model cultural i organizatiu” (conxuntamente con Soledad Bengoechea) en Sapelli, G. (ed.): *Capitalismi a confronto: Italia e Spagna*, Catanzaro, 1998; “Poder, poder político y grupos de presión” en Carasa, Pedro (ed.): *Elites, prosopografía y grupos de presión*, Valladolid, 1994. Actualmente é profesora titular da Universidade de Barcelona.

OS “AMERICANOS” E O MOVEMENTO AGRARISTA (1900-1936)

Miguel Cabo Villaverde¹

ALGO MÁIS QUE COINCIDENCIAS: O AGRARISMO E O ASOCIACIONISMO GALEGO NA EMIGRACIÓN

O agrarismo constitúe o movemento social (ou quizais con máis exactitude a *industria de movementos sociais*) máis importante da Galicia contemporánea, vixente nas cinco décadas que se estenden dende mediados da década dos oitenta do século XIX ata a Guerra Civil². Un fenómeno rigorosamente contemporáneo ó seu desenvolvemento é o do asociacionismo dos galegos en América, que ten lugar tamén a partir precisamente das dúas décadas finais do século XIX, e que conforma co agrarismo unha interacción da que tanto un coma o outro saíron mutuamente reforzados³. Nos últimos quince anos multiplicáronse os estudos sobre o movemento agrarista e neles alúdese sen excepción, con maior ou menor detalle segundo os casos, á influencia das sociedades de instrucción americanas: financiamento dalgunha iniciativa das sociedades agrarias, episodios de emigración nas biografías dos dirixentes das agrarias, ideas e pensamentos renovadores que se filtran por diferentes conductos dende as repúblicas americanas conformando as

1. Este traballo enmárcase dentro do proxecto *La pequeña explotación y el desarrollo del capitalismo en la agricultura atlántica, siglos XIX y XX* (Ministerio de Educación, PB 98-0608, investigador principal Lourenzo Fernández Prieto).

2. O concepto está tomado de McCarthy e Zald (1976: 1219). Referiríase a sistemas que abranquen movementos de fins semellantes aínda que apliquen tácticas e repertorios de confrontación diferentes. Sería o caso do movemento social “clásico” por excelencia, o movemento obreiro, permitindo capta-la lóxica común subxacente ós movementos ludistas, as asociacións mutualistas, os sindicatos e os partidos obreiros. No caso do agrarismo galego, este concepto posibilita non perde-la perspectiva dunha coherencia última por riba da vizosa heteroxeneidade organizativa, proporcionada pola presenza de dous obxectivos universalmente compartidos como serían a viabilidade da explotación familiar e a reivindicación dun papel máis activo en tódalas ordes (social, política, cultural) do campesiñado.

3. A emigración galega produciu unha inxente bibliografía da que salientaremos aquí a recapitulación recente de Villares e Fernández (1996). Para o asociacionismo dos galegos en América, vid. Núñez (1998, 1999a).

chamadas *remesas invisibles*, etc.⁴. Incluso de xeito indirecto os dous fenómenos non podían deixar de influírense mutuamente, como poderíamos exemplificar coa hipótese de que quizais fose en parte o fluxo de remesas chegadas de América o que desincentivase o cooperativismo crediticio no agrarismo galego, sendo como era o piar do asociacionismo agrario noutras rexións europeas (norte de Italia, Alemaña renana).

A pretensión deste traballo consiste unicamente en sistematizar esta evidencia partindo da constatación do agrarismo como movemento social e recorrendo ó enfoque da mobilización de recursos, fundamental en toda acción colectiva⁵. Como primeiro paso, constataremos unha serie de coincidencias organizativas entre o asociacionismo agrario en Galicia e o dos emigrados nas repúblicas americanas, que ademais tamén constitúen condicionantes que gravitan sobre os investigadores que se achegan a estes temas.

1. Unha primeira coincidencia preséntase no predominio do ámbito micro como marco de referencia xeográfico. No caso das sociedades agrarias é predominantemente o parroquial e no das sociedades de instrucción o municipal⁶. Aínda habería que precisar para as sociedades de instrucción o peso significativo das de ámbito parroquial, que non sería aínda meirande por necesidades prácticas e de *recrutamento* dunha masa crítica de socios que garantise a viabilidade da asociación, e en calquera caso procurárase un repartimento equitativo nos postos directivos para non magoa-la sensibilidade dos socios de ningunha das freguesías.

Das 484 sociedades de instrucción cuantificadas por X. M. Núñez Seixas (1998: 92) para o período 1904-1936, o 28,3% ten unha parroquia como ámbito territorial e o 46,9% un concello, correspondendo porcentaxes

4. Na nosa opinión é no estudio de Domínguez Almansa (1997) sobre o agrarismo e o poder local no concello de Teo onde mellor se integra a dinámica agrarista coa americana, coa particularidade do mercado cariz progresista da acción dos emigrados (neste caso en Bos Aires). Para unha interpretación xeral da interacción entre emigrantes e movementos sociais na Galicia anterior a 1936, vid. Núñez (1999b).

5. Debemos precisar que non nos cinguiremos a unha análise aplicando de xeito ortodoxo os enfoques da teoría da mobilización de recursos orixinada a finais da década dos sesenta entre diversos estudiosos estadounidenses do comportamento colectivo como Tilly, McCarthy ou Zald. Máis que unha aceptación global dos seus presupostos teóricos, situáremos nunha posición pragmática no terreo de encontro e de síntese coa teoría europea da identidade colectiva ou dos novos movementos sociais pola que se está avogando nos últimos tempos dende diversas fronte. Unha recapitulación recente é a ofrecida por Jenkins (1994).

6. O predominio do ámbito parroquial para as sociedades agrarias resulta peculiar no contexto español, coa parcial excepción asturiana (Fernández e Girón, 1976), pero atopa correspondencia no asociacionismo agrario doutras áreas europeas de tradición católica e preponderancia da pequena e mediana explotación, como Flandres (Molle, 1990: 58), Austria (Bruckmüller, 1977: 137) ou Bretaña (Berger, 1975: 93-95).

moito menores ás que agrupan os naturais dunha aldea ou lugar (0,6%), dúas ou máis parroquias (6%), dous ou máis concellos (7,9%), un partido xudicial (7,9%) ou unha provincia (2%). Polo que se refire ás sociedades agrarias, dunha mostra de 2.931 (de ámbito municipal ou inferior) correspondentes ás provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra para o período 1886-1941, dous tercios adoptan un marco parroquial, mentres que só o 7,9% opta polo municipal⁷.

A razón de ser desta aparente autolimitación radica na vixencia que mantiña aínda a comunidade local (expresada preferentemente na escala parroquial) tanto nun plano material (sistema de *axudas*, montes comunais...) como no inmaterial da sociabilidade, fronte ó carácter maiormente artificial e arbitrario do concello rural. Tanto é así que estes elementos de identificación sobrevivían ó tránsito transoceánico e seguían a condicionar decisivamente a sociabilidade dos individuos nun marco radicalmente diferente daquel en que se orixinaran. Superpoñe-la asociación voluntaria e fundada no interese (*Gesellschaft*) sobre a comunidade local preexistente (*Gemeinschaft*) e artellada ó redor de vínculos espontáneos de veciñanza constituía unha opción efectiva para dota-las agrarias dunha base sólida⁸. Nas comunidades locais, coas que as sociedades agrarias tentan identificarse e reorientar no seu beneficio os vencellos de solidariedade que as unen, podemos exemplifica-las *redes sociais informais* que reforzan os movementos sociais. A microorganización facilitáballes ás asociacións, tanto ás agrarias como ás de emigrantes, a captación de militantes e a prevención do clásico dilema olsoniano do “gorrón” ou *free-rider* mediante o coñecemento mutuo e a sanción dos comportamentos individualistas⁹.

Un exemplo axudaranos a comprender como funcionaban eses mecanismos de sanción. Unha das vítimas mortais dos sucesos de Guillarei de 1922 (represión pola garda civil dunha concentración que pretendía impedir un embargo por falta de pagamento de rendas forais) fora unha muller embarazada. Os residentes do Porriño en Bos Aires inician unha colecta para socorrer economicamente os feridos e os familiares dos falecidos, mais a

7. O 5,1% tería como ámbito varias parroquias, o 4,7% un lugar ou barrio e do 16% non se pode afirmar con seguridade. A non consideración de Ourense débese á non homologación das fontes coas empregadas para as outras provincias, pero os datos parciais dispoñibles permiten afirmar que non alterarían as conclusións adiantadas e mesmo acentuarían aínda máis as tendencias sinaladas. Os datos proceden da nosa tese de doutoramento (Cabo, 1999: 434), á que remitimos ó lector para unha análise máis pausada da cuestión.

8. A parella de termos procede obviamente de Tönnies.

9. O dilema foi suscitado por Mancur Olson (1965) e a súa discusión é un punto obrigado en calquera estudio sobre acción colectiva. Unha reflexión centrada nas particularidades da súa aplicación ás comunidades campesiñas en Taylor (1990).

suxestión da Sociedade Agraria de San Salvador de Budiño exclúe dela o viúvo da mencionada. O motivo era ter aceptado un posto de traballo ofrecido polo deputado conservador polo distrito Ordóñez, inimigo acérrimo do agrarismo local, e quebrantar deste xeito a ética da solidariedade de grupo¹⁰.

As cifras revelan que a organización parroquial resulta claramente máis efectiva na captación de socios que a municipal: a media de habitantes dos concellos era en Galicia aproximadamente once veces superior á das freguesías, pero as sociedades municipais conseguen captar como termo medio un número de socios só tres veces superior ó das parroquiais ou infraparroquiais¹¹. Isto obriga a relativiza-los continuos laios sobre as consecuencias negativas desta dispersión asociativa, lamentacións que con matices eran moi semellantes tanto para as sociedades agrarias como para as de instrucción e que adoitaban incidir ben no tópico individualismo celta, ben no *campanilismo*, ben nos intereses personalistas dos dirixentes¹². A fórmula que se manifesta máis efectiva para as agrarias é probablemente a de sociedades parroquiais que se van federando en niveis superpostos na escala municipal, comarcal e provincial. Este esquema de actuación en poucos casos chegaba, non obstante, a consolidarse por mor da fragilidade nos niveis supramunicipais, debido ó seu matiz ideolóxico case invariablemente máis marcado, á maior proclividade ás escisións, ó feito de concentraren a atención (poucas veces para ben) das autoridades e de conseguiren espertar, só en raras ocasións, un grao de compromiso equiparable ó das sociedades de base. A única excepción de importancia está constituída por *Solidaridad Gallega*, que favorecía a aparición de sociedades agrarias municipais, máis acaídas ás súas aspiracións electorais, aínda que dotadas de seccións parroquiais. Nembargantes, na meirande parte dos casos a elección do marco parroquial semella ser percibida como algo tan natural que a penas se producen debates ó redor da cuestión¹³.

10. *Boletín de la Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito*, n.º 7 (X-1923).

11. En concreto a media de socios das sociedades de ámbito municipal era de 72 na provincia da Coruña, 83 na de Lugo e 102 na de Pontevedra, fronte a 57, 64 e 89 respectivamente para as de parroquias ou lugares; Cabo (1999: 450).

12. Para as sociedades de instrucción, algúns exemplos en Núñez (1998: 101; 1999a).

13. Unha excepción prodúcese nas páxinas de *Teo. Órgano oficial de la Federación Residentes de Teo en Sud América*, no que en 1915 se publican as respostas a unha especie de cuestionario sobre a orientación das sociedades agrarias. A directiva da *Sociedad de Agricultores de Vedra* (1910) vai defende-la organización por “distritos” (municipal) para garantir sociedades fortes contra os manexos caciquís e porque a nivel parroquial sempre rematarían dominadas polo rico ou o intrigante local. Esta sociedade, como era de esperar, abarcaba todo o concello e anos máis tarde dicía que contaba cuns 300 socios. A súa tese é sen embargo contestada pouco despois por un residente en Bos Aires (Manuel Bouzón) que argumenta que os potenciais socios

2. Unha segunda característica común a sociedades agrarias e de instrucción é a moi desigual permanencia e grao de actividade. Tanto nun coma noutro caso, as frecuentes refundacións, as fusións, as escisións e a dificultade de determina-lo momento en que unha asociación deixa de existir na práctica constitúen atrancos para calibrar e cuantifica-la incidencia real do fenómeno. Baixo o flamante regulamento, a acta de constitución e a presenza nos rexistros oficiais pode agocharse tanto unha sociedade agraria que existe unicamente no plano formal ou que mantén un débil grao de actividade ó servizo dalgún interese ou prestixio particular, como unha que realmente deixa unha pegada perdurable no ámbito en que actúa. Do mesmo modo, nas sociedades de instrucción cabería falar dun espectro amplísimo entre as que se limitaban a actividades mutualistas e recreativas e as que impulsaban a transformación das zonas de orixe e o fortalecemento da posición social do emigrante nas sociedades de acollida.

Resulta evidente que as monografías locais son o único camiño válido para escolma-lo gran da palla, mais de maneira aproximada resulta indicativo tomar como criterio o da lonxevidade comprobada das sociedades. No caso das agrarias, de tomarmos un mínimo de dez anos de existencia comprobada como suficiente para considerar que chega a consolidarse, obtemos que aproximadamente a metade das sociedades coruñesas e unicamente un tercio das luguesas e as pontevedresas acadan ese límite. Cómpre matizar estas estimacións, tendo en conta por exemplo que os sindicatos católicos amósanse por regra xeral máis efémeros, ou que as sociedades constituídas nos períodos de maior fervenza fundacional (1918-1921 por exemplo) acadan unha taxa de *perdurabilidade* moito menor (Cabo, 1999: 450).

3. O perfil dos dirixentes das sociedades agrarias e das sociedades de instrucción en América amosa unha serie de coincidencias, basicamente unha posición económica por enriba da media e un *capital relacional* que pode proceder de calidades persoais ou derivar da profesión. No caso das agrarias, unha crítica dos seus detractores contemporáneos, recollida posteriormente polos defensores da tese da inevitable manipulación dos labregos, sinalaba a minoritaria presenza de verdadeiros cultivadores da terra nas directivas. Esta afirmación merece dúas precisións. A primeira, que se detecta un inequívoco proceso de *campesiñización* na composición das directivas que se ve acentuado a partir da década dos vinte e que culmina nos anos da República, aínda que sempre máis marcado nos niveis locais que nas xuntas das

terían menos receos ante unha sociedade parroquial que ante outra municipal, na que non coñecerían a moitos dos outros afiliados e habería máis desavinzas; *Teo*, n.º 66 (15-X-1915) e n.º 68 (15-XII-1915).

federacións a maior escala. A segunda matización é que o impacto do agrarismo na cultura política non debe xulgarse unicamente polo peso dos elementos campesiños en postos directivos, senón polo agromar de novas categorías de liderado, cuestión sobre a que retornaremos máis adiante. Outra circunstancia que se pode sinalar, común ás dúas formas de asociacionismo, é a aparición simultánea ou sucesiva de determinados individuos nas directivas de varias sociedades¹⁴.

4. Tanto nun coma noutro caso, o grao de compromiso político e ideolóxico dos líderes e o da masa de asociados conformaban dous niveis distintos, en xeral máis consciente e militante nos primeiros, mentres que os segundos afiliábanse en boa medida atraídos polos *incentivos selectivos* ofrecidos polas sociedades de instrución no eido do mutualismo e da asistencia e no caso das agrarias principalmente en forma de vantaxes económicas (cooperativismo nas súas diversas variantes)¹⁵; a maiores, por suposto, do sentimento de pertenza a un colectivo e de reforzamento da propia identidade, e, no caso das agrarias, as diversas formas de *sanción* (boicot, *armas do feble...*) que podían aplicarse a quen non seguise os designios da maioría aplicando o principio da identificación da sociedade coa comunidade no seu conxunto¹⁶.

5. A evidencia empírica pon de manifesto que o asociacionismo dos emigrados e o asociacionismo agrario en Galicia se retroalimentan. As áreas onde o desenvolvemento do asociacionismo agrario foi máis feble durante o arco cronolóxico que vai da derradeira década do século XIX a 1936 coinciden con aquelas que contan igualmente cun número escaso de entidades en América. É o caso para a provincia da Coruña dos partidos xudiciais de Ordes, Corcubión ou Arzúa, onde efectivamente as sociedades

14. Para efectos comparativos, Núñez (1998: 102-04) e Cabo (1999: 452-7).

15. Núñez (1999a: 363-62) e Cabo (1999: 478-496), así coma Mayaud (1998: 743) no mesmo sentido para o caso francés. As lamentacións polas motivacións exclusivamente interesadas da meirande parte dos afiliados son comúns en América e Galicia. Un exemplo acaído sería o do socialista Cándido Otero, do *Comité Puentearesano de Montevideo*: “[...] Si vosotros [os labregos] deséais conseguir algo práctico procurad convertir a vuestras sociedades en minúsculos ateneos de enseñanza cidadana, donde la instrucción y los derechos del hombre sean asuntos de más atención que el sulfato y el bacalao, el egoísmo y las rencillas personales que os perjudican y corrompen y con esto perjudicáis el movimiento agrario y la libertad del pueblo, lejos de beneficiarla”; artigo publicado en *Solidaridad* de Vigo e reproducido en *Teo*, n.º 66 (15-X-1915).

16. O concepto de *armas do feble* está tomado por suposto de J. Scott (1985) e cómpre lembrala a súa polivalencia, posto que estas formas de presión de baixo risco e alta efectividade podían aplicarse tanto contra elites non campesiñas e autoridades como contra membros da propia comunidade dos que se considerase que desafiaban a solidariedade co grupo e a súa *economía moral*.

agrarias están por debaixo da media provincial e ademais durante longo tempo predominan os sindicatos católicos, xeralmente pouco proclives a canaliza-los esforzos rexeneradores das sociedades de instrucción. O mesmo poderíamos afirmar para os grandes baleiros do leste e sur da provincia de Ourense, que son ó mesmo tempo as bisbarras menos vigorosas dende o punto de vista agrarista e de sociedades de instrucción americanas, mentres as zonas onde se concentra a actividade agrarista (Ribeiro e arredores da capital) son tamén aquelas con maior número de sociedades de instrucción en América. A mesma correlación negativa pode sinalarse para Quiroga e Becerreá na provincia de Lugo¹⁷.

As liñas que seguen tentarán amosa-las diversas canles a través das cales a actividade das sociedades de instrucción dos naturais dunha zona determinada en Arxentina ou Cuba podía repercutir en beneficio das sociedades agrarias que actuaban nela. Cómpre facer previamente algunhas precisións, como que a devandita interacción se producía principalmente a nivel individual entre sociedades de emigrados e sociedades agrarias dunha mesma parroquia ou concello. De feito as sociedades agrarias podían actuar como delegadas das sociedades de instrucción para vixia-lo aproveitamento e boa marcha dos investimentos sufragados dende América, papel desempeñado outras veces por ex-socios que retornaran a Galicia (Núñez, 1998: 106). Así, en numerosas ocasións unha agraria controlaba a construción e a calidade do ensino na escola ou xestionaba o cemiterio civil custeado dende América¹⁸.

Pola contra, organismos que aspiraban a representar a toda a colonia galega, coma os *Centros Galegos*, fuxían dun compromiso coas empresas agraristas por temor a prexudica-la cohesión interna e de desamigarse coa Administración. De aí que na práctica as esperanzas postas no apoio das macroentidades por parte dos impulsores de *Solidaridad Gallega* (1907-1911) ou da *Acción Gallega* de Basilio Álvarez se visen defraudadas, e máis aínda cando ámbalas dúas viñan rodeadas dunha auréola de crimes agrarios e radicalidade (sobredimensionados nos dous casos de xeito ben interesado).

Hai que ter en conta igualmente que boa parte das sociedades constituídas na emigración estipulan entre os seus obxectivos nos estatutos o de apoiar-las sociedades agrarias no distrito de orixe, pero noutras ocasións

17. O apoio empírico destas afirmacións en Cabo (1999), en particular as gráficas incluídas nos apéndice; polo que respecta á distribución das sociedades de instrucción Núñez (1998: 162), que tamén repara na devandita equivalencia.

18. Un exemplo disto último no concello coruñés de Teo, onde se constrúen a principios da década de 1910 cemiterios civís nas parroquias de Calo e Cacheiras, coa feroz oposición do clero local; Domínguez Almansa (1997: 67).

son as sociedades agrarias as que incitan ós residentes en Cuba ou na Arxentina a organizarse¹⁹. A concepción do agrarismo propugnada dende América podía ser moi variable, pero hai que ter en conta que as sociedades de emigrantes partían como mínimo dun anticaciquismo xenérico que na distancia as sociedades agrarias semellaban encarnar á perfección. A partir de aí a casuística é moi variada. Así, nos estatutos da bonaerense *Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito* proclámase entre os seus fins o fomento de “sindicatos agrícolas y cooperativas”, pero coa condición de que o seu funcionamento fose democrático e “que no se admita en su seno elementos ni influencias extrañas, salvo aquéllas concordantes que tiendan a realizar una acción de conjunto en bien general de Galicia”²⁰. Tamén nos anos vinte, a *Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Cospeito y sus contornos* pretendía o mesmo obxectivo pero cunha formulación moito máis radical, posto que se fomentarían as asociacións agrarias “que libren a los labriegos de las garras de sus caciques esquilmadores”, mentres o filosocialismo abolicionista das sociedades agrarias do concello de Poio atopaba paralelismo na sociedade bonaerense *Hijos del Ayuntamiento de Poyo*, que aspiraba a derrota-lo caciquismo “mediante la organización del campesino y su capacitación social por medio de una cultura sana y con miras al colectivismo socialista”²¹.

Unha última precisión é que un importante subconxunto dentro do universo agrarista vai quedar case por completo á marxe da sinerxía coas entidades americanas: o sindicalismo agrícola católico²². A ausencia de retornados nas directivas dos sindicatos católicos e a falta de colaboración coas sociedades de instrucción concordan cos receos cos que dende medios

19. Semella que foi este o caso da sociedade agraria “La Luz” das Somozas, fundada a principios de 1908 e adscrita a *Solidaridad Gallega*: un dos primeiros actos desta foi o envío dunha delegación a Cuba para formar unha sucursal que financiase a construción dunha escola, empresa que axiña tivo éxito, polo que cabe supor a existencia dun labor previo. De feito, entre os promotores de “La Luz”, os retornados ocupaban un lugar destacado, como apunta o presidente da sociedade agraria nun mitin en xullo de 1908 (“son los que han traído aires de fuera y promovido los primeros actos de legítima y justa rebeldía contra el caciquismo y sus males”); A sociedade de instrución na Habana constituíriase definitivamente no Centro Galego en marzo de 1909. *Solidaridad Gallega*, n.º 13 (27-VII-1908), *La Defensa* (Betanzos), n.º 131 (31-I-1909), e *Galicia Universal*, n.º 19 (1-VII-1936).

20. *Boletín Oficial de la Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito*, n.º 7 (X-1923).

21. *El Despertar Gallego*, n.º 103 (17-VII-1927), para a sociedade de Cospeito; a mención a Poio en Núñez (1998: 122).

22. Para todo o referido a este último, Martínez López (1989). Un dos principais teóricos do social-catolicismo agrario en Galicia será o rioxano Amando Castroviejo, catedrático de Economía Política na universidade compostelá dende 1907, e que xa por eses anos incluía os retornados de América entre os posibles opositores á confesionalidade dos sindicatos agrarios (Castroviejo, 1909: 406).

eclesiásticos se xulgaban os desafíos á orde tradicional (escolas laicas, cemiterios civís...) alimentados polos *americanos*. Igualmente, os sindicatos católicos van constituírse en excepción á hora de prever mecanismos para facilitarlles ós emigrantes a participación, tales como a delegación do voto nun familiar durante o tempo en que estivesen ausentes²³.

A MOBILIZACIÓN DE RECURSOS NO AGRARISMO: O PAPEL DA EMIGRACIÓN

Presuposta a existencia continuada de agravios e de descontento por parte de determinados grupos en calquera sociedade humana, a súa constatación resulta por completo insuficiente para explicar por que se produce a mobilización en defensa dunhas reivindicacións calquera nun momento ou contexto histórico, e non noutros en que tampouco faltarían motivos de malestar que xustificasen o desafío do *status quo*. As tensións e o malestar de individuos e colectivos que se senten marxinados nos seus intereses estarían daquela desprovistas de valor explicativo posto que se trataría dunha constante universal e polo tanto dunha variable non discriminatoria, inherente a toda sociedade humana. A emerxencia dos movementos sociais nun momento dado habería que explicala polo tanto recorrendo a outros parámetros, en concreto á *estructura de oportunidades política* e á dispoñibilidade de recursos cos que soste-la acción colectiva. Dun xeito un tanto coloquial, poderíase afirmar que se mobiliza quen pode, non quen quere. Detémonos en cada un destes puntos aplicándoos ó agrarismo galego e reflexionando sobre o papel que neles puideron desenvolve-los colectivos de emigrados.

A estrutura de oportunidades políticas é definida por Sidney Tarrow (1997: 155) como “dimensiones congruentes –aunque no necesariamente formales o permanentes– del entorno político que ofrecen incentivos para que la gente participe en acciones colectivas al afectar a sus expectativas de éxito o fracaso”. Aínda que dende 1886 se localicen mutuas gandeiras, en particular na provincia de Pontevedra, polas limitacións deste tipo de organizacións o xurdimento do agrarismo como tal pode situarse entre a segunda metade da década dos 90, cando se legalizan no litoral entre Vigo e a capital provincial numerosas sociedades agrarias propiamente ditas, e 1914.

23. Mesmo nalgúns casos chegan a estipular entre as posibles causas de expulsión a “ausencia muy prolongada” como no Estatuto do Sindicato Católico Agrícola da Bola (1910), citado por Castro Pérez (1997: 37).

Nesta altura, o agrarismo é xa un fenómeno que afecta con maior ou menor intensidade a tódalas bisbarras galegas e que tralas experiencias sucesivas da *Solidaridad Gallega*, a *Unión Campesina*, o *Directorio de Teis e Acción Gallega* conta xa no esencial cun acervo de tácticas, doutrina (expresada no ciclo das Asembleas de Monforte) e mensaxes que manterá ata a súa desaparición²⁴. A análise da *estructura de oportunidades políticas* vixente na fase de formación do movemento agrario esixe considerar polo miúdo os seus diversos elementos constitutivos:

- a) A apertura do acceso á participación, incremento que no caso da España da Restauración quedara posibilitado polo recoñecemento do sufraxio universal masculino en 1890 e polo dereito de asociación coa lei de 1887, completada posteriormente con outra máis específica como foi a de sindicatos agrícolas de 1906. Obviamente, entre a existencia formal duns dereitos teóricos e o seu exercicio libre e non condicionado existía un amplo treito, distancia que precisamente as sociedades agrarias contribuíron a percorrer no caso concreto de Galicia. Con tódalas limitacións (manipulación electoral, artigo 29º na Lei electoral de 1907, caciquismo, parcialidade da Administración...) a mera existencia duns dereitos básicos de asociación e sufraxio marcaba un punto de partida distinto do existente en estados autoritarios ou naqueles parlamentarios que aínda mantiñan un sufraxio restrinxido como era o caso de Italia ata 1912 ou Portugal ata un ano antes.
- b) O segundo compoñente sería a existencia dunha inestabilidade nos aliñamentos políticos e nos grupos de poder, que no caso español viría dada pola crise dos partidos alternantes tralo *Desastre*, a sucesión de gabinetes cada vez máis precarios e as loitas intestinas abertas a raíz da desaparición dos seus líderes históricos (Cánovas en 1897 e Sagasta en 1903). Así mesmo, a arremetida intelectual do *Regeneracionismo* desmontaba de xeito demoledor as supostas conquistas do sistema canovista (paz social, alternancia no poder), ó mesmo tempo que estas eran postas en cuestión pola perda das derradeiras colonias, a crise dos partidos monárquicos e a aparición de forzas de difícil ou imposible asimilación no sistema (rexionalismos, movemento obreiro). Aínda que a Restauración demostre gozar dunha mala saúde de ferro que lle permite prolongarse ata 1923, xamais se recuperaría da perda de lexitimidade que supuxeran os acontecementos do cambio de século.

24. Para a fase de formación do movemento agrario mantén toda a súa vixencia o estudo que lle dedicara J.A. Durán (1977).

- c) O terceiro elemento radicaría na dispoñibilidade de aliados potenciais, que no caso galego estarían representados por republicanos e movemento obreiro, cada un deles interesado polas súas propias razóns na mobilización da poboación rural para saír dos reductos urbanos nos que se atopaban confinados. Tanto nas sociedades pioneiras do litoral pontevedrés, como logo no abortado núcleo socialista de Canedo en Ourense ou na *Solidaridad* e a *Unión Campesina* en terras coruñasas, resulta evidente a colaboración de elementos obreiristas e republicanos que tentan desmonta-lo fundamento do propio sistema restauracionista como era a desmobilización do electorado rural.
- d) Por último, o cuarto factor sería a debilidade e existencia de divisións nas elites dominantes sustentadoras da situación que se desafia. No caso galego pódese sinalar tanto a nivel político (retesías entre os grupos de poder dentro de cada un dos partidos alternantes) como en termos socioeconómicos, posto que a evolución dos prezos agrarios por mor da crise finisecular no proceso que Ramón Villares (1982) ten denominado a “derrota do rendista” vai debilita-lo antagonista colectivo do agrarismo de signo antiforal, particularmente virulento na Galicia meridional. Mesmo segmentos das elites marxinados nos conflitos intrapartidistas van xoga-la carta da mobilización (controlada) das masas e da alianza con sectores alleos á quenda, unha ruptura coas regras de xogo do sistema restauracionista que personifica de xeito exemplar Manuel Portela Valladares, pero en certo modo tamén a alternativa *modernizadora* impulsada dende sectores do partido conservador que foi o maurismo.

Na estrutura de oportunidades, tal como estaba configurada no período de xestación do agrarismo, o factor *americano* non está a penas presente, posto que son escasas as sociedades de instrucción fundadas con anterioridade a 1910²⁵. En épocas posteriores, a posibilidade ou esperanza de contar co apoio dalgunha sociedade de instrucción preexistente si podía incentiva-la constitución de sociedades ou federacións agrarias.

Aínda que exista unha continuidade de base, resulta evidente que o agrarismo galego pasou por períodos de maior vitalidade e fervenza nos que se multiplicaban as fundacións de sociedades, a súa federación a diversos niveis, e iniciativas de todo tipo (cooperativas, de axitación, electorais...), e por outros de relativo decaemento nos que desaparecían as entidades menos enraizadas no seu medio social. Se tomamos como indicador o número de sociedades agrarias constituídas anualmente, as gráficas resultantes amosan

25. O gráfico reproducido en Núñez (1998: 164) con datos dese autor e de Vicente Peña Saavedra (1991) resulta dabondo expresivo ó respecto.

unhas tendencias semellantes nas diferentes provincias, con 1907-1913, 1918-1923 e 1931-1933 como “cumios” e uns “vales” situados en 1914-1918, a Dictadura e o Bienio Negro²⁶. Consideramos que a partir das variacións na percepción da estrutura de oportunidades en cada momento pódense explica-las devanditas asimetrías. Do mesmo xeito, pódese apuntar que a diverxencia nos períodos de maior actividade asociativa no ámbito galego e americano deberíase ós condicionantes diversos das respectivas estruturas de oportunidades²⁷.

A estrutura de oportunidades pode axudar a comprende-lo “cando” dun movemento social, mais só en certa medida o seguinte paso, o do “como”, a mobilización dos recursos dispoñibles para a acción colectiva. Neste aspecto o agrarismo galego vai contar con varios factores positivos. En primeiro lugar, vai reaproveitar e reorienta-la forza de redes sociais preexistentes artelladas a nivel da comunidade local, tentando poñer ó seu servizo todo o complexo de solidariedades, vínculos e imaxinario colectivo que conlevaba. O apoio neste tipo de redes vai se-lo que permita atopar reductos de supervivencia nos episodios de represión. Outro elemento ó seu favor vai se-lo de contar como base de masas con participantes (ou *actores*) que, a diferencia de movementos baseados en traballadores agrícolas sen terra, tiñan un acceso parcial á propiedade, por mor ben da súa condición de foreiros propietarios *de facto*, ben de *propietarios insuficientes*, ó mesmo tempo que o acceso á propiedade plena se converterá nun importante estímulo para a participación.

Nesta mobilización de recursos era onde se podía materializa-la axuda das sociedades de instrución, cuestión que analizaremos partindo da

26. De aí que repetidamente se apuntase a desaparición do agrarismo, sen comprende-las causas profundas que o impulsaban por riba das vicisitudes organizativas e políticas. Así, M. Lustres Rivas sinala en 1916, impresionado polos preitos internos que dinamitaron *Acción Gallega*: “Al agrarismo lo han matado las ambiciones de sus directores, el feroz individualismo de la raza gallega y la perenne borrachera de lirismo y odio en que vivió”; citado en “Comentarios” no órgano riestrista redondelán *La Idea* (9-VII-1916). O gobernador civil da Coruña fai un diagnóstico similar para a súa provincia once anos despois: “Los Sindicatos Agrícolas son casi una ficción, su actuación era antes política, y ahora es nula”; *Memoria anual del Estado de la Provincia y de la Administración correspondiente a 1927*, Arquivo Histórico Nacional, Fondo Presidencia do Goberno, caixa 406.

27. No caso das sociedades de galegos emigrados influirían outros factores como a conxuntura económica dos países de acollida ou as variacións en cantidade e características dos emigrantes. A gráfica presentada por Núñez (1998: 164) permite constata-las disparidades cos períodos de auxe e estancamento do agrarismo en Galicia, de xeito que no período republicano son escasas as sociedades constituídas en América (cando en Galicia son moi numerosas as agrarias aparecidas, en particular no primeiro bienio) e tampouco existe o “pico” localizado no *trienio bolxevique* que si se dá en Galicia en 1918-1921.

clasificación dos recursos elaborada por Jesús Casquette²⁸. Este autor emprega as variables material/inmaterial e medible/non medible, do que resultan tres categorías (recursos materiais non medibles sería unha contradicción nos termos), ás que hai que engadir-lles os recursos humanos:

A) *Recursos materiais medibles*

Serían o financiamento e a infraestrutura física: a rotativa para o órgano de prensa dunha sociedade ou federación, a sede social, maquinaria de uso colectivo, etc. As contribucións chegadas dende América marcaban frecuentemente a diferenza entre unha sociedade ben arraigada que lles ofrecese contrapartidas prácticas ós seus socios e outra que arrastrase unha existencia precaria e privada de servicios cooperativos, non sendo quizais a organización dunha mutua gandeira por rateo dado que non requiría de investimento inicial²⁹. Un apoio indirecto viña en forma de subscricións ós órganos de prensa da sociedade ou federación agraria en cuestión; como testemuña o feito de iren especificados na portada os prezos destas para Galicia, resto de España e América.

A materialización con máis éxito do apoio material procedente de máis alá do Atlántico estaba constituída, sen dúbida ningunha, pola dotación por parte da Sociedade ou Federación dunha sede social propia que permitía deixar atrás solucións provisionais como o domicilio particular dalgún dos directivos, a casa-escola do mestre ou algunha dependencia da igrexa parroquial segundo os casos. A construción dun local, a base tamén de prestacións de traballo voluntarias dos socios e de contribucións monetarias destes, simbolizaba a solidez da organización, servía de sede dos servicios cooperativos e culturais e ofrecíalle ó colectivo un marco de sociabilidade alternativo á igrexa e a taberna. Como afirmaba en 1915 o presidente de honra da Sociedade de Agricultores de Tremoedo e Oubiña, “el mejor jalón que puede colocarse en pro de la causa agraria es tener una casa social, la que deben cuidar y mantener

28. Casquette (1998: 180). Este autor define os recursos como “todos aquellos elementos bajo (relativo) control de los movimientos y que hacen posible el tránsito desde un colectivo amorfo de individuos a un colectivo organizado para intervenir en el cambio social”.

29. Se tomamos como exemplo a *Sociedad de Agricultores de las Tres Parroquias de Dodro*, con existencia continuada entre 1912 e 1936, é o apoio da sociedade de instrucción deste concello en Bos Aires o que explica o seu dinamismo e implantación (móvese por riba dos trescentos socios) neste concello contiguo ó de Padrón. Dos fondos cos que conta ó rematar 1913, o 76% proceden de donativos dende Arxentina, o mesmo que, como mínimo, un tercio dos ingresos anuais durante toda a súa existencia, o que fixo posible a fundación dunha escola e o sostemento dunha mutua gandeira que incluía os servicios dun veterinario e vacinacións regulares das reses; Arquivo Histórico do Reino de Galicia, marzo, 1817.

como el propio hogar, porque ese es el hogar de todos”³⁰. Un dos edificios máis emblemáticos neste sentido vai se-lo sufragado pola *Unión Progresista de Salvatierra* en Bos Aires, que servía de sede á Sociedade de Oficios Varios, á Federación Agraria Municipal e ós seus servicios cooperativos, e que sería confiscada despois do golpe de Estado de 1936³¹.

B) Recursos inmateriais e medibles

Referiríanse ó tempo e á adicación posta ó servicio dun movemento polos seus activistas, e mais ó grao de organización. Este último pode medirse, *grosso modo*, en función do nivel de burocratización, profesionalización e centralización dun movemento. Neste apartado resulta difícil precisar cal podía se-la achega das asociacións de emigrados, máis alá dos seus esforzos por contar cun interlocutor único evitando duplicidades e escisións.

C) Recursos inmateriais non medibles

Serían o conxunto de imaxes, símbolos, mensaxes, etc. que contribúen a dota-los participantes nun movemento social dunha percepción compartida de si mesmos (*identidade colectiva*) e dos seus antagonistas, facilitando a integración e combatendo as tendencias centrífugas³². Aínda que cos matices inherentes ás diversas posicións de partida, encaixarían neste apartado a exaltación do traballo agrícola como modo de vida (e non como simple oficio), a carga simbólica que asumen no plano discursivo uns trebellos útiles no traballo cotián pero que tamén encerran o potencial para a revolta (ese “¡hoz, celta hoz, enseña a tus verdugos el brillo de tus tragedias!” de Basilio Álvarez), o emprego de terminoloxía relixiosa na caracterización da realidade na procura dunha simboloxía coa que estivese familiarizado o auditorio rural, etc.

No discurso agrarista pódense localizar, na nosa opinión, unha serie de mitos lexitimadores ó longo do período en que o agrarismo ten vixencia histórica, aínda que se vaian reformulando en función da conxuntura e dos condicionamentos ideolóxicos de cada caso. Como “marcos de acción

30. *Galicia Nueva* (4-I-1915). Fundada en 1913 e con existencia continuada ata a II República, esta sociedade agrupaba unha parroquia de Vilagarcía e outra de Cambados.

31. Sendo valorado o edificio en 60.000 ptas. pola Comisión de Incautación; *Archivo General de la Administración*, Fondo Xustiza, caixa 904.

32. O italiano Alberto Melucci (1989) é un dos autores que máis profundamente estudiou estes aspectos, aínda que aplicándoos maiormente ós *novos movementos sociais* xurdidos das transformacións da segunda posguerra mundial.

colectiva” desenvolven un papel fundamental posto que poden ser empregados ante a súa base popular para denunciar inxustizas (foro, consumos, caciquismo), achegar alternativas (como superalas e por que substituílas) e identifica-los responsables da situación contra a que se loita e polo tanto adversarios dese movemento. Algúns destes mitos lexitimadores son específicos para cada un dos subconxuntos dentro do universo agrarista:

- O do campesiñado como portador por excelencia da etnicidade nas sensibilidades máis achegadas ó galeguismo.
- O da solidariedade última co proletariado, á espera unicamente de ser posta de manifesto superando a falsa consciencia inducida pola pequena propiedade, nas máis próximas ó movemento obreiro.
- No social-catolicismo, o ruralismo en que se identifica a Galicia rural co mantemento das tradicións e o exercicio dunha fe sinxela, sincera e desprovista de artificios, todo isto cunha orientación predominantemente defensiva fronte a esferas exteriores (o mundo urbano, o laicismo, o propio efecto corruptor das actitudes de certos retornados...)³³.

Outros destes mitos atopan pola contra unha presenza moito máis constante e unha aceptación máis xeneralizada; nos dous últimos en concreto, na súa elaboración e difusión desempeñaron un papel fundamental as asociacións e en particular a prensa galega nas repúblicas americanas:

- O antecedente mítico dos Irmandiños, adoito invocado para contrarresta-la visión do campesiñado como colectivo abúlico incapaz de organizarse e actuar na defensa dos seus intereses.
- Unha reivindicación neofisiocrática do campesiñado e da agricultura como soportes últimos da verdadeira economía, a realmente productiva e da que dependía o conxunto das actividades humanas, premisa para denuncia-la desproporción existente co seu peso efectivo na esfera social e política.
- O mito antiforal, endemoñando esta modalidade de cesión da terra, cando o flanco feble do foro radicaba no seu carácter anacrónico e na inexistencia de contraprestacións efectivas de ningunha clase por parte dos perceptores, e non tanto na súa incidencia real nas economías campesiñas. Para o primeiro tercio do século, a condición dos foreiros galegos en canto á seguridade no acceso á terra e contía das rendas resistiría airosa a comparación con calquera outro contrato agrario contemporáneo en Europa. Os sucesos de Sobredo

33. Para o primeiro dos casos citados, un achegamento específico recente en Prada e Soutelo (1997). En Cabo (1999) tentamos analiza-lo posicionamento das diversas forzas políticas galegas cara á *cuestión agraria* amplamente entendida durante o primeiro tercio do século XX.

(Guillarei, Tui) en novembro de 1922 e a intensa campaña de protesta que orixinaron a ámbolos dous lados do Atlántico constitúen o punto álxido de axitación contra o foro.

- O mito da educación, de inequívoca raizame rexeneracionista, que dunha banda encaixaría no discurso como solución a longo prazo de numerosas eivas estruturais, mais doutra tamén podía conxugarse en clave de denuncia contra dos sustentadores do *status quo* por permitiren unha situación tan lamentable.
- A propia emigración, que é susceptible de desempeñar múltiples funcións:
 - Testemuña de cargo contra do conxunto do sistema restauracionista, xa que nos medios agraristas remitíase a súa causa ó caciquismo e á corrupción inherentes a este, sendo minoritarias as explicacións de tipo económico.
 - Creba-los tópicos sobre a idiosincrasia galega e os vicios de carácter que os organizadores das sociedades agrarias debían superar: individualismo, egoísmo, pragmatismo exacerbado... Os supostos éxitos dos galegos transplantados fóra do seu medio orixinario demostrarían que se trataba de factores continxentes e polo tanto modificables.
 - Actuar como reserva de cidadanía, tamén remitindo ó Rexeneracionismo, unha vez que os emigrados tomasen consciencia das causas que os empuxaran a abandona-la terra e poñendo tódolos medios da súa man para rematar co sistema en que se orixinaran. Como se afirmaba en *El Ratón* (Vilalba, próximo ó maurismo) en 1913:

Los emigrantes fundan escuelas, sociedades, mandan a Galicia inmensos caudales, no hay en la región obra de utilidad pública y de origen extra-oficial que no fuese echa [sic] por ellos; no hay pueblo que no les deba algún beneficio. Por eso acaso, y muy probablemente, ellos siguiendo el actual estado de cosas, sean los que organicen agrariamente Galicia, los que la regeneren con sus riquezas y trabajos y, sobre todo, el emigrante se crea un carácter independiente y más amor a su patria, siendo ellos por lo mismo los llamados a cambiar el vergonzoso régimen de nepotismo y arbitrariedad que hoy nos rige³⁴.

34. *El Ratón*, n.º 27 (VII-1913). Pola mesma época, un dos líderes de *Acción Gallega*, Joaquín Núñez de Couto, distinguía na emigración unha dobre natureza como mal económico e ben cultural, posto que habería rematar co caciquismo; *La Causa*, n.º 9 (I-V-1913).

- Nesta mesma liña, esperanza nos recursos materiais que os paisanos organizados en ultramar puidesen achegarlles ás sociedades agrarias no lugar de orixe, recursos esóxenos para a acción colectiva como os citados con anterioridade.

D) Recursos humanos

O carácter familiar da afiliación nas agrarias e o mantemento das redes sociais e familiares nos lugares de orixe facilitaban que a emigración non fanase en exceso o recrutamento de afiliados. Así, os regulamentos adoitaban incluír cláusulas como a seguinte:

Las familias de los que en Buenos Aires pertenezcan a la Sociedad gozarán de los beneficios que disfruten las de los socios de esta, siempre que entre las mismas no haya ningún varón mayor de edad; mas tan pronto como aquellos regresen a España se les considerará para todos los efectos como los de aquí. Para dar cumplimiento a lo anteriormente expuesto la asociación de América debe remitir anualmente lista de los socios que pertenezcan a la misma³⁵.

Insistiremos, nembargantes, no peso que a experiencia migratoria, coa confrontación coa realidade sindical, política e cultural das urbes latinoamericanas que podía implicar, tivo na conformación de novas categorías de liderado na Galicia do primeiro tercio do século XX. Como punto de partida proporemos unha taxonomía do novo tipo de liderado que se estaba a consolidar en Galicia a partir das transformacións sociopolíticas de comezos de século e moi especialmente da man do *boom* asociacionista.

Tradicionalmente, a política viña sendo ocupación exclusiva dunha elite propietaria que ía escalando posicións a partir, primeiro, da obtención dun título universitario (normalmente o de Dereito) e logo na Administración, contando coa rede de seguranza que lle supuña o control por parte da familia (política ou parental) á que pertencese dun distrito determinado, en troco sempre dunha fidelidade a toda proba. O *enfeudamento* e a constitución de verdadeiras *dinastías* en numerosos distritos supuñan a manifestación externa desta maneira de entende-lo poder e de escolma-los que debían ocuparse del. Os cambios na praxe política orixinados pola extensión do societarismo e o incremento relativo da mobilización do electorado motivan a aparición de categorías inéditas de líderes, o que indirectamente tamén constitúe un

35. Trátase dun parágrafo engadido ó regulamento da citada Sociedade Agraria das Tres Parroquias de Dodro; Arquivo Histórico do Reino de Galicia, 1917.

indicador do vigor destes movementos dende abaixo, que teñen capacidade para crea-los seus propios líderes cunha orixe –case sempre– e un estilo –sen excepción– diferentes dos das elites tradicionais.

Adaptando e ampliando a terminoloxía elaborada por D. Blackburn (1986: 164) para a Alemaña guillermina na súa análise do impacto dos movementos populistas (unha parte deles agrarios) e da consolidación dun “political mass market”, proporemos catro categorías. Por suposto, tampouco neste aspecto o novo substitúe por completo o vello, e ata a mesma Guerra Civil vanse manter líderes que fundamentan a súa influencia nos conductos tradicionais.

- a) A primeira figura sería a do que Blackburn denomina “tribuno popular”, en Alemaña característico dos movementos populistas de base agraria, que construían o seu ascendente a partir da súa posición como líderes a nivel local (alcaldes, xerentes de cooperativas) pero coa ambición e a capacidade de artellar eses intereses locais a maior escala. A súa lexitimidade segundo os seus seguidores emanaría desa propia condición de homes xurdidos dende abaixo e das súas raíces populares. No caso galego habería numerosos exemplos de homes que cimentan a súa carreira política na dirección de éxito dunha sociedade ou federación agraria e de aí dan o salto á política municipal ou galega. Un exemplo ben estudado sería o de “Pancho de Reádegos”, organizador de varias sociedades agrarias nos concellos de Vilamarín e Coles e que accede á alcaldía do primeiro como bugallalista en 1917³⁶.
- b) O segundo tipo considerado por Blackburn sería o do “maverick” (que podería ser traducido como “inconformista”), profesionais diversos que adoptan unha postura *anti-establishment* que reduce a distancia sociolóxica que os separa dos seus seguidores. Basilio Álvarez e o feixe de intelectuais novos (López Aydillo, Montero Mejuto, Lustres Rivas, Fernández Mato e Rodríguez Pavón) que no comezo das súas carreiras rodéano como coasiantes do Manifesto de Ourense de 1912, presentación en sociedade de *Acción Gallega*, encádranse á perfección nesta categoría. Practicantes dun xornalismo militante conscientemente ó servizo da súa causa, o seu *cursus honorum* informal principiaría cos artigos cun ton belicoso na prensa vencellada a algunha organización agraria, a participación en mitins electorais e se cadra a infrutuosa

36. Soutelo (1999: 210-13). Francisco Pérez, mellor coñecido polo seu alcume de “Pancho de Reádegos” emigrou con catorce anos a Cuba e retornou en 1909 como mestre dunha escola financiada polos emigrantes. Cimentou o seu ascendente dende o posto de secretario da Sociedade Agraria de Reádegos (Coles) e como representante das sociedades de emigrantes.

presentación como candidato nalgún proceso electoral. Ficaba labrada así unha sona e un prestixio –mesmo os fracasos reforzaban a auréola de loitador insubornable de causas perdidas– que servían de peaña para a posterior traxectoria profesional e política.

- c) Unha terceira figura sería a que poderíamos denomina-lo “notable adaptativo”, é dicir, personaxes insertos nalgún dos dous partidos da alternancia, mais que saben combina-los mecanismos de influencia política segundo costume con tácticas novidosas apropiadas do movemento agrarista. Leandro Pita Romero, impulsor da potente Federación Agraria de Ortigueira, ou Portela Valladares, promotor de sindicatos agrícolas (co curioso quincenal *O Tío Pepe* como voceiro) no seu feudo electoral da Fonsagrada, sérvennos para exemplificar esta categoría³⁷. A consolidación de formas de control máis *populares*, coma no caso dos mencionados, tiña, á parte dos lóxicos réditos electorais, a vantaxe de posibilitarlles unha maior marxe de manobra nos conflitos internos dentro dos seus partidos e o exercicio dunha liña autónoma fronte ós homes de prol provinciais (a Portela opuxéronlle sen éxito outro candidato liberal no seu feudo da Fonsagrada en máis dunha ocasión).
- d) A cuarta e última figura sería a do “axitador” ou “activista”, que se dá maiormente con posterioridade á I Guerra Mundial, cando o agrarismo galego é xa un fenómeno totalmente consolidado e os vencellos coa emigración americana están máis asentados. Serían figuras consagradas case con dedicación completa a tarefas organizativas e sostidas economicamente polas federacións agrarias máis potentes, ou ben por algunhas das organizacións dos galegos na emigración, complementadas con colaboracións en prensa. En termos actuais poderían ser denominados *liberados*, as súas visións políticas virían conformadas maioritariamente dende o anarquismo ou o socialismo e xeralmente contaban con experiencia no movemento obreiro urbano, do que transplantaban tácticas e técnicas á actividade agrarista. Manuel Martínez Pérez, o líder da *Unión Campesina*, sería un adiantado desta variante, á que se axustarían outros como os socialistas A. Martínez Castro, organizador agrario e publicista ponteareán, ou Manuel Mariño Méndez en Salvaterra³⁸. Os trazos comúns serían a experiencia migratoria e o grao de

37. Sobre estas dúas figuras, vid. respectivamente Rosende (1988) e Durán (ed., 1988).

38. Referencias ós citados en segundo e terceiro lugar en Hervés (1991) e Núñez (1998: 339) respectivamente. Sobre Martínez Pérez presentamos unha comunicación no VI Congreso Internacional de Estudos Galegos (A Habana, 2000), que será incluída nas correspondentes actas.

Os “americanos” e o movemento...

compromiso, con moitos maiores custos persoais e profesionais (exilios, multas, procesos xudiciais) ca no caso dos anteriores. Os *tribunos locais* usualmente non se deixaban levar demasiado lonxe por entusiasmos ideolóxicos, e, en beneficio propio e/ou das colectividades ás que representaban, estaban dispostos a pactar con quen tivese o poder, mentres os *inconformistas* en bastantes casos deixaban de selo ó ir entrando na madurez e integrándose no sistema, do que, malia tódalas súas proclamacións, non estaban tan afastados. No caso dos *axitadores*, só na curta etapa republicana atoparon algúns deles recoñecemento e acceso a cargos públicos, para sufrir, sen embargo, a persecución posterior ó 18 de xullo.

A experiencia migratoria era posible nos dous primeiros tipos, improbable no terceiro e indispensable nos “axitadores”. En combinación co movemento agrario, verdadeira incubadora da clase política galega que chega ás máis altas responsabilidades nos partidos e na Administración na II República, o asociacionismo na emigración contribúe á súa renovación non só cuantitativa senón tamén cualitativa. É un máis dos numerosos puntos de contacto entre asociacionismo no agro e na emigración que fomos tentando degrañar ó longo deste traballo.

BIBLIOGRAFÍA

- BERGER, S.: *Les paysans contre la politique*. Editions du Seuil, París, 1975.
- BLACKBOURN, D.: "The Politics of Demagogy in Imperial Germany". *Past and Present*. N.º 113, 1986, pp. 152-184.
- BRÜCKMULLER, E.: *Landwirtschaftliche Organisationen und gesellschaftliche Modernisierung*. Verlag Wolfgang Neugebauer, Salzburgo, 1977.
- CASTRO PÉREZ, F.: *Entre a tradición e a modernización. O agrarismo na terra de Celanova*. Trabajo de curso inédito, Facultade de Humanidades de Ourense, 1997.
- CASTROVIEJO, A.: *La cooperación en la agricultura (Manual de Economía social agraria)*. Escuelas Profesionales de Artes y Oficios, Sevilla, 1909.
- DURÁN, J.A.: *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*. Akal, Madrid, 1977.
- DURÁN, J.A. (ed.): *Portela Valladares. Memorias. Dentro del drama español*. Alianza, Madrid, 1988.
- FERNÁNDEZ, B. e GIRÓN, J.: "Aproximación al sindicalismo agrario en Asturias (1906-1923)". En GARCÍA DELGADO, J.L. (ed.): *VI Coloquio de Pau. La cuestión agraria en la España contemporánea*. Ed. Cuadernos para el Diálogo, Madrid, 1976, pp. 151-200.
- HERVES SAYAR, H.: *Agrarismo e societarismo campesiño no val do Tea, 1900-1936*. Memoria de licenciatura inédita, Departamento de Historia Contemporánea, USC, 1991.
- JENKINS, J.C.: "La teoría de la movilización de recursos y el estudio de los movimientos sociales". *Zona Abierta*. N.º 69, 1994, pp. 5-50.
- McADAM, D.; McCARTHY, J.D. e ZALD, M.N. (eds.): *Movimientos sociales: perspectivas comparadas*. Itsmo, Madrid, 1999.
- McCARTHY, J.D. e ZALD, M.N.: "Resource mobilization and social movements: a partial theory". *American Journal of Sociology*. N.º 82, 6, 1976, pp. 1212-1241.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A.: *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*. Deputación Provincial, Pontevedra, 1989.
- MAYAUD, J.-L.: "Pratiques communautaires, associations agricoles et syndicalisme dans la France du XIX et du début du XX siècle". En Barrul et al. (eds.): *Solidaritats pageses, sindicalisme i cooperativisme*. Institut d'Estudis Ilerdencs, Lleida, 1998, pp. 731-746.

- MELUCCI, A.: *Nomads of the Present*. Temple University Press, Filadelfia, 1989.
- MOLLE, L.V.: *Chacun pour tous. Le Boerenbond belge, 1890-1990*. Presses Universitaires Leuven/ Boerenbond, Leuven, 1990.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: *Emigrantes, caciques e indianos*. Xerais, Vigo, 1998.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: “A parroquia de alén mar: Algunhas notas sobre o asociacionismo local galego en Bos Aires (1904-1936)”. En Cagiao Vila, P. (ed.): *Galicia nos contextos históricos*. Semata n.º 11, 1999a, pp. 345-379.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: “Révolutionnaires ou conformistes? Linfluence socio-politique de l’émigration américaine de retour en Galice, 1900-1936”. *Studi Emigrazione/Migration Studies*, XXXVI: 134, 1999b, pp. 283-308.
- OLSON, M.: *The Logic of Collective Action*. Harvard University Press, Cambridge, 1965.
- PEÑA SAAVEDRA, V.: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. 2 vols., Xunta de Galicia, Santiago, 1991.
- PRADA RODRÍGUEZ, J. e SOUTELO VÁZQUEZ, R.: “Los guías conscientes de una arcadia perdida: La representación nacionalista de la Galicia campesina, 1908-1931”. En Barrul et al. (eds.): *Solidaritats pageses, sindicalisme i cooperativisme*. Institut d’Estudis Ilerdencs, Lleida, 1997, pp. 657-680.
- ROSENDE FERNÁNDEZ, A.M.: *O agrarismo na comarca do Ortegal, 1893-1936*. Edicións do Castro, Sada, 1988.
- SCOTT, J.: *Weapons of the Weak. Everyday Forms of Peasant Resistance*. Yale University Press, New Haven, 1985.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R.: *Os intelectuais do agrarismo*. Universidade de Vigo, 1999.
- TAYLOR, M.: “Racionalidad y acción colectiva revolucionaria”. *Zona Abierta*, n.º 54-55, 1990, pp. 69-113.
- VILLARES PAZ, R.: *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*. Siglo XXI, Madrid, 1982.
- VILLARES PAZ, R. e FERNÁNDEZ, M.: *Historia da emigración galega a América*. Xunta de Galicia, Santiago, 1996.

Resumo

OS “AMERICANOS” E O MOVEMENTO AGRARISTA (1900-1936)

Miguel Cabo Villaverde

O obxecto deste relatorio é a análise da complexa interacción entre o societarismo agrario e o dos galegos na emigración no primeiro tercio do século XX. Así mesmo, tenta aplica-la ferramenta metodolóxica proporcionada polos teóricos da acción colectiva partindo da consideración do agrarismo como principal movemento social da Galicia da época. En consecuencia, a influencia das sociedades galegas en América será analizada mediante conceptos como a captación de recursos para a acción colectiva, a evolución nos repertorios de acción, a consolidación de novas modalidades de organización e liderado, a estrutura de oportunidades políticas, etc.

Palabras clave:

Emigración, agrarismo, sociedades galegas, acción colectiva.

Resumen

LOS “AMERICANOS” Y EL MOVIMIENTO AGRARISTA (1900-1936)

Miguel Cabo Villaverde

El objetivo de esta ponencia será el análisis de la compleja interacción entre el societarismo agrario y el de los gallegos en la emigración durante el primer tercio del siglo XX. Así mismo, se intentará aplicar el utillaje metodológico proporcionado por los teóricos de la acción colectiva, partiendo de la consideración del agrarismo como principal movimiento social de la Galicia de la época. En consecuencia, la influencia de las sociedades gallegas en América será analizada mediante conceptos como la captación de recursos para la acción colectiva, la evolución en los repertorios de acción, la consolidación de nuevas modalidades de organización y liderazgo, la estructura de oportunidades políticas, etc.

Palabras clave:

Emigración, agrarismo, sociedades gallegas, acción colectiva.

Résumé

LES AMÉRICAINS ET LE MOUVEMENT AGRARISTE (1900-1936)

Miguel Cabo Villaverde

Ce rapport a pour objectif d'analyser la complexe interaction entre le sociétarisme agraire et celui des Galiciens dans l'émigration au cours du premier tiers du XXe siècle. On tente aussi d'appliquer l'outil méthodologique fourni par les théoriciens de l'action collective, en prenant pour base de travail l'agrarisme en tant que principal mouvement social de la Galice de l'époque. En conséquence, l'influence des sociétés galiciennes en Amérique sera analysée par le biais de concepts tels que la captation de ressources en vue de l'action collective, l'évolution des répertoires d'action, la consolidation de nouvelles modalités d'organisation et de leadership, la structure d'opportunités politiques, etc.

Mots clé:

Émigration, agrarisme, sociétés galiciennes, action collective.

Os “americanos” e o movemento...

Summary

THE “AMERICANOS” AND THE AGRARIAN MOVEMENT (1900-1936)

Miguel Cabo Villaverde

The objective of this presentation will be the analysis of the complex interaction between the agrarian association movement and the association movement of the Galicians in emigration during the first part of the 20th century. At the same time it will attempt to apply the methodological tools provided by theoreticians on collective action, starting from the consideration that agrarianism was the most important social movement in the Galicia of the period. Consequently, the influence of Galician associations in America will be analysed using concepts such as fund raising for group action, the development of repertoires of action, consolidation of new forms of organisation and leadership, structure of political opportunities, etc.

Keywords:

Emigration, agrarianism, Galician associations, collective action.

Curriculo

MIGUEL CABO VILLAVARDE. Licenciado e Doutor en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Estadias de investigación nas Universidades de Bologna (Italia) e Bielefeld (RFA). Autor de diversos artigos e comunicacións en congresos sobre temas de historia social de Galicia na primeira metade do século XX, e do libro *O agrarismo* (1998, Vigo, A Nosa Terra). Actualmente é profesor asociado no Departamento de Historia Contemporánea e de América da Universidade de Santiago de Compostela.

RETORNADOS E CAMBIO SOCIAL NO NOROESTE OURENSÁN: 1900-1936

Raúl Soutelo Vázquez

Deixei a escola con 10 anos e collín o arado... Marchei a Cuba en 1917 pra redimir unha renta de 4 ferrados pola que pagamos 40 pesos... Alí aprendín que tiñamos dereitos... Volvín no 1920 e xa había sociedades agrarias pra redimir as rentas... A Cuba voltei dúas veces máis... Víñenme no 1930, ingresei no Partido Republicano e fixemos a federación republicano-socialista de Amoeiro¹.

INTRODUCCIÓN

A historiografía recente superou as visións “pesimistas” das migracións campesiñas como unha reacción inconsciente ante circunstancias de cambios globais, que lles ofrecen mellores condicións económicas, sociais e políticas nos países novos. Estas interprétanse agora coma unha vía de mobilidade económica e social ascendente que asumen racionalmente as familias labregas como outra estratexia de pluriactividade para garanti-la súa reprodución social, buscando recursos alternativos en escenarios sociais que transcenden os límites do sistema económico, social e cultural ó que pertencen (Douglass, 1994: 13-15). O proceso migratorio contemporáneo explícase así como un conxunto de desprazamentos internacionais de capital humano para redistribuír eficazmente os factores de produción no mundo capitalista (Sánchez Alonso, 1995: 48) e como un mecanismo de seguridade xerado polas propias sociedades campesiñas para limita-lo consumo e a fecundidade familiar, maximizando a capacidade de traballo dos membros do grupo doméstico segundo o seu xénero e idade (Domínguez Martín, 1996: 102).

A *corrente emigratoria da sociedade industrial* empurrou a máis de vinte millóns de europeos a cruza-lo Atlántico, principalmente dende as décadas finais do s. XIX ata 1914. Instaláronse preferentemente en Estados Unidos pero tamén nas repúblicas latinoamericanas de Arxentina, Cuba, Brasil e

1. Extraído da memoria de vida de Agustín Rivera Suárez de Trasalba (Amoeiro, Ourense). Tódolos documentos orais que citamos neste traballo están depositados no Arquivo Oral do Museo Etnolóxico de Ribadavia.

máis tarde en Venezuela, que foron os principais destinos para aqueles galegos que decidiron “colle-la maleta”, procura-la vida fóra da nosa terra e deixar aquí a súa familia e os seus espacios sociais de vida. A vocación migratoria dos españois foi inferior á doutros países europeos como Gran Bretaña, Italia, Noruega ou Portugal, pero afectoulles dun xeito preferente ás rexións periféricas, que tiñan mellor acceso á información e ós medios de transporte e que contaban, ademais, cos recursos materiais e relacionais das súas explotacións domésticas para financiaren a aventura migratoria. A difusión da navegación de vapor, o ferrocarril e a pequena propiedade familiar facilitaron a emigración pero tamén o retorno, que sempre foi maior nas rexións mediterráneas de pequena propiedade como o Piemonte ou Galicia, fronte a outras como Calabria ou Andalucía, en que predominaban os braceiros do latifundio que arraigaban definitivamente nas novas patrias de adopción porque a perspectiva do retorno non resultaba tan atractiva para eles (Eiras Roel, 1998: 73).

Galicia pertence a unha macrorrexión migratoria ibérica que presenta fortes variantes microrrexionais, pero que está fundamente condicionada polo transvasamento masivo, dende o derradeiro cuarto do século XIX, de milleiros de “motores de sangue” dende as pequenas explotacións familiares de policultivo intensivo ás podentes sociedades latinoamericanas (Vázquez, 1996: 140). A emigración temporal co ideal de retorno constituía unha “industria dos pobres” que estaba perfectamente integrada no *ethos* cultural do campesiñado minifundista de Galicia, o norte de Portugal (Brettel, 1991; Brandao, 1994), Asturias (Anes Álvarez, 1998) ou Cantabria (Domínguez Martín, 1993 e 1996). A emigración de retorno converteuse así na última estratexia familiar de reprodución social que posúe unha multicausalidade dificilmente esquematizable nos famosos *push-pull factors* (diferencial salarial e de ingresos, fame de terras e capacidade de enbedamento da pequena propiedade campesiña, fuxida do servizo militar, difusión da información e abaratamento paralelo dos transportes, ambición alimentada pola emulación e o efecto demostración dos retornados, oferta laboral e protectora das redes sociais primarias...) e unha complexa morfoloxía a nivel estatal, rexional e ata local (Moya, 1998).

Dispomos xa de estudos macroestatísticos que nos achegan ás dimensións cuantitativas do éxodo laboral galego a Latinoamérica (Rodríguez Galdo, 1993 e 1995; Sánchez Alonso, 1995; Vázquez, 1992), a súa influencia na modernización demográfica, económica e social do vello complexo agrario galego (Rodríguez Galdo, 1995: 10; 1996: 367-368) e no enriquecemento tanto dos sectores mesocráticos das cidades portuarias, como dos representantes de banca e axencias de embarque que se espallaron polas vilas do interior (Villares, 1984 e 1996). Coñecemos tamén a importante actuación

das sociedades de instrucción que fundaron e patrocinaron varios centos de escolas e outras obras públicas (Peña Saavedra, 1991 e 1995) e o protagonismo sociopolítico dos *americanos* retornados que dirixiron as organizacións campesiñas das súas parroquias de orixe, competindo coas vellas elites ou integrándose nelas para acadaren o poder local (Núñez Seixas, 1998a, 1998b e 1999).

A mobilidade laboral cara a América afectou dun xeito desigual a tódalas bisbarras do país dende a costa ata o interior. Na provincia de Ourense o éxodo migratorio foi máis forte nas comarcas que dispuñan de máis información e facilidades de transporte para desprazárense ó outro lado do mar, como demostra o estudio dos saldos migratorios por partidos xudiciais que ofrecemos no cadro que segue. A nosa pescuda céntrase na comarca vitivinícola do Ribeiro e nas chairas de policultivo do noroeste de Ourense, dúas bisbarras nidamente diferenciadas entre si a nivel agrocolóxico e económico, pero que presentan a característica común de contaren cunhas altas taxas migratorias a Cuba e Arxentina. Isto traducíuse tamén no desenvolvemento dun podente asociacionismo étnico e na abondosa presenza de emigrantes retornados nas organizacións agrarias de forte tendencia anticaciquil e antiforal que agromaron nos escenarios sociais de saída.

Cadro 1
Saldo migratorio dos partidos xudiciais: Ourense, 1860-1930

PARTIDO XUDICIAL	PERÍODO: 1860-1910	PERÍODO: 1900-1930
O Carballiño	10.159	11.681
Celanova	11.123	8.566
Ourense	5.253	8.229
Ribadavia	2.250	6.446

Fonte: elaboración propia a partir de R. Villares e M. Fernández (1996: 106-107).

Os concellos de Amoeiro, Vilamarín e A Peroxa, situados no noroeste da provincia de Ourense, son terras de penechaira e bocarribeira, que Otero Pedraio caracterizou como “os Chaos”, nas que había unha forte tradición de pluriactividade diferenciada por sexo e idade para complementa-los ingresos das pequenas explotacións domésticas. Así, as mulleres ían vende-lo leite e os produtos frescos da hora (o célebre “rianxo”) na cidade, mentres que os homes marchaban traballar nos oficios da construción urbana (carpinteiros, albaneis e canteiros que levaron o socialismo ás sociedades agrarias das súas parroquias de orixe) ou emigraban temporalmente a América. Todos eles

Retornados e cambio...

collían o tren na estación de Barra de Miño, de xeito que o ferrocarril Monforte-Ourense-Vigo acabou converténdose no mellor camiño que tiñan os mozos da Peroxa e Coles para “ir face-las Américas” cos seus parentes e veciños emigrados alén mar. O cadro que segue revela as fortes taxas migratorias da zona que nos ocupa:

Cadro 2
Evolución demográfica da área noroccidental de Ourense

CONCELLO	1910	1920	1922*			1930	1932*			1940
			F	D	A:%		F	D	A;%	
AMOEIRO	4602	4035	4602	5255	653:12,42	4580	4035	4703	668:14,2	4720
COLES	5141	4978	5141	5728	587:10,24	4954	4795	5618	823:14,64	4978
A PEROXA	6531	6510	6531	7278	747:10,26	7416	7891	8665	774:8,93	6461
VILAMARÍN	4165	4021	4165	4726	561:11,87	3544	4165	4726	561:11,8	4040

FONTE: elaboración propia a partir de Beiras e López (1999: 307 e ss.) e do Anuario Bailly Baillieri e Riera Reunidos (*). LENDA: F(eito), D(ereito), A(usente): % (en porcentaxes).

Os principais factores de expulsión, no caso do Ribeiro, foron o sistema de herdanza igualitario, que provocou a microparcelación da propiedade, e a pegada das sucesivas crises fitopatolóxicas (mildeu, oídio e fundamentalmente filoxera, dende as primeiras décadas do século XX), que obrigou a realizar fortes investimentos na mellora dos viñedos, o que fixo inviable a reprodución social das familias labregas con propiedades insuficientes. Acelerouse así a diferenciación interna da sociedade rural ribeirá, reforzando a preeminencia socioeconómica dos grandes propietarios con capacidade para ofrecerlles préstamos e xornais ós seus veciños e para arriscarse experimentando cos novos métodos de cultivo (Domínguez Castro, 1995b e 1996)².

Os pequenos viticultores ribeiras reaccionaron tentando adaptarse ós novos escenarios económicos de ámbito máis global: proletarizáronse a tempo parcial como xornaleiros nas grandes propiedades da zona, criaron gando vacún e porcino en réxime de parcería, recorreron á pluriactividade estacional para complementa-los ingresos domésticos, exercendo unha variada gama de oficios vencellados coa comercialización do viño (toneleiros, cesteiros, poteiros, carreteiros...) ou coa venda ambulante doutros produtos

2. Estes fortes investimentos coincidiron no tempo coa perda de varias colleitas e coa terrible gripe de 1919, que afectou a máis de 600 persoas só no concello de Arnoia (*La Región*, 26-X-1918), o que empurrou a centos de viticultores ribeiras ás cidades de América (Eiján, 1920: 639).

(sardiñas, sulfato e café de *estraperlo* durante a posguerra...); e apostaron finalmente pola inserción laboral dos membros máis novos da casa nos mercados de traballo de Latinoamérica ata a crise de 1929 e nos de Europa occidental dende os anos cincuenta.

Empregaremos neste traballo os *documentos persoais* xerados polos protagonistas do fenómeno migratorio, que reflicten a propia natureza “micro” deste proceso, remitíndonos ás experiencias vividas de modo individual ou familiar por millóns de homes e mulleres, que se converteron involuntariamente en obxecto de estudio cando deixaron os seus escenarios sociais de orixe para faceren fortuna nas sociedades urbanas da periferia latinoamericana³. As autobiografías orais e a correspondencia familiar ofrécennos unha perspectiva cualitativa, individual e familiar da importancia real que tiveron as *cadeas migratorias* conxugadas cos factores de expulsión e atracción⁴, pero tamén sobre a complexa inserción sociolaboral e cultural no país de destino e sobre o papel desempeñado polos emigrantes retornados na mobilización sociopolítica das sociedades de partida.

As cartas dos emigrantes son un documento vivo, creado polos propios emigrantes e riquísimo no seu contido, que informa sobre as relacións internas e as estratexias reproductivas do grupo doméstico do emigrado (formas de vida, causas da emigración e investimento das remesas económicas). Diversos autores teñen apuntado que esta documentación epistolar idealiza a realidade sociolaboral do inmigrante para tranquiliza-las súas familias (Sanz González, 1989: 116-117; Caglio Vila, 1997: 54; Moya: 1998). Nembargante, os epistolarios de que dispomos reflicten a crueza da viaxe e da integración sociolaboral dos emigrantes nos países de alén mar⁵. Tomemos, por exemplo,

3. Incluímos na categoría de “documentos persoais” as gravacións de narracións autobiográficas, as vellas fotografías familiares e, sobre todo, as cartas cruzadas entre os membros do grupo doméstico afastados polo mar, seguindo a tipificación proposta por J. Arósteguí (1995: 340-349, 375 e ss.).

4. As cadeas migratorias son un factor microsocioal central en todo proceso migratorio dado que fornecen información, financiamento, inserción laboral e social e perspectivas de reagrupamento familiar na sociedade de destino, aumentando a tendencia á emigración a longo prazo ou definitiva como obxectivo buscado ou como consecuencia inducida da integración sociolaboral no escenario de acollida.

5. As cartas enviadas por Cayetano Borrajo ó seu pai Francisco, labrador acomodado do Reguengo (Amoeiro, Ourense), non agachaban a realidade: “Ayer llegamos a La Habana y tuvimos que ir a Tricornias en la cual estuvimos dos días y los guardias ni siquiera nos dejaban ir al excusado vestidos que teníamos que ir desnudos y descalzos... Nos bañábamos todos los días con agua del mar...” (A Habana 21-7-1908); “Si no fuera por el servicio y si mis papeles estuvieran al corriente abandonaba todo el negocio y nos poníamos en camino para esa. Papá si Vd. viera que tristeza es estar tan lejos de ellos y no poder siquiera ir a verlos... Si los negocios están mejor que aquí y el clima me sienta bien vendo las carnicerías y nos vamos para Cuba”

o caso de Manuel Requejo, emigrado dende Sabariz de Amoeiro a comezos do ano 1920, que non idealizaba a súa situación de recentemente chegado a Bos Aires nas cartas que lle remitía ó seu irmán Perfecto. Esta correspondencia indícanos as causas da súa partida, como lles ía mudando a percepción que tiñan da realidade ou o progresivo desinterese dos emigrados pola marcha da explotación familiar cando se ían integrando no mundo laboral das sociedades de destino e optaban por vende-los capitais que herdaran para consolidar as súas estratexias de vida no novo mundo⁶.

Outra carta do noso emigrado, na que lle relata á súa irmá un encontro con outro veciño tamén emigrado alá, descóbrenos que a fuxida dun matrimonio forzado cunha noiva que ficara embarazada podía converterse nun poderoso factor de expulsión no que os historiadores a penas reparamos, aínda que se rexistra nas fontes literarias e na memoria popular como unha situación cotiá que tiña o seu correlativo na marcha da moza para lava-la “vergoña” da súa familia (Cagiao Vila, 1997: 69)⁷. E seguen aparecendo máis casos en que semella que a vontade para cruza-lo Atlántico estaba

(Carnicería y Tocinería La Orensana, México, 22-11-1913); “Este año pienso pasarme con Vd. la fiesta de los Remedios... Desde ahora le digo que *no llevamos dinero alguno*... No estoy en condiciones de gastarme un céntimo que lo necesito para la marcha de mi negocio” (Gran Fábrica de Tabacos el Batey, A Habana, 1-4-1930); a cursiva é nosa.

6. Pedíalle na primeira carta (26-6-1923): “me mandarás decir como te handan las cosechas y si bendiste algo del ganado que te quedaba y como te arreglaste con la seitura si alugache. Yo todabia no trabago asta lo de ahora tanpoco busque pero me dicen que ai muy poco trabago que es muy difícil de encontrar... Por lo de ahora casi no puedo que he tenido que purgarme...”. E mantiña esta sinceridade noutra posterior (14-5-1929): “... como soy nuevo en el oficio [de carboeiro] tengo poca benta y se gana poco... Del catarro cure perfectamente bien bamos aber ahora que estamos en el invierno y mas ahora que tengo que andar en la calle... en un mes y medio que no pude trabajar perdi casi toda la clientela que tenia... me a costado mucho y aun oy no he podido recuperarla toda... me diras que tal le andan los negocios a los recién llegados que segun me he enterado llevan yntención de negociar mucho en hesa. Si bes que se ganara la vida por fin en hesa yo tambien me boy...”. Manuel Requejo Babarro nacera en Sabariz (Amoeiro) o 27 de outubro de 1890; seu pai estendeulle un permiso para que emigrase (24-9-1908) pero só nos consta que o fixo máis tarde por unha nota que enviou dende o vapor Ghota (24-6-1923), que o levou a Bos Aires. Agradecemoslle a Julia Requejo que nos dera a coñece-la correspondencia deste home co seu irmán, que ela rescatou na casa patrucial do seu avó Perfecto, así como os moitos cafés e amigables conversas que nos ten ofrecido.

7. Indica o mesmo outra carta en que Manuel lle relata á súa irmá o encontro con outro veciño emigrado tamén por motivos idénticos ós del: “Buenos Aires, octubre, 15 de 1923... no se mas que dego la Hodulia en cinta... y Manuel [a] la Margarita pues tu me dices que sólo ba quedando nuestro hermano y que se lo encargas. Esta bien pero megor diría que vos guardades bosotras las mugeres y la desgracia que teneis que no escarmentais unas en la cabeza de las otras que si una serbiera de hagemplo no estaba pasando lo que pasa. Yo te encargo y te repito que te mires a esos espejos y si te miras bien seras feliz”.

determinada pola elección entre a paternidade responsable ou a egoísta liberdade. O propio Manuel emigrara para ceibarse dun casorio imposto, pero a súa noiva seguiu coa filla de ámbolos dous e acabou casando con ela, esquecendo as resentidas loanzas que lle dedicaba ó xénero feminino nas cartas ó seu irmán. Como non podía ser menos, o noso vingativo Hyde transformábase nun protector Jekyll cando a muller que podía ser enganada era a súa irmá. As súas opinións sobre os roles femininos e as relacións de xénero superan a simple curiosidade na medida en que representan a mentalidade social imperante nos paisanos galegos daquela época.

AS DINÁMICAS DO PODER E OS NOVOS ACTORES LOCAIS NA GALICIA RURAL: A ACTUACIÓN SOCIOPOLÍTICA DOS EMIGRANTES RETORNADOS NO NOROESTE DE OURENSE

O sistema político creado en España ó longo do século XIX e ata a dictadura franquista defínese pola febleza do Estado no referente á uniformación territorial, económico-social e institucional, e pola inexistencia dunha cultura política de tipo nacional, de xeito que a normalización do proxecto liberal español estivo subordinada á integración formal das dinámicas autónomas dos poderes locais tradicionais. No caso galego, a historiografía recente caeu, ás veces, nun excesivo optimismo á hora de analiza-la importancia dos cambios sociais e políticos que tiveron lugar no primeiro tercio do século XX, fundamentalmente o esforzo de autoorganización da sociedade civil a través do movemento agrario. Botábanse de falta pescudas que valoren no seu xusto punto a pegada social das organizacións campesiñas, analizando a súa actuación política e os límites na súa capacidade de desafío ó poder local, así como a febleza interna daquelas agrarias⁸. O tópico inducido da excepcionalidade do clientelismo político na España da Restauración ou mesmo as interpretacións épicas do movemento agrario en Galicia (Durán, 1982 e 1987) xa están superados gracias ós estudos en perspectiva comparada con outros escenarios europeos que realizaron Miguel Cabo (1998) ou X. R. Veiga (1997 e 1999).

8. Derivada dos diferentes incentivos e obxectivos que tiñan os labregos que integraban a masa de manobra das sociedades agrarias e os actores da cerna dirixente, o que explica pola súa vez, os pactos ós que chegaban estes coas elites da quenda dinástica para accederen ó poder local (Cabo Villaverde, 1998).

*Sobre caciques agrarios e retornados nunha
Galicia rural que estaba a mudar*

A sociedade galega da Restauración e da Segunda República posuía aínda unha marcada pegada rural, pero estaba experimentando tamén un proceso de relativa modernización económica e de mobilización sociopolítica que foron cortadas pola Guerra Civil e o primeiro franquismo. O agrarismo foi o movemento social máis importante da Galicia contemporánea, polo seu grao de institucionalización e espallamento no tecido social e pola capacidade que demostrou para mobilizar os sectores máis dinámicos do mundo rural galego, defendendo as aspiracións sociopolíticas e as necesidades económicas das explotacións familiares (compra colectiva de insumos, mutualismo gandeiro, divulgación de innovacións agronómicas en campos de experimentación, redención ou abolición foral, privatización do monte comunal, mercantilización para vender carne de vacún e man de obra ás cidades españolas e de alenmar). Pero as sociedades agrarias tamén contribuíron dun xeito decisivo á formación dunha cultura política que desafiaba abertamente as vellas elites locais cando esixían un repartimento equitativo dos odiados consumos, a protección dos recursos comunais, a construción de camiños, fontes e cemiterios de uso público ou organizaban mitins, boicots e actos de violencia instrumental contra rendeiros e caciques (Quintana, 1991; Hervés 1991 e 1993; Bernárdez e Cabo, 1997).

As investigacións máis recentes demostran que as dinámicas sociopolíticas da Galicia rural de anteguerra estiveron moi influídas pola acción individual e colectiva das organizacións agrarias parroquiais e municipais, polos intermediarios políticos locais e, igualmente, polas sociedades étnicas de emigrados e polos *indianos* e *americanos* retornados que contribuíron a modernizar as mentalidades e identidades colectivas. A súa actuación permítenos explicala competencia polo poder local, descubriendo as estratexias reproductivas dos diversos actores que tentaban optimizar a súa situación (central ou marxinal) e a densidade das súas relacións nas redes microsociais.

Os líderes agraristas locais eran case sempre *americanos* retornados da emigración ultramarina ou obreiros proletarizados nas cidades galegas. Ámbolos dous grupos comparten unha característica común cos *caciques* tradicionais: controlan determinadas organizacións (sociedades agrarias, partidos políticos) e dispoñen dun capital relacional que os sitúa nunha posición central nas redes microsociais que alimentan ou bloquean o funcionamento do clientelismo político (Cabo Villaverde, 1998; Núñez Seixas, 1999). Por iso, as sociedades agrarias pretendían actuar como representantes da comunidade rural ante os notables que exercían o poder

local. Desenvolven un amplo repertorio de formas de protesta que integraba as modernas formas de organización *proactivas* aprendidas polos seus líderes durante as estadias laborais nas cidades de alén mar, coas vellas tácticas de resistencia *reactiva* moi arraigadas na *economía moral* da sociedade rural tradicional, que ritualizaba certas formas e doses de *violencia* despregada en conflitos interparroquiais ou na competencia para acceder ós recursos comunais e ó poder local. A novidade radica en que o movemento agrarista institucionalizou o emprego da violencia con fins políticos, desenvolvendo un amplo repertorio de agresións e coaccións contra os rendeiros, caciques e veciños que non apoiaban a acción colectiva da agraria local.

O repertorio da resposta agraria ía dende a deslexitimación social do *free-rider*, retirándolle o saúdo ou excluíndoo do sistema de entreaxudas e lealdades comunitarias, ata a confrontación directa cos foreiros contrarios a redimi-las súas rendas, que eran boicoteados e sufrían a destrución de bens materiais (Velasco Souto, 1995; Hervés Sayar e outros, 1997). Os agrarios empregaban a [ameaza de] violencia como un recurso político para competir polo poder local cos representantes dos partidos dinásticos que exercían a coacción política dende o control dos instrumentos impositivos e represivos da administración (repartimento arbitrario dos consumos e ameaza co Xulgado e a Garda Civil). As calas que realizamos no noroeste de Ourense indican que as sociedades agrarias aplicaban estas tácticas de confrontación coas elites e os poderes locais dentro duns límites precisos que podían presentar como beneficiosos para toda a comunidade:

Na Peroxa había 13 sociedades agrarias, unha en cada parroquia. Fixéranas os emigrantes cando foi o boicot pola redención de rentas á Casa de Láncara. Alá polo ano de 1921 a xiada levou o fruto e pedíronlle que lles perdoara a renta aquel ano, como non o quixo facer declaráronlle o boicot... Ó maestro de Graíces, que era o apoderado da Casa de Láncara, queimáronlle o boi na casa, plantáronlle lume na herba e non lle deixaron sementar nada nin recoller o froito ós esquirols que traía de Vilarrubín⁹.

A experiencia laboral nas cidades galegas ou latinoamericanas foi a principal escola en que os futuros líderes agrarios aprenderon o uso instrumental da violencia con fins políticos. As organizacións campesiñas

9. Extraído da memoria de vida de Daniel F., labrego e agrarista que integrou o comité local do PSOE de Graíces (A Peroxa, Ourense). O remate do conflito ó que alude este último foi favorable ós agrarios segundo os observadores e a prensa coetáneos (Risco, 1927; *La Zarpa*, 7-IX-1921 e 2-X-1921).

Retornados e cambio...

desenvolveron ó seu favor e contra os indecisos ou opoñentes un amplo repertorio de agresións e coaccións que ameazaban as propiedades e os seus donos, coa pretensión de cohesionar a organización fortificando os obxectivos e identidades compartidos pola comunidade. Así o lembra Ramón Albitos, zapatero e agrarista das terras do Irixo:

Os de Parada eran xente [de] máis cultura e con máis preocupación social, porque emigraban, aprendían doutras nacións e volvían con ideas novas... No tempo de inverno, os homes saían traballar de canteiros pra Zamora, Sanabria e Castilla... Estes emigrantes e os canteiros que tamén eran labregos formaban o núcleo das sociedades agrarias e traían novas ideas que copiaban e acoplaban cada un á súa política... A primeira sociedade agraria que houbo estaba rexentada por un tal José de Gabián e polo seu irmán, que eran bos canteiros dunha familia acaudalada da aldea. Volveran da emigración a América con arados de ferro e empezaron a promover a agricultura con estas cousas modernas... Fundaron a Sociedade de Agricultores de Irixo e convenceron á xente de Nogueira e de Parada para que loitaran contra os consumos e non os pagaran porque os caciques que estaban no poder recargábanllos ós da agraria e cando protestaban mandaban á Garda Civil para protexer ó recadador ou ós que viñeran a embargarnos. Veu un piquete da Garda Civil que estivo varios días no pobo e, ó fin, casi todos se dobraron a pagar, pero os agrarios tiráronlles os muros ós caciques pondoos de espello dos grandes contra dos que había que loitar para mandar iles logo... Un que se chamaba Manuel de Mexide, que tamén viñera de América e tiña outro irmán chamado Claudio que era mestre, tamén andaba na política e despois fixéronse eles co concello de Irixo e o Manuel foi alcalde...

Os escenarios e actos de sociabilidade comunitaria, como as feiras, romarías e festas patronais, constituían a oportunidade ideal para fachendear ou tomar cumprido desquite fronte ós competidores doutra parroquia ou organización sociopolítica. A memoria dos coetáneos remítenos á constante presenza de *americanos* retornados nesas confrontacións:

O Constantino de Tras do Río, que volveira de Cuba, e uns fulanos que eran xornaleiros ou obreiros facían reunións cando era da República e a contraseña que tiñan ó salir era “¡Fuera marcos!” porque querían quitarlle os capitales ós ricos e botábanos das festas... Peleábanse mesmo nas festas polas mozas pero tamén era polo traballo ou pola política, porque había dous partidos e cando ganaban aqueles mandábanlle os consumos ós outros e cando ganaban os outros mandábanllo a estes e xa había lío... Había moita xente pobre e un tal Basilio de Meriz que voltara de América fixo unha sociedade agraria e meteulles na cabeza

que o comunismo lles iba quitar aquilo para repartirillo ós pobres e que había que golpear ós ricos¹⁰.

Anticlericalismo e filantropía dos emigrados e retornados

Os traballos pioneiros de Ramón Villares insinuaban xa a presenza dos *americanos* nas confrontacións anticaciquís e antiforais das agrarias locais que desafiaron abertamente as vellas elites e reclamaron o protagonismo dos nosos paisanos na construción sociopolítica da Galicia de antes da guerra (Villares, 1982b: 392) e na importancia que tiveron as remesas de diñeiro enviadas polos emigrantes para a modernización económica da agricultura galega (Villares, 1984). Os estudos posteriores de X. M. Núñez demostraron ese protagonismo dos emigrantes e retornados na fundación e orzamento de centos de escolas rurais e sociedades agrarias que xurdiron por todo o país gracias ó esforzo económico das sociedades étnicas dos galegos emigrados en Bos Aires e na Habana e ó activismo sociopolítico de *americanos* retornados como Francisco Pérez, Constantino Añel ou os irmáns Guzmán Santeiro en Vilamarín, Francisco Moure, Ramón Varela ou Constantino Gallego en Coles e a parentela dos Santos en Bóveda de Amoeiro, como lembraba Nicolás Santos:

Cos cartos dos emigrantes mercamos unha casa por 400 ptas. prá agraria... Éramos 80 socios, pagábamos un real ó mes e boicoteábamos ós esquiros nas mallas e nises traballos... Meu tío Modesto era o presidente, era xastre pero fora a Cuba no 1916 e volveu no 1919 con moitos libros... Daba mitins con ise maestro de Amoeiro que logo claudiaron e co Juan Antonio que volvera do Uruguay, era anarcosindicalista e traballaba de fontaneiro en Ourense... despois pasouse ós republicanos e paseáronlle á muller.

A experiencia directa como man de obra nas sociedades industriais de Latinoamérica e o feito constatado de que moitos emigrantes galegos

10. Memoria de vida de Bieito Iglesias de Vilarchao (Coles). Estas exhibicións máis ou menos violentas estaban ritualizadas na cultura popular e cumprían unha función social de sanción comunitaria contra aqueles que desafiaban as prácticas de sociabilidade establecidas, e ían dende a deslexitimación simbólica ata cuantiosos danos materiais como vemos nos exemplos que seguen: a Benemérita dissolve a culatazos unha *cencerrada* dos mozos de Berán dedicada a outro que non os convidara á súa voda (*La República*, 2-V-1931); os mozos de Melón tocan as campás ás dúas da madrugada e queiman varias medas de millo dos desaffectos á sociedade agraria (*La Región*, 28-X-1922); e os agrarios de Tintores (Verín) incendian unha palleira de Celedonio R. D. porque se negara a secunda-la folga de vendimadores declarada no val do Támega e tanxen as campás da igrexa para comunicárllelo ó resto dos veciños (*La Región*, 25-IX-1922).

accederan por primeira vez á cultura escrita a través das escolas nocturnas ou da simple lectura da prensa diaria nas sociedades étnicas ensinólle-la importancia de posuír unha mínima instrucción, que os capacitase para desempeñar tarefas laborais mellor pagadas e poder ascender a nivel económico e social. Isto explica os constantes desexos das sociedades microterritoriais para que os seus familiares e veciños recibisen un ensino técnico e o especial empeño filantrópico de moitos indianos enriquecidos que patrocinaron un modelo de educación instrumental que preparase axeitadamente os futuros emigrantes galegos para integrárense nas cadeas de produción capitalista (Peña Saavedra, 1991). Esta acción instructiva das sociedades de emigrados incrementaba poderosamente o capital simbólico dos seus promotores, tanto nas parroquias de orixe como entre o colectivo emigrado, segundo relata o propio Constantino Añel en calidade de presidente saínte da primeira directiva da Sociedade de Instrucción Alianza de Vilamarín na Habana (1912: 3-4, 7 e 8):

Dos años lleva fundada esta sociedad cuyos fines instructivos nos alientan a todos... destinada a fundar y sostener allá... escuelas con todas las condiciones y todos los adelantos que la ciencia pedagógica exige... Si queremos una patria redimida, si deseamos ciudadanos libres y conscientes, tenemos que empezar por diseminar la enseñanza en nuestros abandonados campos y entre las nuevas generaciones a fin de hacer a nuestros hermanos capaces de comprender sus derechos... Donde nuestros progenitores pagan todos los años crecidas sumas de contribuciones y trabucos, células, buldas, éstas dobles y de dos clases, papel sellado hasta para enterrar a los muertos e infinidad de impuestos más... Comisionamos al sr. Francisco Pérez... para llevar a cabo la fabricación de una casa que sirviera para centro social y además en ella... se diesen las clases que pudiésemos sostener... Le mandamos las cantidades recaudadas con ese objeto y la casa se construyó y en ella reciben el pan de la enseñanza cerca de 100 niños de ambos sexos de aquella parroquia... En marcha la Sociedad de Agricultores que allí se constituyó pensamos con una módica cuota reunir para pagar un maestro... pudimos reunir medio ciento de socios que satisfacen cincuenta centavos al mes con lo cual sostenemos el colegio.

Moito se leva escrito sobre o vehemente anticlericalismo dos retornados, que era correspondido polas prevencións das elites locais e da opinión pública “católica y de orden” diante daqueles homes que regresaban con perigosas ideas novas aprendidas nas cidades de alén mar (Núñez Seixas, 1998 e 1999). As incisivas críticas de Vicente Risco son quizais a mellor expresión desta corrente de opinión, que coincide en parte coa caracterización daqueles homes retornados que lembran os coetáneos:

América nos ha mandado la irreligión, el quebrantamiento de los lazos familiares, la falta de respeto, el trato cruel a los ancianos, la frecuencia del adulterio, las prácticas anticonceptivas y el aborto provocado, los placeres contra natura, los narcóticos y estupefacientes, la falta de pudor en las mujeres, la falta de escrúpulos en los negocios, el desprecio de la vida agrícola, la despoblación del campo.

... Esta xente que iba a Cuba, cando volvían, viñan cambiados. Eu tiven un irmau que marchou pralá e veuche medio trastornado, ríanse das mulleres e solo sabían falar das mulatas que viran alá... Hasta lle chamaban “corvo” ó cura...¹¹.

Nembargante, o anticlericalismo do que fachendeaban os retornados non tiña só a súa orixe en ideas de tipo filosófico ou político, senón tamén na constatación empírica da inutilidade do ensino relixioso cando tiñan que procurar traballo e sobrevivir nas sociedades individualistas e moi competitivas de alén mar. Esta experiencia sociolaboral actuou como unha forxa que explica a mudanza nos valores dos emigrados e a súa irreverencia diante dos cregos, ricos e caciques das vilas ás que agora retornaban:

11. Extraído da autobiografía oral de Generosa C. V. (Parada de Amoeiro, Ourense). Tomámola cita de Risco (1930) de Núñez Seixas (1992: 53). A correspondencia do párroco de Amoeiro co bispo de Ourense descóbrenos un caso curioso que ilustra a desconfianza imperante na sociedade rural galega daqueles anos fronte ós costumes disolutos das urbes americanas que tan doadamente contaxiaban polo visto ós nosos emigrados ó tempo que revela o interese na captación de esmolas dos retornados. O celoso cura explícalle ó bispo o problema dunha parella “de feito” que retornara de Cuba sen santificar debidamente a súa unión e que quería facelo dada a mala saúde do home, pero dun xeito discreto para evita-los rumores dos veciños que os supuñan casados “como Deus manda” e insiste no asunto nun segundo apuntamento que ten anotada a resposta na beira da propia carta: “En 21 de abril se le contestó que no ha lugar pero que si hay alguna circunstancia especial que venga a hablar con su SSY”. Mágoa que descoñezamos se tivo algún efecto positivo outra misiva de Francisco Borrajo Araujo que tocaba moi cortesmente a compoñente crematística do asunto que precisaba o seu cuñado: “... Los dos interesados vivieron maritalmente fuera de aquí y tienen tres hijos, por contrariedades de la vida y principalmente, por una larga y grave enfermedad que padece D. Manuel sus intereses han venido muy a menos de tal manera que *no puede satisfacer la limosna señalada para la dispensa de amonestaciones*, gracia de que necesita pues sus vecinos le consideran como legítimamente casado... Suplico humildemente a VSSY se digne conceder de caridad la dispensa de las admoniciones indicadas y a la vez autorizar al sr. cura párroco para que presencie el matrimonio en la casa donde viven los interesados... en hora en que no se aperciba el público de lo que se desea ejecutar... Es tanta la seguridad que tengo de que D. Manuel carece de recursos y de su desprendimiento que puedo prometer que si el llega a sanar y a mejorar de fortuna, satisfará la limosna que se le señale”. Vid. correspondencia do párroco de Sta. M^a. de Amoeiro, José Montes Iglesias (22-3-1902 e 20-4-1902) e de Francisco Borrajo (24-4-1902), Arquivo Diocesano de Ourense.

Retornados e cambio...

Meu pai traballou en Cuba de capataz do ferrocarril porque cando lles preguntaban quen sabía ler ou escribir, il sempre decía que si e así iba mellorando no traballo... Por iso sempre nos decía “alá nunca me preguntaron si me sabía persignar ou reza-lo credo, que me preguntaban si sabía ler e escribir” e nunca deixou que perdéramos un día de escuela¹².

Os retornados mesturaban, certamente, un certo reformismo con actitudes moi conservadoras. Pero a súa presenza en tódalas vilas, xunto co aumento das posibilidades reais de emigrar, espallou unha cultura migratoria que se combinou co individualismo tipicamente liberal, urbano e capitalista para desprazar progresivamente ó familismo amoral como unha das esencias da sociedade rural galega. Os *cubanos*, *arxentinos* e demais retornados exhibían certamente novas ideas monetaristas, laicas, republicanas e fondamente anticlericais que minaban os alicerces do poder social das elites tradicionais na Galicia rural. Isto explica, por exemplo, as reservas dos nacionalistas fronte á emigración e á actuación dos retornados, xa fora acusándoos de irrelixiosidade ou denunciando que as escolas financiadas polos emigrados estaban pensadas para formar futuros emigrantes, ensinándolle-la xeografía americana e os novos valores que lles serían útiles na *parroquia de alá* (Peña Saavedra, 1991 e 1995; Núñez Seixas, 1998b). Tampouco debe sorprendernos que loitaran por unha sociedade que lles ofrecese máis oportunidades ós labregos e obreiros coma eles, porque só trataban, en definitiva, de que os seus fillos tivesen un lugar máis digno debaixo daquel sol que non queimaba a todos por igual:

Meu pai marchou pra Buenos Aires con vinte anos e volveu con trinta e catro... Tiña ós irmaus e ós cuñados alá e por eso marchou pr'alá... Gustáballe moito a igualdade e non quería que a Sra. da Torre e o Conde de Lagariños tiveran toda a terra e os outros amos que ir traballar pr'eles ó xornal polo caldo... Gustábanlle moito os socialistas ou o comunismo e como vía tantas inxusticias meteuse na política antes de estalla-la guerra... Tiña moitos libros, revistas de América e recortes de periódicos que enterrou coa Biblia cando foi da guerra porque el de curas non quería saber nada, aínda que era cristiano e conecía moi ben a Biblia... Por eso o cura de Barra de Miño mandou ós falanxistas para que o matasen...¹³.

12. Extraído da memoria de vida de Erusina Cudeiro de Liñares (Amoeiro, Ourense).

13. Extraído das lembranzas de Pilar G. sobre o seu pai Constantino Gallego (S. Eusebio de Coles, Ourense).

Cando analizámo-lo labor de promoción educativa que desenvolveron as sociedades étnicas de emigrados e algún indiano retornado cómpre lembrar que financiaban escolas para que puidesen estudia-los seus fillos, parentes e irmáns. Este aspecto non lle resta importancia á súa acción filantrópica, senón que a sitúa nun contexto máis realista: as colectividades de emigrantes patrocinaron un modelo de educación instrumental que capacitase os seus familiares para integrárense eficazmente nas cadeas de produción capitalistas cando lles chegase a hora de emigrar. Vexamos este aspecto máis de vagar no caso concreto de Coles, que tamén foi sinalado por Vicente Risco (1927) como exemplo da acción educativa dos emigrados.

Os emigrados só tentaban remedia-la falta de escolas públicas, suplindo coa súa filantropía a ausencia dun labor educativo do Estado español polo que o compromiso educativo destes trasterrados se centraba loxicamente nas súas aldeas e parroquias de orixe¹⁴. A documentación conservada na “vitrina” da Sociedad de Instrucción “Progreso de Coles” do Centro Galego da Habana revela o importante labor dun destes *cubanos*: Ramón Varela Novoa, que adiantou un préstamo de 1000 ptas. que permitise comeza-las obras dunha casa-escola nun terreo que posuía a Sociedade Agricultores de Coles en Vilarchao e mediou con santa paciencia entre estes agrarios e os seus paisanos emigrados que formaran a S.I. “Progreso de Coles” para que estes financiasen a construción e mantemento da devandita escola. As obras remataron a pesar das tirapuxas nas complexas negociacións sobre o emprego que se lle daría ó edificio que estaban a erguer, porque os emigrados insistían na prioridade do uso escolar mantendo o carácter apolítico do edificio, o que excluía convertelo nun Centro Social para reunións como pretendían os agrarios.

As cartas que se van cruzando os emigrados e os agrarios de Coles reflicte acusacións mutuas de seren vítimas de “manexos clericais”, a loita pola titularidade do predio, o interese dos emigrados por controla-lo uso que aquel tería e sobre todo polo tipo de ensino que se ía impartir nel. A escola funcionou dende 1914 e ámbalas dúas entidades chegaron a un acordo definitivo de colaboración polo cal a Sociedad de Instrucción Progreso de Coles contribuía co 25% da súa recadación líquida mensual para soste-la

14. Pero os emigrados ourensáns demostraron tamén o seu compromiso coa formación educacional das xeracións novas cando ardeu a famosa biblioteca do Instituto do Xardín. A Unión Orensana na Habana formou axiña un Comité Pro-biblioteca que organizou diversas actividades e abriu unha subscrición, e outro tanto fixeron en Montevideo e Bos Aires. Recollemos no anexo os resultados pecuniarios destas iniciativas que ilustran a presenza ourensá nas urbes americanas e ese referente espacial das sociedades microterritoriais e de instrucción ó que antes aludiamos.

Retornados e cambio...

escola de Agricultores de Coles, que lles daría ensino gratuíto ós familiares dos socios das dúas entidades¹⁵. O entendemento entre as directivas de ámbalas dúas sociedades nunca debeu ser moi bo, porque os emigrados comezaron a dirixirlle instrucións e diñeiro directamente ó mestre dende xullo de 1918. Isto provocou que a Xunta de Patróns da escola suspendese o docente das súas funcións en outubro de 1919, sen que as queixas que este lles remitiu ós habaneiros nin as posteriores notas destes servisen para restituílo no seu emprego. O cadro seguinte recolle as cantidades remitidas para a construción e sostemento da devandita escola de Vilarchao.

Cadro 3
**Remesas enviadas pola Sociedad de Instrucción “Progreso de Coles”
para a Escola da S. de Agricultores de Coles: 1910-1921**

CONCEPTO	CANTIDADE: en ptas.	DATA
Préstamo de R. Varela	1000	7-4-1910
Agasallo alumnos e profesor	270	9-12-1914
Envío a Agricultores de Coles	250	28-2-1915
Xiro para Agricultores de Coles	250	6-4-1915
Salario bimensual do profesor	75	18-10-1916
Agasallo ó profesor	50	18-10-1916
Envío para reformas	325 pesos	7-7-1917
Envío a agricultores de Coles	200 pesos	19-10-1917
Envío ó mestre para reformas	25 pesos	15-7-1918
Envío a Agricultores de Coles	100 pesos	26-6-1921

Fonte: elaboración propia a partir do libro de correspondencia da S.I. Progreso de Coles, Vitrina da S.I.P.C., Centro Galego da Habana.

Cómpre salientar, pola contra, a ausencia dunha actuación semellante dos *americanos* nas terras do Ribeiro, se desbotamos excepcións illadas como as escolas creadas polo filántropo Guillermo Álvarez en Cortegada e algunha colecta organizada para amortecer situacións de especial gravidade, como a provocada polo virus gripal da primeira posguerra ou a perda dalgunha

15. Comprometéndose ademais a que “la enseñanza que se administre allí sea libre, exenta de dogmas políticos y religiosos de ninguna especie y los profesores no podrán figurar ni actuar en ningún partido político, proponiéndose que sea una enseñanza moderna, capaz de preparar a los ciudadanos del mañana, inspirándose siempre en los métodos de las naciones que figuran a la cabeza de la civilización...”. Carta coa proposición da S.I. Progreso de Coles á Soc. Agricultores de Coles: 1-7-1915, Vitrina da S.I. Progreso de Coles, Centro Galego da Habana.

colleita de uva¹⁶. Ata un observador coetáneo como o padre Eiján, que aceptaba a emigración como un remedio necesario para o desequilibrio malthusiano entre a poboación e os limitados recursos, insistía na necesidade de supera-lo esquecemento mutuo entre o Ribeiro e os seus emigrados, que demostraban un desinterese total polos veciños que quedaran nas súas parroquias de orixe (Eiján, 1920: 638-639).

*A confrontación dos retornados coas vellas elites locais...
ou a integración nelas*

Os historiadores tendemos a mitificar, ás veces, esta “faciana heroica” da actuación sociopolítica dos retornados como adaís da causa agraria fronte ós abusos dos rendeiros e caciques. Pero esquecemos tamén que as novas ideas individualistas que traían os retornados chocaban coas tradicionais solidariedades mancomunadas que imperaban nas aldeas e parroquias rurais, e que abundaron tamén os casos de emigrantes retornados que optimizaron o seu capital relacional e simbólico para mellora-lo seu status persoal e familiar, aínda que para iso tivesen que abandona-las sociedades agrarias que depositaran neles as súas esperanzas (Núñez Seixas, 1998)¹⁷. Os emigrantes enriquecidos tamén volvían con gana de imita-las vellas elites locais e comportábanse como ricos indianos con présa por mercar bens raíces que certificasen a súa conversión en novos *señores da terra*, nidiamente diferenciados do grupo social maioritario dos *merdentos* labregos do que procedían e agora querían distinguirse:

Os emigrantes que volvían de Cuba ou Argentina si traían vinte mil pesos xa fumaban en pipa, andaban cun bastón e iban ás feiras de Ribadavia... Algúns traían novas ideas e algo foise mellorando porque todo foi medrando... Meu pai tiña un pazo en S. Esteban e pouco antes de morrer vendeullo a un fulano d’alí

16. Este foi o motivo polo que a *Asociación Ribadavia y su partido* de Bos Aires organizou un festival coa finalidade de recadar fondos (*Correo de Galicia*, XII, 691, 6-VII-1919).

17. Temos exemplos deste comportamento racional nos casos de Jesús Ribera, cabezaleiro dos Pardo de Casaldereiro, que retorna de Cuba con diñeiro fresco e aproveita a presión antiformal dos agrarios para negociar unhas excelentes condicións de redención a título persoal a cambio de convence-los seus veciños para que recoñezan por escrito a obriga de pagar esa renda (Domínguez Castro, 1992: 104), de Francisco Pérez, que abandonou a secretaría da sociedade agraria de Reádegos para converterse en concelleiro e cacique conservador de Vilamarín, ou dos retornados de Irixe que organizaron sucesivas agrarias como plataforma sociopolítica para desafiar as vellas elites e acadaren o poder local. Comportamentos que encaixan tamén cos modelos de actuación sociopolítica dos retornados propostos pola literatura especializada e resumidos por Núñez Seixas (2000: 31 e ss.).

Retornados e cambio...

que vovera de Estados Unidos e despois casou cunha fulana que chamaba a atención. ¡Que fulana, eu cada vez que a vía, coño!, porque daquela el estaba en Estados Unidos e eiquí non había os cartos¹⁸.

Semella que a teima investidora en terras era moi común entre os emigrantes que retornaban con capitais que investían no mercado fundiario do Ribeiro dende o cambio de século: o propietario Cesáreo Ribera Abrales escribelle en 1897 a D. Joaquín Pardo manifestándolle os seus desexos de vende-lo terreo da Quinza e a esperanza de que “puede ser que algún americano de los muchos que regresan de Cuba, se atreva a comprarla” (cit. in Domínguez Castro, 1992: 117); o indiano Higinio Abad Carreiro, de Barzamedelle (Leiro), mercou importantes viñas no Ribeiro ó volver da súa aventura americana; e os irmáns Cendón Pérez desenvolveron un comportamento investidor idéntico. Estes enriquecéranse con negocios bancarios e comerciais en Río de Xaneiro e volveron a Melón co obxectivo de integrárense na elite local, para o que mercaron rendas forais en gran, abriron unha imprenta para participar na política local e acabaron ocupando a alcaldía (Domínguez Castro, 1992: 108 e 115).

Os emigrantes retornados convertéronse deste xeito no referente de *self-made man* envexado polos labregos e vixiado polas elites rurais cunha mestura de medo e desprezo. Víanos como potenciais competidores pola hexemonía social que eles posuían cando retornaban con cartos frescos e perigosas ideas novas, pero constituían unha excelente oportunidade de negocio cando necesitaban que alguén lles deixase o diñeiro da pasaxe ou que lles arranxase a viaxe e lles fornecese contactos para conseguir un traballo do outro lado do mar. Dispomos dunha mancha de testemuños recollidos en toda a provincia que indican que se fixeron importantes negocios á conta dos emigrantes que hipotecaban os seus capitais para marchar e que logo realimentaban a rede cando retornaban con contactos e diñeiro para envia-los seus veciños na procura da fortuna que os favorecese a eles:

Era un paisano amigo de observa-las cousas e o que lle contaban de América... Il non saliu de Camba, sólo para ir a Verín porque ultimamente xa sólo se dedicaba ó comercio... Chamábase Pedro Domínguez Gayoso, fora alcalde tamén e, naquiles tempos, era un home moi potente por alí... Comprou moito porque cando marchaban para América, que polos anos dezanove e polos vinte e tantos marchaban moitos para América porque claro, nunha casa

18. Extraído da memoria de vida de Andrés L. A., propietario de San Paio de Ventosela (Ribadavia).

eran se cadra catro ou cinco de familia e non había para comer, os do pueblo decíanlle: “Si me deixaras os cartos para marchar para América” e il deixáballos; despois algúns mandábanlle os cartos e outros mandábanlle un poder para poder vender o capital que deixaran alí... E il vendíallo ou comprábalo il e comprou moito así¹⁹.

A omnipresencia de *americanos* retornados nas directivas das organizacións agrarias e na orientación reformista do seu desafío político ás elites locais remítenos ó modelo sociolóxico de líder campesiño: un individuo con expectativas de ascenso sociopolítico, experiencia participativa previa en movementos sociais e cunha alta densidade de relacións nas redes microsociais (Revilla, 1994: 186, 191 e 205). A experiencia socializadora nas cidades españolas ou latinoamericanas tivo grande importancia na formación de individuos que acadaron certa “conciencia de clase” ó coñece-las formas proactivas de reivindicación social e desafío político baseadas en ideoloxías republicanas e socialistas e na existencia dunhas organizacións obreiras dotadas dunha estrutura permanente. Cando estes homes volveron ás súas parroquias de orixe, achegáronlle ó movemento agrario as *remesas invisibles* de súa experiencia persoal alén do mar converténdose nos dinamizadores das organizacións agrarias que racharon o sistema de lealdades tradicionais da comunidade campesiña con respecto ós notables locais e que accederon en moitos casos ó poder local, xa fose desafiando explicitamente as vellas elites rurais ou integrándose nelas cando se trataba de indianos enriquecidos. Pero mesmo os *americanos* retornados que dirixían as sociedades agrarias non desexaban unha mudanza revolucionaria das relacións de reprodución social dominantes, senón que apostaron por un reformismo gradualista que actuou a longo prazo como un instrumento culturizador e de domesticación da protesta campesiña²⁰.

19. Extraído das lembranzas de Celia Domínguez Requejo (Camba de Laza, Ourense) sobre o seu avó Pedro Domínguez Gayoso, que era o meirande contribuínte de Laza (*Boletín Oficial de la Provincia de Orense*, n.º. 186, 28-III-1917, p. 4) e actuaba como correspondente do Banco de Comercio Hispano Argentino para a comarca de Verín segundo o xornal bonaerense *Eco de Galicia* (20-XII-1904).

20. Aflora a importancia dos recursos económicos e organizativos achegados polos emigrantes retornados ás organizacións agrarias e a centralidade das súas relacións microsociais á hora de mante-las lealdades veciñais nas loitas polo poder local nas terras do Baixo Miño (Hervés Sayar, 1997); da Baña, onde os retornados lle arrancaron a dirección das sociedades agrarias ó conservadorismo católico, que quería convertelas nunha plataforma coa que desafia-la hexemonía política local do liberalismo monterista que controlaba a Federación Solidario-proteccionista de Negreira e A Baña (Pernas Oroza e Pose Antelo, 1997); ou en Fene, onde a orien-

As informacións orais teñen aquí grande utilidade como complemento das fontes convencionais á hora de profundar na extracción socioprofesional dos líderes agrarios e demais actores da política local, e remítennos tamén ó protagonismo dos emigrantes retornados nas organizacións agrarias de Ourense, segundo pode verse nos cadros que presentamos no anexo. Tódolos organizadores de sociedades agrarias dos que temos noticias na comarca de Celanova presentan o denominador común de seren retornados da emigración á Arxentina e de estaren integrados na rede de clientes de Severino Fernández, o auténtico notable local que tamén volvea enriquecido en 1922 e que se mergullou na loita agraria ata acadala hexemonía sociopolítica na parroquia de Quintela de Leirado. Os coetáneos lembran que Severino Fernández dispuña de mecanismos informais de crédito e inserción sociolaboral en Bos Aires para os seus veciños máis necesitados ou para aqueloutros que quixesen emigrar: vendíalles “ó fiado” no seu comercio e arrendáballes terras e gandos, arranxáballe-la viaxe e mercáballes logo as terras hipotecadas como garantía das débedas contraídas, de xeito que contaba sempre coa fidelidade electoral dos seus veciños e clientes (Castro Pérez, 1997: 34)²¹.

Os concellos de Amoeiro, Vilamarín e Coles ofrécennos idénticos exemplos da actuación política dos emigrados en Arxentina e Cuba. Alá crearon asociacións étnicas de tipo microterritorial, que potenciaron decisivamente as transformacións políticas e socioculturais nas súas parroquias de orixe, convertidas agora nas beneficiarias das iniciativas educativas e asociativas que fomentaban e financiaban as sociedades de emigrantes que figuran no cadro 6 do anexo. Pero os emigrantes que volvían integrábanse ó mesmo tempo nas dinámicas sociopolíticas locais, xa fora como dirixentes das agrarias ou nas redes de clientes dos partidos dinásticos. A imaxe da conflictividade política local que nos transmite a memoria oral está marcada pola admiración da figura do retornado e da súa importante

tación dos emigrados e retornados da Habana centrou a actuación do agrarismo local na educación, no cooperativismo e no achegamento táctico ó obreirismo uxetista (Sanfiz, 1996). Pero a achega da emigración americana ás mudanzas materiais, sociais e á globalización do universo relacional do campesiñado galego foi especialmente visible nas periferias rurais das cidades, como Teo, onde as organizacións agrarias foron capaces de desprazar do concello os vellos políticos da Quenda dinástica (Domínguez Almansa, 1997 e 1997b).

21. Este autor constata tamén a actuación dos retornados como “agricultores á moderna” que introduciron novas variedades de millo híbrido ó tempo que o benemérito Cruz Gallástegui intentaba difundilo dende as institucións agronómicas da época: Dolores Touriñán de Quintela de Leirado (Celanova) lembra que aqueles homes “traían maiz de Argentina. Híbrido, me parece que lle chamaban que sería parecido ó que hoxe compran os sindicatos que vén en bolsa... Ese rubio que produce máis. Nós chamabámoslle maiz argentino...” (Castro Pérez, 1997: 21).

actuación sociopolítica con independencia do bando que adoptasen, aínda que este deixase de ser un líder agrario para converterse no cacique bugallalista que competía cos outros *americanos* polo control do poder local. Vexámolo coa peripecia persoal e política de Francisco Pérez, paradigmática porque emigrou a Cuba con catorce anos e volveu en 1909 para organizar varias sociedades agrarias de ámbito parroquial en Vilamarín e Coles como representante das sociedades de emigrantes respectivas. Exerceu ata 1917 como secretario da sociedade agraria de Reádegos, cobraba como mestre da escola financiada polos emigrados en Cuba e acadou o cumio do agrarismo provincial: resultou elixido concelleiro agrario-liberal polo art. 29 en Vilamarín, representou ás agrarias de Vilamarín e Coles na III Asamblea Agraria de Monforte e o Comité Agrario Provincial nas festas das escolas agrarias da comarca, e estivo presente na fundación da Federación Provincial Agraria que integraba a 50 sociedades e sindicatos representando a máis de mil labregos:

Francisco Pérez estaba de maestro da sociedade agraria desde que volveu de Cuba. Nunca foi alcalde do aiuntamiento nin nada, pero *era raro que estuvera alguén desempeñando algún cargo que el non o manexara...* Tiña moitas amizades en Orense e había diputados que viñan eiquí á súa casa!... *Primeiro foi un dos que organizaron eiquí a sociedade agraria e despois estaba totalmente en contra porque había outros, coma o Manuel do Pilo e algunchos máis que tiñan a capacidade que podía ter il...* A maior parte dos que *foron d'eiquí para Cuba viñeron con outra cultura que non levaban o marcharen, porque o parecer había unha sociedade á que iban a clases a maioría dos que podían*²².

22. Extraído da memoria de vida de Ramón Pulido da Ría de Vilamarín (Ourense). “O Rubiás” adoitaba defender apaixonadamente nos seus discursos desta xeira agrarista o ensino laico e o programa agrario de modernización da agricultura co emprego de fertilizantes minerais e coa creación de fertilizantes artificiais. Na fundación da Federación Provincial Agraria manifestou que “todo campesino que no vote contra los caciques que esclavizan este ayuntamiento, delinque contra la tierra irredenta y traiciona a su hogar” (*La Voz Pública*: 18-XI-1915, 12/13-I-1916, 9/16-V-1916 e 3/5-VI-1916). Este home pasouse a comezos dos anos vinte ós conservadores locais e enfrontouse cos seus ex-compañeiros agrarios que convocaron a célebre folga agraria de 1923 para protestaren pola imposición dun imposto extraordinario de 12.000 ptas. para “gastos imprevistos y no consignados en el ordinario”. A mobilización foi apoiada polos obreiros da capital e polos agrarios de Ourense e do Carballiño, e acadou tal repercusión que forzaron o gobernador a dete-lo célebre “Pancho de Reádegos” baixo a acusación de irregularidades administrativas..., pero seguiu controlando o concello como secretario ou a través de testaferros ata o seu pasamento en 1930. Seguímo-la súa andaina a través do xornal agrario *La Zarpa* (17 e 28-IV-1923; 13-VII-1923; 26 e 31-X-1923; 12-VIII-1930 e 19-VI-1930), das actas municipais de Vilamarín e das lembranzas do propio Ramón Pulido.

Este proveitoso ir e vir de galegos alén mar pechouse coa crise económica de 1929, que cortou a afluencia do diñeiro americano que financiara moitas redencións forais e replantacións de viñas con patróns americanos, ó mesmo tempo que multiplicou o retorno de *americanos* cun alto grao de concienciación sociopolítica, pero sen grandes capitais que lles permitisen integrarse nas elites locais. E isto obrigounos a reinserirse como xornaleiros nos escenarios sociolaborais do Ribeiro, converténdose na masa crítica das organizacións campesiñas que reivindicaban mellores condicións de traballo a comezos dos anos trinta:

Éramos nove irmaus, os tres homes marcharon de novos prás Américas. Os dous maiores foron a Cuba e o José foi a Buenos Aires... Non trouxeron, ou non o ganaron ou non sei.. Viñeron como foron, sin cartos, claro. Casáronse e despois xa arreglaron por eiquí ganando un xornalciño cavando ó xornal para os ricos que os chamaban.

As familias eran grandísimas, tiñan a oito e a dez fillos e íbanse para Cuba ou para Argentina porque había moita xente e había moita miseria... Os nenos deixaban a escola para ir de criados pr'onda o cura, ou pr'onda don fulano de tal coidándolle as vacas e os demais eran xornaleiros que traballaban cavando nas viñas dos ricos... Dos que emigraban a Cuba volveron moitos e algúns con diñeiro e traían ideas laicas, que esta casa e a escola de Pena fixérona os emigrantes de Cuba. Da Argentina non veu casi nadie, porque esto era unha miseria e alá viviron mellor²³.

A devandita recesión do 29 liquidou tamén os tímidos intentos realizados para difundir os viños do Ribeiro no mercado americano que xa chocaran con dificultades de todo tipo: comerciais pola catividade da demanda e pola competencia dos viños cataláns que abasteceran tradicionalmente os mercados ultramarinos; fiscais polas altas taxas arancelarias; e enolóxicas pola non difusión da onerosa práctica do embotellamento e pola persistente

23. Anacos extraídos das memorias de vida de María G. P. de San Paio de Ventosela (Ribadavia) e de Benito Iglesias de Vilarchao (Coles). As lembranzas de Angelina Cao de Pousada (Coles) sobre o seu curmán Raúl Castro Cao "o Arxentino" apuntan no mesmo sentido: "El e os irmaus volveran coa nai de Argentina e traballaban na casa da condesa de Lagariños ó xornal dende que eran rapaces... A Julita estaba servindo, botando nas vacas ó monte, súa nai estaba traballando tamén e o Tito e eu estábamos na casa porque éramo-los máis novos... Despois cando fomos maiores, o Raúl xa foi pró taller e foi cando pasaron esas cousas, porque veu a guerra e xa se escondeu porque eles botaran ós señoritos de Fuentefiz dunha festa do Sto. Cristo porque eran moi ricos".

ameaza de fraude con viño do norte de Portugal que se vendía como Ribeiro (Núñez Seixas, 1998: 65-67). As fontes coetáneas indicannos que os viños do Ribeiro ían acadando certa aceptación entre os emigrados en Bos Aires ou na Habana e abrindo un mercado que ofrecía interesantes perspectivas para os colleiteiros, segundo concluíron na IV Asamblea Agraria Gallega (Ribadavia, novembro de 1912):

... Los vinos gallegos comienzan a solicitarse en la Habana, Argentina, Costa Rica, Brasil y Méjico, donde la multitud de emigrantes gallegos los demanda con afán... para impulsar la exportación al extranjero debe interesarse de los centros y sociedades gallegas allá establecidas que se nombren comisiones para ejercer escrupulosa vigilancia sobre los certificados de análisis y origen de los vinos que allí se importan para evitar que los de otras regiones se introduzcan usurpando nuestra marca o procedencia... Encarecer al M. de Fomento que en justa reciprocidad de la supresión de derechos de Aduanas del maíz de las Américas, se solicite... la total desgravación o la rebaja arancelaria equivalente para los vinos gallegos...²⁴.

A menor duración da viaxe ata a perla das Antillas facía máis doada a chegada dos viños do Ribeiro importados por almacéns como Os Riveiraos, Constantino Añel, representante da marca *Tres Ríos* (Alianza, 1912: 7), ou *Cepas Gallegas* de José Canitrot. Foi este un persoeiro moi vencellado co asociacionismo labrego e coa política local porque dirixiu a sociedade agraria de Ventosela e desempeñaba unha concellería en Ribadavia cando presidiu a homenaxe ó deputado conservador Estévez Carrera en abril de 1915 (Domínguez Castro, 1992: 89 e 97). A interrelación entre o asociacionismo agrario e a comercialización do viño na Galicia de alén mar deuse a través destas iniciativas, que deberon abundar máis do que sabemos segundo as lembranzas dos coetáneos:

Ise Juan García Míguez era labrador e tiñan un bo capital eiquí en Ventosela pero il xa non labraba, que labraban os fillos... Emigrou el e dous ou tres fillos e foron a Cuba poñer un almacén de viños, pero fracasou porque o viño no mar

24. Véxase *Conclusiones...*, XI: 1ª a 3ª, p. 12. Foi precisamente un retornado de Cuba asociado cun enólogo e co banqueiro Pedro Romero, quen introduciu o embotellado na vinicultura ourensá ó instala-la célebre bodega *Las Gallegas* dos Peares (Domínguez, 1992: 262). O selecto viño tostado debía ser moi apreciado entre os emigrados xa que as novas de sociedade da prensa galega en América rexistran varios casos como o de Antonio Vázquez Estévez que volve dende Ribadavia a Bos Aires cunha caixa do sonado elixir (*Correo de Galicia*, XII, 691, 6-VII-1919).

Retornados e cambio...

baixa moito, que xa se queda pequeno nos puertos coma Vigo, así que como iba embarcado desde Vigo hasta Cuba, chegaba alá coma auga... Entón volveu pr'acá e meteuse na Sociedad Agraria, que xa a había, e foi cando trouxo dar un mitin ó cura ese de Beiro...²⁵.

O DESTINO DAS REMESAS DOS EMIGRANTES E OS INVESTIMENTOS DOS RETORNADOS

Resulta especialmente difícil cuantifica-las remesas pecuniarias enviadas polos emigrantes e avalia-lo seu impacto na modernización das estruturas productivas e financeiras galegas porque a penas dispomos de fontes seriais e detalladas das propias entidades receptoras pola dificultade engadida que supón a existencia de canles informais para repatriar capitais a través de familiares ou coñecidos que merecían a confianza do emigrante (Losada, 1995: 66; Vázquez, 1993: 37) e porque a cantidade e periodicidade dos xiros remitidos dependía da conxuntura económica dos países de destino e mesmo da fortuna persoal que tivese cada un:

Daquela non deixaban pasar máis de cincuenta \$ por persona, a nós como éramos dous e o neno collíannos cento cincuenta \$ e os outros girámoslos escondidos pola bolsa negra porque non se podían girar dentro da Lei e habíaos que girar valéndose dos comercios que tiñan negocios d'alá pr'acá e mandaban mercancías. Nas Canarias había moitos que o facían así porque nas Canarias hai moito negocio de tabaco e como en Cuba se colle moito tabaco, pois tiñan tamén ese negocio e nós como tiñamos a carbonería tiñamos amizade boa con ises almacenistas e o Manuel preguntoulles de que maneira podería girar unhos poucos cartos porque nos non podíamos giralos nin traelos. Entonces un almacenista que era da Coruña díxonos “¡Bueno pois hei falar cun señor co que podeades girar a confianza!”. Giroullos el ó almacenista a Canarias e ese señor tiña que girámoslos a nós²⁶.

25. Extraído da memoria de vida de Ricardo Gómez Freire de San Paio de Ventosela (Ribadavia, Ourense). Outro bo exemplo desta dobre actuación foi Manuel Picouto, colleiteiro e comerciante de viños no barrio comercial da Ponte-Canedo, que foi unha das figuras agrariosocialistas de maior reputación popular e tesoureiro da Federación Agraria Provincial de Ourense que apoiou a Dictadura de Primo de Rivera e ingresou na Unión Ciudadana de Ourense –argumentando que se trataba dunha oportunidade histórica para supera-lo estado de atraso da agricultura e da escolarización rural, tradicionalmente esquecidos polos políticos dos caducos partidos dinásticos–, cando era deputado provincial por Ribadavia dende xaneiro de 1924 (Cabo Villaverde, 1998: 152).

26. Memoria de vida de Gumersinda Álvarez de Tamallancos (Vilamarín, Ourense).

Semella que non ía moi errado Lois Peña Novo (1929) cando intuía que “estos gallegos ahorran primero, para reintegrar a sus familiares los gastos de su viaje y después para comprar alguna tierra, hacer una casa, levantar una hipoteca, redimir un foro etc..”, porque esa é a priorización dos orzamentos que revelan as fontes orais e epistolares das que dispomos e que exemplifican o investimento desas pequenas cantidades enviadas polos fillos emigrados no financiamento dos denominados “gastos suplementarios de tipo cultural” (Vázquez, 1993: 23), que eran económica e socialmente imprescindibles para asegura-la supervivencia da familia primeiro e para mellora-lo seu nivel de vida despois:

O papá era un dos máis vellos de dez irmaus vivos e marchou para Cuba porque meus abuelos eran de Chantada e viñeran de caseiros para un capital grandísimo de Tamallancos... Fixo catro viaxes a Cuba, no primeiro botou seis anos e reclamou un irmau que tiña e levouno pr'alá e despois viñeron cada un con mil pesos. Chegaron onda os pais e dixéronlles: “¡Querémonos divertir, pero non queremos que Vde. deba nada! ¿Haber, de quen son as vacas?”...”¡Pois vamos onda o Pardiós pagarlle as vacas! ¿Haber que é o que debe na tienda?”... Bueno, pagáronlle todo o que debían e dixéronlle: “¡Salga ahora co carro ó Malladoiro para traer un carro de fruto prá casa!”... No segundo viaxe viñeron e alargáronlle a mitá á casa dos pais e xa trouxeron unhas sillas de reghilla, que cando eran os entierros ou as confesións e había festa na casa dos curas viñan da casa do cura busca-las sillas de reghilla a casa de meu abuelo... No terceiro viaxe que fixo veu mal a consecuencia daquela epidemia de paludismo do ano dezaoito en Cuba e ó chegar eiquí reventoulle un pulmón e o médico que o atendeu decíalle sempre: “¡Cudeiro, non trate de volver marchar para Cuba que aquí clima a Vde. fastídiao! Eiquí pode vivir unha vida normal, pero si marcha...”. Pero claro, fixo a casaña onde eu nacín e o home despois viu que se lle acababa a prata e dixo que non quería cría-las fillas dil en fame e volveu marchar para Cuba e botou catro anos... Cando il veu definitivo, puxeron unha tiendaña e fomos marchando así²⁷.

A correspondencia familiar permítenos achegarnos con detalle ó comportamento investidor dos emigrantes e ás súas inquiredanzas polo benestar da familia que deixaran na parroquia²⁸. Interese non exento ás veces

27. Extraído da memoria de vida de Erusina Campos Cudeiro (Amoeiro, Ourense).

28. Outra carta de Manuel Requejo ó seu irmán exemplifica este particular: “Buenos Aires optubre 10 de 1924... en la hotra carta me as mandado decir que tenias en tu poder una letra mia y que no la havias cobrado... sabes que yo le mande 5 pesos para Pura y no me dices nada

Retornados e cambio...

dun padroado fiscalizador da vida dos seus, que ía afrouxando consonte pasaban os anos e devecían as remesas que enviaba aquel parente emigrado que xa fundara alá unha familia de seu.

Cadro 4
Remesas enviadas por Manuel Requejo dende Bos Aires
á súa familia de Sabariz en Amoeiro

DATA	CANTIDADE	DESTINO CONSIGNADO NAS CARTAS
10-10-1924	5 pesos	Gastos suntuarios da súa irmá Pura
22-6-1924	155 ptas.	Gastos do seu irmá Perfecto sen especificar
14-7-1925	225 ptas.	50 ptas. para a súa cuñada
		50 ptas. para a súa irmá
		175 para o irmán encargándolle que compre “2 libras de chocolate y se los regalas a la tía de Subreira en mi nombre porque cuando bino para esta Antonio chouteiro me mando por el un par de medias”.
25-6-1926	1.000 ptas	Gastos sen especificar
TOTAL: 4 ENVIOS	TOTAL: 1370 ptas. e 5 pesos	

Fonte: elaboración propia a partir da documentación epistolar recibida por Perfecto Requejo Babarro (Sabariz, Amoeiro, Ourense) de seu irmán Manuel, emigrado en Bos Aires.

As cartas doutro emigrado de Coles nas pampas arxentinas, Benjamín Lozano, que lle escribe á súa dona, revélanlo-lo destino das pequenas cantidades que lle enviaba, a existencia de préstamos en diñeiro ós veciños²⁹ e as complexas estratexias que artellaban os emigrados para controlaren o

ni que se los diste ni que no ya que no me escribe le dices que me mande decir si alguna cosa le hace falta que te lo diga a ti y me lo mandas decir y vos lo mismo si quieres hechar un traje cada uno me lo mandas decir que lo mando a la buelta del correo”.

29. Descoñecémo-las cantidades prestadas porque as devanditas cartas só lle indican a María que “cobras los de Outeiro de José María” (14-9-1916) e “procura de cobrar todo el dinero que puedas. Lo que no puedas se lo dices a tu padre que se haga el cargo de ellos... Manuel de Palopito le dices que le mandan la conformidá los hijos están bien de lo contrario con eso no puede pagar, así que haga lo posible de pagar” (26-6-1918). Benjamín era máis explícito cando se trataba de enviarlle diñeiro á súa dona: “Me mandarás si recibiste 20 duros que te mandé para los días de San Lorenzo” (31-8-1915), “Te vuelvo a recomendar María que no vengas escasa de plata, me supongo tendrás disponible 100 pesos que te mandé además cobras los de Outeiro de José María y los realitos que puedas con vistas a comprar todo lo que precisas en el barco. Puedes pagar la comida aparte de la que te dan...” (14-9-1916).

gasto da súa familia dende o outro lado do mar, repartindo a súa confianza para forza-la convivencia entre os diferentes membros e reclamando un coñecemento detallado da situación a través das cartas que recibían de todos eles³⁰. Esmeralda Lozano lembra con todo detalle o investimento dos cartos que gañara en América o seu pai:

O papá alá fixo algunchos cartiños pero veu pr'acá e tivo moi pouca sorte porque meteu os cartos na Banca Romero, que deu en quiebra e perdeunos todos; deu *unhas vacas por aí a medias, que era o que se solía facer antes...* O irmau que estaba eiquí, cando estaba alá o papá en Buenos Aires, escribiulle unha carta decindo que lle mandase unhos cartos pra comprar unha finca, que era moi boa e que non a quería deixar marchar porque lle gustaba a el, e, en vez de comprala a nombre dos dous, comprouna a nombre dil e quedou pr'el... Il prestoulle alá unhos cuartos ó irmau pra comprar unha finca moi grande que tiña cabalos e vacas e como nunca lle pudo pagar aqueles cartos, mandoulle cartas ó papá decíndolle que se quedara co capital dil d'eiquí³¹.

A historiografía recente insiste en que os pequenos comerciantes urbanos e vilegos foron os principais beneficiarios do tráfico de emigrantes, do negocio de compravenda ou hipoteca dos capitais daqueles que marchaban e da recepción dos xiros que enviaban (Villares e Fernández, 1996: 51 e 53). As catas que fixemos nos patrimonios de labradores acomodados e tratantes

30. Benjamín asegúrase que a súa nai anciá reciba os debidos coidados da súa dona/nora enviándolle a aquela os cartos que necesita esta para vivir ela e a filla de ámbolos dous: “Te encargo que no pases faltas de ninguna clase, cuando *precises plata me la pides que para eso te la tiene mi mamá. La socorres*, para los días que le quedan que no pase miserias...” (Trenque Lauquen, Arxentina, 31 de agosto de 1915). E o seu irmán maior, que quedara na casa patrucial de San Lourenzo (Coles), informa polo miúdo a Manuel, o 3º irmán, tamén emigrado, dos investimentos do diñeiro remitido e das pequenas desavinzas familiares: “... he mercado la renta que se pagaba al carteiro. Me costó mil reales. Los vuscaré prestados pero yo eche esta cuenta: este año me llebo 9 duros por cuarenta del año y así con lo que pagaba la renta todos los años tan bien pago los réditos... La María aber que si manda algo al tío del Cañé que se porta bien que ya tiene mandado 7 mil reales así que tan bien su marido no manda nada. Manda decir si no para el dice que está dependiendo del abuelo. Querido ermano tam bien escribió el benjamin hay por lo menos 3 meses que le mandábades 20 duros a la ermana, allá no le llegaron ni a mi tampoco. El hijo de la ermana anda trabajando aqui por dineros da lastima el prove tan novo...” (6-6-1920). Os portugueses emigrados en Brasil tampouco lles confiaban ás súas mulleres o diñeiro senón que llo enviaban a algún compadre ou coñecido de confianza que logo lle ía entregando á dona as cantidades indispensables para sobrevivir ou para face-la viaxe (Morais Sarmiento, 1999: 288-189).

31. Extraído das lembranzas de Esmeralda Lozano de Barra de Miño (Coles) sobre a andaina migratoria do seu tío e do seu pai. Agradécemo-la colaboración de Lorena Corral Cao, que nos permitiu recupera-la documentación oral e epistolar que conservaba a súa avoa.

de gando do noroeste de Ourense descubríronnos unha regularidade que nos sorprende, pero que confirmaba a intuición de D. Juan Rof Codina (1985: 14) sobre a importancia da emigración como financiadora activa ou pasiva da parcería gandeira: os diferentes casos de “postores” de gando vacún que conservaban unha contabilidade documental eran retornados de Cuba que investiron o capital aforrado na lucrativa parcería pecuaria (Prada e Soutelo, 1997). Os testemuños orais fóronnos descubrindo logo que “pór gando a medias” era un comportamento investidor moi rendible que imitaba ademais as pautas dominantes entre as elites locais da Galicia rural. Os préstamos en diñeiro ós veciños e achegados e o investimento en *gando posto* eran posiblemente os negocios máis proveitosos e que conferían máis status dos que coñecían os paisanos e retornados da época³². Este comportamento investidor repítese nos casos de Martín Pérez de Agra (S. Cristovo de Cea, Ourense), que retorna en 1928 con 30.000 reais e invísteos totalmente en mercar vacas para “dárlelas a medias” a labregos coñecidos da bisbarra, e de Cayetano Borrajo do Reguengo (Amoeiro, Ourense), que lle fora enviando ó seu pai, Francisco, os beneficios dos seus negocios en México (carnicerías) e Cuba (fábricas de tabacos), regresa en 1940 para asumi-los negocios familiares e dedícase ó trato do gando nas feiras e a facerlles préstamos en diñeiro a veciños das vilas de arredor que lle merecían absoluta confianza por seren quen eran ou polas compañías navais que lle hipotecaban como garantía do seu investimento:

Cadro 5
Préstamos en metálico efectuados por Cayetano Borrajo

TIPOLOXÍA DOS PRÉSTAMOS	PRÉSTAMOS EFECTUADOS			
	Nº	% dos préstamos	CANTIDADE	% das cantidades
Menos de 2.500 rs.	6	42,85	7.100	9,9
Entre 2.501 e 5.000 rs.	2	14,28	8.000	11,16
Entre 5.001 e 10.000 rs.	4	28,57	25.600	35,70
Máis de 10.000 rs.	2	14,28	31.000	43,24
TOTAL	14	100	71.700	100

Fonte: Elaboración propia a partir dos Libros de contabilidade de Francisco e Cayetano Borrajo, folios 79 e ss.

32. Ramón Pulido, de Vilamarín, lembraba que “eiquí na Ría houbo un tal Francisco Rúas Rego, que viñera de Cuba e trouxo bastantes cuartos. Practicamente era o rico d'eiquí e vivía das rentas. Dedicábase a presta-los cartos ou deixaba vacas a medias... Viñan de Coles, da Peroxa e de Vilamarín para que lles deixara diñeiro ou unha vaca a medias...”.

Os sectores máis modestos do campesiñado víanse obrigados a acudir en ás diferentes modalidades de crédito para financiaren a modernización das súas pequenas explotacións domésticas mercando algún apeiro de ferro, animais novos, ou pagándolle a viaxe a América ó fillo, quen mandaría cartos arreo, porque a falta dunha decidida actuación dos poderes públicos converteu estes mercados informais e personalizados de crédito na alternativa usureira pero real coa que contaban os paisanos para “ir tirando” (Martínez Soto, 1994: 41-42; Puente, 1992: 100 e 103). A parcería de gando era unha estratexia económica que vencellaba os donos do capital (terra ou diñeiro para mercar vacas) cos xestores que achegarían a súa capacidade de traballo para explotalos comunais a cambio de acceder a uns mercados moi imperfectos por locais (Domínguez Martín, 1993b: 519; e 1996: 196). Trátase, por suposto, dunha relación establecida en termos desiguais que lle viña imposta ó labrego pola falta doutras alternativas e que provocaba a subordinación sociopolítica e a relativa explotación económica do parceiro polo poxador, que adoitaba pertencer á elite local, pero isto tamén lle garantía a protección do amo fronte ás instancias alleas de poder.

Os préstamos en metálico efectuados polos nosos retornados confirman o carácter illado e altamente personalizado destes mercados informais de crédito ós que se accedía facendo vale-la amizade co americano rico que tiña por veciño e xa lle dera gando a medias ou que era compañeiro de tratos e enchentes nas feiras. O 76% dos créditos en metálico concedidos por M. P. A. é inferior ás 15.000 ptas. (de 1964), e máis da metade deles non supera as 5.000 ptas., o que indica o destino de auxilio ó consumo que lle estaba reservado. As excepcións correspóndense coa alta capacidade de endebedamento que tiñan os solicitantes que eran tamén labradores acomodados e compañeiros de feiras as máis das veces. Resulta especialmente relevante que un 32% dos préstamos de menos de 15.000 ptas. (o 80% dos créditos inferiores a 5000 ptas.) se concentre no círculo de *parceiros* cos que xestionaba gando a medias o retornado Martín de Agra³³.

Cayetano Borrajo retornou en 1940 e dedicouse ó trato de gando nas feiras empregando a parcería coma un sistema complementario que lle permitía comerciar ó mesmo tempo cunha cantidade de animais que non podería alimentar doutro xeito. El facía negocio pero os parceiros que lle

33. M.P.A. asentaba os préstamos en metálico no seu *Libro de ‘gando posto a medias’* ou no *Libro de contabilidade doméstica* coa expresión “me debe... se los presté” e ata consigna nalgún caso o seu destino: “la misma me debe cien pesos, se los presté por el *casamento* de su hija”, p. 30. Destino semellante agardaba a un préstamo efectuado por Francisco Borrajo en 1936: “le presté a E. G. Borrajo por su suegro 400 rs. para bautizar al niño”, *Libros de contabilidade de F. e Cayetano Borrajo*, fol. 4v.

alimentaban o gando dispuñan así de leite para os fillos e dun animal que lles tirase do arado ou do carro. E se había unha inxustiza non dubidaba en colle-la súa besta e baixar onda o Gobernador Civil, que lle tiña tanto aprecio que quixo convertelo en alcalde de Amoeiro nos cincuenta. Pero unha conspiración disfrazada de atraco nun túnel da ferrovía segou a vida deste retornado, cando volvía da feira de Maside. Expulsaron da Benemérita ós números que ese día se ausentaran da garda nas dúas bocas do túnel da Rega, pero nunca se descubriu o culpable e seguiron gobernando os que xa estaban. A xente lembra que máis dun sospeitoso tamén marchou para América e afirman seguros que o Cayetano matárono polas súas ideas, porque non ía á misa naqueles tempos da posguerra. E engaden logo que aquel home sempre axudaba ós máis pobres e nunca lle roubaba a ninguén³⁴.

Abundan pois os exemplos que desmenten as condenas tópicas da emigración como un atranco permanente para a mobilización sociopolítica das clases subalternas da nosa terra. Os emigrantes de antes da guerra achegaron capitais para crear pequenos negocios e moderniza-las explotacións domésticas. Pero sobre todo, volveron ás súas parroquias de orixe cunha conciencia reivindicativa xurdida das súas experiencias sociolaborais nas urbes americanas que empurrou a mobilización agrarista e o seu desafío ós representantes dos partidos dinásticos que hexemonizaban o poder local na Galicia rural do primeiro tercio do século XX. Castelao deixouse dominar polo pesimismo ó afirmar que “en Galicia non se pide nada: emígrase”, interpretando negativamente a emigración a Latinoamérica porque a marcha dos homes novos atrancaba as oportunidades para unha mobilización sociopolítica que transformase substancialmente o noso país. Milleiros de galegos anónimos retornaron con algúns aforros e con moitas ideas novas para mellora-las condicións de vida das súas familias e da terra que os viu nacer e que os deixou marchar *alén mar*.

34. Agradécémoslle a Amalia Diéguez tódalas facilidades que nos vén dando para consulta-la documentación contable e epistolar do seu padriño e moi especialmente que compartise con nós as súas lembranzas sobre este home que viviu a cabalo de dous mundos na procura da riqueza e da liberdade.

BIBLIOGRAFÍA

- ALIANZA DE VILAMARÍN, Sociedad de Instrucción: *Memoria de los trabajos realizados por la Junta Directiva desde el 1º de abril de 1909 a 31 de mayo de 1911*. La Habana, Imprenta de Cerdeira, Obrapía y Aguiar, 1912.
- ANES ÁLVAREZ, R.: “Asturianos en América”. En J. A. Escudero (coord.): *Españoles de ambas orillas. Emigración y concordia social*. Madrid, Sociedad Estatal Lisboa 98, 1998, pp. 181-190.
- BEIRAS TORRADO, X. M. e LÓPEZ, A.: *A poboación galega no século XX*. Santiago, Laiovento, 1999.
- BERNÁRDEZ SOBREIRA, A. e CABO VILLAVERDE, M.: “Asociacionismo campesiño e poder local na II República: unha análise microhistórica”. En L. Fernández Prieto, X. M. Núñez Seixas e outros (eds.): *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Santiago de Compostela, USC-Parlamento de Galicia, 1997, pp. 327-352.
- BRANDAO, M.^a de F. S.: *Terra, herança e familia no Noroeste de Portugal. O caso de Mosteiro no século XIX*. Porto, Afrontamento, 1994.
- BRETTEL, C. B.: *Homens que partem, mulheres que esperam. Consequências da emigração numa freguesia minhota*. Lisboa, Publicações Dom Quixote, 1991.
- CABO VILLAVERDE, M.: *O agrarismo*. Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1998.
- CABO VILLAVERDE, M.: “Democratización limitada y deterioro político en España, 1874-1930”. En S. Forner (coord.): *Democracia, elecciones y modernización en Europa, s. XIX y XX*. Madrid, Cátedra, 1997.
- CASTRO PÉREZ, F.: *Entre a tradición e a modernización. O agrarismo na terra de Celanova*. Tráballo de curso, (pro. ms.), 1997.
- DOMÍNGUEZ ALMANSA, A.: “O papel da emigración na transformación da sociedade rural galega: asociacionismo agrario e poder local no concello de Teo, 1900-1936”. En L. Fernández Prieto et al. (coords.): *Poder local, elites e cambio social...* 1997, pp. 467-514.
- DOMÍNGUEZ ALMANSA, A.: *A formación da sociedade civil na Galicia rural. Asociacionismo agrario e poder local en Teo (1890-1940)*. Santiago, Xunta de Galicia-Concello de Teo, 1997b.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*. Vigo, Xerais, 1992.

DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: "Reflexións en torno ás crises vitícolas do Ribeiro Contemporáneo". En J. de Juana e X. Castro (eds.): *Aspectos históricos de Ourense*. Deputación Provincial de Ourense, 1995, pp. 197-212.

DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: "Orígenes del cooperativismo vitícola en el Ribeiro". Comunicación presentada nas *XVI Jornadas de Viticultura y Enología de Tierra de Barros*, Almendralejo, Junta de Extremadura, 1996, pr. ms.

DOMÍNGUEZ MARTÍN, R.: "Campesinos en movimiento. Pluriactividad, ajuste familiar y desplazamiento de los campesinos del N. de España, siglos XVIII-XX". En *Actas de la Primera Conferencia Europea de la Comisión Internacional de Demografía Histórica*, Santiago de Compostela, 1993, pp. 491-519.

DOMÍNGUEZ MARTÍN, R.: "La aparcería como transacción entrelazada en las economías campesinas del Norte de España. Siglos XVIII y XIX". En García Sanz, A. (coord.): *Preactas del V Congreso de la Asociación de Historia Económica*. San Sebastián, 1993b, pp. 517-527.

DOMÍNGUEZ MARTÍN, R.: *El campesino adaptativo. Campesinos y mercado en el Norte de España, 1750-1880*. Santander, 1996.

DOUGLASS, W. A.: "Emigrantes campesinos, ¿actores o reactores?". En Douglass, Lyman e Zulaika (coords.): *Migración, etnicidad y etnonacionalismo*. UPV, 1994, pp. 13-31.

DURÁN, J. A.: *Historia de caciques, bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana*. Madrid, Siglo XXI, 1982.

DURÁN, J. A.: *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*. Madrid, 1987.

EIJÁN, S.: *Historia de Ribadavia y sus alrededores*. Madrid, 1920.

EIRAS ROEL, A.: "La corriente emigratoria de la sociedad industrial". En J. A. Escudero (coord.): *Españoles de ambas orillas. Emigración y concordia social*. Madrid, Sociedad Estatal Lisboa 98, 1998, pp. 71-99.

HERVÉS SAYAR, H.: "El movimiento agrarista gallego (1890-1936)". En R. Villares (dir.): *Historia de Galicia, IV: Historia Contemporánea*. Vigo, 1991, pp. 857-876.

HERVÉS SAYAR, H.: "A propósito del conflicto antiformal en la Galicia del primer tercio del siglo XX. Asociacionismo agrario y resistencia campesina". *Áreas*, n.º 15, 1993, pp. 55-73.

HERVÉS SAYAR, H.: "O unicato bugallalista: Ponteareas, 1891-1923. Elementos para unha análise do caciquismo e do clientelismo político na Galicia da Restauración". En L. Fernández Prieto et al. (coords.): *Poder local, elites e cambio social...* 1997a, pp. 213-224.

- HERVÉS SAYAR, H. e outros: "Resistencia y organización. La conflictividad rural en Galicia desde la crisis del Antiguo Régimen al Franquismo". *Noticiario de Historia Agraria*, 13, 1997b, pp. 165-191.
- MACÍAS HERNÁNDEZ, A. M.: "Canarios en América". En J. A. Escudero (coord.): *Espanoles de ambas orillas. Emigración y concordia social*, Sociedad Estatal Lisboa 98, Madrid, 1998, pp. 161-179.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A.: *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*. Pontevedra, 1989.
- MARTÍNEZ SOTO, A. P.: "El papel del crédito y la financiación en la agricultura capitalista (1850-1970). Una primera aproximación a un campo multifactorial". *Noticiario de Historia Agraria*, 7. Murcia, 1994, pp. 39-66.
- MORAIS SARMENTO, C. A. A. de: "'Minha Querida Marida'- subsídios para o estudo da familia emigrante através das Cartas de Chamada 1890/1914". En P. Sá Machado e J.A. Maia Marqués (coords.): *Maia. História Regional e Local*, II, 1999, pp. 285-296.
- MOYA, J. C.: "Aspectos macroestructurales y microsociales de la emigración española a Argentina (1850-1930)". En J. de Juana e X. Castro (eds.): *Galicia y América, el papel de la emigración*. V Xornadas de Historia de Galicia, Excma. Deputación Provincial, Ourense, 1990, pp. 137-163.
- MOYA, J. C.: *Cousins and Strangers. Spanish Immigrants in Buenos Aires, 1850-1930*. Berkeley/Los Ángeles/Londres, 1998, Univ. of Carolina Press.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O galeguismo en América. 1978-1936*. A Coruña, Edición do Castro, 1992.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Emigrantes, caciques e indianos*. Vigo, Xerais Universitaria, 1998.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: "Retornados e inadaptados: el *americano* gallego entre mito y realidad (1880-1930)". *Revista de Indias*, LVIII, 214, 1998b, pp. 556-593.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: "Les paroisses d'outre-mer: politique, leadership et associationnisme regional galicien à Buenos Aires et à La Havane (1890-1930)". En P. Glez. Bernaldo e F. Devoto (coords.): *Exils et migrations iberiques vers l'Amérique latine*, 1999, Publications Université Paris 7, pp. 131-177.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: "Emigración de retorno y cambio social en la Península Ibérica. Algunas observaciones teóricas en perspectiva comparada", *Migraciones & Exilios*, 1, 2000, pp. 27-66.
- PEÑA SAAVEDRA, V.: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. 2 vols., A Coruña, Xunta de Galicia, 1991.

PEÑA SAAVEDRA, V.: "As sociedades galegas de instrucción: proxecto educativo e realizacións escolares". *Estudios Migratorios*, 1, 1995, pp. 8-83.

PERNAS OROZA, H. e POSE ANTELO, J. M.: "O desenvolvemento da política local no marco dun concello rural: A Baña, 1900-1936". En L. Fernández Prieto et al. (coords.): *Poder local, elites e cambio social...* 1997, pp. 373-392.

PRADA RODRÍGUEZ, J. e SOUTELO VÁZQUEZ, R.: "Y quedó medrando para los dos...". La persistencia de la aparcería como fórmula de gestión patrimonial e interacción social en el mundo rural: Ourense, 1890-1970". En *Actas VIII Congreso de Historia Agraria*, Salamanca, maio de 1997, pp. 463-484.

PUEENTE FERNÁNDEZ, L. de la: *Transformaciones agrarias en Cantabria. 1860-1930. Especialización vacuna y construcción del espacio agrario*. Santander, 1992.

QUINTANA GARRIDO, X. R.: "Campesinos que se adaptan y agricultura que se mueve. De la Historia Agraria de la Galicia contemporánea". *Áreas*, 12, 1991, pp. 147-165.

REVILLA BLANCO, M.: "El concepto de movimiento social: acción, identidad y sentido". *Zona Abierta*, 69, 1994, pp. 181-213.

RISCO Y AGÜERO, V.: "A Irmandade Nazonalista Galega á Sociedade: Manifesto da Asamblea da Irmandade Nazonalista Galega". 1923.

RISCO Y AGÜERO, V.: "Orense". En Carreras Candi (ed.): *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona, 1927.

RISCO Y AGÜERO, V.: *O problema político de Galicia*. A Coruña, [1930] 1976.

ROF CODINA, J.: "Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura". *Revista de Economía de Galicia*. 58, Vigo, 1967 [orixinal de 1912].

RODRÍGUEZ GALDO, M. X.: *Galicia, país de emigración*. Gijón, Archivo de Indianos, 1993.

RODRÍGUEZ GALDO, M. X.: *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*. Xunta de Galicia, 1995.

RODRÍGUEZ GALDO, M. X.: "Emigración y evolución de los indicadores demográficos en Galicia". En M. González Portilla e K. Zárraga Sangróniz (eds.): *Los movimientos migratorios en la construcción de las sociedades modernas. Actas de los Primeros Encuentros de Demografía*, U.P.V., 1996, pp. 367-384.

SANFIZ RAPOSO, H.: "O agrarismo en Fene. Da preocupación educativa á UGT (1905-1936)". En *Preactas del Congreso Internacional Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Santiago de Compostela, 1997.

SANZ GONZÁLEZ, M.: “Los boletines oficiales y la correspondencia: dos fuentes para el estudio de la emigración gallega a América”. *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, 6, 1989, pp. 109-121.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A.: “Emigración e transporte de galegos a América, 1900-1930”. En L. Alonso Álvarez (coord.): *Os intercambios entre España e América Latina. Economía e Historia*. 1992, pp. 77-110.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A.: “O uso das fontes persoais para o estudio da emigración galega á América (1830-1930): estado, presente e perspectivas”. *Estudios Migratorios*, 2, 1996, pp. 139-175.

VEIGA ALONSO, X. R.: “Parentes, amigos e favores. As redes informais dos caciquismo”. En L. Fernández Prieto et al. (coords.): *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Parlamento de Galicia-USC, Santiago de Compostela, 1997, pp. 353-371.

VEIGA ALONSO, X. R.: “Los marcos sociales del clientelismo político”. *Historia Social*, 34, 1999, pp. 27-44.

VELASCO SOUTO, C. F.: “Estrategias campesinas en la lucha por la tierra. Galicia, 1800-1868. Algunos datos e interrogantes”. En *Actas VII Congreso de Historia Agraria*. Baeza, 1995, pp. 101-112.

VILLARES PAZ, R.: *Foros, frades e fidalgos. Estudios de Historia Social de Galicia*. Vigo, Eds. Xerais, 1982.

VILLARES PAZ, R.: *La propiedad de la tierra en Galicia*. S. XXI, Madrid, 1982b.

VILLARES PAZ, R.: “El indiano gallego. Mito y realidad de sus remesas de dinero”. *Cuadernos del Norte*, Monografías/2, 1984.

VILLARES PAZ, R. e FERNÁNDEZ, M.: *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996.

Retornados e cambio...

ANEXO:
A PRESENCIA DE AMERICANOS RETORNADOS NAS ORGANIZACIÓNS
AGRARIAS E NA POLÍTICA LOCAL NA PROVINCIA DE OURENSE

Cadro 6
Contribución das sociedades étnicas en Bos Aires, Montevideo
e na Habana para a Biblioteca Provincial de Ourense: 1928-1930

Sociedade	Acto benéfico	Cantidade
Centro Arnoya de Montevideo	Festival	129 ptas.
Pablo Rodríguez de Bos Aires	Donativo	295 ptas.
Unión Provincial Orensana	Donativo	1.500 ptas. e remesa de libros
Centro Gallego de Bos Aires	Subscripción	1.576,78 \$
Sociedad Hijos del Ayto. de La Peroja y su distrito en Bos Aires	Doazón	250 \$ = 740 ptas.
Curros Enriquez de Celanova	Función benéfica no Teatro Nacional	Nada
Club Tres Ríos		5 pesos cubanos
Ribadavia y su comarca		18
Carballino y su comarca		17
Carballino y su partido		10
Unión Trivesa		8
Progreso de Coles		18
Unión Valdeorresa		18
Alianza de Vilamarín		15
Hijos de Taboadela y su comarca		8
Unión Alaricana		8
Peroja y su comarca		8
Resto: inclúe Centro Gallego		176
Total remitido por Unión Orensana		3.007,95 ptas.

Fonte: Elaboración propia a partir da correspondencia de Unión Orensana, Centro Arnoya e Centro Galego de B. Aires con Marcelo Macías, Otero Pedraio e Juan Fernández Pérez, bibliotecario do Instituto que salvou esta documentación.

Cadro 7
Membros da Xunta de Defensa Anticaciquil de Celanova en 1918

Membro	Vila e parroquia	Profesión	Experiencia emigratoria	Adscripción política
Remigio Regente	Leirado	Comerciante	Non	Xefe de Falanxe
Benigno Forneiro	Leirado	Tratante de gandos	Non	Militante das JAP
José González Vasalo	Leirado	Labrego: secretario do concello co directorio	Non	Militante da JAP
Carlos Veloso	Quintela	Mestre de Quintela	Non	Falanxista
Severino Fernández	Quintela	Comerciante	Non	Agrario Socialista
Santiago Lima	Leirado	Estanqueiro	Arxentina	Requeté carlista
Gonzalo Mosquera	Leirado	Carpinteiro e prestamista	Cuba	Agrario
Teodoro Senra	Leirado	Xuíz municipal co directorio	Non	Militante das JAP
José Lourenzo	Quintela	Tratante	Arxentina	Agrario
Juan Estevéz	Forxán-Leirado	Canteiro	Cuba	Militante das JAP
Domingo Estévez	Forxán-Leirado	Canteiro	Cuba	Militante das JAP
Blas Estevéz	Forxán-Leirado	Canteiro	Cuba	Militante das JAP

Fonte: Elaboración propia a partir das lembranzas de Dolores T., Elvira P. e Eladio F. (Castro Pérez, 1997).

Nota: Tódolos que acabaron militando nas JAP fixérono orientados polo cura-párroco de Leirado.

Cadro 8
Organizadores locais de Sociedades Agrarias en Celanova

Nome	Vila-parroquia	Profesión	Emigrante	Evolución política	Represaliado en 1939-39	Cargo
Severino Fernández	Quintela	Comerciante	Arxentina	Agrario-socialista	Foxe a Arxentina	Presidente
Etelvino Touriñán	Lavandeira, Leirado	Labrego	Arxentina	Agrario-socialista	Foxe a Arxentina	Vicepresid.
José Álvarez	Fondóns Leirado	Labrego	Arxentina e Cuba	Agrario-socialista	Non	Vocal
Daniel Bouzas	Lavandeira, Leirado	Zapateiro	Estados Unidos	Concelleiro do PRR dende 1931	Non Non	Tesoureiro
Eulogio Platero	Quintela	Tratante	Arxentina	Agrario-socialista	Non	
Teodoro?	Quintela	Labrego	Arxentina	Agrario-socialista	Non	
Rafael?	Quintela	Mestre de Moreiras	Non	Falanxista	Non	
Antonio Domínguez	Leirado	Labrego e albanel	Madrid	Agrario-socialista	Fusilado	

Fonte: Elaboración propia a partir das lembranzas de D. T., E. P. e E. F. (Castro Pérez, 1997).

Cadro 9
Líderes agrarios locais na periferia noroccidental de Ourense

Nome	Parroquia e concello	Dedicación profesional	Experiencia migratoria	Actuación social ou política
Castor Sánchez Martínez	Parada de Amoeiro	Canteiro	Asturias e Francia	Militante socialista, líder agrario e alcalde de Amoeiro durante a II República
Agustín Rivera Suárez	Trasalba de Amoeiro	Labrego e albanel	4 veces a Cuba	Militante republicano, tenente alcalde e concelleiro durante a II República
Modesto Santos Pulido	Bóveda de Amoeiro	Labrego e xastre	Cuba	Presidente da soc. agraria parroquial e concelleiro durante a II República
Juan A. Dopazo	Bóveda de Amoeiro	Fontaneiro	Uruguai e Ourense	Propagandista agrario de filiación comunista libertaria
Antonio Otero Sarmiento	Rouzós de Amoeiro	Labrador, tratante e carpinteiro	Cuba	Concelleiro republicano, durante a II República e capataz na construción das estradas locais
Constantino Añel	Vilamarín	Comerciante en Cuba e rendista en Ourense	Cuba	Presidente da Sociedad de Instrucción Alianza de Vilamarín na Habana, fundador da escola de Reádegos e alcalde de Ourense
José e Manuel Guzmán Santeiro	Reádegos de Vilamarín	Industriais madeiros	Cuba	Organizadores da Soc. Agraria e de Oficios Varios "La justicia" de V.
Francisco Pérez "Pancho"	Reádegos de Vilamarín	Mestre, carnicero e comerciante	Cuba	Organizador da soc. agraria de Reádegos, mestre na escola financiada polos emigrantes e cacique conservador
Ramón Varela	Cambeo de Coles	Labrego	Cuba	Fundador da S. Agricultores de Coles (1906) e directivo da Soc. "Progreso de Coles" que financiaba a agraria e unha escola para 100 nenos
Francisco Moure	Vilarchao de Coles	Parceiro en pazo	Cuba	Líder agrario dende 1903 e concelleiro republicano dende 1931
Constantino Gallego Vázquez	S. Eusebio de Coles	Carpinteiro	Arxentina	Vicepresidente da Sociedad Agraria de S. Eusebio de Coles

Fonte: Elaboración propia a partir de prensa da época (*El Miño, La Voz Pública, La Zarpa*), actas dos concellos de Amoeiro, Vilamarín e Coles e da memoria oral de José Benito S. C., Agustín R. de Amoeiro, Ramón Pulido de Vilamarín, Bieito Iglesias e Eladio P. Moure de Coles.

Resumo

RETORNADOS E CAMBIO SOCIAL NO NOROESTE OURENSÁN, 1900-1936

Raúl Soutelo Vázquez

Esta contribución desenvolve un estudio cualitativo de nivel micro sobre os actores que orientaron a actuación socio-política das organizacións campesiñas en dúas áreas de gran tradición migratoria a Latinoamérica ata os anos sesenta deste século. Veremos como os naturais de Vilamarín, A Peroxa e Coles emigraron a Bos Aires e á Habana, crearon un potente tecido asociativo que influíu na dinámica socio-política das súas parroquias ata a Guerra Civil e convertéronse, moitos deles, en actores políticos de primeira orde. Analizaremos tamén a falta dese protagonismo dos retornados do Ribeiro, empregando, ademais das fontes escritas convencionais, as lembranzas dos coetáneos, así como a correspondencia persoal dos emigrados coas súas familias.

Palabras clave:

Organizacións campesiñas, retornados, asociacionismo, actuación socio-política.

Resumen

RETORNADOS Y CAMBIO SOCIAL EN EL NOROESTE ORENSANO, 1900-1936

Raúl Sotuelo Vázquez

Esta aportación desarrolla un estudio cualitativo de nivel micro sobre los actores que orientaron la actuación sociopolítica de las organizaciones campesinas en dos áreas de gran tradición migratoria a Latinoamérica hasta los años sesenta de este siglo. Veremos como los naturales de Vilamarín, A Peroxa y Coles emigraron a Buenos Aires y a La Habana creando un potente entramado asociativo que influyó en las dinámicas sociopolíticas de sus parroquias hasta la Guerra Civil y se convirtieron, muchos de ellos, en actores políticos de primer orden. Analizaremos también la falta de ese protagonismo de los retornados en las tierras del Ribeiro empleando, además de las fuentes escritas convencionales, los recuerdos de los coetáneos, así como la correspondencia personal de los emigrantes con sus familias.

Palabras clave:

Organizaciones campesinas, retornados, asociacionismo, actuación sociopolítica.

Résumé

**ÉMIGRANTS DE RETOUR ET CHANGEMENT SOCIAL
AU NORD-OUEST D'ORENSE, 1900-1936**

Raúl Soutelo Vázquez

Il s'agit de présenter une micro étude qualitative sur les acteurs qui orientèrent l'action sociopolitique des organisations paysannes dans deux zones de grande tradition migratoire en Amérique Latine jusqu'aux années soixante. Nous voyons comment les émigrants originaires de Vilamarín, A Peroxa et Coles émigrèrent à Buenos Aires et à La Havane, en créant un puissant réseau associatif qui joua un rôle dans les dynamiques sociopolitiques de leurs villages jusqu'à la Guerre Civile et qui fit de beaucoup d'entre eux des acteurs politiques de premier plan. Nous analysons aussi l'absence de ce rôle des émigrants de retour sur les terres de Ribeiro, en utilisant,

Retornados e cambio...

outre les sources écrites conventionnelles, les souvenirs de leurs contemporains ainsi que la correspondance entre les émigrants et leur famille.

Mots clé:

Organisations paysannes, émigrants de retour, mouvements associatifs, action sociopolitique.

Summary

RETURNEES AND SOCIAL CHANGE IN NORTHWEST ORENSE, 1900-1936

Raúl Soutelo Vázquez

This contribution develops a qualitative study on a micro level of the individuals who gave direction to the socio-political action of peasant organisations in two areas with an important tradition of emigration to Latin America up to the nineteen-sixties. We will see how the natives of Vilamarín, A Peroxa and Coles emigrated to Buenos Aires and to Havana, creating an important framework of associations that had an influence on the socio-political dynamics of neighbourhoods there until the Civil War and how many of them became political figures of the first order. We will also analyse the lack of that dynamism in the returnees to the Ribeiro region using, in addition to the conventional written sources, the memories of their contemporaries and personal correspondence between emigrants and their families.

Keywords:

Peasant organisations, returnees, associationism, socio-political action.

Curriculo

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou como documentalista histórico no Museo Etnolóxico de Ribadavia e exerce actualmente de profesor de Ensino Secundario no CPI de San Sadurniño (A Coruña). Organizou varias reunións científicas de ámbito internacional, publicou os libros *Os intelectuais do agrarismo. Protesta agraria e reformismo social na Galicia rural* (Servicio de Publicacións da Univ. de Vigo, 1999) e *De América para a casa. Correspondencia familiar de emigrantes galegos en Brasil, Venezuela e Uruguai, 1916-1969* (Consello da Cultura Galega, 2000). Está a remata-la súa tese de doutoramento sobre "Movimentos sociais, política local e emigración de retorno na Galicia rural: Ourense, 1880-1936".

OS “RETORNADOS DE ACCIÓN” EN FERROLTERRA (1904-1936)

Bernardo Máiz Vázquez

A tódolos emigrantes “ilegais”

PREVIA NECESARIA: A BISBARRA FERROLÁ

Do conxunto constituído pola bisbarra de Ferrol, nesta entrega estúdiase só o territorio dos concellos de Ares, Cabanas, Fene, Mugardos e Pontedeume, área que pola súa historia próxima presenta unha certa unidade, subcomarca conformada por algunhas características distintivas e na que Ferrol constitúe un fundamental punto de referencia; deteñámonos naquelas que lle afectan ao tema que tratamos.

- Contra 1727 o intendente de mariña don Xosé Patiño propúxolle ó rei don Felipe V instala-la cabeceira do *Departamento Marítimo del Norte* na ría de Ferrol, e construír nas súas ribeiras o Arsenal que aqueles magníficos técnicos da Ilustración ergueron –en palabras de don Zenón Soldevilla– para “guardar los vastisimos dominios de América”. Non é este o lugar para desenvolver como esa decisión borbónica marcou ata hoxe a historia de Ferrolterra, pero, á condición de Ferrol e os seus arsenais como a “isla científica” que definira frei Martín Sarmiento, ó pragmatismo e á vocación tecnolóxica e burocrática dos seus veciños (moitos deles formados na Escola de Maquinistas da Armada dende 1850 en diante, na de Enxeñeiros da Armada dende 1860, na de Administración Naval dende 1861, na de Maestranza dende 1871...), factores que configuraron unha mentalidade certamente cartesiana (Cubillas, 1984), sumóuselle un certo cosmopolitismo pola fluencia de comunicacións náuticas con moitos lugares, pero especialmente cos semellantes *Apostadero* e Arsenal da Habana: de alenmar viñan madeiras e ideas, e a alenmar ían barcos, mariños, técnicos, mestres e operarios dos oficios, atraídos, entre outras cousas, por uns salarios que duplicaban os da metrópole (e sirva como exemplo e homenaxe o caso do meu bisavó Xosé Vázquez Durán, calafate no Arsenal de Ferrol ata o ano 1891 cun salario de 24 reais e percibindo 48 reais no da Habana dende esa data ata 1898).

Os “retornados de acción”...

- As oscilacións da política estatal e da industria naval provocaban (provocan) altas e baixas na economía da comarca: ao remata-la última guerra de Cuba había menos barcos e cativos presupostos para a armada, con redución de persoal (por exemplo, pechouse a Escola Naval Flotante no ano 1901) e dos orzamentos para a construción de buques, o que levou a despedimentos no Arsenal e nos estaleiros privados; esta crise –unha de tantas– non rematou ata que fixo efecto, moi de vagar, a *Ley de escuadra* de 1909: en consecuencia, medrou a emigración no primeiro tercio do século XX.
- Ferrolterra presentaba unha concentración urbana-conurbana atípica na Galicia anterior a 1930. Non primeiros anos do século XIX (tomo as cifras de Lucas Labrada, 1804) a xurisdicción de Santiago tiña cerca de 5.000 veciños, Ferrol e A Graña 4.392, Ares 1.013 e Pontedeume 2.506; aínda con emigración había progresión demográfica, pois no ano 1857 Ferrol agrupaba 17.404 habitantes, 25.281 no 1900 e 35.563 no 1930, e sirvan como exemplo complementario Mugardos (6.517 no ano 1900, 7.112 no 1930), Fene (5.388 no ano 1900, 6.540 no 1930), nun crecemento debido –segundo Clemente Cubillas, de quen son os datos– ó “impulso urbano e industrial generado por el Departamento Marítimo”. A influencia cidadá estendíase tamén gracias a unhas comunicacións marítimas “de proximidades” moi estables, con oito liñas (ata fins do século XIX a remo e vela, despois a vapor) que facilitaban os desprazamentos laborais e educativos a Ferrol dende as vilas da ría; había ademais unha ruta cotiá á Coruña.
- Os arsenais concentraban en Ferrol unha multitude de operarios (5.087 en data tan remota coma o ano 1769), moitos deles residentes nun amplo *hinterland* fóra da cidade, elementos humanos da produción no sector naval, profesionais altamente cualificados formados nos obradoiros dos estaleiros, nas escolas máis arriba citadas, pero tamén na *Escuela de Artes y Oficios* fundada no ano 1881, no *Centro Obrero de Cultura* creado no 1911, ou nas moitas escolas artelladas dende a emigración en Cuba do 1904 en diante, como veremos. Había -e hai- en Ferrolterra dinastías afeitadas á disciplina laboral e ás novidades técnicas. Outro sector profesional numeroso estaba (está) na armada, sendo de certo habitual aplicar na vida civil os coñecementos adquiridos nas forzas armadas.
- Temperá implantamento en Ferrolterra das organizacións obreiras (unha sección da Internacional no ano 1871, a primeira agrupación socialista galega no ano 1891, partido que obtivo un concelleiro en Ferrol nas eleccións do 1895,...) e un forte asociacionismo en toda a volta, tanto cultural (por exemplo Ateneo de Ferrol no 1979 ou *Centro*

Obrero de Cultura do Seixo no 1913) como agrarista (por exemplo Cervás, 1899), ou electoral (por exemplo Centro Solidario de Pontedeume, 1909), confluentes a miúdo en política, como foi o caso das eleccións municipais de Ares, Fene ou Cabanas nos anos 1909-1913 ou en toda a comarca no ano 1931. E en toda iniciativa social e/ou política que ía agromando atopamos emigrantes, ben ausentes, ben de ida e volta e/ou retornados.

A EMIGRACIÓN HISTÓRICA DENDE FERROLTERRA A CUBA E OUTROS –ESCASOS– LUGARES

Tamén nun territorio “moderno”, industrial e urbanizado como era Ferrolterra no remate do século XIX e no primeiro tercio do século XX, emigrar era una posibilidade de romper coa vella orde socioeconómica, fuxir do desequilibrio entre demografía e recursos, escapar do servizo militar (anoto por significativo que entre os “quintos” aresáns –único caso que teño estudiado– dos anos 1895-1897 e 1911-1913 abundaban aqueles –tres de once na segunda data– ós que lles faltaba o dedo índice da man dereita...), da dependencia da terra, do remo ou do taller; tamén “por ver de mellorar” (sic) e –recoñezámolo– por tentea-la aventura americana. Na volta de Ferrol e para o período que analizamos, a esas causas comúns a tódolos galegos engádenselle-las conxunturas económicas negativas no sector naval apuntadas máis atrás, que mandaban –e mandan– fóra emigrantes educativa e profesionalmente cualificados.

Debo sinalar que no período estudiado había inmigrantes desta volta en moitos lugares ademais de Cuba, pero en número realmente pouco significativo á conta da vella relación co Caribe que deixei anotada e da facilidade e hábito de idas e voltas, por certo que antes e despois da independencia da illa é factor este último realmente pouco significativo, pois o número de emigrantes medrou nos anos inmediatamente posteriores á independencia cubana, mesmo ben pouco despois de ter rematado esta, como comprobamos en outubro do 1899 en *La Gaceta de Galicia* (editada en Ferrol): “Estos días han salido con destino a Cuba centenares de compatriotas que acaso marchan con la creencia de que la Cuba yankee es lo mismo que la Cuba española”; e entre a documentación que coñezo non deixa de ser rechamante a perceptiva licencia para emigrar –a Cuba– que en xullo do ano 1899 lle concedeu o seu pai adoptivo a un mozo de Redes, ámbolos dous mariñeiros repatriados a penas un mes antes “despues de ser los dos prisioneros de los norteamericanos en la guerra que hubo”.

Indícanos Núñez Seixas (1998) que “Os galegos forneceron o maior continxente dentro dos emigrantes españoles... entre 1911... e 1930 o

Os “retornados de acción”...

42'14%, 733.176 persoas”. Entre o ano 1915 e o 1933 a Cuba arribaron o 50'49% dos 509.992 galegos que deixaran Galicia, e aínda é máis específico o censo cubano do ano 1931, pois recolle que eran orixinarios de Galicia o 7% dos residentes na illa. ¿Deses compatriotas en Cuba cantos de Ferrolterra? Moitos, pois aínda sendo pouco doada a cuantificación exacta, nas memorias familiar e veciñal ficou Cuba como lugar de recepción maioritaria dos emigrantes desta comarca. Feita unha esculca nalgúns censos municipais sabemos que no ano 1912 residían en América derredor do 8% do total de veciños de Ares, Cabanas, Fene, Mugardos e Pontedeume, e deles aproximadamente o 7% en Cuba (Naranjo, 1988); imos ós datos:

Censos municipais. 1912

Veciños Ares	Veciños Ares “ausentes”	Veciños Mugardos	Veciños Mugardos “ausentes”
6.523	1.089	7.336	1.238

Máis especificamente: no caso de Ares estaban “ausentes” (sic) en Cuba 957 veciños e en USA 21, e no de Mugardos, na mesma data, estaban en Cuba 1.063, 16 en USA, 5 no Uruguai, 3 na Arxentina,... E aínda para unha maior precisión indicarei que das 3.454 persoas de sexo masculino censadas nese 1912 en Mugardos, 1.129 estaban “ausentes”, pode ser, dende logo, que algúns en ocupacións militares ou náuticas; non puiden atopar cifras da emigración feminina, pero os números anteriores de Mugardos permítenme apuntar que a emigración era fundamentalmente masculina. Consultado o censo da parroquia de Maniños no concello de Fene (1.299 habitantes no ano 1910, 1.206 no 1920, 1.154 no 1930, 1.746 no 1940) coído que é a emigración a explicación da curva poboacional nesas décadas, tempo, recordemos, de demografía natural positiva.

EN CUBA: ACTIVIDADES E ACTITUDES

Prácticamente a totalidade dos emigrantes da área que estudiamos estableceuse na Habana, Sagua, Cienfuegos, ou Manzanillo, cun núcleo en Tampa (Florida) e outro en Veracruz (México) que mantiñan relacións moi fluídas cos seus paisanos na illa, e coa terra nativa, como nos indica a canción:

Estando eu na Habana,
cando o poente do sol,
sentín tocar as campanas
das igrexas de Ferrol.
(Popular)

Seguindo a Núñez Seixas (1998) “En Cuba, os traballadores galegos que foron chegando dende mediados do século XIX concentráronse primeiro en labores de xornaleiro agrícola... pero... a partir do derradeiro tercio do século os inmigrantes galaicos repartíanse entre o sector terciario e o comercio en núcleos urbanos... e máis en actividades relacionadas co sector primario: a participación na zafra... ou tamén en labores pesqueiras”. Dende logo que os ferrolterráns participaban nesas actividades económicas comúns ós demais inmigrantes galegos, pero comprobamos unha certa especialización cualificada nas súa situación económica, quizais polas razóns expostas máis atrás (coñecementos técnicos, nivel educativo,...). Considero representativa a análise de corenta casos (8 de Ares-Cervás-Redes, 9 de Mugarodos-Franza-O Seixo, 6 de Fene-Maniños-Limodre-Barallobre, 5 de Pontedeume-Campolongo, 5 de Ferrol-Serantes, 2 de Cabanas-San Martiño), que puiden seguir –gracias sobre todo a documentación privada– como persoas que acadaran estabilidade económico-profesional en Cuba no período 1920-1930:

Agricultura como propietario	1
Agricultura como capataz/encargado	1
Carpinteiro de ribeira	1
Pesca/cabotaxe como armador	1
Pesca/cabotaxe como mariñeiro	5
Pesca/cabotaxe como patrón/maquinista	8
Mecánicos	3
Construcción como promotor	2
Construcción como capataz/encargado	3
Capataz nunha fábrica de tabaco	1
Comercio como propietario/socio	4
Comercio como “tenedor de libros”	3
Comercio como “chico”/dependente	4
Xornalistas	3

Deteñámonos nalgúns, ben asentados na illa e ben característicos alá e nas actitudes que desenvolveron nas súas viaxes a Galicia ou como retornados definitivos, e que polo tanto nos serven de exemplo xenérico. Hai entre eles varios con longas estadías na illa, como F. C. V. (do Seixo) que era contratista principal das obras do porto habaneiro; J. S. P. (tamén do Seixo) era inspector-maquinista dos buques da *Cuban Distiller* e presidente da *Sociedad de Maquinistas de La Habana*; A. N. (de Ferrol) fora director de varios xornais; M. B., que optou pola nacionalidade cubana no 1931, foi encargado e despois propietario dun *ingenio* en Camagüey; os socios C., V. e C. posuían unha importante ferraxería habaneira; R. F. era armador dun *vivero*...; pero xunto con

Os “retornados de acción”...

eles había uns poucos pequenos autónomos e unha gran maioría de asalariados, cunha certa diferenciación económica da común ós galegos inmigrantes á conta do elevado número de técnicos e/ou administrativos e encargados/capataces –de novo a capacitación orixinaria– e, xa que logo, perceptores de retribucións superiores á media. A tradicional actividade náutica fica na lista anterior e na estrofa que reproduce dunha “habanera” local e bilingüe:

En Cuba, la isla hermosa
de ardiente sol,
navegaba llevando fletes
que nunca viran
estes meus ollos
de mugarés.
(Popular)

Afirma Dionisio Pereira (1992) que “os emigrantes non tiñan un comportamento social homoxéneo, e na súa andaina americana moitos deles coñeceron por primeira vez os conflitos de clase”. Coincido coa primeira parte da cita pero disinto da segunda no que lles afecta ós emigrantes/inmigrantes da área de Ferrolterra, pois estes chegaban ós lugares de recepción (e de alí volvían máis aprendidos e reforzados nas súas ideas) cun coñecemento das relacións sociais, do asociacionismo e da reivindicación superior á media entre os inmigrantes, aspecto substancial e comprobable se se repasan comparativa e cronoloxicamente as nóminas de fundadores e directivos das asociacións galegas ou locais en Cuba, a súa actividade sindical e/ou política na illa, os “activistas indeseables” expulsados de Cuba en 1917, 1924 e na dictadura machadiana, a súa actuación como retornados temporais ou definitivos (por exemplo na constitución de sociedades agrarias e sindicatos ou nas eleccións municipais do ano 1912, 1931, 1936)... E vaíamos a modo.

O activismo asociativo mutual e galeguista dos ferrolterráns en Cuba foi precoz pois estaban na primixenia *Sociedad de Beneficiencia de Naturales de Galicia* do ano 1871 e na creación do Centro Galego no 1879, sendo ben coñecido o papel fundacional do ferrolán Xosé Fontenla Leal na *Asociación Iniciadora e Protectora da Academia* (1905) para crea-la Academia galega, xunto co tamén ferrolán Xoán Casal e o aresán Bugallo. Fontenla Leal é tamén presidente no ano 1908 do *Comité Redencionista Gallego* en Cuba, inspirado dende Galicia por *Solidaridad Gallega*. Outra cousa foron as sociedades para actuar na localidade orixinaria e que trato máis abaixo.

Case tódalas persoas estudiasdas manteñen actividades e actitudes moi coincidentes, abundando quen levaba a cabo reivindicacións sociais,

culturais e sindicais. Non é este o lugar para desenvolver biografías, polo que só me deteño nos casos do ferrolán Adelardo Novo (director na Habana do *Diario Español* varios anos, dende 1907, e “inmigrante que desde su llegada se vió envuelto en luchas sindicales y políticas y para quien la conciencia de clase estaba por encima de toda consideración”, en palabras de Consuelo Naranjo (1988); regresou no ano 1936 e morreu na cadea en Pamplona no 1939); o tamén ferrolán Guillermo Cedrón Gómez (comerciante e xornalista en Cuba de 1909 en diante; retornado, organizou no ano 1931 a Agrupación Comunista de Ferrol e foi fusilado no 1936); o mugardés Domingo Deus, sindicalista expulsado de Cuba en 1924; o aresán Antonio Bugallo, o cabanés Gregorio Torrente, o eumés Constantino Horta, o seixense Federico Casteleiro Vila, os feneses Leopoldo Castiñeira e Antonio Fernández... Persoa moi significativa foi o mugardés Juan Prieto Balsa, no 1921 na *Unión de Viveristas del Puerto de La Habana*, organizador no 1922 do anarcosindicalista *Sindicato Único de la Industria de la Pesca en Cuba*, no 1925 no primeiro grupo comunista da Habana e na *Confederación Obrera Cubana*, deportado no 1930, alcalde de Mugardos no 1936 e fusilado. Podería continua-la relación con outras persoas tan definidas como as citadas e unha maioría de xente rexa pero menos coñecida; por certo, que non dei atopado ningún caso tan característico no outro extremo do arco societario e/ou político, nin en Cuba nin en Galicia, pois habendo ferrolterráns ben acomodados en Cuba e que desenvolven un destacado papel social e económico na illa e no retorno, como veremos, non actuaron neses terreos do xeito que clasicamente podería ser considerado como conservador.

Entre os emigrados en Cuba pesaba máis que calquera outro factor ideolóxico o feito de seren paisanos e a directa convivencia asociativa; os galegos en América asociábanse, xuntábanse para o erguemento de Galicia –que tamén– pero aínda máis para afrontar colectivamente os desafíos e a integración nunha sociedade diferente á de partida, para axudarse, para lembra-lo patrón da pequena patria nativa..., xurdindo dese xeito unha constelación de sociedades galegas de denominación municipal e/ou parroquial, que, aínda que cumprían tanto a función mutualista como a de mante-la morriña e as raíces, tiñan despois como obxectivo fundamental a “instrucción”, construír e dotar escolas e bibliotecas que desenvolvesen nesta banda do mar –había seccións das directivas nunha e noutra terra– un proxecto que preparase técnica e culturalmente os compatriotas, dentro dunha ideoloxía case sempre “laica”, “cívica”, “moderna”, “progresista”, “anticaciquil” (reproducindo só expresións extraídas dos regulamentos de varias desas sociedades), adxectivos ós que lles engadiron –alomenos en dous casos– o de “galleguista” (“Ergamos Galicia educando a los gallegos”) baixo a man do aresán Antonio Bugallo e do mugardés Ferreol Lago, cuestión tamén

Os “retornados de acción”...

manifesta nos nomes cos que bautizaban as escolas que construían. Dende a pioneira *Alianza Aresana* (1904) foi medrando en Cuba un fenómeno de mímese e mesmo de rivalidade asociativa que, sempre afectadas as entidades polas altas e baixas da economía cubana, desta comarca que tratamos creou en Cuba as sociedades das que vai relación cronolóxica:

- *Alianza Aresana de Instrucción*, nada en Casablanca en marzo do ano 1904 con 46 socios e con 204 no ano 1907.
- *Sociedad de Instrucción, Recreo y Beneficencia Ferrol y su comarca*, no ano 1909, con socios de Ferrol, Serantes, Narón, Neda, Valdoviño, Moeche e San Sadurniño; Guillermo Cedrón foi o seu secretario e despois presidente.
- *Sociedad de Instrucción Naturales de Fene*, no ano 1910.
- *Unión Mugardeza de Instrucción*, creada no ano 1911 con 222 socios; presidida por Ferreol Lago, Francisco Sabio, Gabriel Miguez, José Gelpi, etc.
- *Hijos de Puente deume y su Partido Judicial*, no ano 1912.
- *Sociedad Instructiva de Redes-Caamouco*, no ano 1913.
- *Luz de América* (tamén *Luz de Galicia*) de Cabanas, no ano 1916.
- *Institución Escolar Franza-El Seijo*, no ano 1921.
- *Centro de Instrucción, Protección y Recreo de Cervás*, no ano 1922.
- *Hijos de Limodre*, no ano 1923.

O “crack” bancario do 1921 –motivado pola baixa do prezo do azucre dende o ano 1919– motivou reducións salariais e despedimentos, e deulles folgos ós sindicatos cubanos (ou galaico-cubanos nalgún caso), cortou as saídas migratorias cara a Cuba, provocou repatriacións forzosas e mirrou as contribucións societarias para a “instrucción” en Galicia. Aínda peores foron as consecuencias da crise do 1929, pois os fortes aranceis norteamericanos ó azucre e ó tabaco cubanos dende o ano 1930 en diante levaron á quebra os bancos onde estaban depositados os fondos das sociedades, provocaron o peche de empresas e desemprego, impedíndolles ós socios aboa-las cotas das sociedades e cortando case definitivamente as inxeccións económicas que a Galicia chegaban dende Cuba, en coincidencia coas medidas represivas da dictadura de Machado (por exemplo: *Ley de repatriación forzosa*, aplicada a desempregados e a activistas, que foron expulsados da illa). Cando o goberno de Grau San Martín publicou no ano 1933 a súa *Ley de nacionalización del trabajo* (ou lei do 50%, para favorece-lo emprego dos cubanos de nación) diminuíu a emigración masiva galega a Cuba, aínda que cun repunte a fins do ano 1934 e no 1935.

IDAS E VOLTAS DOS “CUBICHES” OU “HABANEROS”

En ayes del alma
vamos a Ferrol.
Adiós cubanita,
Adiós, adiós.
(Popular)

A prensa local consultada, a revisión das actas dalgunha das sociedades de instrución atrás relacionadas e os censos municipais confirman o que suxería a memoria veciñal e moita documentación privada: o que emigraba a outros países americanos raramente volvía ou retornaba definitivamente; os “cubanos” (no semanario mugardés *La Democracia* alcúmanos de “cubiches”) ían e viñan a miúdo. Había un intercambio, “unha corrente de ida e volta” (Peña Saavedra, 1991) que “facía aos indianos ou americanos un elemento casi habitual en amplas zonas de Galicia” (Núñez Seixas, 1994).

Puiden face-lo seguimento documental de dezanove emigrantes a Cuba no período 1904-1914 e doutros vintetrés no tempo 1925-1935; coinciden dúas persoas en ámbalas dúas relacións, e loxicamente excluín da esculca aqueles emigrantes que nunca volveron:

Idas e voltas

	1904-1916	1921-1935
Viaxe bianual	3	5
Viaxe trienal	5	6
Algunha vez/Definitivamente	11	12

Os motivos para o regreso definitivo eran múltiples (xubilación, desemprego, expulsión, creba, enfermidade, etc.) pero as causas para volver temporalmente configuran un abano de poucas posibilidades: descanso-voda-herdanza-investimento ou algún deses elementos combinados, volvendo sempre aqueles emigrantes que podían deixa-los seus “intereses” (traballo, negocio, familia) en Cuba durante unha longa tempada, pois as estadías na terra tiñan unha duración de varios meses, case sempre collendo tempo de verán e aproveitando a viaxe para casar, adquirir terreos, construír casa... Como exemplo arquetípico de idas e voltas dun asalariado cualificado sérvenos J. S. M., nado no ano 1882, reclamado polo seu pai (inmigrante en Cuba dende o ano 1889) no ano 1906, maquinista de barco na ruta A Habana-Tampa (USA) dende o ano 1912 ó 1922 e na de Cienfuegos-A Habana-Tampa dende o 1923 ó 1931 e do 1934 ó 1941, con estadías no

Os “retornados de acción”...

Seixo natal no 1919 (tres meses, descanso), no 1922 (cinco meses, voda), 1925 (catro meses, compra casa, leva a familia), regreso coa familia á terra no ano 1931 (monta unha tenda de ultramarinos), marcha el só a Cuba no 1934 e retorna definitivamente no ano 1941. E abonda con M. B., soldado en Cuba ata o ano 1898, fica alá como encargado agrícola, viaxa a Galicia no 1909, regresa a Cuba, casa ó pouco cunha cubana propietaria dun *ingenio* en Camagüey, viaxan a Galicia no 1913, volven a Cuba ese mesmo ano e retornan definitivamente á terra no ano 1918, despois de vende-lo seu *ingenio* pero mantendo a nacionalidade cubana.

Se os retornados definitivos desenvolveron en moitos casos os papeis que veremos máis abaixo, nestas idas e voltas migratorias, económicas ou por lecer, tamén había un labor propagandístico –ás veces inconsciente– de acción reivindicativa e societaria que ía deixando en Galicia ideas *novas/modernas/de progreso/anticaciquís/igualitarias/liberadoras* (as expresións en cursiva están recollidas de escritos do tempo), por xunto anovadoras e que constitúen o que Peña Saavedra (1991) cualifica como “as remesas inmateriais”.

A ACCIÓN INDIVIDUAL DOS RETORNADOS: CHALÉS, ESCOLAS, CAMIÑOS, PONTES E FONTES

Alá vai o habanero
polos camiños,
con sombreiro ‘pajilla’
e de penas farto.
(Popular)

O indicado no título debería estar en correspondencia co modelo de retornado que Núñez Seixas (1994) denomina “indianos máis ou menos acomodados”, aqueles que ás veces se aproximaban e se identificaban cos sectores que exercían o dominio social, político e económico en Galicia, persoas que entraban nas redes caciquís ou mesmo as artellaban, aínda que non había neles unha actitude homoxénea, como tampouco a había entre os menos acomodados. Na miña apreciación todos (indianos e americanos, “cubanos” nesta zona) viñan cunha carga ideolóxica basicamente liberal que chocaba coa mentalidade e as prácticas tradicionais, viñan impregnados de “ideas filantrópicas, modernas y cívicas” –expresións que abundan nas crónicas da prensa local e nas actas das sociedades– e convencidos das virtudes dos réximes políticos democráticos “a la americana” (sic); podían (e faciano, todos, foran acomodados ou non) contribuír economicamente ás actividades relixiosas da súa parroquia ou ás obras da igrexa, pero dado que aquelas eran actos sociais e o templo de todos –á marxe da especificidade dos

emigrantes aresáns de confesión evanxélica–, sendo moi inhabitual a manifestación pública de relixiosidade, frecuente o anticlericalismo e norma a defensa da separación entre igrexa e escola, cando non é un ateísmo –e internacionalismo– militante (“El trabajo es mi único dios, la humanidad es mi patria y el mundo mi tumba”, inscribiu na súa mansión da Brea de Barallobre o emigrante retornado Antonio Fernández). Varios cubanos “de bo pasar” formaron parte de candidaturas municipais cando menos progresistas (por exemplo con agrarios e solidarios en Ares, Cabanas e Mugaros nos anos 1912-1914); outros aceptaron cargos públicos no período primoriverista, pero dende o ano 1929 en diante ían máis cara a un aparente apoliticismo ou cara ó Partido Radical e as organizacións azañistas, mesmo con algún próximo ó PSOE; varios exerceron un labor galeguizador (folclórico e lingüístico máis que outra cousa) como directivos dalgunha das moitas sociedades que inzaban a comarca.

Unha achega singular dos emigrantes a Galicia foi a arquitectónica, non só na construción de escolas, senón –e loxicamente en moito maior número– nas súas vivendas. Está estudada unha boa proporción dos *chalés* e casas de indianos, ou mellor, están catalogadas aquelas verdadeiramente notables polo seu volume, localización e características constructivas. Ás veces os retornados só remodelaban a vella casa familiar, pero outros (a maioría) levantaban edificios feitos sobre planos e con innovacións técnicas –dende logo que con estética, adornos, cores e palmeiras– procedentes de alenmar, e case todos con elementos decorativos rexionalistas, *art decó*, modernistas e/ou eclécticos (non hai verdadeiramente un “estilo indiano”) e estruturas de ferro e formigón, pois debo recordar que nesta terra non abunda o granito e que o cemento e o metal eran naquel tempo signos de modernidade constructiva. É frecuente que conste no exterior a data de construción, sempre entre os anos dez e os trinta do século XX, pois estas vivendas foron levantadas nos anos dourados da emigración ó Caribe. Abonda un percorrido por Ferrolterra para observar nos frontispicios, nos penais ou nos peches exteriores deses edificios singulares, pero tamén en moitas casas menos notables, algunha desas características, completadas nos interiores cunha distribución que facilitaba a entrada de luz, e servicios sanitarios que nalgún caso eran importados dos Estados Unidos, vía Cuba. Por xunto marcaron un xeito que foi imitado durante décadas.

Ademais de coa palabra *chalés*, intitulei este apartado como *escolas*, *camiños*, *pontes e fontes*, pero debería eliminar *pontes* –ningunha que eu saiba– e engadir lavadoiros como “el que construyó Guerra” (dunha copla do entroido de Cervás no ano 1909 referida ó pagado por Juan Guerra, antigo emigrante en América). E tamén houbo reparacións de igrexas como a da capela do Lodairo de Franza, no ano 1914, por conta de Gaspar Vizoso,

emigrante en Cuba. O principal contribuínte para remata-la escola *Hijos de Limodre*, no ano 1927, foi o Sr. Varela Grande, pero só coñezo nesta parte do mundo dúas escolas levantadas co esforzo económico dun único emigrante, sendo un caso a de Seselle (Ares), por man do señor Vizoso Cartelle, “Súbdito cubano natural de la parroquia de Caamouco”, sobre planos que viñeran de Cuba, que foi inaugurada no ano 1931 e que hoxe está arruinada por un problema sobre a súa titularidade. A outra é o edificio principal do actual *Grupo Escolar Santiago Apostol* de Franza (Mugardos), concluído no ano 1929 a expensas de Francisco Vizoso Cancela, quen, por certo, pagou no 1930 a pavimentación, con formigón, de douscentos metros da estrada de xabre que pasaba por diante da súa casa, coincidindo na súa actuación cun Federico Casteleiro que ampliou, ás súas expensas, o antigo camiño da Senra no Seixo de Mugardos.

Varios destes “acomodados” continuaron as súas actividades económicas na terra de retorno, declarou un deles á prensa –de novo a filantropía– que era coa intención de “crear riqueza aquí para evitar a los jovenes tener que emigrar allá”. En Mugardos, a familia Gelpi armou, do ano 1904 en diante, pesqueiros de vapor con diñeiro procedente de América, e as remesas cubanas permitiron moderniza-las tarrafas da flota aresá; en Barallobre Antonio Fernández, en Pontedeume a familia Bedoya e en Perlío a familia Aguilar levantaron estaleiros con capitais repatriados; no Seixo, a familia Vila investiu os aforros cubanos nun muíño/serradoiro e na primeira “fábrica de luz” da comarca de Ferrol... Pero a actividade económica máis frecuente no retorno –á marxe da percepción pasiva de rendas dos bens deixados en Cuba– foi a propia das clases medias: a tenda de ultramarinos, a ferraxería, o salón de baile, a mecanización da embarcación familiar de pesca, a máquina de mallar, a carpintería, o taller mecánico, etc. Pero, fosen os acomodados ou fosen os outros, todos importaban de Cuba (moitas veces a illa era só a estafeta dos Estados Unidos) ideas, planos, aparatos de divertimento (gramófonos, radios, proxectores de cine –como o que circulaba polos salóns de baile de Ares na década dos dez–) ou de uso práctico (motores, máquinas de escribir e de coser...).

Teñamos en conta unha vez máis que “ó longo de moitos anos en Galicia viveuse, en non pouca medida, á conta do que podía chegar de Cuba” (Neira Vilas, 1985) e que a modernización e “...o progreso técnico ían acompañados pola angueira de progreso ideolóxico” (Fernández Prieto, 1992). De Cuba viñan cartos, pero tamén viñan, aínda máis, proxectos e actitudes, case sempre anovadoras, cando non eran rupturistas con antigos hábitos: coido relevante anotar que o primeiro matrimonio civil rexistrado en Mugardos tivo lugar no ano 1914, manifestándose ámbolos contraentes “católicos pero anticlericales”; alomenos el fora emigrante en Cuba.

A ACCIÓN COLECTIVA DOS RETORNADOS

Non é doado distinguir entre acción educativa, acción social e acción política dos retornados, eses que viñan “máis cepillados”... Tratamos aquí as realizacións prácticas, pero tamén “as remesas inmateriais... que incidían na mentalidade da xente, precipitando mutacións preceptivas e valorativas que logo se manifestaron en actitudes e comportamentos concretos” (Peña Saavedra, 1991).

1. O labor máis coñecido entre os realizados colectivamente polos retornados foi o educativo: as escolas coñecidas como “laicas”. Seguindo o ronsel da *Alianza Aresana de Instrucción*, que inaugurou a súa primeira escola de nenos no ano 1908, viñeron despois a que levantou, tamén de nenos, no 1912, a *Unión Mugardeza de Instrucción*; a dupla, no 1915, da *Sociedad Instructiva de Redes-Caamouco*; a escola Curros Enríquez en Maniños, no 1916, e a Concepción Arenal de Perlío, no 1918, construídas pola *Sociedad de Instrucción Naturales de Fene*; no ano 1923 a escola de Moeche da *Sociedad de Instrucción, Recreo y Beneficencia Ferrol y su comarca*; a dupla da *Institución Escolar Franza-El Seijo* e a de nenas da *Alianza Aresana*, no ano 1925; a de *Hijos de Limodre* en 1927, e o enorme edificio escolar *Luz de América/Luz de Galicia* que, con moitas dificultades, remataron no ano 1929 os veciños de Cabanas para que servise tanto de escola como de albergue infantil estival e para usos municipais. Non inclúo como escola o *Centro de Instrucción, Protección y Recreo de Cervás* do ano 1922, pois naceu con biblioteca pero sen aulas específicas para o ensino regulado.

Característica común a tódolos edificios escolares eran, como vimos, os modelos constructivos, con planos ben axeitados, que unhas veces viñan de Cuba (de novo debo facer referencia á influencia dos Estados Unidos, e ó feito de que moitos emigrantes andaban alá en tarefas constructivas) e outras da man do arquitecto ferrolán Ucha, escolas de aparencia modernista ou de estilo rexionalista, con interiores amplos e ben iluminados, duchas e –en dous casos– calefacción. O salario dos mestres das “laicas” era superior ó que percibían os profesores do ensino público, e boa era a calidade do ensino regulado e grandes as innovacións didácticas: internadoiros, experimentación en pequenos laboratorios importados de alenmar e Alemaña, clases de mecanografía (con máquinas enviadas dende Cuba), de taquígrafía e de contabilidade, material escolar gratuíto en varios casos, excursións, festas da árbore, bibliotecas ben dotadas, etc.; no caso de Ares e Mugar dos houbo clases nocturnas para adultos dende o ano 1912, e en Redes dende o 1913. Os regulamentos, actas e prensa do tempo afondan na formación académica (e non só para preparar futuros emigrantes, como chegou a afirmar algún autor, senón, como vimos, cara á mellora dos galegos de Galicia) e na

educación cívica, neutral, laica, moderna, con referencias a Ferrer i Guardia e á *Institución Libre de Enseñanza*, e contactos con movementos pedagóxicos doutros lugares, sendo máis que unha anécdota que no ano 1917 en Redes-Caamouco dispuxeran que “la mañana de los sábados se dedique al estudio de la historia de Galicia y de la lengua regional”, ou que un bo número das bibliotecas escolares que o goberno republicano dotou no bienio 1931-1933 viñeran a estas escolas dos “cubanos”. Na xeira da II República, as escolas de Ares, Cabanas, Maniños e Perlío foron doadas polas sociedades creadoras ós respectivos concellos, e as outras foron saqueadas e expropiadas inmediatamente despois da sublevación de xullo do 1936.

2. A acción social dos retornados (combinada coa educativa e a política) recibiu as críticas dos sectores reaccionarios galegos. Núñez Seixas (1994) ofrécenos tanto as declaracións do arcebispo de Santiago no 1907, que vía nos “americanos” un mal exemplo como “instigadores de ideoloxías subversivas”, como os argumentos críticos que desenvolveron vinte anos máis tarde Vicente Risco e Losada Diéguez cara ós retornados como “axentes de perturbación da orde tradicional, tanto polos seus novos costumes... como polas súas novas ideas”, crítica motivada, no caso destes galeguistas, pola posible perda dos valores enxebres (aspecto que nalgún escrito tamén considerou Castela), pero remito como exemplo galeguizador (progresista, claro está, e non é este o lugar para analiza-las diferentes “sensibilidades” galeguistas) ó indicado sobre da escola de Redes-Caamouco, ben recibido por Antón Vilar Ponte, como tamén é significativo que no Seixo nomearan en galego a *Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega*, no ano 1923. En canto ás posicións ideolóxicas, tamén Núñez Seixas destaca que Blanco Torres consideraba que os emigrantes volvían con “una personalidad moral e intelectual que imprimía sentido, valor a una vida”, ou que Blanco Amor distinguía positivamente doutros americanos, finchados de petulancia, ós que foran a Cuba “máis sinxelos, coñistas e francos”. Deixei indicado máis atrás, que de América viñan elementos propios do progreso técnico, e o “progreso técnico viña acompañado da angueira do progreso ideolóxico” (Fernández Prieto, 1992) e “as ideoloxías e as iniciativas políticas pódense transmitir a distancia dando lugar a un intercambio. Esto foi patente nos movementos políticos específicos de Galicia” (Núñez Seixas, 1994). Esas achegas ideolóxicas contribuíron a crear unha nova mentalidade colectiva de *Progreso*, nome do casino que por iniciativa dos cubanos fundaron en Franxa no ano 1926. Outros casinos e/ou sociedades (non só recreativas, pois, organizábanse bailes, tamén había ciclos de conferencias, recitados, lecturas) naceron con “cubanos” como principais animadores: o *Casino Aresano*, no ano 1917, a *Liga de Amigos* de Barallobre, no 1932, e o xa citado *Centro* de Cervás, neste caso con función tamén mutualista (“Proporcionar a los asociados, en

caso de enfermedad, una peseta diaria durante el primer mes y cincuenta céntimos los dos siguientes...”, no artigo 4º do Regulamento do 1924). En todos eles era fundamental unha boa biblioteca, nutrida con fondos bibliográficos españois (sempre había obras de Blasco Ibañez e Pérez Galdós e tamén dicionarios), cubanos (de xeografía e historia) e galegos (por exemplo o álbum *Nós* e as obras de Rosalía de Castro e Curros Enríquez). Como pode deducirse da denominación da sociedade do Seixo que cito atrás, e do feito de que nunha estada de “cubanos” en Maniños crearan no 1925 a *Sociedad de amigos de los árboles* co fin de “proteger la flora y la vegetación” (sic), outro desexo colectivo era a preocupación pola riqueza agraria e forestal; no primeiro eido están –por exemplo– as protestas de varias destas asociacións locais contra o arancel sobre o millo no ano 1914, e as conferencias nas súas sedes (Rodrigo Sanz, Rof Codina) sobre a mecanización da agricultura e o saneamento do gando, e no segundo, as *Fiestas del Árbol* celebradas polos concellos con plantacións, dende o ano 1912 en diante, conxuntamente cos alumnos das escolas das sociedades de instrución.

Un aspecto máis frívolo, pero non menos importante para a mudanza de costumes, son as festas e a vestimenta, aspectos sobre os que só dou unhas puntadas. Nos casinos e sociedades, nos salóns de baile que abundaban en toda a volta, e nas romarías interpretábanse música e bailables do país, pero tamén “cubiches” (grande éxito do “danzón” *El ferrocarril central* nas festas de Pontedeume do ano 1912, e no ano 1924, no “Salón Arda” de Limodre, actuaba a chamada *Orquesta de Jazz Band* (sic)). Tamén chegaban, xunto con outras, as revistas *Carteles* e *Bohemia* (teño visto exemplares dos anos vinte e trinta), con figurinos de moda feminina que era imitada aquí; nas fotografías de época vemos homes con pantalóns brancos e as “pajillas” da copla...

3. Máis complexo é o seguimento da acción sindical e política dos retornados nunha comarca onde había un forte activismo neste terreo e que estaba tan influída polas organizacións ferrolás, foran estas “de clase” ou non.

En traballos anteriores e na recolleita de materiais para un estudio en que agora me ocupo, sorprendeume o elevado número de asociacións creadas nesta zona dende finais do século XIX e que se manteñen activas ou na memoria veciñal. Excluídas as políticas (que agroman sobre todo na II República), as educativas (que xa van citadas) e as recreativas (estas últimas aínda se manteñen hoxe) fago a relación cronolóxica, ata o ano 1923, da maioría desas entidades, que non ouso definir estrictamente como “de clase”, pero que na práctica estaban inclinadas cara a unha definición política e/ou sindical cando menos de signo progresista. Citei máis atrás algúns personaxes e detéñome máis abaixo noutros que desenvolveron un papel protagonista en organizacións viradas cara á esquerda, pero, podendo ser só casos destacados, coidei metodoloxicamente oportuno revisa-las nóminas de dirixentes e

Os “retornados de acción”...

afiliados a unhas e outras entidades (recreativas, de instrucción, agrarias, mutualistas, etc.) e as listas proclamadas nas eleccións, confirmando moitos casos de dupla, triple e cuádruple adscripción e/ou militancia. Vai anotado se na súa fundación ou dirección había retornados.

A fin de contas “a actividade societaria foi tamén unha gran baza electoral” (Fernández Prieto, 1992) e non podemos “esquecer o influxo que os retornados exerceron na formación das sociedades obreiras e sindicatos en Galicia dende comezos do século XX” (Núñez Seixas, 1994).

Sociedades (1899-1922)

Ano creación	Entidade	Retornados nela
1899	<i>Sociedad de Agricultores</i> de Cervás (Ares)	si
1903	<i>Cooperativa de consumo</i> de San Xoán (Mugardos)	si
1906	<i>La Previsora</i> de Nogueirosa (Pontedeume)	–
1907	<i>La Honradez</i> de Fene	si
1909	<i>Sociedad de Agricultores La Protección</i> de Lubre (Ares)	si
1909	<i>Sociedad de Agricultores</i> de Meá (Mugardos)	–
1909	<i>Centro Solidario</i> de Pontedeume	–
1910	<i>La Defensa del agricultor</i> (Mugardos)	si
1912	<i>Sociedad agrícola La Fraternidad</i> de Redes (Ares)	si
1913	<i>Soc. de Socorros Mutuos de Labradores y Marineros</i> (Mugardos)	si
1913	<i>Unión de Labradores</i> de Limodre (Fene)	si
1913	<i>Centro Obrero de Cultura</i> do Seixo (Mugardos)	–
1914	<i>Sindicato de Marineros y Pescadores</i> (Pontedeume)	–
1915	<i>Sindicato agrícola</i> de Seselle (Ares)	si
1917	<i>Sindicato de labradores y otros oficios</i> (Cabanas)	si
1920	<i>Sindicato de Trabajadores</i> (Pontedeume)	si
1922	<i>Unión Campesina</i> de Andrade (Pontedeume)	si

Deteñámonos en certos aspectos significativos dalgunhas entidades das que puiden recoller máis información: as directivas da *Cooperativa de Consumo* de San Xoán de Piñeiro e de *La Defensa* de Mugardos manifestáronse socialistas no ano 1912; as sociedades de Lubre, Redes e Limodre celebraron o 1º de maio do 1913 (ano, por certo, no que comezan a usa-la primeira máquina de mallar) aproximándose á UGT, así como á CNT a de *Socorros Mutuos* de Mugardos e o *Sindicato de Mariñeiros* de Pontedeume no ano 1914... Como xa deixamos escrito, os alcaldes de Ares (Bugallo e Villar) e de Mugardos (Picallo e Gelpi), elixidos en candidaturas artelladas –recollo da prensa do tempo– “desde Puentedeume por los agrarios de Solidaridad”, nos anos 1912 e 1914, foran emigrantes en Cuba.

Despois da paréntese da “dictablanda”, cando coa II República se puideron manifestar abertamente as definicións políticas e/ou sindicais, produciuse unha eclosión asociativa no espectro xenérico “das esquerdas” (sic), tema que non é este o lugar para desenvolver polo miúdo (e aínda menos as organizacións de dereitas). Nos cinco anos de República saíron á luz –sempre deixando a cidade de Ferrol á marxe– agrupacións das JSU, do PSOE, de ORGA-PRG-IR e do PR en tódolos concellos da área, de UR en Fene, Mugardos e Pontedeume, do PR-S en Ares, Fene e Pontedeume, do PG en Ares, Fene, Franza (*Irmandade Galeguista*) e Pontedeume, do PC en Fene e Mugardos, o Ateneo libertario *Naturaleza Consciente* e as *Juventudes Libertarias* en Mugardos... Teño confirmado como nesa forte politización (manifestada aínda con máis forza a través de actuacións no eido sindical) tiveron papel protagonista –xunto con outros– os retornados Benito Feijoo (alcalde de Ares pola FP no 1936, socialista), Eugenio Rey (alcalde de Mugardos no 1931, socialista), Manuel Fontán (alcalde de Mugardos despois de outubro do 1934, do PR), Juan Prieto Balsa (alcalde de Mugardos pola FP no 1936, comunista) e Álvaro Fuentes Antón (alcalde de Cabanas pola FP no 1936), como retornados eran tamén o concelleiro de Ares, Francisco Bello Casteleiro; os de Mugardos, Antonio Eytora Canizo, Domingo Picallo (que dimitiu por mante-la nacionalidade cubana) e Ciríaco Pereira; Argemiro López e Gregorio Torrente, de Cabanas; Eugenio Casal e Leopoldo Castiñeira, de Fene... A preocupación destas corporacións pola emigración ficou patente na petición que lle fixo ó goberno o Concello mugardés, en maio do 1931, para “solucionar el paro obrero, aumentado por la reducción de la siempre negativa emigración, más ahora cuando regresan muchos expulsados de Cuba”, ou cando o de Cabanas se manifesta, en novembro do ano 1931, a prol da autonomía galega, considerando que “con el estatuto Galicia no mandará a la emigración ninguno más de sus ciudadanos”.

Tanto ou máis significativa foi a actuación sindical, con casos como a conversión da *Unión Campesina de Andrade* (Pontedeume) en *Juventud Republicana de Agricultores de Andrade*, no ano 1933, por man do retornado Abeledo. Retornados eran tamén moitos dos que transformaron as antigas sociedades agrarias e mariñeiras en organizacións definitivamente de clase (*La Fraternidad* de Redes amplía o seu nome con *Sindicato de Trabajadores de la Tierra-UGT* no 1932; o sindicato de pescadores de Mugardos ingresou na CNT, etc.), e fixeron nacer outros tantos sindicatos e entidades transformadoras denominadas “de oficios varios”, “de edificación”, “sindicato único”, etc., creadas para “propagar ideas”, “defender los intereses de clase”, “luchar por la igualdad social”, activísimas en toda a xeira republicana. En toda esta rica creatividade sociopolítica había antigos emigrantes, pero estudiala é obxecto doutro traballo.

“AQUELA GUERRA NOSA”

Non vou desenvolver-los sucesos de xullo do 1936 en diante, pois a eles dediqueilles outros estudos e vai habendo en Galicia publicacións asisadas (e outras que non o son tanto) sobre aquel drama colectivo. Con todo, é obvio que quen se arrepxo ós sublevados foron as organizacións e corporacións da Frente Popular, pero como non corresponde narrar toda canta resistencia houbo por man duns e outros, coido que abonda cos exemplos seguintes: na estrada que dende Mugar dos vai cara a Pontedeume, no lugar da Fraga, onde se xuntan os concellos de Ares, Fene e Limodre, instalaron unha barricada o 18 de xullo do 1936, outra na estrada de Laraxe, no concello de Cabanas e outra máis en Rilo, fronteira entre Ares e Mugar dos; preguntando, no curso das miñas investigacións, quen tivera a idea, quen estivera vixiando neses puntos ata a chegada do exército, e quen as defendera, as respostas espontáneas foron unánimes: “os cubanos”, dende logo que non eles sós.

Co triunfo dos sublevados foi asasinada moita xente en Ferrolterra, cifras que para a área obxecto deste estudio –e por razón doutro en que traballo–estou aínda a completar cun certo arrepxo, pois o elevado dos números estremece. Non incluío ningunha lista, pero fago constar que entre as vítimas caeron case tódolos “cubanos” que citei máis atrás como compoñentes das corporacións municipais republicanas, e con eles outros moitos retornados, responsables das sociedades de instrucción e dos sindicatos, ou sinxelos militantes ou simpatizantes “das esquerdas”; outros libraron (coñezo tres casos) gracias á súa nacionalidade cubana. Varios retornados acomodados, dos que algún fora designado polas novas autoridades para as comisións xestoras nomeadas cando triunfou a sublevación, testemuñaron a favor dos acusados, nos consellos de guerra ós que estes foran sometidos, e foron sancionados economicamente. E aínda máis, entre os represores directos só atopei dous retornados, un en Mugar dos e outro en Pontedeume... Outro aspecto –menos dramático pero moi significativo– que dá boa conta do posicionamento duns e doutros diante da educación e da cultura, témolo en que os bárbaros da Falanxe fixeron lumieiras cos libros das bibliotecas das sociedades de instrucción (Limodre, Redes) e que varios dos locais escolares foron convertidos en acuartelamentos (Cabanas) e outros foron cedidos para usos relixiosos (Franza-O Seixo).

Finalmente, sabendo que na outra banda do mar houbo gran mobilización na defensa da República, esta é unha cuestión que, cronoloxicamente, vai máis alá desta entrega. Voume referir a penas ó Antón Prego, de Redes (Ares), ó Antón Rodríguez, de Sillobre (Fene) e ó Antón Silvar, do Seixo (Mugar dos), que, con outros vintecinco máis, viñeron dende Cuba a combater no bando republicano.

A PERMANENCIA DO CUBANO EN FERROLTERRA

Crieime, e medrei, oíndo historias de Cuba e escoitando expresións que, cando dei en analizalas, fun sabendo que eran cubanismos, pois –de sempre– na miña terra, un “caiuco” é unha embarcación mínima, e, viaxando os oito quilómetros que hai de Pontedeume ó Seixo, pásase por diante de dous bares rotulados como “O Trapiche”, onde se pode beber un “bul”, que é cervexa con gasosa, ou un “buchito”, que é un café moi cargado..., pero se se arma un “tangai” pódénche dar cunha “macana” e quedas “asorado”.

Como sinalamos, a emigración a Cuba mirrou dende o paso da década dos trinta en diante, pero o cubano mantense no cancionero popular (do que ofrezco algunha mostra, métanlle música de habanera), na arquitectura e en obxectos que adornan as casas, en fotografías e cartas... Na miña terra non existe a expresión “máis se perdeu en Cuba” e hai moi ampla solidariedade con ese pobo. A fin de contas, como me dicía un veciño meu, “a metade dos de Sagua igual me son parentes”.

Os “retornados de acción”...

BIBLIOGRAFÍA E FONTES

- CAGIAO, Pilar e MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: *Unha ollada darredor do 98*. Ateneo Ferrolán. Ed. Concello de Ferrol, 1998.
- CASTRO, Xavier: “Influencias americanas en Galicia”, en *Galicia & América*. Consello da Cultura Galega, 1991.
- CUBILLAS, Clemente: *Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol*. Ed. COAG, 1984.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo: *Labregos con ciencia*. Ed. Xerais, 1992.
- LE RIVEREND, Julio: *Historia económica de Cuba*. Instituto Cubano del Libro, 1967.
- LLORCA FREIRE, Guillermo: *Ferroláns en Cuba*. Ed. Embora, 1997.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: *Galicia na IIª República e baixo o franquismo*. Ed. Xerais, 1988.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: *Nautilus: 1892-94*. Ed. Xerais, 1994.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: “Mugardos y Ares no ‘Democracia’”. *Ferrol Análisis*, n.º 13, 1998.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: “Bandos e política en Pontedeume na Segunda República”. *Cátedra. Revista de Estudios Eumeses*, n.º 7, 2000, pp. 95-102.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: *As embarcacións de pasaxe das rías galegas (1573-2000)*. Ed. Xerais, 2000.
- NARANJO OROVIO, Consuelo: *Del campo a la bodega...* Ed. do Castro, 1988.
- NEIRA VILAS, Xosé: *A prensa galega en Cuba*. Ed. do Castro, 1985.
- NUÑEZ SEIXAS, Xosé M.: “¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas?...”, *Anuario Brigantino*, n.º 17, 1994.
- NUÑEZ SEIXAS, Xosé M.: *Emigrantes, caciques e indianos: o influxo sociopolítico da emigración transoceánica a Galicia (1900-1930)*. Ed. Xerais, 1998.
- PEÑA SAAVEDRA Vicente: “As remesas escolares, benéficas e sociais dos emigrados”, en *Galicia & América*. Consello da Cultura Galega, 1991.
- PEREIRA, Dionisio: “Remesas de emigrantes e movemento obreiro. *Cadernos A Nosa Terra de pensamento e cultura* n.º 13, 1992, pp. 13-16.
- VELASCO SOUTO, Carlos: *Galicia na IIª República*. Ed. ANT, 2000.

Arquivos municipais de Ares, Cabanas, Fene, Mugardos, Pontedeume: actas plenos; seccións educación, quintas, sociedades.

Arquivo do Reino de Galicia: Fondo Goberno Civil, sociedades.

Coleccións particulares Bayolo, Casteleiro, Díaz, Naveiras, Seijas, Varela, Vázquez.

Resumo

OS “RETORNADOS DE ACCIÓN” EN FERROLTERRA (1904-1936)

Bernardo Máiz Vázquez

Este artigo céntrase na análise da emigración dos galegos de Ferrolterra cara a Cuba dende o século XIX. As pautas de comportamento tanto na emigración como no retorno son tratadas neste traballo. As idas e voltas dos “cubiches” e “habaneros”, o activismo político, sindical, educativo e societario dos ferrolterráns na illa, tanto a nivel individual como a nivel colectivo, xunto ás accións e influencias dos retornados no lugar de orixe, constitúen as principais variables de análise que achegan un maior coñecemento do fenómeno da emigración galega.

Palabras clave:

Ferrolterra, emigración galega, Cuba, retornados.

Resumen

LOS “RETORNADOS DE ACCIÓN” EN FERROLTERRA (1904-1936)

Bernardo Máiz Vázquez

Este artículo se centra en el análisis de la emigración de los gallegos de Ferrolterra hacia Cuba desde el siglo XIX. Las pautas de comportamiento tanto en la emigración como en el retorno son tratadas en este trabajo. Las idas y vueltas de los “cubiches” y “habaneros”, el activismo político, sindical, educativo y societario de los ferrolterranos en la isla, tanto a nivel individual como a nivel colectivo, junto a las acciones e influencias de los retornados en el lugar de origen constituyen las principales variables de análisis que aportan un mayor conocimiento del fenómeno de la emigración gallega.

Palabras clave:

Ferrolterra, emigración gallega, Cuba, retornados.

Résumé

LES “ÉMIGRÉS DE RETOUR SUBVERSIFS” DANS LA RÉGION DU FERROL (1904-1936)

Bernardo Máiz Vázquez

Cet article est centré sur l'analyse de l'émigration des Galiciens de la région du Ferrol vers Cuba, depuis le XIX^e siècle. Le travail traite des comportements, tant ceux de l'émigration que du retour. Les allées et venues des “cubiches” et des “habaneros”, l'activisme politique, syndical, éducatif et sociétaire des émigrants venus du Ferrol dans l'île, que ce soit au niveau individuel ou collectif, les actions et influences des émigrants de retour dans leur lieu d'origine constituent les principales variables d'analyse qui apportent une plus grande connaissance du phénomène de l'émigration galicienne.

Mots clés:

Ferrolterra, émigration galicienne, Cuba, émigrant de retour.

Os “retornados de acción”...

Summary

THE “ACTIVIST RETURNEES” IN FERROLTERRA (1904-1936)

Bernardo Máiz Vázquez

This article focuses on the analysis of the emigration of Galicians from Ferrolterra to Cuba starting in the 19th century. Aspects of behaviour both in emigration and in return are dealt with in this work. The comings and goings of the “Cubiches” and “Habaneros”, the political, trade union, educational and associative activism of the people from Ferrolterra on the island, both on an individual and on a collective level, along with the action and influence of the returnees in their place of origin, constitute the main variables for analysis that provide a better understanding of the phenomenon of Galician emigration.

Keywords:

Ferrolterra, Galician emigration, Cuba, returnees.

Currículo

BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela (1973). Doutor en Historia Contemporánea e Catedrático de Xeografía e Historia (Zaragoza, 1984), profesor do IES “Concepción Arenal”, Ferrol. Ten varios libros publicados: *Galicia na Segunda República e baixo o franquismo*, *Memoria-Catálogo das publicacións galegas antifranquistas*, *Galegos en Euskadi*. *Galicia no corazón*, *Nautilus, 1892-1894*, *As embarcacións de pasaxe das rías galegas*, *A morte de Amadita García: política e sociedade no partido xudicial de Pontedeume, 1907-1939* (en preparación).

OS INVESTIMENTOS DO RETORNO COMO FACTOR DE DINAMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA NA GALICIA DOS ÚLTIMOS ANOS

Román Rodríguez González

Unha das conclusións das “Jornadas sobre políticas de retorno de emigrantes”, celebradas na Universidade da Coruña no 1996, é que o estudio do fenómeno do retorno en Galicia tópase con moitas lagoas, tanto conceptuais, como desde o punto de vista metodolóxico. Se nun nivel xenérico se identifican dificultades obxectivas para a súa análise, estas fanse aínda máis presentes ó tratar sobre o destino, utilización, incidencia ou cantidade dos seus investimentos económicos. Así, na meirande parte da produción científica centrada nesta temática de xeito directo ou indirecto, insítese en que a investigación do impacto das remesas da emigración na sociedade e na economía do país é un dos grandes temas pendentes dentro do estudio das migracións galegas (Losada Álvarez, 1999).

A longa tradición migratoria de Galicia fixou un discurso no cal os esforzos se centraron na investigación das migracións como un proceso de saída e, en moita menor medida, como un proceso de volta. A inversión da tendencia nos fluxos durante os últimos anos é tal que, desde comezos dos anos 80, os saldos, de modo novidoso na historia de Galicia, comezan a ser positivos. Como mostra, no período que abarca desde 1988 a 1996, a relación migratoria Galicia-estranxeiro énos favorable en máis de 40.000 individuos rexistrados (aínda que, debido ás dificultades metodolóxicas que despois se subliñarán, esta cifra é, con seguridade, superior). Tamén, en relación ó resto de autonomías do Estado, os valores son positivos en máis de 10.000 persoas. Neste caso, pódense marcar diferencias claras entre unhas e outras: con Cataluña e o País Vasco os saldos son positivos, con Baleares e Canarias son negativos, e co resto mantense nunha situación ambivalente. Ante esta innegable situación, a produción intelectual comeza a fixarse no retorno como un tema de interesante estudio, e as administracións tamén poñen en marcha políticas e accións centradas nesta nova realidade social.

O retorno e os seus investimentos non son, sen embargo, un fenómeno exclusivo das décadas recentes. Durante toda a historia migratoria, a chegada de capitais do exterior e a posta en marcha de diferentes iniciativas por parte

dos emigrantes é unha constante. Curiosamente, hai un mellor coñecemento do destino destes durante a primeira metade do século XX que durante a segunda. Nun estudio de Losada Álvarez no que se recompilan informacións de diferentes investigadores nesta materia, márcanse os diferentes destinos dos investimentos¹ nos anos iniciais da centuria. O mundo agrario recibe capital destinado á redención de foros, á compra de apeiros e terras por parte das familias emigrantes e, en xeral, contribúe á modernización técnica da actividade, tal como se ten manifestado en diversos estudos de historia agraria. A industria recibe unha cativa porcentaxe dos capitais², xa que, segundo Carmona Badía, a situación do mercado rexional neses intres non era axeitada para un desenvolvemento industrial, e, polos riscos da xestión, tampouco a posta en marcha dunha iniciativa industrial era tarefa doada para a poboación emigrada. Ben coñecidas son as obras benéficas levadas a cabo polos “indianos” no comezo de século, nos seus lugares de orixe, destacando entre elas a construción das chamadas “escolas de indianos”, das cales existen numerosos estudos de caso. O sector financeiro tamén foi receptor, nesta primeira metade de século, de capital procedente da emigración. Peña Novo calcula, para a década de 1920, un ingreso medio neste sector de 300 millóns de pesetas anuais. A súa repercusión déixase sentir tamén na apertura de sucursais de entidades sudamericanas en Galicia, e na creación de bancos no ámbito da rexión.

A incidencia deste fenómeno do retorno nas últimas décadas está, como xa se dixo, menos analizada. As primeiras investigacións nesta liña leváronse a cabo a escala estatal –e nelas Galicia formaba parte dun todo–, ou centráronse, como as obras de Castillo Castillo, nos espazos do sur de España. Desde unha perspectiva externa, son de grande interese os traballos do alemán Gunter Mertins, que xa en 1979 comeza a identificar claros síntomas dun proceso de retorno. Estima este autor que, entre 1973 e 1979, o número de españois redúcese en Alemaña nun 53%. No ámbito galego, é pioneiro nesta materia o traballo dirixido por Pérez Díaz para a provincia de Ourense, no cal, a través dun sistema de enquisas, analízanse, desde unha perspectiva sociolóxica, as motivacións e as características sociais e profesionais dos retornados en Ourense. Recentemente, a produción biblio-

1. Téñase en conta que fálase se fala de investimentos procedentes da emigración, o que non quere dicir que sexan de retornados, pois é posible que moito capital fose achegado por persoas que continuaron a residir no seu punto de emigración e non tieráveran retornado a Galicia.

2. Polas informacións e investigacións aportadas achegadas polos diferentes estudiosos tampouco é posible cuantifica-lo volume ou as porcentaxes que supoñen os diferentes investimentos.

gráfica neste eido incrementouse. En 1996 editáronse dúas obras de interese: un informe sobre o retorno, realizado por De la Campa Montenegro, e *La emigración de retorno en Galicia*, de Álvarez Silvar. Posteriormente, en 1997, a Universidade da Coruña publica *Políticas de retorno de emigrantes*, libro no cal se recompilan achegas de varios autores ó congreso do mesmo nome. Ó mesmo tempo, de modo colateral, o retorno, e a súa incidencia, é analizado de modo indirecto, ou como unha parte, dentro de investigacións máis xerais. Tamén se conta con diversos informes, realizados pola Federación de Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior, nos cales se achegan informacións sobre as accións desenvolvidas polos seus socios en Galicia.

O presente traballo vaise centrar, en primeiro lugar, nas aínda pouco desenvolvidas formulacións metodolóxicas e, en segundo lugar, no sistema de fontes estatísticas existentes para o estudo do retorno e máis concretamente dos seus investimentos. A continuación, lévase a cabo un estudio empírico do retorno desde unha perspectiva demográfica e, sobre todo, económica, a partir do estudio a microescala e de informacións recollidas mediante traballo de campo directo e enquisas locais.

DIFICULTADES PARA A SISTEMATIZACIÓN DUN MÉTODO: O PROBLEMA DAS FONTES

Á hora de considera-la elaboración dun método para sistematiza-la análise dos investimentos asociados ó retorno, xorde unha primeira dificultade de carácter conceptual de case imposible solución: a diferenciación entre os investimentos realizados por emigrantes que se manteñen no seu lugar de destino, e aqueles levados a cabo por persoas que retornan fisicamente e pasan a residir de novo en Galicia. A clave está en poder chegar a individualizar se os investimentos están pensados baixo unha lóxica individual de prepara-la volta ó punto de orixe, como por exemplo comprar unha vivenda para habitala nun futuro retorno definitivo, ou como unha fórmula de investimento para obter hipotéticos beneficios económicos con ela, como pode ser comprar un ben inmovible e despois vendelo.

Outro aspecto básico que sería necesario contemplar é o comportamento seguido polo emigrante segundo o seu lugar de emigración. Márcase unha diferenciación básica entre aqueles que o fixeron a Iberoamérica, a Europa Occidental ou ás áreas máis industriais do Estado. Asociada a esta segregación espacial hai outra de tipo temporal, xa que as saídas transoceánicas foron maioritarias ata mediados de século, para, a partir de aquí, reducirse progresivamente a favor de países como Francia, Alemaña, Suíza... e tamén cara a Cataluña e o País Vasco. Neste senso, os investimentos realizados con anterioridade ó ano 1960 asócianse ó clásico “indiano” e ó dito de “face-las

américas”. O destino das súas remesas, esbozadas con anterioridade, en contadas ocasións, trae asociado un retorno físico da persoa. Pódese dicir que os investimentos son realizados, neste caso, por individuos que acadaron certa posición social e económica no seu lugar de destino e que dispoñían de capitais importantes. Nas últimas décadas do século XX, a situación faise máis complexa, xa que, por unha parte, mantense o fluxo procedente dos estados iberoamericanos de acollida (moito máis reducido desde o ano 1980), e, por outra, o éxodo cara á Europa rica e a España industrial dá lugar á aparición dun tipo diferente de proceso migratorio e, por conseguinte, de lóxicas de investimento das remesas e aforros acadados na diáspora. Neste caso, prima máis unha orientación familiar en función do particular “plan de vida” de cada emigrante: fundamentalmente, invístese, nestes casos, na compra dunha vivenda ou na posta en marcha dun pequeno negocio para preparar unha desexada volta definitiva.

As dificultades metodolóxicas existentes neste campo de estudio son postas de manifesto por tódolos investigadores interesados nesta temática. A principal eiva é non contar con datos estatísticos que permitan levar a cabo análises empíricas e relacións cuantitativas. Ante a carencia de fontes específicas sobre o retorno, moito menos aínda sobre os investimentos, é necesario recorrer a diversos métodos indirectos. Rexistros como o I.A.E. ou as licencias de obras municipais poden achegar informacións moi útiles, aínda que, ó tratarse de documentos ideados para outros fins distintos, presentan carencias significativas. O método máis recorrente na meirande parte dos estudos sobre o retorno é a enquisa. Aquí as dificultades metodolóxicas xorden en relación ó ámbito desta; xa que, ou ben se conciben a unha escala reducida, co cal é posible que non sexan representativas dun proceso xeral, ou ben se realizan en escalas territoriais superiores mediante extrapolación, polo que o seu grao de fiabilidade redúcese. Ante a carencia de organismos administrativos que teñan posto en marcha mecanismos de recompilación de información nesta materia, as enquisas móstranse como a ferramenta máis eficaz para a recompilación de datos, sendo partidario, neste caso, daquelas realizadas a microescala, ó teren un indubidable maior grao de fiabilidade.

Polo que respecta ó estudio do retorno desde unha perspectiva exclusivamente demográfica, pódese utilizar unha serie de estatísticas que, sen embargo, amosan carencias significativas. Unha de partida, motivada polas peculiaridades do propio fenómeno migratorio, é a simple cuantificación dos retornados. Consultando os padróns e censos municipais, ou o rexistro de baixas consulares no estranxeiro, pódese sacar información, sen embargo, os datos estatísticos tenden a non coincidir, e, ademais, varias circunstancias frecuentes relativizan a súa fiabilidade: non tódolos emigrantes se rexistran

nos consulados; moitos emigrantes mantéñense nos padróns do seu municipio, co cal, oficialmente, non son nin emigrantes nin retornados; outros manteñen dobre nacionalidade ou, polo menos, están censados en dous lugares; no pasado, houbo un importante volume de persoas nunha situación ilegal, co cal non aparecen nas estatísticas; pode suceder que un retornado proceda doutro concello, co cal estatisticamente simula un transvasamento interno, etc.

Se a nivel puramente demográfico se dan estas dificultades obxectivas, en relación cos seus investimentos, as dificultades increméntase notablemente, polo que é necesario recorrer, como xa se dixo, a métodos indirectos ou a enquisas. De feito, os únicos intentos, ata o momento, de sistematizar e calibra-las repercusións económicas do retorno en Galicia baséanse nela. Tanto Pérez Díaz, para a provincia de Ourense, na década de 1980, como máis recentemente De la Campa Montenegro, para a totalidade da Comunidade, empregan este sistema. Este último é o principal marco referencial neste campo de investigación, por actualidade, pola amplitude dos datos que ofrece e por centrarse exclusivamente na análise do retorno. Presenta, sen embargo, unha limitación metodolóxica, ó noso entender considerable: a enquisa realízase a escala municipal (unha enquisa por concello), sendo cuberta polos alcaldes ou concelleiros, co cal, aínda que manifesta a percepción social existente en cada termo, a exactitude dos datos obtidos ten un valor escaso a nivel cuantitativo e ademais o seu grao de fiabilidade é maior en función do incremento da entidade de cada concello.

A posterior análise de exemplos locais do investimento vai estar fundamentada tanto na utilización de fontes indirectas como de enquisas. Formúlase a presentación de casos concretos vencellados ós investimentos procedentes da emigración. Somos perfectamente conscientes de que se trata de exemplos individuais que poden non ser fielmente extrapolables, aínda que a intuición persoal que se ten é que as pautas aquí localizadas son comúns para gran parte de Galicia. Por outra parte, elabórase unha enquisa propia para coñece-las repercusións deste fenómeno na estrutura comercial e de servicios da vila de Lalín, a través dunha serie de cuestións que se consideran básicas para poder levar a cabo unha análise deste tipo:

- tipo de actividade
- lugar de nacemento do retornado
- país en que estivo emigrado o promotor
- momento temporal de posta en marcha da actividade
- motivación e razóns para poñer cada tipo de negocio
- repercusión nos lugares onde se inviste.

O MARCO DEMOGRÁFICO

Desde principios da década dos 80, e como suceso completamente novidoso na historia contemporánea de Galicia, os saldos migratorios do país pasan a ser positivos. A paulatina redución das saídas durante a década dos 70 e o cada vez máis notable retorno de antigos emigrantes levan á inversión da tendencia: o saldo dá uns resultados medios anuais de 3.000 individuos ata o ano 1990, para, a partir de aquí, aumentar ata as 5-6.000 persoas. A meirande parte deste continxente procede de retornados do estranxeiro e chama a atención, por oposición a anos anteriores, o insignificante volume que supón na actualidade a saída de galegos (unha media nos anos 1990 inferior ós 100). O freo das saídas fundaméntase no melloramento dos niveis de desenvolvemento de Galicia e España, na menor presión demográfica interna e en que os países tradicionalmente receptores endurecen as súas condicións de acollida. Pola contra, o retorno aparece estimulado por varios factores como a chegada á xubilación de antigos traballadores, a inestabilidade económica e política dos estados iberoamericanos ou as reestruturacións e os cambios no mercado de traballo dos países industrializados (Álvarez Silvar, 1997). Indicadores claros do retorno son datos como que, dos individuos procedentes do estranxeiro que se afincan en Galicia na pasada década, máis dun 90% naceron dentro das nosas fronteiras, mentres o resto son nados noutros países (inclúense neste grupo os fillos de antigos emigrantes). Tamén a procedencia destas persoas de destinos clásicos da emigración como Francia, Suíza, Alemaña ou diversas nacións de Iberoamérica, como se advirte no cadro anexo, fálanos desta realidade. E mesmo a súa idade media, con presenza importante dos maiores de 50 anos, advírtenos desta situación.

Saldo migratorio Galicia-estranxeiro

	Baixas	Altas	Saldo
1988	237	3049	2812
1989	192	4348	4156
1990	115	4532	4417
1991	109	3557	3448
1992	261	6308	6047
1993	101	5155	5054
1994	32	4286	4254
1995	13	4354	4341
1996	3	3204	3201

Países de procedencia dos estranxeiros ano 1996

Francia	188
Alemaña	226
Suíza	1381
Iberoamérica	671
Resto	735
Total	3201

Fonte: Movements Migratorios, IGE.

Para estudos de caso de países concretos temos investigacións para Venezuela (Rodríguez Gómez, 1999) ou para Alemaña (Mertins, 1983). No primeiro exemplo insítese, como motivacións fundamentais, na crise económica e na inseguridade deste país. Así mesmo, cítase a posibilidade de poñer en marcha un pequeno negocio en Galicia, para os máis novos posuidores de capitais acumulados, ou optar a cobrar unha pensión do Estado español, para os maiores. No caso alemán cítanse como desencadenantes do retorno, xa durante os 80, a obtención dunha pensión ou prexubilación en Alemaña, a posibilidade de atopar traballo no lugar de orixe, o ter conseguido o obxectivo de lograr uns aforros para poñer en marcha o particular “plan de vida” de cada emigrante, ou o feito de que os fillos cheguen á idade de escolarización.

Se nos centramos no saldo Galicia-resto de España, a relación é ambivalente. Así, respecto ós destinos clásicos, País Vasco, Cataluña e en menor medida Madrid, os valores son positivos en función do importante retorno, especialmente respecto do primeiro deles. Son negativos tendencialmente en relación ás Illas Canarias, atracción motivada pola actividade turística. Mentres, co resto das autonomías, os valores son ambivalentes ó longo da última década e, en todo caso, debedores de procesos non directamente asociados ós conceptos clásicos de emigración.

Saldos Galicia-resto de CC.AA.

	1992			1996			
	altas	baixas	saldos	altas	baixas	saldos	
Cataluña	1246	1259	-13	Cataluña	1940	898	1042
País Vasco	1091	489	602	País Vasco	1662	378	1284
Madrid	1509	1640	-131	Madrid	1286	703	583
Illas Canarias	945	1112	-167	Illas Canarias	671	2559	-1888
Resto CC.AA.	3732	3420	312	Resto CC.AA.	2855	3201	-346
TOTAL	8523	7920	603	TOTAL	8414	7739	675

Fonte: Movements Migratorios, IGE.

Os fundamentos do retorno baséanse tanto nos proxectos migratorios individuais de cada persoa, no xa clásico axioma “ir para volver”, como en factores estruturais e conxunturais dos territorios de destino (Bertrand, 1992; Álvarez Silvar, 1997; Castillo Castillo, 1980; Mertins, 1983; Pérez Díaz, 1984). Nas particulares ideas de vida de cada emigrante, a volta ó lugar de orixe sempre está presente. Por este motivo, o emigrante vai investindo os aforros adquiridos na emigración para, dalgún xeito, ir preparando, ou preparar de modo definitivo, o seu regreso. Cómpre ter en conta, neste senso, que a saída migratoria nunca é desexada, polo cal se aspira a volver ó lugar de orixe tras acadar os obxectivos básicos que se perseguían coa migración. É posible establecer unha diferenciación de importancia en relación ó período temporal no cal se emigrou e tamén en función do destino. Se aceptamos como norma xeral que durante a primeira metade do século XX os fluxos se orientaron principalmente cara a diferentes países de Iberoamérica, e na segunda máis cara á Europa industrializada, pódese extraer unha conclusión en relación ás diferentes modalidades de investimento. Ante a imposibilidade de cuantificar ou compara-la súa importancia en ámbalas dúas metades da centuria, hai que pensar que, sen dúbida, as dificultades de transporte e mobilidade durante as décadas iniciais levaron a unha formulación persoal da emigración cun carácter máis definitivo. De feito, aínda que si hai, como xa se manifestou, un considerable fluxo de remesas e capitais desde América, o volver era visto como algo dificultoso. Sen embargo, no caso europeo, por maior proximidade e fácil transporte, polo sistema laboral, no cal o traballador dispoñía dun período de vacacións, e pola menor integración social (idioma), o movemento migratorio estaba marcado por un obxectivo persoal de lograr unha certa cantidade de diñeiro que puidese servir, con posterioridade, para impulsa-lo proxecto de vida de cada un dos emigrantes: compra dunha vivenda, posta en marcha dunha actividade económica determinada... (Bertrand, 1992).

Por outra banda, é de interese coñecer cales son os espazos elixidos polo emigrante para o retorno, xa que desta decisión vai depender onde se concreten os seus investimentos monetarios. É xa lugar común afirmar que o emigrante galego, saído maioritariamente do rural, cando retorna elixe un núcleo urbano para fixa-la súa residencia e realiza-los seus investimentos. Responde, esta elección, a circunstancias de carácter económico e sociolóxico. Económico, ó seren os espazos urbanos os que ofrecen maiores oportunidades de emprender un negocio ou rendibiliza-los aforros en sectores non agrarios. Sociolóxico, pois o emigrante partiu cara a cidades, e estas interprétanse como un contorno máis positivo, en contraposición a un medio rural cunhas limitacións e carencias que impulsaron a súa saída ó exterior. A isto, débese engadi-la existencia dunha percepción favorable do

urbano debido á presenza de dotacións, equipamentos ou infraestructuras públicas (educación, sanidade...), e por darse unha maior oferta de postos de traballo nos servizos ou na industria.

Moitos estudos insisten en poñer de manifesto a pegada das remesas procedentes da emigración no crecemento urbano (arquitectónico, demográfico, funcional...) dos asentamentos deste tipo en Galicia. Pese ó predominio desta percepción xeral, non se conta, sen embargo, con datos cuantitativos que permitan demostrar de xeito inequívoco esta relación. Só para o caso das cabeceiras de comarca do interior é posible contar con referencias directas (Rodríguez González, 1997, 1999), e existe tamén un estudo de G. Mertins elaborado mediante un sistema de enquisa ós propios emigrantes en Alemaña do cal se extraen conclusións de interese nas que se vincula a localización do retorno, e o tipo investimento programado, con factores como a idade e o maior ou menor éxito económico acadado no destino da emigración (Mertins, 1983).

DEMANDA DE VIVENDA E AUXE DA CONSTRUCCIÓN

Dáse un acordo, comunmente aceptado entre a comunidade científica, respecto ó fundamental protagonismo que o sector da construción acadada nas estratexias de investimento dos emigrantes. Posiciónase esta actividade como a máis destacada, pese á existencia de moi poucos datos ou investigacións concretas que permitan afirmalo de xeito rotundo. No “Informe sobre el retorno en los municipios de Galicia” constátase que a construción e vivenda é o destino predilecto das remesas dos emigrantes, atraendo un 24,2% dos investimentos totais. Pola súa parte, outro informe, elaborado nesta caso pola Federación de Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior (Fegaex), presenta de novo este sector como o destino máis importante, neste caso levado a cabo polos empresarios afiliados ás diferentes asociacións que compoñen a Fegaex, cun 43,9% dos investimentos totais. Máis alá das carencias metodolóxicas de ámbolos dous informes, estes datos son, sen dúbida, ilustrativos do protagonismo acadado por esta actividade.

Na análise da incidencia dos investimentos na construción débese facer unha serie de precisións de carácter conceptual. A primeira é a necesaria diferenciación entre aquelas vivendas ou edificacións promovidas por emigrantes e retornados que responden a unha lóxica individual de contar cun ben propio no seu lugar de orixe (para ser habitada na volta definitiva ou nos períodos de vacacións). E aquelas outras entendidas como un investimento empresarial a fin de destinalle unha partida de capital a unha actividade que nas últimas décadas se ten mostrado en claro auxe, asegurando un alto beneficio económico e un escaso risco, grazas á demanda alcista existente

motivada polo crecemento dos espazos urbanos galegos. No primeiro caso estase, fundamentalmente, ante persoas que empregan os seus aforros na consecución dunha vivenda, mentres que no segundo ante empresarios galegos que, afincados nos lugares de destino da emigración, invisten en Galicia. Facendo unha xeneralización, necesariamente inexacta, no primeiro caso os emigrantes-promotores-empresarios son, fundamentalmente, emigrantes instalados en Iberoamérica (un 78% dos empresarios da Fegaex residen nestes países) e no segundo, son individuos que optaron por emigrar ós espazos industrializados da Europa Occidental e que se incorporaron dentro da estrutura laboral de acollida como empregados. Proba disto é a estimación realizada por G. Mertins na década dos 1980, segundo a cal máis do 70% dos emigrantes españois en Alemaña, enténdese que tamén os galegos, investiron en vivenda, fundamentalmente nas áreas urbanas próximas ó seu lugar de orixe. Por outra parte, é de destaca-la gran carencia dun sistema de recollida de información nesta materia. Só é posible o emprego de fontes indirectas, como as Licencias de Obra municipais, coas carencias que isto supón, ou a elaboración de enquisas directas que, necesariamente, implican unha escala de análise reducida. Ademais, en todo o proceso de recollida de información poden aparecer gran cantidade de factores conxunturais (receos á hora de da-la información, operacións financeiras con intermediarios, compras indirectas...) que impiden acadar un grao de fiabilidade óptimo.

Os motivos polos cales esta actividade presenta un tan grande atractivo son variados. Pódese cita-lo interese que o emigrante ten, dentro do seu proxecto de vida, por acadar unha vivenda propia. O móbil xorde, en primeiro lugar, para utilizala de modo temporal durante as vacacións estivais e, posteriormente, ocupala de xeito definitivo cando se produce a volta final. Neste senso, é relevante o feito de que na maioría das casas das que partiron os emigrantes permaneceu un membro da unidade familiar, un irmán ou irmá, que, co paso do tempo, foi formando a súa propia familia. Deste xeito, co paso do tempo, e sobre todo para os emigrantes europeos, a persoa que marchou comeza a sentirse allea á primixenia unidade, polo que, para o período de vacacións, e sobre todo para o retorno, pasa a comprar ou construír unha nova vivenda (Rodríguez González, 1997). Tamén o interese de levar a cabo un investimento seguro, fiable e cómodo, sobre todo nun momento de demanda alcista, funciona como móbil que se debe destacar. Por último, interveñen factores psicosociais relacionados coa necesidade do emigrante e do retornado de manifestar, no seo da colectividade local, o éxito acadado na emigración, e para isto, nada mellor que construír unha vivenda, en ocasións tremendamente ostentosa, habitual no rural galego e moi especialmente no contorno do Carballiño.

Para poñer de manifesto, de xeito empírico, as anteriores afirmacións, recórrese a dous exemplos concretos dos que, a partir de enquisas e traballo de campo, se poden extraer conclusións en certa medida extrapolables a outras áreas semellantes. Trátanse a continuación os casos da pequena cidade do Carballiño, como exemplo dun espazo urbano (nunha cidade de rango superior a posibilidade de levar a cabo unha análise deste tipo é tremendamente dificultosa), e o do medio rural do Concello de Lalín.

Para o caso do Carballiño, núcleo de especial dependencia dos investimentos de capital emigrante procedente de Iberoamérica, non se recolle, no Libro de Licencias de Obra³, ningunha petición de residentes nos lugares típicos de emigración das xentes desta bisbarra (México, Panamá...). Esta afirmación entra en contradición coa percepción social existente. Por isto, nunha comparanza cunha cata realizada por traballo de campo, obsérvase que a transcendencia do investimento emigrante no proceso urbanístico da vila foi fundamental (detectáronse edificios postos en marcha a partir das remesas exteriores). Neste senso, e coa finalidade de efectuar unha análise comparativa, seleccionáronse tres espazos diferenciados para poñer de manifesto a incidencia que ten o impulso destes promotores na forte expansión urbana dos últimos anos⁴. O primeiro, na zona do Parque, correspóndese co sector urbano de maior calidade do Carballiño, formado por vivendas unifamiliares ben acondicionadas e con amplos xardíns. Nel, un número moi destacado de casas, algunhas poderíanse catalogar de mansións, son propiedade de emigrados en Panamá e, sobre todo, México, cun necesario alto status económico. Un sector urbano ben distinto ó anterior, a rúa Xulio Rodríguez Soto, inicialmente proxectada como variante á estrada Ourense-Pontevedra, e na que hoxe se asentán edificacións de elevada altura (é unha das rúas máis importantes do sector central do núcleo), volve individualizarse, a pesar da inexistencia directa nas peticións de licencias, como un lugar en que as enquisas individuais indicaron a dependencia existente entre a promoción edificativa e o investimento de capital procedente da emigración.

Nas áreas máis periféricas do espazo construído, e como terceiro sector seleccionado (na estrada de saída cara ó Irixo), a presenza de retornados e da

3. As licencias de obra poden ser unha fonte útil xa que nalgúns concellos aparece o domicilio do peticionario. Sen embargo unha ampla casuística (que se manteña dobre residencia ou se continúe censado no lugar de orixe, que se utilicen intermediarios, ou que os promotores sexan locais para venderlles posteriormente as vivendas ós emigrantes ou que mesmo as obras que as obras que non teñan licencias) faille perder validez neste senso.

4. De 1960 a 1991 a poboación do núcleo increméntase nun 96,8%, mentres o parque de vivendas faíno nun 339%, pasando de 1.065 a 4.675 entre as datas de referencia.

promoción inmobiliaria migratoria identifícase perfectamente cunha masiva participación no proceso constructivo. Neste sector atopámonos con edificios de dúas-tres plantas promovidos, ademais de por emigrantes hispanoamericanos, por individuos da segunda fornada migratoria importante de Galicia, é dicir, por persoas que traballan na Europa occidental.

A pegada do investimento en vivenda, no rural, tamén se fai sentir. Neste caso, as construcións están pensadas baixo a lóxica de seren utilizadas polos seus promotores (no caso urbano pódese alternar esta situación coa modalidade de utiliza-la construción como sector “refuxio” para os capitais ou como mecanismo para obter beneficios en actividades de transacción). Exemplifícase, esta dinámica, cunha enquisa levada a cabo en varias parroquias do Concello de Lalín. Este, situado no espacio central da Galicia interior, conta cun amplo rural, 313 km² e 48 parroquias, e nas pasadas décadas experimentou un éxodo migratorio que, aínda sendo menos forte que noutras áreas do país, especialmente as de montaña, ofreceu un saldo negativo de 6.134 individuos (só nas parroquias rurais). Tomando unha mostra de 6 parroquias e realizando unha enquisa directa cos pedáneos de cada unha delas, perfectos coñecedores da súa realidade, extraéronse unha serie de informacións que, coas limitacións e precaucións necesarias, poden ser extrapolables ó conxunto do concello.

- Nome das parroquias en que se desenvolveu a enquisa:
 - Botos
 - Catasós
 - Losón
 - Parada
 - Veiga
 - Zobra
- Vivendas das parroquias elixidas construídas por emigrantes: 57
- Vivendas utilizadas como morada permanente polos seus propietarios: 41 (71,9)
- Vivendas utilizadas polos seus propietarios só nas vacacións: 16 (28,1)
- Lugar de emigración do promotor das edificacións:

– Alemaña	3
– Francia	15
– Suíza	5
– Inglaterra	2
– Veneuela	8
– País Vasco	13
– Outros países europeos	4
– Outros países americanos	2
– Outros	5

Vistos os datos anexos, obsérvase como predomina a utilización continua da vivenda e, en menor medida, o seu uso nas vacacións, aínda que hai que ter en conta que é moi posible que moitas das residencias, hoxe definitivas, no pasado puidesen ter unha utilización só estacional e que, tras un retorno definitivo, pasen a ser residencia permanente. Pódese coñecer, tamén, a procedencia dos emigrantes, que para o caso analizado é Francia, o País Vasco e, en menor medida, Venezuela, ou polo menos os emigrantes destes espazos son os que máis vivenda construíron.

Sendo conscientes das limitacións deste método, sobre todo por presentar un espectro tan limitado e concreto, pode servir, sen embargo, como referente para posteriores proxectos de investigación desenvolvidos de xeito máis sistemático e amplo.

PEQUENOS NEGOCIOS: O COMERCIO E OS SERVICIOS COMO SUSTENTO

A apertura dun pequeno negocio no eido do comercio ou os servizos é, como no caso anterior, unha das estratexias comúns á hora do acomete-lo retorno por parte dos emigrantes. Igual que no anterior caso, a carencia de informacións cuantitativas leva a afirmacións, por parte dos investigadores, fundamentadas na intuición e na constatación dunha realidade de difícil modelización. De xeito tradicional, colócase como fundamento da decisión de poñer en marcha unha función deste tipo o feito de que se trata, na meirande parte dos casos, de actividades que requiren pouca especialización e que responden, en moitas ocasións, a coñecementos ou profesións adquiridos no lugar de destino. Tamén o feito de atopármonos, nas pasadas décadas, cun evidente incremento da capacidade de consumo da sociedade galega é un importante estímulo para fundamenta-la adopción dunha decisión deste tipo.

Ante a carencia de calquera tipo de rexistro ou fonte estatística ó respecto, a única posibilidade de obter datos cuantitativos que poidan axudar a constatar empiricamente esta idea comunmente aceptada é valerse da enquisa directa. De novo, débese recorrer a un traballo de microescala, coas vantaxes e desvantaxes asociadas, centrado, neste caso, na vila de Lalín. Este núcleo, cabeceira dunha comarca rural, experimentou nos últimos anos un forte proceso de urbanización⁵. Dentro del, o retorno físico das persoas (en 1998 cóntase con máis de 1000 persoas nadas nos lugares tradicionais da

5. O incremento demográfico do núcleo entre o 1960 e o 1998 é dun 164%, mentres que o parque de vivendas incrementase para o período 1960-1991 nun 607% e as licencias comerciais de venda polo miúdo nun 195%.

Os investimentos do retorno...

emigración) e os investimentos asociados desempeñaron un papel considerable como elementos explicativos.


Desenvolveuse a enquisa en 6 rúas do casco urbano. Na procura dunha visión máis ampla, optouse por realiza-la sondaxe tanto nos espazos máis tradicionais da vila, no centro, como en rúas da periferia ou noutras de moi recente consolidación, tamén situadas nas zonas máis céntricas.

Rúa	Establecementos enquisados	Establecementos postos en marcha por emigrantes retornados
Alcalde Ferreiro	12	8
Gonzalez Taboada	35	21
Ramón M. ^a Aller Ulloa	12	6
B	27	15
Joaquín Loriga	20	6
Ponte, A	38	13

En vista dos datos actuais, pódese constata-la importancia que os emigrantes teñen na estrutura comercial e de servizos local. Un 51,1% dos negocios visitados nestas rúas foron postos en marcha, no seu momento, por emigrantes retornados. Nelas é posible establecer unha gradación entre as máis tradicionais –como a Joaquín Loriga, con menor importancia relativa deste fenómeno ó estaren aquí situados os negocios de máis antigüidade– e as máis recentes, caso da González Taboada ou a B, en que este tipo de establecementos supoñen arredor dun 60% dos totais de cada rúa. A contribución deste colectivo, como se está a ver, foi fundamental, especialmente nos anos 80, para a consolidación urbana, demográfica e funcional.

Entrando, xa máis en detalle, no tipo de negocio elixido, destaca, no seu conxunto, o comercio polo miúdo, xa que máis da metade dos establecementos se poden englobar neste apartado e diferéncianse dentro del varios subsectores. A hostalería séguelle en importancia numérica cun 37,7% dos locais. E, xa por último, os servizos persoais e de reparación son o 10,1% restante.

De xeito individual a hostalería é a rama máis importante. As razóns estriban en que as súas necesidades de xestión son relativamente fáciles e en que non precisan dun investimento excesivo. Ademais moitos dos promotores traballaran no seu destino da emigración nesta rama, en concreto un 37,2%, dos enquisados así o manifestaron. Das respostas obtidas extráese tamén, como motivo de gran transcendencia, a percepción, por parte dos retornados da hostalería como un “bo negocio” na vila de Lalín; un 57,5% dos promotores así o din. Dentro do comercio polo miúdo, a sub-rama de




maior relación co retorno é o da venda de artigos téxtiles, confección e calzado. Máis da metade dos comercios pertencen a este tipo, apoiado polo paulatino incremento do nivel de consumo da sociedade galega, que serve de estímulo para a posta en marcha deste tipo de establecementos. Os restantes tipos teñen unha transcendencia menor. Pola súa parte nos servizos persoais están integrados salóns de peiteado ou talleres de reparacións, situados, neste caso, na rúa da Ponte polo seu carácter máis afastado do centro urbano.

Analizando a procedencia dos retornados identifícanse os principais destinos migratorios da xente de Lalín, e mesmo os anos elixidos para facer efectivo o retorno, a través do coñecemento do ano de apertura dos diferentes negocios. Neste caso, os procedentes de Venezuela e Francia son os principais investidores nestas actividades. Ámbolos dous países concentran case un 50% das iniciativas identificadas. Séguenlles destinos como Suíza, Arxentina, o País Vasco ou Inglaterra, cunha media de 5-6 establecementos, e despois unha ampla serie de espazos de acollida de menor importancia numérica.

Procedencia dos retornados propietarios de actividades comerciais e de servizos

Suíza	6	Arxentina	4
Canadá	1	USA	1
Venezuela	19	México	1
Francia	15	Andorra	2
Inglaterra	6	Cataluña	3
Italia	1	Madrid	2
Bélxica	1	País Vasco	5
Alemaña	1		



Nos últimos 25 anos, o lustro de maior actividade no concerner á apertura de negocios por parte de retornados é o que vai de 1986 a 1990. En xeral, os anos de máis actividade son a década dos 80 e os primeiros anos dos 90. As razóns desta situación débense encadrar dentro das xerais que explican o retorno no seu conxunto: prexubilacións de empregos nas áreas industrializadas de Europa occidental, consecución das cantidades económicas necesarias para pór en funcionamento a actividade, ou agravamento da crise socioeconómica dos estados iberoamericanos. Coa excepción dos casos de Venezuela e Francia, é moi difícil, fundamentalmente polo cativo da mostra, poder establecer algún tipo de correlacións entre os anos de apertura dos locais en función de cada país de destino. Nestes dous casos, por seren maioritarios, si se pode observar como os retornados de Venezuela teñen unha maior importancia relativa desde o 1975 ata o 1985, momento no cal este Estado non presentaba unhas cotas de crise tan elevadas como as actuais, o que permitía, aínda, un fluxo de divisas e que os emigrantes tivesen unha posición bastante privilexiada. Respecto ós procedentes de Francia, o momento de máxima apertura de negocios é o primeiro lustro dos anos 80. Neste caso, estamos tanto ante prexubilados, como ante persoas que acumularon o suficiente capital como para pór en marcha unha actividade propia.

Outra pregunta formulada dentro da enquisa era o lugar de nacemento de cada retornado. Neste caso, púxose de manifesto outro dos axiomas frecuentemente manexado entre os analistas desta materia, pero que é menos habitual manifestar de modo empírico. Este é que o retornado, cando decide investi-los seus aforros na posta en marcha dunha actividade económica, opta por facelo maioritariamente nun núcleo urbano próximo.

Neste caso Lalín, vila que centraliza unha ampla bisbarra rural, beneficiase da actividade investidora tanto dos habitantes do rural do seu propio termo municipal, como dos de concellos veciños pertencentes á súa área de influencia funcional.

Concello de orixe dos retornados promotores de actividades económicas

Lalín	33
Comarca do Deza	27
A Golada	3
Dozón	3
Rodeiro	13
Silleda	1
Vila de Cruces	7
Outros concellos galegos	4
Outros concellos españois	3

Vistos os datos anteriores, pódese identifica-la importancia que os veciños dos concellos de Deza teñen na posta en marcha de actividades deste tipo en Lalín. Destacan, neste senso, os procedentes de Rodeiro pois, ó ser este un concello de media montaña e cunha cativa cabeceira municipal, os nativos deste municipio poñen os seus negocios en Lalín ó percibiren nel un maior potencial económico para rendibiliza-los seus esforzos investidores. O mesmo se podería dicir de Vila de Cruces e o resto da comarca, presentándose como excepción o caso de Silleda, que conta cun modesto núcleo urbano, receptor principal das divisas procedentes da emigración do seu propio termo municipal.

Xa por último, ante a cuestión de cal foi o motivo para pór en marcha cada actividade concreta por parte dos seus promotores suxeriuse un abanico de 5 posibles respostas. A máis habitual foi que lles parecía un bo negocio, seguida, bastante de cerca, polo feito de que o retornado traballara nela no seu destino de emigración e, en ocasións, citábanse as dúas de xeito complementario. As recomendacións por parte dalgún coñecido ocupan un posto moito menor. Por outra parte, ningún dos enquisados, aparentemente, inclúe motivacións derivadas da maior ou menor dispoñibilidade financeira, e un pequeno número sinala outros motivos diferentes ós enunciados con anterioridade.

Os investimentos do retorno...

Motivacións principais por parte dos retornados para decidirse por cada tipo de negocio

	valor porcentual
Traballara nel na emigración	28,8
Pareceulle un bo negocio para Lalín	60
Recomendoullo algún coñecido	3,7
Dispoñía só do capital para facer este tipo de negocio	
Outras	7,5

En función da información obtida nesta enquisa pódense fundamentar, de xeito cuantitativo, axiomas comunmente aceptados pola comunidade científica que responden a unha percepción social xeneralizada. Sendo perfectamente consciente de que, polo carácter específico e moi concreto desta, estes valores son dificilmente extrapolables a outros espazos, non obstante, teñen o valor de poder constatar, de xeito empírico, algúns dos caracteres máis comúns asociados cos investimentos do retorno no sector comercial e de servizos.

ALTERNATIVAS MENORES: INDUSTRIA E AGRICULTURA

A industria e a agricultura, en comparación cos anteriores sectores de actividade, teñen un menor potencial de atracción para o emigrante retornado. De igual xeito que nos anteriores casos, as dificultades para a obtención de datos son notables e só se poden facer enquisas. Neste punto, non se levou a cabo ningunha de modo sistemático e recorreuse a exemplos significativos.

No caso do sector industrial, deféndese unha menor atracción de capitais debido ó alto risco que implica poñer en marcha unha empresa industrial. Para tal efecto, o “Informe...” elaborado pola Fegaex indica que os investimentos na industria só supoñen un 11,1% dos realizados en Galicia por empresarios galegos residentes no exterior. Segundo se detectou noutras investigacións (Rodríguez González, 1997), o emigrante intervéñen na actividade industrial de dúas maneiras. A primeira, mediante o inicio dunha experiencia individualizada vinculada fortemente á experiencia vivida nos países de destino. A segunda, mediante inxección de capitais a empresas situadas xa no mercado, entrando como accionista, para que aumenten o seu nivel de negocio, converténdose en socio capitalista.

Para obter datos concretos sobre este aspecto recórrese a unha investigación con propietarios de establecementos industriais concretos. O coñecemento desta cuestión deriva dunha parte da afirmación xeneralizada

sobre a importancia que ten este elemento na dinamización socioeconómica (sen que se acheguen máis datos ó respecto), e doutra, do coñecemento dalgunha experiencia individual en que si se identifica esta circunstancia (compréndese que aspirar a máis neste aspecto é de todo imposible nun traballo como o presente). Pódese exemplificar esta idea a partir dos exemplos do Carballiño e Lalín. No primeiro, a chegada de remesas de capital procedentes da diáspora non só é clave no seu desenvolvemento urbanístico, senón que se poden identificar iniciativas industriais que xorden a raíz do investimento directo de emigrantes. Tal é o caso de Pedras Gallegas, serra-doiro de pedra posto en marcha por un emigrante mexicano que aproveita o pulo que nesta bisbarra ten o traballo na pedra. Outra experiencia detectada é Adegas Barbantiño, impulsada por unha persoa procedente de Venezuela a mediados dos oitenta, centrada na elaboración e comercialización de viño. En Lalín, os retornados de Venezuela caracterízanse polo seu carácter emprendedor á hora de crearen empresa. Algunhas das máis significativas industrias da Comarca do Deza teñen a súa orixe nesta circunstancia (a modo de exemplo, a constructora INDEZA ou o grupo de empresas Campos foron creados por retornados de Venezuela). Tamén na rama do téxtil e da confección, fábricas de importancia na actualidade foron impulsadas por retornados. É o caso de Xéneros de Punto Montoto ou Confecciones Enmanuel, creadas e xestionadas por antigos emigrantes procedentes, neste caso, de Francia.

A agricultura tampouco se mostra especialmente atractiva para os investimentos, a pesar de que a inmensa maioría dos emigrantes procede dos espazos rurais. Neste senso, é posible establecer unha diferenciación con respecto ós anos iniciais do século, onde o fluxo de remesas cara a esta función económica foi, como xa se subliñou, significativo (redención de foros, compra de terras...). Nas últimas décadas pódese marcar unha diferenciación. O coñecemento directo de familias de emigrantes dinos que nos primeiros anos do proceso migratorio dirixido á Europa occidental si é posible que os capitais enviados ás unidades familiares se empregasen nas explotacións agrarias, fundamentalmente na substitución do gando ou na compra de maquinaria e tractores (aspectos fundamentais no forte proceso de transformación experimentado pola actividade agraria nos pasados anos). Sen embargo, é moito menos frecuente, polo menos segundo a percepción e o coñecemento persoal, que os retornados poñan en marcha a súa propia actividade agraria (coñécese algún caso en gandería intensiva de porcino e avícola para a Comarca do Deza). Os razoamentos desta situación estriban en que por parte do emigrante existe unha visión negativa do espazo rural, as carencias e limitacións do cal forzaron o seu éxodo. Tamén en que, pola composición das unidades familiares, en case todas sempre quedaba un

Os investimentos do retorno...

irmán ou irmá, o “mellorado”, que estaba á fronte da actividade, co cal a estratexia vital do emigrante debería orientarse cara a outro sector, dado que a agricultura e gandería en Galicia mostra unhas fortes barreiras de entrada fundamentadas na dificultades de acceder á propiedade da terra en función do seu elevado custo monetario. Ademais, e para completar esta explicación, esta función, comparada con outras que esixen unha menor intensidade de traballo e ofrecen unha maior calidade de vida, presenta uns rendementos económicos por debaixo das expectativas dos retornados.

CONCLUSIÓNS

A modo de breve conclusión, cabe dicir que o fenómeno do retorno é aínda un campo de incipiente investigación dentro das ciencias sociais, debido tanto a que é un fenómeno certamente recente no tempo como ás dificultades obxectivas que presenta a sistematización dun modelo de análise. Se isto é así, a situación faise aínda máis patente para aquelas análises que intentan centrarse na incidencia dos investimentos económicos vencellados a el. Aquí topámonos con limitacións metodolóxicas moi fortes, como a inexistencia dun marco conceptual fixado ó respecto, que sirva para lograr un discurso unitario, ou a gran dificultade para a obtención de datos e fontes de información. Neste último caso recórrase, como principais ferramentas para a investigación, a fontes indirectas ou á enquisa, coas lagoas e dificultades que presentan.

A parte empírica do presente traballo fundamentouse nun sistema de enquisas a microescala que permitiu cuantificar, con tódalas precaucións xa enunciadas, algunhas das premisas e axiomas comunmente aceptados polo corpo científico en virtude da percepción social existente.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ SILVAR, G.: *La emigración de retorno en Galicia*. Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Exteriores, Xunta de Galicia, 1997.
- BERTRAND, J. R.: *A poboación de Galicia*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 1992.
- CAGIAO VILA, P. (ed.): *Galegos en América e americanos en Galicia*. Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Exteriores, Xunta de Galicia, 1999.
- CAMPA MONTENEGRO, I. (coord.): *Informe sobre el retorno en los municipios de Galicia*. Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Exteriores, Xunta de Galicia, 1996.
- CARMONA BADÍA, J.: *El atraso industrial de Galicia*. Barcelona, Ariel, 1990.
- CASTILLO CASTILLO, J.: *La emigración española en la encrucijada. La emigración de retorno*. Madrid, C.I.S., 1980.
- DOPICO, F. e LOSADA, A.: “Tendencias demográficas de un país de antiguos emigrantes.” *Papeles de Economía Española*, n.º 16, 1996.
- FERRÁS SEXTO, C.: “Desde Avión para Jalisco. Historia y perfil social de la emigración gallega hacia México en la segunda mitad del siglo XX.” *Semata*. Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago, 2000.
- GONZÁLEZ GALLEGO, P.: *Carballiño y su área de influencia*. Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago, 1982. Inédita.
- GONZÁLEZ LAXE, F. e outros: *Estructura económica de Galicia*. Madrid, Espasa Calpe, 1992.
- HERNÁNDEZ BORGE, J.: “Sobre o estado da poboación galega.” En *Actas do Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 1992.
- IZQUIERDO ESCRIBANO, A. e ÁLVAREZ SILVAR, G. (coord.): *Políticas de retorno de emigrantes*. A Coruña, Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña, 1997.
- LEIB, J. e MERTINS, G.: “Repercusiones de la emigración y retorno de los trabajadores en la estructura de la población, espacial y económica de las regiones de origen y retorno”. *Norba*, n.º 2. Cáceres, 1981.

Os investimentos do retorno...

LOIS GONZÁLEZ, R. C.: "Problemas para a delimitación dos espacios urbanos e rurais en Galicia". En *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia*. Santiago de Compostela, A.G.H., 1993.

LOSADA ÁLVAREZ, A.: *As relacións económicas entre Galicia e os países de destino da emigración*. Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Exteriores, Xunta de Galicia, 1995.

MERTINS, G.: "El retorno de los emigrantes españoles en Europa: modelo de distribución espacial y conducta de inversión en España." *Boletín Informativo*, n.º 181-182. Madrid, Instituto Español de Emigración, 1983.

POEÑA NOVO, L.: "El dinero del emigrante." *Revista de Economía de Galicia*, n.º 11-12. Vigo, Galaxia, 1959.

PÉREZ DÍAZ, V. (dir.): *La emigración en la provincia de Orense: el retorno y sus perspectivas*. Ourense, Ed. Sotelo Blanco, 1984.

RODRÍGUEZ GALDO, M.ª X.: *Galicia, país de emigración*. Colombres, Fundación Archivo de Indios, 1993.

RODRÍGUEZ GÓMEZ, I.: "O retorno da emigración galega de Venezuela de 1948 ata a actualidade." *Historia Nova*, VI e VII. Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, 1999.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R.: *Lalín, un proceso de urbanización e desenvolvemento*. Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1995.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R.: *La urbanización del espacio rural en Galicia*. Barcelona, Oikos-Tau, 1997.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R.: *De aldeas a cidades*. Vigo, Ir Indo, 1999.

SÁNCHEZ LÓPEZ, F.: *Movimientos migratorios de Galicia*. Vigo, Ed. Galaxia, 1976.

SIXIREI PAREDES, C.: *A emigración*. Vigo, Ed. Galaxia, 1988.

SOTELO BLANCO, O.: *A emigración galega en Cataluña*. Barcelona, Ed. Sotelo, 1991.

Resumo

**OS INVESTIMENTOS DO RETORNO COMO FACTOR DE DINAMIZACIÓN
SOCIOECONÓMICA NA GALICIA DOS ÚLTIMOS ANOS**

Román Rodríguez González

Neste artigo analízase a importancia que o investimento dos emigrantes e retornados alcanza no desenvolvemento económico e urbanístico de Galicia a partir dos anos 70 do século XX. Tense en conta a procedencia do capital, as modalidades e os sectores de investimento, as estratexias persoais e económicas desenvolvidas e os lugares en que se realizan estes. Faise un estudio a escala rexional para ir descendendo no detalle da análise ata unha microescala, tomando como fonte enquisas directas.

Palabras clave:

Retornados, investimento económico, desenvolvemento rexional.

Resumen

**LAS INVERSIONES DEL RETORNO COMO FACTOR DE DINAMIZACIÓN
SOCIOECONÓMICA EN LA GALICIA DE LOS ÚLTIMOS AÑOS**

Román Rodríguez González

En este artículo se analiza la importancia que la inversión de los emigrantes y retornados alcanza en el desarrollo económico y urbanístico de Galicia a partir de los años 70 del siglo XX. Se tiene en cuenta la procedencia del capital, las modalidades y sectores de inversión, las estrategias personales y económicas desarrolladas, y los lugares en los cuales se realizan los mismos. Se hace un estudio a escala regional para ir descendiendo en el detalle del análisis hasta una microescala, tomando como fuente encuestas directas.

Palabras clave:

Retornados, inversión económica, desarrollo regional.

Résumé

**LES INVESTISSEMENT DU RETOUR EN TANT QUE FACTEUR DE DYNAMISATION
ÉCONOMIQUE DANS LA GALICE DES DERNIÈRES ANNÉES**

Román Rodríguez González

Cet article analyse l'importance que les investissements des émigrants et des émigrants de retour occupe dans le développement économique et urbanistique de la Galice à partir des années 70 du XX^e siècle. On tient compte de la provenance du capital, des modalités et des secteurs d'investissement, des stratégies personnelles et économiques développées et des lieux dans lesquels ces mêmes investissements ont été réalisés. On fait une étude à échelle régionale pour descendre dans le détail de l'analyse jusqu'à une micro échelle, en prenant pour sources des enquêtes directes.

Mots clé:

Émigrants de retour, investissement économique, développement régional.

Os investimentos do retorno...

Summary

INVESTMENTS OF THE RETURN AS A FACTOR IN THE SOCIO-ECONOMIC DYNAMICS OF THE GALICIA OF RECENT YEARS

Román Rodríguez González

This article analyses the importance that investment from emigrants and returnees has had in the economic and urban development of Galicia starting with the 1970s. It takes into account the source of the capital, forms and sectors for investment, personal and economic strategies that have come into play and places where investments are being made. A study is made on a regional scale, with analysis focussing in on details down to a micro-scale, taking direct surveys as a source.

Keywords:

Returnees, economic investment, regional development.

Curriculo

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Profesor de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela, licenciouse no ano 1991 con Premio Extraordinario. Mestrado en Desenvolvemento Local. A súa actividade académica e investigadora está vencellada á Análise Rexional e ó Desenvolvemento Territorial. Formou parte de equipos de investigación multidisciplinares dentro do IDEGA e da Secretaría Xeral de I+D da Xunta de Galicia. É asesor da Enciclopedia Gallega Universal. Tamén é coordinador da Rede Temática Docente “Desarrollo Rural: aspectos ambientais e territoriais” da AECL. No 2000 recibe o Premio da Crítica Galega na modalidade de investigación polo libro “De aldeas a cidades”

EMIGRANTES E AMERICANOS NA LITERATURA POPULAR EN LINGUA VASCA

Óscar Álvarez Gila

Á memoria de Ronald Escobedo Mansilla (1945-2000)

— Amerikara noa neure borondatez,
hemen baino hobeto izateko ustez;
aspertua bainago hemengo izatez.
Adios, aita eta ama, ondo bizi bitez.

— Lehenago ere seme bat badit Amerikan,
orain dela sei urte joana hemendikan.
Baldin topatzen badek haren biderikan,
esanakiok aita bizi dela oraindikan.

— Kafia hartutzen det egunian bi aldiz,
bai ta pasiatu ere nik nahi adina zaldiz;
jan-edanaren faltik ez, osasuna berriz...
Aita, bizimodu hau Donostian izan balitz!¹.

1. “— Vou a América pola miña vontade, / na esperanza de estar mellor que aquí, / pois estou aburrido desta vida. / Adeus, pai e nai, queden vostedes ben.
— Xa teño eu de antes un fillo en América, / que se foi de aquí hai xa seis anos. / Si acaso encontras o seu paradoiro, / dille que o seu pai vive aínda.
— Tomo café dúas veces ó día, / e dedícome a pasear, todo o que quero, a cabalo. / Non me faltan nin a comida, nin a bebida, nin tampouco a saúde... / ¡Pai, se tivese este xeito de vida en San Sebastián”.

Canción popular guipuscoana, século XIX (versión cantada por Benito LERTXUNDI; *Hunkidura kuttunak*, Donosti, Elkar, 1993, vol. I).

INTRODUCCIÓN

Non resulta unha esaxeración afirmar que os primeiros fenómenos de masas que se viviron na sociedade vasca contemporánea foron, ó longo do século XIX, principalmente dous: por unha banda, a mobilización ideolóxica sen precedentes que se organizou ó redor do carlismo, un dos seus bastións foi a Vasconia peninsular, que levou, na súa expresión máxima, á guerra civil; e, por outra parte, os procesos migratorios masivos, xa fosen de mobilidade interna entre comarcas vascas, de inmigración desde outras rexións de España cara ás zonas mineiras e industriais, ou de emigración a ultramar. Ámbolos fenómenos presentan a coincidencia engadida de seren, á vez, causas e indicadores das profundas transformacións que estaban trastornando a sociedade tradicional, desde a súa base demográfica ata as estruturas económica, social e incluso política, sentando as bases do que é actualmente o País Vasco. A revolución industrial, o proceso acelerado de urbanización e a forte compartimentación ideolóxica dunha sociedade altamente politizada veñen a completa-lo cadro destas transformacións, onde os resultados son ben coñecidos².

Paralelamente, outro dos signos que caracterizaron esta renovada etapa en que as masas se incorporaban á Historia foi o papel cada vez máis importante que adquiriu a difusión, entre sectores crecentes da poboación e por medio de canais organizados *ad hoc*, de informacións, opinións, ideas e, en xeral, todo o que veu englobándose baixo o apelativo xenérico de *opinión pública*. Non entraremos aquí no debate sobre a definición deste termo, moitas veces utilizado dun xeito excesivamente ambiguo pola historiografía, pero que encerra en si unha enorme potencialidade. Entre outras moitas posibilidades, o seu uso permite que nos introduzamos no coñecemento de aspectos, como as mentalidades ou as ideoloxías colectivas –tomadas estas no seu máis amplo sentido–, que constitúen elementos claves no desenvolvemento e a estruturación interna das sociedades contemporáneas. Loxicamente, partindo desde estes presupostos, non debemos estrañarnos ó constatar que carlismo e emigración –sen que esta orde indique xerarquía– fosen os temas máis habituais, tanto nos propios medios de expresión e difusión da opinión pública vasca decimonónica, como sobre todo no seu reflexo na historiografía³.

2. Cfr., entre outros, os comentarios con respecto a isto de MONTERO, Manuel (1995): *La California del Hierro. Las minas y la modernización económica y social de Vizcaya*, Bilbo, Beitia; pp. 13-14.

3. Cfr. ESCOBEDO MANSILLA, Ronald (1988): “La opinión vasca ante la emigración a América”, en *Actas del Congreso Internacional de Historia de América*, Córdoba, Diputación Provincial; pp. 83-93.

Non obstante, no caso que tratamos é xusto recoñecer que os estudos sobre a opinión pública no País Vasco –ou, por definilo mellor, no espacio que tradicionalmente se denominou en lingua vasca como *Euskal Herria*⁴– pecaron dun excesivo apego ó que, máis ben, debe denominarse “opinión publicada”, é dicir, a prensa escrita de calquera periodicidade. Como xa apuntamos noutra ocasión, inmersos como vivimos nunha cultura aínda dominada no básico pola palabra escrita, “cuando nos proponemos hacer incursiones hacia el pasado, nos cuesta percatarnos de las particulares formas que adoptaba la difusión de la información y la opinión en una sociedad mayoritariamente iletrada” ou, alomenos, na que “la letra impresa no constituía el medio habitual de transmisión de cualquier conocimiento o noticia que excediese del marco local”⁵. Pero é que, ademais, no País Vasco súmaselle a isto un factor engadido, aínda que non de menor importancia: o descoñecemento xeneralizado do castelán nas comarcas vascofalantes, que constituían boa parte do territorio, a excepción das cidades ou das zonas latinizadas doutrora⁶. Certamente, esta poboación non estaba en condicións de acceder *directamente* á cantidade de información recollida e distribuída por unha prensa escrita soamente en castelán. O historiador enfróntase así a un dobre problema: en primeiro lugar, á identificación e coñecemento dos mecanismos alternativos, de expresión oral, que cubrían este papel entre a poboación iletrada; e, en segundo lugar, o proceso polo que se franqueaba a división entre o elo final da opinión publicada en castelán e a súa difusión e eventual influencia entre as masas *euskaldunes*⁷.

4. Preferimos este termo ó de País Vasco por razóns de precisión. *Euskal Herria* (de *euskal*, radical que significa referente ó éuscaro; e *herria*, pobo, país) comprende os territorios que teñen o éuscaro como idioma nativo: as provincias de Araba, Guipúscoa, Biscaia e Navarra, e o País Vasco-francés integrado hoxe no departamento dos Pireneos Atlánticos. Todos eles son territorios de moi antiga diversidade política, pero que comparten unha lingua e unha cultura común. Non se trata, polo tanto, dunha recente invención do nacionalismo, como erroneamente se afirma en ocasións. Realmente está xa documentado, alomenos desde 1545, cando o poeta Bernard D'Echepare o usa neste sentido na súa *Vasconum Linguae Primitiæ*. Tampouco ten que atribuírse-lle un sentido político; quizais en castelán o máis aproximado sexa o concepto de *Vasconia*.

5. ÁLVAREZ GILA, Óscar (1999): “La poesía popular en lengua vasca ante la guerra de Cuba (1895-1898)”, en GUTIÉRREZ ESCUDERO, Antonio e LAVIANA CUETOS, María Luísa (coords.), *España y las Antillas: el 98 y más*, Sevilla, Diputación de Sevilla; p. 179.

6. No século XIX, as Encartacións de Biscaia, a Llanada e A Rioxa en Araba e o sur de Navarra (*Libro Blanco del Euskera*, Bilbo, Real Academia de la Lengua Vasca, 1977). O gran retroceso do éuscaro produciuse en Araba durante o século XVIII, en Navarra durante o XIX e en Guipúscoa e Biscaia ó longo do XX.

7. En éuscaro, “vascofalantes”. A tradución do termo *euskaldun* por vasco, nun sentido étnico, non se corresponde exactamente co significado do vocábulo, aínda que recentemente está adquirindo esta connotación.

O BERTSOLARISMO E A SÚA IMPORTANCIA COMO FONTE HISTÓRICA

O carácter efémero de toda transmisión oral, que non adoita deixar pegadas tanxibles, dificulta grandemente o labor do historiador⁸, que se ve así abocado a tentar refacer-las claves –estructurais e de contido– desta forma de comunicación a través de vestixios non sempre completos nin representativos, e xeralmente por vías indirectas. De aí dedúcese a importancia da localización de *corpus* documentais de orixe oral, o máis amplos posibles, para o seu uso como fonte historiográfica.

No caso da poboación vascofalante, como sinala Zavala, no século XIX ten lugar o ascenso dun novo fenómeno de expresión popular⁹: os *bertso berriak* (“estrofas novas”); e un novo protagonista: o seu autor, o *bertsolari*. O *bertsolarismo* constituíu, durante o século XIX e aínda durante boa parte do XX, unha eficazísima mestura de diversión, formación e información que gozaba dunha inusitada aceptación e absorbía boa parte do ocio do vasco. Dous son os caracteres que definían o quefacer dos *bertsolaris*: a improvisación e a oralidade. O *bertsolari* era, por definición, unha persoa dotada da gracia e da capacidade de elaborar improvisadamente, e ante calquera auditorio, composicións versificadas sobre calquera tema: crónicas de sociedade e sucesos extraordinarios, críticas e sátiras, informacións políticas de ámbito local, provincial, nacional ou internacional, competicións deportivas, programas políticos de calquera tipo e ideoloxía, cuestións sociais e económicas, crónicas *rosa e negra*, e incluso simples divertimentos e exercicios lúdicos¹⁰. Algúns *bertsolaris* lograron gran fama no seu tempo, transcendeu o seu nome, a súa vida e unha cantidade abundante das súas obras ata nós. Doutros moitos, sen embargo, a penas coñecemos máis que os seus poemas; e incluso bastantes composicións das que se conservaron ata nós foron froito de incursións illadas de anónimos autores que nunca exerceron como *bertsolaris* profesionais, senón como simples afeccionados de circunstancias. Todo isto non constitúe máis que o reflexo máis evidente da popularidade e transcendencia da que chegou a goza-lo *bertsolarismo* na súa época dourada.

8. ÁLVAREZ GILA, Óscar (1999): “La poesía popular...”; p. 180.

9. ZAVALA, Antonio (1998): *Euskal erromantzeak. Romancero vasco*, Oiartzun (Guipúscoa), Sendoa; p. 19.

10. ÁLVAREZ GILA, Óscar (1999): “La poesía popular...”; p. 181.

Loxicamente, a calidade artística destas composicións é moi heteroxénea, aínda que este aspecto só nos ocupa de forma tanxencial¹¹. E é que certamente, aínda que se adoita entende-lo *bertsolarismo* como un capítulo propio dentro da literatura popular vasca, a súa propia concepción e características –improvisación, oralidade e actualidade– diferencian abertamente do que se entende como propiamente *literario*. Máis que ante un exercicio estético, encontrámonos, no caso do *bertsolarismo*, fundamentalmente fronte a un medio de comunicación máis próximo, nos seus obxectivos e contidos, ó xornalismo que ó labor de novelistas, poetas ou ensaístas. Por iso o seu estudio ten que establecerse, ó noso entender, desde parámetros e prevencións metodolóxicas moi diferentes ás que se formulan habitualmente ó enfrontarse co uso da produción literaria como fonte histórica. Isto non é óbice, en todo caso, para recoñecer que gracias ó traballo de máis dun século de folcloristas e filólogos se permitiu a clasificación e posta a disposición do investigador actual dunha ampla recompilación de *bertso berriak*.

Estes *bertso berriak*, ademais, gozaban dun dobre sistema de divulgación, o que contribuíu ó seu éxito. Inicialmente son composicións que “no se leen o se recitan, sino que se cantan; (...) se transmitían en alas de alguna melodía, al igual que los romances castellanos o las baladas europeas”¹². Os anónimos *bertsoak* que encabezan este artigo, datados posiblemente no último cuarto do século XIX, son un bo reflexo disto. O uso exclusivo dunha canle de difusión oral, sen embargo, moitas veces dificultaba a súa difusión máis alá dun ámbito local. Mais o lento proceso de alfabetización que experimentou a poboación vasca, timidamente durante o século XIX e máis rapidamente no primeiro tercio do XX, fixo que a imprenta se aliase no seu éxito. Xurdiron así os denominados *bertso paperak*, follas voantes, de moi baixo prezo e moi

11. A calidade literaria dun poema, certamente, non incide na análise histórica do contido -xa sexa unha descrición, unha argumentación ou unha proclama-, pero si o fai na repercusión que puido ter no seu momento. As obras dos mellores *bertsolaris*, de feito, obtiveron unha maior difusión; a beleza formal é, así, un elemento coadxuvante do proceso que aquí estudiamos, pero que non analizaremos nesta ocasión.

12. ZAVALA, Antonio: *Euskal erromantzeak...*, p. 19. Tamén existiu entre os vascos a tradición dos *romances*, dos que varios tratan tamén o tema do retorno, xeralmente de quen marchara ó sur de España, ás guerras de Europa ou ás Indias. Un exemplo deles é o titulado *Kanzuriano, kanzuriano...*, que trata do emigrante que é informado por un anxo de que a súa muller, que o cre morto, vai casar de novo, ofrecéndolle a posibilidade de retornar nunha soa noite a casa. Unha vez na súa vila, o emigrante opta por facerse pasar por un peregrino para pedir asilo na súa propia casa, na que a penas chegan a sospeitar quen é. “Begiak begi badirudi / miñak guzurre esan ezpaledi, / gaurko gure erromes onek / Kanzuriano dirudi” (Mirándoo ben parece, e que a dor non me faga dicir mentira, que este noso peregrino / se parece a Kanzuriano). As reminiscencias clásicas, de *La Odisea*, son moi evidentes.

simple calidade tipográfica, onde os autores plasmaban as súas composicións e as poñían a disposición do público, xeralmente a través de vendedores ambulantes, feirantes e cegos.

Igualmente, a enorme popularidade de que gozaban os *bertsolaris* e as súas composicións fixo que axiña xurdise un epifenómeno, aínda que non menos interesante para o historiador: a aparición de composicións que, baixo a aparencia da métrica popular, estaban compostas por autores letrados que usaban intencionadamente o poderoso poder de penetración dos *bertso berriak* na mentalidade colectiva. O terreo da disputa política foi, neste punto, un dos máis fecundos na aparición de coplas de contido dogmático axustadas a formas populares; e a historiografía –aínda que timidamente– así o reflectiu¹³. Pero tamén a emigración a América gozou dunha acción semellante por parte de moi diversos axentes sociais –institucións políticas, Igrexa e prensa vasca– que, cada un polas súas razóns e en auténticas campañas organizadas¹⁴, desenvolvían ó longo da etapa da emigración masiva unha activa oposición a esta, conscientes da efectividade do medio utilizado:

Nuestro apreciable colega local *El Eco de San Sebastián* ha publicado hace algunos días, por vía de suplemento, con el título de “Erne Euskaldunak”, una hoja en bascuence, destinada á combatir la emigración á América y principalmente á contrarrestar los trabajos que vienen haciendo ciertos *enganchadores* para embarcar gente con engañosas promesas y perspectivas ilusorias.

(...) dicha hoja [está] destinada á abrir los ojos á nuestras pobres gentes del campo, y (...) á este fin viene repartiendo profusamente nuestro colega entre los Ayuntamientos y párrocos de Guipuzcoa (...)

El colega ha prestado un buen servicio con la publicación á sus expensas de esta hoja, completada con varios trabajos literarios en lengua euskara.

Creemos que tan útil propaganda sería completa y fructuosa si nuestra Diputación destinára una pequena suma, ó utilizára su imprenta, para la publicación de *versos en bascuence*, escritos *ad hoc*, y entregados gratuitamente á

13. Xa en 1814 e 1823, os versos escritos por Vicenta Moguel ou o sacerdote Juan José Moguel, enmarcados no debate entre foros e absolutismo, e constitución e liberalismo, abrían unha brecha que sería utilizada posteriormente por carlistas, liberais, integristas e incluso nacionalistas (AGIRREAZKUENAGA, Joseba (1994): “Euskaltzaletasunaren formulazio politikoa kontrairaultzaren moldetan Bilbon XIX mendearen lehen hamarkadetan”, en ORPUSTAN, Jean-Baptiste (dir.), *La révolution française dans l’Histoire et la Littérature Basque du XIX siècle*, Saint-Etienne-de-Baigorry; pp. 37-61).

14. ÁLVAREZ GILA, Óscar (1993): “Argentinako 1890ko krisialdiaren eragina Euskal Herriko emigrazioaren aurkako kanpainetan”, *Muga*, Bilbo, 86; pp. 32-45.

los ciegos que se dedican á esta industria, que se encargarían de hacerlos llegar al último caserío, pues sabida es la afición, que en nuestras clases populares existe á esta clase de trabajos...¹⁵.

De feito, xa nos primeiros Xogos Florais éuscaros ou *Euskal Jaiak*, organizados en 1863 na localidade vasco-francesa de Urruña por Antoine d'Abbadie, experimentárase ata as súas últimas consecuencias o enorme poder de persuasión da palabra rimada. A organización propuxera como tema para o certame poético “O problema da emigración a América”. Coincidiu cunha fortísima campaña que os párrocos estaban realizando domingo a domingo nos seus sermóns contra o embarque de varios centos de mozos desde o porto de Baiona, froito da propaganda dos *enganchadores* do armador Célestin Roby. Como xa se denunciou no seu momento, os Xogos Florais viviron un desembarco en masa destes mesmos sacerdotes, que acapararon os premios máis importantes coas súas composicións poéticas, prontamente difundidas. O resultado desta acción combinada, en todo caso, foi espectacular: tres barcos listos para partir viron como a súa pasaxe recuaba; e só tras unha negociación co bispado baionés conseguiron que se reiniciasen os envíos¹⁶. Aínda que lonxe da espectacularidade de 1853, en convocatorias posteriores ata final do século XIX, a emigración sempre estivo presente nos intereses de organizadores e *bertsolaris* concursantes¹⁷.

Este mesmo feito, ademais, non só nos informa do interese directo que tiña a igrexa vasca no problema da emigración a América¹⁸. Os eclesiásticos foron, sen dúbida, os que máis cedo se deron de conta da importancia do factor lingüístico e por esta razón os que usaron máis profusamente –case dun xeito monopolista– a lingua vasca como vehículo de expresión da súa mensaxe, tanto pastoral como política. O éuscaro, no século XIX, quedara xa reducido á consideración de lingua do populacho, como efecto dunha situación diglósica fomentada polas elites vascas, desexosas de preservar-lo seu

15. *Euskal Erria*, San Sebastián, IX (1883), p. 450. Reproducido parcialmente e comentado por ZAVALA, Antonio (1984): *Ameriketako Bertsoak*, Tolosa, Auspoa; pp. 12-13.

16. ÁLVAREZ GILA, Óscar (1998): “Urruñako 1853 ko Euskal Jaiak, Ameriketarako euskal emigrazioa eta Eliza”, en *Antoine d'Abbadie. Congrès International (Hendaye, 1997)*, Donosti-Bilbo, Eusko Ikaskuntza-Euskaltzaindia; pp. 389-397.

17. GOIKOETXEA MARCAIDA, Ángel (1998): “Un aspecto de la Antropología social en las Fiestas Eúskaras: la emigración a Uruguay y los Montebideoko kantuak”, en *Antoine d'Abbadie. Congrès...;* pp. 389-397.

18. Era típico estendido entre os eclesiásticos de tódalas rexións europeas nas que se experimentaba unha emigración masiva, que os emigrantes tendían a abandonar-la fe na súa nova patria (cfr. a nosa tese de doutoramento *El aporte europeo a la Iglesia en el Río de la Plata. La presencia religiosa vasca, 1865-1965*, Universidad del País Vasco, 1996, esp. o capítulo IV).

status privilexiado nunha sociedade que fixera do igualitarismo teórico a base ideolóxica da súa propia construción¹⁹. Moitos sacerdotes viron así no éuscaro unha auténtica barreira sanitaria no ideolóxico, unha “sólida muralla” posta pola providencia para defende-los vascos dos embates da irrelixiosidade, a impiedade das ideas modernas e o liberalismo²⁰—que para eles viña a ser todo o mesmo—. A influencia do clero en temas e orientación de moitas das composicións próximas ó *bertsolarismo* será, así, claramente patente.

Non obstante, en contraste coa vitalidade do fenómeno do *bertsolarismo* e a súa indubidable transcendencia na formación da opinión pública, os estudos que utilizaron este patrimonio como fonte para a realización de estudos históricos foron, ata datas moi recentes, escasos, por non dicir inexistentes²¹. Certamente, o principal factor que se pode aducir para isto é o xeneralizado —pero non por iso menos sorprendente— descoñecemento do éuscaro entre os historiadores dedicados ó estudio do pasado vasco, o que lles impediu non só o acceso directo ó contido destas fontes²² senón incluso tamén a súa correcta comprensión dentro da peculiar realidade cotiá do espacio vascofalante.

19. MARTÍNEZ GORRIARÁN, Carlos (1993): *Casa, provincia rey. Para una historia de la cultura del poder en el País Vasco*, Alberdania, Irún; pp. 264-265, di que ás discriminacións económicas para participar na vida política, engadíanselle-las culturais: “quedaban excluidos de la calidad de cargohabiente todos los que no supieran leer y escribir correctamente en castellano, medida supuestamente racionalizadora de la administración pero que, en realidad, constituía otra insuperable barrera para la gran mayoría vasco parlante de la época”. Algo similar apunta Joxe AZURMENDI (1992): *Espainolak eta euskaldunak*, Donosti, Elkar.

20. ARBELBIDE, Jean-Pierre (1895): *Igandea edo Jaunaren Eguna. Meza-Bezperen othoitzekin*, Lille, Imp. Catholique; p. 32. Este mesmo discurso recolleu o carlismo e o integrista vascos e, xa no cambio de século, o nacionalismo de Sabino Arana, quen sinalaba na mesma liña que “es indudable, y todo el mundo lo sabe, que allí donde se pierde el uso del euskera, se gana en inmoralidad, [y aumentan] la blasfemia, el carácter religioso y las costumbres inmorales en razón directa de las conquistas que realiza el idioma castellano” (ARANA, Sabino (1894): “Errores catalanistas”, *Bizkaitarra*, Bilbo, n.º 16).

21. KINTANA GOIRIENA, Jurgi (1999): “Lehen gerra karlista bertsoen argitan. Foruak eta erlijioa hitz neurtuetan (1820-1840)”, *Uztaro*, Bilbo, 30; pp. 61-84. Como recoñece Kintana, traballos recentes como o de Koldo IZAGIRRE formularon interesantes cuestións metodolóxicas sobre o uso dos *bertso berriak* na historiografía (*Incursións en territorio enemigo*, Pamplona, Pamiela, 1997; pp. 12 ss.).

22. Así, hai que cita-lo caso dos *bertsoak* utilizados por José Manuel AZCONA PASTOR en *Los paraísos posibles. Historia de la emigración vasca a Argentina y Uruguay en el siglo XIX* (Bilbo, Univ. de Deusto, 1992; p. 139), nos que, por descoñecemento do éuscaro, non se decata do formidable erro de tradución que comete a intérprete, facéndolle dicir ó autor exactamente o contrario do que afirma. Afortunadamente, casos como este non son moi frecuentes, porque o normal é que o historiador non utilice como fonte os *bertso berriak*, como se atreve a facer Azcona.

OS BERTSOLARIS E A EMIGRACIÓN

Como xa apuntamos anteriormente, un dos temas que, en termos cuantitativos, destaca nas preferencias da poesía popular vasca do período que abarcamos foi o da emigración a América. Nun traballo de recompilación a penas iniciado²³, son varios centenares os *bertso berriak* que tratan total ou parcialmente este aspecto; e se sumámo-las variantes dialectais e locais superan o millar²⁴. O seu contido é sumamente heteroxéneo en enfoques, temática, orixe social e rexional do autor, e incluso lugar de produción –pois abundan os compostos e difundidos por e entre os vascos residentes en América–. Igualmente, o seu ton e contido varían notablemente, encontrando entre eles desde simples descrições anecdóticas ou saúdos versificados dirixidos ós familiares e amigos, ata auténticas elaboracións ideolóxicas arredor das cuestións centrais do fenómeno migratorio, as súas causas, os seus procedementos e as súas consecuencias nos ámbitos persoal e social.

Non obstante, pódese establecer unha clasificación daqueles aspectos concretos da emigración que mereceron unha maior atención polos autores das composicións poéticas estudadas.

Un primeiro punto de atención márcano *as razóns que expresan os emigrantes para xustifica-la súa decisión*. Curiosamente, a análise que se realiza aquí é moi simple, pero á vez case unánime: un desexo de mellorar economicamente, unido ó convencemento das maiores posibilidades que, en cada caso, ofrecen as sociedades americanas para o éxito económico e, polo tanto, para o ascenso social.

23. Un punto de partida imprescindible para este traballo é o labor recompilador de Antonio ZAVALA, na colección *Auspoa* creada e dirixida por el, e especialmente para este caso na súa obra *Ameriketako Bertsoak*. Tódolos traballos historiográficos que actualmente utilizan os *bertsoak* como fonte baséanse principalmente nas obras de Zavala. Tamén hai que menciona-lo catálogo de Julen URKIZA (2000): *Aldizkari eta egunkarietako euskal bertso eta olerkien bibliografía*, Bilbo, Bizkaiko Bertsozale Elkarte.

24. No proxecto de investigación *Historia de la emigración y presencia vasca en América (siglos XVI-XX)*, dirixido por Ronald Escobedo e Adrián Blázquez, Programa de cooperación Aquitania-Euskadi, 1995-1997.

Emigrantes e americanos...

Zenbait mirabe gazte
ezaguera gabe
gurasoen ondotik
irtentzen dirade,
esanaz, “Amerikan
dudarikan gabe,
emen baino obeto
biziko gerade”²⁵

*Algúns mozos criados
por descoñecemento
marchan
da beira dos seus pais
dicindo: “En América,
sen dúbida,
viviremos
mellor que aquí.*

Nun proceso constantemente retroalimentado, a mesma figura do *americano*²⁶ de éxito, xunto coas noticias alentadoras que chegaban a través do correo, desde a rama americana da familia ata a europea, encargábanse de acrecentar e xeneralizar este convencemento.

Juan gogo naiz, segurki,
ni Ameriketarat,
enekilan laburzki
nor dago partitzerat?
Ez noa sekulako,
laster naiz itzuliko,
ondasun handiekin
zillar eta urrekin.

*Quero ir, seguro,
eu a América,
¿quen está disposto
a partir comigo?
Non me vou para sempre,
axiña regresarei,
con grandes riquezas,
con prata e con ouro.*

Itzultzen naizenean,
han fortuna eginik
Peru edo Mexikan
urre franko bildurik,
Ah, zer urustasuna
nik izanen dudana!
Trankil ere bizia
iganen da guzia.

*Cando volva
tras facer alí fortuna,
reunindo moito ouro
en Perú ou en México,
¡ah, que felicidade
a que eu terei!
Pasarei tranquilo
toda a miña vida.*

25. ARRIETA, Juan José: “Bertso berriak”, aprox. 1877 (pub. en ZAVALA, Antonio, *Ameriketako bertsoak*, p. 47).

26. ¿Americano? ¿Indiano? Establécese aquí unha cuestión sobre cal é o termo máis adecuado, ou mellor dito, cal era o que se usaba, na sociedade contemporánea á emigración masiva, para referirse ó retornado. Un rápido percorrido polas fontes vascas lévanos a postular que o termo *americano* era o máis habitualmente usado polas fontes populares, mentres que *indiano*, palabra dotada dunha máis longa tradición e adornada do lustre outorgado polo tempo, é usada en contextos culturais máis elaborados.

Ez duzue prezatzen, beraz zer den fortuna, nola ikusia den diru anitz duena. Harek du, hark fabore, laudorio, ohore. Bai, aberatsa dena, beti izanen da jauna ²⁷	<i>Non apreciades, pois, que é a fortuna, como é visto quen ten moito diñeiro. El obtén favores, loanzas, honores. Si, quen é rico sempre será señor.</i>
--	---

Aínda que algunhas composicións, sobre todo as de orixe plenamente popular, resaltan a voluntariedade da decisión de emigrar, outras, sen embargo, inciden no que poderíamos denominar emigracións forzadas, por exemplo por problemas políticos –como tralas carlistadas– ou por fuxir do servizo militar obrigatorio. Mención á parte merecen as que acusan os *enganchadores* de seren “uso marxantak” (mercadores de inocentes)²⁸; estes *bertsoak*, con todo, enmárcanse máis ben nas campañas antiemigracionistas antes aludidas, polo que non sorprende comprobar que, na súa maior parte, teñan autor coñecido e este sexa en xeral persoa letrada.

Máis abundantes son, pola súa parte, as descricións sobre *a partida e a viaxe a América*; de feito, Garzia e Urkizu, na súa recompilación sobre a poesía popular vasco-francesa do século XIX, chegan a facer destes versos “de partida e viaxe” unha categoría temática propia. Ademais, como recorda Legarda, son as experiencias novidosas –a travesía marítima, cos portos e cidades nos que se recalaba– as máis proclives para que o improvisado *bertsolari* se atrevese non só a componse unhas poucas estrofas, senón a dállelas a coñecer ós seus compañeiros de viaxe ou á súa familia no propio País Vasco²⁹.

Tamén a poesía pedagóxica antiemigracionista viu nas penalidades e riscos derivados dunha viaxe a América –lóxicos, por outra parte, naquelas épocas–, unha arma para esgrimir nas súas campañas. Tiveron así moito eco

27. ANÓNIMO; “Juan gogo naiz”, *Revista Eúskara*, Donosti, 493 (27-XI-1897), publicado por GARZIA, Joxerra e URKIZU, Patri (1991): *Bertsolaritzaren Historia. Lapurdi, Baenabarre eta Zuberoako bertso eta kantak*, Donosti, Auñamendi; vol. I, pp. 345-347. O texto é unha conversación entre Battita, quen desexa ir a América, e Piarrex, que quere disuadilo. Seleccionamos e adaptamos versos correspondentes ó primeiro.

28. “Uxo marxant batzuek arribatu dute, / berrogoi bat dozena behar omen dute, / herriz herri dabilta propien berexten, / bakotxaren tratua kontratuz egiten” (“Arribaron uns mercadores de inocentes, / dise que necesitan unhas corenta ducias, / van de vila en vila elixindo ós incautos, / poñendo en papel os seus tratos” [GARZIA, Joxerra e URKIZU, Patri (1991): *Bertsolaritzaren Historia...*, I, pp. 356-357].

29. LEGARDA, Anselmo de (O.F.M. Cap.) (1977): “América en el Cancionero de Azkue”, *Boletín del Instituto Americano de Estudios Vascos*, Bos Aires, XXVIII; pp. 31-38.

as denuncias de incumprimento dos contratos de embarque, amoreamento, falla de alimentación, enfermidades e morte; denuncias en que sintomaticamente coincidían estes versos con artigos periodísticos aparecidos nos principais diarios implicados nestas campañas³⁰. Sobre a inutilidade deste empeño xa falou en 1934 unha figura tan versada no *bertsolarismo* como José Ariztimuño “Aitzol”³¹.

En liña co anterior, un terceiro grupo de composicións fórmano as que *describen a vida en América*, ponderando o contraste da xeografía física e humana americana coa de Euskal Herria, e na que se describen os acertos e fracasos na adaptación do emigrante ó seu novo contorno. Cadros da vida nunha *estancia* ou nun restaurante, por exemplo, mestúranse con visións da azarosa política das repúblicas americanas, coa vitalidade do asociacionismo inmigrante vasco naquelas terras ou coa sorpresa que lle producía ó *baserritarra* acabado de chegar toparse con persoas doutras razas, negros ou mestizos:

Beltzarana naizela
kalian diote,
ez naiz zuri ederra
arrazoia dute.
Eder zuri galantak,
pausuan hamabi,
beltzarana graziosak,
milaetatik bi.

*Na rúa din
que son morena.
Non son branca e fermosa,
teñen razón.
Pero brancas e fermosas,
tes doce a cada paso,
e morenas graziosas
dúas de cada mil.*

Beltzarana naizela
zuk neri esateko
lenago zan denbora
erreparatzeko.
Beltzak eta zuriak,
mendian ardiak;
zuk ere ez dituzu
bentaja guztiak³²

*Antes fora tempo
para que te deras conta
e me dixeras
que son morena.
Tamén hai ovellas brancas
e negras no monte;
e ti tampouco tes
tódalas ventaxes*

30. Cfr. o capítulo II, “En viaje”, do libro recopilatorio do xornalista José COLÁ Y GOITI (1883): *La emigración vasco-navarra*, Vitoria-Gasteiz, Imp. de la Viuda e hijos de Iturbe, pp. 25-29.

31. AITZOL: “La emigración vasca y la poesía euskaldun”, *Euzkadi*, Bilbo, 11-XII-1934; publ. en Aitzol. *Idazlan guztiak. Obras completas*, Donosti, Erein, 1987; tomo VI, p. 126.

32. “Beltzarana”, pub. en *Iparragirre. Erro-urratsak. Raíz y Viento*, Igorre (Biscaia), Keinu, 1999; tomo I, p. 340. Esta obra foi atribuída tradicionalmente a José María Iparragirre. A versión cantada é de Gontzal MENDIBIL; *Iparragirre hegalaria* (1999). Polo contexto dedúcese que o autor usa o apelativo *beltzarana* (morena) cun sentido racial.

OS BERTSOLARIS E O RETORNO: ENTRE O ÉXITO E O FRACASO

Non obstante, por riba da clasificación anterior, hai un elemento que está presente, dun xeito máis ou menos evidente, practicamente na totalidade das composicións poéticas populares e pseudopopulares que recompilamos sobre a emigración a América: o que se coñeceu en éuscaro como *herri mina* (“dor pola terra”), é dicir, a morriña pola patria que quedou atrás e, unido a iso de xeito indisoluble, o desexo de retorno.

Vasconia maitia,	<i>Querida Vasconia,</i>
Icustera juangonais,	<i>irei verte,</i>
Biotzac esatendit,	<i>o corazón dimo,</i>
Escumuñac suretzat,	<i>recordos para ti,</i>
Egunen batian,	<i>algún día,</i>
Usteric guchian,	<i>cando menos o espere,</i>
Modu chit estian,	<i>dun xeito moi doce,</i>
Bien bitartian... ³³	<i>mentres tanto...</i>

Trátase este, certamente, dun sentimento que, lonxe de ser privativo dos vascos, atópase noutros pobos que experimentaron a mesma situación. A súa forma de expresión é tan variada como diversos son os autores, aínda que as composicións elaboradas polos mesmos emigrantes, no seu voluntario desterro, son as que conseguen un maior grao de lirismo. O paradigma de todas elas, co valor engadido da súa rápida inclusión no repertorio do cancionero popular euscaldún, incluso ata os nosos días, é moi posiblemente o que, segundo se admite, compuxera en 1858 o bardo José María Iparragirre no mesmo barco que o levaba desde Baiona ó Río da Prata:

Gazte-gaztetatikan,	<i>Desde moi novo</i>
herritik kanpora,	<i>pasei o tempo</i>
estranjeri aldean	<i>fóra da miña terra</i>
pasa det denbora.	<i>no estranxeiro.</i>
Errialde guztietan	<i>En tódalas partes</i>
toki onak badira,	<i>existen lugares agradables,</i>
baina bihotzak dio	<i>pero o corazón di</i>
“zoaz Euskalerrira”.	<i>“vai a Euskalerrira”.</i>

33. EUSCALDUN BAT: “Ongui etorria eta escumuñac Vasconiari”, *La Vasconia*, Bos Aires; II, n.º 47 (20-I-1895), p. 134.

Emigrantes e americanos...

Lur maitea uztea
da negargarria.
Hemen gelditzen dira
ama ta herria.
Urez noa ikustera,
bai, mundu berria.
Oraintxe bai naizela
errukigarria.

*Deixa-la terra querida
é doloroso.
Aqui quedan
a miña nai e o meu pobo.
Vou por mar
ve-lo novo mundo.
Agora si que son
digno de compaixón.*

Agur, nere bihotzeko
amatxo maitea!
Laister etorriko naiz,
kontsola zaitea.
Jaungoikoak nahi badu
ni urez joatea,
ama, zertarako da
negar egitea?³⁴

*Adeus, naiciña querida
do meu corazón.
Logo volverei,
consólate.
Se é vontade de Deus
que cruce eu o mar,
nai, ¿de que
serve chorar?*

Non é, sen embargo, o máis habitual esta medida que amosa Iparragirre cando admite que “en tódalas partes existen lugares agradables”. O reverso da morriña adoita ser, xeralmente, unha idealización da patria, o que en certa medida sería algo incongruente coa base mesma da emigración –o horizonte pechado que obriga os seus naturais a busca-la súa fortuna lonxe dela–. Non obstante, tamén ten unhas bases lóxicas: a patria é, principalmente, o territorio onde se desenvolveu unha parte da súa propia historia persoal, precisamente aquela que deixa unha maior pegada: a infancia. Esta idealización, entendida así como o recordo dun tempo antes que dun espacio, desfigura de tal modo o recordo que chega a dificulta-la identificación dunha realidade cambiante e a facer imposible a súa aceptación se o desexado retorno se materializa:

Todo era alegría
en el fértil valle
donde yo jugaba
cerca de mis padres.
A la fresca sombra
de frondosos árboles,

reclutando gente
para Buenos Aires.
Las pintadas flores,
las canoras aves,
del pequeño arroyo
el murmullo suave,

34. Pub. en *Iparragirre. Erro-urratsak. Raíz y Viento*, Igorre (Biscaia), Keinu, 1999; tomo I, p. 282. A traducción que inclúe, de Ignacio Beláustegui Iturbe (1920), é claramente errónea. A versión cantada é de Gontzal MENDIBIL (*ibidem*).

crecía inocente	de las aldeanas
sin temor a nadie;	los tiernos cantares,
mas duro bien poco	los sonoros besos
vida tan loable	de amorosa madre...
que un <i>indiano</i> vino	¡cuánta, cuánta dicha
á aquellos lugares,	perdí yo una tarde! ³⁵

Morriña e desexo de retorno –que o mesmo Iparragirre tamén expresara nos coñecidos versos que lles dedicou “ós mozos do seu pobo”³⁶ cara a 1870– víanse complementados polo matiz do éxito económico, como xa apuntamos na composición “Juan gogo naiz”. De feito, esta cuestión –a do *éxito da emigración*– é un dos eixes ó redor dos que se establecen as maiores diverxencias entre a literatura de orixe popular e a que antes cualificamos de pedagóxica. O éxito, primeiramente, enténdese como a consecución dos obxectivos económicos do emigrante: a obtención dunha fortuna suficiente para, de regreso á terra, facer realidade a ascensión na escala social a ese novo status de *americano* que, a forza de pesos e dádivas, loitaba por conseguir un lugar na pechada notabilidade local dos pobos vascos.

Verbo disto, Legarda afirma que “el poeta popular prefiere pintarnos al que desarbolado agarra el puerto, al que torna fracasado”³⁷. Non estamos, sen embargo, de acordo con esta opinión. As composicións populares, certamente, non ocultan a existencia da derrota; aínda que, incluso nestes casos, non perden a ocasión para eliminar cariz dramático, caendo incluso no gracioso:

– Agur nere osaba ta parientiak,	– Adeus, tío e parentes meus,
ariyo adiskide ta lagun maitiak;	adeus, amigos e compañeiros queridos;
pena ematen dit zubek utzi ta joatiak;	dáme pena deixarvos e marchar;
berriz etortzen banaiz ez ichi atiak ³⁸ .	cando volva non me pechéde-las portas.

35. NAVERÁN, Onofre A. de: “El indiano”, *La Vasconia*, Bos Aires; I, n.º 16 (10-IV-1894), p. 91. É esta unha das escasas composicións que logramos recompilar en castelán sobre o tema da emigración no País Vasco. Non obstante, varios indicios lévannos a pensar que puidese tratarse da tradución dun orixinal en éuscaro. En todo caso, por ser de autor vasco e publicarse nunha das máis importantes revistas da colectividade vasca de Arxentina decidimos incluíla aquí.

36. “Agur, adiskideak, / ikusi artean; / zuenganatuko naiz / egunen batean. / Esperantzakin bizi / nahi det bitartean, / gero hezurak utzi / nere lur maitean” (“Adeus, amigos, / ata a vista; / volverei onda vós / algún día. / Mientras tanto quero / vivir con esperanza, / e logo deixa-los ósos / na miña querida terra”) “Nere erriko gazteari”, Pub. en *Iparragirre. Erro-urratsak. Raíz y Viento*, Igorre (Biscaia), Keinu, 1999; tomo I, p. 292.

37. LEGARDA, Anselmo de (O. F. M. Cap.); “América en el...”, p. 34.

38. “Sección amena”, *La Vasconia*, Bos Aires; IV, n.º 138 (30-VII-1897), p. 364. Estes versos son parte dun *ixtorio* ou pequena anécdota, que parece verídica, dun emigrante guipuscoano

Emigrantes e americanos...

En cambio, prodíganse máis en ofrece-la imaxe que ten a xente común daqueles que regresaban co peto cheo. O seu exemplo, aínda dentro da excepcionalidade que é ben coñecida por todos, é un acicate sempre presente para favorece-la aparición de novas vocacións emigrantes. Ben se sabe que son moitos os chamados e poucos os elixidos, pero non por iso diminúe o desexo do emigrante de xoga-la lotería da súa fortuna particular. Se esta lle é favorable, a recompensa –como di a canción– está taxada moi alta:

Ameriketara joan nintzen,
xentimorik gabe,
handik etorri nintzen, maitia,
bost miloiren jabe.
Txin-txin, txin-txin,
diruaren hotsa,
haretzek ematen dit, maitia,
bihotzian poza.

*Fun a América
sen un céntimo,
e volvín de alí, querida,
dono de cinco millóns.
Chin-chin, chin-chin,
o son do diñeiro,
isto si que me dá, querida,
ledicia no corazón.*

Ameriketarik bueltan
ginaden etorri,
eta nahiko dirua, maitia,
genduan ekarri.
Txin-txin...

*Viñemos
de volta de América
e trouxemos, querida,
suficiente diñeiro.
Chin-chin...*

Orain gastatze itugu
hango urte txarrak,
dantzatu zirelako, maitia,
gure hatzaparrak.
Txin-txin...

*Agora ímonos desquitar
dos anos duros de alá,
porque bailaron moito, querida,
as nosas mans.
Chin-chin...*

en Arxentina. Segundo conta a mesma anécdota, cando este emigrante regresou de visita á súa casa, improvisou (“abotik abora”) a seguinte estrofa dirixida ó seu tío José Bernardo, “lembrando como el, cando marchara a América, lle dixera: ‘Lembra que aínda tes aquí, o leito en que naceches’:

– Osaba, baldiñ ez badaduka
eiteko aundiyeen bat or,
gizon bat badago bedorrrren galdez,
ate ondoraño betor:
bedorrek ondo dakiyena da
agintzen dana dala zor:
bera jayo zan oyaren billa
illoba oranchen dator.

– Tío, se non ten aí
algo importante que facer,
hai un home preguntando por vostede,
achéguese á porta:
quen vostede ben sabe é
o que lle di que está en débeda:
en busca do leito que naceu
acaba de chega-lo seu sobriño.

Gu irurok gerade
arratoi txuriak,
Ameriketako berri, maitia,
ondo ikasiak.
Txin-txin...

*Nós os tres somos
ratiños brancos,
que aprendemos ben, querida
as cousas de América.
Chin-chin...*

Orain etorri gera
handikan honera,
kaballero-papera, maitia,
emen egitera.
Txin-txin...³⁹

*Agora viñemos
de alí acá,
facer aquí, querida,
o papel de cabaleiros.
Chin-chin...*

Pola contra, a poesía pedagóxica fai do fracaso un dos seus principais argumentos contra o auxe da emigración, o seu obxectivo declarado. Os cadros de dor, de “lamentos dos vascos” desde Montevideo, A Pampa ou California, nos que expresan o seu arrepentimento por perseguir en van face-las Américas, foron significativamente o ton xeneralizado das composicións máis laureadas nas convocatorias anuais das *Euskal Jaiak* decimonónicas que volveron a súa atención a esta cuestión. Nunhas ocasións apelábase á imposibilidade de cumpri-lo soño do retorno dos que non se viran favorecidos pola fortuna e non podían –ou non se atrevían– a regresar á súa “patria chica”. Noutras, simplemente se ofrecían as reflexións tardías, e aparentemente meditadas, dos que botaran pola borda os seus anos xuvenís sen conseguí-los resultados desexados. Así, por exemplo, describía o donostiarra Ramón Artola, colaborador habitual na prensa vasca, os pensamentos dun destes fracasados:

Irabazbide guchi
eta maiz behar jan,
zenbait miseri triste
igaro det nik han;
pozez banintzen ere
Amerikara joan,
zartzerako horra zer
poz andik dakartan.

*Ganancia, pouca,
e tódolos días había que comer,
¡cantas tristes miserias
pasei eu alí!
aínda que me fun alegre
ás Américas,
fixádevos agora que
gran ledicia traio.*

39. Canción popular anónima, publ. por ZAVALA, Antonio: *Ameriketako Bertsoak*, pp. 145-148. A versión cantada, polo grupo EGAN, *Meta Eginez* (1996).

Emigrantes e americanos...

Ezta iya sayatu
ez naizen lanikan,
eta ez tet sobratu
ezer lanetikan;
bada ez egiñ amets
danik Amerikan,
eguzkitan ari ta
jaten ogirikan⁴⁰.

*Non hai case traballo
no que non probara,
pero de todo este esforzo
nada puiden aforrar,
e iso que non durmín
en América,
traballando a pleno sol
e comendo a penas pan.*

Ou o seguinte verso, máis breve pero non por iso menos revelador, pertencente á composición coa que Pierre de Ibarrart gañou os Xogos Florais de Sara de 1882:

Ene anai joan zen Amerikan barna,
O meu irmán foise polas Américas
Laster zerbeit eginik ustekotan lana;
pensando que axiña deixaría de traballar;
Egun bezein aberats zen sorthu zenien!
cando naceu era tan rico como o é hoxe.
Hobe lukela dio ikhazkin mendian⁴¹.
Di que mellor quedase de carboeiro no monte.

Pero incluso esta mesma poesía pedagóxica debía renderse, de cando en vez, á evidencia do éxito. De feito “non vivían todos mal en América, habíaos, e non eran poucos, que gozaban de comodidades” e fortuna⁴², e os seus efectos eran, ademais, ben tanxibles na propia paisaxe vasca:

40. ARTOLA, Ramón: “Urrutiko inchaurreak. Baserritar baten Amerikatik bere lur maiterako etorrera”, *La Vasconia*, Bos Aires; IV, n.º 132 (30-V-1897), p. 289.

41. IBARRART, Pierre d': “Ikhazkina mendian” (cit. por GOIKOETXEA MARKAIDA, Ángel; art. cit., p. 375).

42. “Baiñan ez dira gaizki / ez, han ere denak, / baitira ta ez guchi /ongi diradenak”, e engade “a mí me ha ido mal, peor para mí, no siente desazón quien no tiene dolor”. ARTOLA, Ramón: “Urrutiko inchaurrea...”, *cit.*

Arratsaldetan begira nago xoratua kanpoeri,
Polas tardes miro abraiada os campos,
Nola egin den denbora gutiz zeru berri bat iduri;
como se volveron en breve tempo un novo
Pentze, mahasti, baratze, herri, etxalde eta jauregi.
paraíso: praderías, viñas, hortos, vilas,
Zenbait Lapurtar nun izan diren hor obrak ageri,
casaríos e palacios. Aí están dira patentes as obras dos labortanos
Heia dutenez Amerikatik urhea nasia ekarri!⁴³
que estiveron en América e trouxeron ouro en abundancia

O AMERICANO ANTE A RELIXIÓN E A POLÍTICA

Mais non só de pan vive o home e, incluso obtendo a prosperidade económica, a emigración traía consigo outros efectos colaterais, igualmente perniciosos. Especialmente desde os sectores próximos á Igrexa –e moi notablemente desde o clero–, a cuestión ía máis alá e involucraba ó estado relixioso dos seus concidadáns emigrantes. Temían que a ansia de cartos se antepuxera, na afastada América, ó coidado da súa alma, lonxe da súa patria e da vixilancia dos seus pastores:

Hik, bai, diru gose zorrotza, nabillak hola zoraturik; hik daukak gogortu bihotza, hik ezarri nauk itsuturik.	<i>Ti, si, aguda sede de cartos, tesme así tolo, ti endurecíchesme o corazón, ti cegáchesme co teu brillo.</i>
--	--

Aberastu nahi izan, bainan zuzenez eta ohorezki: Herrirat heltzen naizenean dirudun fama ez zait aski ⁴⁴ .	<i>Quérome enriquecer, pero en xustiza e con honor: cando regrese á miña vila non me bastarán a fama e a riqueza.</i>
--	---

Pero non tódolos emigrantes pensaban como desexaba o cóengo Adéma. E o resultado, ó cabo, era desalentador. “Quen vai a América”, laiábase o xesuíta Pierre Lhande, abandona a súa relixión en canto perde de vista o

43. Versos do propio Pierre d'IBARRART, preparados para o certame de Ustaritz de 1897, baixo o título de “Artzaintsa mendian”. Cit. por GOIKOETXEA MARKAIDA, Ángel: art. cit., p. 377.

44. ADÉMA ZALDUBY, Gratien (1909): “Ameriketako bidean”, *Revista Internacional de Estudios Vascos*, Donosti; III, p. 109.

campanario da súa aldea⁴⁵. Os vascos volvíanse “pagáns en Montevideo”⁴⁶; as terras americanas, patria da laxitude moral, da tolerancia relixiosa e da carencia de clero, eran terreo propicio para iso. Perdido na convivencia entre persoas de distintas razas, linguas e confesións, o católico vasco –incubado nun lugar sobreprotexido da unidade relixiosa e co maior índice de clero por habitante de toda Europa– enfrontábase a unha nova realidade, para el descoñecida, como tamén eran imprevisibles as súas consecuencias:

Lardizabal det apellidua, Ta Eusebio izena, Españiaco euskal erritic Republicaco pampan ere naiz Cerbait ibilli naizena Uste gabeco parajeetan Allegatzen da guizona.	<i>O meu apelido é Lardizábal, e Eusebio o meu nome, vin do País Vasco de España e nas pampas desta República algo xa percorrín. O home adoita chegar a lugares que non se imaxinaba.</i>
---	---

Pampa orretan icusi ditut Asco Indio ta naste, Nacio clase ascotacoac Maquiña bat gende traste; Religio clase onecorican Naiz zarrac eta naiz gazte, Orrelacoric munduban zanic Oraindic ez nuban uste.	<i>Nesta pampa vin moitos indios e mestizos, unha gran cantidade de xente de tódalas clases de nacións; de moitas clases de relixións xa sexan vellos ou mozos, eu nunca tería pensado que existise algo así no mundo.</i>
--	--

(...) Indio eta protestantiac Masoyac falta ez dira, Clase oriec zabaldu dira Casican mundu guztira, Ta religio catolicoa Nay luteque oñ aspira, Jaungoicoaren contra dabiltza Gaur ori oso gaizqui da ⁴⁷ .	<i>Non faltan nin indios, nin protestantes, nin masóns, estas sectas estendéronse case por todo o mundo, e queredían agora borra-la relixión católica, actúan en contra de Deus e iso está moi mal.</i>
---	---

45. LHANDÉ, Pierre (1910): *L'émigration basque*, Paris, Nouvelle Librairie Nationale, p. 220.

46. HIRIBARREN, J. M. (1853): *Montebideoko berriak*, Bayonne, Le Messenger de Bayonne.

47. [LARDIZABAL, Eusebio]: “Verso berriak”, *La Vasconia*, Bos Aires; IV, n.º 139 (10-VIII-1897), pp. 376-377. Respectámo-la grafía orixinal do texto, que foi escrito seguindo as regras ortográficas do castelán. Polo idioma utilizado, o autor é guipuscoano.

Se á laxitude relixiosa se lle unía a cuestión política –indisolublemente unidas ambas no País Vasco, onde o clero era o maior bastión do integrista, tanto en España como en Francia–, o perigo era aínda maior. O americano que retornaba, rico e influente, pero á vez adornado de certas doses de incredulidade e un espírito cheo de liberais “ideas do século”, corría o perigo de converterse nun formidable elemento de desestabilización do edificio social das vilas vascas. O *liberalismo do indiano*, do que falara por experiencia familiar Miguel de Unamuno⁴⁸, constituía en moitas comarcas de Euskal Herria, e moi especialmente naquelas ás que aínda non chegaran os aires modernos da industrialización, o máis directo vehículo para facer abanea-lo monopolio ideolóxico posuído polo binomio do clero e o éuscaro.

A imaxe que da emigración e do retorno ofrece o *bertsolarismo* é, polo tanto, tan variada e heteroxénea como o mesmo fenómeno ó que se refire. A súa importancia foi acrecentada polo feito de converterse, esta expresión cultural, nun dos principais campos de batalla das campañas contrarias á emigración. Dúas imaxes contrapostas se nos amosan principalmente: unha, máis achegada á imaxe popular, que observa a emigración desde preto e, ante o éxito, a admiración; outra, a imaxe difundida cunha finalidade disuasoria, presenta especialmente o seu reverso. Pero uns e outros coinciden en entender que o emigrante, e o americano, eran personaxes próximos ó cotiá do vasco e que só desde esta proximidade pode explicarse o amplo debate que suscitaron as súas figuras na sociedade vasca do momento:

48. “No sé si en México, en Tepic, quedará, en algún anciano, recuerdo de aquel Félix de Unamuno y Larraza, pero en mi alma queda el resplandor remoto de aquel Méjico que fue el educador de mi madre y por ella de mí, su hijo. *Al liberalismo de Vergara, la de los Amigos del País, se unió en mi hogar paterno el liberalismo del indiano que fue mi padre*. Y es lo mejor que a Méjico debo”. Nun escrito de 1935, titulado “Mi visión primera de México”, cit. por GARCÍA BLANCO, Manuel: *América y Unamuno*, Madrid, Ed. Gredos, 1964; p. 9-10. É a mesma imaxe que amosa na súa novela *San Manuel bueno, mártir*: “Entonces fue cuando mi hermano Lázaro, que estaba en América, de donde nos mandaba regularmente dinero con que vivíamos en decorosa holgura, hizo que mi madre me mandase al Colegio de Religiosas, a que se completara fuera de la aldea mi educación, y esto aunque a él, a Lázaro, no le hiciesen mucha gracia las monjas. ‘Pero como ahí –nos escribía– no hay hasta ahora, que yo sepa, colegios laicos y progresivos, y menos para señoritas, hay que atenerse a lo que haya. Lo importante es que Angelita se pula y que no siga entre zañas aldeanas”.

Emigrantes e americanos...

– Mutill, ibildu nak ni
Amerika aldian,
Afrikan eta beste
mundu muturrian.
Orla gelditu gabe
bai ogei urtian,
ta pusilla nubela
beti bizkarrian.
¿Zer iruditu zaike?
– Bada, lagun zarra,
nekatuba irukiko
dekak bizkarra⁴⁹.

— Mozo, andei eu
polas rexións de América,
por África e o outro
lado do mundo.
Así, sen parar,
durante vinte anos,
co fusil
sempre ó ombro.
¿Que che parece?
— Pois, vello amigo,
que terás
cansado o ombro.

49. SOROA, M.: “Ibilkariya”, *La Vasconia*, Bos Aires; III, n.º 86 (20-II-1896), p. 168.

Resumo

EMIGRANTES E AMERICANOS NA LITERATURA POPULAR EN LINGUA VASCA

Óscar Álvarez Gila

O fenómeno da poesía popular vasca –*bertsolarismo*–, antes que polas súas calidades formais, será estudiado polo seu carácter de medio de difusión e opinión pública nunha cultura predominantemente oral como era a vascofalante do século XIX. A emigración foi, neste sentido, un dos temas recorrentes glosados polos *bertsolaris* nos que non só se reflicte a visión popular sobre este fenómeno e as súas implicacións, senón que tamén se aprecia o uso intencionado dos “xeradores” de opinión pública –Igrexa, partidos políticos...– como medio de adoutrina-la poboación.

Palabras clave:

Poesía popular, emigración, *bertsolaris*, opinión pública.

Resumen

EMIGRANTES Y AMERICANOS EN LA LITERATURA POPULAR EN LENGUA VASCA

Óscar Álvarez Gila

El fenómeno de la poesía popular vasca –*bertsolarismo*–, antes que por sus cualidades formales, será estudiado por su carácter de medio de difusión y opinión pública en una cultura predominantemente oral, como era la vasco parlante del siglo XIX. La emigración fue, en este sentido, uno de los temas recurrentes glosados por los *bertsolaris*, en los que no sólo se refleja la visión popular sobre este fenómeno y sus implicaciones, sino que también se aprecia el uso intencionado de los “generadores” de opinión pública –Iglesia, partidos políticos...– como medio de adoctrinar a la población.

Palabras clave:

Poesía popular, emigración, *bertsolaris*, opinión pública.

Résumé

ÉMIGRANTS ET AMÉRICAINS DANS LA LITTÉRATURE BASQUE POPULAIRE

Óscar Álvarez Gila

Le phénomène de la poésie populaire basque –*bertsolarismo*–, plutôt que pour ses qualités formelles, sera étudié pour son caractère de moyen de diffusion et d’opinion publique dans une culture à prédominance orale comme l’était la culture de langue basque au XIX^e siècle. L’émigration fut, en ce sens, l’un des sujets récurrents glosés par les *bertsolaris*, dans lesquels on retrouve non seulement le sentiment populaire concernant ce phénomène et ses implications mais où l’on apprécie aussi l’usage intentionnel des «générateurs» d’opinion publique –Église, partis politiques...– en tant que moyen d’endoctrinement de la population.

Mots clé:

Poesie populaire, émigration, *bertsolaris*, opinion publique.

Emigrantes e americanos...

Summary

EMIGRANTS AND “AMERICANOS” IN POPULAR LITERATURE IN THE BASQUE LANGUAGE

Óscar Álvarez Gila

The phenomenon of popular Basque poetry –*bertsolarismo*– will be studied, more than for its purely formal qualities, for its character as a medium of expression for public opinion in a predominantly oral culture, which is what Basque-speaking society was in the 19th century. Emigration was thus one of the recurrent themes dealt with by the *bertsolaris*, in which we not only find reflected the popular view of this phenomenon and its implications but can also observe the intentional use of the “creators” of public opinion –the Church, political parties...– as a means for indoctrinating the population.

Keywords:

Popular poetry, emigration, *bertsolaris*, public opinion.

Curriculo

ÓSCAR ÁLVAREZ GILA. Profesor titular de Historia de América na Universidade do País Vasco. Especialista en temas de emigración vasca, especialmente ós países do Río da Prata, estudou a emigración relixiosa, así como a conformación socioeconómica, ideolóxica e política das colectividades inmigrantes vascas en América. Actualmente atópase desenvolvendo estudos microhistóricos sobre a emigración dende a provincia de Biscaia.

A EMIGRACIÓN GALEGA A ARXENTINA NA NARRATIVA GALEGA

Dolores Vilavedra

Unha análise rigorosa do tema da emigración a Arxentina na literatura galega obrigaríanos a establecer unha distinción entre os textos publicados autonomamente en formato libro, e aqueles recollidos na extensa rede de publicacións periódicas espalladas polo espazo sudamericano dende que en 1879 aparece *El Gallego*, o primeiro xornal galego de Sudamérica. Tal distinción vai máis alá do puramente operativo, pois implica, en primeiro lugar, unha distinción de modalidades xenéricas, xa que a narrativa destinada ás plataformas xornalísticas se presentaba adoito baixo formas breves (conto e relato), ou fragmentariamente –no caso das novelas– adoptando a fórmula do folletín: sería deste xeito e nese ámbito –o da emigración– como se publicarían as primeiras novelas da historia da literatura galega. O escaso e parcial coñecemento que aínda temos da prensa galega da emigración e, por suposto, a carencia de compendios da literatura recollida nela (ben por autores, ben por publicacións) dificultan –por non dicir que impiden– calquera análise de conxunto, que confiamos poder abordar a medio prazo. Con todo, non semella arriscado afirmar que, dende unha perspectiva temática, a narrativa periodística céntrase na lembranza saudosa da terra, con apuntamentos costumistas, mentres que o tema da emigración aparece só de xeito illado (por exemplo, nalgúns dos contos de Núñez Búa publicados en *Galicia Emigrante*); quizais a explicación deste escaso protagonismo resida no feito de que xustamente os lectores deste tipo de publicacións, é dicir, os axentes migratorios, procuraban na literatura vías de evasión, e non precisamente testemuños documentais dunha realidade que coñecían e padecían, testemuños que sen embargo si podían resultar de interese na Galicia interior.

Un bo exemplo do valor documental que na literatura podía acadalo tema da emigración ofrécenolo o recorrente que resulta nos textos do XIX (cando emigraba un 31% dos varóns galegos) a figura da muller solteira, con ou sen fillos (a media en Galicia de nais solteiras era daquela dun 14%, máis do dobre da media española¹), así coma os matrimonios serodios, a miúdo

1. Os datos estatísticos están tomados de Dopico no catálogo *Galicia-América*.

A emigración galega...

por conveniencia: a obra de Rosalía de Castro é paradigmática respecto a esta cuestión.

O TEMA DA GUERRA CIVIL

Como xa apuntabamos ó comezo, a idade de ouro da literatura galega na Arxentina ábrese na inmediata posguerra, e podemos considerar que chega ata 1962, cando se publica en Galicia *Longa noite de pedra* de Celso E. Ferreiro, todo un síntoma dun certo “baixa-la garda” por parte da censura que irá estimulando a paseniña recuperación da actividade editorial en Galicia. Isto non quere dicir que a narrativa se aproveite da distancia xeográfica para documenta-la terrible experiencia bélica: unha especie de pacto de silencio vai provoca-la sorprendente ausencia do tema da Guerra Civil nas novelas destes anos. Será moitos anos máis tarde, xa nas novelas publicadas en Galicia a partir dos 80, cando o tema empece a ser abordado cunha certa asiduidade, ben por autores novos que non viviron o trauma do conflito (Fernández Naval, Manuel Guede, Manuel Rivas), ben como testemuño serodio dos seus auténticos protagonistas². Quizais a causa deste atraso foi que a sociedade galega precisou dun certo tempo para sanda-las súas feridas e pecha-la fenda social e xeracional aberta pola guerra: só entón esta se incorporaría á memoria colectiva cunha certa naturalidade.

En varios destes textos de carácter testemuñal os tradicionais destinos migratorios (Venezuela, Colombia) dos galegos aparecen connotados como espazos de acollida e liberdade e, xa que logo, o exilio político convertido en involuntaria emigración; concretamente, en *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979), de Antón Alonso Ríos, Bos Aires é o derradeiro destino do protagonista, fuxido da feroz represión da inmediata posguerra e que, tras múltiples aventuras, consegue chegar a Portugal, onde a axuda do cónsul arxentino lle facilita a saída rumbo á capital, símbolo da tan desexada liberdade.

OS ESPACIOS DA ARXENTINA

O gran protagonismo correspóndelle, dende logo, á cidade de Bos Aires, adoito identificada metonimicamente con América, tal e como recoñece un

2. Por exemplo, *Terra coutada*, de Antón Fernández, foi publicada en 1990, aínda que o texto estaba listo dende 1968 (ano en que Otero Pedrayo asina o prólogo): foi a censura o que impediu a súa anterior publicación. Outros exemplos témolos en *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* de Antón Alonso Ríos, que non aparecería ata 1979, ou *O silencio redimido de Silvio Santiago* en 1976.

dos personaxes de *Historias de emigrantes* de Neira Vilas: “para el América é Bos Aires”, cidade coa que moitos personaxes dos textos narrativos manteñen unha relación dialéctica, de fascinación ou rexeitamento, que en moitos casos a eleva á categoría de personaxe secundario. Repasemos brevemente algunhas das connotacións que lle foi engadindo a literatura galega.

Así, un caso curioso é o do escritor alófono Víctor L. Molinari e o seu *Itinerario gallego* (cito pola traducción galega de Neira Vilas, incluída na edición bilingüe do libro, publicada en Bos Aires en 1958). O libro é unha colección de aforismos poéticos que intentan capta-la esencia de Galicia e nos que a cidade de Bos Aires aparece como unha sorte de terra prometida (“Falar de Bôs Ares na Galiza é ser empresario de sonhos. Que serán realidades”), o soño feito realidade dun futuro máis próspero:

Fai unha hora que camiño fronte á escolleira sin rumbo determinado. A humedade mariña humedeceu as miñas roupas e o balbor do mar trai a letra dun poema que se achaba adormecido na memoria. No ceu escintilante de estrelas percuo a Crus do Sul. Pero os meus ollos non-atopan. Sômentes Bôs Ares a ilumina pra alumear o soño-reaidade de milleiros de galegos.

Unha aureola lendaria que aínda apreciaban, en 1992, os personaxes de *Juan Griego*, a primeira novela do ata entón coñecido como modista Adolfo Domínguez: “Buenos Aires era unha lenda acabada” (46). A acción transcorre en Arxentina, durante o período que vai do golpe de estado militar á victoria electoral peronista, incluíndo o episodio da Guerra das Malvinas, síntoma dunha crise profunda, dun imparabile proceso de dexeneración do que tamén dá conta a novela: “Buenos Aires vivía entre o soño da orixe, a primeira metade do século, e os soldados na rúa. Eran as contraccións dun animal descerebrado” (25); “Todo o mundo sabe que Buenos Aires soña, pero agora ten pesadelos” (30).

Os mesmos sonhos seduciran xa ó protagonista do relato “O grandor do mundo”, incluído en *Dos arquivos do trasno* de Rafael Dieste (1926):

Tanto oíra falar de Bos Aires, das rúas longas e dereitas que non se dan admiradas nin andadas, da prata relucinte e xenerosa con que alá premian o traballo, dos boletíns de moitas llanas e da xente sabida que os le, dos longos trens que brúan pola pampa infinda e de mil cousas ledas, lanzais e rumbosas (...) que un día topouse de súpeto coa circia decisión de ir a aquelas terras. Dez anos alá, e voltaría rico de pecunia e lembranzas.

Sen embargo, tralo abraio inicial virá axiña o desencanto, pois cando o protagonista chegou a porto: “sentiuse atordado e como sen corpo naquel

reducio de escintilos e rumores novos, e a rentes andou de voltar. E hai quen di que dixo moi admirado, moi anguriado e moi polo baixo: –¡Que grande é o mundo! Dez anos alá e voltou rico de penuria e lembranzas”. Repárese no sutil e contundente xogo de palabras (*pecunia/penuria*) con que Dieste sintetiza tan brusca transición.

Esta visión negativa é a que nos transmite a narrativa de Neira Vilas, sobre todo no que se refire á cidade de Bos Aires, contemplada como unha urbe deshumanizada e alienante. En *Camiño bretemoso* (1967) descríbesea como “unha das cidades máis barulleiras e grandes do mundo, con casas de trinta pisos, hoteles para reis, fortunas queimadas en frores diariamente”. Nas obras de Neira Vilas esta visión negativa non é só froito da situación de pesimismo e fracaso vital que padecen moitos dos seus personaxes-emigrantes, senón que se interpreta como a consecuencia dunha determinada estrutura socio-económica; así, “Bos Aires era un espello da crise internacional”, o que explica un panorama cualificado como “arrepicante”, poboado por “Mendicantes a oito. Mulleres que cometían consigo á volta de cada esquina”, por emigrantes ilegais (como o Bernaldo das súas *Historias de emigrantes* de 1968) que rematan converténdose en vítimas de empresarios sen escrúpulos que os explotan sen compaixón, por nenos de once anos que traballan case de balde en obradoiros, que malviven amoreados nos “conventillos”, asexados polo rebumbio da urbe, esa “toxeira sen cabo” como a define en *Historias de emigrantes*. Neira Vilas fai fincapé nunha crise económica que considera causante de tanta miseria: “Non vira as caras boas, xenerosas de Bos Aires. Porque as cidades son mostros. Monstros con moitas faces. Eu víralle algunhas: talvez as máis noxentas. E as que non vin contáronmas. Sin dúbida tiñan a culpa os malos tempos”.

Pero tampouco é positiva a súa visión dunha Pampa “sin árbores, sin paxaros, sin esperanza”, semellante a “unha fera inmensa e vorace. Poucos se rispan das súas poutas, do seu cadaleito branco”. Xa Castelao, nos seus *Retrincos* (1934), pintaba a Pampa con cores pouco alentadoras; en “O segredo” aparece como un mundo solitario, habitado por “gauchos bravos afeitos a tomarse de bebida para aldraxarnos co coitelo na man”, e os seus campos son cualificados en “O inglés” como tristes.

Será Xavier Alcalá quen aborde decididamente o proxecto de recupera-la Pampa como un espacio épico e como parte da memoria histórica galega. Nas súas obras a soidade transfórmase en inmensidade e os ermos en vizosos lameiros en que facer fortuna co gando. O primeiro paso desta andaina vaino dar con *Nos pagos de Huinca Loo* (1982), extensa novela en que asistimos ó retorno á súa facenda pampeira do fillo dun galego que a mediados do século XIX fora pioneiro na colonización daquelas terras; nela vemos como o protagonista, que regresa impulsado polo desexo de aclarar certos misterios

que rodeaban a biografía paterna e a súa propia, vai sucumbindo á fascinación dunhas terras que nun principio sentira como hostís. Este espacio vai ser tamén protagonista dos seis relatos de *Latitude austral* (1991), un espacio onde podían facer fortuna os homes voluntariosos, unha terra fértil na que “un gran de trigo producía un cento, e onde vacas e ovellas non coñecían padecemento de calor ou sede e criábanse gordas coa fartura dos pastos sempre verdes” e na que as dificultades impostas pola orografía e a climatoloxía se conciben como desafíos, como probas para que o home amose as súas calidades. Mais, ó tempo, é un espacio de fuxida, no que un home podía deixar atrás un pasado pouco exemplar (moitos dos personaxes que circulan por estas páxinas portan no seu fardel algún delicto), ou no que se podía refuxiar do acoso do franquismo (como acontece no relato “Desde a ponte” dos seus *Contos das Américas*, 1992), mesmo cando é por unha causa tan pouco elevada como vencellarse no contrabando de volframio cuns gardas civís corruptos e traidores.

Neste vieiro épico, a súa máis recente novela (galardoada co Premio Blanco Amor 1998), *Alén da desventura*, supón un paso decisivo, pois un dos fíos diexéticos que nela se desenvolven fabula os avatares dunha expedición marítima británica que no século XVIII tiña como obxectivo atopar un paso fluvial que permitise atravesalo continente evitando as dificultades do Cabo de Hornos e do estreito de Magalhães. En paralelo, o autor implícito transcribena-la “Relación de dificultades para a conversión dos infieis do Sur e do seu único remedio” do padre Sineiro de Malpica, unha expedición catequizadora que se tivo que internar cada vez máis nas terras da Pampa, asediada por unha natureza e unha climatoloxía cada vez máis hostís. Ambas rematan en fracaso, cos seus protagonistas derrotados non só pola dureza dos elementos senón polas miserias e crueldades propias da natureza humana, que agroman en calquera momento e lugar. Un enfoque semellante atopámolo en *A cidade dos Césares* de Víctor F. Freixanes, Premio Torrente Ballester 1992. Nesta novela asistimos ó intento de coloniza-las terras da Patagonia, a fins do século XVIII, con familias galegas, ou sexa, un episodio que ben podería se-la primeira epopea da emigración galega, saldada cunha contundente derrota inflixida tanto polos elementos como polas tribos indíxenas; paralelamente asistimos –cen anos despois– á definitiva submisión das terras patagónicas por parte do exército arxentino, pechando así definitivamente a espiral da historia.

UNHA LITERATURA DA EXPERIENCIA

Moitos dos textos narrativos que se achegan ó tema da vida dos emigrantes galegos na Arxentina son obra de emigrantes que nun momento determinado

senten a necesidade de deixar testemuño documental da súa experiencia, a miúdo coa intención, máis ou menos explícita, de evitar que outros compatriotas caian na mesma trapela en que, inxenuamente ou por ignorancia, caeron eles. Este é o caso de Antón Paz Míguez e a súa novela *D' a emigración* (1936), significativamente dedicada ós seus irmáns. O autor recorre nela á vella estratexia de finxir que o seu texto é a transcripción dun manuscrito alleo descuberto por azar, mais o certo é que as concomitancias entre a biografía de Paz Míguez e a de Pablo, o protagonista da novela, son tantas e tan rechamantes, que non hai dúbida de que o segundo é unha proxección literaria –escasamente elaborada– do primeiro. A acción transcorre entre 1929 e 1935, e todo o relato encamiñase a demostra-lo fracaso da solución migratoria para os males de Galicia, un fracaso evidenciado tanto nas duras condicións de vida que padecen os emigrantes como na súa alienación e mesmo na dexeneración moral á que a miúdo sucumben.

Así, foron relativamente frecuentes as anécdotas referidas á vida bonaerense na narrativa dos autores que viviron en persoa a experiencia migratoria, mesturadas en volumes misceláneos con outras de temática enxebre e pseudofolclórica. Poderíamos citar como exemplos *Castañolas* e *Cousas gallegas* de Fortunato Cruces (1923), ambos de ton humorístico, ou *Dándolle á roda*, colectánea das colaboracións na revista *Lugo*, do Centro Lucense de Bos Aires, asinadas por Gabriel da Preira, pseudónimo de José M.^a López Penelo, (publicadas xa postumamente en 1971), neste caso enfocadas cun certo afán didáctico ou exemplarizante.

Neira Vilas é, quizais, quen, entre os narradores galegos, máis sistematicamente converteu en ficción literaria a súa experiencia migratoria na Arxentina (e, sobre todo, en Cuba, adoptada como unha segunda patria). Así, concibe a emigración, en boa medida, como unha fuxida, de xeito que o protagonista de *Camiño bretemoso* se pregunta: “¿De quen fuxía? Non sei. Poida que de min mesmo. Acontécelle a moita xente, anque non todos se decaten”. Con todo, os obxectivos adoitan ser económicos, como se manifesta no relato “¡Boasorte Peitoduro!” de Dieste (*Charamuscas*, número de proba, abril de 1923):

Andrés o Peito duro, o home de Manuela a Faimilagros volve outra vez a Bos Aires. Iste é o terceiro viasxe. No primeiro desempeñouse das débidas que o asoballaban como un feixe de plomo enriba das costas. No segundo fixo aquela casa nova que ergue á beira do camiño verdadeiro a súa pedra picada. E neste que agora vai faguer leva mentres de ganar prós balconcelos de ferro que á casa ten de lle pór. Antrementres non volva, o chao das balcoadas istá sen antepeito, e dá medo ós rapaciños que avican dindo fondo dos vidraes... ¡Boasorte, Peitoduro!

Quizais sexa Castelao quen con máis contundencia pintou o fracaso da experiencia migratoria, xulgada como un cancro para o país; as súas negativas consecuencias son graficamente ben apreciables nalgunhas das súas *Cousas da vida*, colección de estampas caricaturescas, acompañadas dun breve pé textual, publicadas na prensa galega dende 1922, e que constitúen unha implacable radiografía dos males que afectaban á Galicia daquela época. Un bo exemplo desta súa visión negativa témolo en “Ramón Carballo”, unha das súas *Cousas* (breves prosas narrativas, case sempre acompañadas dun debuxo, publicadas en dous volumes en 1926 e 1929); nela, o destino do protagonista, tras peregrinar sen chegar a facer fortuna por Bos Aires, A Habana e Nova York, é ir dar xa de morto (ou sexa, o seu cadáver) ás mans dun comerciante de restos humanos: a pel do seu peito tiña como derradeiro destino servir para fabricar con ela unha petaca ou unha carteira. Tamén naquel rapaz desapiadado, que se deleitaba rebentando a coiazos os ventres inchados dos cans mortos, que non tiña escrúpulos en repartir entre os animais o escaso patrimonio alimentario dunha vella esmoleira e que finalmente se converterá en “un señor de sona e de creto, dono de moitos millóns, amo de moita xente e de moitos comercios alá nas Américas”. Ou no “americano” agardado no peirao polo seu fillo Migueliño, quen confunde un rico retornado co seu pai porque este xa non se parece en nada ó retrato conservado na casa, a única imaxe paterna coa que o neno fora medrando, e que tiña moi pouco que ver con aquel home “moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fora do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...” que a emigración lle devolvía. Unha imaxe moi semellante á que encontramos en *Os dous de sempre* (1934): nesta novela, A Pampa arxentina representa para Pedro a posibilidade de remedia-la súa cesantía laboral. Mais a paisaxe que o acolle está pintada con notas moi negativas: “gándaras ermas e lombos areosos (...) un monte cuberto con herbas do demo (...) chairas tiñosas (...) unha lagoa, espello morto de augas salitrosas”, coma se fose un vaticinio do cruel destino que lle agarda na “pulpería” de seu primo, onde “non hai pan fresco, nin auga doce, nin sacramentos para a ialma, pero gáñase diñeiro”.

Efectivamente, “na Pampa, si o vento sopra de popa, pódese chegar de pegoreiro a dono de moitas légoas de terra, de moitos rebaños e armentías, como chegaron outros larcháns”. Pero Pedro, tras fracasar na “pulpería” e tamén como gaucho, decide regresar á súa terra, provisto dun fonógrafo tralo que agocha-la súa miseria. Vexámo-la descrición da súa chegada: “Antre o refugallo que se acugula no peirán, aparece a doida figura de Pedro, tan demudado que ninguén o recoñecería (...) Ven pelexudo e corcovado; sobrándolle traxe; fedendo á miseria”.

Pero tamén hai casos modélicos de integración, como aquel don Andrés, carteiro, que, tras corenta e sete anos en Bos Aires, “semella un porteño máis. Está *acriollado*”. Un dos casos máis rechamantes é o de Xosé Luís, protagonista da xa citada e extensa novela de A. Paz Míguez *O Adán que non quixo voltar ó Paradiso*. Nela asistimos ó progresivo e dificultoso proceso de adaptación dun emigrante galego á vida na Arxentina, que el considera “Unha nación onde están dadas todas as posibilidades de futuro”, unha terra na que “os emigrantes atopamos paz, traballo e libertá. Que foi e seguirá sendo a terra de promisión de todos cantos viviron eisiliados e marxidados, rechazados ou perseguidos”, en definitiva, “o Paradiso”, mais un paraíso en que se atopa enguedellado nas “sutiles redes, meiguerías, embruxamentos, trapacerías, que se adonan dos corpos e dos espíritos das xentes que aquí foron chegando”. Resulta significativo constatar como, nos cincuenta anos que separan esta novela da anterior, *D’ a emigración* (vid. *supra*), o autor foi modificando radicalmente a súa visión da experiencia migratoria.

Por suposto, un dos aspectos que máis impresiona ós nosos emigrantes é o cosmopolitismo bonaerense. Así, en *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro (1979), cóntase dun galego que en Bos Aires casa cunha siria cristiá, e hai tamén un que, tras traballar de “partiquino no teatro”, casa cunha xudía “que tiña un negocio de aluguer de roupas de gala pra bodas, sepelios e banquetes do partido radical” e que para deitarse con ela “non pode catar nin freba de carne de porco”. Ese mundo cosmopolita e mestizo está moi presente en varios dos relatos de *Chuvia... e outras narracións* de Mousés da Presa (1972), onde o mundo da emigración bonaerense é retratado con sinxeleza e precisión, sen fatalismo, cunha obxectividade resignada.

O RETORNO

En xeral, os textos narrativos delatan unha situación precaria que case nunca lle facilita ó emigrante a aprendizaxe dun oficio que lle permita conseguir, tralo retorno, unhas mellores condicións de vida. Así, son escasos os personaxes que se atopan nesta situación, como o retornado de *Escola de menciñeiros* de Álvaro Cunqueiro, quen pasa vinte anos en Bos Aires traballando como enfermeiro nun manicomio onde un músico lle ensina a toca-lo harmonio: ámbalas profesións, a de músico nos enterros e a de curandeiro, permitiranlle vivir unha vez de volta en Galicia. Ou o pintoresco Merlo de Lousadela (de *Xente de aquí e de acolá*), que regresa de Bos Aires con “dúas zamarras, esporas gauchas de prata e un dente de ouro (...) falando algo de italiano”, ademais de con dous cans, para desempeñar diversos oficios: “cazador, zoqueiro, pescador, reloxeiro no inverno, capador e gaiteiro” e dedicándose, como diversión, a ir polas tabernas recitando con elocuencia o

“*Sermón de las dos Banderas*, que llo escoitara ao embaixador de Italia na Arxentina”. Pero son maioría os que carecen destas oportunidades. Dos textos narrativos semella deducirse que a profesión á que con máis frecuencia se dedicaban os emigrantes galegos era a de criado (ou *mucamo*), altamente estimados polos seus amos por mor da súa lealdade e dedicación. Paradoxalmente, nalgún caso, ese oficio resulta ser unha vía de ascenso social, tal e como acontece na novela breve de Fortunato Cruces “Un casamento de sona” (incluída en *Cousas gallegas*, *vid. infra*), na que o protagonista, un espelido mozo galego, logra casar coa rica herdeira da casa na que, tras entrar a traballar como simple criado, chegará, polos seus propios méritos, a exercer como secretario particular do señor.

O discurso narrativo recolle numerosos textos en que o retorno do emigrante á súa Galicia natal está provocado non tanto polo fracaso económico, como polos conflitos derivados da súa socialización nun medio indubidablemente moi diferente dunha aldea galega. Así, un caso curioso é o que lle acontece ó protagonista de *O karma de Farruco Filgueira*, de Ánxel Romero Cerdeiriña, novela publicada co n.º 24 da Colección “Lar” en 1926. Nela, o protagonista axiña atopa traballo nunha central eléctrica arxentina, gañando “un xornal que parecía pantástico na aldea”, ata que un asunto amoroso provoca que o marido da súa amante lles dispare a ambos, provocando a morte dela e deixándoo a el entre a vida e a morte; unha vez gañada a batalla da supervivencia, Farruco Filgueira regresará á súa terra. Algo parecido acontécelle a un dos menciñeiros cunqueirianos, que resultou despedido da casa dun coronel, sobriño do presidente Irigoyen, na que traballaba de camareiro, por mirar demasiado para a muller do seu amo, ou a aquel personaxe de *Xente de aquí e acolá* que, tras conseguir domina-la difícil arte da *pizza* napolitana, retorna desencantado logo de decatarse de que a súa muller só era feliz vestindo de home e exercendo de bombeiro.

Pero na literaturización do retorno, a figura máis funcional e recorrente foi a do *indiano*, protagonista por exemplo dos *Contos de indianos* de Olegario Sotelo Blanco (Sotelo Blanco, 1994). En “Indiano para toda a vida” aparece o prototipo do arribista, e narrásenos todo o proceso da súa ascensión entre os socios do Centro Galego de Bos Aires ata converterse no seu presidente, con plena conciencia de que “aquel non era un cargo de honra ou simbólico, senón que en realidade supoñía un poder fáctico, político” (161); esta traxectoria de éxito resulta interrompida polo seu intento de convidar ó dictador Franco, intento que fracasaría ante a oposición dos socios, reunidos en asemblea extraordinaria, e que chegarían a forza-la dimisión de quen ata entón fora o seu presidente. Certas coincidencias presenta esta figura coa do protagonista do relato “O indiano e o tempo”: ambos son pouco traballadores e homes de éxito fácil entre as mulleres, polo que nos dous casos van atopar nunha muller

o trampolín que impulsará o seu ascenso social. Pero se no caso de Evita, a muller do primeiro, esta se beneficia da acomodada posición da súa familia, Obdulia, a segunda, é o prototipo da muller feita a si mesma: traballadora infatigable, aforradora, honrada e fiel. É ben significativo que ámbolos dous relatos non teñan precisamente un final feliz, senón que nos seus respectivos desenlaces vai implícito un certo castigo. Vistos en conxunto, parécenos moi significativo que estes *Contos de indianos* nos presenten o regreso (definitivo ou temporal) a Galicia como un rotundo fracaso, non só material senón, sobre todo, vital, pois o desarraigamento produce no emigrante retornado unha barreira comunicativa e un desacougo que o illan do ambiente nativo e que mesmo fan que non se recoñeza nin a si mesmo.

Pero a figura do indiano aparece xa con anterioridade na narrativa galega, pintada tamén con trazos negativos. Por exemplo, no conto “De como se condanou o Ramires” de *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste, aparece un emigrante que pasou boa parte da súa vida por terras de Catamarca: “¡Vinte anos por aquelas terras! Por aquelas terras en que tanto aprendera... ¡Aqueles si que eran xornais! ¡Aqueles si que eran ideas! (...) ¡Vinte anos por aquelas terras! ¡Vinte anos de reloxos traballos e circia vontade para desempeñar unhas leiras e traer unha morea de prata con que facer unha casa de balconetas!”; pois ben, tras tantos anos regresa “tan enxoito e variado (...) e traía xa consigo as insignias da morte”. E en *A xente da Barreira*, de Ricardo Carballo Calero (1951), a primeira novela galega publicada na posguerra, aparece un viaxeiro así descrito, nunha breve síntese da súa biografía, que coincide coa de tantos outros:

Viña de América. Non parolaba dos miles ganados. A roupa era boa; mais o home non locía cadeas de ouro, nen na súa boca escintilaban os dentes (138). Era do monte, máis alá de Fontanela. Ninguén o agardaba. Facía moitos anos que saíra da terra. (...) Traguía con il o ganado en tantos anos de traballo. Nas Américas fora mozo de corda, bufariñeiro, criado de bar. (141-2)

O peculiar humor de Castelao lévao a cualifica-lo retornado, non sen certa retranca, como “filántropo”, e cóntasenos deste personaxe que “farto de engaiolar ós indios no Chaco con adoas de vidro, morreu en arrencendor de santidade, deixando cartos para Escolas e Hospitaes. O seu mausoleu ten no peruco de todo un símbolo de santidade en figura de ama de cría”.

É moi frecuente que nos textos que literaturizan a experiencia do retorno se poñan de manifesto os problemas lingüísticos dos que volven, e os comunicativos que destes se derivan. Este é un tema recorrente no teatro, seguramente polo rendible que resulta escenicamente, pero tamén detectámola súa presenza ocasional na narrativa. Será Neira Vilas, co seu implacable

ollar realista, quen en *Aqueles anos do Moncho* (1977) nos instala nos primeiros tempos da posguerra en Galicia, cando o castelán comezaba a ser lingua de uso obrigado, e os emigrantes retornados se atopaban convertidos en involuntarios mestres dunha lingua allea, pero dun castelán “do outro lado do Atlántico...”, inzado de expresións que “non sempre coincidían...”.

A MULLER

Loxicamente –se aplicamos á literatura a lóxica das estatísticas– a presenza feminina na literatura de tema migratorio é moi reducida: é preciso ter en conta que a porcentaxe de mulleres que emigraban sempre foi máis escasa cá de homes; así, por exemplo, a fins da década de 1870, os datos de saída da Coruña falan dun 79% de homes fronte a un 15% de mulleres, aínda que tamén é certo que ó longo do século XX as cifras se irán equiparando, pásase do 19% de mulleres en 1916 a un 42% en 1934 (tomamos estes datos de Cagiao Vila, 1997, que resultan moi aproximados ós que proporciona Rodríguez Galdo, 1993). Ante este argumento, pode replicarse reivindicando o innegable estatuto ficcional dos mundos literarios, que non están predeterminados pola socioloxía nin polo empirismo, nin son máis ou menos estimables en función da súa utilidade documental. Mais, como xa vimos en varios casos, a literaturización do universo migratorio parte, case sempre, da propia experiencia vital do autor, ben como emigrante, ben –unha vez finalizados xa os grandes movementos migratorios cara a América como fenómeno social– como viaxeiro. Polo tanto, non podemos ignora-la evidente vocación verosimilista de todas estas narracións, é dicir, o implícito recoñecemento que nelas se realiza do seu propio valor referencial.

O feito de que a figura da muller emigrante resulte máis ben atípica provoca que, cando aparece na narrativa, teña moi a miúdo un carácter e unha biografía excepcionais, sexa en positivo, sexa en negativo, como acontece, por exemplo, no relato “Dona Rosa” dos xa comentados *Contos de indianos*, no que a protagonista “íase convertendo nunha especie de rapaz, ata o punto de que comezaba a ser coñecida co alcume da Marimacho” (80) para rematar por converterse, xa na emigración, na amante dun diplomático tamén dedicado ó contrabando. O derradeiro destino de dona Rosa é perder, a mans dun mafioso, o patrimonio que fora adquirindo nas súas sucesivas relacións sentimentais, e ter que volver para morrer á súa terra natal. En xeral, a emigración supón para a muller, aínda máis que para o home, a oportunidade de partir de cero, de empezar unha nova vida en que tódalas posibilidades están abertas: así, a nai solteira que decide emigrar considera que, ó dar ese paso, “Todo queda limpo. Coma se o vello coiro caíse no mar” (*Historias de emigrantes*). E é tamén por esa razón que en *Os outros feirantes*

Cunqueiro nos relata a peripecia vital dunha reloxeira que emigra, ante a oposición familiar que atopaba en Galicia, para poder exercer con liberdade un oficio convencionalmente considerado como pouco feminino.

A TÍTULO DE CURIOSIDADE

Non quixera rematar sen referirme, simplemente a título de curiosidade, a certos textos que constitúen, dalgún xeito, o reverso de todo o antedito. Refírome a aqueles que literaturizan, en ámbolos sistemas literarios (no de aquí e no de alá), a visión que de Galicia e dos galegos teñen os arxentinos, un tema susceptible de ser abordado dende os paradigmas metodolóxicos da literatura comparada e que con certeza matizaría o anteriormente apuntado. Vexamos un par de exemplos.

Na primeira metade do século XIX, Arxentina vive as invasións inglesas, o nacemento e consolidación da súa independencia e a progresiva desintegración da dominación española. Neste clima xorde o “Tercio de voluntarios urbanos de Galicia” que participaría na defensa de Bos Aires en 1807 (Vilanova, p. 362). O “Tercio” sería cantado –en castelán, na Arxentina e por arxentinos– de forma encomiástica e no contexto dunha corrente de literatura patriótica estimulada por tales acontecementos e na que non podemos deixar de ver un curioso paralelismo coa producida en Galicia, por aqueles mesmos anos, co gallo da invasión francesa.

Outra visión totalmente diferente é a que a voz narrativa dunha muller arxentina nos ofrece de Galicia, aínda que neste caso focalizada dende a propia Galicia, a onde retorna, xa adulta, na procura das súas raigañas familiares. Trátase da novela de Isaac Otero *O sorriso de Gardel* (1987), na que se recollen (en apertada e edulcorada síntese, cómpre dicilo) tódolos tópicos con que cada unha das culturas, a arxentina e a galega, caracteriza á outra.

Finalmente, quero tamén deixar constancia da necesidade dunha achega ó tema na narrativa de autores galegos en castelán, moitos deles exiliados trala guerra, un *corpus* que padece a súa situación fronteiriza: ignorado pola literatura galega ó aplicar unha rigorosa definición filolóxica, éo tamén pola arxentina por mor da orixe dos escritores. Un recente artigo de Víctor Fuentes (2000) na revista *Grial* fornece pistas abundas para abrir, xa neste eido, unha liña de investigación.

Con certeza, hai máis exemplos igualmente ilustrativos. Sirvan, pois, estes breves apuntamentos como estímulo para buscalos e analizalos, pois resultan imprescindibles para compensa-la visión (quizais un chisco autárquica) que a literatura galega foi construíndo da sociedade e da cultura arxentinas, coas que a comunicación literaria é mínima e escasamente dialéctica.

B I B L I O G R A F Í A

CAGIAO VILA, Pilar: *Muller e emigración*, Santiago, Xunta de Galicia, 1997.

FUENTES, Víctor: “Arredor da narrativa galega no exilio”, *Grial*, 145, 2000.

RODRÍGUEZ GALDO, M.^a X.: *Galicia, país de emigración*, Colombres-Asturias, Archivo de Indianos, 1993.

VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Los gallegos en la Argentina*, Bos Aires, Ediciones Galicia, 1966, 2 tomos.

A emigración galega...

Resumo

A EMIGRACIÓN GALEGA A ARXENTINA NA NARRATIVA GALEGA

Dolores Vilavedra

Realízase un percorrido polas modalidades de “retornados” na narrativa galega –como xénero máis axeitado para unha proxección documental– fundamentalmente de Arxentina. Inténtase facer unha catalogación das modalidades socioeconómicas baixo as que se realiza o regreso, así como amosa-la imaxe que a literatura proxecta da autopercepción identitaria destes retornados e tamén cal é a identidade que se lles constrúe dende o propio discurso literario.

Palabras clave:

Retornados, Arxentina, narrativa galega, identidade.

Resumen

LA EMIGRACIÓN GALLEGA A ARGENTINA EN LA NARRATIVA GALLEGA

Dolores Vilavedra

Se realiza un recorrido por las modalidades de “retornados” en la narrativa gallega –en tanto género más adecuado para una proyección documental– fundamentalmente de Argentina. Se intenta hacer una catalogación de las modalidades socioeconómicas bajo las que se realiza el regreso, así como mostrar la imagen que la literatura proyecta de la autopercepción identitaria de estos retornados y también cuál es la identidad que se les construye desde el propio discurso literario.

Palabras clave:

Retornados, Argentina, narrativa gallega, identidad.

Résumé

L'ÉMIGRATION GALICIENNE EN ARGENTINE DANS LE ROMAN GALICIEN

Dolores Vilavedra

L'auteur effectue un parcours dans les modalités “émigrants de retour” dans le roman galicien –en tant que genre convenant le mieux à une projection documentaire– fondamentalement d'Argentine. Il tente de cataloguer les modalités socioéconomiques sous lesquelles a lieu le retour, et de montrer l'image que projette la littérature de l'auto perception identitaire de ces émigrants de retour ainsi que l'identité que leur construit le discours littéraire lui-même.

Mots clé:

Émigrants de retour, Argentine, roman galicien, identité.

Summary

GALICIAN EMIGRATION TO ARGENTINA IN GALICIAN NARRATIVE

Dolores Vilavedra

A review is made of the types of “returnees” in Galician narrative –as the genre most appropriate for a documentary projection– chiefly from Argentina. An attempt is made to catalogue the socio-economic forms that the return takes on, as well as to show the image the literature projects of the self-perception in terms of identity of these returnees and also how identity is constructed out of the literary discourse itself.

Keywords:

Returnees, Argentina, Galician narrative, identity.

Curriculo

DOLORES VILAVEDRA. DEA en Sciences du langage pola EHEES do CNR de Francia. Doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesora titular de Literatura Galega da Universidade de Santiago. Directora adxunta do *Anuario de estudios literarios galegos*. Coordina o *Diccionario literario galego* en 4 volumes. Exerce habitualmente a crítica literaria en revistas especializadas. O seu campo principal de investigación é a narrativa galega contemporánea, aínda que tamén lle interesa o teatro contemporáneo, determinadas cuestións da socioloxía da literatura, de recepción e problemas de identidade cultural. Editou obras de autores clásicos como *Follas Novas* e *Un ollo de vidro* de Castelao.

A IMAXE ARQUITECTÓNICA DOS INDIANOS GALEGOS

Antonio Garrido Moreno

Os contidos funcionais e simbólicos que a arquitectura levou implícitos no transcurso da historia da humanidade son útiles para constatar aspectos dos costumes sociais, relixiosos, políticos, etc. das distintas civilizacións, e chegan a se converter nalgúns casos na principal fonte para coñece-la orixe e organización dos homes que as habitaron.

Na idade contemporánea a arquitectura, ademais da súa utilidade funcional, pode conter determinados códigos transmisores de mensaxes dirixidas a colectivos específicos coa intención de influír sobre eles. Neste sentido, un grupo social que soubo utilizar dunha maneira palpable o anterior foi a comunidade galega na diáspora americana, identificada na historiografía baixo o epígrafe de *indianos*.

Nesta aproximación, estruturada en catro apartados –“América”, “A filantropía indiana”, “Os intercambios” e “A vivenda indiana”–, téntase expoñer como a arquitectura se converte en vehículo dalgunhas características comúns do carácter indiano.

AMÉRICA

Entre os trazos que conforman o perfil do colectivo indiano son interesantes determinados aspectos que inciden de especial maneira na arquitectura xerada por eles. Destaca a importancia que adquire na diáspora o colectivo indiano como grupo social homoxéneo, que se contrapón ó risco individualista do carácter galego reflectido no réxime territorial de propiedade minifundista (como aspecto destacado na estrutura social da Galicia rural). O indiano construírá, nos distintos destinos americanos, múltiples institucións que cubrirán o oco que lles supón o distanciamento da súa terra natal, para evitar en certa medida a súa dispersión como colectivo cunha identidade común. Este estímulo levaraos a deseñar importantes edificios sociais ou sanitarios, dos que non se poden obvia-los exemplos do Centro Galego e o hospital “La Benéfica” da Habana.

Unha característica singular que reflicte o sentido integrador como grupo dos indianos galegos é a súa actitude perante a morte, proxectada no

Cemiterio Colón da Habana, onde un número de inmigrantes escollerán como lugar para a súa derradeira morada os panteóns colectivos formados por asociacións funerarias galegas pertencentes a parroquias, concellos ou comarcas naturais. Dos panteóns deste cemiterio –construídos e xestionados por sociedades galegas que garantían ós seus membros, mediante o pagamento de cotas, o dereito a posuír unha sepultura ou osario– publicouse un completo inventario. Localizáronse corenta e oito asociacións posuidoras dun ou máis panteóns na necrópole citada, das que a denominada “Naturales de Galicia” asumirá un carácter xeral e as restantes cinguiranse a procedencias localizadas; a súa distribución é a seguinte: vintetrés para Lugo, dezasete para A Coruña, catro para Ourense e tres para Pontevedra.

A primeira sociedade que construírá un panteón no Cemiterio Colón da Habana foi a antes aludida “Naturales de Galicia” en 1871. Esta sociedade, á que podían pertencer tódolos galegos residentes en Cuba, levantou un dos máis fermosos monumentos funerarios galegos na illa caribeña. Para a súa construción utilizaríanse materiais de importación como o granito negro de Noruega, e tamén esculturas, pinturas e vidreiras. A súa superficie distribuíase en dúas plantas subterráneas, ás que se accedía a través dunha entrada situada nunha superficie mural semicircular, decorada con pesadas columnas, entre as que se incluían, esculpidos, os catro escudos das provincias galegas. No interior localizábanse dous grupos escultóricos que representaban as alegorías da piedade e da familia aflixida. Co paso dos anos o edificio dotárase de elevador para féretros, así como dun altar para celebracións litúrxicas.

Os panteóns construídos posteriormente pertencen a sociedades vencelladas a diferentes municipios, comarcas ou parroquias galegas. Todos inclúen a correspondente inscrición identificativa da sociedade patrocinadora ornamentada, maioritariamente, con relevos ou esculturas dos santos patróns das distintas localidades. Un gran número deles levantaron edificios para albergar nichos ou capelas para a oración, cunha calidade compositiva superior á da media existente no cemiterio. Entre os máis destacados pódese cita-lo da “Sociedad Chantada, Carballedo y su comarca”; este posúe unha capela realizada en pedra, cunha entrada que se resolve mediante un arco de medio punto; a capela está coroada por unha cruz en relevo, e o arco flanqueado por unhas orixinais pilastras arrimadas e acanaladas. Así mesmo, o panteón da sociedade “Viveiro y su comarca” está integrado nun edificio estruturado cunha planta de tres naves, e a capela central ten unha vidreira en que se reproduce a imaxe da Virgen de la Caridad del Cobre cercada polos escudos de Cuba e Galicia.

Entre tódolos edificios galegos existentes no Cemiterio Colón da Habana destaca o denominado “Naturales de Ortigueira”, de características monu-

mentais, considerado pola súa extensión e calidade arquitectónica un dos máis rechamantes de Latinoamérica. A súa arquitectura, inspirada na igrexa de Santo Adrao de Veiga, materialízase nun edificio con torre campanario de planta rectangular, e cunha distribución de tres pisos na que non faltan os elementos decorativos (esculturas ou outros motivos suntuarios).

Os panteóns construídos polos indianos galegos no Cemiterio Colón poderíanse considerar en conxunto exemplos de arquitectura falante, xa que achegan elementos que patentizan os desexos dun colectivo por acentuar notoriamente a súa presenza e orixe.

A ARQUITECTURA XERADA POLA FILANTROPÍA INDIANA A TRAVÉS DO EXEMPLO DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA

O labor filantrópico materializado en Galicia polos indianos que acadaron unha importante situación económica será outra das actitudes que se manifesten na arquitectura. Un caso singular, que pode servir como segundo exemplo deste relatorio, é o mecenado realizado polos irmáns García Naveira na vila coruñesa de Betanzos como promotores de diferentes edificios, co propósito de contribuír a paliar as carencias dos máis necesitados. O seu labor protector centrase na creación de fundacións sociais orientadas á beneficencia, sanidade, educación, cultura, ocio, etc.

Juan e Jesús García Naveira, fillos de labregos brigantinos, recibirían durante a súa infancia unha escasa formación escolar, xa que tiveron que afrontar-lo peso da casa familiar debido á temperá morte do seu pai. En 1869, movidos pola miseria, deciden emprender-la viaxe a Arxentina, onde lograrán unha importante fortuna ó cabo dos anos, froito das súas actividades comerciais en diferentes empresas de importación e en entidades financeiras. Ámbolos irmáns visitarán frecuentemente Galicia para desenvolver unha interesante actividade arquitectónica, da que o primeiro testemuño será a súa propia vivenda, situada no Cantón brigantino, para a que encargarán nos anos finais do século XIX o proxecto de edificio ó arquitecto municipal coruñés Juan de Cíórraga; este realizará un deseño seguindo os esquemas dun estilo ecléctico francés, ó que dotará duns luxosos ornamentos construídos con ricos materiais: granito –na fachada– así como forxa, ebanistería, mármore, incrustacións, etc. Os irmáns fan nesta primeira construción unha homenaxe ó comercio, actividade que cambiou as súas vidas de labregos pola de emerxentes empresarios, e gravaron nas claves dos linteis das ventás da fachada principal o escudo corporativo, onde se inclúen os atributos do deus romano do comercio Mercurio (como o sombreiro alado de viaxeiro e o caduceo formado pola vara coas serpes enroscadas).

Trala edificación da súa vivenda comezarían a suceder as primeiras arquitecturas con fins filantrópicos, como o Lavadoiro público das Cascas (1902) ou a singular creación do parque enciclopédico do Pasatempo nos primeiros anos do século. Este capricho persoal de Juan García Naveira ocupaba unha extensión duns 90.000 m² de terreo, dos que 80.000 estaban destinados a xardíns. Na superficie restante levantaríanse, en cinco niveis dispostos en terrazas, unha serie de construcións unidas por escaleiras e pasadizos subterráneos dotados dunha heteroxénea decoración, que reflectía na súa iconografía aspectos autobiográficos do mecenas, ademais de feitos históricos, xeográficos, científicos, etc. reproducidos mediante esculturas, relevos ou cerámica pintada e formulados con fins didácticos.

Entre os temas que inciden particularmente nos gustos persoais e os datos biográficos de Juan García Naveira incluídos no parque temático pódense citar aqueles que establecen unha relación entre as nacións do continente americano e o seu país natal, como o destinado á “España monárquica y sus dieciocho hijas republicanas”, onde se inclúen os escudos de dezanove países latinoamericanos.

Bos Aires, cidade de acollida dos irmáns, alúdese frecuentemente no Pasatempo e toma un especial protagonismo nalgúns paneis tan elocuentes como o dos fusos horarios, onde o da capital arxentina destacará en tamaño sobre tódolos demais. A imaxe do mecenas estará presente en diferentes lugares dos xardíns e forma nalgún caso parte das escenas didácticas, e así ocorre en “El viaje por Egipto”, integrado no apartado da xeografía e as viaxes, onde se representa no lombo dun camelo xunto a diversos membros da súa familia. Tamén fará labra-la súa imaxe xunto á do seu irmán Xesús nun grupo escultórico onde se incluírá unha inscrición cos seus nomes –“García Hermanos”–, mailo escudo corporativo da actividade de comercio á que ambos debían toda a súa fortuna. A alusión ó comercio repetírase novamente en forma alegórica a través das esculturas que reproducen a figura mitolóxica do deus romano, localizadas noutros lugares do parque. O filántropo non dubidará en tributar unha homenaxe á colectividade masónica á que el pertencía, coas consignas no Pasatempo “Libertad, Igualdad y Fraternidad”, acuñadas como lema da masonería.

En 1908 crearán o Patronato Benéfico-Docente “García Hermanos”, e da súa xestión nacería un edificio que será sede das “Escuelas y el Asilo García Hermanos”, inaugurado en novembro de 1912 e de arquitecto descoñecido. Estas importantes actuacións en Betanzos farán que os protectores se vaian convertendo en persoas respectadas e queridas, o que se porá de manifesto ese mesmo ano con motivo do pasamento de Jesús García Naveira, o 24 de marzo en Arxentina. O concello, ó coñece-la noticia, daría o nome de “Avenida Jesús García Naveira” á rúa onde estaban instalados o novo asilo e as escolas. Tamén

na súa memoria as Sociedades Obreras de Betanzos organizarían unha “Velada Literaria Necrológica”, o 4 de setembro no Teatro Alfonsetti.

Águeda, filla de Juan García Naveira, encargaría ó arquitecto coruñés Ricardo Boán y Callejas o proxecto da súa vivenda, realizado en estilo ecléctico-modernista francés, en novembro de 1914. A edificación seguirá fielmente as trazas e terá elementos que se repetirán noutras construcións de vivendas nobres indianas galegas, como o soportal cuberto da entrada principal, cunha profusa decoración parietal e un xardín, neste caso tipicamente francés.

A arquitectura utilizada polos irmáns será preferentemente a que impere en Galicia neses anos, e os arquitectos escollidos para os proxectos serán aqueles con cargos institucionais nas cidades próximas. Esta tendencia repítese no edificio das “Escuelas Municipales Jesús García Naveira”, construído co legado testamentario que o filántropo deixaría a Betanzos e situadas no lugar que ocupara o Claustro do Convento de San Francisco. O encargo do proxecto faráselle ó arquitecto coruñés Rafael González Villar en 1917, que naqueles momentos desempeñaba o posto de presidente da Asociación de Arquitectura de Galicia; este deseñará un edificio que non realizará ningunha homenaxe á arquitectura americana, xa que a súa fachada principal será a reinterpretación dunha galería claustral que remite á que posuía o mosteiro franciscano da fundación. O seu estilo formularíase nunha estética ecléctica que fusionará elementos secesionistas con outros inspirados na obra do enxeñeiro xenovés Gino Coppedé.

Todas estas actuacións acrecentaban a admiración e o agradecemento cara ós benfeitores, que serán manifestados pola poboación de Betanzos de maneira multitudinaria con ocasión do traslado dos restos mortais de Jesús García Naveira á súa cidade natal desde Arxentina (en 1917). O concello brigantino outorgaríalle o tratamento de personaxe distinguido, e o seu corpo sen vida sería velado no salón de sesións antes da súa exhumación definitiva. Betanzos participou activamente na última homenaxe, cunha comitiva precedida por nenos e anciáns pertencentes ás escolas e ó asilo por eles fundados. O féretro ía escoltado por un grupo de exploradores, varios sacerdotes e a corporación municipal en pleno. O mecenas sería obxecto duns actos funerarios sen precedentes, e os seus restos mortais finalmente descansarían na capela existente no Asilo García Hermanos.

Tamén Rafael González Villar será o arquitecto que realizará o proxecto da “Casa del Pueblo” (1918) na brigantina rúa Travesa, resultado do legado de 50.000 pesetas que Jesús García Naveira destinou a favor das Sociedades Obreras e constituída nun lugar de diseminación e cultura para os obreiros da comarca. Para o deseño deste proxecto non se tivo en conta ningún aspecto formal relacionado coa arquitectura americana, senón que remite a

A imaxe arquitectónica...

un tipo de arquitectura europea ecléctica de ascendencia renacentista italiana, na liña dos realizados en Xénova a finais do século XIX e principios do XX polo enxeñeiro Gino Coppedé antes citado.

En 1923 inauguraríase outro edificio promovido por Juan García Naveira, o “Refugio para niñas anormales físicas”; neste caso a imaxe do mecenas volve aparecer escultoricamente en espacios marxinais da arquitectura. O pretexto é o sentido didáctico que posuía o filántropo xa que, nos muros de contención existentes no edificio e aproveitando a altura destes, sitúa unha serie de escenas realizadas en relevos de formigón nas que desenvolven algunhas pasaxes da Biblia e da vida de santos. No relevo que representa o milagre de San Pedro facendo brotar auga da rocha inclúese a figura orante, a modo de escultura funeraria renacentista, de Jesús García Naveira como partícipe da escenografía neotestamentaria.

O sentido relixioso que invade a decoración escultórica do edificio déixase ver nos orixinais piares con forma de tiara papal que serven para configura-lo peche de protección do terreo. Así mesmo, a porta que serve de conexión co terreo circundante achégano-la imaxe escultórica de Juan García Naveira acompañado dun can e cunha expresión corporal de saúdo. A última materialización arquitectónica realizada polo protector tería lugar en 1930, destinada ó asilo das “Hermanitas de los Ancianos Desamparados”.

A través do mecenado dos irmáns García Naveira pódese constatar que non pretenderon crear unha tipoloxía arquitectónica indiana específica, senón que utilizarán os gustos estilísticos existentes en Galicia así como a arquitectos galegos relacionados coas institucións públicas ou privadas máis próximas.

A ACTUACIÓN DOS CENTROS GALEGOS AMERICANOS EN GALICIA: OS HOSPITAIS DE CESURAS

Entre os días 10 e 26 de xullo de 1923 arribou, a bordo do navío Espagne á Coruña, a primeira visita oficial de indianos promovida desde A Habana polas distintas asociacións galegas e institucións cubanas. O concello coruñés sería o anfitrión dos visitantes cubanos cun organizado e intenso programa de actos culturais, entre os que se incluían concertos, representacións teatrais, comidas, etc.; tamén se contemplaba a cerimonia de apertura da Avenida da Habana na recentemente urbanizada Ciudad Jardín (onde se colocaría unha placa doada pola delegación cubana), así como a inauguración da biblioteca pública Concepción Arenal e a colocación da primeira pedra do Monumento a Curros Enríquez. Como complemento dos mencionados actos estaban previstas excursións ás poboacións de Ferrol, Sada, Betanzos e Santiago de Compostela, para facer coincidir esta última co Día do Apóstolo.

A comisión organizadora non planificara o intercambio de transaccións comerciais entrámbalas comunidades, o que recomendaban voces tan lúcidas como a de Antón Vilar Ponte nun artigo de *La Voz de Galicia*:

Alejandro Barreiro, con su claro criterio de veterano en *lides* periodísticas, nos dedica ha poco que era lástima que con motivo de esta prístina excusión de América a Galicia no se hubiese pensado desde el punto de vista comercial e industrial que pudiera servir de punto de partida para un futuro intercambio de productos entre Cuba y nuestra tierra [...] Cabría pensar, para luego inculcarlo con insinuaciones elocuentes en el ánimo de aquellos que convenga, que el Centro Gallego de La Habana, como el más importante entre las sociedades similares de América, bien podía constituirse en propulsor de las Bolsas de Trabajo gallegas tan necesarias allá y de las Exposiciones Permanentes de toda clase de productos de nuestro país. Fácil es colegir cuanto en este sentido –que ya se estudió en Galicia y en el Centro Gallego de Buenos Aires– llegaría a lograrse de presidir un alto criterio moderno entre los conterráneos asociados en la Gran Antilla y de establecerse relaciones prácticas, concienzudas, de orden estadístico, informativo y divulgados de dichos centros y las hasta ahora languidecientes casas América-Galicia¹.

Este comentario serviría para que algúns dos representantes de institucións e asociacións coruñesas promovesen iniciativas, como a propiciada por Rafael González Villar –arquitecto e presidente da Sociedad Cultural del Círculo de Artesanos–, que daría o seu froito en marzo de 1924 trala presentación dun proxecto, para a construción en Cesuras dun sanatorio antituberculoso de pretensiosas dimensións –cento dez metros de fachada– que o Dispensario Oficial Antituberculoso executaríase en colaboración co Centro Galego da Habana. Esta institución custearía economicamente gran parte do investimento². O edificio ideado dispuña de dúas ás de internos –masculina e feminina– separadas por un pavillón central no que se contaba con tódolos servizos sanitarios comúns, despachos administrativos, capela, etc. A instalación perseguía un fin social: “... se trata de un sanatorio perfectamente adaptado a la situación y condiciones de emplazamiento, con acertada distribución, con amplitud de servicios gratuitos, de pago y para niños, dividiéndose en compartimentos para hombres y mujeres”. En canto ó

1. VILAR PONTE, A. (1923): “Dispongamos el pensamiento fecundador”. *La Voz de Galicia*. A Coruña, 11 de xullo.

2. GARRIDO MORENO, A. (1999): *El arquitecto Rafael González Villar*. A Coruña, Deputación Provincial, pp.190-193.

A imaxe arquitectónica...

estilo, escóllese unha arquitectura ecléctico-rexionalista de formulación europea (Gino Coppedé ou Sommaruga) que non corresponde a unha tipoloxía especificamente indiana. Esta iniciativa quedaría paralizada, xa que o Centro Galego da Habana decidiu finalmente construír un edificio en Cuba con estes mesmos fins para os seus asociados.

Novamente, en xuño de 1927, retomouse a iniciativa de construír un Sanatorio Antituberculoso en Cesuras, e presentouse á opinión pública un segundo proxecto de características similares ó precedente de 1924 (aínda que de deseño máis evolucionado), realizado tamén por Rafael González Villar dentro da corrente estética decó do momento. Neste caso a edificación comezaríase a construír, mais quedaría inconclusa debido a que, trala proclamación da República, quedaría suprimido o Patronato Industrial Antituberculoso (coordinador dos traballos do sanatorio), que sería absorbido pola Dirección General de Sanidad, dependente do Ministerio de Gobernación.

O último intento de amplia-lo complexo sanitario antituberculoso previsto en Cesuras cun Asilo de Incurables tamén se malograría, aínda que coñecemos-la súa identidade debido ó seu anteprojecto, realizado tamén polo arquitecto Rafael González Villar, no que se aprecian unhas dimensións pretensiosas e un estilo que amosa redución de elementos ornamentais; isto anuncia a chegada do racionalismo, que se fusionaba con elementos decó, ademais da existencia de alusións a algunhas construcións do arquitecto nórdico Eliel Saarinen (especialmente nas torres do edificio galego).

A VIVENDA INDIANA NO NORTE DE GALICIA

A vivenda construída por particulares indianos tras regresar a Galicia non foi obxecto ata hoxe de estudos xerais que poidan servir para extraer conclusións sobre o conxunto desta tipoloxía arquitectónica. Non obstante, existen aproximacións parciais, como a realizada recentemente trala análise de cento cincuenta edificios de vivendas construídos por emigrantes galegos americanos no norte das provincias da Coruña e Lugo. Estes foron catalogados e estudados por un equipo multidisciplinar (do que formo parte), integrado nun proxecto promovido pola Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas e a Universidade da Coruña³.

Historicamente o proceso migratorio a América afectaría singularmente a dúas zonas xeográficas españolas moi concretas: as Illas Canarias e a zona costeira cantábrica e Galicia. En relación coa arquitectura indiana asturiana

3. No momento de realizar este relatorio a publicación está no prelo.

existen diversas análises, algunhas delas moi minuciosas, que permiten establecer conclusións sobre tipoloxías, estilos, ornamentación, etc., e en consecuencia extraer a través do seu estudio algunhas claves do proceso sociocultural do colectivo asturiano na diáspora. En Galicia, desde o punto de vista arquitectónico, non se publicaron ata hoxe investigacións sistematizadas, polo que a iniciativa acometida pola Xunta de Galicia é unha das primeiras que poderán servir como punto de partida para realizar observacións posteriores doutras áreas xeográficas que permitan comprender todo o territorio autonómico⁴.

Cuantitativa e xeograficamente advírtese, no caso que tratamos, a existencia dunha porcentaxe maior de edificios pertencentes á provincia de Lugo en comparación cos da Coruña, xa que a primeira representa un 60% do total. Os municipios con máis inmobles localizados son os de Ribadeo (27), Oulol (22), Barreiros (21), Ortigueira (20) e Viveiro (13), aspecto que evidencia máis concentración constructiva na costa (que se incrementa en número ó se aproxima-los límites xeográficos a Asturias).

A cronoloxía dos edificios destes núcleos non responde a un período específico, senón que se pode considerar un fenómeno constructivo gradual producido entre 1870 e 1936 (circunstancia que se mantén en practicamente todo o conxunto das vivendas catalogadas). O maior número de inmobles construírse a partir da última década do século XIX e coincide co regreso das primeiras xeracións de indianos que, tras obter unha estabilidade económica, deciden residir-los derradeiros anos da súa vida en Galicia e edifica-la súa propia vivenda⁵.

Esta gradación temporal constructiva vai ter unha incidencia directa cos estilos arquitectónicos elixidos polos indianos para as súas vivendas, debido a que estes se supeditarán ás distintas tendencias existentes en Galicia no momento da súa construción. Non obstante, a “arquitectura de estilo” só afectará a menos da metade dos inmobles catalogados, xa que será a tipoloxía autóctona a escollida nunha porcentaxe algo superior ó 60% dos inmobles. Desta construción autóctona aproximadamente a metade terá un escaso valor arquitectónico, cun deseño que responde ós desexos de cubrir

4. Os municipios investigados para o traballo de campo son os seguintes: Ribadeo, Foz, Vilanova de Lourenzá, Barreiros, Mondoñedo, Viveiro, Oulol, Cervo, Ortigueira, Mañón, Cariño, Cerdido, Muras, Ferrol, Valdoviño, Mugardos, Fene, Ares, Pontedeume, Cabana, Oroso, Ames, Brión, Teo, Vedra e Boqueixón.

5. Esta cronoloxía garda unha certa lóxica, xa que a marcha masiva da poboación a América comezará a partir de 1853 (data en que se derroga a lei que impedía a migración fóra do territorio español).

necesidades utilitarias primarias. Neste sentido pódese comprobar que as porcentaxes de estilo dos inmobles estudados son as seguintes: variantes autóctonas 62%, eclecticismo 30%, opcións rexionalistas 5% e varios 3%.

Dentro do grupo dos edificios eclécticos aparecen exemplos de múltiples linguaxes arquitectónicas que se desenvolveron no período comprendido entre finais do século XIX e principios do XX, con proxectos modernistas, pintorescos, coloniais e ecléctico-europeos, esta última opción é a de maior aceptación entre os indianos asentados nas zonas ás que se refire a mostraxe de catalogación.

Resulta significativa a nula implantación que tiveron as opcións racionalistas dos promotores indianos, quizais por ser un movemento que se difundirá en Europa a finais da década dos anos vinte e que en Galicia non terá a súa expansión ata os primeiros anos trinta nas grandes poboacións (cunha aceptación máis tardía no ámbito rural específico que tratamos e, polo tanto, fóra do período cronolóxico estudado).

A construción dos edificios nestes medios rurais recaía en profesionais non titulados, o que xustifica a mestizaxe estilística e a heterodoxia das construcións. Estas adaptábanse ó gusto ecléctico da época, aínda que só fose en pequenos ornamentos extraídos de repertorios destinados a arquitecturas máis pretensiosas que, ás veces, evidenciaban desproporcións entre os motivos empregados e a simplicidade dunha arquitectura especificamente popular. Pódese afirmar neste tipo de exemplos que o que se produce é a inclusión dunha ornamentación ecléctica aplicada á vivenda popular, que terá unha gran difusión e xerará o que se podería chamar *nova tipoloxía autóctona ecléctica* derivada do uso personalizado do ornamento.

A afirmación anterior faise máis patente ó se constatar que unicamente un 10% dos edificios analizados poden ser considerados estilisticamente “puros”. Como contrapartida establécese que ó redor do 50% da totalidade da construción catalogada ten un escaso interese desde o punto de vista da arquitectura ou do estilo e que, deste número, aproximadamente a metade pertence a un tipo de construción humilde que cobre unicamente as funcións utilitarias (nas que se chega incluso a prescindir dos ornatos).

O variado repertorio de adobios eclécticos existente pódese poñer en relación cos mestres de obra e obradoiros de artesáns que difundían modelos en cada zona. Eran autores, máis que de volumes arquitectónicos complexos, dunha construción sinxela realizada con anchos muros de carga de cachotería, de escasas luces entre eles, para conseguir unha sobrada resistencia estrutural. A arquitectura de estilo na meirande parte dos casos é exígua, e este queda reducido ó uso dunha decoración de “repertorio” subministrada pola industria de fin de século existente en Cataluña. Esta industria distribuía modelos prefabricados por toda a xeografía española, que

operarios de obradoiros determinados colocaban preferentemente na fachada principal dos inmobles.

A existencia destes talleres especializados na decoración –tanto en fachadas como en interiores– é un feito que se pode considerar moi probable debido ós testemuños de moitos dos actuais propietarios. Van ser estes talleres os que abastezan a poboación (indiana e autóctona) de múltiples repertorios de motivos, que serán reproducidos en formigón e outros materiais con características plásticas a través de moldes. Os traballos en pedra serán menos abundantes, por mor do seu elevado custo. Desgraciadamente, a distancia temporal que nos separa da época, xunto coa ausencia de documentación ó respecto nos distintos arquivos municipais, dificultan a rastrexadura dos diferentes obradoiros dedicados ó traballo deste tipo de ornamentación epidérmica; en determinados casos constátase a existencia de equipos especializados nestes traballos procedentes de Portugal e instalados en Galicia. Se incidimos especialmente nos profesionais da composición, así como nos mestres de obra, é porque outro dos feitos patentes nos edificios catalogados é a escaseza de proxectos asinados por profesionais titulados (arquitectos ou enxeñeiros): o número de referencias fiables non supera os dez.

En relación co lugar da procedencia do indiano que constrúe no ámbito estudado, apréciase unha alta porcentaxe de Cuba (o 80%), seguida de Arxentina (13%); os números baixan en relación cos que fixaron a súa residencia no sur dos Estados Unidos, México e Uruguai. Este feito, visto desde as formas arquitectónicas, xustifica a existencia dalgúns casos que adaptarán elementos coloniais cubanos no contorno galego, a pesar da incompatibilidade climática entre ámbalas zonas xeográficas. Resulta significativo que en tres dos edificios de clara influencia colonial os propietarios fosen constructores en Cuba e Florida, o que pode indicar que a elaboración dos proxectos se realiza nos distintos países de procedencia. Nunha comparación entre as construcións indianas das comunidades galega e asturiana pódese apreciar un paralelismo estilístico; isto fai que se poida referenda-la observación que realizou Covadonga Álvarez Quintana no seu estudio sobre esta arquitectura en Asturias cando expresaba:

Además de descartarse la importancia del influjo americano en la obra indiana, ésta, lejos de configurar un estilo único y personal [...] aparece dividida en todos y cada uno de los lenguajes arquitectónicos que se suceden y coexisten en la escena arquitectónica europea del cambio de siglo⁶.

6. ÁLVAREZ QUINTANA, C. (1991): *Indianos y arquitectura en Asturias (1870-1930)*. Xixón, Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos de Asturias.

Sen embargo, é notable a diferenza que se pode ratificar entrámbalas comunidades en relación á cantidade de edificios contabilizados; mentres en Asturias hai 1.378 vivendas, na zona galega estudiada só se catalogaron arredor de 160, o que supón unha desproporción notable (algo máis do 11%). Se confrontamos estes datos coas superficies de ámbalas áreas –Asturias 10.565 m² e a zona galega estudiada 2.125 m²– pódese extrapolar (provisionalmente) que para a mesma superficie territorial a construción galega sería inferior nunha cantidade aproximada do 50% á localizada na totalidade da comunidade autónoma veciña. Tamén se observa en Asturias, respecto a Galicia, unha maior cantidade de proxectos realizados por profesionais titulados, entre os que se encontran preferentemente os arquitectos que naqueles momentos ocupaban cargos institucionais nas principais localidades asturianas (dos que se poden citar Julio Galán e Manuel Busto, entre outros). Dentro dos exemplos galegos só dous edificios foron proxectados por arquitectos: a Casa dos Moreno de Viveiro por Julián García Núñez e o chalé de Canido de Ferrol por Rodolfo Ucha Piñeiro; do resto de edificacións compróbase que tres delas foron deseñadas por apareladores e as restantes por mestres de obra ou equipos de albanéis especializados neste tipo de construcións.

Desde a calidade constructiva e estilística, existe unha proporción porcentual similar entrámbalas rexións que reverte nunha maior porcentaxe de exemplos singulares en Asturias, debido a que hai máis edificios contabilizados. De todo isto podemos deducir que as comunidades indianas galegas e asturianas manteñen unhas características semellantes, se exceptuámo-la diferenza cuantitativa que houbo.

Pódese dicir que a construción indiana, máis que unha manifestación autonómica diferenciada, é unha realidade xeográfica moito máis ampla que alomenos afecta a Galicia e Asturias. Presumiblemente podería abranguer tamén a Cantabria e o País Vasco, hipótese que queda pendente de afirmación ata a aparición de estudos parciais sobre estas dúas últimas comunidades. De igual modo tamén se pode establecer que non existe desde a perspectiva estilística ou tipolóxica unha arquitectura específica indiana, senón que o conxunto catalogado responde a hábitos constructivos ou arquitectónicos globais na Galicia da época. Á vista da análise anterior, pódese intuír que a arquitectura indiana non crea unha unidade peculiar específica, senón que o epígrafe responde ó feito de ser xerada polo colectivo que retorna á migración americana.

Tamén habería que adoptar con prudencia o mito de que a arquitectura indiana se mantén dentro dunha constante en que a calidade e a decoración ostentosa son os parámetros habituais. Esa “lenda” establecida desde os estratos populares responde mellor a unha visión parcial dos exemplos máis

rechamantes e non á dunha análise como a que agora nos ocupa; nesta constátase que, na meirande parte dos casos, as vivendas pódense clasificar de meramente funcionais e vencelladas a un obxectivo utilitario primario, sen contar outros factores que puidesen repercutir na calidade e alto custo da construción. Nos casos en que o emigrante volve a Galicia cunha boa posición económica advírtese que, ó construí-la súa vivenda, tratará de dotala con aqueles signos externos (materiais e alegóricos) que indiquen a súa posición social.

Dentro da arquitectura deses anos cómpre incidir nun recurso decorativo de baixo custo que supuxo unha boa opción para a personalización de cada unha das vivendas das esferas populares: as molduras e os elementos prefabricados ornamentais en formigón. Pódese dicir que a meirande parte dos edificios de vivendas rurais manteñen unha estrutura arquitectónica moi simple, e adquirirán un certo carácter estilístico ó incluíren este tipo de compoñentes que se engaden; estes eran típicos da arquitectura ecléctica do autor e estaban a disposición do promotor a través dos distintos talleres especializados existentes. Os obradoiros ofrecían diferentes modelos –xeométricos, vexetais, animais e antropomórficos– extraídos dos repertorios publicados na segunda metade do século XIX en Europa e España, e así conseguíase personaliza-las fachadas ó gusto dos seus propietarios. É por isto que en Galicia, no ámbito rural, aparecerá un tipo de construción que terá unhas características propias e que se pode considerala versión popular do eclecticismo imperante na arquitectura de autor. O indiano reclamará frecuentemente o uso destes recursos, e atopamos exemplos singulares como as casas de “Concha Amado” ou de “Paco Bello” en Ares, nas que o elemento prefabricado e a moldura adquiren un protagonismo capital.

Como complemento do formigón será tamén moi utilizado o sistema das reixas, que contaba cunha ampla tradición na zona debido á influencia da fábrica de Sargadelos. Utilizarase fundamentalmente na protección de vans, balcóns, escaleiras e peches de terreos, para conseguir solucións de gran calidade artesanal e estética.

Outros elementos que gozarán dunha grande aceptación nas vivendas indianas serán os peches dos terreos, que en determinados casos serán de estilo palaciano como en “Villa María” (Magazos, Viveiro). Tamén pode ser que se adapten ás distintas tendencias arquitectónicas da época, coma o modernismo en “Villa Frayan” (Cabana), rexionalismo en “Chalet de Fondón” (Magazos, Viveiro) ou o decó en “Casa Cenador” (Mondoñedo). Nalgún caso o peche do terreo será de calidade superior á vivenda, con pretensións de ostentación por parte do propietario ó crear esta descompensación en favor do máis visible desde o exterior.

Un dos recursos utilizados para personaliza-las vivendas serán as inscricións incluídas en lugares visibles do edificio, que engaden algún dato sobre o inmovible ou o seu propietario. Os textos variarán de contido segundo a intencionalidade pretendida: económica, filantrópica, cronolóxica, familiar ou identificativa. Os casos máis frecuentes son aqueles en que se fai alusión á data en que comezou ou acabou a construción da casa: ben visible na fachada principal, próximo á porta da entrada, a un dos vans principais (o central do piso primeiro), a cornixa, a peita ou no peche que delimita a propiedade do terreo onde se levanta o edificio. Tamén é habitual incluír xunto coa data de construción outros datos referentes a aspectos particulares dos seus residentes, como o apelativo do edificio, que normalmente se adscribe ó nome da esposa do propietario. Neste sentido o nome propio irá precedido dos cualificativos de “villa” ou “casa”, tal e como ocorre con “Villa Amadora” en Vilaronte, no municipio lucense de Foz, e na que se elixe a bufarda-peita do edificio para situa-lo epígrafe. Os caracteres alfanuméricos empregados definen en moitos casos non só o gusto persoal do propietario, senón que se adaptan ó estilo, época e modas existentes no momento.

Noutros casos, cando o propietario quere deixar constancia da súa identidade, adóitase recorrer á inclusión das iniciais do seu nome e apelidos, para engadir unha evidente personalización. Estas iniciais dispóñense soas ou acompañadas da data de construción do inmovible, tal como ocorre na Casa Grande en Barreiros.

A “Torre de los Moreno” é un dos mellores exemplos reais de volume edificado pola calidade da súa arquitectura, pola exuberancia da súa decoración en relevo e escultura e tamén pola súa situación. O edificio está situado nun céntrico e aberto espacio urbano de Ribadeo que ten o nome da construción: Cantón de los Moreno. Os propietarios que posibilitaron a súa construción deixaron constancia dos seus nomes ou iniciais no edificio e para isto recórrese á colocación, no soportal que dá acceso ó interior da casa, de varias inscricións que citan ós dous irmáns. En primeiro lugar, nos sobrazos do arco que leva á rotonda da torre na planta baixa inclúense dous medallóns orlados con grilandas nos que se enlazan as súas iniciais, PM e JM. Novamente repítense as iniciais no ferro forxado da porta de entrada ó edificio. Pero por máis abastamento incluírase unha placa conmemorativa en bronce próxima á porta anterior, onde se fan constar datos moi explícitos: “Pedro M^a y Juan Moreno y Ulloa, mandaron construír este edificio en el año 1915. Arquitecto. Julián García Núñez. Ingeniero. Ángel Arbex”.

No conxunto de casas indianas hai exemplos singulares de que a arquitectura serve para potencia-la figura do seu propietario; entre eles é necesario citar un edificio singular no que se patentiza o desexo de exhibir publicamente o triunfo conseguido nas terras de ultramar: “Casa del Adriano”

en Barallobre, Fene. Edificada con pretensións palacianas nun excepcional enclave, desde onde se pode albisca-lo perfil costeiro comprendido entre a península da Coruña e Valdoviño, por Antonio Fernández Fernández. Trátase dunha persoa humilde que seguiu os pasos do pai e emigrou a terras cubanas, e ó volver a Galicia enriquecido construíra a súa vivenda e fará gala da súa nova situación. Para isto utilizará moitos dos recursos xa citados neste texto; en primeiro lugar, unha columna troncocónica albergará a data de construción do edificio (1921), acompañada dunha lenda que fai alusión ó país de acollida, Cuba: “La perla del sur”. Tamén incluíra algúns dos seus propios pensamentos, inscritos en cinco placas de mármore situadas nunha sala poligonal de estrutura moi singular situada na planta baixa. Desenvolverá no edificio todo un enguedellado ornamental tanto no interior coma no exterior, materializado en columnas xónicas, molduras, vidreiras, azulexos, etc., que deixan patente unha clara heterodoxia estilística. Ademais levará, esculpida e policromada con formas inxenuas, a imaxe do seu pai disposta en pé, orientada cara ó mar e portando nun dos seus brazos unha gabardina; depositada ó seu lado, no chan, hai unha maleta. Retrátao como un home elegantemente vestido cun bo traxe, gravata e unha cadea de ouro que lle cruza o chaleco (cousa que nunca sucedera), e así fusiona na alegoría a realidade e a ficción⁷. O pedestal desta figura será un miradoiro-observatorio, coroado por unha cúpula aérea sustentada por oito columnas xónicas na parte máis alta do edificio, que potenciará aínda máis a representación ideal que o conxunto do edificio leva implícita.

Trazos coma estes, que mostran unha importante posición económica amplificados pola transmisión oral popular, son os que foron configurando a lenda do indiano enriquecido, e obvian ás veces unha realidade diferente que queda reflectida no conxunto arquitectónico analizado.

7. O pai de Antonio Fernández fixo unha viaxe de ida e volta cunha estancia de varios meses na que o único que fixo en terras cubanas foi traballar na agricultura, regresou con escasos recursos, segundo os datos facilitados polo historiador Bernardo Máiz Vázquez.

A imaxe arquitectónica...

Resumo

A IMAXE ARQUITECTÓNICA DOS INDIANOS GALEGOS

Antonio Garrido Moreno

Neste artigo faise un estudio dos trazos que o colectivo indiano galego proxecta a través de diversas manifestacións da súa arquitectura –como os panteóns do cemiterio Colón da Habana–, do mecenado filantrópico dos irmáns García Naveira de Betanzos e da arquitectura indiana no norte de Galicia. Tamén se achegan datos estatísticos e se ofrece unha evolución dos estilos arquitectónicos e unha análise dos elementos ornamentais máis destacables na arquitectura indiana das provincias da Coruña e Lugo.

Palabras clave:

Emigración, arquitectura indiana, arte, indianos.

Resumen

LA IMAGEN ARQUITECTÓNICA DE LOS INDIANOS GALLEGOS

Antonio Moreno Garrido

En este artículo se hace un estudio de los rasgos que el colectivo indiano gallego proyecta a través de diversas manifestaciones de su arquitectura tales como los panteones del cementerio Colón de La Habana, del mecenazgo filantrópico de los hermanos García Naveira de Betanzos y de la arquitectura indiana en el norte de Galicia. También se aportan datos estadísticos y se ofrece una evolución de los estilos arquitectónicos así como un análisis de los elementos ornamentales más destacables en la arquitectura indiana de las provincias de A Coruña y Lugo.

Palabras clave:

Emigración, arquitectura indiana, arte, indianos.

Résumé

L'IMAGE ARCHITECTONIQUE DES INDIENS GALICIENS

Antonio Moreno Garrido

Cet article étudie les traits caractéristiques projetés par le collectif *indien* galicien à travers diverses manifestations de son architecture telles que les panthéons du cimetière Colón de La Havane, le mécénat philanthropique des frères García Naveira de Betanzos et l'architecture *indienne* du nord de la Galice. Il apporte aussi des données statistiques et offre une évolution des styles architectoniques ainsi qu'une analyse des éléments ornementaux les plus remarquables de l'architecture *indienne* dans les provinces de La Corogne et de Lugo.

Mots clé:

Émigration, architecture *indienne*, art, *indiens*.

Summary

THE ARCHITECTURAL IMAGE OF THE GALICIAN "INDIANOS"

Antonio Moreno Garrido

In this article a study is done of the characteristics that the Galician "Indianos" projected through various examples of their architecture, such as the mausoleums in the cemetery Colón in Havana, of the philanthropic patronage of the brothers García Naveira de Betanzos and of the "Indiano" architecture of the in the north of Galicia. In addition, statistical data are provided and a study of the development of architectural styles as well as an analysis of the most outstanding ornamental elements in "Indiano" architecture in the provinces of A Coruña and Lugo.

Keywords:

Emigration, "Indiano" architecture, "Indianos".

Curriculo

ANTONIO GARRIDO MORENO. Licenciado en Historia da Arte e Arquitecto Técnico. Premio Extraordinario de Licenciatura. Profesor de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela. Autor de numerosos traballos de investigación sobre Arquitectura e Artes Plásticas dos séculos XIX e XX. Publicou, entre outros, os seguintes libros: *El arquitecto Rafael González Villar. Escultura Gallega Contemporánea. La cerámica como punto de partida*. "Elementos ornamentales en la Arquitectura Indiana de Galicia", en *Casas de Indianos*. "Eugenio Fernández Granell" e "María del Carmen Corredoira", en *Artistas Gallegos. Pintores*.

APROXIMACIÓN ÁS IMAXES DO INDIANO NO CINEMA ESPAÑOL

Manuel González

INTRODUCCIÓN

Conversa entre o director de cine Robledal e o investidor Poch, indiano adineirado do Ecuador:

...Usted es un hombre de negocios y por ello vengo a hablarle de un asunto de gran importancia. En este tiempo he viajado, he conocido gente y me he convencido de que usted y los demás señores que en España producen películas están perdiendo una gran ocasión para ganar mucho dinero.

– Y cual es su proposición?

– Mi proyecto se basa en estos detalles: en la Argentina hay miles de gallegos. Vamos a suponer que allí vivan dos millones aunque la estadística ha de arrojar una cifra más elevada. Dos millones de gallegos, a peso por localidad, son una cantidad muy respetable de pesos. Después hay que contar con los demás gallegos que hay en otras repúblicas. En Cuba por ejemplo existe una colonia muy respetable.

– Entonces, su proyecto... deslizó el señor Poch picado por la curiosidad.

– Contando por lo bajo, en América del Sur tenemos dos millones de gallegos. Si nosotros hacemos una película que se desarrolle en Galicia, puede Vd. estar seguro de que esos millones de personas llenarán las salas de los cines americanos. Pero si a Vd. le parece demasiado, rebaje la cifra hasta una cuarta parte. Tengamos como ingreso lo que aporten doscientos cincuenta mil espectadores. Descontando el tanto por ciento que lleven los empresarios, siempre quedarán a nuestro favor unas quinientas mil pesetas. Este proyecto hace tiempo que rondaba por mi cabeza. El gran error de ustedes es no haber sabido explotar el mercado de América del Sur. Creen ustedes que haciendo películas de cuarenta mil pesetas pueden obtener, es posible recoger un millón de pesetas...

Aproximación ás imaxes...

...Tengo entendido que el argumento de *El estudiante enamorado* se refiere a un muchacho que no tiene suerte en los exámenes y como está perdidamente enamorado de una distinguida señorita, decide emigrar a América y allí llega a ser un gran cosechero de café...

(Andrés Carranque de los Ríos: *Cinematógrafo*, Espasa Calpe, 1936).

PRELIMINARES

Nun afortunado traballo sobre a imaxe social do emigrante retornado, Xosé Manoel Núñez Seixas¹ retrocede ata a literatura do XVI, na procura da imaxe dos indianos nas letras españolas. Na súa investigación describe diversos estereotipos de indianos e establece tipoloxías que tamén son aplicables á imaxe do retornado no cinema español, aínda que polo de agora, no caso do cine, só e posible facer un achegamento moi elemental. Ó contrario do que ocorre na literatura, lamentablemente a sociedade española non foi moi coidadosa na conservación do seu patrimonio audiovisual. Numerosas películas, dende os anos vinte ata os cincuenta, están perdidas ou gravemente danadas pola descomposición química, agardando pola man salvadora que reviva os fotogramas deteriorados. Así pois, o que segue soamente é unha aproximación moi xeral, pendente dunha investigación en profundidade e sobre todo que teña en consideración aquilo que é decisivo na historiografía cinematográfica contemporánea: a análise textual dos propios filmes².

OS RETORNADOS NO CINEMA ESPAÑOL

Resulta tópico afondar na consideración do cinema como o máis poderoso e influente xerador de estereotipos e valores na sociedade contemporánea. Non hai máis que olla-la traxectoria do cine americano nos últimos cincuenta anos para decatarse de que os seus xéneros e mitos conforman xa unha parte fundamental do imaxinario e a cultura popular en todo o planeta, ademais de ser un poderoso axente de socialización e

1. Núñez Seixas, X. M.: "Una aproximación a la imagen social del emigrante retornado de América en la Península Ibérica (siglos XVI-XX)", en Cuesta Bustillo, Josefina (ed.): *De emigraciones y exilios*, Madrid, Fundación Largo Caballero, 1999.

2. Nos últimos anos, estase traballando na catalogación e sistematización do cinema español. Un magnífico exemplo é o proxecto *Filmografía española. Longametraxes*, no que participa como coordinador o profesor A. L. Hueso do Departamento de Historia do Cinema da Universidade de Santiago. Pero segue a falta-lo máis importante, as películas. Moitas delas non se poden atopar ou están en avanzado estado de deterioración.

aculturación, como o amosan as innumerables achegas do cine norteamericano á figura do emigrante italiano ou irlandés.

Máis preto de nós, consideremos por exemplo o personaxe de *la gayega*, conformada a través das películas interpretadas pola gran actriz arxentina Nini Marshall como *Cándida*, de gran repercusión en Arxentina e México, ou *el gallego Sopeira*, (Federico Piñero) en Cuba. En todos estes estereotipos de “galegos en América” prodúcese un fenómeno de asimilación daqueles elementos físicos e de personalidade máis superficiais e xerais, utilizados e manipulados para construí-lo “personaxe” e facer avanza-la trama dramática. Hoxe en día, gran parte do público latinoamericano identifica eses estereotipos como reais e a imaxe de *Cándida* ou *Sopeira* adquiren un valor simbólico e sociocultural na sociedade en que se insiren.

No caso dos retornados ou indianos, tamén o cinema español contribuíu na construción da súa imaxe, a pesar de que a súa presenza como personaxe protagonista na trama principal ou secundaria non é tan abondosa como na literatura. Os “americanos” comezaron a aparecer nas pantallas españolas no cinema mudo xa dende os anos 20. Pero será o cinema franquista o que elabore un discurso positivo sobre os “indianos”. Só a chegada da democracia posibilitará vieiros alternativos e realistas de achegamento á emigración a través do cinema.

Por outra banda, non podemos perder de vista que o cinema é, sobre todo, unha industria e o obxectivo básico dos produtores que arriscaban o seu investimento era (do mesmo xeito que agora) ganar cota de mercado e, polo tanto, a obtención de beneficios. América (especialmente Arxentina e México) estaba considerada como o mercado natural do cine español, como nolo lembra a cita do gran novelista Carranque de los Ríos na introducción desta comunicación. Ese compoñente industrial do cinema determinará –agás excepcións– as características morais dos personaxes e non só converterá en positivo o arquetipo do indiano senón que será determinante na elección de historias e personaxes, estrutura argumental e tratamento iconográfico, que xa fora popularizado noutras artes populares como a fotografía e o teatro³.

Se tiveramos que describi-lo leitmotiv do retornado a través do cinema español, a imaxe máis repetida sería a do “indiano adiñeirado, que retorna ó seu país nos últimos días da vida, e os avatares da súa fortuna ultramarina”. Especialmente nas películas producidas polo tamén emigrante retornado

3. A imaxe cinematográfica é similar á literaria: sombreiro de *pajilla*, chaleco, mostachos, reloxo con cadea, leontina de ouro, botíns brancos..., a mesma imaxe aparece nos documentais de “correspondencia”.

Cesáreo González, preséntase a emigración cunha visión folclórica, positiva e conformista. Unha gran parte destas películas baséanse en argumentos do coruñés Adolfo Torrado. O retornado modificará as relacións sociais e interpersoais da comunidade de partida en case tódalas películas analizadas, xeralmente asociadas ó mito de *América como terra de liberdade e prosperidade*. Moitos personaxes emigran ante graves conflitos (producto de inxustas acusacións) ou relacións amorosas imposibles que deciden a partida do heroe protagonista. O retornado, rico e poderoso, porá as cousas no seu sitio e triunfará a xustiza e o amor. Esta imaxe positiva fortalece o fenómeno de imitación, especialmente nos difíciles anos corenta.

Ás veces, será o diñeiro dunha herdanza (mito do *tío de América*) o que resolverá ou suscitará novas situacións no desenvolvemento da trama dramática e nas relacións dos personaxes. Outro dos leitmotivs do estereotipo “americano” será a obsesión dos indianos ricos polas rapazas novas (mito de *Fausto*): pretenden recupera-la mocidade perdida a través de relacións amorosas coas mulleres da terra da súa infancia. Atopamos ademais unha ampla variedade de representación territorial: hai galegos, pero tamén andaluces, valencianos, asturianos, vascos, mallorquinos, cataláns, etc.

En moi poucas películas se asocia o indiano con paradigmas de ideas anovadoras ou socialmente avanzadas. Só a partir da reinstauración da democracia aparecen os primeiros estereotipos de indianos fracasados ou claramente negativos. A desaparición do personaxe do indiano no cinema español a partir dos setenta é paralela coa emerxencia de novos tipos: o exiliado político e o inmigrante.

O TÍO DE AMÉRICA: O INDIANO AUSENTE

O paradigma do “tío de América” baséase na existencia “simbólica” do indiano a través do resultado do seu esforzo e sacrificio persoal en América: a fortuna ultramarina que resolverá situacións ou lles abrirá novos problemas ós personaxes da trama dramática.

Neste grupo de películas o indiano non ten unha presenza física, pero a súa herdanza convértese en protagonista simbólico que desenvolve a trama principal e, sobre todo, modifica profundamente a relación e obxectivos dos personaxes. Así, América é vista como “terra de oportunidades”, onde a morte dalgún parente rico pode resolver moitas das dificultades da vida cotiá.

Por exemplo, en *Flor de espino* (Jaime Ferrer, 1925) a pobre labrega Anita finalmente poderá ser feliz co home nobre que pretende gracias á herdanza dos seus pais emigrantes en California. Noutras será a fortuna dun emigrante cubano a que modificará a existencia dos protagonistas, así en *El destino se disculpa* (J. L. Sáenz de Heredia, 1945), en *Te quiero para mí*

(Ladislao Vajda, 1944) ou en *Camarote de lujo* (Rafael Gil, 1959), baseada na novela de Wenceslao Fernández Flórez, onde o pobre emigrante Juan Cadaval se converte axiña en millonario en América gracias a un tío recentemente falecido.

Nalgunhas películas a consecución da herdanza será o obxectivo dos protagonistas, como en *Deliciosamente tontos* (Juan de Orduña, 1943), onde a fortuna do rico habaneiro Remigio Espinosa provoca enredos amorosos entre unha cubana e un madrileño que deberán casar para conseguila. En *El testamento del virrey* (Ladislao Vajda, 1944) repartirase unha gran fortuna mexicana entre miles de herdeiros.

En poucas ocasións a herdanza non será máis ca unha quimera, como en *A mí no me mire usted* (J. L. Sáenz de Heredia, 1941): o mestre castelán Anselmo Carranque recibe unha herdanza dun tío emigrante en México. A herdade consiste nun terreo pequeno e baleiro. En Galicia, no episodio *O tesouro de Petroxesto* (da longametraxe *Urxa*, de Alfredo G. Pinal e Carlos Piñeiro, 1989), a lenda do tesouro americano agochado no monte será un referente para os habitantes dunha pequena aldea galega, na tradición popular e tradicional dos tesouros ocultos.

O “INDIANO TRIUNFADOR”

Sen dúbida, esta é a imaxe máis recorrente dentro do cinema español, especialmente a partir da década dos corenta na dictadura franquista. O estereotipo responde ó indiano triunfador, positivo, xusto, nostáxico e comprometido cos intereses da súa comunidade.

A súa irrupción na literatura prodúcese especialmente a partir da crise do 98, ano en que a imaxe do indiano pasa a configurarse como posible axente modernizador de España pola súa contribución á economía e ó progreso a través especialmente da beneficencia e a filantropía. Na película rodada en Galicia e baseada na obra de López de Haro, *Alalá los nietos de los celtas* (Adolph Trotz, 1933), Jorge Samieira marcha para Bos Aires. Quince anos despois, dono dunha gran fortuna, regresa a Galicia. A película é unha metáfora do enfrontamento entre o vello (meigas, Galicia tradicional), como encarnación da morte, e o novo (a industrialización), como alternativa de vida e de futuro...

Outra película paradigmática do estereotipo positivo do indiano sería *Polizón a bordo* (Florian Rey, 1941), relato autobiográfico do seu propio produtor Cesáreo González: Antonciño (Ismael Merlo) é un rapaz pobre que ten que emigrar a América para conseguilo amor de Rosiña. Alí faise millonario e cando volva, enriquecido, aparentará ser un fracasado. Finalmente casará con Rosiña e mercará a casa grande do lugar. Similar

argumento ó de *Aquel viejo molino* (Ignacio F. Iquino, 1946), onde Lucas García, un estremeño que loita incansablemente durante moitos anos por conseguir un sitio na vida da emigración, finalmente volverá ó vello muiño desfeito, que reconstruirá. Alí atopará a paz e o sentido da vida. Similar argumento en *Un indiano en Moratilla* (Leon Klimovsky, 1957), onde o fillo dun emigrante aragonés que fixo fortuna en México volverá á vila do seu pai para palia-los problemas de Moratilla; ou na película mexicana *El indiano* (Fernando Soler, 1954), na que Fernando Soler se dirixiu a si mesmo no personaxe dun español que regresa á súa patria para resolver vellos conflitos familiares. Tamén Rodrigo Arias regresa de América para identifica-la súa auténtica neta nas diferentes versións de *El abuelo* (Jose Buch, 1925, Rafael Gil, 1972 e José Luis Garci, 1998).

Co argumento do prolífico Adolfo Torrado, o seu irmán dirixe *El emigrado* (Ramón Torrado, 1946): Ignacio, un dos irmáns vascos Ibarrola, emigra a América tras discutir co seu irmán. Cando volve coa idea de vingarse, reconcíliase ó atopalo gravemente enfermo.

Noutro grupo de películas, o personaxe do indiano remítenos ó esquema de “Fausto”, o vello que tenta “recupera-la” súa mocidade ó namorarse do seu amor de xuventude ou dunha rapaza nova como en *Sabela de Cambados* (Ramón Torrado, 1948): Juan de Mourente (Fernando Fernández de Córdoba) é un indiano que emigrara por un desengano amoroso. Volve rico e pretende a Tonucha. Pero, a meirande parte das veces, o indiano positivo renuncia ó amor imposible pola rapaza, como en *Trece onzas de oro* (Gonzalo Pardo Delgrás, 1947), onde se narran os avatares dun emigrante asturiano na Cuba de 1900. O sesaxenario indiano, arrastrado pola nostalgia, casa cunha moza que está namorada doutro home.

Outro grupo de filmes abordan o tema do indiano que volve para saldar unha antiga conta de amor, como o andaluz *Curro vargas* (José Buch, 1923) e *La sobrina del cura* (Luis R. Alonso, 1926); ou para limpa-la honra perdida, como o mallorquino Jaime de *Venganza isleña* (Manuel Noriega, 1924); en *La tempestad* (Javier de Rivera, 1944), o galego Beltrán foxe a América acusado dun crime que non cometeu. Vinte anos despois volve rico e disposto a identifica-lo verdadeiro culpable. Noutros casos, a visión folclórica e amable da emigración reproduce vellos tópicos, como en *Historia en dos aldeas* (Antonio del Amo, 1950), tamén sobre argumento de Adolfo Torrado, onde se narra en clave cómica a rivalidade entre un galego e un asturiano.

O NOVO CACIQUE: O INDIANO COMO AXENTE PERTURBADOR DA VELLA TRADICIÓN RURAL

Sen dúbida ningunha é o estereotipo menos habitual do indiano no cine español. O retornado de América é visto como vehiculizador de ideas estrañas á tradición española ou galega, nalgúns casos cun claro carácter corrosivo sobre os personaxes do seu lugar de orixe: o indiano debúxasenos como descrido e axente disolvente da orde rural tradicional e da vella sociedade patriarcal.

Esa mirada de desconfianza cara ó “americano” está presente nalgúns películas do cinema español, especialmente do seu período mudo, e son excepcionais os retratos negativos dos indianos no cinema do franquismo. Por exemplo, a “chica perdición” americana, Mary Watson, que compete con Carmiña polo amor do protagonista en *Carmiña, flor de Galicia* (Rino Lupo, 1927). Ou as perigosas ideas feministas “americanas” da filla dun rico emigrante que alterarán a convivencia dos veciños nunha pequena vila de Castela en *Una chica de Chicago* (Mur Oti, 1959).

Outras veces o retornado é directamente o “malo”, como o malvado indiano enriquecido que provoca a desolación no *Mayorazgo de Basterretxe* (Mauro Azkona, 1928) cō seu afán por apoderarse das terras custe o que custe, chegando mesmo ó asasinato. En *La vida encadenada* (Antonio Román, 1948), a viúva Isabel vese acosada por Gabriel, un retornado rico que lle fai chantaxe polo seu pasado tormentoso. Outra imaxe negativa é o personaxe de Alejandro Fernández, ese emigrante implacable, convencido do seu propio valor e posuído pola súa superioridade, retratado por Unamuno en *Todo un hombre*, levado á pantalla en varias ocasións (Rafael Gil, 1971, Rafael Villaseñor, 1983).

Outras veces, o recurso ó indiano rico, presuntuoso e petulante será o único xeito de saír da miseria cotiá e resolve-la vida material dos protagonistas, como en *La maja del capote* (Fernando Delgado, 1943), no que MariBlanca (Estrellita Castro), para axuda-los seus pais, casa cun indiano rico a pesar de estar namorada dun toureiro. Do mesmo xeito, en *La loca de la casa* (Luis R. Alonso, 1926), Victoria renuncia á vocación de monxa e casa cun avaro indiano, antigo obreiro da casa.

Son escasísimos os personaxes de indianos no cinema da democracia; cando aparecen son retratados con máis realismo e mesmo, ás veces, con crueldade, como a visión irónica do “hortera” retornado da Arxentina que fai Miguel Castelo en *Macana de dote, che* (1990). E o “Birutas” de *Sempre Xonxa* (Chano Piñeiro, 1989), que enganará o seu mellor amigo da infancia para viola-la súa muller.

Aproximación ás imaxes...

Unha curiosa achega é *Grande de Cuba* (Beatriz del Monte, 1996), onde o mito de Cuba como paradigma da liberdade e do soño liberador consegue encher de música e cor a reducida cela dunha prisión.

O PERDEDOR

A imaxe do indiano derrotado aparecerá realmente no cinema da democracia cando xa finalizara o ciclo migratorio. O retrato máis conseguido da imaxe dos retornados estaría na secuencia do desembarque de emigrantes de *O pai de Migueliño* (Miguel Castelo, 1977). Nela, a través dos ollos dun neno, descubrímo-las características físicas do estereotipo do indiano triunfador: traxe, paxarela ou gravata, leontina, sombreiro de *pajilla*, etc., ata que se atopa coa imaxe do seu pai, un perdedor. Ou no xesto demudado e roto de Pancho trala súa penosa estadía en México enganado polo seu amigo en *Sempre Xonxa* (Chano Piñeiro, 1989). En *Gallego* (Manuel Octavio Gómez, 1988), o fugaz retorno de Manuel á súa casa natal tampouco será especialmente feliz. E “o arxentino”, xefe dos bandoleiros da fronteira de *La ley de la frontera* (Adolfo Aristarain, 1995), conformará un peculiar tipo humano a medio camiño entre retornado e inmigrante.

O retorno da fortuna ultramarina dun emigrante é tratado con lirismo en *Mamasunción* (Chano Piñeiro, 1984); nela, a volta simbólica do diñeiro vén a significar en realidade o fracaso vital e social de todo un pobo.

Resumo

APROXIMACIÓN ÁS IMAXES DO INDIANO NO CINEMA ESPAÑOL

Manuel González Álvarez

A imaxe do indiano retornado foi recorrente no cinema español, especialmente nas películas producidas ata os anos 60. A imaxe maioritaria no cine español é a do emigrado triunfador, cunha visión folclórica, positiva e conformista da emigración. Só coa reinstauración da democracia aparecen os primeiros estereotipos de emigrantes fracasados ou claramente negativos. A desaparición do arquetipo do indiano no cinema español é paralela á emerxencia de novos personaxes: o exiliado político e o inmigrante.

Palabras clave:

Emigrante retornado, imaxe social, estereotipo cinematográfico.

Resumen

APROXIMACIÓN A LAS IMÁGENES DEL INDIANO EN EL CINEMA ESPAÑOL

Manuel González Álvarez

La imagen del indiano retornado fue recurrente en el cine español, especialmente en las películas producidas hasta los años 60. La imagen mayoritaria en el cine español es la del emigrante triunfador, con una visión folclórica, positiva y conformista de la emigración. Sólo con la reinstauración de la democracia aparecen los primeros estereotipos de emigrantes fracasados o claramente negativos. La desaparición del arquetipo del indiano en el cine español es paralela a la emergencia de nuevos personajes: el exiliado político y el inmigrante.

Palabras clave:

Emigrante retornado, imagen social, estereotipo cinematográfico.

Résumé

UNE APPROCHE DES IMAGES DE L'INDIEN DANS LE CINÉMA ESPAGNOL

Manuel González Álvarez

Le personnage de l'*indien* de retour fut une image récurrente du cinéma espagnol, particulièrement des films qui sont sortis jusqu'aux années 60. L'image principale que renvoie ce cinéma est celle du retour triomphal de l'émigrant, avec une vision folklorique, positive et conformiste de l'émigration. Ce n'est qu'avec le rétablissement de la démocratie qu'apparaissent les premiers stéréotypes d'émigrants "ratés" ou encore des images absolument négatives. La disparition de l'archétype de l'*indien* dans le cinéma espagnol est parallèle à l'émergence de nouveaux personnages: l'exilé politique et l'immigrant.

Mots clé:

Émigrant de retour, image sociale, stéréotype cinématographique.

Aproximación ás imaxes...

Summary

AN APPROACH TO IMAGES OF THE "INDIANO" IN THE SPANISH CINEMA

Manuel González Álvarez

The image of the "Indiano" returned from abroad was a recurrent one in Spanish cinema, particularly in films produced up to the '60s. The most popular image in Spanish cinema is that of the triumphant emigrant and offers a quaint, positive, conformist view of emigration. Only with the restoration of democracy did the first representations of unsuccessful or evidently negative emigrants begin to appear. The disappearance of the figure of the "Indiano" in Spanish cinema coincides with the emergence of new character types: the political exile and the immigrant.

Keywords:

Emigrant who returned, social image, film stereotype.

Curriculo

MANUEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ. Licenciado en Psicología pola Universidade Complutense de Madrid. Fundador e director da Escola de Imaxe e Son de Galicia (1990-1998). Productor e realizador de curtametraxes e series de televisión. Publicacións: *Documentos para a Historia do cine en Galicia (1970-1990)*, editado en 1991 pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e "Cine, Galicia y emigración" en *Historia do cine en Galicia*, ed. Vía Láctea, 1997. Recuperación e restauración de varias películas cinematográficas: *Un viaje por Galicia* (longametraxe, 1929), *Porriño en Buenos Aires* (1927), *Imaxes de Castelao* (VV.AA.) e numerosos documentais da emigración galega depositados no CGAI (1993-97). Estudio e catalogación dos fondos cinematográficos relacionados con Galicia producidos en América (1989-99), con estadias en Arxentina, Uruguai, Venezuela, Cuba e México. Premio de Honra "Fernando Rey" de AGAPI (Asociación Galega de Productoras Independentes) en 1999 pola súa traxectoria no audiovisual.

RELATOS DE RETORNO: IMAXES DUN CALIDOSCOPIO

Beatriz Ruiz

A METODOLOXÍA CUALITATIVA E AS HISTORIAS DE VIDA

Toda investigación parte da presunción dun problema social previo. Non se fai investigación fóra do mundo. Estamos abocados a pensar dentro dunhas coordenadas políticas, sociais e económicas. É obvio que o tema das migracións ou, por falar máis asepticamente, o tema dos movementos de poboación é considerado hoxe coma un problema social.

Pero tamén podemos enfoca-lo tema dende outra perspectiva. ¿Partimos dun problema social ou partimos do que o antropólogo Malinowski formula como problemas relevantes dende o punto de vista social e dende o punto de vista teórico? Ampliamos pois a cualificación política dun fenómeno social, aínda que non a esquecemos, e analizámolo tamén á luz da relevancia teórica, dende un punto de vista científico.

Nun proxecto de investigación, como o que realicei sobre mulleres galegas en Europa, de onde provén a información que utilizarei a seguir, pártese dunhas preguntas e dunhas hipóteses concretas. Sen embargo, nas historias de vida, metodoloxía que se seguiu neste traballo, unha vez que estas se deixan repousar, atópanse moitas máis cousas que respostas ás preguntas iniciais. Isto veume sucedendo con este traballo nas sucesivas veces que volvín a el. Non é casualidade; a metodoloxía cualitativa e as historias de vida teñen unha gran capacidade heurística, de descubrimento¹.

A aproximación cuantitativa tende a pór como presuposto metodolóxico fundamental a obtención da maior cantidade de representatividade; sen embargo, isto obriga a ser reduccionista en tres aspectos: 1. Reducción de variables que entran en xogo. 2. Reducción disciplinaria, é dicir, o enfoque dende un único punto de vista. 3. Reducción conceptual.

A busca da significación fai, con todo, que a aproximación cualitativa sexa, necesariamente, holista, é dicir, que queira, de xeito relevante, poñer en articulación moitas variables, moitas disciplinas e moitas baterías de conceptos

1. RUIZ, Beatriz (1999): "Anthropologie: science et philosophie". *Diogène*, nº. 188 (monográfico: *L'anthropologie, science malgré elle? Vocation scientifique et responsabilité historique*), 97-111.

provenientes de moitas ciencias. A vantaxe da aproximación cualitativa é que utiliza unha serie de metodoloxías, como as historias de vida, que recollen moita máis información que datos (información articulada a teorías). Así as historias de vida recollidas afrontan respostas a moitas máis preguntas que as que formulamos como preguntas de investigación iniciais. Esta é razón do título deste relatorio “Imaxes dun calidoscopio”; as nosas vidas son como calidoscopios capaces de ofrecer múltiples imaxes con só xiralos un pouco.

Unha nova lectura das historias, despois de case tres anos para preparar este relatorio, fixo aparecer como por “arte de ciencia”, como por “lei de vida”, unha nova serie de preguntas. Na orixe do traballo, dúas preguntas dinamizaron a recollida deses relatos de vida que presento: as relacións entre a emigración europea de mulleres galegas e a construción das identidades nacionais, por unha banda; e as relacións entre emigración e reprodución social, pola outra. No primeiro caso, o que me interesaba era ver como tiñan lugar na vida das persoas as identidades complexas, que, xunto ás identidades simples, dan significación ó mundo de hoxe. No segundo caso, na relación entre emigración e reprodución social, a pregunta fundamental á que me propuña darlle resposta era cómo se articulaban os procesos productivos e os reproductivos, fundamentalmente no que se refire á organización familiar nas migracións.

Nese momento, o que me preguntetei foi, primeiro, cómo nas historias de vida dos emigrantes se constrúen dous procesos opostos: por un lado, prodúcese unha conxelación de imaxes no momento en que se inicia o proceso migratorio; por outro, a propia vida e o espacio social constrúense como proceso en continuo cambio.

En segundo lugar, o que me interesou foi ver cómo se produce a articulación entre dous tipos de identidades de distinta orde, a identidade complexa de emigrantes retornados e a identidade de xénero. Pasemos xa á análise da primeira das cuestións.

O PROBLEMA DA IDENTIDADE: IMAXES CONXELADAS VERSUS RELATOS DE PROCESOS

Vou desenvolver algúns aspectos dos seis relatos de vida que me parece que amosan, dun xeito dinámico, a complexidade do concepto tan manido, e ás veces tan estático, de identidade².

2. CASTELLS, Manuel (1998): *La era de la información: Economía, sociedad y cultura*. Vol. 2: *El poder de la identidad*, Madrid, Alianza. Ver tamén a recensión sobre o libro en RUIZ, Beatriz (1998): “El poder de la identidad”, *Estudios Migratorios* nº. 6, 211-214. Ver tamén o debate ó redor desa mesma obra en VV.AA. (1999): “A propósito de la obra de Manuel Castells: La era de la información. Economía, sociedad y cultura”, *Reis*, nº. 86, 367-395.

Parece que cando preguntamos acerca da identidade estémonos a referir ás esencias: ¿que somos? Sen embargo, se lles preguntamos ás persoas presentes ¿que son?, probablemente non nos poidan dar unha resposta unívoca e coherente. As imaxes que proxectamos e temos de nós mesmos non son formais nin newtonianas; quizais si sexan o que a lóxica fuzzi chama “borrosas”, o que a física moderna chama cuánticas ou o que a química chama complexas³. Lendo as historias relatadas polas protagonistas, tería que dicir que as imaxes actuais dos e das retornadas están proxectadas por un calidoscopio.

Temos unha imaxe múltiple formada por múltiples retallos; sen embargo, xiramos un pouco o calidoscopio e amósasenos unha imaxe un pouco diferente. Quizais sexa esta unha forma un pouco poética ou literaria de dicir algo en que concordan tódalas entrevistadas: non se ven de igual xeito as cousas cando veñen de vacacións que cando retornan. Quizais isto se produza cando se cruzan as imaxes das retornadas coas imaxes dos que quedaron. Esta nova imaxe do calidoscopio podería ofrecer interesantes reflexións; non se trataría de ver como os que se quedan ven os retornados, senón de como os retornados ven os que quedaron. Nalgúns casos, desta nova perspectiva tíranse algunhas conclusións, non tan poéticas e bucólicas, que conectan o tema do retorno co tema da emigración. O retorno é ás veces unha nova e peor emigración, que se ve traspasada por matices xenófobos. Esa imaxe de folletín que amosan algúns programas da televisión galega non se corresponde coa realidade; non nos atopamos cunha familia unida, que lle abre os brazos ó galego ou galega retornada; en moitas ocasións o retorno amosa un conflito en que parentes e veciños, lonxe de berrar emocionados pola volta do compatriota, dan gritos pero noutro sentido: ¡“alemana”, “francesa”, “suíza”, vaite á túa terra! Pero, ¿cal é a terra dos retornados?, ¿onde radica a súa identidade? Isto é o que pasaremos a ver brevemente.

*O caso de Rosaura: galega, cubana, grega, madrileña, galega.
O paraíso perdido galego*

A infancia de Rosaura está arroupada por unha colcha de retallos cosidos amorosamente, durante dúas xeracións, por emigrantes galegos en Cuba. Esta imaxe do calidoscopio, ou por dicilo nunha linguaxe máis doméstica, este labor de *patchwork*, cubriu a vida de tres xeracións de galegos en Cuba. Dende esa primeira imaxe dun galego todo vestido de branco, nun barco de escravos:

3. RUIZ, Beatriz: “Anthropologie: science et philosophie”..., cit.

Relatos de retorno...

Mira [conta Rosaura] tu abuelo era de Orense [relataba na infancia de Rosaura unha tía], de allí donde son los afiladores de tijeras... Llegó aquí a Cuba con una maletita de estas de cartón, y en un barco de esclavos. En un barco de esclavos y él claro, nunca había visto un negro y él venía aterrorizado. Venía aterrorizado, ahí en ese barco... y ya la hora que llegan allí, que empiezan a descargar, estos negros iban cargados de paja y todas esas cosas y dice que uno de ellos le cogió su maletita, para llevársela y él le dijo: –“no, no déjala ahí”. Y como el iba vestido de blanco, porque hacía mucho calor..., le hicieron un gorrito y tal..., y le pasó el negro así por al lado... Esta es una anécdota muy bonita, que está escrita, porque él la contó luego en una carta, que tiene allá en Cuba mi tía, y dijo: –“¡Ah, cómo me ha puesto!”, porque se creía que le había desteñado, y el negro se acercó a él y le dijo que tocara, que él no..., no manchaba, no desteñía. Y él con el dedo fue y tocó.

A infancia de Rosaura foi, como ela di: “Una infancia maravillosa, una infancia de amor, una infancia de..., hablando siempre de la emigración”. Decía o pai de Rosaura: “Yo no quisiera que ustedes nunca emigraran, pero bueno, ya que nacisteis aquí, no sé si llevaros a España, o que os quedéis aquí, pero me gustaría que uno de mis hijos retornara a España, y que allí plantase raíces, las que tuve que arrancar”.

Pasaron os anos e Rosaura casou cun galego, un galego que, segundo a familia de Rosaura, tiña olor a Galicia, e con el sae de Cuba dun xeito un pouco dificultoso, pero esta é outra imaxe do calidoscopio.

E chega a Madrid, o primeiro lugar que pisa no retorno, e alá atopa, en palabras de Rosaura, “una sociedad un poco rara, a mi ver”, aínda que “yo nunca me sentí extraña en España, ¡nunca me sentí extranjera!”. Pero atópase co que ela chama unha sociedade opulenta..., e ela soa (quedara co marido de atoparse en Madrid, aínda que ó principio non se atopan), soa como ela di: “Como Penélope en la estación, con su bolsito de piel marrón...”.

E de Madrid a Galicia:

La llegada a Galicia fue maravillosa, maravillosa, me sentí maravillosa, me sentí muy emocionada. Era una cosa inexplicable ¿sabes?, una cosa que no te podría explicar, como cuando regresé a Cuba, que no me lo podía explicar, parecía como si me hubieran dado un mazazo en la cabeza, y mi mamá decía: –“Déjenla tranquila y no la agobien, que es normal que se sienta así”. No hablaba, era todo así una cosa..., no podía, no sabía quién era yo. Eso es terrible, la emigración es terrible, el salir de tu patria e irte a otro sitio, estar aquí y luego volver, después de tantos años, eso es terrible, eso es horrible, no se lo deseo a nadie. Me sentí muy mal, que quieres que te diga, tremendamente mal, porque no sabes de donde eres. En Cuba me llamaban española y yo era nacida allí,

cubana, y entonces te sientes mal, porque sí soy española, porque lo llevo en la sangre, pero también nací allí, porque nací allí y soy también de allí. Además, tú fíjate, date cuenta que nosotros también tenemos antepasados japoneses, porque mi tatarabuelo coruñés se casó con una japonesa.

Cuando llego a Galicia empiezo a conocer los sitios donde habían estado mis padres, mis familiares y cosas..., y bueno, hay cosas que me chocan y hay cosas que me dan mucha tristeza. Veo esta parte de Galicia tan entrañable, tan entrañable, pero tan dejada. Llego aquí y me encuentro con esa Galicia, que se me hablaba que era un paraíso, y llego aquí y digo yo: “¿Pero qué es esto? No es tanto”, y se lo digo a mis padres. –“Habrá cambiado”, dice mi padre.

A volta a Galicia é de paso, pois o seu destino último é Grecia; alí botan uns anos, retornan a Madrid e, tras pasar uns anos alí, volven definitivamente a Galicia, a unha vila da provincia de Pontevedra. Alá atopan moitas dificultades de adaptación, dificultades que teñen que ver en parte coa organización reproductiva. Pero non me interesa neste momento abordar esa imaxe do calidoscopio; logo volveremos sobre ela.

A filla de Rosaura. O paraíso perdido cubano

Quero presentar agora como, tralo paraíso perdido que representa Galicia para Rosaura, acontece o mesmo para a súa filla co paraíso que Cuba representa para Rosaura; a mesma sensación que ten Rosaura ó contrasta-las imaxes ofrecidas polos seus antepasados de Galicia, coa Galicia en vivo e en directo, tenas a súa filla ó contrasta-las imaxes paradisíacas de Cuba que lle ofrece a súa nai, cando as dúas viaxan alí. Os paraísos son estáticos, non cambian.

Cuando vuelvo a Cuba con mi hija. Porque mi madre estaba... La primera vez que vuelvo después de veintitantos años. Aquello fue terrible, me encuentro... Lo primero que hago cuando me bajo en el aeropuerto, por supuesto, es besar mi tierra, y claro, me encuentro, me encuentro rara. Me encuentro y digo: ¿Pero quién soy yo?, me encuentro como una extraterrestre, es algo que no se puede decir con palabras, llegué aquí enferma, con decírtelo. Bueno llego allí y lo noto todo tan cambiado, tan diferente, el olor, las cosas. Inclusive, que también hueles diferente y ellos te huelen, porque eso es así, eso es muy importante...

Ella [di Rosaura referíndose á súa filla], ella te podría hablar de..., como hija de una cubana, nacida en España, cuando regresa a Cuba a conocer la patria de su madre, porque yo conocí la de mi abuelo. ¡Lo que le pasó a ella!, porque yo le contaba toda la vida de mi padre, de mi familia, tan linda, porque fue una

Relatos de retorno...

vida tan bonita..., y luego ella llega allí, y no es nada de lo que yo le conté. Pues me lo echó en cara, me lo echó en cara, me lo echó en cara. ¡Pero mamá ¿qué es esto?! Y lloraba claro. Por supuesto de las cosas que vió, porque yo le enseñé, le enseñé varios sitios... y ahora están totalmente destrozados. Mamá, me decía, si tu me lo contaste todo tan bello...

A historia de Carmen

A historia de Rosaura amosa os conflitos e as distintas imaxes que ofrece a identidade multicultural. Outra das historias, a de Carmen, amosa outra identidade conflictiva, esta vez de tipo político ou relixioso.

Nas historias, unha das preguntas versaban sobre cómo vían o proceso de transición democrática e de formación das nacionalidades dentro do Estado español. Pero Carmen, con máis de oitenta anos de vida, viviu outro proceso histórico moi importante: a Guerra Civil e a formación do que se chamou as dúas Españas, outro conflito de identidades formado sobre as ideas que se asentaban sobre un mesmo territorio. Sen embargo, esta superposición de identidades parece que se esqueceu fronte á superposición que supón a idea dun estado español e outras nacións. Unha nova imaxe do calidoscopio. A resposta a ¿quen é Carmen? non vén dada exclusivamente por este enfrontamento entre dúas ideas de España; a esta complexidade engádeselle outra, a da diversidade relixiosa. Nin nacional nin católica, republicana e evanxelista.

Carmen é un produto da outra España, da que non se identificaba co nacional-catolicismo. Á historia de Carmen, que desenvolvín nunha conferencia impartida nas xornadas de antropoloxía da UNED de Ferrol, engádenselle outras “complexidades” de tipo teórico. Estamos afeitos na academia a manexar conceptos un pouco monolíticos; ás veces falamos de emigración e outras (menos) falamos de exilio. A historia de Carmen abre un novo campo de investigación e ofrece un novo xiro no noso calidoscopio que amosa unha imaxe totalmente distinta, onde ámbolos conceptos, o de emigración e o de exilio, non parecen tan distantes, máis ben aparecen moi mesturados. O título que lle dei á miña conferencia sobre a historia de Carmen foi: “La construcción social del exilio... y la emigración”. Despois de formular esta hipótese de articulación entre exilio e emigración⁴ comezan a xurdir casos similares, e cando cruzamos variables como emigración e

4. MARTINEZ VEIGA, Ubaldo (1997): *La integración social de los inmigrantes extranjeros en España*, Madrid, Trotta.

opcións políticas xorden novos campos de investigación. Pero vaíamos coa historia de Carmen.

Tras unha infancia un pouco infeliz, coa morte da nai e o casamento do pai cunha tía –irmá da nai–, e unha serie de migracións interiores –Irún, Marín (onde de pequena entra en contacto cos evanxelistas)–, chega á adolescencia e trasládase de novo a Irún a vivir coa súa irmá, unha irmá que se “criara” nun convento de monxas. O conflito relixioso xorde inmediatamente. Como Carmen mantén a súa independencia relixiosa, unha das súas irmás burlase dela e métena mediante engano nun convento que, pola descrición que ela fai, parece máis un cárcere que un convento de monxas. Imaxes que nos ofrece Carmen e que nos lembran eses conventos de arrependidas, verdadeiros cárceres de mulleres dos que tan maxistralmente nos falaba, entre outros, Benito Pérez Galdós⁵.

Tras esta experiencia desgraciada, que presaxia, pola intolerancia, a Guerra Civil, Carmen participa do éxodo ó que se viu abocada unha gran parte da poboación. Así, relátanos unha guerra, vista dende o punto de vista das mulleres, centrada na fuxida e na busca de comida; o camiño cara a Valencia que fixeron moitos é tamén relatado por Carmen...

Neste contexto namórase dun militar republicano, que é fusilado ó remata-la guerra; uns días despois Carmen ten o fillo de ambos e vese obrigada a traballar nun hospital de tuberculosos, baixo as ordes das monxas outra vez, mentres o seu fillo, ó que ela vai ver continuamente, é criado no hospicio, ata que “retorna” a Galicia, ó seo da familia do seu pai, onde a irmá que a enganou para metela nun convento antes da Guerra Civil, “retornada” tamén ó seu lugar de orixe, amárgalle a vida.

Tras máis de vinte anos de amorosa vida familiar, ten a posibilidade de enfrontarse ó “horror da emigración”. Así, Carmen sae ela soa, valentemente, cara a Inglaterra a servir. ¿Horror ou liberación? Creo que á historia de Carmen pódesele aplica-lo retrouso desa canción do grupo coruñés Os diplomáticos de Monte Alto: “Aí vos quedades, aí vos quedades, curas, frades e militares”. Tras anos de vivir na súa patria, pero nunha patria atenazada por unha dictadura, Carmen respira nun país, estranxeiro pero democrático, e ela é feliz na “pérfida Albión”...

O Estado español cambia, prodúcese a transición democrática e Carmen retorna, e o retorno resúltalle inquietante, enganos esta vez por parte do seu fillo e dos bancos, que xogan de maneira indecente coa súa pensión de emigrante...

5. PÉREZ GALDÓS, Benito: *Fortunata y Jacinta*, Madrid, Alianza.

IDENTIDADES DE RETORNADAS E IDENTIDADES DE XÉNERO

Outra articulación de identidades é a que ten que ver coa condición de emigrantes-retornadas e a condición de mulleres. Para formular esta cuestión sigo coa historia de Carmen e despois paso a outras. O que a min me tocou desenvolver nestas xornadas é a “actualidade dos retornados”, neste caso retornadas, e, se atendemos á actualidade, hai un detalle na historia de Carmen que resulta moi significativo.

Historia de Carmen

Tralo relato dunha historia de exilio e emigración, chegamos ó retorno, un retorno conflictivo e dificultoso, con bancos onde se percibe unha certa corrupción nas xestións das pensións dos nosos queridos emigrantes; conflictivo e dificultoso na relación de Carmen co seu fillo, onde, lonxe de ofrecer esa imaxe de brazos abertos e desexos de reencontro que nos ofrecen algunhas imaxes televisivas, o que atopamos son enganos e mesmo roubo, como cando o fillo lle arrebatou a titularidade do piso que Carmen comprou traballando en Inglaterra.

Pero, ó que me quero referir, en concreto e agora, é ó que esbozaba ó comezar a falar de Carmen neste artigo. Tras unha guerra civil, tras unha dictadura, tras unha transición democrática, ¿con que se atopan as mulleres retornadas?: co que tódalas demais, cunha sociedade en moitos aspectos machista e maltratadora.

Así, a historia de Carmen remata dun xeito, dende o meu punto de vista, inquietante. No contexto do relato de como foi perdendo, ou lle roubaron, os seus aneis, di: “Yo tenía ocho y ahora tengo éste de casualidad. No es porque me pusiera de casada [llembramos que o seu compañeiro e pai do seu fillo morre fusilado trala Guerra Civil], que no pone nada de casada, me lo regalaron y me lo pusieron ahí, dice: ‘Toma que estás más fea sin un...’”. Tras unha vida como a de Carmen, ela non é nada se non está ligada por un matrimonio católico a un home. Cómpre lembra-la polémica desatada nestes días da primavera-verán de 2000 polas declaracións de Álvarez del Manzano, alcalde de Madrid, e por Manuel Fraga, presidente da Xunta de Galicia, nas que se relacionaban os casos de violencia doméstica coas parellas de feito.

Esta dificultade coa que teñen que enfrontarse as retornadas, a da súa condición de mulleres, nunha sociedade con moitos trazos aínda do pasado patriarcal-nacional-catolicista atopámola non só na historia de Carmen; sen eu quererlo, a actualidade achega datos á miña hipótese.

A historia de Inés

O relato da historia de Inés, emigrante retornada de Alemaña, duns 50 anos, é, en moitos aspectos, parecido. No caso da entrevista a Inés, esta cuestión, a de xénero, aparece no mesmo momento da entrevista, aínda que eu non me decatei ata o final. Aínda que a entrevista se realizou na súa casa, esta tiña un elemento distorsionador de primeira magnitude. A entrevista foi difícil; era complicado saír do concepto de normalidade...: “mi vida es normal”..., “mi trabajo es normal”..., “mi retorno fue normal”. Sen embargo, ó le-la entrevista unha vez transcrita, atópaselle moita significación cando a lemos á luz dun feito moi significativo que ocorreu na realización da entrevista, que durou tres horas: o marido estaba na habitación do lado escoitándoo todo, só saíu do seu agocho ó final. A visión do retorno desta muller queda graficamente reflectida cando describe como a súa vida se viu abocada á do seu marido.

A historia de Inés amosa como a “recuperación” da identidade nacional (se é que se recupera, calquera que sexa a nación) fai perde-la identidade de xénero, que é moito máis forte nos países europeos, onde as mulleres, ademais de traballar, teñen unha autoestima elevada, xa que nesos países os dereitos das mulleres están moito máis consolidados. Deste xeito, Inés pasa, por exemplo, de estar na primeira liña das manifestacións pola reconversión industrial que provocaron a unificación alemana, a un retorno que vén acompañado por unha gran depresión e á solución a esta, xa que, como ela di: “ya voy triunfando con las gallinas”.

Pero escoitemos a Inés:

El retorno fue porque mi marido tuvo la jubilación anticipada. Mi marido ya es otra clase de hombre, muy reservado, mi marido es muy callado, muy de él. Con los alemanes hablaba lo necesario... Entonces íbamos a comprar un día, paseando por ahí, íbamos a correos... y yo pues cuando pasaban señores y señoras, pues buenos días, buenas tardes... y me dice: “Tu conoces a todo el mundo”. Y eran gente, aquella señora sobre todo, que yo conocía de cuando trabajaba en la fábrica, porque yo llegaba a la parada de autobús... y si me dicen buenos días, yo respondo buenos días. Mi marido no es así, llegaba a la parada del autobús y decía “buenos días” ([dío nun ton máis baixo, máis serio, como máis distante], él agarradito a su carterita. Si no le preguntaban a él, no decía nada, metido en sí mismo, porque no le iba eso. Lo mismo con los vecinos de la casa...

Mi marido estuvo siempre con la idea de venir para acá, además tenía a su madre aquí, y eso le tiraba mucho. Lo de él era venir para acá, y claro, yo le decía: ¡adelante! La niña me decía: “¿mamá estás muy segura de querer venir para España?”. Yo le decía: “Yo lo siento, yo sé que se te hace muy difícil”, pero... tenía que comprender. Porque ella, no se quería venir. Y para ser sinceros allí

con una pensión... y luego vivir de lo mío, y aun mandar para mi suegra, para la casa, y ahorrar para las vacaciones, todo no se puede...

Pero a mí ¡se me hizo muy difícil! Yo por animarlo a él, no quise decir nada... Los hijos quedaban allá, los chicos quedaban allá [estes son fillos do seu marido; o marido quedou viúvo cando eran pequenos e volveu á aldea buscar unha muller; a elixida foi Inés, bastante máis nova ca el]. Uno se ha casado y tiene dos niños. El otro no se ha casado, pero se ha ido a vivir con su novia. Y también claro tira un poquito... Yo tuve que dejarlo decidir a él y luego yo le apoyaba. Yo por una parte también tenía ganas de venirme, yo también tengo aquí a mi madre y a mi familia, pero... Allí también tenía yo mi casa.

Llegué aquí y bien, bien... Pero a los dos meses me derrumbé, cogí una angustia, una ansiedad, una cosa de..., de..., de vivir aquí, y así de... Porque las vacaciones son muy bonitas, pero luego cuando empiezas a pensar y ayyy...

Porque aparte de que yo en Alemania trabajaba y cuidaba mi casa... No es que yo hablara con la gente, sino que... por ejemplo, por la mañana, si me levantaba, cuando la niña se iba al colegio, yo hablaba con un vecino, que se asomaba por la ventana o que se iba a su compra, o luego te sentabas a desayunar y por la ventana ya veías, “mira aquellos que se van”, “aquellos que vienen”, “aquellos que hablan”, y ya tienes ese... ¿no?

¡Y aquí venías y...! Mi marido y yo parecíamos el perro grande y el perro hijo, yo iba siempre detrás de él, a donde iba él iba yo. Porque yo no me quería quedar sola en casa. Hoy bueno, ya me voy quedando. Pero al principio, yo no me quería quedar sola para nada. Y claro se iba él solo, y a mí me empezaban a dar unas vueltas por aquí, ¡que mi madre! A veces me iba a casa de mi madre, porque yo no me lo aguantaba yo sola, yo aquí metida, aquí..., no aquí no... Se me habían quitado las ganas de hacer algo, me daba igual, que se cayera aquello para allí, lo otro para acá... Allí yo hacía mis cosas siempre, yo andaba como un carrito siempre, para aquí, y para allá, y sin embargo aquí, me chafé enseguida, yo no sé por qué.

A REPRODUCCIÓN DE REPRODUCTORAS⁶

Historias de Rosaura e a súa filla

A dificultade de adaptación das mulleres no contexto galego-español é explícita tamén no caso de Rosaura, a galega-cubana-madrileña-galega da que

6. Tomo a idea parafraseando a ITURRA, Raúl (1985): “Casamento, ritual e lucro. A produción dos produtores numa aldeia portuguesa (1862-1983)”, *Ler História*, n.º. 5, 59-81.

falamos ó principio. Un dos motivos do retorno, á parte da xubilación do marido, foi o embarazo, nunhas vacacións, da súa filla de 15 anos por parte dun mozo galego. Ante esta situación, Rosaura enfronta a liberalidade ante a maternidade da sociedade cubana co conservadorismo español e galego da súa filla.

Esta cuestión, a da maternidade non desexada e a anticoncepción, aparece tamén noutras historias, cousa nada rara, xa que é un elemento central na vida das mulleres e, en circunstancias de emigración, é un feito que enfronta a nais e fillas; este é o caso da historia de Juana.

Historia de Juana

A historia de Juana pon en conflito unha filla criada en París e a súa nai, socializada na aldea galega e que, aínda que emigrou a París, non “evoluciona”, como di a súa filla. Así, o conflito xeracional, que foi grande –como di Martín Gaité⁷ debido á involución que supuxo nos hábitos reproductivos a dictadura–, convértese –no proceso migratorio a un país tradicionalmente liberal como Francia–, máis ca nun conflito xeracional, nun enorme abismo. Esta relación conflictiva entre Juana e a súa nai orienta todo o relato da historia de vida de Juana e dinamizou o retorno desta á aldea da súa nai como un intento desesperado de mante-la súa independencia parisiense, xa que a nai debía quedar en Francia por motivos de saúde. Pero escoitémo-lo seu relato.

Empecé a tomar la píldora con 23 años, porque me ayudaba con la regla... me había seguido un médico. Y bueno... eran pequeñitas, entonces las había puesto en una cajita en forma de corazón, ¡para disimular!, pero a mi madre le gusta mucho mirar en mi cuarto. Entonces buscando en mi habitación, removiendo en mis cosas, pues encontró la cajita y las pastillas. Entonces, ya cuando llegué vi que el clima estaba mal, y mi padre me hizo así con la mano, como diciendo “¡cuidado!”. Mi madre me dijo: “Juana [a la] cocina”. Y yo dije: “Uhhh, arde”. Y me dijo: “¿qué es esto?”. –“Pues la píldora”. –“¿Para qué tomas eso?”. –“Porque me viene bien y como tengo esa relación con Rafael (que se llamaba mi difunto novio), pues ya se sabe, a lo mejor un día nos apetece hacer el amor”. –“¡Tú estás loca!, tu no eres ninguna puta, eso es de putas”. No se qué..., bueno no me pegó, porque estaba mi padre, porque creo que me pegaba... Y bueno..., no me habló durante un mes, mi madre. Ni me quería

7. MARTÍN GAITE, Carmen (1987): *Usos amorosos de la posguerra española*, Barcelona, Anagrama.

mirar siquiera. Y después, ya se dio por vencida, porque la médica que tenía yo era la misma médica que tenía ella. Nunca le dijo que yo tomaba la píldora, pero cuando mi madre le preguntó, no le dijo nada, pero después me llamó y me dijo: –“Juana ¿tu madre sabe que tomas la píldora?”. –“Sí lo sabe, porque la encontré en mi cuarto”. –“Dile la verdad, dile lo que es”. Entonces otro día que mi madre fue a la médica le volvió a hablar del tema, entonces la médica le dijo: –“Mira yo le aconsejé a tu hija que la tomara, porque tu hija tiene una regla muy dolorosa y tiene esa relación con ese chico, y sabes que tarde o temprano tendrán que tener algo íntimo ¿no?”. –“¡Ah, tu también te pones, tu también te pones...!”. Mi madre fue para Francia, y no evolucionó con Francia, su espíritu quedó en Galicia, en su aldea, no estaba en Francia. Ella..., la mentalidad suya era seguir las tradiciones que había en Galicia, en sus tiempos, no evolucionó con los siglos, ni con la emigración...”

Esta situación de enfrentamento entre dúas “mentalidades” non se dá só nesta cuestión sobre a píldora; hai outro aspecto moito máis grave que tamén se produce e que ten que ver co racismo e a xenofobia, non dos franceses cara ós galegos, senón o racismo da nai de Juana, que ve mal a relación da súa filla cunha amiga de orixe árabe, e o racismo que provoca continuos conflitos co fillo, porque elixiu unha moza de orixe xudía.

Na reunión conxunta coas mulleres para explica-lo meu traballo e en que consistían as entrevistas, Juana comentou que fuxiu de París porque a súa nai quería casala e ela non quería. Lembremos que unha das hipóteses que, expliqueilles, orientaba o traballo de investigación era a articulación que se producía entre procesos migratorios e procesos reproductivos⁸. Escoitemos como o relata na entrevista:

Quando murió Rafael, mi primer novio. Para mí fue muy duro, estuve dos años que no sabía a donde ir. Estuve dos semanas en coma, caí en un sueño y no me desperté. Y según dicen los médicos, me desperté porque mi hermano y mi amiga [a moza de orixe árabe] me iban todos los días a hablar, entonces fue cuando yo salí de allí. Porque mi madre me iba a ver, pero no entendía por qué yo había hecho eso. [¿Pero foi unha cousa voluntaria?, pregunto]. No, no pero ella pensó que fuera voluntario, porque una mujer, según piensa ella, tiene que ser fuerte para todo y no es verdad...

8. Para dous exemplos de estudos sobre procesos migratorios a partir de historias de vida, ver BARNET, Miguel (1981): *Gallego*, Madrid, Alfaguara, e MARSAL, Juan (1972): *Hacer la América. Biografía de un emigrante*, Barcelona, Ariel. Para unha reflexión sobre a metodoloxía das historias de vida ver BUECHLER, Hans e BUECHLER, Judith (1999): “El rol de las historias de vida en antropología”, *Áreas: Revista de Ciencias Sociales*, n.º. 19, 245-264.

Después yo ya estaba sola y no me apetecía conocer a nadie. Entonces hace dos años, cuando aún estaba yo allí, cuando tenía 27 años, pues se dio la casualidad que conoció a una española, que era viuda y tenía una hijo de 32 años soltero. Y bueno, le gustó el chico a mi madre, le gustó mucho y ya le dijo: “Ah, yo tengo una hija” y pum, pum, chimpum, esos rollos todos. Y un día llega a casa: –“Juana, hay un chico ahí que me gustaría presentarte”. Y yo: –“Mamá, no me apetece conocer a nadie”. –“Si mujer, hace tantos años que estás sola y no te das decidido y estás en edad de casarte”... Le di la oportunidad de verlo tres veces, y las tres veces le dije a mi madre –“Mira, te casas tu con él si quieres”. Casi acabamos mal. Al chico le pasaba lo contrario que a mí, antes de tener un carácter fuerte, para enfrentarse a la madre, pues le dejó hacer, y entonces estaba como drogado por el poder de la madre. Y después, yo entonces me vine para Galicia, como veía que ya me mareaba con ese tema, fue una salida. Pero no te vayas a creer, que mismo estando aquí, cuando me llamaba me decía: “No has conocido a nadie..., y por qué no sales...”.

Estas mulleres e homes que viviron a emigración e o retorno, se os escoitamos, seguirán achegando novas hipóteses e construíndo conceptos e teorías coas que poderemos estudia-lo tema migratorio dun xeito científico e empírico, é dicir, en contacto coa realidade, o que nos permitirá tanto entende-lo pasado como proxecta-lo futuro.

Relatos de retorno...

Resumo

RELATOS DE RETORNO: IMAXES DUN CALIDOSCOPIO

Beatriz Ruiz

A partir das entrevistas a mulleres galegas emigrantes a Europa e agora retornadas, a autora aborda o problema da construción da súa identidade. O elemento central do estudio é a análise das contradicións que se producen entre a persistencia das imaxes conxeladas da sociedade de orixe e as transformacións producidas ó longo da súa experiencia migratoria, a través de dúas historias contrapostas: unha nai de orixe galega pero nacida cubana, que se enfrenta, no seu retorno, ó “paraíso” galego dos seus antepasados; e a historia da súa filla, que pola súa vez choca co “paraíso” cubano. Por último sinala un novo conflito de identidades, a identidade de xénero, onde indica as diferencias que se producen entre os países europeos receptores e o retorno ó lugar de orixe, así como a problemática dos dereitos das retornadas como mulleres desde un punto de vista de xénero.

Palabras clave:

Emigrantes galegas, Europa, retornadas, identidade, perspectiva de xénero.

Resumen

RELATOS DE RETORNO: IMÁGENES DE UN CALEIDOSCOPIO

Beatriz Ruiz

A partir de las entrevistas a mujeres gallegas emigrantes a Europa y ahora retornadas, la autora aborda el problema de la construcción de su identidad. El elemento central de estudio es el análisis de las contradicciones que se producen entre la persistencia de las imágenes congeladas de la sociedad de origen y las transformaciones producidas a lo largo de su experiencia migratoria, a través de dos historias contrapuestas: una madre de origen gallego, pero nacida cubana, que se enfrenta a su regreso al “paraíso” gallego de sus antepasados, y la historia de su hija, que a su vez se da de bruces con el “paraíso” cubano. Por último señala un nuevo conflicto de identidades, la identidad de género, donde indica las diferencias que se producen entre los países europeos receptores y el regreso al lugar de origen, así como la problemática de los derechos de las retornadas como mujeres desde un punto de vista de género.

Palabras clave:

Emigrantes gallegas, Europa, retornadas, identidad, perspectiva de género.

Résumé

RÉCITS DE RETOUR: IMAGES D'UN KALÉIDOSCOPE

Beatriz Ruiz

À partir d'interviews de femmes galiciennes émigrées en Europe et maintenant retournées au pays, l'auteur aborde le problème de la construction de leur identité. L'élément central de l'étude est l'analyse des contradictions qui se produisent entre la persistance des images congelées de la société d'origine et les transformations qui se sont produites au long de leur expérience migratoire; ceci à travers la confrontation de deux histoires: une mère d'origine galicienne mais née à Cuba qui, à son retour, affronte le “paradis” galicien de ses ancêtres, et l'histoire de sa fille qui, à son tour,

se casse le nez contre le “paradis” cubain. En dernier lieu, elle signale un nouveau conflit d'identités, l'identité de genre, où elle indique les différences qui se produisent entre les pays européens récepteurs et le retour au lieu d'origine, ainsi que le problème des droits des émigrantes de retour, en tant que femmes.

Mots clé:

Émigrantes galiciennes, Europe, émigrantes de retour, identité, perspective de genre.

Summary

STORIES OF RETURN: IMAGES FROM A KALEIDOSCOPE

Beatriz Ruiz

On the basis of interviews done with Galician women who emigrated to other countries of Europe and subsequently returned, the author approaches the problem of the construction of their identity. The central element of the study is the analysis of the contradictions that emerge between the persistence of frozen images of the society of origin and the changes that take place throughout the migration experience, through two contrasting stories: a mother of Galician origin but born in Cuba, who confronts, on her return, the Galician “paradise” of her forebears, and the story of her daughter, who is in turn faced with the Cuban “paradise”. Finally it points to a new identity conflict, gender identity, indicating the differences that appear between the European host countries and the return to the place of origin, as well as the problems of the rights of the returnees as women from a gender perspective.

Keywords:

Galician emigrant women, Europe, returnees, identity, gender perspective.

Curriculo

BEATRIZ RUIZ FERNÁNDEZ. Doutora en Antropoloxía pola Universidade Autónoma de Madrid (1993), coa tese de doutoramento sobre a articulación da economía doméstica e a economía de mercado no contexto da reconversión industrial en Vigo. Na actualidade é profesora de Filosofía e Antropoloxía na UNED na Coruña e Ferrol. Ten publicados numerosos artigos sobre economía doméstica, traballo, patrimonio, metodoloxía e outros temas. É coordinadora dun número monográfico da revista *Áreas* titulado *Antropología Hoy: Teorías, Técnicas y Tácticas*. Nestes momentos está realizando un traballo de investigación sobre mulleres galegas emigradas a Europa que posteriormente retornaron.

ESTUDIOS MIGRATORIOS
ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 957 202 / 981 557 351
Fax: 981 957 205 / 981 582 985
Enderezo electrónico: aemigracion@consellodacultura.org

ESTUDIOS MIGRATORIOS
ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Distribución:

EDITORIAL GALAXIA
Reconquista 1
36201 Vigo
Teléfono: 986 432 100
Fax: 986 223 205

ESTUDIOS MIGRATORIOS

É unha publicación editada polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, aparecida en decembro de 1995, que desde o número 3 ten unha periodicidade semestral.

A súa finalidade é ser un punto de encontro e reflexión dos investigadores sobre a temática dos movementos migratorios en xeral, e dos galegos en particular, acollendo nas súas páxinas diversas investigacións sobre estes temas.

Aceptámo-lo INTERCAMBIO da nosa revista con todas aquelas revistas que teñan unha temática semellante.

BOLETÍN DE INTERCAMBIO

Sr. D.
Organismo / Empresa
.....
Enderezo
Poboación
País Tfno.
Desexo establecer intercambio de *Estudios Migratorios* coa nosa revista
.....
a partir do número

ESTUDIOS MIGRATORIOS

É unha publicación editada polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, aparecida en decembro de 1995, que desde o número 3 ten unha periodicidade semestral.

A súa finalidade é ser un punto de encontro e reflexión dos investigadores sobre a temática dos movementos migratorios en xeral, e dos galegos en particular, acollendo nas súas páxinas diversas investigacións sobre estes temas.

Número solto: 9 euros / Subscrición anual (2 números): 15 euros.

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Sr. D.
Organismo / Empresa
.....
Enderezo
Poboación
País Tfno.
Desexo subscribirme á revista *Estudios Migratorios*
Prégolles que carguen na miña conta do seguinte xeito:
 contra reembolso
 domiciliación bancaria co número de conta
Banco ou Caixa Nº. de axencia
Enderezo da axencia
Localidade Provincia
Asdo.:

NORMAS PARA A ADMISIÓN DE ORIXINAIS

1. A extensión máxima dos traballos presentados non deberá exceder de 25 páxinas DIN-A4 numeradas, mecanografadas nunha soa cara a dobre espacio, nas que se incluírán gráficos, cadros, mapas e bibliografía. Xunto á copia mecanografada en papel entregarase outra en disquete de 3,5 polgadas, preferiblemente no programa Word. Os artigos serán publicados en idioma galego, pero poden presentarse en calquera outro idioma, preferentemente en castelán ou inglés.
2. Cada texto debe ir acompañado dunha páxina que conteña o título do traballo, nome do autor/a ou autores, enderezo completo –incluíndo o do centro de traballo–, teléfono, enderezo electrónico e un breve currículo. Acompañarase tamén dun resumo (*abstract*), non superior a 100 palabras, que reflecta claramente o contido e o resultado do traballo, e dun máximo de 5 palabras clave (*key words*).
3. Para as referencias bibliográficas os autores poderán optar pola inclusión en nota dos datos completos da obra, ou pola mención en texto do apelido do autor, data e páxina, con remisión a unha bibliografía final das obras citadas.
 - 3.1. Se se opta pola primeira fórmula deberán incluírse os datos de localización completa de cada publicación ou documento citado por vez primeira.
Exemplos:
Apelidos, Nome do autor/a (ano): *Título do libro*, lugar de edición, editorial; pp. ás que se fai referencia.
Apelidos, Nome do autor/a (ano): “Título do artigo”, *Título da Revista*, volume, número, páxinas.
Apelidos, Nome do autor/a (ano): “Título do capítulo”, en Apelidos, Nome do autor/a, *Título do libro*, lugar de edición, editorial; pp. ás que se fai referencia.
As remisións sucesivas a esas mesmas obras faranse de forma abreviada segundo as normas comúns.
 - 3.2. Para o segundo sistema utilizaranse as parénteses no texto na seguinte orde: (Apelidos, ano, páxina ou páxinas das que se trate). Acompañarase, neste caso, dunha lista bibliográfica final, por orde alfabética. Cando as obras dun autor/a aparezan no mesmo ano, engadírase á data una letra (a, b, c, etc.).
 - 3.3. As referencias arquivísticas serán o máis completas posible.
4. Os orixinais enviados a *ESTUDIOS MIGRATORIOS* serán sometidos a revisión, cando menos, de dous avaliadores, seleccionados polo equipo editorial en función dos seus coñecementos sobre a materia de que trata o traballo, de maneira que se garanta o anonimato tanto do autor ou autores como dos avaliadores. A aceptación definitiva dos materiais depende do equipo editorial da revista.
5. Os traballos deberanse enviar a:
Estudios Migratorios. Arquivo da Emigración Galega
Consello da Cultura Galega
Apartado de Correos 773
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 202 / 981 557 351
Fax: 981 957 205 / 981 582 985
Enderezo electrónico: aemigracion@consellodacultura.org
<http://www.consellodacultura.org>



ESTUDIOS

13-52 XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS

Emigración transoceánica de retorno e cambio social na Península Ibérica: algunhas observacións teóricas en perspectiva comparada

53-74 CARINA FRID

Mobilidade transatlántica e circuitos migratorios: perspectivas analíticas e problemas metodolóxicos das migracións de retorno dos españois dende Arxentina (1880-1930)

75-93 ELDA GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Desanda-lo andado: problemas que formula o estudio do retorno dos emigrantes españois ó Brasil

95-121 FRANCISCO ERICE SEBARES

Retorno e retornados da emigración asturiana a América: mitos, estereotipos e realidades

123-140 FERNANDO CARNERO LORENZO

Capital indiano e crecemento económico en Canarias, 1850-1936. Unha primeira aproximación

141-168 ANGELS SOLÀ PARERA

Os "americanos" cataláns e o seu impacto económico en Cataluña ó longo do século XIX

169-192 MIGUEL CABO VILLAVERDE

Os "americanos" e o movemento agrarista (1900-1936)

193-232 RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

Retornados e cambio social no noroeste ourensán

233-254 BERNARDO MAÍZ VÁZQUEZ

Os "retornados de acción" en Ferrolterra (1904-1936)

255-278 ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Os investimentos do retorno como factor de dinamización socioeconómica na Galicia dos últimos anos

279-302 ÓSCAR ÁLVAREZ GILA

Emigrantes e americanos na literatura popular en lingua vasca

303-317 DOLORES VILAVEDRA

A emigración galega a Arxentina na narrativa galega

319-335 ANTONIO GARRIDO MORENO

A imaxe arquitectónica dos indianos galegos

337-346 MANUEL GONZÁLEZ

Aproximación ás imaxes do indiano no cinema español

347-361 BEATRIZ RUIZ

Relatos de retorno: imaxes dun calidoscopio

ISSN 1136-0291



9 771136 029005